PLENO DO PARLAMENTO

17 de outubro de 2017
10.00 horas

PARLAMENTO DE GALICIA

ÍNDICE

Páx.

Convocatoria do Pleno 1
Relación de membros da Cámara 8
Listado para votación 10

Punto 1. Texto lexislativo 13

1.1 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa lexislativa popular, de corresponsabilidade parental e de relacións familiares no cese da convivencia (doc. núm. 339, 10/PPLI-000001).
Publicación da Proposición de lei, BOPG n.º 140, do 05.07.2017 14

1.2 Debate de totalidade do Proxecto de lei de Portos de Galicia (doc. núm. 14376, 10/PL-000005).
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 165, do 30.08.2017
Publicación de emendas á totalidade, BOPG n.º 179, do 21.09.2017 29

1.3 Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, sobre a Proposición de lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia (doc. núm. 13196, 10/PPL-000009) 30

Punto 2. Comparecencias 31

18547 (10/CPP-000036)
Da sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, por petición propia, para dar conta da súa política en materia de paisaxe e ordenación do territorio 32

Punto 3. Mocións 34

3.1 17886 (10/MOC-000049)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de atención ás persoas en situación de dependencia. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 15654, publicada no BOPG nº 174, do 13.09.2017, e debatida na sesión plenaria do 26.09.2017).
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 187, do 05.10.2017 35

3.2 17887 (10/MOC-000050)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas perdas ocasionadas polas extremas condicións climatolóxicas no sector agrario. (Moción, a consecuencia da Interpelación n. 15083, publicada no BOPG nº 174, do 13.09.2017, e debatida na sesión plenaria do 26.09.2017).
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 187, do 05.10.2017 39

3.3 17888 (10/MOC-000051)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón
Sobre a elaboración polo Goberno galego dun novo plan sectorial eólico de Galicia, así como as actuacións que debe levar a cabo mentres non se aprobe. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 15065, publicada no BOPG nº 174, do 13.09.2017, e debatida na sesión plenaria do 26.09.2017).
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 187, do 05.10.2017 42

Punto 4. Proposicións non de lei 47

4.1 1042 (10/PNP-000096)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández Fernández, Raúl e 2 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa execución da liña e das infraestruturas de alta velocidade ferroviaria en Galicia.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 18, do 23.11.2016 48

4.2 5776 (10/PNP-000492)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
González Vázquez, José e 5 máis
Sobre a solicitude polo Goberno galego ao Goberno central da cesión ás comunidades autónomas do rendemento do imposto sobre sucesións e doazóns derivado da obriga real de contribuír, da obriga persoal do causante non residente, así como da adquisición de bens inmobles situados fóra de España, xunto coa delegación das competencias de xestión, recadación, inspección e revisión correspondentes.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 79, do 08.03.2017 52

4.3 8124 (10/PNP-001368)
Grupos Parlamentarios: Popular de Galicia, de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego

De iniciativa popular, sobre a realización por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria das adaptacións necesarias para incluír a obrigatoriedade da materia de Historia da Filosofía como troncal na oferta de bacharelato, así como a demanda ao Goberno do Estado para que propicie nos traballos para o denominado "Pacto educativo" un debate en profundidade sobre a situación da fisolofía no sistema educativo e a necesidade da súa pervivencia 56

4.4 14901 (10/PNP-001193)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e Villares Naveira, Luis
Sobre o establecemento pola Xunta de Galicia, en colaboración cos concellos e a Fegamp, dun plan de mellora da rede de distribución de auga no conxunto do territorio galego.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 170, do 06.09.2017 63

4.5 16414 (10/PNP-001257)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pazos Couñago, José Alberto e 10 máis
Sobre o requirimento polo Goberno galego ao Concello de Vigo do remate da urbanización do contorno do hospital público Álvaro Cunqueiro habilitando, en condicións de igualdade, as prazas de aparcamento en superficie necesarias para o normal funcionamento do centro.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 178, do 20.09.2017 67

4.6 17226 (10/PNP-001299)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da introdución de modificacións en diversos artigos da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 182, do 27.09.2017 71

4.7 17349 (10/PNP-001306)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos danos ocasionados pola seca nas producións agrarias e gandeiras do sur da provincia de Ourense, en particular na produción de castaña, mel e forraxes para o gando.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 187, do 05.10.2017 81

4.8 17987 (10/PNP-001338)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a realización de xestións polo Goberno galego para frear a destrución de emprego, garantir os dereitos laborais e procurar a viabilidade e continuidade da empresa Maderas Iglesias, S.A. nos seus centros de produción do Porriño e Mos.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 187, do 05.10.2017 86

4.9 17997 (10/PNP-001339)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos labores que están a desenvolver os axentes medioambientais.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 187, do 05.10.2017 91

Punto 5. Interpelacións 96

5.1 10194 (10/INT-000431)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel
Sobre o proceso de elaboración do novo Plan forestal de Galicia.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 128, do 14.06.2017 97

5.2 10583 (10/INT-000456)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 6 máis
Sobre a diminución da contía orzamentaria dedicada ás axudas ao Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 136, do 28.06.2017 100

5.3 16633 (10/INT-000565)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre as incidencias detectadas no inicio do curso escolar 2017-2018.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 182, do 27.09.2017 104

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta 108

6.1 18475 (10/POPX-000052)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre a valoración do Goberno galego en relación co número de empresas deslocalizadas de Galicia nos últimos anos 109

6.2 18494 (10/POPX-000053)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández Leiceaga, Xoaquín María
Sobre a avaliación do Goberno galego en relación cos efectos da situación das rías na produción marisqueira 111

6.3 18514 (10/POPX-000054)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis
Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a retirada do Anteproxecto de lei polo que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia 113

Punto 7. Preguntas ao Goberno 115

7.1 14105 (10/POP-001842)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 5 máis
Sobre os cambios políticos que se teñen producido na provincia de Pontevedra nos últimos dous anos.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 165, do 30.08.2017 116

7.2 15290 (10/POP-002030)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Romero Fernández, Cristina Isabel e 6 máis
Sobre a valoración do Goberno galego respecto dos efectos do constante incremento da chegada de turistas a Galicia.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 174, do 13.09.2017 119

7.3 18512 (10/PUP-000110)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pierres López, María Luisa e 5 máis
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da responsabilidade de dotar suficientemente as partidas orzamentarias destinadas á igualdade, así como á violencia de xénero 122

7.4 18515 (10/PUP-000111)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 13 máis
Sobre a campaña publicitaria da Xunta de Galicia #DameGalicia 126

7.5 16652 (10/POP-002105)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón
Sobre a valoración do Goberno galego respecto do impacto social, ambiental e

paisaxístico que tería a execución do proxecto de creación da área deportiva das Costeiras, no concello de Baiona.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 182, do 27.09.2017..... 130

7.6 12962 (10/POP-001581)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Castiñeira Broz, Jaime e 6 máis
Sobre as medidas de bonificación do prezo de venda e da adxudicación en dereito de superficie nos concursos de solo empresarial.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 158, do 04.08.2017..... 134

7.7 16734 (10/POP-002117)
Grupo Parlamentario de En Marea
Casal Vidal, Francisco
Sobre o grao de execución orzamentaria actual no referido ao número de solicitudes aprobadas, así como ao importe total adxudicado, das partidas correspondentes ao tícket eléctrico, destinado a axudar as familias ao pagamento das facturas da luz, así como no referido ás axudas urxentes de tipo social para evitar cortes na subministración de luz e gas a consecuencia do non pagamento de recibos.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 182, do 27.09.2017..... 137

7.8 18482 (10/PUP-000109)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre a posición da Xunta de Galicia en relación co proxecto de reapertura da mina de cobre a ceo aberto de Touro..... 141

7.9 13753 (10/POP-001708)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a calidade asistencial en atención primaria e nos hospitais comarcais despois da modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 165, do 30.08.2017..... 147

7.10 15404 (10/POP-002048)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
López Crespo, Carlos Enrique e 7 máis
Sobre o número de novos permisos de explotación marisqueira convocados para o ano 2017.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 174, do 13.09.2017..... 152

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
10 OUT. 2017
Núm. 5260

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar sesión o próximo día 17 de outubro de 2017, ás 10:00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 10 de outubro de 2017, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto 1. Textos lexislativos

1.1 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa lexislativa popular, de corresponsabilidade parental e de relacións familiares no cese da convivencia (doc. núm. 339, 10/PPLI-000001)
Publicación da Proposición de lei, BOPG n.º 140, do 05.07.2017

1.2 Debate de totalidade do Proxecto de lei de Portos de Galicia (doc. núm. 14376, 10/PL-000005)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 165, do 30.08.2017
Publicación de emendas á totalidade, BOPG n.º 179, do 21.09.2017

1.3 Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, sobre a Proposición de lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia (doc. núm. 13196, 10/PPL-000009)

Punto 2. Comparecencias

18547 (10/CPP-000036)
Da sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, por petición propia, para dar conta da súa política en materia de paisaxe e ordenación do territorio

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
10 OUT. 2017
Núm. 5260

Punto 3. Mocións

3.1 17886 (10/MOC-000049)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de atención ás persoas en situación de dependencia. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 15654, publicada no BOPG nº 174, do 13.09.2017, e debatida na sesión plenaria do 26.09.2017)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 187, do 05.10.2017

3.2 17887 (10/MOC-000050)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas perdas ocasionadas polas extremas condicións climatolóxicas no sector agrario. (Moción, a consecuencia da Interpelación n. 15083, publicada no BOPG nº 174, do 13.09.2017, e debatida na sesión plenaria do 26.09.2017)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 187, do 05.10.2017

3.3 17888 (10/MOC-000051)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón
Sobre a elaboración polo Goberno galego dun novo plan sectorial eólico de Galicia, así como as actuacións que debe levar a cabo mentres non se aprobe. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 15065, publicada no BOPG nº 174, do 13.09.2017, e debatida na sesión plenaria do 26.09.2017)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 187, do 05.10.2017

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 1042 (10/PNP-000096)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández Fernández, Raúl e 2 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa execución da liña e das infraestruturas de alta velocidade ferroviaria en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 18, do 23.11.2016

4.2 5776 (10/PNP-000492)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
González Vázquez, José e 5 máis
Sobre a solicitude polo Goberno galego ao Goberno central da cesión ás

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
10 OUT. 2017
Núm. 5260

comunidades autónomas do rendemento do imposto sobre sucesións e doazóns derivado da obriga real de contribuír, da obriga persoal do causante non residente, así como da adquisición de bens inmobles situados fóra de España, xunto coa delegación das competencias de xestión, recadación, inspección e revisión correspondentes
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 79, do 08.03.2017

4.3 8124 (10/PNP-001368)
Grupos Parlamentarios: Popular de Galicia, de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego
De iniciativa popular, sobre a realización por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria das adaptacións necesarias para incluír a obrigatoriedade da materia de Historia da Filosofía como troncal na oferta de bacharelato, así como a demanda ao Goberno do Estado para que propicie nos traballos para o denominado "Pacto educativo" un debate en profundidade sobre a situación da fisolofía no sistema educativo e a necesidade da súa pervivencia

4.4 14901 (10/PNP-001193)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e Villares Naveira, Luis
Sobre o establecemento pola Xunta de Galicia, en colaboración cos concellos e a Fegamp, dun plan de mellora da rede de distribución de auga no conxunto do territorio galego
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 170, do 06.09.2017

4.5 16414 (10/PNP-001257)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pazos Couñago, José Alberto e 10 máis
Sobre o requirimento polo Goberno galego ao Concello de Vigo do remate da urbanización do contorno do hospital público Álvaro Cunqueiro habilitando, en condicións de igualdade, as prazas de aparcamento en superficie necesarias para o normal funcionamento do centro
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 178, do 20.09.2017

4.6 17226 (10/PNP-001299)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da introdución de modificacións en diversos artigos da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 182, do 27.09.2017

4.7 17349 (10/PNP-001306)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
10 OUT. 2017
Núm. 5260

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos danos ocasionados pola seca nas producións agrarias e gandeiras do sur da provincia de Ourense, en particular na produción de castaña, mel e forraxes para o gando
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 187, do 05.10.2017

4.8 17987 (10/PNP-001338)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a realización de xestións polo Goberno galego para frear a destrución de emprego, garantir os dereitos laborais e procurar a viabilidade e continuidade da empresa Maderas Iglesias, S.A. nos seus centros de produción do Porriño e Mos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 187, do 05.10.2017

4.9 17997 (10/PNP-001339)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos labores que están a desenvolver os axentes medioambientais
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 187, do 05.10.2017

Punto 5. Interpelacións

5.1 10194 (10/INT-000431)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel
Sobre o proceso de elaboración do novo Plan forestal de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 128, do 14.06.2017

5.2 10583 (10/INT-000456)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 6 máis
Sobre a diminución da contía orzamentaria dedicada ás axudas ao Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 136, do 28.06.2017

5.3 16633 (10/INT-000565)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre as incidencias detectadas no inicio do curso escolar 2017-2018
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 182, do 27.09.2017

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
10 OUT. 2017
Núm. 5260

Punto 6. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

6.1 18475 (10/POPX-000052)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre a valoración do Goberno galego en relación co número de empresas deslocalizadas de Galicia nos últimos anos

6.2 18494 (10/POPX-000053)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández Leiceaga, Xoaquín María
Sobre a avaliación do Goberno galego en relación cos efectos da situación das rías na produción marisqueira

6.3 18514 (10/POPX-000054)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis
Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a retirada do Anteproxecto de lei polo que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 14105 (10/POP-001842)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 5 máis
Sobre os cambios políticos que se teñen producido na provincia de Pontevedra nos últimos dous anos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 165, do 30.08.2017

7.2 15290 (10/POP-002030)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Romero Fernández, Cristina Isabel e 6 máis
Sobre a valoración do Goberno galego respecto dos efectos do constante incremento da chegada de turistas a Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 174, do 13.09.2017

7.3 18512 (10/PUP-000110)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
10 OUT. 2017
Núm. 5260

Pierres López, María Luisa e 5 máis
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da responsabilidade de dotar suficientemente as partidas orzamentarias destinadas á igualdade, así como á violencia de xénero

7.4 18515 (10/PUP-000111)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 13 máis
Sobre a campaña publicitaria da Xunta de Galicia #DameGalicia

7.5 16652 (10/POP-002105)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón
Sobre a valoración do Goberno galego respecto do impacto social, ambiental e paisaxístico que tería a execución do proxecto de creación da área deportiva das Costeiras, no concello de Baiona
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 182, do 27.09.2017

7.6 12962 (10/POP-001581)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Castiñeira Broz, Jaime e 6 máis
Sobre as medidas de bonificación do prezo de venda e da adxudicación en dereito de superficie nos concursos de solo empresarial
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 158, do 04.08.2017

7.7 16734 (10/POP-002117)
Grupo Parlamentario de En Marea
Casal Vidal, Francisco
Sobre o grao de execución orzamentaria actual no referido ao número de solicitudes aprobadas, así como ao importe total adxudicado, das partidas correspondentes ao tícket eléctrico, destinado a axudar as familias ao pagamento das facturas da luz, así como no referido ás axudas urxentes de tipo social para evitar cortes na subministración de luz e gas a consecuencia do non pagamento de recibos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 182, do 27.09.2017

7.8 18482 (10/PUP-000109)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre a posición da Xunta de Galicia en relación co proxecto de reapertura da mina de cobre a ceo aberto de Touro

7.9 13753 (10/POP-001708)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
10 OUT. 2017
Núm. 5260

Sobre a calidade asistencial en atención primaria e nos hospitais comarcais despois da modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 165, do 30.08.2017

7.10 15404 (10/POP-002048)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
López Crespo, Carlos Enrique e 7 máis
Sobre o número de novos permisos de explotación marisqueira convocados para o ano 2017
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 174, do 13.09.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria a devandita reunión.

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2017

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Asinado dixitalmente por:
Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente na data 10/10/2017 14:05:22

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia

RELACIÓN DE MEMBROS DE
PLENO DO PARLAMENTO

POR ORDE ALFABÉTICA

Luis Manuel Álvarez Martínez	S
María Encarnación Amigo Díaz	P
María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Raquel Arias Rodríguez	P
Silvestre José Balseiros Guinarte	P
Xosé Luís Bará Torres	BNG
Magdalena Barahona Martín	EM
Moisés Blanco Paradelo	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María de la Concepción Burgo López	S
Marcos Cal Ogando	EM
Diego Calvo Pouso	P
Francisco Casal Vidal	EM
Jaime Castiñeira Broz	P
Luca Chao Pérez	EM
Francisco José Conde López	P
María de los Ángeles Cuña Bóveda	EM
Juan Manuel Díaz Villoslada	S
Teresa Egerique Mosquera	P
Raúl Fernández Fernández	S
César Manuel Fernández Gil	P
Xoaquín María Fernández Leiceaga	S
Martín Fernández Prado	P
María Ángeles García Míguez	P
Carlos Gómez Salgado	P
José González Vázquez	P
José Manuel Lago Peñas	EM
Carlos Enrique López Crespo	P
Abel Fermín Losada Álvarez	S
Beatriz Mato Otero	P
Juan José Merlo Lorenzo	EM
Jacobo Moreira Ferro	P
Antonio Mouriño Villar	P
María Guadalupe Murillo Solís	P
María Isabel Novo Fariña	P
Marta Nóvoa Iglesias	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Alberto Núñez Feijóo	P
José Alberto Pazos Couñago	P
José Manuel Pérez Seco	S
María Luisa Pierres López	S
Ana Belén Pontón Mondelo	BNG
María Montserrat Prado Cores	BNG
Paula Prado del Río	P
Noa Presas Bergantiños	BNG

Pedro Puy Fraga	P
Rosa María Quintana Carballo	P
Paula Quinteiro Araújo	EM
José Antonio Quiroga Díaz	S
José Manuel Rey Varela	P
José Luis Rivas Cruz	BNG
Olalla Rodil Fernández	BNG
Marta Rodríguez Arias	P
María Julia Rodríguez Barreira	P
David Rodríguez Estévez	EM
Moisés Rodríguez Pérez	P
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo	S
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Cristina Isabel Romero Fernández	P
Alfonso Rueda Valenzuela	P
María Soraya Salorio Porral	P
Antón Sánchez García	EM
Miguel Ángel Santalices Vieira	P
Carmen Santos Queiruga	EM
Eva Solla Fernández	EM
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
María Dolores Toja Suárez	S
Julio Torrado Quintela	S
Gonzalo Trenor López	P
Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna	P
Sandra Vázquez Domínguez	P
Paula Vázquez Verao	EM
Daniel Vega Pérez	P
Patricia Vilán Lorenzo	S
Luis Villares Naveira	EM

Relación de deputadas e deputados do Parlamento de Galicia
X Lexislatura

(actualizada 06 de febreiro de 2017)

Para votación por chamamento

APELIDOS E NOME	GP	SI	NON	ABST
1. Álvarez Martínez, Luís Manuel	S			
2. Amigo Díaz, María Encarnación	P			
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	P			
4. Balseiros Guinarte, Silvestre José	P			
5. Bará Torres, Xosé Luís	BNG			
6. Barahona Martín, Magdalena	EM			
7. Blanco Paradelo, Moisés	P			
8. Blanco Rodríguez, Noela	S			
9. Cal Ogando, Marcos	EM			
10. Casal Vidal, Francisco	EM			
11. Castiñeira Broz, Jaime	P			
12. Chao Pérez, Luca	EM			
13. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	EM			
14. Díaz Villoslada, Juan Manuel	S			
15. Egerique Mosquera, Teresa	P			
16. Fernández Fernández, Raúl	S			
17. Fernández Gil, César Manuel	P			
18. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	S			
19. Fernández Prado, Martín	P			
20. García Míguez, María Angeles	P			
21. Gómez Salgado, Carlos	P			
22. González Vázquez, José	P			
23. Lago Peñas, José Manuel	EM			
24. López Crespo, Carlos Enrique	P			
25. Losada Álvarez, Abel Fermín	S			
26. Merlo Lorenzo, Juan José	EM			
27. Moreira Ferro, Jacobo	P			
28. Mouriño Villar, Antonio	P			
29. Murillo Solís, Maria Guadalupe	P			
30. Novo Fariña, María Isabel	P			

31. Nóvoa Iglesias, Marta	P			
32. Nuñez Centeno, Aurelio Alfonso	P			
33. Pazos Couñago, José Alberto	P			
34. Pérez Seco, José Manuel	S			
35. Pierres López, María Luisa	S			
36. Pontón Mondelo, Ana Belen	BNG			
37. Prado Cores, María Montserrat	BNG			
38. Prado del Río, Paula	P			
39. Presas Bergantiños, Noa Olalla	BNG			
40. Puy Fraga, Pedro	P			
41. Quinteiro Araújo, Paula	EM			
42. Quiroga Díaz, José Antonio	S			
43. Rivas Cruz, José Luis	BNG			
44. Rodil Fernández, Olalla	BNG			
45. Rodríguez Arias, Marta	P			
46. Rodríguez Barreira, María Julia	P			
47. Rodríguez Estévez, David	EM			
48. Rodríguez Pérez, Moisés	P			
49. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	S			
50. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	P			
51. Romero Fernández, Cristina Isabel	P			
52. Salorio Porral, María Soraya	P			
53. Sánchez García, Antón	EM			
54. Santos Queiruga, Carmen	EM			
55. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	P			
56. Toja Suárez, María Dolores	S			
57. Torrado Quintela, Julio	S			
58. Trenor López, Gonzalo	P			
59. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	P			
60. Vázquez Domínguez, Sandra	P			
61. Vázquez Verao, Paula	EM			
62. Vega Pérez, Daniel	P			
63. Vilán Lorenzo, Patricia	S			
64. Villares Naveira, Luís	EM			

DEPUTADAS E DEPUTADOS MEMBROS DA XUNTA DE GALICIA				
65. Quintana Carballo, Rosa María	P			
66. Rey Varela, José Manuel	P			
67. Conde López, Francisco José	P			
68. Mato Otero, Beatriz	P			
69. Rueda Valenzuela, Alfonso	P			
70. Núñez Feijoo, Alberto	P			
DEPUTADAS E DEPUTADOS DA MESA DO PARLAMENTO				
71. Burgo López, María de la Concepción	S			
72. Arias Rodríguez, Raquel	P			
73. Solla Fernández, Eva	EM			
74. Calvo Pouso, Diego	P			
75. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P			

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 17.10.2017 Hora: 10:00

Orde do día

1. Textos lexislativos

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 17.10.2017 Hora: 10:00

Orde do día

1.1 Debate de toma en consideraci÷n da Proposici÷n de lei de iniciativa lexislativa popular de corresponsabilidade parental e de relaci÷ns familiares no cese da convivencia (doc. ným. 339, 10/PPLI-000001)

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 17.10.2017 Hora: 10:00

Orde do día

1.1 339(10/PPLI-000001)

Comisi÷n Promotora

Proposici÷n de lei de iniciativa lexislativa popular: lei de corresponsabilidade parental e de relaci÷ns familiares no cese da convivencia

Publicación da admisión a trámite e constitución da Comisión Promotora, 4, 31.10.2016

Publicación da Proposición de lei, 140, 05.07.2017

Exposición das razóns que, a xuízo das persoas asinantes, aconsellan a tramitación e aprobación polo Parlamento de Galicia da presente proposición de lei:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
21 OUT. 2016
Núm. 339

Lei de corresponsabilidade parental e de relacións familiares no cese da convivencia.

Cando os pais e nais envolvidos nunha separación de parella teñen suficiente bo senso para entenderse en canto á crianza e á educación dos seus fillos, conseguindo separar a súa ex-relación de parella da súa parentalidade, a relación dos fillos cos seus respectivos proxenitores non precisa ningunha norma en particular para regulamentar dereitos e deberes dos pais e nais para cos fillos e fillas e os seus dereitos.

Despois da separación de parella, pais, nais, fillos e fillas seguen sendo os mesmos, con todos os dereitos e deberes, especialmente os das nenas e nenos a ser amparados e ter convivencia coas súas nais e pais.

Pero o que se está dando de feito no noso pais é que moitas das parellas en litixio e gran parte das persoas operadoras xurídicas (persoas xuíces, fiscais, avogadas, psicólogas, traballadoras e educadoras sociais, etc) non acertan a comprender e respectar que nin no Código Civil nin na Constitución existe a figura do divorcio de pais con fillos, e que o divorcio é só da parella. O divorcio entre pais - nais e os seus fillos e fillas, foi creado como consecuencia de malas prácticas nos litixios, pero nunca existiu na lei.

Coa defensa da corresponsabilidade parental pretendese que preferentemente os pais e nais dividan dun xeito igualitario ou de acordo coas súas posibilidades, deberes, responsabilidades e dereitos en relación aos fillos e fillas, superando a anacrónica custodia unilateral concedida só a un dos proxenitores, que quedará reservada unicamente para aqueles casos nos que quede acreditado xudicialmente que un proxenitor/a non reúne as condicións para compartir a garda e custodia dos fillos e fillas.

Porque na custodia unilateral, a pesar de que o "proxenitor non custodio" ten o dereito e o deber de fiscalizar ao proxenitor custodio en canto ás condicións en que son criados e educados os fillos, isto raramente acontece na realidade. Na esmagadora maioría dos casos onde se crean os conflitos, o proxenitor non custodio só ten na práctica o dereito de "visitas", na maioría das veces dificultadas, e a obrigación de pagar a pensión.

A división do período de tempo que os cativos e cativas teñen establecido para estar na compañía do pai ou da nai é outro punto no que as ex-parellas en litixio e gran parte dos operadores xurídicos se afastan da realidade. Non comprenden que o máis importante, a referencia a ser preservada, o ideal a ser buscado, é a referencia e a proximidade de ambos na vida da crianza e non o dunha determinada casa. Para a crianza non hai ningún problema en pasar un período de tempo en casas diferentes, senón que, polo contrario, resulta enriquecedor, porque así pode coñecer mellor o xeito de vida e a personalidade de cada un dos pais e nais.

É de resaltar que o movemento pola institución da corresponsabilidade parental é maioritario na sociedade como o demostra que tanto as comunidades autónomas no estado como os países europeos máis avanzados teñen escollido a custodia compartida como modelo máis beneficioso para nenos e nenas.

O propio funcionamento da xustiza, maioritariamente carente do persoal debidamente capacitado para a solución dos problemas de familia, vén sendo a principal fomentadora e responsable da existencia de miles "orfos e orfas de pais vivos" anuais na Galiza. Esta mesma xustiza, co apoio preciso de todos os poderes públicos e da sociedade en xeral, ten a obrigación de extinguir esta distorsión que vén provocando o incremento das mortes de crianzas, do envolvemento con drogas, do fracaso escolar e da exclusión social e da delincuencia, entre outras consecuencias. A convivencia igualitaria con pais e nais é unha base para criar e educar aos nosos fillos nos valores de igualdade cara un futuro e unha sociedade mellor.

ILP

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
21 OUT. 2016
Núm. 339

Lei de corresponsabilidade parental e de relacións familiares no desenvolvemento da convivencia.

Exposición de motivos.

A Asemblea Xeral das Nacións Unidas proclamou a Convención sobre os Dereitos do Neno. Nela obrígase aos Estados a respectar o dereito das persoas menores de idade a manter relacións persoais e contacto directo con ambos proxenitores de modo regular, salvo que fora contrario ao interese superior do menor. O artigo 5 sinala a obrigación dos Estados a respectar as responsabilidades e os dereitos de pais, nais e de familiares de impartir ao neno ou á nena a orientación apropiada á evolución das súas capacidades.

O artigo 18 determina que é responsabilidade primordial de nais e pais a crianza dos fillos e das fillas e obrigación dos estados garantir o exercicio desa responsabilidade.

A Igualdade substancial entre homes e mulleres en todos os ámbitos da vida é unha constante nas democracias máis desenvolvidas, un obxectivo primordial na consecución dunha sociedade máis xusta e igualitaria.

Nun tempo no que o modelo de familia ten cambiado radicalmente especificamente no relacionado coa atención, coidado e formación de fillos e fillas e no que se procura a igualdade entre homes e mulleres en todos os ámbitos da vida, tamén no familiar, é necesario dar resposta a unha realidade social na que miles de nenos e nenas vense afectados pola separación dos seus pais e nais. Son separacións nas que resulta necesario garantir que nenos e nenas segan a ter unha relación axeitada e normalizada cos seus pais, coas súas nais, coas súas familias extensas.

Para dar resposta a esta realidade numerosos países do noso entorno introduciron a corresponsabilidade familiar nas súas lexislacións. No estado, València, Catalunya, Navarra, Aragón e Euskadi contan xa coas súas propias leis.

Segundo a doutrina reiterada do Tribunal Constitucional as comunidades autónomas dotadas de Dereito Civil propio, como é o caso da Comunidade Autónoma Galega poden lexislar sobre institucións conexas coas xa reguladas, segundo os principios informadores peculiares do dereito civil galego e dentro dunha actualización ou innovación dos contidos deste dentro do marco da Convención dos Dereitos do Neno.

En Galicia o artigo 27 do Estatuto de Autonomía establece como unha das súas competencias exclusivas a conservación, modificación e desenvolvemento das institucións do Dereito Civil galego.

A presente lei fundaméntase nos seguintes principios:

1º No dereito das fillas e fillos a medrar e convivir con ambos proxenitores tras unha separación.
2º Na corresponsabilidade parental, que garanta que ambos membros da parella participen de forma igualitaria no coidado, educación e toma de decisións sobre os menores.
3º Na igualdade entre homes e mulleres, que favorece que as relacións entre os proxenitores en función dos seus fillos e fillas se fundamenten no diálogo, respecto e igualdade.
4º No fomento da mediación familiar logo da separación na procura da prevención e resolución pacífica dos conflitos.

CAPÍTULO I.
Disposicións xerais.

Artigo 1. Obxecto e finalidade.
1. Esta lei ten por obxecto regular as relacións familiares nos casos da ruptura da convivencia dos proxenitores con fillos a cargo.
2. A finalidade desta lei é promover unha participación responsable, compartida e igualitaria na crianza e educación dos fillos e fillas por parte dos seus pais e nais.
3. Aos efectos previstos no apartado anterior, fomentarase o acordo entre os proxenitores a través da mediación familiar
4. Facilitarase a participación en programas sociais encamiñados a afrontar nas mellores condicións a separación facendo fincapé na prevención e solución de conflitos.

Artigo 2. Dereitos e deberes.
1. A separación entre os proxenitores non eximirá a estes das súas obrigas para cos fillos e fillas nin lles privará dos dereitos que lles asisten. A participación activa dos proxenitores no coidado e formación dos seus fillos será o garante do cumprimento desas obrigas e deses dereitos.
2. O interese e beneficio dos fillos e fillas é o que se terá en conta para a toma de calquera decisión ou medida que lles afecten.
3. Tras a ruptura da convivencia das persoas proxenitoras as relacións familiares cos fillos e fillas que se establezan respectarán os seguintes principios ou dereitos:
a) Dereito a un contacto directo e habitual onde ambos participen na toma de decisións.
b) Dereito de pais e nais á igualdade nas relacións familiares.
4. O fillo ou filla, sempre que teña suficiente xuízo ou sexa maior de 12 anos, deberá ser oído antes de que se adopte calquera decisión, resolución ou medida que lle afecte.
5. Para o beneficio das persoas menores os dereitos sinalados harmonizaranse de acordo cos principios de liberdade, pacto, información recíproca e lealdade .

CAPÍTULO II.

Acordos en previsión de ruptura da convivencia.
O Convenio Regulador.

Artigo 3. Acordos en previsión da ruptura.

Os membros da parella poderán outorgar, antes ou durante a relación estable, contratos que prevean a ruptura da convivencia e regulen as relacións familiares cos fillos.

2. O contido dese contrato será o mesmo que o sinalado para o plan de coparentalidade ou convenio regulador.

3. Para a validez deses contratos deberán ser outorgados en escritura pública.

4. A mediación poderá ser incluída nese contrato como un compromiso previo á vía xudicial coa finalidade da resolución dos posibles conflitos mediante o diálogo.

5. Este contrato sinalado obrigará ás persoas asinantes aínda que non conteña todos os puntos mínimos dun convenio regulador. A validez do documento referirase a aqueles aspectos acordados.

6. O contrato poderá modificarse tendo en conta os mesmos argumentos válidos para o plan de coparentalidade ou convenio regulador.

Artigo 4. Convenio regulador.

1. Ambas persoas, de xeito conxunto ou individualmente no momento de presentar a demanda de separación, divorcio, nulidade ou procedemento de medidas paternofiliais deberán presentar no xulgado unha proposta de convenio regulador ou plan de coparentalidade.

2. O convenio regulador deberá conter, como mínimo, os seguintes aspectos:

a) O exercicio conxunto da patria potestade dos fillos ou fillas atendendo á corresponsabilidade parental, incluíndo os acordos sobre:

1. ° Xeito de decidir e compartir os aspectos que afecten á súa educación, saúde, benestar e calquera outra cuestión importante para a persoa menor.

2. ° Os tempos de convivencia con cada persoa proxenitora así como a relación e comunicación coa persoa non convivinte. Poderase tamén regular os tempos de relación con cada persoa da familia extensa así como de persoas achegadas.

3. ° Lugar o lugares de residencia dos fillos e fillas indicando cal deles figurará a efectos de empadroamento, que poderá coincidir preferentemente co daquela persoa proxenitora coa que, anualmente, pasen a maior parte do tempo.

4. ° As normas de recollida e entrega das persoas menores nos cambios de garda e custodia, de estancia, relación ou comunicación con elas.

b) A achega, se é procedente, das cargas familiares e dos alimentos, atendendo ás necesidades ordinarias e extraordinarias, á súa periodicidade, xeito de pago, bases de actualización, extinción e garantías no seu caso. A achega basearase nas necesidades das persoas menores, no tempo de permanencia con cada unha das persoas proxenitoras, na capacidade económica destas, na atribución que se realizara do uso da vivenda familiar, na contribución ás cargas familiares, no seu caso, e no lugar

en que se fixara a residencia dos fillos menores comúns.

c) A atribución, se é o caso, do uso da vivenda e enxoval familiares, así como doutras vivendas que, pertencendo a un ou outro membro da parella, foran utilizadas habitualmente no ámbito familiar, cando non se lles tivera dado un destino definitivo, e a duración, o cese e a repercusión que tal atribución teña que ter sobre as cargas familiares, a pensión de alimentos e a pensión por desequilibrio económico.

d) A pensión compensatoria que puidera corresponder.

3. A proposta de convenio regulador poderá tamén conter:

a) A previsión e compromiso de acudir á mediación familiar con carácter previo á vía xudicial, coa finalidade de resolver mediante o diálogo as discrepancias que puidera haber na interpretación e cumprimento do convenio regulador.

b) O inventario e liquidación do réxime económico do matrimonio ou do establecido no pacto de regulación da parella de feito inscrita.

4. Se existira pacto en previsión de ruptura de la convivencia, naqueles aspectos non previstos por el, será complementado polo previsto no presente artigo.

5. O convenio regulador poderá modificarse nos seguintes supostos:

a) Por mutuo acordo das partes.

b) En virtude das causas que consten no propio convenio regulador.

c) A instancia dunha das partes ou do Ministerio Fiscal, cando sobreviñera unha alteración substancial de circunstancias.

d) Por incumprimento grave ou reiterado de xeito inxustificado das obrigacións establecidas no exercicio conxunto da patria potestade.

6. O convenio regulador, as súas modificacións ou a súa extinción producirán efectos cando sexan aprobados xudicialmente, oído o Ministerio Fiscal e, no seu caso, os fillos e fillas menores.

7. O convenio regulador será aprobado pola autoridade xudicial, oídos o Ministerio Fiscal e os menores no seu caso, salvo se é danoso para os fillos e fillas, gravemente prexudicial para unha das partes ou contrario a normas imperativas. Se o convenio regulador non fora aprobado en todo ou en parte, deberá motivarse a resolución denegatoria e se concederá ás partes un prazo de vinte días para que propoñan un novo sobre os aspectos non aprobados. Presentada a nova proposta, a autoridade xudicial resolverá o procedente, completando ou substituíndo en todo ou en parte as propostas das partes.

8. Cando así o aconsellen as novas necesidades dos fillos ou ante o cambio das circunstancias dos proxenitores as medidas conveniadas pola parella ou as adoptadas pola autoridade xudicial poderán ser modificadas xudicialmente ou por un novo

convenio aprobado pola mesma.

9. A autoridade xudicial poderá establecer as garantías reais ou persoais que requira o cumprimento do convenio.

10. Se as partes propoñen un réxime de relación e comunicación dos fillos ou fillas con outros parentes e persoas achegadas, a autoridade xudicial poderá aprobalo, se, previa audiencia de ditas persoas, prestaran o seu consentimento e sempre que fora en interese dos fillos e fillas.

CAPÍTULO III.

Da mediación familiar.

Artigo 5. Da mediación familiar.

1. As persoas proxenitoras poderán someter voluntariamente e en todo momento os seus desacordos a mediación familiar. Será de carácter obrigatorio con anterioridade ás accións xudiciais cando así se tivera pactado expresamente antes da ruptura.
2. Unha vez iniciado o proceso, a autoridade xudicial, a iniciativa propia, ou dunha das partes, aos efectos de facilitar un acordo entre estas, poderá derivalos con carácter obrigatorio a unha sesión informativa de mediación intraxudicial a fin de que sexan informadas sobre ditas medidas, o seu funcionamento e beneficios.
3. En calquera momento do proceso xudicial os proxenitores, de mutuo acordo, poderán solicitar á autoridade xudicial a súa suspensión para someterse a medición familiar, acordándose o tempo necesario para elo. Reanudarase o procedemento xudicial se o solicita calquera das partes ou no caso de alcanzarse un acordo na mediación.

CAPÍTULO IV.

Das medidas xudiciais en defecto de acordo.

Artigo 6. Medidas xudiciais.

1.A falta de acordo entre as partes a autoridade xudicial determinará as medidas que deberán rexer as relacións familiares ás que se refire esta lei ante a ruptura da convivencia.
2. Ditas medidas terán como finalidade:
a) Garantir o exercicio da patria potestade por ambos proxenitores.
b) Asegurar a prestación alimenticia e prover as futuras necesidades dos fillos e fillas.
c) Garantir a continuidade e efectividade do mantemento dos vínculos dos fillos e fillas menores con cada un dos proxenitores, irmáns e irmás, avós e avoas, outros parentes e persoas achegadas.
d) Evitar perturbacións danosas para os fillos e fillas.
3. A autoridade xudicial poderá dispoñer as garantías reais ou persoais necesarias para garantir o cumprimento das medidas adoptadas.
4. O incumprimento grave ou reiterado das medidas aprobadas ou acordadas xudicialmente poderá dar lugar á súa modificación ou a esixencia do seu cumprimento de acordo co previsto nas normas de execución xudicial.

5. As medidas acordadas ou aprobadas xudicialmente poderán ser modificadas do mesmo modo cando tivera sobrevido unha alteración substancial das circunstancias tidas en conta para a súa adopción.

Artigo 7. Garda e custodia dos fillos e fillas.

1. Cada un dos proxenitores por separado, ou ambos de común acordo, poderán solicitar á autoridade xudicial que a garda e custodia dos fillos menores ou incapacitados sexa exercida de forma compartida por ambos ou por un só deles. Dita solicitude deberá ir acompañada dunha proposta fundada do réxime de desenvolvemento da custodia incluíndo a determinación dos períodos de convivencia e relación con cada proxenitor e no seu caso, cos demais parentes e achegados.

2. A oposición á custodia compartida dun dos proxenitores ou as malas relacións entre ambos non serán obstáculo nin motivo suficiente para non outorgar a custodia compartida en interese do/a menor.

3. A autoridade xudicial adoptará de forma preferente a custodia compartida en interese dos fillos menores, salvo que a custodia individual sexa máis conveniente, tendo en conta o plan de coparentalidade que presentase cada un dos proxenitores, e atendendo, ademais, aos seguintes factores:

a) A idade dos fillos e fillas. Nos casos de menores lactantes poderase estudar a posibilidade de establecer un réxime de convivencia provisional que contemple a súa progresiva adaptación as necesidades do/a menor das seguintes etapas evolutivas permitindo o contacto habitual con ámbolos dous proxenitores.

b) A actitude de cada un dos proxenitores para asumir os seus deberes, respectar os dereitos do outro e, en especial, cooperar entre si e garantir a relación dos fillos con ambos os proxenitores e as súas familias extensas.

c) A opinión dos fillos, sempre que teñan suficiente xuízo e, en todo caso, se son maiores de doce anos, con especial consideración aos maiores de catorce anos.

d) A aptitude e vontade dos pais para asegurar a estabilidade dos fillos e fillas, e conseguir que medren nun ambiente que permita a súa formación e educación axeitadas.

e) O arraigo social, escolar e familiar de fillos e fillas.

f) As posibilidades de conciliación da vida familiar e laboral de cada proxenitor.

g) Calquera outra circunstancia de especial relevancia para o réxime de convivencia.

Neste suposto fixarase un réxime de comunicación, estancias ou visitas co outro proxenitor que lle garanta o exercicio das funcións propias da responsabilidade parental e contacto habitual

Así mesmo establecerase un réxime de comunicación con avós e familia extensa do e da menor.

4. Antes de adoptar a súa decisión, as partes poderán aportar, ou a autoridade xudicial, de oficio ou a instancia de parte, recabar informes do servizo de mediación familiar, médicos, sociais ou psicolóxicos de especialistas debidamente cualificados e independentes relativos á idoneidade do modo de exercicio da patria potestade e do réxime de custodia dos e das menores e, no seu caso, sobre a estancia, relación e comunicación destes con cada proxenitor.

5. Nos casos de custodia compartida, a autoridade xudicial fixará un réxime de convivencia de cada un dos pais cos fillos, adaptado ás circunstancias da situación familiar e laboral, que
garanta a ambos proxenitores o exercicio dos seus dereitos e obrigacións en situación de igualdade, para beneficio do e da menor.

6. Salvo circunstancias que o xustifiquen especificamente, non se adoptarán solucións que supoñan a separación dos irmáns.

7. Para a consecución da custodia compartida e en relación á distancia entre os fogares terase en conta non tanto a distancia senón o tempo de desprazamento, equiparándose cos tempos de transporte escolar do centro ou centros educativos de referencia atendendo así á singularidade galega na dispersión poboacional.

Artigo 8. Pensión alimenticia, cargas familiares e gastos extraordinarios.

1.- Ante a falta de acordo entre as persoas proxenitoras a contribución aos gastos ordinarios determinarase en función das necesidades dos fillos e das fillas, a proporción das achegas en función dos recursos económicos das persoas proxenitoras, así como a súa periodicidade, forma de pago e de actualización das anteriores.

2.- Considerararanse gastos ordinarios os que fillos e fillas precisen de xeito habitual e como tal que sexan previsible.

3.- Considerararanse gastos extraordinarios aqueles que se produzan por necesidades imprevisibles e imprescindibles dos fillos e fillas e ademais, os gastos sanitarios non cubertos polo sistema público de saúde ou seguro médico e os educativos ou formativos para actividades non obrigatorias pero sempre que exista acordo sobre

elas. No caso de desacordo será a persoa proxenitora que teña decidido a realización da actividade a que corra cos gastos dela.

Estes gastos serán asumidos polas persoas proxenitoras en proporción directa aos seus recursos económicos.

4.- A obrigación de aboar a prestación alimenticia a fillos e fillas maiores de idade cesará atendeno á normativa legal establecida, podéndose aboar directamente aos fillos ou fillas. Para elo e para que se produza de forma automática só sera necesario o acordo escrito do fillo ou filla e a comunicación de dito acordo á outra parte.

Artigo 9. Réxime de comunicación e estancia.

1. Atendendo ao dereito das persoas menores a convivir ou relacionarase habitualmente con ambas persoas proxenitoras e as súas familias extensas favorecerase que o réxime de comunicación e estancia sexa o máis amplo e continuo posible.

2. Determinaranse o tempo, modo e lugares para o exercicio deste dereito na procuro do mellor benestar da persoa menor.

3. A comunicación coa persoa proxenitora co que nun determinado momento non conviva será diaria a través de diferentes medios ou tecnoloxías. Poderase tamén determinar o dereito de relación con outros parentes e achegados previa audiencia aos medios.

4. Limitarase ou suspenderase o réxime de comunicación ou estancia no caso de que se deran graves circunstancias que así o aconsellen ou se se incumprira dun xeito reiterado ou grave as obrigas impostas por orde xudicial.

5. Non procederá atribuír a garda e custodia dos fillos e fillas nin un réxime de comunicación ou estancia respecto a elas ou eles á persoa proxenitora que fora condenada penalmente por sentenza firme por un delito de violencia doméstica ou de xénero contra o outro membro da parella ou contra os fillos e fillas que convivan con ambos ata a extinción da responsabilidade penal.

6. A autoridade xudicial poderá establecer se o considera conveniente e beneficioso para o menor atendendo á gravidade do delito cometido, á natureza e duración da pena fixada, á reincidencia e perigosidade da persoa proxenitora, un réxime de estancia, relación ou comunicación respecto dos seus fillos ou fillas.

7. No caso de ambos proxenitores non foran idóneos para ostentar a garda e custodia das persoas menores, esta sería atribuída aos familiares ou persoas achegadas máis axeitados para o coidado e atención das persoas menores. No caso de que tampouco

existiran estas persoas serían as institucións públicas galegas as que terían asignada esta función.

CAPITULO V
DESTINO DA VIVENDA

Artigo 10. Atribución do uso da vivenda e do enxoval familiar.

En defecto de acordo dos cónxuxes aprobado pola autoridade xudicial o destino e uso da vivenda e enseres seguirá as seguintes normas:

1º- Como norma procederase á liquidación do domicilio, do enxoval existente no mesmo cando se ostente en cotitularidade e baixo calquera réxime de comunidade de bens, mediante a súa transmisión a unha terceira persoa ou ben mediante a adxudicación da súa propiedade a un dos cónxuxes cotitulares previa compensación da cantidade económica que lle corresponda á outra persoa no proindiviso. En último caso e no interese da menor ou do menor a autoridade xudicial poderá adxudicar o uso da vivenda aos/as menores, en compaña dos seus proxenitores por períodos alternos.

2- Porén, naqueles casos de coparentalidade compartida na que unha das persoas proxenitoras teña a imposibilidade para acceder a unha vivenda, poderase adxudicarlle o uso da mesma por un período de tempo de dous anos, ampliable en doce meses no caso excepcional de persistir tales circunstancias ou similares que deron lugar a esa situación.

3º- No caso de que a custodia das persoas menores sexa outorgada a unha das persoas proxenitoras poderase adxudicar o uso da vivenda ás persoas menores en compaña da persoa proxenitora custodia por un tempo máximo de dous anos mentres se procede á liquidación da vivenda nos mesmos términos do punto anterior.

Poderase atribuír o uso da vivenda a aquel membro da parella que aínda non tendo a garda e custodia das persoas menores tivera maiores dificultades de acceso a outra vivenda tendo en conta que o outro membro da familia teña os recursos suficientes para facer fronte a unha nova.

4º- En caso de vivenda de titularidade privativa dun dos cónxuxes, o seu uso poderá ser atribuído á outra persoa cónxuxe nas mesmas condicións que as sinaladas no punto 2º.

5º- Mentres se mantén a atribución de uso ao cónxuxe que goza do mesmo farase cargo dos gastos derivados de dito uso e no suposto de tratarse dunha vivenda con carga hipotecaria ambas persoas seguirán facendo fronte á mesma na proporción equivalente ás cotas de participación.

No caso de solicitarse unha prórroga no uso da vivenda, esta deberase pedir como máximo 6 meses antes do vencemento do prazo fixado e tramitarase mediante o

procedemento dunha modificación de medidas definitivas.

6º- Cando a autoridade xudicial adxudique o uso da vivenda ás persoas menores en compaña das súas persoas proxenitoras por períodos alternos todos os gastos da vivenda serán sufragados a partes iguais.

7º- En todo caso o cónxuxe que deba abandonar a vivenda que posúa en pro indiviso poderá retirar a súa roupa, efectos e enseres de uso persoal ou profesional levándose a cabo un inventario xudicial daqueles outros de propiedade común.

8º- O dereito de uso da vivenda familiar con todos os seus enseres finalizará:

a) Por decisión tomada entre as partes.
b) Se fora atribuído por razón da custodia dos fillos e fillas e esta se modificara ou porque estes alcanzaran a maioría de idade.
c) Se foi atribuído por razón dunha maior dificultade de acceso dunha das partes á unha vivenda:
- Pola mellora da situación económica da persoa beneficiaria do uso.
- Por matrimonio ou convivencia en parella estable con outra persoa, por parte da beneficiaria do uso.
- Polo transcurso do prazos establecidos para o seu uso.

9º O proxenitor que deba abandoar a vivenda familiar terá dereito á preferencia, valorando a súa necesidade urxente de vivenda, para a adxudicación de vivendas de protección oficial

A revisión xudicial do dereito de uso da vivenda poderá solicitarse a instancia de parte, por cambio de circunstancias relevantes. O exercicio abusivo ou de mala fe do dereito a solicitar a revisión poderá dar lugar a responsabilidades civís ou de carácter patrimonial.

CAPÍTULO VI
Medidas previas ou provisionais e definitivas.

Artigo 11. Medidas previas ou provisionais e definitivas.

1. As medidas previas ou provisionais serán aquelas que poderán solicitar aquelas persoas que queiran anticipar os procedementos previstos no Capítulo primeiro da presente lei e nas que se reflictan os intereses e protección das persoas menores á espera das medidas definitivas emanadas da autoridade xudicial.

2. As medidas adoptadas nesas medidas previas teríase xa en conta o regulado na presente lei.

3. As anteriores medidas poderán ser modificadas xudicialmente ou por acordo das partes converténdose en definitivas.

4. As medidas definitivas adoptadas poderán ser modificadas xudicialmente ou por un novo acordo cando as circunstancias foran alteradas substancialmente.

Disposición transitoria.

A presente lei aplicarase á revisión xudicial dos convenios ou das medidas xudiciais adoptadas con anterioridade á súa entrada en vigor, cando algunha das partes ou o ministerio fiscal o solicite.

Disposición adicional nº 1

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta lei.

Disposición adicional nº 2

Os poderes públicos promoverán programas sociais de preparación, orientación e información para a adquisición de coñecementos e habilidades que propicien a corresponsabilidade parental nunha separación para o mellor coidado, educación e atención de nenos e nenas.

Disposición adicional nº 3

Naquelas situacións familiares onde se esgotaran os prazos para o uso da vivenda e por razóns de precariedade dos membros, os poderes públicos deberán promover medidas sociais encamiñadas á protección das persoas menores afectadas.

Disposición final.

1ª. Ínstase á Xunta de Galicia a ditar cantas disposicións sexan necesarias para o axeitado desenrolo e mellor aplicación desta lei.

2ª A presente lei entrará en vigor aos tres meses da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 17.10.2017 Hora: 10:00

Orde do día

1.2 Debate de totalidade do Proxecto de lei de Portos de Galicia.

14376 (10/PL-000005)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 165, do 30.08.2017
Publicación emendas á totalidade, BOPG nº 179, do 21.09.2017

Vid. Separata núm. 1

PLENO DO PARLAMENTO

17 de outubro de 2017

1.2 Debate de totalidade do Proxecto de lei de Portos de Galicia (doc. núm. 14376, 10/PL-000005)

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 165, do 30.08.2017
Publicación de emendas á totalidade, BOPG n.º 171, do 21.09.2017

Separata núm. 1

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
21 AGO. 2017
SAIDA
Num. 695

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
21 AGO. 2017
Núm. 14 376

Para a súa tramitación polo Parlamento de Galicia achégolle o "**Proxecto de lei de portos de Galicia**", aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 3 de agosto de 2017.

Asemade achégase a certificación expedida polo secretario do Consello co visto e prace do Sr. Presidente da Xunta de Galicia, así como os documentos aos que se refire o artigo 111 do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 21 de agosto de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

XUNTA DE GALICIA · CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA · DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS · REGISTRO XERAL

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA

ALFONSO RUEDA VALENZUELA, VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,

C E R T I F I C O:

Que o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día tres de agosto de dous mil dezasete adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

"Aprobar o *Proxecto de lei de portos de Galicia* e a súa remisión ao Parlamento de Galicia".

E para que conste asino a presente certificación, co Visto e Prace do Sr. Presidente en Santiago de Compostela o tres de agosto de dous mil dezasete.

Vº e Prace
O PRESIDENTE

XUNTA DE GALICIA

PROXECTO DE LEI DE PORTOS DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA - CONSELLERIA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA - SECRETARIA XERAL TÉCNICA

43071

ÍNDICE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

TÍTULO PRELIMINAR
Disposicións xerais

CAPÍTULO I
Obxecto e ámbito de aplicación da Lei

Artigo 1. *Obxecto da Lei*
Artigo 2. *Ámbito de aplicación*

CAPITULO II
Dos portos e instalacións portuarias de Galicia

Artigo 3. *Determinación dos portos competencia da Comunidade Autónoma de Galicia*
Artigo 4. *Definicións*
Artigo 5. *Clasificación*

CAPÍTULO III
Principios xerais

Artigo 6. *Principios xerais de xestión e actuación*

TÍTULO I

Da organización portuaria de Galicia

CAPÍTULO I

Entidade pública empresarial Portos de Galicia

Sección 1ª. Natureza e Funcións

Artigo 7. *Natureza e personalidade*
Artigo 8. *Obxecto*
Artigo 9. *Funcións*
Artigo 10. *Réxime Xurídico*

Sección 2ª. Estrutura administrativa, actos da entidade pública empresarial e dos recursos e reclamacións contra estes

Artigo 11. *Órganos da entidade*
Artigo12. *Presidencia da entidade*
Artigo 13. *O Consello Reitor*
Artigo 14. *Xuntas territoriais*
Artigo 15. A *Dirección*
Artigo 16. *Actos administrativos da entidade pública empresarial. Recursos e reclamacións*
Artigo 17. *Actos non suxeitos a dereito administrativo*
Artigo 18. *Representación e defensa en xuízo da entidade pública empresarial Portos de Galicia*

Sección 3ª. Normas particulares de xestión e explotación

Artigo 19. *Conservación, ampliación e amortización do material e das instalacións*
Artigo 20. *Condicións xerais de contratación*
Artigo 21. *Actividade Inspectora*

Sección 4ª Facenda e patrimonio

Artigo 22. *Facenda*
Artigo 23. *Patrimonio*

Sección 5ª. Réxime financeiro

Artigo 24. *Réxime orzamentario, económico-financeiro, de contabilidade e de control*
Artigo 25. *Tarifas portuarias e outros ingresos de explotación*
Artigo 26. *Efectividade dos créditos e das sancións*

Sección 6ª. Persoal

Artigo 27. *Réxime do persoal*

CAPÍTULO II
Competencias da Administración autonómica

Artigo 28. *Competencias do Consello da Xunta*
Artigo 29. *Atribucións da consellería competente en materia de portos*
Artigo 30. *Atribucións da consellería competente en materia de pesca*
Artigo 31. *Competencias das Consellerías competentes en materia de Economía e Facenda*

TÍTULO II
Planificación, ordenación, obras, medio ambiente e seguridade

CAPITULO I
Planificación portuaria

Artigo 32. *Plans directores de infraestruturas de Portos de Galicia*
Artigo 33. *Determinacións dos plans directores de infraestruturas*

Artigo 34. *Documentación dos plans directores de infraestruturas*
Artigo 35. *Procedemento de aprobación*
Artigo 36. *Revisións ou modificacións dos plans directores de infraestruturas*

CAPÍTULO II
Ordenación urbanística dos portos

Artigo 37. *Planeamento xeral*
Artigo 38. *Plans especiais de ordenación dos portos*
Artigo 39. *Relacións e medidas de coordinación entre a planificación portuaria e o planeamento territorial e urbanístico*

CAPÍTULO III
Proxectos e obras

Artigo 40. *Execución de obras e instalacións.*
Artigo 41. *Construción de novos portos ou instalacións marítimas.*
Artigo 42. *Utilidade pública e necesidade de ocupación.*
Artigo 43. *Obras que afectan á zona de servizo dos portos.*

CAPÍTULO IV
Do medio ambiente e da seguridade

Artigo 44. *Desenvolvemento sostible*
Artigo 45. *Prevención e loita contra a contaminación no dominio público portuario*
Artigo 46. *Recepción de refugallos e residuos procedentes de buque*
Artigo 47. *Obras de dragaxe*
Artigo 48. *Plans de emerxencia e seguridade*

TÍTULO III
Do Dominio público portuario

CAPITULO I
Natureza, extensión e usos do dominio público portuario

Sección 1ª. Natureza, extensión e réxime xurídico

Artigo 49. *Réxime xurídico e determinación do dominio público portuario*
Artigo 50. Adscrición de espazos do dominio público marítimo-terrestre á Comunidade Autónoma

Sección 2ª. Zona de servizo e usos portuarios

Artigo 51. *Delimitación da utilización dos espazos e dos usos portuarios*
Artigo 52. *Modificación da Delimitación da Utilización dos Espazos e dos Usos Portuarios de cada porto*
Artigo 53. *Efectos da Delimitación da utilización dos espazos e dos usos portuarios sobre concesións e autorizacións*
Artigo 54. *Actividades, instalacións e construcións permitidas*
Artigo 55. *Réxime de prohibicións*

CAPITULO II
Utilización do dominio público portuario

Sección 1ª. Disposicións xerais

Artigo 56. *Utilización do dominio público portuario*

Sección 2ª. Autorizacións

Artigo 57. *Clases de autorizacións*
Artigo 58. *Ámbito de aplicación das autorizacións de ocupación do dominio público portuario*

Artigo 59. *Iniciación do procedemento de outorgamento*
Artigo 60. *Requisitos da solicitude*
Artigo 61. *Procedemento de outorgamento*
Artigo 62. *Concursos*
Artigo 63. *Condicións de outorgamento*
Artigo 64. *Prórroga das autorizacións*

Sección 3ª. Concesións

Artigo 65. *Ámbito de aplicación*
Artigo 66. *Prazo das concesións*
Artigo 67. *Iniciación do procedemento de outorgamento de concesións*
Artigo 68. *Requisitos da solicitude*
Artigo 69. *Procedemento de outorgamento*
Artigo 70. *Concursos*
Artigo 71. *Condicións do outorgamento*
Artigo 72. *Modificación das concesións*
Artigo 73. *Revisión de concesións*
Artigo 74. *División e unificación das concesións*
Artigo 75. *Renovación de determinadas concesións*
Artigo 76. *Actos de transmisión e de gravame das concesións*
Artigo 77. *Cesión do uso parcial das concesións*
Artigo 78. *Inscrición no Rexistro*
Artigo 79. *Renuncia parcial á concesión*
Artigo 80. *Declaración de utilidade pública*
Artigo 81. *Terreos e obras incorporados polos concesionarios*
Artigo 82. *Rescate de concesións*
Artigo 83. *Garantía provisional e garantía definitiva*

Sección 4ª. Disposicións comúns a autorizacións e concesións

Artigo 84. *Garantía de explotación*
Artigo 85. *Disposicións comúns ás garantías*

43077

Artigo 86. *Seguros*
Artigo 87. *Causas de extinción de autorizacións e concesións*
Artigo 88. *Revogación de autorizacións e concesións*
Artigo 89. *Caducidade*
Artigo 90. *Efectos da extinción*

Sección 5ª. Contrato de concesión de obras públicas portuarias

Artigo 91. *O contrato de concesión de obras públicas portuarias*

TÍTULO IV
Dos portos deportivos e das zonas portuarias de uso náutico deportivo

CAPITULO I
Disposicións xerais

Artigo 92. *Parámetros de protección, Obxectivos de xestión e condicións básicas*
Artigo 93. *Usos Compartidos*

CAPÍTULO II
Concesións

Artigo 94. *Obxecto*
Artigo 95. *Criterios de outorgamento e concursos*
Artigo 96. *Condicións do outorgamento*

CAPÍTULO III
Regulamentos de explotación dos portos e das zonas portuarias de uso náutico deportivo

Artigo 97. *Obxecto dos regulamentos*
Artigo 98. *Contido dos regulamentos*
Artigo 99. *Réxime de responsabilidades*

CAPÍTULO IV

Réxime aplicable ás autorizacións temporais de uso de postos de atracada outorgadas por Portos de Galicia

Sección 1ª. Procedemento de outorgamento e listas de espera

Artigo 100. *Publicidade do proceso selectivo*
Artigo 101. *Solicitudes*
Artigo 102. *Criterios de adxudicación*
Artigo 103. *Resolución*
Artigo 104. *Listas de espera*

Sección 2ª. Réxime das autorizacións

Artigo 105. *Carácter e prazo de vixencia das autorizacións*
Artigo 106. *Aboamento de Taxas e outras cantidades*

Sección 3ª. Extinción das autorizacións

Artigo 107. *Causas de extinción*
Artigo 108. *Revogación das autorizacións*
Artigo 109. *Caducidade*

TÍTULO V

Réxime xeral da prestación de servizos e do desenvolvemento de actividades comerciais, industriais ou doutra natureza nos portos

CAPITULO I

Dos servizos

Artigo 110. *Servizos prestados nos portos e instalacións marítimas de competencia da Comunidade Autónoma*

CAPÍTULO II
Dos servizos portuarios

Artigo 111. *Concepto e clases de servizos portuarios*
Artigo 112. *Concepto e enumeración dos servizos xerais*
Artigo 113. *Prestación de servizos portuarios xerais*
Artigo 114. *Concepto e clases de servizos portuarios especiais*
Artigo 115. *Prestación de servizos portuarios especiais*
Artigo 116. *Obrigas de servizo público*
Artigo 117. *Utilización dos servizos especiais*
Artigo 118. *Réxime de acceso á prestación de servizos especiais*
Artigo 119. *Contido dos pregos reguladores dos servizos portuarios especiais*
Artigo 120. *Prazo das autorizacións de prestación de servizos portuarios especiais*
Artigo 121. *Extinción das autorizacións de prestación de servizos portuarios xerais*
Artigo 122. *Separación contable*

CAPÍTULO II
Das actividades comerciais e industriais

Artigo 123. *Réxime xeral aplicable ás actividades comerciais, industriais ou doutra natureza prestadas por terceiros*
Artigo 124. *Actividades comerciais, industriais ou doutra natureza prestadas pola entidade pública Portos de Galicia*

TÍTULO VI
Regulamento de Explotación e Policía, Potestades de inspección e seguridade e réxime das sancións

CAPITULO I
Regulamento de explotación e Policía de Portos de Galicia

43080

Artigo 125. *Regulamento de explotación e policía*

CAPITULO II
Potestades de inspección e seguridade

Artigo 126. *Inspección e vixilancia*
Artigo 127. *Abandono de barcos, vehículos e outros obxectos*
Artigo 128. *Medidas para garantir a seguridade nos espazos portuarios*

CAPITULO III
Infraccións

Artigo 129. Concepto e clasificación das infraccións
Artigo 130. Infraccións leves
Artigo 131. *Infraccións graves*
Artigo 132. *Infraccións moi graves*
Artigo 133. *Prescrición*
Artigo 134. *Responsables*

CAPITULO IV
Sancións e outras medidas

Artigo 135. *Principios xerais*
Artigo 136. *Multas*
Artigo 137. *Recoñecemento de responsabilidade*
Artigo 138. *Medidas adicionais*
Artigo 139. *Criterios de graduación*
Artigo 140. *Prescrición das sancións*
Artigo141. *Restitución, reposición e indemnización*
Artigo 142. *Procedemento*
Artigo 143. *Competencia*
Artigo 144. *Medidas provisionais*
Artigo 145. *Execución forzosa*

Artigo 146. *Multas coercitivas*
Artigo 147. *Desafiuzamento administrativo*

Disposición adicional primeira. *Sociedades mercantís públicas dependentes de Portos de Galicia*

Disposición adicional segunda. *Zona de servizo de portos xestionados en concesión*

Disposición adicional terceira. *Relación de espazos susceptibles de segregación*

Disposición adicional cuarta. *Lonxas xestionadas en réxime de monopolio*

Disposición adicional quinta. *Estibadores portuarios*

Disposición adicional sexta. *Rexistro de prestadores de servizos*

Disposición adicional sétima. *Perspectiva e igualdade de xénero*

Disposición transitoria primeira. *Concesións e autorizacións vixentes á entrada en vigor da lei*

Disposición transitoria segunda. *Ampliación do prazo das concesións portuarias outorgadas pola Comunidade Autónoma de Galicia con anterioridade á entrada en vigor do Real decreto lei 8/2014, do 4 de xullo, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia*

Disposición transitoria terceira. ***Prohibicións***

Disposición transitoria cuarta. *Zona de servizo dos portos*

Disposición transitoria quinta. Réxime transitorio aplicable a Plans de Utilización de Espazos portuarios, a Delimitacións de Espazos e Usos Portuarios e a Plans Directores de Infraestruturas

Disposición transitoria sexta. Normas urbanísticas de aplicación directa

Disposición transitoria sétima. Regulamento de explotación e policía

Disposición transitoria octava. Persoal laboral fixo da entidade pública empresarial Portos de Galicia

Disposición derrogatoria única

Disposición final primeira. *Desenvolvemento regulamentario*

Disposición final segunda. Disposición final cuarta. *Entrada en vigor*

Exposición de Motivos

I

De acordo cos artigos 148.1.6 e 149.1.20 da Constitución española, o Estatuto de autonomía para Galicia aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, establece no seu artigo 27.9 que lle corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia, dentro do seu ámbito territorial, a competencia exclusiva en materia de portos non cualificados de interese xeral polo Estado, portos de refuxio e portos deportivos, ao tempo que no seu artigo 28.6 lle atribúe á propia Comunidade Autónoma competencia para o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado, nos termos que esta estableza, en canto aos portos pesqueiros.

Conforme a estas previsións constitucionais e estatutarias, en virtude do Real decreto 3214/1982, do 24 de xullo, e do Decreto do Consello da Xunta de Galicia 167/1982, do 1 de decembro, produciuse a transferencia á Comunidade Autónoma de Galicia, dentro do marco de competencias do Ministerio de Obras Públicas e Urbanismo, das funcións e dos servizos relativos a todos os portos e instalacións portuarias, suxeitos ou non a réxime de concesión, non cualificados de interese xeral polo Estado no Real decreto 989/1982, do 14 de maio,existentes no seu ámbito territorial.

No exercicio das ditas competencias se aprobaron os Decretos 19/1983, do 17 de xaneiro, e 351/1986, do 2 de outubro, polos que se regulaba a estrutura e o funcionamento da Comisión de Portos de Galicia, a Lei 6/1987, do 12 de xuño, do Plan Especial de Portos da Comunidade Autónoma de Galicia, a Lei 5/1994, do 29 de novembro, de creación do ente público Portos de Galicia (lei que derroga os decretos antes citados e os títulos III e IV da Lei 6/1987, do 12 de xuño) o Decreto 227/1995, do 20 de xullo, que aproba o regulamento do ente público Portos de Galicia, e máis recentemente o Decreto 130/2013, do 1 de agosto, polo que se regula a explotación dos portos deportivos e das zonas portuarias de uso náutico deportivo de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

Contando coa anterior normativa, o marco normativo baixo o que ata a data se viña xestionando o conxunto dos portos e instalacións portuarias da Comunidade Autónoma de Galicia se completaba co reenvío normativo que o artigo 4 da Lei 5/1994, do 29 de novembro, efectuaba á lexislación estatal vixente en materia de portos.

II

A exposición de motivos da Lei 5/1994, do 29 de novembro, de creación do ente público Portos de Galicia, lembra que na nosa Comunidade Autónoma o funcionamento e a evolución do sistema portuario teñen unha especial importancia, xa que as actividades relacionadas co mar representan un factor fundamental na súa estrutura socio económica, e non en van, o 60,67 por cento da poboación total das provincias de Coruña, Lugo e Pontevedra reside en concellos que contan con instalacións portuarias e unha grande parte desa poboación desenvolve actividades directa ou indirectamente relacionadas co sector marítimo.

É un feito que tamén recolle esa exposición de motivos que os portos, que comezaron como puntos de descarga de mercadoría e pesca, evolucionaron ata converterse nuns complexos industriais e mercantís onde se desenvolven numerosas actividades produtivas e administrativas e que así mesmo realizan unha función de desenvolvemento rexional, permitindo a localización e promoción doutras industrias, e social, en beneficio da comunidade concentrada na súa zona de influencia.

Na actualidade, nos portos de competencia da Comunidade Autónoma se desenvolven operacións comerciais, pesqueiras e deportivas ou recreativas, serven de refuxio, avituallamento, reparación e varada, e constitúen tamén en moitas ocasións infraestruturas básicas para que outras administracións, especialmente os concellos, poidan realizar e prestar determinados servizos ou actividades que polas súas características deban localizarse no ámbito portuario, e, en particular, no ámbito correspondente ás fachadas marítimas dos portos que lindan cos termos municipais e cos pobos e vilas situados ao seu carón. Neste sentido cómpre ter en conta a necesidade de coordinación entre os portos e as vilas nas que se sitúan , máxime tendo en conta a idiosincrasia do asentamento da poboación galega na costa en forma de grande imbricación da malla urbana cos portos con incidencia na actividade económico-empresarial destes.

Dende o punto de vista da organización, o exame da situación exposta evidenciou no seu momento a necesidade de contar cun órgano especifico encargado da Administración Portuaria dotado dunha estrutura, organización e competencias baseadas en criterios que garantiran a máxima eficacia no cumprimento das funcións asignadas, ao que se deu cumprimento coa Lei 5/1994, do 29 de novembro, que creou a entidade pública empresarial Portos de Galicia.

Se dende o punto de vista da organización a creación de Portos de Galicia ven cubrir as necesidades básicas de funcionamento, dende o punto de vista da xestión, planificación e explotación integral do conxunto do noso sistema portuario a dispersión normativa e o recurso a unha lexislación estatal que ten como obxecto básico regular portos de gran tamaño económico, cun modelo de xestión portuario tipo porto propietario (land lord), no que a Administración portuaria asume funcións de regulación da actividade en réxime de competencia estaba a producir distorsións normativas que aconsellan dispor dunha normativa propia adaptada ás peculiaridades dos nosos portos e instalacións, que teña en conta dimensións económicas e sociais, os obxectivos e funcións que deben cumprir e a súa enorme dispersión xeográfica, atomicidade, e oferta moi diseminada.

Co fin de dar cumprimento ás necesidades expostas e ao propio mandado estatutario elaborouse a presente norma.

III

A presente lei se estrutura nun título preliminar e en seis títulos, e nunha parte final con sete disposicións adicionais, oito disposicións transitorias, unha disposición derrogatoria, e dúas disposicións derradeiras.

O título preliminar, "Disposicións xerais", dentro do estrito cumprimento da doutrina do Tribunal Constitucional, regula en tres capítulos o obxecto e ámbito de aplicación da lei que abrangue a totalidade dos portos e instalacións portuarias de Galicia, excluídos os cualificados de interese xeral, tal e como se determinan no capítulo II, con inclusión dos espazos pesqueiros e deportivos segregados dos portos de interese xeral e adscritos á Comunidade Autónoma, e dos portos e instalacións fluviais e lacustres dentro do respecto á lexislación do dominio

público hidráulico; determina os principios xerais de xestión e actuación, e destaca como unha competencia da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a de establecer os instrumentos axeitados para garantir unha posición estratéxica na xestión entre os portos de competencia autonómica e os de interese xeral do Estado situados no territorio autonómico galego.

O título I, " Da organización portuaria de Galicia", se estrutura sistematicamente en dous capítulos. O capítulo I recolle o estatuto orgánico da entidade pública empresarial Portos de Galicia, xa previsto na Lei 5/1994, do 29 de novembro, de creación da entidade, que agora se derroga e cuxo contido se recolle nesta nova lei, coa necesaria adaptación aos principios da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, configurada como unha entidade pública empresarial con personalidade xurídica e patrimonio propios, así como plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que queda adscrita á consellería competente en materia de portos.

O capítulo II, partindo tamén da regulación xa contida na Lei 5/1994, do 29 de novembro, recolle de maneira pormenorizada as competencias que en materia de portos corresponden á Administración autonómica.

O título II, "Planificación, ordenación, obras, medio ambiente e seguridade", refunde nun mesmo título as cuestións relativas á planificación física portuaria e a execución de obras, así como as cuestións relativas ao planeamento territorial, refundíndose igualmente os aspectos sobre medio ambiente e seguridade.

A planificación portuaria regulada no capítulo I, en liña coa diversidade e dispersión dos portos e instalacións suxeitas ao ámbito de aplicación da lei, prevé a figura de plans directores de infraestruturas que poderán formularse para un porto ou para un conxunto de portos, e que abranguen os proxectos xerais de obras dos portos afectados polo plan durante un horizonte de polo menos 5 anos.

O capítulo II, relativo á ordenación urbanística dos portos, partindo da consideración de que a zona de servizo dun porto, tal e como avala o Tribunal Constitucional, se cualifica como sistema xeral portuario fronte a interferencias ou perturbacións na explotación portuaria procedentes dos instrumentos xerais de ordenación, prevé o desenvolvemento do dito sistema xeral a través dunha planificación sectorial representada nos plans especiais de ordenación dos portos.

A tramitación dos ditos plans delimita as competencias municipais e autonómicas sectoriais concorrentes, ordenación territorial e planificación urbanística, e, sen superar os límites da autonomía municipal, se establecen medidas de coordinación que sirvan para resolver os inevitables conflitos que se presentan permanentemente na relación porto cidade, seguindo tamén a doutrina do Tribunal Constitucional.

No capítulo III, ademais da regulación básica aplicable á execución de obras e á ampliación ou construción de novos portos, tamén se regula a incidencia que sobre as ditas obras teñen os actos de control preventivo municipal, e se inclúen mecanismos de coordinación aplicables a obras que, aínda que fóra das zonas de servizo dos portos, poidan afectar a estas.

Finalmente, o capítulo IV, relativo ao medio ambiente e á seguridade, regula o desenvolvemento sostible na planificación e construción de novos portos, así como na explotación destes, con normas relativas á prevención e loita contra a contaminación, recepción de refugallos e residuos, obras de dragaxe e plans de emerxencia e seguridade.

O título III, "Do dominio público portuario", aborda unha completa e sistemática regulación da natureza, extensión e usos do dominio público portuario e da súa utilización e explotación a través dos títulos clásicos de concesións e autorizacións, coa inclusión do contrato de concesión de obras públicas portuarias.

O título comeza no seu capítulo I coa determinación do dominio público portuario de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia e a súa natureza baixo o criterio esencial da afectación, e, respectando as competencias da Administración do Estado en materia de adscrición, opta, para a delimitación da zona de servizo dos portos e os usos que nel se poden desenvolver, por un instrumento de Delimitación dos Espazos e Usos portuarios, mais áxil e sinxelo que o instrumento de planificación portuaria denominado Plan de Utilización, e enumera tanto as actividades e instalacións permitidas como o réxime de prohibicións.

O capítulo II, relativo á utilización do dominio público portuario, regula de modo sistemático en catro seccións as disposicións xerais, as autorizacións, as

43087

concesións, as disposicións comúns a autorizacións e concesións, e finalmente o contrato de concesión de obras públicas portuarias.

Dentro das disposicións xerais se recolle a regra xeral e clásica aplicable ao dominio público portuario de conformidade coa que a utilización para usos que teñan especiais circunstancias de exclusividade, intensidade, perigo ou rendibilidade esixirá o outorgamento das clásicas autorización ou concesión, coa excepción que se prevé na figura dos convenios que se poidan celebrar con outras administracións públicas que teñan por obxecto ocupacións destinadas a obras ou instalacións de uso público ou aproveitamento xeral a executar polas ditas administracións.

A regulación que se contén nas seccións relativas a autorizacións, concesións e disposicións comúns a ambas busca de maneira consciente a creación dun acabado corpo normativo que permita unha aplicación inmediata da lei sen necesidade de esperar a un ulterior desenvolvemento regulamentario; corpo normativo que, aínda que partindo en boa lóxica do réxime clásico e consolidado que aplica a Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas, á utilización do dominio público marítimo terrestre ordinario, contén as especificacións propias derivadas da transformación do litoral e da intensidade de uso que implica a utilización do dominio público portuario.

Dende o punto de vista do procedemento, o outorgamento de autorizacións e concesións poderá iniciarse a solicitude das persoas interesadas ou por concurso, coa previsión, no caso das concesións, daqueles supostos nos que resultará obrigatoria a convocatoria de concurso previo que garanta en todo caso a publicidade e a libre concorrencia.

Tamén no tocante ao procedemento para outorgar concesións cómpre destacar a regulación completa que se aplicará para tramitacións en competencia, a extensión do límite máximo de vixencia ata os cincuenta anos, e que, á regulación clásica sobre condicións de outorgamento, modificacións, revisións, actos de transmisión e gravame e garantías, se une a previsión sobre a posibilidade de renovación da vixencia de determinadas concesións, as cesións de usos parciais e o réxime que se aplica para os terreos e obras que os concesionarios incorporen ás concesións, que estarán exentos do aboamento das taxas de ocupación.

43088

Dentro das disposicións comúns a autorizacións e concesións, ademais de preverse a posibilidade de esixir garantías de explotación nas autorizacións, se regulan de maneira pormenorizada as causas de extinción e os seus efectos, e cabe destacar tamén a mención expresa á esixencia de pólizas de seguros para a cobertura dos riscos.

A derradeira sección define e regula a figura clásica do contrato de concesión de obras públicas dentro do ámbito portuario.

A crecente demanda de usuarios e o fomento dun sector que a Comunidade Autónoma de Galicia vén asumindo de maneira crecente nos últimos anos determina a inclusión dun título IV dedicado aos portos deportivos e ás zonas portuarias de uso náutico deportivo.

Tras definir nos capítulos I e II os obxectivos nesta materia, centrados nun equilibrio entre o fomento coa participación da iniciativa privada e coa xestión sostible que asegure a conservación de litoral, o título prevé no capítulo III a figura dos regulamentos de explotación como instrumentos básicos para regular os usos dos portos e instalacións xestionados por medio de concesións administrativas, mentres que o capítulo IV desenvolve o réxime que se aplica ás autorizacións temporais de uso de postos de atracada que se outorgan por Portos de Galicia, tanto se existe concesionario como se non.

Neste título resulta destacable a previsión de que os títulos das concesións poidan prever en determinados casos e coas debidas compensacións, a posibilidade, loxicamente excepcional, de que estas instalacións poidan albergar usos distintos ao deportivo.

O título V, " Réxime Xeral da prestación de servizos e do desenvolvemento de actividades comerciais, industriais ou doutra natureza nos portos", aborda unha regulación sistemática dos portos como espazos físicos que permiten a prestación de servizos portuarios e a realización de actividades comerciais e industriais axustadas aos usos permitidos na lei, nunha regulación que, partindo da titularidade pública das instalacións, non impide, e antes ao contrario, fomenta a intervención e a iniciativa privada na prestación de servizos e na realización de actividades, garantindo en todo caso a prestación dos servizos e a realización das actividades directamente relacionadas coa actividade e a operativa dos portos

cando por ausencia ou insuficiencia da iniciativa privada non se poida garantir esa prestación.

O capítulo I establece como principio a iniciativa privada na prestación de servizos e no desenvolvemento de actividades económicas nos portos.

Na capítulo II se definen os servizos portuarios, coa distinción entre os xerais, que son aqueles servizos comúns de titularidade de Portos de Galicia dos que se benefician as persoas usuarias, suxeitos no seu caso ao aboamento das taxas nos supostos previstos na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, e servizos especiais, definidos como as actividades de prestación que contribúen e facilitan a realización de operacións portuarias; servizos estes que se prestan por operadores privados en réxime de libre competencia suxeitos ás autorizacións que outorgue Portos de Galicia e ás prescricións previstas nos pregos reguladores de cada servizo, agás naqueles supostos previstos na lei nos que se deba limitar o número de prestadores, caso este no que o outorgamento de autorizacións esixirá a convocatoria previa dun concurso público. Con respecto a estes servizos especiais, respecto dos cales, como regra xeral, as autorizacións se outorgan con carácter específico e individualizado para cada servizo, agás no que atinxe aos servizos técnico náuticos (respecto dos que se prevé a posibilidade de acumulación para un porto ou unha área portuaria determinada) e as autorizacións para o servizo de recepción de desfeitos xerados polos buques, se regula de maneira pormenorizada o réxime de prestación, as obrigas de servizo público que debe cumprir todo operador, o réxime de utilización e acceso, o prazo de vixencia das autorizacións, as causas de extinción destas e o contido que deben prever os pregos reguladores de cada servizo, así como a posibilidade da auto prestación e integración dos servizos.

O capítulo II, relativo a actividades comerciais, industriais ou doutra natureza, limita a súa prestación a que se trate de usos permitidos no dominio público portuario pola lei e, para o caso de actividades comerciais ou industriais directamente relacionadas coa actividade portuaria, se prevé que Portos de Galicia poida aprobar pregos de condicións xerais, facéndose cita dos máis frecuentes, e se contempla finalmente a posibilidade de que Portos de Galicia poida asumir a prestación destas mesmas actividades para cubrir as deficiencias da iniciativa privada, cobrando en contraprestación tarifas que neste caso terán a consideración de prezos privados.

O título VI, "Regulamento de Explotación e Policía, potestades de inspección e seguridade e réxime das sancións", prevé no seu primeiro capítulo a figura do regulamento de explotación e policía como instrumento básico que conterá as normas xerais de funcionamento dos diferentes servizos e operacións e que incluirá igualmente especificacións e gradacións ao cadro de infraccións e de sancións que se recollen neste título.

O capítulo II, sobre as potestades de inspección e seguridade, atribúe á entidade pública Portos de Galicia a potestade de inspección e vixilancia con relación aos servizos e operacións que se desenvolven nos portos e prevé todo un conxunto de medidas de policía portuaria que permiten garantir o tráfico e a operatividade así como a seguridade nos portos.

No capítulo III se procede a unha clasificación das infraccións en leves, graves e moi graves, regulándose tamén o réxime de prescrición e o de identificación de responsables.

No capítulo IV se recollen as contías das multas en función da gravidade da infracción coa previsión de criterios de gradación, que comprenden circunstancias agravantes e atenuantes, se prevé unha redución do importe da sanción do trinta por cento para o caso do recoñecemento de responsabilidade sempre que a sanción teña carácter pecuniario e o abono se realice en período voluntario, se regula a prescrición e as medidas adicionais ás sancións xunto coa posibilidade de adopción de medidas provisionais e se prevén medidas de execución forzosa.

IV

A parte final se divide en sete disposicións adicionais, sete transitorias, unha disposición derrogatoria única e catro disposicións derradeiras.

Das disposicións adicionais cómpre destacar que a primeira mantén a posibilidade prevista na Lei 5/1994, do 29 de novembro, de creación do ente público Portos de Galicia, no senso de que a entidade pública empresarial poida crear sociedades mercantís públicas para a xestión empresarial singularizada de

determinadas actividades portuarias, nas que a entidade terá participación maioritaria, e a cuarta prevé a posibilidade de que Portos de Galicia elabore unha relación dos espazos pesqueiros e os destinados a usos náutico deportivos que en atención ás súas características sexan susceptibles de ser segregados dos portos de interese xeral do Estado.

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, tivo, entre outros obxectivos, e tal e como sinala a súa exposición de motivos, a supresión de monopolios municipais herdados do pasado e que recaían sobre sectores económicos puxantes. Neste sentido, a dita lei deu nova redacción ao artigo 86 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, suprimindo a referencia ás lonxas entre as actividades ou servizos esenciais reservados a favor das entidades locais e susceptibles de execución en réxime de monopolio. En coherencia co previsto na normativa básica estatal, na disposición adicional cuarta se recolle a previsión de explotación de lonxas situadas nas zonas de servizo de portos de competencia autonómica de acordo co réxime previsto na lei en concellos nos que viñera existindo unha prestación en réxime de monopolio.

Compre destacar tamén que na disposición adicional quinta se consagra o principio de liberdade de contratación no ámbito do servizo portuario de manipulación de mercancías, sen prexuízo do establecemento dun proceso transitorio que permita un tránsito ordenado naqueles portos nos que viñera funcionando o réxime de estibadores ou estibadoras da antiga Organización de Traballos Portuarios, co fin de protexer os dereitos laborais do reducido número de traballadores afectados.

Nas disposicións transitorias se regulan, entre outras materias, o réxime aplicable ás concesións e autorizacións vixentes á entrada en vigor desta lei así como a ampliación do prazo das concesións portuarias outorgadas pola Comunidade Autónoma de Galicia con anterioridade á entrada en vigor do Real decreto lei 8/2014, do 4 de xullo, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.

Na disposición transitoria quinta se recollen normas urbanísticas que serán de aplicación directa en tanto non se proceda á aprobación dos plans especiais de ordenación portuaria.

A disposición derrogatoria única, ademais de derrogar cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido na lei, derroga na súa totalidade a Lei 6/1987, do 12 de xuño, do plan especial de portos da Comunidade Autónoma de Galicia, e a Lei 5/1994, do 29 de novembro, de creación do ente público Portos de Galicia, reunindo deste xeito nun só texto legal a normativa autonómica existente en materia de portos.

Nas disposicións derradeiras se recolle a cláusula de habilitación regulamentaria para o desenvolvemento da lei.

O Anteproxecto foi sometido ao preceptivo ditame do Consello Económico Social de Galicia, tomándose en consideración no texto case todas as súas consideracións.

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

CAPÍTULO I

Obxecto e ámbito de aplicación da lei

Artigo 1. *Obxecto da lei*

A presente lei ten por obxecto establecer a organización portuaria de Galicia e o réxime xurídico dos portos e instalacións portuarias que son competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, que comprende a determinación, planificación, construción, xestión e utilización do dominio público portuario, a prestación de servizos nos portos, así como as medidas de policía portuaria e o réxime sancionador.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación*

1. No ámbito de competencias da Comunidade Autónoma de Galicia, a presente lei aplicarase aos seguintes espazos e infraestruturas portuarias:

a) Portos marítimos situados na Comunidade Autónoma de Galicia que non foran cualificados de interese xeral

b) Instalacións marítimas, que non constitúan instalacións menores segundo a normativa de costas, formando parte dun porto de competencia autonómica ou están adscritas a él.

c) Instalacións portuarias.

d) Portos deportivos e zonas portuarias de uso náutico deportivo.

e) Espazos pesqueiros e destinados a usos náutico deportivos situados no recinto portuario dos portos de interese xeral que fosen segregados daqueles portos e adscritos á Comunidade Autónoma, de conformidade co previsto na lexislación de portos do Estado e da Marina Mercante.

f) Mariñas interiores marítimo terrestre que se integren na zona de servizo dun porto.

2. Tamén se aplicará aos portos e instalacións fluviais e lacustres, en canto non se opoña á súa propia natureza e á lexislación do dominio público hidráulico.

CAPITULO II

Dos portos e instalacións portuarias de Galicia

Artigo 3. *Determinación dos portos de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia*

1. Son de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia os portos, infraestruturas e instalacións portuarias que, non sendo cualificados de interese xeral, estean situados dentro do seu territorio, permitan a realización de operacións de tráfico portuario e presten servizos ás actividades comerciais, pesqueiras e deportivas ou náutico recreativas.

2. Teñen a consideración a consideración de portos e instalacións portuarias de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia os que figuran no anexo da presente lei e aqueles que, en desenvolvemento das competencias estatutarias que corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia, se vaian incorporando por Decreto da Xunta de Galicia.

3. Deberán ser tamén obxecto de integración na relación de portos de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia os espazos pesqueiros e os destinados a usos náuticos deportivos que sexan segregados dos portos de interese xeral do Estado radicados en Galicia e adscritos á Comunidade Autónoma de conformidade co previsto na lexislación de portos do Estado e da Mariña Mercante.

4. Nos portos de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia poderanse realizar operacións comerciais, industriais, pesqueiras, deportivas ou recreativas recollidas na Delimitación dos Espazos e Usos Portuarios, ou poderán servir de refuxio, avituallamento, reparación ou varada, , segundo se estableza regulamentariamente.

5. Os elementos, condicións, servizos e demais características coas que deberán contar, como mínimo, os portos e instalacións marítimas ás que se refire a presente lei determinaranse por vía regulamentaria.

Artigo 4. Definicións

Para os efectos desta lei considéranse:

a) Porto marítimo: o conxunto de terreos, augas e instalacións que reúna as condicións físicas e organizativas que permitan, entre outras, a realización de operacións e actividades portuarias tales como entrada, saída, atracada, desatracada, estancia e reparación no porto de buques ou outros medios de navegación, así como as de embarque e desembarque de persoas e bens.

b) Instalación marítima: o conxunto de obras e infraestruturas que, non tendo a consideración de porto, se destinan a zona portuaria de uso pesqueiro, náutico deportivo, transbordo de persoas ou de bens, embarcadoiros, varadoiros, ancoradoiros ou similares.

Considerarase que forman parte dun porto cando estean integrados nel ou cando, mesmo constituíndo unha realidade física descontinua, integren xunto co porto unha unidade organizativa ou estean adscritos a el.

c) Instalacións portuarias: as obras civís de infraestrutura fixas ou desmontables, as de superestrutura e edificación, así como as instalacións mecánicas e redes técnicas de servizo destinadas a realizar ou facilitar operacións de tráfico portuario, dentro da zona de servizo dos portos.

d) Porto deportivo: conxunto de augas abrigadas, natural ou artificialmente, os espazos terrestres contiguos a estas e as obras, infraestruturas e instalacións necesarias para desenvolver operacións propias da flota deportiva.

e) Zona portuaria de uso náutico deportivo: parte dun recinto portuario preexistente que se destina á prestación de servizos ás embarcacións deportivas e de lecer.

f) Mariña interior: o conxunto de infraestruturas, obras e instalacións necesarias para comunicar permanentemente os terreos interiores de propiedade privada ou da Administración Pública, urbanizados ou susceptibles de urbanización, co mar territorial, augas interiores ou coa lámina de auga de portos ou instalacións marítimas, mediante unha rede de canles da marítimo terrestre que se integren na zona de servizo dun porto.

g) Autorizacións temporais de uso de postos de atracada: os títulos que habilitan para o uso e goce, durante un prazo mínimo de seis meses e non superior a catro anos, dun posto de atracada destinado a embarcacións deportivas e de lecer.

h) Embarcacións deportivas ou de lecer con base no porto: son aquelas embarcacións que reciban a prestación do servizo de atracada ou ancoraxe por un

período dun ou máis semestres. O resto das embarcacións serán consideradas como de paso no porto.

Artigo 5. *Clasificación*

1. Os portos aos que se refire esta lei clasifícanse, por razón da súa orixe, en naturais e artificiais. Son portos naturais os constituídos polas augas abrigadas pola mesma disposición natural do terreo ou os parcialmente abrigados que se destinan ao ancoraxe, ocasional ou de tempada, de buques e embarcacións comerciais, de pesca e deportivas ou de lecer. Son portos artificiais aqueles que requiren para existir a realización de obras de abrigo.

2. Os portos e instalacións marítimas clasifícanse, por razón do seu uso ou destino, en comerciais, industriais, pesqueiros, deportivos e mixtos, en función de se se destinan de forma exclusiva ou principal a unha ou varias destas actividades.

XUNTA DE GALICIA

43099

CAPÍTULO III

Principios xerais

Artigo 6. *Principios xerais de xestión e actuación*

1. As actividades reguladas na presente lei desenvolveranse de acordo cos principios de unidade de xestión, rendibilidade socio económica, planificación, equilibrio económico financeiro e desenvolvemento sostible, co obxectivo de integración e planificación territorial, en orde á preservación do litoral galego en consonancia cos seus valores naturais, culturais, patrimoniais, paisaxísticos e medio ambientais.

A xestión dos portos e instalacións portuarias estará orientada a garantir o interese xeral, promovendo este co fomento da participación da iniciativa privada por medio de concesións e autorizacións no deseño, construción, financiamento e explotación das instalacións portuarias e na prestación de servizos, nos termos establecidos nesta lei e no resto do ordenamento xurídico.

2. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, dentro das competencias propias da Comunidade Autónoma, a través de accións normativas e/ou pactadas, establecerá os instrumentos axeitados para garantir unha posición estratéxica e a cooperación e colaboración na xestión entre os portos de competencia autonómica e os portos de interese xeral do Estado situados no territorio autonómico galego.

TÍTULO I

Da organización portuaria de Galicia

CAPÍTULO I

Entidade pública empresarial Portos de Galicia

Sección 1ª. Natureza e funcións

Artigo 7. *Natureza e personalidade*

1. A entidade Portos de Galicia é unha entidade pública empresarial das reguladas na sección 4ª do capítulo II do título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

2. A entidade pública empresarial Portos de Galicia, creada pola Lei 5/1994, do 29 de novembro, desenvolverá e xestionará as funcións e os servizos que, en materia de portos de competencia da Comunidade Autónoma, lle son atribuídos pola presente lei, con suxeición aos principios da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

3. A entidade pública empresarial ten personalidade xurídica, patrimonios e tesourería propios, así como plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, sen prexuízo das relacións que nesta lei se establecen coa Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

4. A entidade pública empresarial quedará adscrita á consellería competente en materia de portos e terá a súa sede en Santiago de Compostela.

5. A entidade pública empresarial Portos de Galicia poderá identificarse no desenvolvemento da súa actividade baixo a denominación de E.P.E. Portos de Galicia.

Artigo 8. *Obxecto*

1. Correspóndelle á entidade pública empresarial Portos de Galicia o proxecto, construción, conservación, mellora, ordenación, administración e explotación das obras, instalacións, servizos e actividades portuarias, así como a planificación das zonas de servizo e as súas futuras ampliacións, nos termos previstos na presente Lei.

Asumirá igualmente as funcións que, no ámbito de competencias da Comunidade Autónoma, lle poidan ser atribuídas pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de xestión e actuacións no dominio público marítimo terrestre .

2. Sen prexuízo das competencias que esta lei lles atribúe aos órganos superiores da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a entidade pública empresarial Portos de Galicia disporá das potestades reguladas na presente lei e das facultades necesarias para a realización dos seus fins.

3. Para os efectos do desenvolvemento e cumprimento dos anteditos fins, o ámbito territorial de cada porto será o comprendido dentro dos límites da súa zona de servizo.

Artigo 9. *Funcións*

1. Dentro da esfera de actividades encadradas no obxecto delimitado no artigo anterior, Portos de Galicia xestionará a explotación das instalacións portuarias e dos demais bens adscritos ao seu patrimonio.

2. Asumirá o fomento global da actividade económica no ámbito dos portos de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, das actividades industriais e comerciais directamente relacionadas co tráfico portuario e o fomento da investigación e desenvolvemento tecnolóxico en materias relacionadas coa explotación e construción portuarias .

Artigo 10. Réxime Xurídico

1. Portos de Galicia rexerase pola presente lei e polas disposicións que se diten no seu desenvolvemento.

2. A súa organización e o seu réxime xurídico interno regúlanse polo dereito administrativo e o seu réxime xurídico externo regúlase polo dereito privado, excepto no exercicio das potestades administrativas que teña atribuídas e nos aspectos especificamente previstos en normas con rango de lei.

Sección 2ª. Estrutura administrativa, actos da entidade pública empresarial e recursos e reclamacións contra estes

Artigo11. *Órganos da entidade*

1. Para o desempeño das súas funcións, Portos de Galicia estrutúrase nos seguintes órganos :
a) De goberno:
1º A Presidencia.
2º O Consello Reitor.
b) Executivo:
A Dirección.

2. No conxunto dos órganos de goberno de Portos de Galicia procurarase acadar unha composición equilibrada de mulleres e homes.

3. As persoas titulares da Presidencia e da Dirección cumprirán coas obrigas que a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, introduce nos mecanismos de bo goberno e control da actividade das persoas que ocupan altos cargos no sector público autonómico.

Artigo 12. *Presidencia da entidade*

1. A Presidencia é o órgano unipersoal de goberno da entidade pública empresarial.

2. A Presidencia da entidade será nomeada polo Consello da Xunta de Galicia, por proposta da persoa titular da consellería competente en materia de portos.

3. Compételle á Presidencia o exercicio das seguintes funcións :

a) Exercer a representación da entidade pública empresarial.

b) Desenvolver e executar as directrices que dite a Xunta de Galicia en materia da súa competencia.

c) Exercer a alta dirección do persoal da entidade.

d) Propoñerlle ao Consello Reitor as políticas xerais de actuación e xestión da entidade, de acordo coas directrices e os criterios establecidos para o efecto polo Consello da Xunta de Galicia.

e) Exercer a iniciativa na elaboración dos plans directores de infraestruturas, de obras, de instalacións dos portos e das súas ampliacións, e dos plans especiais de ordenación portuaria

f) Formularlle e elevarlle ao Consello da Xunta, a través da consellería competente en materia de portos e a proposta da consellería competente en materia de facenda, os programas xerais plurianuais de investimentos e o seu financiamento anual cos seus, se é o caso, complementarios orzamentos de explotación e capital .

g) Acordar a realización das obras e dos investimentos, celebrando todos aqueles contratos, actos e negocios xurídicos que sexan necesarios para o desenvolvemento das funcións da entidade e o cumprimento dos seus fins .

h) Velar polo cumprimento dos acordos do Consello Reitor.

i) Conferir as delegacións de competencias propias que considere convenientes .

j) Outorgar as concesións de ocupación de dominio público portuario e as autorizacións de ocupación de dominio público portuario cando o seu prazo de vixencia sexa superior a dous anos.
k) Outorgar as autorizacións para a prestación de servizos e realizacións de actividades comerciais, industriais ou doutra natureza nos portos.

l) Exercer todas as funcións non atribuídas expresamente a outros órganos da entidade pública empresarial.

Artigo 13. *O Consello Reitor*

1. O Consello Reitor é ó órgano colexiado de goberno da entidade pública empresarial.

2. Estará constituído pola Presidencia e Dirección da entidade e o número de vogais que se establezan regulamentariamente, nomeados pola persoa titular da consellería competente en materia de portos, entre os que, en todo caso, estarán representadas a consellería competente en materia de facenda e as distintas consellerías que poidan ter intereses na materia por razóns da súa competencia, en especial a consellería competente en materia de pesca, así como as entidades locais, corporacións e entidades, organizacións e asociacións máis representativas das persoas usuarias.

3. Compételle ao Consello Reitor o exercicio das seguintes funcións:

a) O seguimento, a supervisión e o control superiores da actuación da entidade e da xestión da persoa titular da dirección.
b) A aprobación dun informe xeral anual da actividade desenvolvida pola entidade e de cantos extraordinarios considere necesarios sobre a súa xestión, coa valoración dos resultados obtidos e a consignación das deficiencias observadas.
c) A aprobación do anteproxecto de orzamentos anuais e da contracción de obrigas de carácter plurianual dentro dos límites que teña fixados.
d) A aprobación das contas anuais e, de ser o caso, a distribución do resultado do exercicio, consonte á lexislación de réxime financeiro e orzamentario da Comunidade Autónoma de Galicia.
e) Controlar o cumprimento das directrices aprobadas polo Consello da Xunta de Galicia.
f) Aprobar as normas de réxime interior da entidade pública empresarial, así como a organización dos servizos administrativos e dos portos .
g) Aprobar e modificar a dotación de persoal e a proposta de relación de postos de traballo da entidade pública empresarial e o seu réxime de retribucións, logo do informe favorable das consellerías competentes en materia de orzamentos e de función pública.
h) Elaborar as taxas por servizos portuarios para a súa posterior elevación ao Consello da Xunta, a través da consellería competente en materia de Facenda e por proposta da consellería competente en materia de portos.
i) Propoñerlles aos órganos competentes da Administración autonómica, a través da consellería competente en materia de portos, a aprobación dos plans de obras,

de instalacións de portos e das súas ampliacións, así como dos plans especiais de ordenación portuaria .
Cando se trate de plans de obras ou instalacións portuarias e as súas ampliacións, ou plans especiais de ordenación portuaria cun contido de natureza pesqueira, previamente á súa elevación ao órgano competente para a súa aprobación, pediráselle informe á consellería competente en materia de pesca.
j) Aprobar a xestión anual e o balance, así como a conta de resultados e a memoria de cada exercicio económico .
k) Acordar, con suxeición ás disposicións da normativa orzamentaria, as operacións crediticias a medio e longo prazo que sexan necesarias, logo do informe da consellería competente en materia de facenda para as operacións a medio prazo e de autorización previa da dita consellería para as operacións a longo prazo.
l) Acordar, con suxeición ás disposicións da normativa orzamentaria, operacións crediticias necesarias para paliar os desequilibrios transitorios de tesourería.
m) Promover e exercer, dentro do ámbito da súa competencia, toda clase de pretensións, accións e recursos perante calquera órgano da Administración do Estado, da Comunidade Autónoma e das Administracións locais, así como perante os xulgados e tribunais de xustiza de calquera grao e xurisdición, desistir dos formulados ou interpostos, e transixir as cuestións litixiosas, conferindo para o efecto as procuracións oportunas .
n) Conferir as delegacións de competencias que xulgue oportunas .
ñ) Velar polo cumprimento da presente lei e das disposicións que se diten para o seu desenvolvemento.
o) Resolver os procedementos de responsabilidade patrimonial aos que se refire a lexislación básica vixente sobre procedemento administrativo común das administracións públicas.

4. O Consello Reitor designará, por proposta da persoa titular da Presidencia, un secretario ou secretaria entre o persoal da entidade pública empresarial.

5. Regulamentariamente determinarase o funcionamento e réxime de adopción de acordos do Consello Reitor . No non previsto terase en conta o disposto na sección 3ª do capítulo I do título I da Lei 16/2010, do 17 de novembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e pola normativa básica do réxime xurídico do sector público e pola normativa básica reguladora do procedemento administrativo común.

6. Así mesmo poderá preverse regulamentariamente a creación de comisións delegadas do Consello Reitor.

Artigo 14. *Xuntas territoriais*

1. Para o estudio dos problemas concretos que afectan a cada fachada marítima poderán designarse xuntas de traballo, integradas por membros do Consello Reitor, que actuarán con funcións consultivas e informativas.

2. Os membros das anteditas xuntas, que serán representantes dos distintos órganos da Administración e dos sectores de persoas usuarias, serán designados polo Consello Reitor, por proposta da persoa titular da Presidencia da entidade .

3. O seu ámbito territorial de actuación será fixado polo Consello Reitor.

Artigo 15. *A Dirección*

1. A Dirección é o órgano executivo responsable da xestión ordinaria da entidade pública empresarial e exerce as competencias inherentes á dita dirección, así como as que expresamente se lle atribúen na Lei 16/2010, do 17 de decembro, e na presente lei e as que lle deleguen os órganos de goberno.

2. A persoa titular da dirección será nomeada e separada por decreto do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da persoa titular da consellería competente en materia de portos, entre persoas que reúnan os requisitos de solvencia profesional, atendendo a criterios académicos, técnicos e científicos, necesarios para o exercicio do cargo e de acreditada experiencia.

A persoa titular da dirección terá a consideración de alto cargo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, con rango de dirección xeral.

3. Correspóndelle á Dirección, nos termos sinalados no número 1 anterior :

a) Dirixir a xestión ordinaria, a inspección da entidade e dos portos e a súa explotación .
b) Velar pola percepción, contabilización e control dos ingresos derivados da xestión empresarial, realizando os actos de xestión tributaria e de recadación en período voluntario dos ingresos de dereito público e privado que lle corresponden á entidade empresarial.
c) Outorgar as autorizacións de ocupación do dominio público portuario que teñan un prazo de vixencia non superior a dous anos.
d) Exercer cantas funcións lle sexan delegadas e, en xeral, as que resulten inherentes ao normal funcionamento da entidade.
e) Calquera outras funcións que se lle sexan atribuídas nas normas de desenvolvemento regulamentario da lei.

Artigo 16. Actos *administrativos da entidade pública empresarial. Recursos e reclamacións*

1. A entidade pública empresarial Portos de Galicia ditará actos administrativos que poderán adoptar a forma de:

a) Resolucións, instrucións e ordes de servizo da Presidencia da entidade.
b) Acordos do Consello Reitor.
c) Resolucións e instrucións da Dirección.

2. As resolucións, instrucións e ordes de servizo ditadas pola entidade pública empresarial Portos de Galicia publicaranse no boletín oficial da Comunidade Autónoma cando teñan por destinatario a unha pluralidade indeterminada de persoas ou cando a entidade estime que a notificación efectuada a un só interesado é insuficiente para garantir a notificación a todos, así como nos demais casos previstos na normativa en materia de procedemento administrativo común e réxime xurídico do sector público. O anterior enténdese sen prexuízo da difusión que proceda efectuar en cumprimento da normativa sobre transparencia

3. As resolucións e acordos suxeitos a dereito administrativo ditados polo Consello Reitor e pola persoa titular da Presidencia esgotarán a vía administrativa. Contra eles solo se poderán interpor os recursos contencioso administrativos que resulten procedentes, sen prexuízo a interposición do recurso administrativo previo e potestativo de reposición.

4. Os actos suxeitos a dereito administrativo ditados pola persoa titular da Dirección serán susceptibles de recurso de alzada perante o Consello Reitor.

5. A competencia para resolver os procedementos de revisión de oficio de actos administrativos nulos ou de declaración de lesividade de actos anulables, e de revogación de actos de gravame ou desfavorables corresponderá ao órgano de goberno que ditou o acto.

Respecto destes actos ditados pola Dirección a esta competencia corresponderá á Presidencia da Entidade.

6. A rectificación de erros materiais, de feito ou aritméticos corresponderá ao órgano que ditou o acto.

7. O recurso extraordinario de revisión interporase de acordo co que estableza a lexislación reguladora do procedemento administrativo común e será competente para resolvelo o propio órgano que ditou o acto impugnado.

8. A competencia para resolver os procedementos de responsabilidade patrimonial que se dirixan contra a entidade corresponderá ao Consello Reitor.

9. As reclamacións sobre a aplicación e efectividade das taxas portuarias por servizos e por concesións e autorizacións administrativas terán carácter económico-administrativo e axustaranse ao procedemento para as reclamacións deste clase, podendo ser obxecto de recurso previo potestativo de reposición.

Artigo 17. *Actos non suxeitos a dereito administrativo*

Fronte aos actos non suxeitos a dereito administrativo as persoas interesadas poderán acudir aos xulgados e tribunais da xurisdición competente.

Artigo 18. *Representación e defensa en xuízo, e asesoramento xurídico da entidade pública empresarial Portos de Galicia*

A representación e defensa en xuízo da entidade pública empresarial será encomendada a Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, mediante a formalización do oportuno acordo, sen prexuízo de que Portos de Galicia dispoña de servizos xurídicos consultivos propios, os cales deberán respectar as directrices e criterios de interpretación emanados da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia conforme ao disposto na Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público.

Sección 3ª. Normas particulares de xestión e explotación

Artigo 19. *Conservación, ampliación e amortización do material e das instalacións*

1. Portos de Galicia adoptará as medidas axeitadas para garantir que as instalacións e infraestruturas portuarias ou os seus servizos e actividades accesorias e complementarias, así como o material confiado á súa custodia e explotación, sexan construídos, conservados e renovados conforme ás necesidades do tráfico portuario e o progreso da técnica .

2. A atribución á entidade pública empresarial da xestión das instalacións, dos servizos ou das actividades a que se refire o número anterior comprende o outorgamento implícito de todas as autorizacións, permisos ou licencias administrativas de competencia da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia que resulten necesarios para as obras de conservación, mantemento e reposición das instalacións e para as demais actividades auxiliares directamente relacionadas coa explotación portuaria, "sen prexuízo da necesidade de contar coas autorizacións ou outros títulos administrativos de competencia local ou estatal que resulten esixibles.

Artigo 20. Réxime de contratación

1. Os contratos que celebre a entidade pública empresarial Portos de Galicia axustaranse ao establecido na lexislación básica de contratos do sector público e, no seu caso, á normativa de desenvolvemento aprobada pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. O órgano de contratación de Portos de Galicia é a persoa titular da Presidencia, sen prexuízo das delegacións que poida levar a cabo na persoa titular da Dirección.

Artigo 21. *Actividade inspectora*

Portos de Galicia exercerá a inspección dos portos e do desenvolvemento das actividades comerciais, industriais, ou doutra natureza e de prestación de servizos que se realicen neles, co fin de garantir a súa seguridade, a súa eficacia, o cumprimento polas empresas explotadoras e polas persoas usuarias das obrigas que lles correspondan e a observancia das normas técnicas e comerciais de carácter xeral a que teñan que suxeitarse a xestión e explotación dos bens, das instalacións ou das actividades .

Sección 4ª. Facenda e patrimonio

Artigo 22. *Facenda*

1. Constituirá a facenda de Portos de Galicia o conxunto dos seus bens, dereitos e obrigas.

2. Portos de Galicia financiarase preferentemente cos ingresos propios que perciba como contraprestación polas actividades que realiza e, excepcionalmente, financiarase coas transferencias consignadas nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Os recursos económicos de Portos de Galicia comprenderán:

a) Os produtos, rendas e incrementos do seu patrimonio.
b) Os ingresos ordinarios e extraordinarios obtidos no exercicio das súas actividades.
c)Os produtos das taxas que lle corresponda percibir á Comunidade Autónoma en relación co dominio público portuario xestionado pola entidade pública instrumental.
d) O importe das multas e indemnizacións impostas como consecuencia da aplicación do réxime sancionador previsto nesta lei.
e) As dotacións ou subvencións que se consignen nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.
f) O importe das operacións crediticias que concerte, de conformidade co establecido ao respecto pola consellería competente en materia de Facenda.
g) As subvencións, contribucións e doazóns de todo tipo que poida recibir.
h) O destino dunha porcentaxe dos beneficios que resulten da conta de explotación á dotación dun fondo para atender as necesidades de explotación e as de renovación, ampliación e mellora do activo .
i) Os ingresos derivados da súa participación en sociedades públicas mercantís.
j) Os demais ingresos de dereito público ou privado que se autoricen nas leis de orzamentos da Comunidade Autónoma ou outras leis do Parlamento de Galicia.

43120

Artigo 23. *Patrimonio*

1. Para o desempeño das súas funcións adscríbense a Portos de Galicia os bens e dereitos que integran o dominio público portuario autonómico á entrada en vigor da presente lei, así como os posteriores incorporados a este por calquera título, sen prexuízo dos bens de dominio público portuario en réxime de adscrición compartida coa consellería competente en materia de pesca para o exercicio das súas facultades en acuicultura e ordenación do sector pesqueiro.

2. A adscrición implica a transferencia á entidade pública empresarial das facultades de uso, xestión, administración e explotación vinculadas aos fins desta, sen cambio de titularidade ou cualificación xurídica dos bens e dereitos adscritos.

3. Cando os bens e dereitos de dominio público portuario que tivese adscritos deixen de ser necesarios para o cumprimento dos fins propios da entidade, estes serán obxecto de desascrición na forma prevista nas leis sectoriais.

4. Portos de Galicia poderá realizar todo tipo de actos de xestión e aproveitamento dos bens demaniais adscritos que estean directamente relacionados co servizo e co tráfico portuario e resulten conformes coa normativa sectorial de aplicación.

5. O Consello Reitor, sen necesidade de previa declaración de desafectación do servizo, poderá acordar o desmantelamento e, se é o caso, a venda dos demais bens mobles, e aplicará o seu produto as atencións propias da entidade.

6. O Consello da Xunta ditará, logo da proposta das consellerías competentes en materia de economía e facenda, e informe da consellería competente en materia de portos e da consellería competente en materia de pesca, as normas para a formación e permanente actualización do Inventario de bens e dereitos de Portos de Galicia, que se axustarán ás prescricións da Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, e do seu regulamento .

Sección 5ª. Réxime financeiro

Artigo 24. *Réxime orzamentario, económico-financeiro, de contabilidade e de control*

1. O réxime de control financeiro e contabilidade pública, así como o orzamento de Portos de Galicia, axustaranse ao disposto na materia polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, sen prexuízo das especialidades contidas na presente lei.

A xestión de Portos de Galicia desenvolverase de acordo co principio de equilibrio económico- financeiro da explotación.
Para tal efecto presentaralle anualmente ao Consello da Xunta, a través da consellería competente en materia de facenda, e por instancia da consellería competente en materia de portos, logo de elevación a esta pola persoa titular da presidencia do Consello Reitor, os proxectos de orzamentos de explotación e capital, así como os correspondentes programas de actuación, investimentos e financiamento, e a liquidación, memoria e balance do exercicio anterior debidamente auditados.

2. O Consello da Xunta determinará anualmente, dentro dos límites autorizados polos orzamentos da Comunidade Autónoma, o destino dunha porcentaxe dos beneficios que resulten da conta de explotación á dotación dun fondo para atender as necesidades de explotación e as de renovación, ampliación e mellora do activo .

3. Compensarase a Portos de Galicia polos gastos inherentes ao cumprimento das obrigas de servizo impostas pola Xunta de Galicia no exercicio das súas funcións de alta dirección institucional da entidade.

4. A entidade pública empresarial estará suxeita ao control externo do Consello de Contas de Galicia e do Tribunal de Contas do Estado, nos termos dispostos na normativa de aplicación.

5. A entidade pública empresarial estará suxeita ao control de eficacia no cumprimento do seu plan de actuación que será exercido pola consellería de adscrición. O control do cumprimento dos compromisos específicos que, de ser o

caso, asumise a entidade pública empresarial nun convenio ou contrato-programa corresponderalle á comisión de seguimento regulada no propio convenio ou contrato-programa, sen prexuízo dos posibles controis previstos na lexislación orzamentaria.

Artigo 25. *Taxas portuarias e outros ingresos de explotación*

As taxas e os demais ingresos da explotación deberán cubrir, como mínimo, os seguintes gastos:

a) Explotación, conservación e depreciación do material e das instalacións portuarias, así como das infraestruturas que sirvan aos seus fins accesorios ou complementarios .
b) Os gastos xerais que se consideren para cada instalación portuaria ou para os seus servizos ou actividades accesorias ou complementarias, dentro do límite máximo que se determine en virtude do decreto aprobado polo Consello da Xunta .
c) Os impostos esixibles .
d) As cargas autonómicas, administrativas e financeiras, incluíndo o reembolso de préstamos derivados da explotación e o pagamento de intereses.

Artigo 26. *Efectividade dos créditos e das sancións*

A entidade pública empresarial poderá utilizar, para a efectividade dos créditos resultantes da explotación e das sancións pecuniarias que impuxese, e a través dos servizos da Tesourería Xeral e de recadación da Comunidade Autónoma. o procedemento de constrinximento nos termos regulados no Regulamento xeral de recadación.

Sección 6ª. Persoal

Artigo 27. *Réxime do persoal*

1. O persoal da entidade pública empresarial unicamente poderá ser funcionario ou laboral e persoal de alta dirección.

2. Todo o persoal da entidade estará sometido ao réxime de incompatibilidades establecido para os empregados do sector público.

3. O persoal laboral réxese, ademais de pola lexislación laboral e polas normas convencionalmente aplicables, polos preceptos da lexislación estatal e autonómica reguladora do emprego público que sexan de aplicación ao persoal laboral.

4. A aprobación e modificación tanto do cadro de persoal como da proposta de relación de postos de traballo, e a aprobación dos instrumentos polos que se regulen as condicións de traballo do persoal e o seu réxime retributivo, será acordada polo Consello Reitor, logo de informe favorable dos centros directivos competentes en materia de orzamentos e de función pública. A contratación e o nomeamento do persoal corresponde á persoa titular da Presidencia da entidade.

5. A selección do persoal da entidade pública empresarial deberá realizarse mediante a convocatoria pública das correspondentes probas selectivas, que se axustarán aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, e con carácter xeral ao disposto na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

6. A contratación de persoal de alta dirección da entidade se axustará ao establecido na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

CAPÍTULO II

Competencias da Administración autonómica

Artigo 28. *Competencias do Consello da Xunta*

Compételle ao Consello da Xunta o exercicio das seguintes funcións :

a) A alta inspección e vixilancia do funcionamento da entidade, ditando para estes efectos as oportunas directrices .
b) Aprobar os plans directores de infraestruturas, os programas xerais de investimentos e o seu financiamento .
c) A alta política en materia de ordenación e coordinación do tráfico e dos transportes portuarios no ámbito das súas competencias .
d) A designación e a destitución das persoas titulares da Presidencia e da Dirección, así como a fixación do seu réxime retributivo.
e) A adopción de medidas especiais en casos de emerxencia .
f) Aprobar o proxecto de orzamento de explotación e capital e o programa de actuacións, investimentos e financiamento , así como, se é o caso, os convenios ou contratos de programa que propoña a entidade .
g) Aprobar os aspectos técnicos das modificacións e revisións, singularmente das contías, das taxas polos servizos portuarios e por ocupación do dominio público portuario adscrito á Comunidade Autónoma.
h) Adoptar os acordos sobre o tráfico xurídico do dominio público portuario adscrito á entidade, nos casos nos que esta facultade lle estea reservada pola Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, e o seu regulamento, e, en especial, no relativo á incorporación ao sistema xeral portuario autonómico, de novas infraestruturas portuarias.
i) Adscribir, co informe favorable da Administración xeral do Estado, as zonas de interese de cultivos mariños en dominio público portuario á consellería competente en materia de pesca para os efectos do exercicio das súas competencias en materia de acuicultura, sempre que a dita adscrición resulte compatible cos usos portuarios que se definen nesta lei, que non se prexudique globalmente o desenvolvemento futuro dos portos e as operacións de tráfico portuario, e que se axuste ao establecido no planeamento urbanístico en vigor.
Enténdese, para os efectos desta lei, como zonas de interese de cultivos mariños aquelas zonas das augas do dominio público portuario que polas súas óptimas condicións para tal actividade aconsellen unha especial protección e así sexan declaradas polo Consello da Xunta de Galicia por proposta da consellería competente en materia de pesca.

j) A fixación do réxime retributivo dos membros do Consello Reitor e a determinación das axudas de custo,, indemnizacións ou compensacións económicas por asistencia dos seus membros ás sesións e xuntanzas do dito Consello Reitor.

Artigo 29. *Atribucións da consellería competente en materia de portos*

Son atribucións da consellería competente en materia de portos :

a) O desempeño das funcións de inmediata relación de Portos de Galicia co Consello da Xunta coa Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, especialmente para os efectos de actuacións polas competencias enumeradas no artigo anterior .
b) A proposta de nomeamento e de destitución das persoas titulares da Presidencia e da Dirección, así como o nomeamento e destitución dos vogais do Consello Reitor.
c) Emitir informe preceptivo sobre os plans, programas xerais en materia financeira e de infraestruturas, os programas de actuacións, investimentos e financiamento, os orzamentos de explotación e capital e, en xeral, sobre todas as propostas, proxectos ou documentación relacionados coa entidade Portos de Galicia que deban someterse ao exame e á aprobación do Consello da Xunta .
d) Elevarlle ao Consello da Xunta, logo de informe das consellerías competentes en materia de economía e facenda e das consellerías competentes en materia de industria e comercio e de pesca, a proposta sobre política de taxas portuarias.
e) Exercer, nos termos previstos na lexislación vixente, as facultades de expropiación forzosa que sexan precisas para o cumprimento dos fins da entidade e promover a entrega dos bens expropiados a Portos de Galicia.
f) Propoñer a actualización da contía das taxas portuarias de acordo coa variación do custo dos servizos, producida por alteracións nos custos destes.
g) Aprobar as Delimitacións dos Espazos e dos Usos Portuarios.
h) Exercer, en xeral, o control de eficacia da entidade pública empresarial previsto na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Artigo 30. *Atribucións da consellería competente en materia de pesca*

Son atribucións da consellería competente en materia de pesca:

a) A construción de lonxas, fábricas de xeo e outras edificacións do recinto portuario destinadas a actividades pesqueiras, acuícolas ou marisqueiras, debéndolle solicitar previamente a Portos de Galicia informe preceptivo e vinculante sobre a súa localización.
b) Sempre que resulte compatible cos usos portuarios que se definen nesta lei, que non se prexudique globalmente o desenvolvemento futuro dos portos e as operacións de tráfico portuario, e axustándose á normativa de costas e ao establecido no planeamento urbanístico en vigor, autorizar a realización de actividades de acuicultura, pesca e marisqueo que teñan lugar no dominio público portuario con carácter previo ao outorgamento das concesións ou autorizacións para a ocupación do dito dominio.
c) Emitir, con carácter preceptivo, informe sobre a relación de actuacións previstas no programa de infraestrutura pesqueira do orzamento xeral de Portos de Galicia.

Artigo 31. *Competencias das consellerías competentes en materia de economía e ou de Facenda*

É competencia das consellerías competentes en materia de economía *e ou de* facenda:

a) A alta supervisión da aplicación pola entidade dos plans e programas financeiros e dos seus orzamentos e, en xeral, de canto concerne á orde financeira de Portos de Galicia .
b) Presentarlle ao Consello da Xunta os plans económicos e orzamentarios de Portos de Galicia e emitir informe sobre a súa aplicación e liquidación .
c) Presentar as actuacións que, en materia financeira, teñan que someterse ao Consello da Xunta.
d) O exercicio das competencias que, respecto do dominio público portuario, lle sexan atribuídas pola Lei 5/2011, do 30 de setembro, de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, e o seu regulamento .
e) Exercer todas as demais competencias que o Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, lle outorga ás consellerías competentes en materia de economía e facenda no ámbito das entidades públicas empresariais.
f) O exercicio das atribucións previstas na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

TÍTULO II

Planificación, ordenación, obras, medio ambiente e seguridade

CAPITULO I

Planificación portuaria

Artigo 32. *Plans directores de infraestruturas de Portos de Galicia*

1. A entidade pública empresarial Portos de Galicia poderá formular para un porto ou un conxunto deles plans directores de infraestruturas, que abranguerán os proxectos xerais de obras dos portos afectados polo plan e das súas ampliacións, durante un horizonte temporal de, polo menos, cinco anos.

2. O plan ou os plans directores que elabore Portos de Galicia someteranse, a proposta da consellería competente en materia de portos, a exame e aprobación polo Consello da Xunta de Galicia.

Unha vez aprobado o plan director de infraestruturas non poderán executarse obras non contempladas nel. Non obstante, Portos de Galicia poderá executar obras non contempladas nos plans cando teñan a consideración de obras menores ou en casos de recoñecida urxencia ou de excepcional interese público, debidamente apreciados polo Consello da Xunta de Galicia, a proposta da consellería competente en materia de portos.

3. A aprobación ou a modificación dun plan director de infraestruturas poderá determinar a modificación da Delimitación dos Espazos e Usos Portuarios nos termos establecidos no artigo 52.

Artigo 33. *Determinacións dos plans directores de infraestruturas*

Os Plans directores de infraestruturas conterán, polo menos, as seguintes determinacións:

a) Análise da situación actual do porto ou portos, estrutura do tráfico e das actividades portuarias.

b) Definición das necesidades de desenvolvemento do porto ou portos nun horizonte temporal de, polo menos, cinco anos.

c) Análise das relacións entre a planificación portuaria e o planeamento territorial e urbanístico.

d) Determinación das distintas alternativas de desenvolvemento, análise de cada unha delas e selección da máis óptima.

e) Declaración ambiental estratéxica no caso de que o plan deba ser sometido a avaliación ambiental estratéxica ordinaria, e informe ambiental estratéxico se o plan debe ser sometido a avaliación ambiental estratéxica simplificada.

f) Previsión das fases de desenvolvemento dos plans, valoración e recursos, análise financeiro e de rendibilidade.

g) Definición dos criterios para a revisión dos plans.

Artigo 34. *Documentación dos plans directores de infraestruturas*

Os plans directores de infraestruturas estarán integrados polos seguintes documentos:

a) Memoria, coa información básica e os estudos necesarios, onde analizaranse as distintas alternativas de desenvolvemento consideradas, e xustificarase a elixida.
b) Documentación gráfica, na que deberán constar os planos de información, estudos de planeamento, proxectos e outros estudos complementarios.
c) Estudio económico financeiro, que conterá a avaliación económica xenérica da execución das obras.
d) Programa de actuacións para o desenvolvemento do plan, integrándose neste, cando así resulte preceptivo, o estudo ambiental estratéxico.

Artigo 35. *Procedemento de aprobación*

1. A elaboración e aprobación dos plans directores de infraestruturas axustarase ao seguinte procedemento:

a) Corresponde á entidade pública empresarial Portos de Galicia a formulación do plan, que será sometido a informe das consellerías e dos concellos afectados polas actuacións, a fin de que poidan formular as observacións e suxestións que consideren convenientes no prazo de dous meses, entendéndose en sentido favorable se transcorrera o dito prazo sen que se emitira o informe de forma expresa. De constatarse un conflito de atribucións entre diferentes consellerías afectadas no procedemento de elaboración dos plans directores de infraestruturas, serán resoltos por acordo asinado conxuntamente polas propias persoas titulares das consellerías afectadas. En caso de discrepancia, darase traslado ao Consello da Xunta de Galicia, que resolverá no prazo de dez días, sen que contra a súa decisión caiba recurso algún.

b) O plan someterase ao procedemento de avaliación ambiental que proceda nos termos previstos na normativa en materia de avaliación ambiental.

c) Darase traslado do plan ás corporacións de dereito público e entidades que representen ás persoas usuarias a fin de que, por igual prazo, poidan realizar as observacións que consideren oportunas.

d) Simultaneamente aos trámites anteriores, o plan será sometido a información pública no Diario Oficial de Galicia durante un prazo non inferior a dous meses,.

e) O plan someterase, antes da súa aprobación polo Consello da Xunta, a informe da Administración estatal conforme ao disposto na normativa en materia de costas.

f) Rematada a tramitación, a consellería competente en materia de portos procederá a elevar o plan ao Consello da Xunta de Galicia para a súa aprobación por decreto, que será publicado nos diarios oficiais correspondentes.

2. A aprobación dun plan director de infraestruturas levará implícita a declaración de utilidade pública aos efectos de expropiación dos bens e dereitos e

de rescate ou revisión das concesións que requira a actuación portuaria no ámbito do plan.

43136

Artigo 36. *Revisións ou modificacións dos plans directores de infraestruturas*

1. Cando sexa necesaria unha revisión ou unha modificación dos plans directores de infraestruturas que teña carácter substancial o procedemento a seguir será o mesmo que o previsto para a súa aprobación.

2. Cando a revisión ou modificación non teña carácter substancial será aprobada pola consellería competente en materia de portos, oído o concello ou concellos afectados, e previo informe da Administración Xeral do Estado previsto na normativa de Costas e coa tramitación ambiental estratéxica que proceda.

A estes efectos, terá carácter de modificación substancial a ampliación superior a un 30 por 100 da superficie ocupada con obras de infraestrutura, tanto nas superficies en terra como na lámina de auga que integran a zona de servizo.

CAPÍTULO II

Ordenación urbanística dos portos

Artigo 37. *Planeamento xeral*

1. Os plans xerais de ordenación municipal e demais instrumentos xerais de ordenación urbanística deberán cualificar a zona de servizo dos portos como sistema xeral portuario e non poderán incluír determinacións que supoñan unha interferencia ou perturbación no exercicio das competencias de explotación portuaria.

2. Dado o carácter supramunicipal do sistema portuario, a superficie do sistema xeral portuario non computará aos efectos de determinación de dotacións, cesións de aproveitamento, reservas e equipamentos.

3. Se considera que o porto constitúe unha unidade que xustifica a redacción dun plan especial.

Artigo 38. *Plans especiais de ordenación dos portos*

1. O sistema xeral portuario de cada porto desenvolverase mediante un plan especial que se redactará e formulará pola entidade pública empresarial Portos de Galicia, e que se tramitará e aprobará pola Administración competente en materia de urbanismo aplicando o establecido na lexislación urbanística en vigor, coas particularidades que se sinalan nos seguintes números.

2. Con carácter previo á formulación do plan especial que ordene a zona de servizo do porto deberá encontrarse delimitada esta mediante a aprobación da Delimitación dos Espazos e Usos Portuarios no dito porto, non podendo estenderse as determinacións daquel plan máis alá da zona de servizo así delimitada.

3. Unha vez redactado o borrador de plan, Portos de Galicia remitirá este, acompañado da documentación ambiental esixible pola lexislación sectorial de aplicación, á Administración competente en materia de urbanismo, que disporá dun prazo máximo de tres meses para enviar a dita documentación ao órgano ambiental competente para os efectos da tramitación ambiental estratéxica que proceda.

4. O prazo máximo para resolver sobre a aprobación inicial dun plan especial de ordenación portuaria que estea sometido a evacuación ambiental estratéxica ordinaria, una vez evacuada a presentación inicial deste plan xunto coa documentación ambiental esixible conforme á normativa ambiental de aplicación, será de tres meses a contar dende a súa presentación por Portos de Galicia no rexistro do concello. Transcorrido este prazo sen que tivera recaído resolución expresa, poderá entenderse outorgada a aprobación inicial do plan.

Transcorrido este prazo sen que tivera recaído resolución expresa, poderá entenderse outorgada a aprobación inicial do plan

5. O prazo máximo para resolver sobre a aprobación inicial dun plan especial de ordenación portuaria que estea sometido a avaliación ambiental estratéxica simplificada, unha vez evacuado o informe ambiental estratéxico sobre a falta de efectos significativos destes sobre o medio ambiente, será de tres meses a contar dende a súa presentación por Portos de Galicia no rexistro do concello.

Transcorrido este prazo sen que tivera recaído resolución expresa, poderá entenderse outorgada a aprobación inicial do plan.

6. Efectuada a tramitación e evacuado o informe da administración estatal de costas conforme a normativa nesta materia, e antes da aprobación definitiva do plan, deberase dar traslado do plan á entidade pública empresarial Portos de Galicia no caso de que a Administración urbanística competente propoña modificacións respecto á redacción inicialmente aprobada, para que aquela, no prazo dun mes, informe sobre os aspectos da súa competencia.

7. A aprobación definitiva do plan especial requirirá que o informe previo ao que se refire o número anterior sexa favorable. No caso de ser desfavorable, deberanse levar a cabo as consultas necesarias co fin de chegar a un acordo entre Portos de Galicia e a Administración urbanística para a súa aprobación definitiva. Se no prazo de dous meses persistira o desacordo, informará con carácter vinculante o Consello da Xunta de Galicia, sobre aqueles aspectos de competencia autonómica en materia de portos.

8. O prazo para a aprobación definitiva por un concello do plan especial de ordenación dun porto será de seis meses a contar dende o acordo de aprobación inicial. Transcorrido o dito prazo sen que se procedera á notificación da resolución, poderá entenderse aprobado definitivamente o plan, sempre que se tivera realizado o trámite de información pública e obtido os informes preceptivos en sentido favorable, de conformidade coa lexislación aplicable, ou, no seu caso, tiveran sido solicitados os informes e tiveran transcorrido os prazos para emitilos.

9. Non se aplicará o silencio administrativo estimatorio cando os plans contivesen determinacións contrarias á lei, aos plans de superior rango ou ós instrumentos de ordenación do territorio de Galicia.

10. A aprobación definitiva dos plans especiais deberá ser notificada a Portos de Galicia, cos requisitos establecidos na lexislación de procedemento administrativo e publicada nos diarios oficiais correspondentes.

11. O plan especial incluirá entre as súas determinacións as medidas e previsións necesarias para garantir unha eficiente explotación do espazo portuario, o seu

desenvolvemento futuro e a súa conexión cos sistemas xerais de transporte terrestre e co entorno urbano.

Artigo 39. *Relacións e medidas de coordinación entre a planificación portuaria e os instrumentos de ordenación territorial e de planeamento urbanístico*

1. Os plans directores de infraestruturas e os instrumentos de delimitación de espazos e usos dos portos prevalecerán e serán vinculantes sobre a ordenación urbanística en aspectos relativos á protección do dominio público portuario, localización de infraestruturas, accesos a sistemas de comunicacións, localización de emprazamentos e distribución dos usos.

2. A aprobación dos plans especiais de ordenación dos portos implicará, se é o caso, a necesidade de revisión ou de modificación dos instrumentos de planeamento urbanístico municipal co fin de integrar as determinacións do planeamento sectorial portuario no planeamento urbanístico municipal.

3. A revisión ou modificación dos instrumentos de ordenación urbanística municipal deberá efectuarse polos concellos con ocasión da primeira revisión ou modificación do instrumento de planeamento urbanístico que tramiten, e, en todo caso, no prazo máximo dun ano desde a aprobación dos instrumentos de planificación portuaria.

4. En concellos sen planeamento urbanístico xeral a aprobación dos instrumentos de planificación portuaria sinalados comportará a a obriga de inclusión das súas determinacións nos instrumentos de planeamento urbanístico que se aproben con posterioridade.

5. Sen prexuízo de que os instrumentos de planeamento xeral deban adaptarse aos plans especiais de ordenación dos portos, estes poderán prever o réxime de ordenación que se aplicará mentres non se produza a adaptación.

6. Os aos plans especiais de ordenación dos portos, poderán introducir aquelas modificacións ou matizacións estritamente derivadas da natureza e finalidade do plan especial e necesarias para o cumprimento dos seus fins, sen que en ningún caso este poida substituír ao planeamento xeral na súa función de instrumento de ordenación integral do territorio.

7. A aprobación, modificación ou revisión dos instrumentos de ordenación territorial e de planificación urbanística que incidan directamente sobre os portos

e instalacións portuarias reguladas nesta lei requiren o informe a Portos de Galicia sen prexuízo dos demais informes que deban ser emitidos, de conformidade coa normativa sectorial de aplicación.

8. Aos efectos de dar cumprimento ao mandato establecido no número anterior, ao mesmo tempo que o trámite de información pública, solicitarase informe a Portos de Galicia, que deberá de emitirse nun prazo de tres meses, e que terá carácter vinculante no que respecta á ordenación da zona de servizo dos portos nos aspectos relacionados coa súa competencia. De non emitirse o informe neste prazo entenderase favorable.

CAPÍTULO III

Proxectos e obras

Artigo 40. *Execución de obras e instalacións*

1. As obras e instalacións de carácter permanente que leven a cabo no dominio público portuario a Administración pública e os particulares debidamente autorizados por aquela deberán adaptarse ao plan especial de ordenación portuaria. Para a constatación deste requisito deberán someterse ao informe da Administración urbanística competente, que se entenderá emitido en sentido favorable se transcorre un mes desde a recepción da documentación sen que se evacuara expresamente.

2. En ausencia dun plan especial aprobado con carácter definitivo, unicamente poderán realizarse obras de carácter permanente acordes cos usos portuarios e complementarios previstos no artigo 54. Neste caso, o informe da Administración urbanística versará sobre a acomodación das obras ao ordenamento urbanístico municipal xeral vixente, e, en última instancia, ás normas urbanísticas xerais de aplicación directa.

3. Os proxectos someteranse ao procedemento de avaliación de impacto ambiental cando así o esixa a lexislación específica vixente.

4. Poderanse realizar obras de dragaxe e de recheo na zona de servizo dos portos exclusivamente con materiais de orixe terrestre ou marítimo que pola súa natureza, disposición final ou illamento protector non dean orixe a procesos de contaminación que superen os niveis esixibles pola normativa vixente aplicable á calidade das augas marítimas.

5. As obras de dragaxe axustaranse ao previsto nesta lei. As obras de recheo e as de dragaxe no dominio público portuario requirirán a autorización da entidade pública empresarial Portos de Galicia .

6. As obras e instalacións portuarias acordes cos usos portuarios que realice a Administración portuaria directamente non estarán sometidas aos actos de control preventivo municipal, por constituír obras públicas de interese xeral portuario.

7. As restantes obras que non se inclúan dentro das definidas no anterior número deberán obter a oportuna licenza municipal, agás o réxime de comunicación previa.

8. As obras de interese xeral portuario que promova a Administración portuaria non poderán ser suspendidas en ningún caso polas Administracións urbanísticas competentes se se axustan ao planeamento urbanístico e ás normas deste capítulo.

9. As obras que se executen sobre o leito do mar territorial ou nas augas interiores non estarán sometidas aos actos de control preventivo municipal.

Artigo 41. *Construción de novos portos ou instalacións marítimas*

1. A construción dun novo porto ou instalación marítima de competencia autonómica esixirá a previa aprobación do proxecto e estudos complementarios pola entidade pública empresarial Portos de Galicia, que,, deberá observar o establecido no Plan Director de Infraestruturas, de estar o proxecto integrado neste.

2. Os devanditos proxectos someteranse á avaliación do impacto ambiental cando isto sexa esixible en aplicación da lexislación específica, así como ao informe das consellerías da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia con competencias concorrentes nos portos.

3. Recabaránse os informes da Administración Xeral do Estado en canto ás materias da súa competencia que poidan verse afectadas.

4. Solicitarase da Administración Xeral do Estado a oportuna adscrición de dominio público marítimo terrestre conforme á lexislación aplicable.

5. Con carácter previo á aprobación dos proxectos, deberase solicitar informe dos concellos afectados, co fin de que formulen cantas observacións consideren convenientes sobre os aspectos da súa competencia.

6. Agás que a normativa sectorial de aplicación dispoña o contrario, calquera dos informes da administración autonómica ou da local entenderase favorables se transcorren dous meses desde a recepción da documentación sen que se teña emitido de forma expresa.

Artigo 42. *Utilidade pública e necesidade de ocupación*

1. A aprobación dos proxectos levará implícita a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos para os efectos da ocupación temporal ou expropiación forzosa dos bens ou dereitos afectados polo obxecto daqueles. Para estes efectos, o proxecto comprenderá a relación completa e individualizada dos bens e dos dereitos que non forman parte do dominio público portuario e que se considera necesario adquirir ou ocupar para executalo, coa descrición material deles.

2. Así mesmo, a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación referirase tamén aos bens e dereitos comprendidos no replanteo do proxecto e nas modificacións de obras que poidan aprobarse posteriormente pola autoridade competente, cos mesmos requisitos sinalados no número anterior.

43147

Artigo 43. *Obras que afectan á zona de servizo dos portos*

1. As obras de edificación ou urbanización que se executen en superficies lindeiras coa zona de servizo dun porto ou instalación marítima, que teñan incidencia directa por precisar a ocupación permanente ou temporal de superficie incluída nela, non poderán ser autorizadas polas administracións públicas competentes sen que se solicite previamente informe a Portos de Galicia.

2. Este informe ten carácter vinculante no que se refire aos aspectos relacionados coa protección do dominio público portuario e a viabilidade das actividades portuarias e deberá ser emitido no prazo máximo dun mes. O informe entenderase favorable no caso de non emitirse no prazo antes sinalado.

3. Cando a ocupación teña as circunstancias previstas no artigo 56.2, esixirase o outorgamento da correspondente autorización ou concesión.

4. Con carácter xeral, e agás causa xustificada apreciada por Portos de Galicia, os terreos lindeiros coa zona de servizo dos portos e instalacións marítimas deberán contar con acceso rodado e peonil alleo á zona de servizo do porto ou instalación marítima.

CAPÍTULO IV

Do medio ambiente e da seguridade

Artigo 44. *Desenvolvemento sostible*

1. A planificación e construción de novos portos, así como a ampliación ou modificación dos existentes, realizarase conforme aos principios de protección do dominio público marítimo terrestre, desenvolvemento sostible, preservación dos recursos naturais, equilibrio territorial e integración co entorno, equilibrio da oferta portuaria na liña de costa e rendibilidade económica e social.

2. Dentro da explotación sostible dos portos, promoveranse as instalacións para prestar servizos ou realizar actividades que incorporen tecnoloxías e sistemas sostibles como enerxías alternativas, sistemas de eficiencia nos consumos e de tratamento de residuos.

Artigo 45. *Prevención e loita contra a contaminación no dominio público portuario*

1. Prohíbese o vertido de efluentes líquidos e o vertido e abandono de residuos no dominio público portuario. As emisións á atmosfera realizaranse coas limitacións e controis establecidos na lexislación sectorial.

Os que realizaran, aínda accidentalmente, os referidos vertidos serán responsables de cantos custos esixa a plena rexeneración das augas e a posible descontaminación dos solos que estean dentro da zona de dominio público portuario, ademais das sancións que procederan. No caso de vertidos non autorizados, Portos de Galicia ordenará a quen resulte responsable a recollida e limpeza dos terreos e augas afectadas. No caso de incumprimento, Portos de Galicia procederá á execución subsidiaria a cargo dos responsables, sen prexuízo das sancións que se puideran derivar polo incumprimento da normativa ambiental.

A utilización de materiais naturais procedentes das escavacións poderá ser realizado nas condicións que estableza a normativa ambiental.

2. As instalacións emprazadas no dominio público portuario nas que se desenvolvan calquera tipo de actividades comerciais, industriais ou de servizos deberán contar con medios suficientes para a prevención e loita contra a contaminación accidental, mariña, atmosférica e terrestre, e as persoas titulares das concesións ou autorizacións executarán ao seu cargo as medidas protectoras e correctoras que resulten necesarias en cada momento, de acordo co establecido na normativa aplicable, nos pregos reguladores dos servizos portuarios especiais, nos pregos de condicións xerais para o desenvolvemento de actividades comerciais, industriais ou doutra natureza no ámbito portuario e, de ser o caso, nas condicións particulares que se establezan. A dispoñibilidade destes medios será esixida pola entidade pública empresarial Portos de Galicia.

As ditas instalacións, cando o esixa a normativa de aplicación, deberán contar cun plan interior marítimo de continxencias por contaminación mariña accidental, que será tido en conta pola entidade pública empresarial Portos de Galicia para a elaboración do seu propio plan interior marítimo do porto.

Aos efectos do previsto nos parágrafos anteriores, a persoa titular da correspondente autorización ou concesión deberá permitir a práctica dos controis e as inspeccións que realice o órgano administrativo competente.

3. Portos de Galicia colaborará coas Administracións competentes na prevención e control das emerxencias por contaminación accidental na zona de servizo dos portos que xestione.

4. Todos os vertidos desde terra ao mar requiririrán autorización da Administración competente, sen prexuízo da autorización ou concesión de ocupación de dominio público portuario que, de ser o caso, outorgará Portos de Galicia.

5. O disposto neste artigo procederá sen prexuízo da aplicación, cando se dean os supostos, do establecido na Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade medioambiental.

Artigo 46. Recepción de refugallos e residuos procedentes de buques

1. Os refugallos xerados polos buques deberán descargarse á terra, debendo solicitarse para tal efecto o servizo de recepción de refugallos xerados por buques regulado nesta lei.

2. As refinerías de petróleo, factorías químicas e petroquímicas, instalacións para o almacenamento e distribución de produtos químicos e petroquímicos, instalacións para o abastecemento de combustibles líquidos que posúan terminais de carga ou descarga de hidrocarburos en zonas portuarias, así como os estaleiros e instalacións de reparación naval deberán dispoñer, nas proximidades das terminais e peiraos, de instalacións de recollida de residuos petrolíferos e químicos e de augas de sentinas e de almacenamento destes residuos debidamente autorizadas, de instalacións para limpeza de aceites, de graxas e doutros produtos contaminantes, así como os medios necesarios para prever e combater os derrames e para a prevención e loita contra a contaminación accidental terrestre e mariña.

A dispoñibilidade destas instalacións e medios será esixida por Portos de Galicia para autorizar o funcionamento das instalacións portuarias incluídas no parágrafo anterior, sen prexuízo das autorizacións que sexan esixibles por outras administracións.

3. No suposto de buques que non teñan como destino algunha das instalacións referidas no número anterior, corresponderá ás empresas que efectúen as operacións de carga ou descarga do buque garantir a recepción de residuos de carga procedentes deste, se os houbera, así como os que se encontren nas zonas de tránsito e manobra, evitando e combatendo, se é o caso, os derrames accidentais.

XUNTA DE GALICIA
43152

Artigo 47. *Obras de dragaxe*

1. Toda execución de obras de dragaxe ou o vertido dos produtos de dragaxe no dominio público portuario suxeito ao ámbito de aplicación desta lei requirirá autorización previa de Portos de Galicia sobre a base do correspondente proxecto técnico.

Conforme ao disposto na lexislación de portos do Estado e da mariña mercante, cando as obras de dragaxe ou o vertido dos produtos de dragaxe poidan afectar á seguridade da navegación na zona portuaria, particularmente nas canles de acceso e nas zonas de fondeo e manobra, esixirase informe previo e favorable da Administración marítima.

2. Os proxectos de dragaxe incluirán un estudo da xestión dos produtos da dragaxe e en particular a localización da zona ou zonas de vertido e o seu tratamento.

Respecto da dragaxe portuaria incorporarase ao proxecto, cando proceda, un estudo sobre a posible localización de restos arqueolóxicos que se someterá ao informe da consellería con competencias na materia.

3. As obras de dragaxe que se executen fose do dominio público portuario para recheos portuarios requirirán autorización da correspondente demarcación ou servizo periférico de costas.

Así mesmo, a vertedura fóra das augas da zona de servizo do porto dos produtos das dragaxes portuarias deberá ser autorizado pola Administración marítima, previo informe da demarcación ou servizo periférico de costas.

Os proxectos de dragaxe incluirán un estudo da xestión dos produtos de dragaxe, e en particular a localización da zona ou zonas de vertedura e o seu tratamento.

4. Os proxectos de dragaxe incluirán un estudo da xestión dos produtos de dragaxe, e en particular a localización da zona ou zonas de vertedura e o seu tratamento.

Respecto da dragaxe portuaria, incorporarase ao proxecto, cando cumpra, un estudo sobre a posible localización de restos arqueolóxicos que se someterá a informe da Administración competente en materia de arqueoloxía.

Cando a dragaxe execútese fose da Zona I ou interior das augas portuarias, incluirase, ademais, un estudo de avaliación dos seus efectos sobre a dinámica litoral e a biosfera mariña, que se someterán a informe das Administracións competentes en materia de pesca e medio ambiente con carácter previo á súa autorización.

Con relación ás verteduras procedentes das obras de dragaxe deberán efectuarse os estudos ou análises necesarios que permitan valorar os efectos da actuación sobre a sedimentoloxía litoral e a biosfera submarina, así como, no seu caso, a capacidade contaminante das verteduras, e someteranse a informe das Administracións competentes en materia de medio ambiente e de pesca.

A Autoridade Portuaria remitirá á Administración marítima os datos das cantidades vertidas do material de dragaxe, a localización da zona ou zonas de vertedura e, cando exista risco de que o posible desprazamento do material afecte á navegación marítima, remitirase a aquela os resultados do seguimento da evolución de devandito material vertedura.

Cando o proxecto de dragaxe se someta, independentemente ou xunto a outros proxectos, ao procedemento previsto na lexislación sobre avaliación de impacto ambiental, deberán incluírse os estudos mencionados e solicitarse así mesmo os informes da Administración marítima e das Administracións competentes en materia de medio ambiente, pesca e arqueoloxía no curso do devandito procedemento

Artigo 48. *Plans de emerxencia e seguridade*

1. Portos de Galicia controlará no ámbito portuario o cumprimento da normativa que afecte á admisión, manipulación e almacenamento de mercadorías perigosas e da normativa que afecte á protección do medio ambiente e aos sistemas de seguridade, incluídos os que se refiran á protección ante actos antisociais e terroristas, sen prexuízo das competencias que correspondan a outros órganos das Administracións públicas, en particular as que ostenta **a** Administración Xeral do Estado, a persoa titular da consellería competente en materia de protección civil e xestión de urxencias e a Axencia Galega de Emerxencias, e das responsabilidades que nesta materia correspondan ás persoas usuarias do porto.

2. Para os efectos do establecido no número 1, Portos de Galicia elaborará plans de emerxencia interior de acordo co previsto na lexislación vixente aplicable nesta materia.

Así mesmo, Portos de Galicia elaborará, na medida e dentro do ámbito ao que estea obrigado por aplicación da normativa sectorial ditada sobre o particular, plans relativos á protección de buques, pasaxeiros e mercadorías contra actos antisociais e terroristas que eventualmente se poidan producir na zona de servizo dos portos que xestione.

TÍTULO III

Do dominio público portuario

CAPITULO I

Natureza, extensión e usos do dominio público portuario

Sección 1ª. Extensión e réxime xurídico

Artigo 49. *Réxime xurídico e determinación do dominio público portuario*

1. Constitúe o dominio público portuario de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia os portos e instalacións marítimas suxeitos ao ámbito de aplicación desta lei, que se regula polas disposicións desta, polas disposicións da normativa estatal que resulte aplicable, e polas disposicións que figuren nas normas regulamentarias de desenvolvemento.

2. As ampliacións dos portos e instalacións de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia terán o mesmo réxime xurídico que o porto ou instalación orixinal, atendendo á natureza e título dos bens que sustentan a dita ampliación.

3. Pertencen ao dominio público portuario de competencia autonómica:

a) Os terreos, obras e instalacións portuarias fixas afectadas ao servizo dos portos de competencia autonómica.

b) Os terreos e instalacións adquiridos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou por Portos de Galicia, ou por particulares, cando sexan debidamente afectados ao servizo dos portos, e os terreos e instalacións que a consellería competente en materia de patrimonio afecte ao servizo dos portos, segundo o procedemento previsto na lexislación de patrimonio da Comunidade Autónoma.

c) As obras que a Comunidade Autónoma de Galicia realice sobre o dominio público portuario.

43156

d) As obras construídas e os terreos incorporados polas persoas titulares dunha concesión de dominio público portuario cando revertan a Portos de Galicia, unha vez extinguida esta de acordo co establecido no título de outorgamento.

e) As obras e instalacións de axudas á navegación marítima que se encontren situadas en zonas de servizo dos portos ou das instalacións marítimas de competencia da Comunidade Autónoma.

f) Os espazos de auga incluídos na zona de servizo dos portos de competencia autonómica.

Artigo 50. *Adscrición de espazos do dominio público marítimo-terrestre á Comunidade Autónoma*

Nos termos previstos na lexislación estatal, a Administración do Estado realizará a adscrición de bens do dominio público marítimo-terrestre á Comunidade Autónoma necesarios para a construción de novos portos de titularidade autonómica ou para a ampliación ou modificación dos existentes. A porción de dominio público adscrita conservará tal cualificación xurídica, correspondendo á Comunidade Autónoma a utilización e xestión dela, nos termos previstos pola devandita lexislación.

Sección 2ª. Zona de servizo e usos portuarios

Artigo 51. *Delimitación da utilización dos espazos e dos usos portuarios*

1. Nos portos e instalacións marítimas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia delimitarase unha zona de servizo portuaria que estará integrada polos espazos de terra e de auga necesarios para a execución das actividades propias dos portos e instalacións marítimas, os espazos destinados a usos complementarios ou non estritamente portuarios e os espazos de reserva que garantan a posibilidade de desenvolvemento ou ampliación da actividade portuaria. A delimitación efectuarase a través da Delimitación de Espazos e Usos Portuarios.

2. A superficie de auga incluída na zona de servizo comprenderá as áreas de auga onde se realicen as operacións de carga, descarga e transbordo de mercadorías, embarque e desembarque de pasaxeiros, construción e reparación de buques, atraque e reviro, os canais de acceso e as zonas de fondeo, incluíndo as marxes necesarias para a seguridade marítima, practicaxe e avituallamento dos buques. Tamén comprenderá os espazos de reserva necesarios para a ampliación do porto. O espazo de auga subdividirase en dúas zonas:

a) Zona I, ou interior das augas portuarias, que comprenderá os espazos de auga incluídos dentro dos diques de abrigo e as zonas necesarias para manobras de atraque e reviro, onde non existan estes.

b) Zona II, ou exterior das augas portuarias, que comprenderá o resto das augas incluídas na zona de servizo.

3. A consellería competente en materia de portos, por proposta de Portos de Galicia, aprobará a Delimitación dos Espazos e dos Usos Portuarios de cada porto e instalación marítima, na que se delimitará a zona de servizo correspondente e que incluirá os usos previstos para cada unha das diferentes zonas do porto ou instalación, así como a xustificación da necesidade ou conveniencia de tales usos. A Delimitación de Espazos e Usos Portuarios poderá ser aprobada para un só porto ou para un conxunto de portos, aínda que estean emprazados en diferentes termos municipais, cando razóns xeográficas, económicas, técnicas ou organizativas así o aconsellen a criterio de Portos de Galicia.

4. A entidade pública empresarial Portos de Galicia redactará e formulará a proposta de Delimitación dos Espazos e dos Usos Portuarios de cada porto e solicitará informes sobre as materias da súa competencia ao concello ou concellos afectados por razón do seu emprazamento e ás Administracións con competencias sectoriais no ámbito portuario que resulten afectadas.

No suposto de que a Delimitación dos Espazos e dos Usos Portuarios incluíse espazos do dominio público marítimo-terrestre que aínda non foran adscritos á Comunidade Autónoma, solicitaranse os informes previstos na lexislación estatal que regula o procedemento de adscrición.

5. Simultaneamente á solicitude dos informes precedentes, Portos de Galicia someterá a información pública a delimitación elaborada por un prazo de dous meses, durante o que as persoas interesadas poderán formular alegacións.

6. Tras a conclusión dos trámites de informes e de información pública, Portos de Galicia dará resposta razoada ás alegacións presentadas, e procederá, de ser o caso, a efectuar as modificacións da delimitación que sexan oportunas.

7. A proposta de Delimitación dos Espazos e dos Usos Portuarios de cada porto remitirase por Portos de Galicia á consellería competente en materia de portos para a súa aprobación. Nesta proposta incluirase un estudo motivado sobre as razóns da aceptación o rexeitamento das consideracións recollidas durante a fase de información pública e de informes.

8. A aprobación da Delimitación dos Espazos e dos Usos Portuarios de cada porto levará implícita a declaración de utilidade pública aos efectos de expropiación dos bens e dereitos e de rescate ou revisión das concesións que requira a actuación portuaria no ámbito da delimitación, así como a afectación ao uso portuario dos bens patrimoniais e demaniais públicos incluídos na zona de servizo que sexan de interese para o porto de acordo co previsto na lexislación aplicable.

Así mesmo, a aprobación da delimitación habilitará para a revogación sen indemnización das autorizacións que resulten incompatibles coa mesma, ou ben para acordar a súa adaptación a esta.

Artigo 52. *Modificación da Delimitación dos Espazos e dos Usos Portuarios de cada porto*

1. As modificacións da Delimitación dos Espazos e dos Usos Portuarios que sexan substanciais someteranse ao mesmo procedemento de aprobación que se determina no artigo anterior. Se a modificación non ten carácter substancial será aprobada pola consellería competente en materia de portos, por proposta de Portos de Galicia, logo da apertura dun trámite de información pública por un prazo de 15 días, e de informe da Administración urbanística, así como da Administración Xeral do Estado, se afectase ás súas competencias.

Entenderase por modificación non substancial:

a) Aquela producida por razóns de explotación portuaria que non supoña alteración significativa das superficies asignadas a cada uso.

b) Aquela que non implique unha alteración significativa da delimitación interna das zonas nas que se divide o porto, para os efectos da asignación dos usos previstos nesta lei.

c) A ampliación dentro da zona de servizo de infraestruturas e outras instalacións portuarias que resulten complementarias das xa existentes e que non supoñan unha alteración significativa das superficies asignadas a cada uso.

2. Terán a consideración de alteración significativa aquelas que supoñan unha alteración illada ou acumulada superior ao quince por cento da superficie atribuída a un determinado uso, agás aquelas modificacións que afecten a usos non especificamente portuarios, que terán en todo caso carácter de alteración significativa.

3. Aprobada a modificación da Delimitación dos Espazos e dos Usos Portuarios, publicarase no Diario Oficial de Galicia o texto íntegro do acordo de aprobación.

Artigo 53. Efectos da Delimitación dos Espazos e dos Usos Portuarios sobre concesións e autorizacións

1. As concesións e autorizacións no dominio público portuario que resulten incompatibles coas determinacións da Delimitación dos Espazos e dos Usos Portuarios vixente deberán adaptarse a esta. Para tal efecto, deberá procederse á revisión das súas condicións naqueles extremos que fose preciso, ou, se é o caso, ao rescate da concesión segundo o establecido nesta lei.

2. En tanto non se proceda á revisión de condicións dos títulos demaniais afectados, ou, de se producir o caso, ao seu rescate, estes seguirán suxeitos ás condicións de outorgamento sen que se poida conceder prórroga do prazo de duración, nin autorizar modificacións ou transmisións da súa titularidade ata que se dea cumprimento ao estipulado no número anterior.

Artigo 54. *Actividades, instalacións e construcións permitidas*

1. Na zona de servizo portuaria só se poderán levar a cabo actividades, instalacións e construcións acordes cos usos portuarios e de sinalización marítima, de conformidade co establecido nesta lei, na normativa estatal de aplicación e nas normas que a desenvolvan.

2. Para tal efecto, teñen a consideración de usos portuarios os seguintes:

a) Uso de infraestrutura básica asignado a diques e vieiros.

b) Usos comerciais, entre os que figuran os relacionados co intercambio entre modos de transporte, os relativos ao desenvolvemento de servizos portuarios e outras actividades portuarias comerciais.

c) Usos pesqueiros.

d) Usos náutico deportivos.

e) Usos complementarios ou auxiliares dos anteriores, incluídos os relativos a actividades loxísticas e de almacenaxe e os que correspondan a empresas industriais ou comerciais que xustifiquen a localización no porto pola súa relación co tráfico portuario, polo volume dos tráficos marítimos que xeran ou polos servizos que prestan ás persoas usuarias do porto.

3. Nos terreos da zona de servizo portuaria que non reúnan as características naturais de bens de dominio público marítimo terrestre definidos no artigo 3 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas, poderanse admitir outros usos non estritamente portuarios tales como equipamentos culturais, recreativos, certames feirais, exposicións e outras actividades comerciais e industriais non portuarias, sempre que resulten compatibles cos usos antes definidos, que non se prexudique globalmente o desenvolvemento futuro do porto e as operacións de tráfico portuario e que se axusten ao establecido no planeamento urbanístico en vigor, así como ao previsto na normativa de costas en materia de protección do dominio público marítimo terrestre adscrito.

Artigo 55. *Réxime de prohibicións*

1. Están prohibidas aquelas ocupacións e utilizacións do dominio público portuario que se destinen a edificacións para residencia ou habitación, a tendido aéreo de liñas eléctricas de alta tensión e a publicidade a través de carteis ou valados, medios acústicos ou audiovisuais. Se permitirá a publicidade nos termos establecidos na lexislación reguladora de Costas.

2. Conforme á normativa de Costas, excepcionalmente, e por razóns de utilidade pública debidamente acreditadas, a consellería competente en materia de portos, previa proposta de Portos de Galicia, poderá solicitar do Consello de Ministros que levante a prohibición de instalacións hoteleiras nos espazos de dominio público portuario destinados a usos complementarios, debendo tales usos hoteleiros acomodarse ao plan especial de ordenación do porto. As citadas instalacións non poderán situarse nos primeiros vinte metros medidos terra a dentro a partir do límite interior da ribeira do mar ou do cantil do peirao.

3. Conforme á normativa de Costas, cando se aprecien circunstancias excepcionais e de utilidade pública, a consellería competente en materia de portos, previa proposta de Portos de Galicia, poderá solicitar dos órganos da Administración Xeral do Estado, que ostenten as competencias sobre a materia, autorización para o tendido aéreo de liñas eléctricas de alta tensión.

4. Portos de Galicia poderá autorizar a publicidade exterior para actividades deportivas, sociais e culturais que ocasionalmente se desenvolvan no dominio público portuario nos termos previstos na normativa en materia de Costas

5. Agás que medie a autorización prevista no artigo 30.b), queda prohibido o desenvolvemento de actividades marisqueiras e pesqueiras nas augas interiores do porto constitutivas da zona I.

CAPITULO II
Utilización do dominio público portuario

Sección 1ª. Disposicións xerais

Artigo 56. *Utilización do dominio público portuario*

1. A utilización do dominio público portuario rexerase polo establecido nesta lei, na súa normativa de desenvolvemento e na normativa estatal que resulte aplicable e estará baseada no principio de desenvolvemento sostible e respecto á normativa ambiental.

2. A utilización do dominio público portuario para usos que teñan especiais circunstancias de exclusividade, intensidade, perigo ou rendibilidade esixirá o outorgamento da correspondente autorización ou concesión.

3. Toda utilización do dominio público portuario deberá ser compatible coa planificación existente e congruente cos usos e fins propios deste. Portos de Galicia conserva en todo momento as facultades de control e de policía co fin de garantir o uso axeitado do dominio público portuario.

Para estes efectos, a persoa titular dunha autorización ou concesión de ocupación demanial ou dunha autorización para o desempeño de actividades comerciais, industriais ou de servizos, queda obrigado a informar das incidencias que se produzan e a cumprir as instrucións que dite Portos de Galicia.

4. As autorizacións e concesións outorgadas ao abeiro desta lei non eximen aos seus titulares de obter os permisos, licencias e demais autorizacións esixidos por outras disposicións legais. Non obstante, a obtención destes con anterioridade á do título administrativo esixible conforme a esta lei, non presuporá, en modo algún, a obtención deste último, quedando a súa eficacia demorada ata o outorgamento do título en cuestión.

5. Cando algún órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou calquera organismo ou entidade vinculada ou dependente dela requira

a utilización do dominio público portuario, solicitará de Portos de Galicia os bens de dominio público necesarios, quen autorizará a dita utilización sempre que sexa compatible coa normal explotación do porto e durante o tempo que sexa preciso, debendo subscribir o correspondente convenio no que se establecerán as condicións da utilización ,incluíndo as taxas que, no seu caso, procedan e os custos que debe asumir aquel.

Cando sexa precisa a utilización do dominio público portuario por algún órgano da Administración xeral do Estado, polas entidades que integran a Administración Local ou por calquera organismo ou entidade dependente de calquera delas para a súa dedicación a un uso ou servizo da súa competencia, se procedera de acordo co establecido no parágrafo anterior.

Sección 2ª. Autorizacións

Artigo 57. *Clases de autorizacións.*

Estarán suxeitas a autorización da entidade pública empresarial Portos de Galicia:

a) A utilización de instalacións portuarias polos buques, a pasaxe e as mercadorías, a prestación de servizos portuarios e o exercicio de actividades comerciais, industriais ou doutra natureza no ámbito portuario, que se rexerá polo establecido nesta lei, na lexislación de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma, no Regulamento de Explotación e Policía e, de ser o caso, nas ordenanzas portuarias.

b) A ocupación do dominio público portuario con bens mobles ou instalacións desmontables, ou sen elas, por un prazo non superior a catro anos, que se outorgará de conformidade co disposto nesta sección.

43167

Artigo 58. *Ámbito de aplicación das autorizacións de ocupación do dominio público portuario*

1. A ocupación do dominio público portuario por prazo non superior a catro anos, incluídas prórrogas, con bens mobles ou instalacións desmontables ou sen elas estará suxeita á autorización.

2. As autorizacións outórganse a título de precario, con suxeición ao correspondente prego de condicións xerais que aprobe Portos de Galicia e ás condicións particulares que, se é o caso, se establezan.

3. As autorizacións só se poderán outorgar para instalacións, usos e actividades permitidas no dominio público portuario e que se adapten ás determinacións establecidas no plan especial de ordenación do porto ou, no seu defecto, na Delimitación dos Espazos e Usos Portuarios.

4. As autorizacións outorgaranse con carácter persoal e intransferible "inter vivos", agás as de ocupación de dominio público que constitúan soporte dunha autorización de vertidos de terra ao mar.

Artigo 59. *Iniciación do procedemento de outorgamento*

O procedemento para o outorgamento das autorizacións previstas nesta sección poderase iniciar a solicitude de persoa interesada ou mediante a convocatoria de procedemento en réxime de concorrencia. Sempre que por calquera causa se atopase limitado o número de autorizacións, se acudirá á convocatoria de concurso para o efecto.

43169

Artigo 60. *Requisitos da solicitude*

1. Para que Portos de Galicia resolva sobre o outorgamento dunha autorización de ocupación do dominio público portuario, a persoa interesada deberá formular unha solicitude acompañada da seguinte documentación:

a) Documentación que acredite a personalidade e representación da persoa solicitante, ou, de ser o caso, dos partícipes na comunidade ou entidade sen personalidade xurídica.

b) Descrición detallada da actividade que se vai desenvolver, incluído un estudio económico financeiro dela, e a documentación relativa á prevención de riscos esixible para a actividade de que se trata.

c) De ser o caso, memoria técnica dos bens ou instalacións obxecto da autorización, con planos detallados das súas características.

d) Definición da extensión da zona de dominio público portuario que se solicita ocupar, indicando, de ser o caso, o emprazamento dos bens e instalacións a executar. Incluiranse os planos de conxunto e de detalle necesarios para a determinación precisa destes extremos.

e) Prazo de ocupación pretendido.

f) Xustificantes que acrediten encontrarse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social.

Considerarase que a persoa interesada se atopa ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social cando concorran as circunstancias previstas na lexislación básica de contratos do sector público.

g) Adicionalmente, Portos de Galicia poderá solicitar calquera outro documento ou xustificación que considere necesario para resolver fundadamente sobre a solicitude presentada. En aplicación do artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 2 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as persoas interesadas non terán obriga de aportar documentos elaborados ou que xa obren en poder da Administración.

2.En ningún caso poderán ser titulares de autorizacións as persoas nas que concorra algunha das prohibicións de contratar previstas na lexislación básica de contratos do sector público.

Cando posteriormente ao outorgamento da autorización a persoa titular incorra nalgunha das prohibicións de contratar producirase a extinción da autorización.

3. Non se admitirán as solicitudes que se opoñan de maneira notoria ao disposto no Plan Director de Infraestruturas, no plan especial de ordenación do porto, na Delimitación dos Espazos e Usos Portuarios ou na normativa vixente, arquivándose no prazo máximo de dous meses sen máis trámite que a audiencia previa á persoa solicitante.

4. Se a solicitude non reunira os requisitos esixidos e estes foran susceptibles de emenda, procederase para isto na forma prevista normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 61. *Procedemento de outorgamento*

1. Portos de Galicia examinará a documentación presentada e determinará a súa adecuación e viabilidade.

2. Solicitaranse informes doutras Administracións e organismos cando estes foran preceptivos ou cando se considere conveniente.

3. Logo do informe dos servizos técnicos competentes e audiencia da persoa interesada cando proceda, correspóndelle á persoa titular da Dirección de Portos de Galicia, no caso das autorizacións cun prazo de vixencia superior a dos anos, e á persoa titular da Presidencia de Portos de Galicia nos restantes casos, o outorgamento ou a denegación da autorización, con carácter discrecional, e sen prexuízo da oportuna motivación consistente nunha ponderación da idoneidade da solicitude.

4. O prazo máximo para resolver o expediente será de tres meses. Transcorrido este sen que se ditase e notificase resolución expresa, a correspondente solicitude entenderase desestimada.

Artigo 62. *Concursos*

1. Portos de Galicia poderá convocar concursos para o outorgamento de autorizacións de ocupación do dominio público portuario. Sempre que por calquera causa se atopase limitado o número de autorizacións, a convocatoria de concursos para o outorgamento de autorizacións será preceptiva.

2. Portos de Galicia aprobará o prego de bases que rexerá o concurso, que fixará os requisitos de participación, os criterios de adxudicación e a ponderación destes e o prego de condicións polos que se rexerá a autorización.

3. A convocatoria do concurso publicarase no Diario Oficial de Galicia, podéndose presentar ofertas no prazo establecido, que non pode ser inferior a 20 días naturais. Estas ofertas serán abertas en acto público conforme ao establecido no prego de bases do concurso.

4. O concurso será resolto polo órgano competente para o outorgamento da autorización.

5. A oferta seleccionada deberase someter á tramitación prevista no artigo anterior para o outorgamento da correspondente autorización.

43173

Artigo 63. *Condicións de outorgamento*

A autorización deberá conter, polo menos, as seguintes condicións:

a) Obxecto da autorización.
b) Instalacións autorizadas e prazo de execución destas.
c) Prazo da autorización.
d) Extensión e zona de dominio público que se autoriza a ocupar.
e) Condicións de protección do medio ambiente e de prevención de riscos que no seu caso procedan.
f) Se é o caso, condicións especiais que deban establecerse nas autorizacións que se outorguen nos espazos afectos ás axudas á navegación, entre as que deberán figurar, polo menos, aquelas que garantan a eficacia do servizo, accesos e medidas de seguridade.
g) De ser o caso, o balizamento marítimo que deba establecerse.
h) Taxas pola ocupación do dominio público portuario.
i) De ser o caso, garantías a constituír de acordo co previsto no artigo 84.
j) Causas de caducidade conforme ao previsto nesta lei.
k) Outras condicións que sexan pertinentes.

43174

Artigo 64. *Prórroga das autorizacións*

1. As autorizacións que se outorguen por un prazo inferior a catro anos poderán ser expresamente prorrogadas, agás que no propio título se prevexa expresamente o contrario, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

a) Que a suma do prazo inicial unido ao da prórroga ou prórrogas non exceda do prazo máximo de catro anos.

b) Que a persoa titular estea ao corrente no cumprimento da totalidade das obrigas derivadas da autorización.

2. O outorgamento ou denegación da prórroga corresponderá á persoa titular da Presidencia de Portos de Galicia.

43175

Sección 3ª. Concesións

Artigo 65. *Ámbito de aplicación*

1. A ocupación de bens de dominio público portuario con obras ou instalacións non desmontables ou usos por prazo superior a catro anos estará suxeita á previa concesión outorgada pola entidade pública empresarial Portos de Galicia .

2. As concesións só se poderán outorgar para obras, instalacións ou usos que non sexan incompatibles cos usos portuarios e que non se opoñan ás determinacións establecidas no plan especial de ordenación ou, no seu defecto, na Delimitación de Espazos e Usos Portuarios, e, de ser o caso, no plan director de infraestruturas, e someteranse ao correspondente prego de condicións xerais para o outorgamento de concesións demaniais que aprobe Portos de Galicia e ás condicións particulares que, se é o caso, se establezan.

3. Toda concesión se entende outorgada sen prexuízo de terceiros e deixando a salvo os dereitos preexistentes.

4. Para o outorgamento dunha concesión será preciso que Portos de Galicia teña á súa disposición os terreos e espazos de auga obxecto desta, agás naqueles supostos nos que, próxima a data de extinción dunha concesión, se tramite o outorgamento dunha nova sobre os mesmos terreos e espazos de auga, ou cando sexa precisa a execución de obras por Portos de Galicia ou por outra Administración previa á posta a disposición. Nestes supostos, o termo inicial da concesión coincidirá coa data efectiva de posta a disposición dos terreos. Non obstante, agás causa xustificada, non poderán transcorrer máis de dous anos desde o acordo de outorgamento da concesión ata a efectiva posta a disposición dos terreos.

5. As concesións de ocupación demanial que sexan soporte para o exercicio de actividades comerciais, industriais e de servizos incorporarán no seu título, ademais das condicións relativas á ocupación de dominio público portuario, as relativas á actividade comercial, industrial ou de prestación do servizo. Neste caso, ambas relacións serán obxecto dun expediente único e a súa eficacia quedará vinculada reciprocamente.

Artigo 66. *Prazo das concesións*

1. O prazo das concesións será o que se determine no título correspondente e non poderá ser superior a 50 anos. De conformidade coa normativa estatal en materia de Costas, en todo caso, o prazo das concesións que se outorguen nos bens adscritos, incluídas as prórrogas, non poderá ser superior ao prazo máximo de vixencia establecido na lexislación estatal para as concesións sobre dominio público portuario nos portos de interese xeral e estará condicionado ao mantemento da adscrición.

Para a súa fixación teranse en conta, entre outros, os seguintes criterios:

a) Vinculación do obxecto da concesión á actividade portuaria.
b) Dispoñibilidade de espazo de dominio público portuario.
c) Volume do investimento a amortizar e estudo económico financeiro.
d) Prazo de execución das obras contidas no proxecto.
e) Adecuación da concesión á planificación e xestión portuarias.
f) Interese estratéxico para o incremento da actividade que xere para o porto.
g) Vida útil do investimento a realizar polo concesionario.

Estes criterios poderán desenvolverse e concretarse, para o caso de determinados tipos de usos, mediante normas regulamentarias.

2. O vencemento do prazo das concesións será improrrogable, agás nos seguintes supostos:

a) Cando no título de outorgamento se prevea expresamente a posibilidade dunha ou varias prórrogas, caso este no que, a petición da persoa titular e a xuízo de Portos de Galicia, poderá ser prorrogado, sen que o prazo inicial unido ao das prorrogas poida superar o prazo máximo de 50 anos.

b) Cando no título de outorgamento non se prevea a posibilidade de prórroga, pero o concesionario leve a cabo unha inversión relevante non prevista na concesión que, a xuízo de Portos de Galicia, sexa de interese para a explotación

portuaria e que, en todo caso, sexa superior ao 10 por cento do valor actualizado da inversión prevista no título concesional, sen que o prazo inicial unido ao das prórrogas poida superar o prazo máximo de 50 anos.

En calquera dos dous supostos, a suma dos prazos das prórrogas non poderá ser superior á metade do prazo inicial, e requiririase que transcorrera polo menos unha terceira parte do prazo da concesión inicial, e que o concesionario se atope ao corrente no cumprimento da totalidade das obrigas derivadas do título concesional.

3. As concesións administrativas que non se adapten á Delimitación de Espazos e Usos Portuarios non serán prorrogables, e extinguiranse cando finalice o prazo inicial previsto no título ou, se é o caso, o da prórroga que estivera iniciada no momento de declararse a súa falta de adaptación a aquela delimitación.

4. Naqueles casos nos que exista unha vinculación recíproca entre a concesión de ocupación e a autorización de actividade comercial, industrial ou de prestación de servizo, o vencemento do prazo da concesión de ocupación demanial deberá coincidir co da autorización de actividade ou servizo.

5. O outorgamento de prórroga poderá determinar a modificación das condicións da concesión administrativa, en particular coa adaptación das taxas á normativa vixente, que deberán ser expresamente aceptadas polo concesionario con anterioridade á resolución de outorgamento da prórroga, se ben, non implicará a reversión das instalacións e da superficie ocupada pola concesión.

Artigo 67. *Iniciación do procedemento de outorgamento de concesións*

1. O procedemento de outorgamento dunha concesión poderase iniciar por solicitude de persoa interesada, incluíndo un trámite de competencia de proxectos, ou por concurso convocado para o efecto pola entidade pública empresarial Portos de Galicia.

2. Sen prexuízo do previsto no número anterior, Portos de Galicia poderá acordar o outorgamento directo de concesións a unha persoa solicitante, nos seguintes supostos:

a) Cando o solicitante sexa un órgano ou entidade de calquera Administración pública para o cumprimento dos fins da súa competencia, sempre que se trate de usos ou actividades que, pola súa relación directa coa actividade portuaria, deban desenvolverse necesariamente dentro dese espazo.

b) Cando fora declarado deserto o concurso convocado para o outorgamento dunha concesión, ou este tivera resultado falido como consecuencia do incumprimento das obrigas previas á formalización do outorgamento por parte do adxudicatario, sempre que non transcorrera máis dun ano desde a data da súa celebración, o obxecto concesional sexa o mesmo e as condicións de outorgamento non sexan inferiores ás anunciadas para o concurso ou aquelas nas que se tivera producido a adxudicación. No caso de que o concurso resultara falido, cando exista máis dun licitador no concurso que cumpra as condicións de outorgamento, a concesión se outorgará á oferta que resulte máis favorable de entre as restantes, de acordo co disposto no prego de bases do concurso. No caso de que o concurso tivera sido declarado deserto, non se poderá outorgar a concesión en condicións máis favorables das previstas no prego de bases do concurso.

c) Cando a superficie a ocupar pola concesión sexa inferior a 2.500 metros cadrados ou para instalacións lineais, tales como tubarias de abastecemento, saneamento, emisarios submarinos, liñas telefónicas ou eléctricas, e conducións de gas, entre outras.

43179

Artigo 68. *Requisitos da solicitude*

1. Para que a entidade pública empresarial Portos de Galicia resolva sobre o outorgamento dunha concesión de ocupación do dominio público portuario, a persoa interesada deberá formular unha solicitude que se acompañará dos seguintes documentos e xustificantes:

a) Documentación que acredite a personalidade ou representación da persoa solicitante ou, se é o caso, dos partícipes na comunidade ou entidade sen personalidade xurídica.

b) Xustificantes que acrediten encontrarse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social.

Considerarase que a persoa interesada se atopa ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social cando concorran as circunstancias previstas na lexislación básica de contratos do sector público.

c) Documentación que acredite a solvencia económica, técnica e profesional para facer fronte ás obrigas resultantes da concesión, de acordo co disposto na lexislación básica de contratos do sector público sobre os medios de acreditación destas solvencias.

d) Proxecto básico, que non se poderá opoñer ao plan especial de ordenación da zona de servizo do porto ou, no seu defecto, á Delimitación dos Espazos e Usos Portuarios. Incluirá a descrición das actividades que se van desenvolver, características das obras e instalacións a realizar, posibles efectos medio ambientais e, se é o caso, estudo de impacto ambiental, extensión da zona de dominio público portuario a ocupar, orzamento estimado total das obras e instalacións e aquelas outras especificacións que determine Portos de Galicia. En caso de outorgamento da concesión, o concesionario deberá presentar, no prazo que se lle indique nas condicións da concesión, o proxecto construtivo correspondente.

e) Estudio económico financeiro da actividade que se vai desenvolver na concesión, co contido mínimo seguinte:

1º) Relación de ingresos estimados para cada ano do prazo concesional, con tarifas a abonar polo público e, no seu caso, descomposición dos seus factores constitutivos como base para futuras revisións.

2º) Relación de gastos para cada ano do prazo concesional, incluíndo os de proxectos e obras e os das taxas portuarias e outros tributos a satisfacer, así como

43180

os de conservación, consumos enerxéticos, de persoal e restantes necesarios para a explotación.

3º) Avaliación da rendibilidade neta, antes de impostos.

f) Xustificante, de ser o caso, do cumprimento das condicións específicas para o exercicio da actividade obxecto da concesión.

g) Garantía provisional conforme ao indicado no artigo 83.

En aplicación do artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 2 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as persoas interesadas non terán obriga de aportar documentos elaborados ou que xa obren en poder da Administración.

2.En ningún caso poderán ser titulares de concesións as persoas nas que concorra algunha das prohibicións de contratar previstas na lexislación básica de contratos do sector público.

Cando, posteriormente ao outorgamento da concesión, a persoa titular incorra nalgunha das prohibicións de contratar se producirá a extinción da concesión.

3. Se a solicitude non reunise os requisitos esixidos e estes foran susceptibles de emenda, procederase para isto na forma prevista na lexislación reguladora do procedemento administrativo común.

4. As solicitudes que, a xuízo de Portos de Galicia, non sexan viables tecnicamente de modo manifesto, ou se opoñan de forma clara aos usos portuarios, ao disposto no plan especial, no plan director, na Delimitación dos Espazos e Usos Portuarios, ou na normativa vixente, ou cando, como consecuencia do seu outorgamento, poidan orixinarse dentro do porto situacións de dominio do mercado susceptible de afectar á libre competencia na prestación dos servizos portuarios ou na prestación de actividades comerciais, industriais ou doutra natureza directamente relacionadas coa actividade portuaria, non serán admitidas, arquivándose no prazo máximo de dous meses sen máis trámite que a audiencia previa ao peticionario.

Artigo 69. *Procedemento de outorgamento*

1. Presentada unha solicitude de concesión, a entidade pública empresarial Portos de Galicia procederá á confrontación do proxecto co fin de determinar a súa adecuación e viabilidade.

2. Para continuar coa tramitación, a entidade pública empresarial Portos de Galicia abrirá trámite de información pública no Diario Oficial de Galicia durante un prazo non inferior a 20 días hábiles co fin de que se poidan presentar alegacións sobre a solicitude de concesión que se tramita. Os gastos do anuncio serán por conta da persoa solicitante.

No trámite de información pública indicarase a posibilidade de que se presente outra ou outras solicitudes cos requisitos establecidos nesta lei para unha solicitude de concesión, que afecten ao mesmo espazo demanial solicitado, e que, de acordo co que determine a entidade pública empresarial Portos de Galicia, teñan o mesmo ou distinto obxecto.

De se presentar outra ou outras solicitudes, Portos de Galicia decidirá se opta por celebrar un concurso ou por seguir a tramitación das distintas solicitudes en competencia de conformidade co procedemento previsto neste artigo , e ata que finalice a instrución. De optar por seguir unha tramitación en competencia, abrirase un novo trámite de información pública, sendo os gastos deste novo anuncio por conta das novas persoas solicitantes.

3. Simultaneamente ao trámite de información pública se solicitarán informes ás Administracións públicas competentes, e, en particular, aos concellos e a aqueles órganos da Administración xeral do Estado ou da Comunidade Autónoma, en función da materia e das competencias implicadas polo obxecto da concesión.

Poderase prescindir do trámite de información pública para concesións que teñan como obxecto a utilización total ou parcial de edificacións existentes, sempre que non se modifique a súa arquitectura exterior e sexa para usos autorizados no plan especial de ordenación da zona de servizo do porto ou, no seu defecto, na Delimitación dos Espazos e Usos Portuarios.

O prazo máximo para a emisión dos informes solicitados será dun mes, entendéndose respecto dos informes da administración autonómica e municipal en sentido favorable se transcorrera o dito prazo sen que se emitira o informe de forma expresa.

4. O trámite de información pública poderase realizar conxuntamente co concernente ao procedemento de avaliación de impacto ambiental nos casos nos que sexa preceptivo este, e de acordo co establecido na normativa ambiental.

5. Instruído o procedemento, poñerase de manifesto á persoa ou persoas interesadas aos efectos de que, nun prazo non inferior a dez días nin superior a quince días, poidan alegar e presentar os documentos e xustificantes que consideren pertinentes.

6. Finalizado o anterior trámite, emitirase proposta de resolución na que se analizará a procedencia da solicitude ou das solicitudes de concesión, propoñendo, se é o caso, as condicións particulares que, xunto coas recollidas no prego xeral, van rexer a concesión. Naqueles proxectos que, de acordo coa lexislación vixente, se deban someter a algún tipo de avaliación de impacto ambiental, a proposta de resolución será posterior pronunciamento do órgano medioambiental.

7. Cando se tramiten solicitudes en competencia, someteranse todas elas á tramitación indicada nos números anteriores, e neste caso a proposta de resolución efectuará unha valoración motivada das distintas solicitudes atendendo aos criterios de maior interese portuario motivado na captación de novos tráficos, compatibilidade con outros usos, investimento, rendibilidade, necesidades da explotación portuaria e outros criterios que deberán constar expresamente recollidos no anuncio correspondente ao trámite de información pública. A proposta de resolución seleccionará unha das solicitudes de acordo coa orde resultante da valoración. No caso de igualdade na valoración das solicitudes, terase en conta a prioridade na presentación.

8. A proposta de resolución debidamente motivada será elevada á persoa titular da Presidencia de Portos de Galicia para a resolución que proceda.

No caso de que a proposta de resolución sexa favorable ao outorgamento da concesión, comunicaranse á persoa solicitante as condicións nas que podería serlle outorgada aquela, dispoñendo a persoa interesada dun prazo non inferior a dez nin superior a quince días para que manifeste se as acepta. Se non fixese ningunha manifestación en tal prazo, ou non aceptase as condicións ofertadas, declararase concluído o expediente por desistimento da persoa solicitante, procedéndose ao seu arquivo e decretando a perda da garantía constituída.

No caso de ser aceptadas as condicións no prazo estipulado, a persoa titular da Presidencia de Portos de Galicia resolverá discrecionalmente sobre o outorgamento da concesión, ponderando a idoneidade da solicitude.

9. Si como consecuencia do trámite de aceptación de condicións previsto no número anterior, persoa titular da Presidencia de Portos de Galicia acordase a modificación dalgunha das condicións ofertadas, someteranse a nova aceptación nos termos previstos no número anterior.

10. En caso de tramitación de solicitudes en competencia, se o peticionario seleccionado desiste de continuar coa tramitación do expediente con anterioridade a que se emita a resolución de outorgamento, poderanse ofrecer condicións ao peticionario que figure de maneira seguida na orde de valoración contida na da proposta de resolución, non tendo neste caso o peticionario que desiste o dereito ao aboamento dos gastos que se mencionan no seguinte número.

11. En caso de tramitación de solicitudes en competencia, o primeiro solicitante terá dereito, no caso de que non se lle outorgue a concesión, ao aboamento dos gastos do proxecto, que serán satisfeitos polo solicitante seleccionado, sendo neste sentido necesario constatar este aboamento con carácter previo ao outorgamento do título.

En caso de discrepancia sobre os custos, se procederá á súa taxación executiva por Portos de Galicia.

12. Se o concesionario impugna as cláusulas que foron aceptadas por él, a Administración estará facultada para declarar extinguido o título, salvo cando aquelas fosen declaradas ilegais.

13. Nun prazo non superior a trinta días contados a partir do seguinte ao de notificación da resolución de outorgamento da concesión, deberá remitirse ao Diario Oficial de Galicia, para a súa publicación, un anuncio no que se dea conta do dito outorgamento, e que conterá, como mínimo, a información relativa ao obxecto, prazo, taxas, superficie concedida e titular da concesión.

14. O prazo máximo para resolver o expediente será de oito meses. Transcorrido este sen que se ditase e notificase resolución expresa, a correspondente solicitude entenderase desestimada.

Artigo 70. *Concursos*

1. Portos de Galicia poderá convocar concursos para o outorgamento de concesións no dominio público portuario. En calquera caso, deberán convocarse concurso nos seguintes supostos:

a) Concesións que sexan base para a prestación de servizos portuarios especiais cando neste último caso se limite o número de prestadores.

b) Concesións de portos e instalacións náutico deportivas, construídos ou non por particulares, agás cando o solicitante sexa un club náutico ou outro deportivo sen fins lucrativos, sempre neste caso que as condicións da concesión establezan unha limitación do 20 por cento para o número de atraques destinado a embarcacións con eslora superior a 12 metros.

2. Se o concurso se convocase durante a tramitación dunha solicitude de concesión, a convocatoria suporá o arquivo do expediente en tramitación que resulte afectado, tendo dereito o solicitante ou solicitantes ao aboamento dos gastos do proxecto se non resultasen adxudicatarios do concurso.

Os gastos do proxecto serán taxados nas bases do concurso e serán satisfeitos polo adxudicatario.

Cando se estivesen tramitando dous ou máis solicitudes en competencia, só terá dereito ao aboamento dos gastos do proxecto no caso de non ser adxudicatario do concurso o primeiro solicitante.

3. A entidade pública empresarial Portos de Galicia aprobará o prego de bases do concurso e o prego de condicións que rexerán o desenvolvemento da concesión.

4. O prego de bases do concurso conterá, polo menos, os seguintes extremos:

a) Obxecto da concesión e requisitos para participar no concurso.
b) Criterios para a súa adxudicación e a ponderación destes.

43186

c) Garantías a constituír.

d) Prazo da concesión.

e) Taxas a satisfacer.

5. A convocatoria do concurso publicarase no Diario Oficial de Galicia, podéndose presentar ofertas no prazo establecido, que non poderá ser inferior a 30 días naturais. As ofertas serán abertas en acto público.

6. A competencia para resolver o concurso corresponde á persoa titular da Presidencia de Portos de Galicia.

7. A oferta seleccionada deberase someter á tramitación prevista no artigo anterior para o outorgamento, se é o caso, da correspondente concesión.

8. Cando un concurso fora declarado deserto, ou este resultara falido como consecuencia do incumprimento das súas obrigas por parte do adxudicatario, non será necesario convocar un novo concurso, podendo Portos de Galicia tramitar a concesión a instancia dun interesado sempre que non transcorrera máis dun ano desde a data da celebración do concurso, o obxecto concesional sexa o mesmo e que as condicións de outorgamento non sexan inferiores ás anunciadas para o concurso, ou a aquelas nas que se producira a adxudicación.

Artigo 71. *Condicións do outorgamento*

1. Entre as condicións do outorgamento da concesión deberán figurar, polo menos, as seguintes:

a) Obxecto da concesión.

b) Prazo de vixencia e, no seu caso, posibilidade de prórroga.

c) Extensión e zona de dominio público que se concede, distinguindo, de ser o caso, os distintos tipos de superficie.

d) Proxecto básico das obras ou instalacións autorizadas coas prescricións que se fixen, e con inclusión, no caso de ocupación de espazos de auga, do balizamento que deba establecerse se é preciso.

e) Prazo de inicio e remate das obras.

f) Plan de Conservación das Instalacións.

g) Condicións de protección do medio ambiente que, se é o caso, procedan, incluíndo as necesarias medidas correctoras e, no caso de que fora preceptiva, as condicións ou prescricións establecidas no correspondente pronunciamento da consellería con competencias en materia de medio ambiente.

h) Condicións especiais que deban establecerse nas concesións que se outorguen nos espazos afectos ás axudas á navegación, entre as que deberán figurar, polo menos, as que garantan a eficacia do servizo, independencia de accesos e medidas de seguridade.

i) As taxas que correspondan.

j) Garantías a constituír.

k) Causas de extinción.

l) Actividade ou tráfico mínimo, de ser o caso.

m) Outras condicións que a entidade pública empresarial Portos de Galicia considere procedente incluír.

2. As obras executaranse conforme ao proxecto de construción que en cada caso aprobe Portos de Galicia, que completará o proxecto básico, e que deberá presentar o concesionario no prazo que se lle indique nas condicións da concesión. Os proxectos axustaranse á normativa técnica correspondente vixente en cada momento.

3. Durante a vixencia da concesión, a persoa titular desta virá obrigada a facilitar a información técnica ou económica que lle solicite Portos de Galicia no exercicio das súas competencias, así como a manter en bo estado o dominio público portuario, obras e instalacións, debendo realizar, ao seu cargo, as reparacións que sexan necesarias. Portos de Galicia poderá inspeccionar en todo momento o estado de conservación dos bens obxecto da concesión e sinalar as reparacións que deban levarse a cabo cando estas afecten á conservación dos bens propios do título concesional.

Artigo 72. *Modificación das concesións*

1. Portos de Galicia, a solicitude do titular da concesión poderá autorizar a modificación das condicións dunha concesión.

Cando a modificación sexa substancial, a solicitude deberá someterse ao procedemento establecido no artigo 69 desta lei para o outorgamento de concesións, Se a modificación non é substancial, requirirá unicamente o informe técnico previo da persoa titular da Dirección de Portos de Galicia, que será elevado á persoa titular da Presidencia de Portos de Galicia para a resolución que proceda.

2. Terán o carácter de modificacións substanciais, as seguintes:

a) Modificación do obxecto da concesión

b) Ampliación da superficie da concesión en máis dun quince por cento da fixada na acta de recoñecemento.

c) Ampliación do volume ou superficie construída ou da altura máxima en máis dun quince por cento sobre o proxecto autorizado.

d) Modificación do emprazamento da concesión.

e) Ampliación do prazo da concesión cando o título de outorgamento non prevea a posibilidade de prórroga, de acordo co previsto no artigo 66.2.

No cómputo dos límites establecidos, teranse en conta os valores acumulados das modificacións anteriores.

Artigo 73. *Revisión de concesións*

1. Portos de Galicia, de oficio ou por solicitude de persoa interesada, poderá revisar as condicións dunha concesión cando se dean as seguintes circunstancias:

a) Cando se teñan alterado os supostos determinantes do seu outorgamento, de tal xeito que as circunstancias obxectivas que serviron de base para o outorgamento da concesión variasen de modo que non sexa posible alcanzar substancialmente a finalidade da concesión.

b) En caso de forza maior.

c) Cando o esixa a súa adecuación ao plan director, ao plan especial de ordenación da zona de servizo do porto ou á Delimitación de Espazos e Usos Portuarios.

d) Cando o esixa a súa adecuación ás obras que se executen no porto, incluídas as obras que afecten á propia concesión administrativa.

Nestes dous últimos supostos, o concesionario prexudicado terá dereito a indemnización, calculada de conformidade co disposto no artigo 82. No suposto de que a revisión supoña o cambio do emprazamento da concesión, deberán aboarse, ademais, os gastos que orixine o traslado.

2. Cando a revisión da concesión determine a redución da superficie outorgada, tramitarase como un rescate parcial da concesión. Igualmente cando a **revisión** da concesión determine que a continuidade da súa explotación resulte antieconómica, a persoa titular poderá solicitar o rescate total da concesión.

3. Para os efectos do establecido na letra b) do número 1, entenderase como casos de forza maior os contemplados na lexislación básica de contratos do sector público.

4. O procedemento será o que corresponda, segundo que a modificación sexa ou non substancial.

Artigo 74. *División e unificación das concesións*

1. As concesións outorgadas para unha pluralidade de usos, con instalacións separables, serán, se é o caso, divisibles, previa autorización de Portos de Galicia e nas condicións que esta entidade dite.

2. A solicitude de división dirixirase á entidade pública empresarial Portos de Galicia pola persoa titular da concesión primitiva, e, de ser o caso, tamén por aquelas persoas distintas da persoa titular da concesión administrativa que de acordo co titular desta, estean interesadas e acadar a titularidade das novas concesións.

3. Previamente á resolución sobre a solicitude de división, haberá oferta de condicións ao peticionario ou peticionarios, sendo precisa a súa aceptación para obter a conformidade á petición. O prazo das novas concesións resultantes da división en ningún caso poderá ser superior ao prazo que reste da concesión primitiva.

4. Aceptadas as condicións, a resolución correspondente será ditada discrecionalmente ponderando a idoneidade da solicitude pola persoa titular da Presidencia de Portos de Galicia, quedando, se é o caso, constituídas as novas concesións, publicándose estas nos diarios oficiais correspondentes.

5. No caso de denegación da división, manterase a concesión primitiva nos termos nos que foi outorgada.

6. Será admisible a unificación de dúas ou máis concesións dun mesmo titular a petición deste, previa autorización de Portos de Galicia, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

a) As concesións deben de ser contiguas ou estar unidas por unha instalación común.

b) As concesións deben formar unha unidade de explotación. Aos ditos efectos se entenderá que existe unidade de explotación cando as concesións desenvolvan a mesma actividade e dispoñan de elementos comúns necesarios para a súa correcta explotación, ou cando, desenvolvendo a mesma actividade, a

explotación conxunta das concesións supoña unha mellora respecto á explotación independente de cada unha delas.

7. Previamente á resolución sobre a solicitude de unificación, haberá oferta de condicións ao peticionario, sendo precisa a súa aceptación para obter a conformidade á petición. O prazo que reste da concesión unificada non será superior ao resultante da media aritmética dos prazos pendentes de cada unha das concesións ponderada, a xuízo de Portos de Galicia, por superficie ou por volume de inversión pendente de amortización coa actualización correspondente.

8. Aceptadas as condicións, a resolución correspondente será ditada discrecionalmente con ponderación da idoneidade da solicitude de unificación, pola persoa titular da Presidencia de Portos de Galicia, quedando, se é o caso, constituída a nova concesión.

9. No caso de denegación da unificación, manterase cada unha das concesións nos termos nos que foron outorgadas.

Artigo 75. *Renovación de determinadas concesións*

1. Cando unha concesión para ocupación de dominio público portuario sirva de soporte para o exercicio dunha actividade extractiva mineira, enerxética, industrial ou pesqueira amparada por outro título administrativo outorgado por outra Administración, o seu titular poderá solicitar, nos tres meses anteriores ao vencemento do prazo para o que foi concedida, que se lle outorgue unha nova concesión para ocupación do dominio público portuario por un prazo igual ao que reste de vixencia do referido título administrativo, sen que en ningún caso poida exceder do prazo máximo previsto no artigo 66.1.

2. Para o outorgamento da nova concesión de utilización do dominio público será condición necesaria que se manteña a mesma actividade para a que se lle outorgara a concesión inicial, que se encontre o concesionario ao corrente no cumprimento das obrigas derivadas da anterior concesión e que sexan aceptadas as condicións do novo título concesional.

3. A extinción anticipada do título de explotación mineiro, enerxético, industrial ou pesqueiro, implicará igualmente a extinción da concesión de utilización do dominio público portuario.

43194

Artigo 76. *Actos de transmisión e de gravame das concesións*

1. Previa autorización Portos de Galicia, as concesións poderán transmitirse por actos "inter vivos", subrogándose o novo titular nos dereitos e obrigas derivados da concesión.

Estas transmisións deberán formalizarse en escritura pública, da que as partes remitirán copia a Portos de Galicia no prazo de un mes desde o seu outorgamento.

2. Portos de Galicia poderá exercer os dereitos de tanteo e retracto no prazo de tres meses. Este prazo computarase, no primeiro caso, desde a presentación en Portos de Galicia da solicitude de transmisión na que deberán figurar as condicións coas que se vai proceder a transmitir a concesión, entre as que necesariamente haberán de reflectirse as relativas ao prezo e forma de pagamento, e, no caso de retracto, desde que Portos de Galicia teña coñecemento da transmisión.

3. Para que Portos de Galicia autorice a transmisión dunha concesión deberanse cumprir as seguintes condicións:

a) Que o concesionario se atope ao corrente no cumprimento de todas as obrigas derivadas da concesión.

b) Que o novo titular reúna todos os requisitos esixidos para o exercicio da actividade ou prestación do servizo obxecto da concesión.

c) Que desde a data de outorgamento tivera transcorrido, polo menos, un prazo de dous anos. Excepcionalmente, Portos de Galicia poderá autorizar a transmisión antes de que transcorra o devandito prazo, sempre que se executara como mínimo un cincuenta por cento das obras que, no seu caso, foran aprobadas.

d) Que non se orixinen situacións de dominio de mercado susceptibles de afectar á libre competencia dentro do porto na prestación dos servizos portuarios especiais ou nas actividades e servizos comerciais directamente relacionados coa actividade portuaria.

4. No caso de falecemento da persoa titular, os seus sucesores, a título de herdanza ou legado, poderán subrogarse nos dereitos e obrigas daquel no prazo

máximo dun ano desde o falecemento. Transcorrido o dito prazo sen manifestación expresa á entidade pública empresarial Portos de Galicia, entenderase que renuncian á concesión.

A transmisión "mortis causa" esixirá resolución expresa, previa comprobación do cumprimento polas persoas sucesoras que pretendan subrogarse dos requisitos esixidos para a prestación do servizo ou para o exercicio da actividade obxecto da concesión. De non cumprir tales requisitos, os novos titulares da concesión deberán transmitila, no prazo dun ano, a un novo concesionario que, a estes efectos, non presente limitación algunha.

5. Nos supostos de remate xudicial, administrativo ou adxudicación de bens por falla de pago de créditos hipotecarios, o novo concesionario deberá subrogarse nas obrigas derivadas da concesión do antigo titular e, cando non reúna os requisitos para o exercicio da actividade ou prestación do servizo obxecto da concesión, deberá proceder nun prazo dun ano á súa transmisión a un novo titular que cumpra os requisitos esixidos.

Portos de Galicia poderá exercer o dereito de retracto nun prazo de tres meses a contar desde a data en que teña coñecemento expreso dos citados supostos.

6. O alleamento das accións, participacións ou cotas dunha sociedade, comunidade de bens ou outros entes sen personalidade xurídica que teñan como actividade principal a explotación da concesión, considerarase unha transmisión da concesión e esixirase a autorización previa de Portos de Galicia, sempre que o cambio de titularidade das accións ou cotas de participacións supoña unha substitución nos socios ou accionistas membros que o fosen ao tempo do outorgamento da concesión, nunha porcentaxe igual ou superior ao cincuenta por cento do capital social ou do valor total das aportacións en diñeiro, bens e dereitos, no caso de comunidades de bens ou entes sen personalidade xurídica, ou cando ese cambio poida supor que a persoa adquirente obteña unha posición que lle permita influír de maneira efectiva na xestión ou control da dita sociedade ou comunidade.

7. No suposto de que a concesión teña por obxecto a prestación dun servizo portuario, en réxime de competencia, ou o desenvolvemento dunha actividade ou servizo comercial directamente relacionado coa actividade portuaria, a transmisión non poderá ser autorizada cando a persoa adquirente sexa titular

dunha concesión co mesmo obxecto, ou teña unha participación directa ou indirecta que lle permita influír de maneira efectiva nunha sociedade ou comunidade titular dunha concesión na que o obxecto sexa o mesmo, sempre que ostente unha posición dominante na actividade obxecto da concesión dentro do porto ou cando como consecuencia da adquisición poida adquirila.

Para os efectos desta lei, considerarase posuidor dunha posición dominante nun porto ou nunha actividade deste, á persoa física ou xurídica que represente unha cota do mercado superior ao sesenta por cento.

8. Se a sociedade titular cambia de denominación social, estará obrigada a notificalo a Portos de Galicia.

9. A constitución de hipotecas e outros dereitos de garantía sobre as concesións deberá ser previamente autorizada por Portos de Galicia.

10. En calquera dos supostos anteriores, a transmisión non será eficaz fronte a Administración ata que non teña lugar o recoñecemento e a subrogación expresa por parte do novo ou novos titulares no cumprimento das condicións establecidas na concesión.

Artigo 77. *Cesión do uso parcial das concesións*

1. O título concesional poderá establecer as condicións baixo as que a persoa concesionaria poida ceder a unha terceira persoa o uso parcial da concesión, previa autorización de Portos de Galicia.

2. Para que Portos de Galicia autorice a cesión do uso parcial dunha concesión, deberanse de cumprir as seguintes condicións:

a) Que o concesionario se atope ao corrente no cumprimento de todas as obrigas derivadas da concesión.

b) Que a persoa cesionaria reúna todos os requisitos esixidos para o exercicio da actividade ou prestación do servizo para o que se realiza a cesión.

c) Que non se orixinen situacións de dominio de mercado susceptibles de afectar á libre competencia dentro do porto na prestación dos servizos portuarios especiais ou nas actividades e servizos comerciais directamente relacionados coa actividade portuaria.

3. En ningún caso serán autorizadas cesións da persoa cesionaria a favor de terceiras persoas.

Artigo 78. *Inscrición no Rexistro*

As concesións poderán inscribirse no Rexistro da Propiedade. A inscrición e a cancelación da inscrición levarase a cabo de acordo co previsto na lexislación hipotecaria.

Artigo 79. *Renuncia parcial á concesión*

O concesionario poderá renunciar en calquera momento á ocupación da parte do dominio público portuario incluída no perímetro da concesión que non resulte necesaria para o seu obxecto, coa conformidade de Portos de Galicia.

Artigo 80. *Ocupación temporal e expropiación forzosa de bens e dereitos*

1. O outorgamento dunha concesión, sempre que non estea aprobada a Delimitación de Espazos e Usos Portuarios ou o plan director de infraestruturas no porto ou portos de que se trate, poderá implicar a declaración de utilidade pública pola consellería competente en materia de portos para os efectos da ocupación temporal ou expropiación forzosa dos bens e dereitos afectados polo obxecto daquela.

2. A necesidade de ocupación temporal ou de expropiación forzosa de bens e dereitos afectados polo obxecto da concesión poderá ser solicitada en forma xustificada pola persoa peticionaria desta.

3. A consellería competente en materia de portos, por proposta de Portos de Galicia, poderá así mesmo declarar, de oficio e de maneira motivada, a necesidade da incorporación, temporal ou permanente, ao dominio público obxecto da solicitude, de terreos privados colindantes que non sexan da propiedade da persoa peticionaria.

4. Será a cargo do concesionario o aboamento total do xusto prezo pola expropiación ou ocupación necesarias para a concesión.

5. Os bens e dereitos expropiados incorporaranse ao dominio público portuario desde a súa ocupación na forma prevista no título concesional, sen que o concesionario estea obrigado ao aboamento das taxas de ocupación polos terreos expropiados á súa costa para a incorporación á concesión.

Artigo 81. *Terreos e obras incorporados polos concesionarios*

1. Os terreos e as obras que os concesionarios incorporen para completar a superficie dunha concesión de dominio público portuario quedarán vinculados e integraranse na concesión administrativa cando así se estableza nas cláusulas da concesión, sen que para estes efectos proceda o pagamento das taxas de ocupación polos terreos e obras que se incorporen.

2. Unha vez extinguida a concesión, salvo que se estableza outra cousa no título da concesión, os devanditos terreos e obras reverterán ao seu propietario sempre que resulten separables das instalacións situadas dentro do dominio público portuario e que este non experimente prexuízo ningún.

43202

Artigo 82. *Rescate de concesións*

1. No caso de que o dominio público portuario outorgado en concesión fose necesario, total ou parcialmente, para a execución de obras, para a prestación de servizos portuarios ou para a execución de calquera dos instrumentos aprobados de ordenación portuaria e para realizar estas actuacións fose preciso dispoñer dos bens outorgados en concesión ou utilizar ou demoler as obras autorizadas, non sendo posible a revisión das condicións da concesión, Portos de Galicia, previa indemnización ao titular, poderá proceder ao rescate da concesión.

2. O rescate da concesión esixirá a previa declaración de utilidade pública das obras ou servizos e o acordo da necesidade de ocupación dos bens e dereitos afectados por aqueles.

3. A declaración de utilidade pública e o acordo de necesidade de ocupación, con declaración de urxencia de ocupación, se é o caso, corresponderá ao conselleiro competente en materia de portos, por proposta de Portos de Galicia.

4. A utilidade pública e a necesidade de ocupación entenderase implícita coa aprobación dos plans directores e da Delimitación dos Espazos e Usos Portuarios, e coa aprobación definitiva destes instrumentos.

5. A utilidade pública e a necesidade de ocupación entenderase implícita coa aprobación definitiva dos proxectos de obras.

6. Cando o rescate implique a necesidade de ocupación de só unha parte da concesión, de tal xeito que a consecuencia daquel resulte antieconómica para o concesionario a explotación da parte non rescatada, a persoa titular poderá solicitar de Portos de Galicia o seu rescate total.

7. Portos de Galicia e a persoa titular da concesión poderán convir o valor do rescate. No suposto de non chegar a un acordo, o valor de rescate será fixado por Portos de Galicia de conformidade cos criterios establecidos no número 7 deste artigo. Esta valoración será notificada ao concesionario co fin de que, no prazo de dez días, presente as alegacións que estime oportunas.

8. En caso de oposición polo titular da concesión, recabaráse informe previo preceptivo do Consello Consultivo de Galicia, resolvendo finalmente o que proceda o Consello da Xunta.

9. A valoración das concesións a efectos de indemnización, no caso de rescate total ou parcial, atenderá aos seguintes conceptos:

a) O valor das obras e instalacións rescatadas que foran realizadas polo concesionario e estean establecidas no título concesional, calculado sobre a base de criterios de mercado, e o valor da súa depreciación anual. Estes valores, que serán aprobados por Portos de Galicia, permanecerán constantes durante o período concesional, e non lles será aplicable ningún factor de actualización de custes. En calquera caso non se terán en conta as obras e instalacións realizadas polo concesionario sen previa autorización de Portos de Galicia, que pasarán ao dominio público portuario sen dereito a indemnización, agás que por Portos de Galicia se ordene o seu levantamento ou demolición a costa do concesionario.

b) A perda de beneficios imputables ao rescate total ou parcial da concesión durante o período de concesión restante, cun máximo de tres anualidades, debidamente xustificados coas declaracións presentadas para efectos fiscais. Para iso, computarase o beneficio medio anual das actividades ordinarias realizadas na concesión nos catro exercicios anteriores, ou nos dous últimos exercicios se é máis favorable para o concesionario.

10. O pagamento do valor do rescate poderá realizarse en diñeiro, mediante o outorgamento doutra concesión ou, no caso de rescate parcial, coa modificación das condicións da concesión. Nestes dous últimos supostos requiririase a conformidade do concesionario.

Artigo 83. *Garantía provisional e garantía definitiva*

1. Os peticionarios de concesións de ocupación de dominio público portuario reguladas nesta lei acreditarán ante Portos de Galicia, ao presentaren a solicitude, a constitución dunha garantía provisional por un importe do dous por cento do orzamento total da execución das obras e instalacións, incluídos os impostos, que pretenden realizar no dominio de que se trate, e, como mínimo, de 1.000 euros.

2. Outorgada a concesión, constituirase a garantía definitiva ou de construción, equivalente ao cinco por cento do orzamento total de execución de obras e instalacións, impostos incluídos, que responderá da execución das obras e do resto das obrigas derivadas da concesión ata a constitución da garantía de explotación prevista no artigo 84.

3. Se o concesionario non constitúe a garantía definitiva no prazo establecido no título administrativo, entenderase que renuncia á concesión.

4. A garantía definitiva poderá constituírse, a elección do concesionario, elevando a provisional ao cinco por cento.

5. Se o interesado desistira inxustificadamente, a xuízo de Portos de Galicia, da petición ou renunciara ao título, perderá a garantía constituída.

6. A garantía definitiva ou de construción será devolta ao concesionario no prazo dun mes a contar desde a aprobación do recoñecemento das obras e instalacións, agás nos casos de renuncia e caducidade, coa dedución das cantidades que, de ser o caso, deban facerse efectivas en concepto de penalizacións e responsabilidades nas que incorra o concesionario fronte a Portos de Galicia.

Previamente á devolución desta garantía deberá constituírse a garantía de explotación.

Sección 4ª. Disposicións comúns a autorizacións e concesións

Artigo 84. *Garantía de explotación*

1. A garantía de explotación responderá de todas as obrigas derivadas da concesión, das sancións que por incumprimento das condicións desta se poidan impoñer ao seu titular, e dos danos e prexuízos que tales incumprimentos poidan ocasionar.

2. A garantía de explotación determinarase en función do importe anual das taxas que debe aboar o concesionario, non podendo ser inferior á metade nin superior ao importe anual destas, debendo actualizarse cada cinco anos en función do importe das taxas na data de actualización.

3. A garantía de explotación será devolta á extinción da concesión, con dedución das cantidades que, de ser o caso, deban facerse efectivas en concepto de penalización ou responsabilidades en que puidera incorrer o concesionario fronte a Portos de Galicia, agás nos casos de caducidade nos que será incautada.

Artigo 85. *Disposicións comúns ás garantías*

1. As garantías ás que se refire esta lei constituiranse a disposición da persoa titular da Presidencia de Portos de Galicia, serán de carácter solidario respecto ao obrigado principal, con inclusión de renuncia expresa aos beneficios de orde, división e excusión, de natureza irrevogable e de execución automática ao primeiro requirimento por resolución da persoa titular da Dirección ou da Presidencia. Para facer efectivas estas garantías, Portos de Galicia terá preferencia prevista na normativa aplicable.

2. Se Portos de Galicia executase total ou parcialmente a garantía definitiva ou a de explotación, o concesionario ou a persoa titular da autorización estará obrigado a completalas ou repoñelas no prazo dun mes.

43207

Artigo 86. *Seguros*

Para o outorgamento de autorizacións e concesións Portos de Galicia poderá esixir a contratación de pólizas de seguros de responsabilidade civil para a cobertura de riscos que garantan as responsabilidades de todo tipo que se poidan derivar do exercicio da actividade autorizada. Os criterios para establecer os límites das pólizas, en función do tipo de actividade e do risco inherente a esta, serán aprobados polo Consello Reitor de Portos de Galicia a proposta da persoa titular da Presidencia.

A esixencia desta garantía deberá ser proporcionada en termos de risco asegurado, fixación da suma asegurada ou límite da garantía.

Artigo 87. *Causas de extinción de autorizacións e concesións*

As autorizacións e concesións extinguiranse por:

a) Vencemento do prazo de outorgamento.

b) Revisión de oficio, nos supostos establecidos na lexislación reguladora do procedemento administrativo común.

c) Concorrencia sobrevida na persoa titular dalgunha das prohibicións de contratar previstas lexislación básica sobre contratación do sector público

d) Renuncia da persoa titular, que só poderá ser aceptada por Portos de Galicia cando non cause prexuízo ao dominio público portuario, á axeitada prestación dos servizos públicos portuarios ou a terceiros.

e) Mutuo acordo entre Portos de Galicia e a persoa titular.

f) Disolución ou extinción da sociedade titular, agás nos supostos de fusión ou escisión.

g) Revogación.

h) Caducidade.

i) Rescate, cando se trate de concesións.

j) Extinción da autorización, permiso ou licenza da que o título demanial sexa soporte.

k) Falecemento da persoa titular, nos supostos previstos no artigo 76, ou incapacidade sobrevida cando se trate dun concesionario individual.

l) A desafectación do ben.

Artigo 88. *Revogación de autorizacións e concesións*

1. As autorizacións poderán ser revogadas unilateralmente, en calquera momento e sen dereito a indemnización, cando resulten incompatibles con obras ou plans que, aprobados con posterioridade, entorpezan a explotación portuaria ou impidan a utilización do espazo portuario para actividades de maior interese portuario. Corresponderá a Portos de Galicia apreciar as circunstancias anteriores mediante resolución motivada, logo da audiencia da persoa titular da autorización.

2. As concesións poden ser revogadas por Portos de Galicia, sen dereito a indemnización, cando se alterasen os feitos determinantes do seu outorgamento que impliquen a imposibilidade material ou xurídica da continuación no goce da concesión, e nos casos de forza maior, cando, en ambos supostos, non sexa posible a revisión do título de outorgamento.

Artigo 89. *Caducidade*

1. Serán causa de caducidade da autorización ou concesión os seguintes incumprimentos:

a) Non iniciación, paralización ou non terminación das obras por causas non xustificadas, durante o prazo que se fixe nas condicións do título.

b) Non pagamento de calquera das taxas xiradas por Portos de Galicia durante un prazo de seis meses, no caso das autorizacións, e de doce meses no caso das concesións.

Para iniciar o expediente de caducidade abondará que non se efectuase ningún ingreso en período voluntario. Unha vez iniciado, poderase acordar o seu arquivo, por unha soa vez no caso de autorizacións e ata un máximo de tres en caso de concesións e para toda a vixencia do título, se antes de ditar resolución se produce o aboamento íntegro da débeda, incluídos intereses e cargas derivadas do procedemento de constrinximento, e se constitúe a garantía que ao respecto e de maneira discrecional poida fixar Portos de Galicia.

c) Falta de actividade ou de prestación do servizo durante o período establecido no título, que non poderá exceder de seis meses, a non ser que, a xuízo de Portos de Galicia, obedeza a causa xustificada.

d) Ocupación de dominio público en máis dun dez por cento sobre o outorgado, sen prexuízo da sanción que puidera corresponder pola ocupación non autorizada.

e) Incremento da superficie, volume ou altura das obras ou instalacións en máis do dez por cento sobre o proxecto autorizado.

f) Desenvolvemento de actividades que non figuren no obxecto do título.

g) Cesión a un terceiro do uso total da concesión.

h) Cesión a un terceiro do uso parcial da concesión ou cesión da autorización no suposto previsto no artigo 58.4, sen autorización de Portos de Galicia

i) Transferencia do título de outorgamento sen autorización de Portos de Galicia.

j) Constitución de hipotecas e outros dereitos de garantía sen autorización de Portos de Galicia.

k) Non reposición ou complemento das garantías definitivas ou de explotación, logo do requirimento de Portos de Galicia.

l) Incumprimento do Plan de Conservación das Instalacións.

m) Incumprimento doutras condicións cando a súa inobservancia estea expresamente prevista como causa de caducidade no título do outorgamento, e/ou das determinantes para a adxudicación, se é o caso, do concurso convocado para o seu outorgamento.

2. Para declarar a caducidade, seguirase o seguinte procedemento, debendo notificarse a resolución expresa deste no prazo de seis meses desde o acordo de incoación:

a) Constatada a existencia dalgún dos supostos referidos, pola unidade instrutora correspondente de Portos de Galicia incoarase o correspondente expediente de caducidade, podéndose adoptar polo órgano competente para resolver, ou polo propio instrutor no caso de urxencia, as medidas de carácter provisional que se estimen convenientes para asegurar a eficacia da resolución que puidese recaer, evitar os efectos derivados da concorrencia da causa que motiva a incoación do expediente e salvagardar as esixencias derivadas dos intereses xerais, o que se poñerá en coñecemento da persoa titular, que terá un prazo de dez días para formular alegacións e acompañar os documentos e xustificacións que estime oportunos.

As medidas de carácter provisional poderán consistir na paralización inmediata das obras, a suspensión da actividade, uso e explotación das instalacións, mesmo co precinto en ambos casos, a prestación de garantías e calquera outras que se estimen axeitadas sempre que se axusten á intensidade, proporcionalidade e necesidade dos obxectivos que se pretendan garantir en cada suposto concreto. Para lograr a efectividade de tales medidas, Portos de Galicia interesará da Autoridade gobernativa competente, cando sexa necesario, a colaboración da Forza pública.

b) Formuladas as alegacións ou transcorrido o prazo para levalas a cabo, a unidade instrutora ditará proposta de resolución que, con carácter previo á resolución, será elevada xunto co resto do expediente ao Consello Consultivo de Galicia para a emisión do ditame preceptivo no caso de que se trate de concesións e se formule oposición polo concesionario.

3. A declaración de caducidade suporá a perda das garantías constituídas, non procedendo en ningún caso a rehabilitación do título.

Artigo 90. *Efectos da extinción*

1. Extinguida a autorización ou concesión, a persoa titular terá dereito a retirar fóra do espazo portuario os materiais, equipos ou instalacións desmontables que non revertan gratuitamente a Portos de Galicia en función do previsto no título, estando obrigado a facelo cando así o determine a entidade pública empresarial, quen poderá efectuar a retirada con cargo á persoa titular da autorización ou concesión extinguida, cando esta non a efectúe no momento ou prazo que se lle indique.

2. En todos os casos de extinción dunha concesión, Portos de Galicia decidirá sobre o mantemento das obras e instalacións non desmontables que reverterán gratuitamente e libres de cargas á entidade pública empresarial, ou decidirá o seu levantamento e retirada do dominio público portuario polo concesionario e ás súas expensas.

3. Se Portos de Galicia non se pronunciase expresamente, entenderase que opta polo seu mantemento, sen prexuízo de que, previamente á data de extinción, poida decidir o seu levantamento ou retirada.

4. No caso de que Portos de Galicia optara polo levantamento das obras e instalacións, a persoa titular retirará estas no prazo fixado por aquel, podendo Portos de Galicia executar subsidiariamente os traballos que non efectuase a persoa titular no prazo concedido.

5. Se Portos de Galicia optase polo mantemento, a persoa titular procederá á reparación das obras e instalacións no prazo e condicións indicadas por aquel.

6. Portos de Galicia, sen máis trámite, tomará posesión dos bens e instalacións, podendo solicitar ás empresas subministradoras de enerxía eléctrica, auga, gas e telefonía, a suspensión da correspondente subministración.

7. Portos de Galicia non asumirá ningún tipo de obriga laboral ou económica da persoa titular da autorización ou concesión, vinculada ou non á actividade obxecto do título extinguido.

Sección 5ª. Contrato de concesión de obras públicas portuarias

Artigo 91. *O contrato de concesión de obras públicas portuarias*

1. O contrato de concesión de obras públicas portuarias rexerase polo disposto na lexislación básica de contratos do sector público para o contrato de concesión de obras públicas, coas especialidades previstas neste lei.

2. Portos de Galicia poderá promover a construción de obras públicas portuarias en réxime de concesión administrativa.

3. No ámbito portuario, os contratos de concesión de obras públicas portuarias terán por obxecto a construción e explotación, sempre que se encontren abertas ao uso público ou aproveitamento xeral, dun novo porto ou unha parte nova dun porto que sexa susceptible de explotación totalmente independente, ou de infraestruturas portuarias de defensa, de abrigo, de accesos marítimos, de peiraos e outras obras de atracada.

4. A construción e explotación da obra pública portuaria obxecto da concesión efectuarase a risco e ventura do concesionario, que asumirá os riscos económicos derivados da súa execución e explotación, nos termos e co alcance previstos na lexislación xeral reguladora do contrato de concesión de obras públicas.

5. Sen prexuízo do anterior, o contrato de concesión de obra pública portuaria recoñecerá ao concesionario o dereito a percibir unha retribución consistente na explotación da totalidade ou de parte da obra, ou o citado dereito acompañado do de percibir un prezo ou o outorgamento dunha concesión demanial, ou en calquera outra modalidade de financiamento das obras de acordo co previsto na lexislación xeral reguladora do contrato de concesión de obras públicas.

6. Para estes efectos, enténdese por explotación dunha obra pública portuaria a posta a disposición desta a favor dos prestadores do servizo ou das persoas usuarias daquela para a súa ocupación, utilización ou aproveitamento, a cambio da correspondente retribución económica.

7. O contrato de concesión de obras públicas portuarias habilitará directamente para a ocupación do dominio público no que deba construírse a obra pública portuaria que constitúa o seu obxecto, sendo de aplicación o disposto nesta lei sobre o réxime de utilización do dominio público portuario.

8. O contrato de concesión de obras públicas portuarias non habilita ao contratista para prestar servizos portuarios especiais sobre a obra que constitúe o seu obxecto. A prestación de servizos portuarios especiais sobre esta infraestrutura requirirá obter a correspondente autorización de acordo co previsto no título V.

9. Nos pregos de condicións dos contratos de concesións de obras públicas portuarias que vaian servir de soporte para a prestación de servizos portuarios especiais, deberá sinalarse expresamente se a prestación se vai a realizar en réxime de competencia ou por un único prestador. No primeiro caso, o adxudicatario terá a obriga de admitir a ocupación ou utilización da obra por todos os titulares de autorizacións para prestación de servizos portuarios especiais abertos ao uso xeral a cambio da correspondente retribución económica. No segundo suposto, cada licitador deberá sinalar expresamente se, no caso de resultar adxudicatario, vai prestar por si ou a través dun terceiro tales servizos. En calquera caso, Portos de Galicia deberá garantir que a prestación dos servizos portuarios especiais se fará respectando o establecido no título V. Todo isto deberá estar contemplado na documentación que aprobe Portos de Galicia para a licitación, na que constitúe a oferta de cada licitador, e finalmente, no propio contrato.

10. As concesións de construción e explotación de obras públicas portuarias outorgaranse polo prazo que se acorde no prego de cláusulas administrativas particulares de acordo co previsto na lexislación básica de contratos do sector público para o contrato de concesión de obras públicas.

O prazo calcularase en función das obras e dos servizos que constitúan o seu obxecto. Se a concesión sobrepasara o prazo de cinco anos, a duración máxima non poderá exceder do tempo que se calcule razoable para que o concesionario recupere os investimentos realizados para a explotación das obras ou servizos, xunto cun rendemento sobre o capital investido, tendo en conta os investimentos necesarios para acadar os obxectivos contractuais específicos.

43215

Os investimentos que se teñan en conta a efectos do cálculo incluirán tanto os investimentos iniciais como os realizados durante a vida da concesión

11. Os prazos fixados nos pregos de cláusulas administrativas particulares poderán ser prorrogados nos supostos previstos na lexislación básica de contratos do sector público para o contrato de concesión de obras públicas.

12. En todo caso, o prazo das concesións se condicionará ao mantemento da adscrición conforme á Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas.

13. Portos de Galicia informará tecnicamente os proxectos de obras portuarias que vaian realizarse ao abeiro dun contrato de concesión de obras públicas portuarias.

TÍTULO IV

Dos portos deportivos e das zonas portuarias de uso náutico deportivo

CAPITULO I
Disposicións xerais

Artigo 92. *Parámetros de protección, obxectivos de xestión e condicións básicas*

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, por proposta da entidade pública empresarial Portos de Galicia, determinará, considerando as determinacións previstas nas directrices de ordenación do territorio de Galicia, os parámetros de protección e obxectivos de xestión que deberán incorporar as iniciativas de actuación sobre os portos deportivos e as zonas portuarias de uso náutico -deportivo, co obxecto de asegurar, como mínimo:

a) A xestión sostible dos recursos.
b) A conservación do litoral e a preservación dos recursos naturais.
c) A integración axeitada das obras e instalacións coa paisaxe.
d) A compatibilidade cos sistemas xerais e demais determinacións urbanísticas.

2. Fomentaranse os proxectos que respondan a unha demanda real de servizos, atendendo á prioridade seguinte:

a) Zonas portuarias de uso náutico deportivo en portos existentes.
b) Portos deportivos con abrigo natural.
c) Portos deportivos con abrigo artificial.

3. As condicións básicas que deberán cumprir os portos deportivos e as zonas portuarias de uso náutico deportivo, incluídas as normas de xestión ambiental, determinaranse por vía regulamentaria.

Artigo 93. *Usos compartidos*

A entidade pública empresarial Portos de Galicia poderá, coas compensacións que en cada caso se determinen nos correspondentes títulos de concesións, ou ben conforme ao réxime de responsabilidade patrimonial xeral das administracións públicas, establecer de maneira excepcional en portos deportivos e zonas portuarias de uso náutico deportivo liñas de atraque e zona de servizo para usos distintos ao deportivo, dentro dunha ordenación que separe debidamente os tráficos.

CAPÍTULO II

Concesións

Artigo 94. *Obxecto*

1. De acordo co procedemento que se define nos artigos 69 e 70, Portos de Galicia poderá outorgar a persoas naturais ou xurídicas, tanto públicas como privadas, a oportuna concesión de dominio público para a construción e/ou explotación de portos deportivos ou de zonas portuarias de uso náutico deportivo por un prazo superior a 4 anos, que non poderá exceder os cincuenta anos.

De conformidade coa normativa estatal en materia de costas, en todo caso, o prazo das concesións que se outorguen nos bens adscritos, incluídas as prórrogas, non poderá ser superior ao prazo máximo de vixencia establecido na lexislación estatal para as concesións sobre dominio público portuario nos portos de interese xeral e estará condicionado ao mantemento da adscrición.

2. Sempre que se cumpran os requisitos que se recollen no artigo 91, e de acordo cos parámetros previstos nel, Portos de Galicia poderá promover en réxime de contrato de concesión de obra pública portuaria a construción e explotación dun novo porto deportivo ou dunha zona portuaria de uso náutico deportivo.

Artigo 95. *Criterios de outorgamento e concursos*

1. O outorgamento ou a denegación das concesións levarase a cabo de conformidade con criterios obxectivos que en calquera caso deberán contemplar:

a) A viabilidade económica, con xustificación da demanda existente.

b) Condiciones de acceso marítimo.

c) O interese público e social da proposta.

d) Compatibilidade cos sistemas internos de comunicación viaria do porto e cos sistemas xerais extra portuarios.

e) Superficie de auga abrigada, se é caso.

f) Usos previstos.

g) Compatibilidade coas determinacións previstas nas directrices de ordenación do territorio de Galicia.

h) Compromiso de realización de actividades de carácter formativo e de fomento do turismo e da náutica deportiva sen fins lucrativos.

2. Cando en función do establecido no artigo 70 a concesión deba outorgarse por medio de concurso, o prego de bases do concurso que elaborará Portos de Galicia incorporará ademais os seguintes criterios de adxudicación:

a) Modelo de xestión da responsabilidade social corporativa.

b) Proposta de xestión ambiental da instalación.

c) Compromiso de realización de actividades de carácter formativo e de fomento do turismo e da náutica deportiva así como da imaxe de Galicia sen fins lucrativos.

d) Estrutura das tarifas e tarifas máximas aplicables ás persoas usuarias.

XUNTA DE GALICIA - VICEPRESIDENCIA E CONSELLERIA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA -

Artigo 96. *Condicións do outorgamento*

Entre as condicións de outorgamento da concesión deberán figurar, a lo menos, as seguintes:

a) Obxecto da concesión.

b) Prazo de vixencia.

c) Terreos, obras e instalacións que integran o ámbito da concesión, con indicación dos que serán obxecto de reversión.

d) No caso de concesións que impliquen a execución de obras, proxecto básico das obras ou instalacións autorizadas, e obrigación da persoa titular da concesión de reparar os danos que poidan causarse en costa ou praias conforme ao disposto na normativa sectorial aplicable en materia de costas.

e) Servizos de existencia obrigatoria e opcional e usos e limitacións deles.

f) Obrigación da persoa titular da concesión de presentar o regulamento de explotación.

g) Condicións de protección do medio ambiente que procedan, con inclusión das necesarias medidas correctoras e, no caso de que fora preceptiva, das condicións ou prescricións establecidas na correspondente pronunciamento do órgano competente en materia medioambiental.

h) Obrigación da persoa titular da concesión de presentar un plan de conservación das instalacións.

i) Obrigación da persoa titular da concesión de presentar un plan de emerxencias de acordo co disposto na normativa sectorial de aplicación.

j) Obrigación por parte da persoa titular da concesión de manter a apertura de todos os elementos de aproveitamento e uso público e gratuíto que se definen no regulamento de explotación.

k) Taxas que a persoa titular da concesión debe aboar á entidade pública Portos de Galicia.

l) Estrutura das tarifas, con indicación das tarifas máximas que a persoa titular da concesión poderá cobrar en contra prestación aos servizos prestados, e criterios de revisión se procede.

m) Facultades de xestión que se outorgan ao concesionario.

n) Causas de extinción, singularmente as de caducidade conforme ao establecido na regulación xeral sobre concesións contida nesta lei.

CAPÍTULO III

Regulamentos de explotación dos portos e das zonas portuarias de uso náutico deportivo

Artigo 97. *Obxecto dos regulamentos*

1. Co fin de definir e concretar o ámbito de aplicación das normas de policía e explotación e o alcance da vixilancia e prevención de calquera infracción, os portos deportivos e as zonas portuarias de uso náutico deportivo xestionadas en réxime de concesión de dominio público deberán dispoñer dun regulamento de explotación que será aprobado por Portos de Galicia e que deberá regular o uso dos diferentes elementos que integran os terreos, obras e instalacións obxecto da concesión.

2. O regulamento de explotación de cada porto ou zona portuaria de uso náutico-deportivo, que é de obrigado cumprimento, debe atoparse a disposición de calquera persoa usuaria nas oficinas do porto e, no seu caso, no sitio web do concesionario.

Artigo 98. *Contido mínimo dos regulamentos*

1. Os regulamentos de explotación dos portos deportivos e das zonas portuarias de uso náutico deportivo incluirán como mínimo a delimitación exacta da zona que é obxecto de concesión administrativa, a concreción do ámbito de aplicación, a regulación de accesos, a identificación das zonas de uso restrinxido, a forma de utilización das instalacións portuarias, as tarifas establecidas pola prestación de servizos e os seus criterios de revisión, un resumo do plan de emerxencias e do de continxencias ambientais da instalación, a relación de dereitos e deberes que adquiren as persoas usuarias dos espazos incluídos na zona de servizo do porto e a responsabilidade que o concesionario asuma.

2. Deberán prever o réxime de utilización e prohibicións aplicable, as facultades conferidas á entidade concesionaria e as obrigacións das persoas usuarias das instalacións.

Artigo 99. *Réxime de responsabilidades*

1. Será obriga do concesionario indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen a terceiros como consecuencia da prestación dos servizos obxecto da concesión. Cando tales danos e prexuízos fosen ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración, esta será responsable dentro dos límites sinalados nas leis.

2. Portos de Galicia non será responsable dos danos e prexuízos debidos a paralizacións dos servizos, nin dos producidos por avarías, roturas fortuítas ou malas manobras. Naqueles casos de prestación de servizos con equipos de Portos de Galicia, a persoa usuaria destes deberá ter subscrito a correspondente póliza de seguros que cubra os posibles riscos.

A esixencia desta garantía deberá ser proporcionada en termos de risco asegurado, fixación da suma asegurada ou límite da garantía.

CAPÍTULO IV

Réxime aplicable ás autorizacións temporais de uso de postos de atracada outorgadas por Portos de Galicia

Sección 1ª. Procedemento de outorgamento e listas de espera

Artigo 100. *Publicidade do proceso selectivo*

1. En función dos postos vacantes, Portos de Galicia efectuará por resolución da persoa titular da Presidencia convocatorias, que serán publicadas no Diario Oficial de Galicia, co obxecto de abrir prazos de presentación de solicitudes de autorizacións temporais de uso de postos de atracada en base.

2. O prego de bases da convocatoria conterá a lo menos os seguintes estremos:

a) Identificación do postos de atracada obxecto da convocatoria e requisitos para participar nela.
b) Esloras, mangas e, no seu caso, calados máximos das embarcacións en función da tipoloxía de posto de atracada.
c) Criterios para a súa adxudicación e ponderación deles.

Artigo 101. *Solicitudes*

1. No prazo que se estableza na convocatoria correspondente, que non poderá ser inferior a 15 días hábiles, as persoas interesadas deberán presentar a súa solicitude debidamente cumprimentada segundo o modelo normalizado que figure nas bases e acompañado da documentación que se indique.

2. Unha mesma persoa solicitante poderá presentar unha solicitude por embarcación para tantos portos ou zonas portuarias de uso náutico deportivo de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia como estime oportuno, sen prexuízo do disposto no número 4 do artigo 103.

Artigo 102. *Criterios de adxudicación*

1. A adxudicación das autorizacións temporais de uso de postos de atracada en base efectuarase tendo en conta a orde cronolóxica de presentación de solicitudes debidamente cumprimentadas e coa documentación completa, sempre e cando a eslora e mangas das embarcacións se axusten ás dimensións máximas establecidas en función da tipoloxía de praza.

2. En caso de empate darase preferencia ás embarcacións de maior eslora que mellor se axusten as dimensións do posto de atracada.

Artigo 103. *Resolución*

1. A persoa titular da Presidencia de Portos de Galicia emitirá resolución motivada fundamentada nos criterios de adxudicación establecidos no artigo anterior nun prazo máximo de tres meses a contar dende o día seguinte ao da publicación da correspondente convocatoria no Diario Oficial de Galicia.

2. A dita resolución acordará, segundo o caso, o seguinte:

a) Conceder a autorización solicitada determinando a taxa a pagar de conformidade co disposto na normativa sobre taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia e as restantes condicións básicas aplicables á autorización.

b) Denegar a dita autorización se a persoa solicitante non reúne os requisitos esixidos.

c) Declarar a inclusión da solicitude na correspondente lista de espera asignando un número de orde naqueles supostos nos que, pese a reunir a solicitude todos os requisitos para o outorgamento da autorización, non resulte seleccionada en función dos criterios de adxudicación recollidos no artigo 102, procedéndose, en tal caso, de conformidade co establecido no artigo seguinte.

3. En ningún caso poderá outorgarse autorización para un posto de atracada a favor daqueles solicitantes que, á data de terminación do prazo de presentación de solicitudes, resultaren non estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias con Portos de Galicia, coa Comunidade Autónoma, coa Facenda Estatal e coa Seguridade Social ou, se é o caso, das súas obrigas cos concesionarios das instalacións.

4. Non se adxudicará unha autorización de uso de posto de atracada para a mesma embarcación á persoa titular que xa dispoña de autorización de uso dun posto de atracada en calquera dos outros portos e instalacións competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, agás no suposto de que o número de postos de amarre ofertados na concreta convocatoria sexa superior ao número de solicitudes e non exista lista de espera no porto ou instalación de que se trate.

5. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución da persoa titular da Presidencia será de tres meses a contar dende o día seguinte ao da publicación da correspondente convocatoria no Diario Oficial de Galicia. Transcorrido o dito prazo sen que se ditara e notificara resolución expresa as solicitudes entenderanse desestimadas aos efectos do establecido na lexislación reguladora do procedemento administrativo común, sen prexuízo da obrigación da Administración de ditar resolución expresa.

Artigo 104. *Listas de espera*

1. Cando, reunindo a solicitude todos os requisitos, non poida outorgarse a autorización de uso por non existir un punto de amarre vacante, a solicitude incluirase na lista de espera, asignándose un número de orde segundo a data de rexistro de entrada da petición debidamente cumprimentada e coa documentación completa, e unha vez que a persoa titular da Presidencia de Portos de Galicia dite resolución declarando a dita inclusión.

2. Existirá unha lista de espera para cada un dos portos e instalacións competencia da Comunidade Autónoma de Galicia nos que o número de solicitudes exceda o de postos de atracada dispoñibles.

Sección 2ª. Réxime das autorizacións

Artigo 105. *Carácter e prazo de vixencia das autorizacións*

1. As autorizacións outorgaranse con carácter persoal e intransferible "inter vivos" para un só titular e para unha embarcación concreta, sen prexuízo do cal Portos de Galicia autorizará a substitución ou cambio de embarcación sempre que se trate dunha embarcación das mesmas características.

2. Non obstante o sinalado no número 1, no suposto de falecemento da persoa titular da autorización, o seu sucesor a título de herdanza ou de legado poderá solicitar por unha soa vez e nun prazo máximo dun ano a contar dende o falecemento, autorización para o uso do mesmo posto de atracada, autorización que será outorgada polo mesmo período previsto para a autorización inicial, sempre que se trate da mesma embarcación e que o anterior titular estivera ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias con Portos de Galicia coa Comunidade Autónoma, coa Facenda Estatal e coa Seguridade Social ou, se é o caso, das súas obrigas cos concesionarios das instalacións.

3. Portos de Galicia,, directamente ou a través do concesionario, poderá modificar ou cambiar temporalmente de posto de atracada ás embarcacións en base sempre que sexa por motivos de seguridade ou forza maior ou relativos á explotación e planificación do porto.

4. O prazo de vixencia da autorización temporal será o que determine o título administrativo de autorización e non poderá ser inferior a seis meses nin superior a catro anos.

5. Non obstante o disposto no número anterior, as autorizacións correspondentes a persoas titulares que se atopen ao corrente do pagamento tanto das taxas debidas a Portos de Galicia como, se é o caso, das tarifas debidas ao concesionario, e que non incumpriran as condicións da autorización, anovaranse automaticamente polo mesmo período ao outorgado inicialmente, outorgando Portos de Galicia de oficio unha nova autorización agás que cun prazo mínimo de quince días anterior ao vencemento da autorización, a persoa interesada manifeste a súa decisión de non continuar co uso e goce da praza de atracada por un límite máximo de catro anos.

Artigo 106. *Aboamento de taxas e outras cantidades*

1. A persoa titular da autorización deberá aboar a taxa portuaria vixente en cada momento aplicable ás embarcacións deportivas ou de lecer, así como as demais taxas portuarias que aplicará Portos de Galicia, e as tarifas ou prezos privados que percibirán os concesionarios en pago da prestación por estes a aquela persoa titular de servizos portuarios.

2. Para as embarcacións autorizadas con carácter de base nun porto, e de conformidade co establecido na normativa autonómica sobre taxas, o importe da taxa X-5 correspondente a embarcacións deportivas e de lecer se aplicará polo período completo autorizado, cun mínimo de seis meses, independentemente das entradas, das saídas ou dos días de ausencia da embarcación, e, no caso de extinción da autorización, os efectos tributarios fronte a Portos de Galicia produciranse unicamente desde o semestre natural seguinte ao da extinción.

3. No caso de existir un concesionario, a persoa titular deberá aboar a este as tarifas por prestación de servizos diversos aprobadas por Portos de Galicia. As ditas tarifas deberán ser aboadas polo período completo autorizado cun mínimo de seis meses, sen que o concesionario se atope obrigado a reintegrar ningunha cantidade no caso de abandono da praza de atraque antes do tempo establecido.

4. Para o aboamento de todas as cantidades previstas neste artigo, a domiciliación bancaria poderá ser esixida por Portos de Galicia.

Sección 3ª. Extinción das autorizacións

Artigo 107. *Causas de extinción*

A autorización temporal extinguirase polas seguintes causas:

a) Remate do prazo de outorgamento.

b) Revisión de oficio nos supostos establecidos na lexislación reguladora do procedemento administrativo común.

c) Renuncia da persoa titular.

d) Mutuo acordo

e) Disolución ou extinción da sociedade titular da autorización agás nos supostos de fusión ou escisión.

f) Revogación.

g) Caducidade.

Artigo 108. *Revogación das autorizacións*

As autorizacións temporais de uso, ao outorgarse a título de precario, poderán ser revogadas por Portos de Galicia en calquera momento e sen dereito a indemnización, cando resulten incompatibles con obras ou plans que, aprobados con posterioridade, entorpezan a explotación portuaria ou impidan a utilización do espazo portuario para actividades de maior interese portuario.

Artigo 109. *Caducidade*

1. Portos de Galicia, logo de audiencia da persoa titular, declarará a caducidade da autorización, entre outros supostos determinados polas leis, nos seguintes casos:

a) Abandono ou falta de utilización do posto de atracada durante un período consecutivo de seis meses agás causas xustificadas relativas a invernadas ou avarías das embarcacións.

b) Non pagamento dunha liquidación en concepto de taxa portuaria X-5 durante un prazo de seis meses, con independencia de que o seu aboamento se esixa de maneira directa pola Administración Portuaria, ou de que exista unha subrogación no pago por parte dun concesionario conforme ao establecido na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para iniciar o expediente de caducidade será dabondo que non se tivera efectuado o ingreso en período voluntario. Unha vez iniciado, poderase acordar o seu arquivo se antes de ditar resolución se produce o aboamento íntegro da débeda, incluídos intereses e cargas derivados do procedemento de constrinximento, e se constitúe a garantía que ao respecto e de maneira discrecional poida fixar Portos de Galicia.

c) Incumprimento de obrigas impostas pola normativa aplicable, ou o incumprimento de obrigas ou condicións esenciais definidas con tal carácter no título da autorización cuxa inobservancia estea expresamente prevista como causa de caducidade.

2. O procedemento para declarar a caducidade, que preverá un trámite audiencia á persoa titular, desenvolverase por vía regulamentaria.

TÍTULO V

Réxime xeral da prestación de servizos e do desenvolvemento de actividades comerciais, industriais ou doutra natureza nos portos

CAPITULO I
Dos servizos

Artigo 110. *Servizos prestados nos portos e instalacións marítimas de competencia da Comunidade Autónoma*

1. A actividade portuaria desenvolverase, cando sexa posible, nun marco de libre competencia entre operadores de servizos portuarios para o fomento da actividade portuaria, o incremento dos tráficos e a mellora da calidade dos servizos.

2. Nos termos establecidos nesta lei recoñecese a iniciativa privada na prestación dos servizos e no desenvolvemento de actividades económicas nos portos.

3. A Administración portuaria autonómica promoverá as accións que favorezan a competencia nos portos, podendo adoptar medidas de regulación, ordenación, control e explotación que sirvan para tal finalidade.

4. Os servizos prestados nos portos só poderán limitarse ou denegarse nos casos nos que as persoas usuarias non reúnan as condicións establecidas nesta lei, ou na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, nos pregos xerais dos servizos ou no título correspondente. A información sobre os servizos e as condicións de prestación realizarase de acordo coa lexislación que protexe ás persoas consumidoras e usuarias.

CAPÍTULO II

Dos servizos portuarios

Artigo 111. *Concepto e clases de servizos portuarios*

1. Son servizos portuarios as actividades de prestación de interese xeral que se executen nos portos de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia para atender as necesidades e esixencias da explotación portuaria en condicións de seguridade, eficacia, eficiencia, calidade, regularidade, continuidade e non discriminación.

2. Os servizos portuarios clasifícanse en servizos xerais do porto, dos cales a súa prestación está reservada a Portos de Galicia, e servizos especiais, que se prestan por operadores privados baixo o principio de libre competencia, nos termos e coas limitacións establecidos nesta lei.

Artigo 112. *Concepto e enumeración dos servizos xerais*

1. Son servizos portuarios xerais aqueles servizos comúns que permiten a realización de operacións de tráfico portuario, cuxa titularidade e prestación resérvase a Portos de Galicia, e dos que se benefician as persoas usuarias do porto sen necesidade de solicitude.

2. Terán a consideración de servizos xerais:

a) Servizo de control, ordenación e coordinación do tráfico portuario, tanto marítimo como terrestre.

b) Servizo de control e ordenación das operacións portuarias vinculadas aos servizos xerais, aos específicos ou ás restantes actividades que se desenvolvan no porto.

c) Servizos básicos de vixilancia e policía nas zonas comúns dos portos, sen prexuízo das competencias doutras Administracións.

d) Servizos de prevención e control de emerxencias, nos termos establecidos pola normativa sobre protección civil, mercadorías perigosas e demais normativa aplicable, en colaboración coas Administracións competentes sobre protección civil, prevención e extinción de incendios, salvamento e loita contra a contaminación.

e) Servizos de sinalización, balizamento e outras axudas á navegación que sirvan de aproximación e acceso do buque ao porto así como o seu balizamento interior.

f) Servizos de alumeado nas zonas comúns do porto.

g) Servizos de limpeza habitual das zonas comúns de terra e auga.

h) Calquera outros servizos comúns que, pola súa vinculación coa seguridade portuaria, sexan declarados como servizos xerais por orde da persoa titular da consellería competente en materia de portos.

Artigo 113. *Prestación de servizos portuarios xerais*

1. Os servizos portuarios xerais serán xestionados directamente pola entidade pública empresarial Portos de Galicia, sen prexuízo de que a súa prestación poida excepcionalmente ser encomendada a terceiros cando non se poña en risco a seguridade, nin impliquen o exercicio de autoridade, e o prestador do servizo obtivese o correspondente título habilitante que lle faculte para elo.

2. Nos espazos ou instalacións portuarias xestionadas en réxime de concesión administrativa, os servizos xerais poden ser prestados polo concesionario, cando así conste no título correspondente.

3. Portos de Galicia, pode concertar convenios con outras Administracións ou outras entidades públicas coa finalidade de xestionar os servizos portuarios xerais.

4. Estes servizos serán prestados de acordo coas normas e criterios técnicos previstos no regulamento de explotación e policía.

5. A prestación dos servizos portuarios xerais dará lugar á exacción da correspondente taxa portuaria nos supostos previstos na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 114. *Concepto e clases de servizos portuarios especiais*

1. Son servizos portuarios especiais as actividades de prestación que contribúen e facilitan a realización das operacións portuarias.

2. A prestación dos servizos portuarios especiais corresponde ao sector privado en réxime de competencia e requiren a previa solicitude de persoa interesada, salvo as excepcións previstas nesta lei.

3. Os servizos portuarios especiais son os seguintes:

a) Servizo de actividades de manipulación da carga, que comprende a carga, estiba, descarga, desestiba e transbordo de mercadorías.

b) Servizo ao pasaxe, que comprende o embarque e desembarque de pasaxeiros e pasaxeiras e a carga e descarga de equipaxes e vehículos en réxime de pasaxe.

c) Servizos técnico náuticos e dentro destes:

1º. Practicaxe.

2º. Remolque portuario.

3º. Amarre e desamarre de buques.

d) Servizo de recepción de refugallos xerados por buques, que comprende a recepción de regufallos e residuos dos anexos I, IV, V ou VI do Convenio MARPOL 73/78.

e) Outros servizos non enumerados anteriormente, sempre que se recollan nos pregos xerais reguladores dos servizos portuarios.

Artigo 115. *Prestación de servizos portuarios especiais*

1. Os servizos portuarios especiais prestaranse por operadores privados en réxime de libre competencia.

2. Por razóns de control de espazos, de capacidade técnica das infraestruturas e superestruturas portuarias para asumir a actividade dos distintos operadores, de seguridade e de medio ambiente, a prestación destes servizos requirirá a obtención de autorización que outorgará Portos de Galicia e que estará suxeita aos pregos xerais reguladores dos servizos que serán aprobados polo Consello Reitor da entidade pública empresarial. Estes pregos conterán as condicións reitoras da prestación e, cando proceda, as tarifas máximas aplicables ás persoas usuarias dos servizos.

3. Os prestadores dos servizos deberán cumprir as obrigas de servizo público previstas nos pregos reguladores coa finalidade de garantir a súa prestación en condicións de seguridade, continuidade, regularidade, cobertura, calidade e prezo razoable así como respecto ao medio ambiente.

4. As autorizacións outorgaranse con carácter específico e individualizado para cada un dos servizos que se enumeran no artigo 114.3, agás no relativo aos servizos técnico náuticos, que poderán acumularse nunha única autorización por motivos derivados da demanda de persoas usuarias existente nun porto ou área portuaria determinada, e as autorizacións para o servizo de recepción de desfeitos xerados polos buques, que poderán outorgarse para todos ou algún dos anexos previstos no Convenio MARPOL.

5. A entidade pública empresarial Portos de Galicia deberá adoptar as medidas precisas para garantir unha axeitada cobertura das necesidades de servizos especiais nos portos. A tal fin, cando o requiran as circunstancias por ausencia ou insuficiencia de iniciativa privada, Portos de Galicia poderá asumir directamente, previa audiencia das persoas titulares das autorizacións vixentes, a prestación de servizos sen prexuízo de que poida solicitar a colaboración de terceiros na súa prestación por calquera procedemento previsto nas leis e sen que isto implique a extinción das autorizacións en vigor nin impida a solicitude de novas autorizacións.

6. Portos de Galicia poderá autorizar, cando proceda, a auto prestación e a integración de varios servizos especiais nun mesmo operador. As autorizacións para a prestación de servizos portuarios especiais en réxime de auto prestación ou de integración de servizos suxeitaranse aos pregos xerais reguladores dos servizos, excluíndose do contido das ditas autorizacións as condicións relativas á cobertura universal, estrutura das tarifas e tarifas máximas e obrigas relativas á continuidade e regularidade en función da demanda do porto. Estas autorizacións establecerán, no seu caso, as compensacións económicas que as persoas titulares deberán aboar como contribución para que as obrigas de servizo público que recaen sobre as persoas titulares de autorizacións abertas ao uso xeral poidan ser atendidas. O valor desta compensación establecerase para cada autorización de conformidade cos criterios obxectivos, transparentes, proporcionais, equitativos e non discriminatorios establecidos ao efecto nos pregos xerais reguladores dos servizos.

7. Cando a prestación por terceiros de servizos portuarios especiais precise o outorgamento dunha concesión ou autorización de ocupación de dominio público portuario, ambas relacións serán obxecto dun expediente único, incorporándose a autorización para a prestación do servizo á concesión ou autorización de ocupación, sen prexuízo da esixencia das taxas que procedan por ambos conceptos.

8. A prestación por terceiros de servizos portuarios especiais poderá vincularse tamén á existencia dun contrato en vigor entre a persoa titular dunha concesión administrativa e o prestador do servizo, que implique unha cesión parcial da concesión que terá que ser autorizada por Portos de Galicia.

9. Con arranxo aos principios de obxectividade e proporcionalidade, e previa audiencia ás persoas interesadas, Portos de Galicia poderá modificar as condicións dunha autorización cando se modifiquen as prescricións reguladoras do servizo.

Artigo 116. *Obrigas de servizo público*

1. Son obrigas de servizo público, de necesaria aceptación por todos os prestadores de servizos portuarios especiais nos termos en que se concreten nas súas respectivas autorizacións, as seguintes:

a) Manter a continuidade e regularidade dos servizos en función das características da demanda, agás causa de forza maior, facendo fronte ás circunstancias adversas que poidan producirse coas medidas esixibles a un empresario dilixente. Para garantir a continuidade de prestación do servizo, Portos de Galicia poderá establecer servizos mínimos de carácter obrigatorio.

b) Cooperar con Portos de Galicia e coa Administración Marítima e, se é o caso, con outros prestadores de servizo, nos labores de salvamento, extinción de incendios, loita contra a contaminación e prevención e control de emerxencias. Así mesmo, informar daquelas incidencias que poidan afectar a calquera destas materias ou á seguridade marítima en xeral.

c) Someterse á potestade tarifaria cando proceda.

d) Colaborar na formación práctica na prestación do servizo, no ámbito do porto no que se desenvolva a actividade.

e) Establecer unha cobertura universal, con obrigación de atender a toda demanda razoable, en condicións non discriminatorias.

2. Os pregos reguladores recollerán as obrigas establecidas no número anterior, de acordo co previsto nesta lei e en calquera outra norma que sexa de aplicación, facéndoos acordes coa iniciativa empresarial e a competencia entre servizos e coas necesidades particulares dos servizos prestados en cada porto.

3. As obrigas de servizo público aplicaranse de forma que os seus efectos sexan neutrais en relación coa competencia entre prestadores dos servizos especiais.

Artigo 117. *Utilización dos servizos especiais*

1. Os servizos especiais prestaranse tras a solicitude das persoas usuarias aos operadores privados que conten coa preceptiva autorización. Non obstante, a utilización do servizo de practicaxe será obrigatoria cando así o determine a Administración Marítima conforme ao previsto na normativa aplicable. Ademais, o regulamento de explotación e policía poderá establecer, por razóns de seguridade marítima, o uso obrigatorio doutros servizos técnico náuticos en función das condicións e características das infraestruturas portuarias, do tamaño e tipo de buque e da natureza da carga transportada, así como das condicións océano meteorolóxicas.

Así mesmo, o servizo de recepción dos residuos xerados polos buques será de uso obrigatorio, agás nos supostos previstos na normativa aplicable.

2. Portos de Galicia poderá establecer, por razóns de operatividade e de seguridade, normas complementarias e condicións específicas de utilización dos servizos especiais, así como o ámbito xeográfico ao que se estendan.

3. Cando a utilización do servizo non sexa obrigatoria, Portos de Galicia poderá impoñer o uso dos servizos portuarios se por circunstancias extraordinarias considera que está en risco o funcionamento, a operatividade ou a seguridade do porto.

4. Portos de Galicia, no caso de non pagamento do servizo, poderá autorizar aos prestadores a suspensión temporal do servizo ata que se efectúe o pagamento ou se garanta convenientemente a débeda que xerou a suspensión.

Artigo 118. *Réxime de acceso á prestación de servizos especiais*

1. Recoñécese o libre acceso á prestación de servizos portuarios especiais en réxime de competencia sen máis limitacións que as establecidas nesta lei.

2. Cando non estea limitado o número de prestadores, todas as persoas interesadas na prestación do servizo que reúnan os requisitos establecidos nesta lei e nos pregos reguladores poderán optar á súa prestación, previa a presentación de solicitude en calquera momento e o outorgamento por Portos de Galicia con carácter regrado da correspondente autorización.

Cando estea limitado o número de prestadores, as autorizacións outorgaranse por concurso e as convocatorias destes concursos e a súa adxudicación publicaranse, cando fora esixible, no Diario Oficial da Unión Europea.

3. Poderán ser prestadores de servizos especiais as persoas físicas ou xurídicas, españolas, doutros países da Unión Europea ou de terceiros países, condicionadas estas últimas á proba de reciprocidade, agás nos supostos nos que os compromisos da Unión Europea cos Organización Mundial do Comercio non esixan o dito requisito, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en causa de incompatibilidade e acrediten, nos termos previstos no prego regulador do servizo, o cumprimento dos seguintes requisitos:

a) A solvencia económica, técnica e profesional para facer fronte ás obrigas resultantes do servizo que se determinen no prego regulador de cada servizo.

b) Estar ao corrente do cumprimento das obrigas de carácter fiscal, laboral e social esixidas pola lexislación vixente. Considerarase que a persoa interesada se atopa ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social cando concorran as circunstancias previstas na lexislación básica de contratos do sector público.

c) Cumprimento das condicións específicas necesarias para a axeitada prestación do servizo, de acordo co previsto nesta lei e demais normativa aplicable.

4. As condicións de acceso á prestación en réxime de competencia que se fixen nos pregos deberán ser transparentes, non discriminatorias, obxectivas, axeitadas, necesarias e proporcionadas e deberán garantir os seguintes obxectivos:

a) A adecuada prestación do servizo de acordo cos requisitos técnicos, ambientais, de seguridade e calidade que se establezan.

b) O desenvolvemento da planificación portuaria.

c) O comportamento competitivo dos operadores do servizo.

d) A protección das persoas usuarias.

e) A protección dos intereses de Portos de Galicia e da seguridade pública.

5. Entre os requisitos técnicos para a prestación do servizo incluiranse medios humanos e materiais suficientes que, permitindo desenvolver as operacións unitarias habituais, tanto as máis simples como as máis complexas, en condicións de seguridade, calidade, continuidade e regularidade en función das características da demanda, non impidan ou limiten a competencia entre operadores.

6. Portos de Galicia, de oficio, poderá limitar en cada porto que xestione o número máximo de prestadores de cada servizo, por razóns obxectivas e motivadas derivadas da dispoñibilidade de espazos, da capacidade das instalacións, da seguridade, de normas ambientais, así como de estudos razoables derivados de necesidades da demanda existente. Nos servizos de pasaxe e de manipulación e transporte de mercadorías, as anteriores limitacións poderanse aplicar polo tipo de tráfico ou carga. A determinación do número de prestadores deberá obrigatoriamente realizarse considerando o maior número posible de prestadores que permitan as circunstancias concorrentes e motivarase atendendo á identificación clara da restrición da competencia en cuestión, a xustificación da necesidade do establecemento da restrición con arranxo ao interese público e a acreditación de que non resulta posible acudir a alternativas viables que sexan menos restritivas da competencia para conseguir o mesmo fin de interese público.

7. O acordo de limitación, que incluirá a determinación do número máximo de prestadores, adoptarase polo Consello Reitor de Portos de Galicia e poderá afectar a toda a zona de servizo do porto ou a unha parte desta. O acordo de limitación publicarase no Diario Oficial de Galicia.

Cando a causa de limitación sexa a seguridade marítima, Portos de Galicia solicitará un informe á Dirección Xeral da Mariña Mercante.

Cando a causa de limitación sexa medioambiental, Portos de Galicia solicitará un informe á Administración ambiental competente, que se entenderá en sentido favorable se transcorre o prazo dun mes sen que sexa emitido de forma expresa, agás que a normativa sectorial de aplicación dispoña outra cousa.

8. Na medida en que se alteren as causas que a motivaron, ou previamente á convocatoria dun novo concurso, esta limitación será revisable total ou parcialmente polo Consello Reitor de Portos de Galicia, con sometemento aos mesmos trámites seguidos para o seu establecemento. Tamén poderá ser revisada a instancias de calquera persoa interesada, someténdose a idénticos trámites dos seguidos para o seu establecemento.

9. Cando se limite o número de prestadores, as autorizacións outorgaranse previa celebración de concurso, para o que Portos de Galicia elaborará e aprobará o prego de bases de cada concurso que conterá, a lo menos, a determinación do número máximo de prestadores, os requisitos para participar no concurso, o prazo máximo da autorización, a documentación e información a achegar polas persoas participantes e os criterios de adxudicación, que deberán ser obxectivos e non discriminatorios.

10. Cando o número de prestadores dun servizo estea limitado, o prazo máximo de vixencia das autorizacións será menor que o establecido con carácter xeral para os servizos portuarios especiais sen limitación do número de prestadores, nos termos establecidos no artigo 120.

11. Sen prexuízo do previsto nos números anteriores, debido á singularidade e especial incidencia do servizo de practicaxe na seguridade marítima, o número de prestadores quedará limitado a un único prestador en cada área portuaria. Para estes efectos, enténdese como área portuaria aquela que sexa susceptible de explotación totalmente independente en función dos seus límites xeográficos, incluída a súa accesibilidade marítima. Esta limitación deberá quedar debidamente xustificada no expediente.

12. A limitación do número de prestadores dos demais servizos técnico náuticos procederá nos casos nos que así se requira polo órgano estatal competente en materia de mariña mercante

13. Na Delimitación de Espazos e Usos Portuarios previstos nesta lei poderanse determinar o tipo de servizos especiais, así como das actividades comerciais e industriais que se poidan realizar na totalidade da zona de servizo do porto ou en parte dela, en particular, o tipo de tráfico e as categorías de mercadorías que poderán manipularse no porto e a asignación de espazo ou capacidade de infraestrutura para tales actividades, sen que isto constitúa, de ser o caso, limitación do número de prestadores do servizo.

14. As autorizacións poderán ser transmitidas, previa autorización de Portos de Galicia, sempre que se faga a favor dunha persoa física ou xurídica que cumpra os requisitos previstos no número 3, que as persoas que realizan a transmisión e as adquirentes cumpran os requisitos establecidos nas prescricións reguladoras do servizo e que, no seu caso, se cumpran os requisitos previstos no artigo 76 cando a autorización se transmita conxuntamente coa concesión de dominio público. A transmisión terá, respecto aos contratos de traballo do persoal ao servizo da persoa titular da autorización, os efectos previstos na lexislación e convenio laborais.

Artigo 119. *Contido dos pregos reguladores dos servizos portuarios especiais*

1. Os pregos reguladores do servizo incluirán, entre outras cláusulas, as relativas a:

a) Requisitos de capacidade.

b) Requisitos de solvencia económica, técnica e profesional para facer fronte ás obrigas resultantes do servizo que se determinen no prego regulador de cada servizo.

c) Cobertura universal, con obriga de atender toda demanda razoable en condicións non discriminatorias.

d) Obxecto do servizo e ámbito xeográfico ao que se estende a prestación do servizo. Neste apartado poderase acordar a concentración da prestación de determinados servizos en portos e instalacións concretas, por razón de mellor eficiencia do servizo en canto atención ás persoas usuarias e demandas de operatividade da comercialización da pesca e mercadorías descargadas nos portos, que en materia de dispoñibilidade de infraestruturas, superestruturas, servizos portuarios xerais, sistemas ambientais e de seguridade se requiran para a actividade dos operadores.

e) Obrigas de servizo público para que o servizo se preste en condicións de regularidade e continuidade.

f) Obrigas de servizo público relacionadas coa colaboración en labores de salvamento.

g) Obrigas de servizo público relacionadas coa seguridade do porto e loita conta a contaminación.

h) Obrigas de protección do medio ambiente, se procede.

i) Cuantificación das cargas anuais, das obrigas de servizo público, criterios de revisión da devandita cuantificación, así como criterios de distribución, obxectivos, transparentes, proporcionais, equitativos e non discriminatorios, das ditas obrigas entre os prestadores do servizo no caso de prestación en réxime de libre competencia, entre os que se tomarán en consideración a cota de mercado de cada un deles.

j) Medios materiais mínimos e as súas características.

k) Medios humanos mínimos e a súa cualificación.

l) Condicións técnicas, ambientais e de seguridade de prestación do servizo e, no seu caso, das instalacións e equipamento asociados a el, incluíndo niveis mínimos de produtividade, rendemento e de calidade.

m) Cando proceda tarifas máximos aplicables ás persoas usuarias dos servizos.

n) Obrigas de proporcionar a Portos de Galicia a información que precise para garantilo funcionamento do servizo e que lle sexa requirida para o debido cumprimento das súas funcións.

ñ) Determinación do investimento significativo.

o) Prazo de vixencia da autorización.

p) Garantías que aseguren o cumprimento das obrigas e responsabilidades.

q) Taxas que procedan conforme ao establecido nesta lei e na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

r) Tarifas que os prestadores poderán percibir, no seu caso, cando interveñan en servizos de emerxencia, extinción de incendios, salvamento ou loita contra a contaminación.

s) Causas de extinción, entre as que deberán de figurar as relativas ao incumprimento das obrigas de servizo público, das esixencias de seguridade para a prestación do servizo e das obrigas de protección do medio ambiente que procedan.

2. Os pregos reguladores do servizo non conterán esixencias técnicas para a prestación dos servizos que alteren inxustificadamente as condicións de competencia nin calquera outro tipo de cláusula que afecte á libre concorrencia no mercado.

Artigo 120. *Prazo das autorizacións de prestación de servizos portuarios especiais*

1. O prazo máximo de vixencia das autorizacións para a prestación de servizos portuarios especiais será de 15 anos.

Cando para a prestación do servizo se prevea unha inversión significativa en equipos e material móbil o prazo máximo de vixencia será de 30 anos, e cando a dita inversión significativa se produza en equipos e materiais móbiles e obras e infraestruturas vinculadas a unha concesión administrativa, o prazo máximo de vixencia, necesariamente coincidente co prazo de vixencia da concesión, establecido no artigo 66 desta lei.

2. Agás no caso do servizo de practicaxe, cando estea limitado o número de prestadores dun servizo portuario o prazo máximo será a lo menos un 25 por cento inferior ao que corresponda segundo o establecido nos supostos anteriores.

3. Cando non exista limitación do número de prestadores, as autorizacións poderán ser renovadas previa solicitude da persoa interesada realizada cunha antelación mínima de tres meses antes do vencemento da autorización, e sempre que a persoa titular cumpra cos requisitos previstos nesta lei e nas prescricións vixentes de regulación do servizo.

Se exceptúan do anterior as autorizacións vinculadas a unha concesión administrativa outorgadas polo prazo máximo establecido no artigo 66 desta lei.

O prazo de vixencia das autorizacións non é renovable cando estea limitado o número de prestadores do servizo.

Transcorrido o prazo de tres meses desde a entrada da solicitude no rexistro do organismo competente para a súa tramitación sen que se notifique resolución expresa, entenderase outorgada a renovación.

Artigo 121. *Extinción das autorizacións de prestación de servizos portuarios especiais*

1. As autorizacións para a prestación de servizos portuarios especiais extinguiranse por algunha das seguintes causas.

a) Remate do prazo de vixencia previsto na autorización.

b) Revogación por perda ou incumprimento dos requisitos previstos para poder acceder a prestar o servizo, ou non adaptación as prescricións reguladoras do servizo cando sexan modificadas.

c) Resolución por incumprimento de condicións do prego regulador do servizo e da autorización que se definan como esenciais nos ditos documentos.

d) Extinción da autorización ou concesión, da autorización ou ocupación de dominio público portuario que se precise para a prestación do servizo ou do contrato ao que se refire o artigo 115.7.

e) Polas demais causas previstas nos pregos reguladores do servizo.

2. Corresponde á persoa titular da Presidencia de Portos de Galicia acordar a extinción das autorizacións, previa tramitación de procedemento no que darase audiencia á persoa interesada.

Artigo 122. *Separación contable*

As persoas titulares de autorizacións para a prestación de servizos portuarios especiais, da mesma maneira que as persoas titulares de autorizacións para ao exercicio de actividades comerciais, industriais ou doutra natureza que se regulan no capítulo II do presente título, vinculadas ou non a unha concesión ou autorización de ocupación do dominio público portuario, deberán levar, para cada un dos servizos que presten, unha estrita separación contable con arranxo aos usos e prácticas comerciais admitidas, entre os ditos servizos e actividades, e aqueles que presten fora do ámbito portuario.

CAPÍTULO II

Das actividades comerciais e industriais e doutra natureza

Artigo 123. *Réxime xeral aplicable ás actividades comerciais, industriais ou doutra natureza prestadas por terceiros*

1. Por razóns de control de espazos, de capacidade técnica das infraestruturas e superestruturas portuarias para asumir a actividade dos distintos operadores, de seguridade e de medio ambiente, o exercicio de actividades comerciais, industriais ou doutra natureza no ámbito portuario, sexan ou non de carácter portuario, requirirá a obtención dunha autorización que outorgará Portos de Galicia e que supeditarase a que se trate de usos permitidos no dominio público portuario de acordo co previsto nesta lei e restante normativa de aplicación.

2. O prazo de vixencia destas autorizacións será o que se determine nos pregos de condicións xerais de cada actividade ou conxunto de actividades. Cando para o exercicio dunha actividade comercial, industrial ou doutra natureza se requirise a ocupación do dominio público portuario, o prazo deberá ser o mesmo que o autorizado para a ocupación demanial e tramitarase un só expediente no que se outorgará un único título administrativo, no que, polo mesmo prazo se autorice a actividade e a ocupación do dominio público portuario.

3. O outorgamento dunha autorización non exime á persoa titular da obtención e mantemento en vigor das licencias, permisos e autorizacións que sexan legalmente esixibles, nin do pagamento dos impostos que sexan de aplicación. Non obstante, cando estes se obteñan con anterioridade á autorización que outorga Portos de Galicia, a súa eficacia quedará demorada ata que se outorgue esta.

4. Con carácter xeral, as actividades comerciais, industriais ou doutra natureza prestaranse en réxime de concorrencia, e, no caso das actividades comerciais e industriais de carácter portuario, Portos de Galicia adoptará es medidas encamiñadas a promover a competencia.

5. Para os efectos da presente lei, son actividades comerciais e industriais de carácter portuario as actividades de prestación de natureza comercial ou industrial que, non tendo a consideración de servizos portuarios, estean directamente vinculados á actividade portuaria.

6. Para o exercicio de actividades comerciais ou industriais directamente relacionadas coa actividade portuaria, a Presidencia de Portos de Galicia poderá aprobar pregos de condicións xerais co obxecto de garantir a súa realización de forma compatible cos usos portuarios e co funcionamento operativo do porto en condicións de seguridade e calidade ambiental. Entre as condicións deberanse incluír as relativas ao desenvolvemento de actividade, prazo, que poderá ser indefinido agás que se vincule a un título de ocupación de dominio público, seguros, garantías, causas de extinción e taxas que procedan de acordo co disposto na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

7. Os pregos de condicións xerais poderán ser específicos para unha actividade determinada ou referise a un conxunto de actividades. Entre os específicos que se poderán aprobar inclúense os de consignación de buques e mercadorías, lonxas, avituallamento de combustible, posta a disposición de medios mecánicos, almacenamento e depósitos e transporte horizontal.

Artigo 124. *Actividades comerciais, industriais ou doutra natureza prestadas pola entidade pública empresarial Portos de Galicia*

Portos de Galicia poderá prestar as actividades previstas neste capítulo cando estean directamente relacionadas coa actividade portuaria, sempre que sexa preciso para atender posibles deficiencias da iniciativa privada. En contra prestación por estes servizos esixiranse as correspondentes tarifas que terán natureza de prezos privados.

43256

TÍTULO VI

Regulamento de explotación e policía, potestades de inspección e seguridade e réxime das sancións

CAPITULO I
Regulamento de explotación e policía de Portos de Galicia

Artigo 125. *Regulamento de explotación e policía*

1. A entidade pública empresarial Portos de Galicia elaborará un Regulamento de explotación e policía dos portos e instalacións marítimas suxeitas ao ámbito de aplicación da presente lei, no que se establecerán as normas xerais de funcionamento dos diferentes servizos e operacións, que incluirá igualmente especificacións e gradacións ao cadro de infraccións e de sancións previstos neste título.

2. O Regulamento de explotación e policía será elevado para a súa aprobación, por proposta da consellería competente en materia de portos, ao Consello da Xunta de Galicia.

CAPITULO II
Potestades de inspección e seguridade

Artigo 126. *Inspección e vixilancia*

1. Sen prexuízo das competencias doutras Administracións públicas, atribúese á entidade pública empresarial Portos de Galicia a potestade de inspección e vixilancia necesaria para garantir o cumprimento desta lei, con relación aos servizos, operacións, ocupacións e actividades en xeral, incluída a sinalización e a circulación viaria que se desenvolva nos portos e instalacións marítimas, calquera que sexa o réxime de uso do espazo portuario ou a forma de prestación dos servizos.

2. As ditas funcións levaranse a cabo, na forma que determine o Regulamento de explotación e policía, por persoal de Portos de Galicia debidamente cualificado, que terá a consideración de axente de autoridade no exercicio das súas funcións e en actos de servizo.

3. As persoas titulares de concesións e autorizacións están obrigadas a desenvolver labores de vixilancia das súas instalacións, adoptando as medidas oportunas para a prevención de infraccións e presentando de xeito inmediato denuncia de producirse aquelas. Asemade prestarán asistencia a Portos de Galicia no exercicio da potestade de inspección.

43258

Artigo 127. *Abandono de barcos, vehículos e outros obxectos*

1. Portos de Galicia poderá adoptar as medidas necesarias para garantir o tráfico portuario e a dispoñibilidade dos espazos portuarios, atraques e puntos de amarre. A tales efectos, poderá adoptar a declaración de situación de abandono dun barco, o que permitirá o seu traslado, varada, ancoraxe ou tratamento como residuo.

2. A declaración de situación de abandono esixirá a tramitación do correspondente procedemento, no que se acreditarán as circunstancias expresadas, e no que se dará audiencia ao propietario e ao consignatario na forma prevista na lexislación reguladora do procedemento administrativo común.

3. Aos efectos desta lei consideraranse abandonados:

a) Os barcos que permanezan durante máis de tres meses consecutivos atracados, amarrados, ancorados ou depositados en seco no mesmo lugar dentro do porto, sen actividade apreciable exteriormente, e sen ter aboado as taxas correspondentes.

b) Os barcos que non teñan matrícula ou os datos suficientes para a identificación da persoa titular ou consignataria deles, que se atopen no porto sen autorización.

4. Corresponde a Portos de Galicia a propiedade dos buques que foran declarados en situación de abandono de acordo con esta lei. Declarado o abandono do buque, Portos de Galicia acordará o seu alleamento, e aplicará o seu produto ás atencións propias da entidade, ou ben procederá ao afundimento do buque cando, polo seu estado, así o aconsellen razóns de seguridade marítima.

5. Nas situacións que requiran urxente intervención por requirilo o tráfico portuario, a navegabilidade e a explotación do porto, como os supostos nos que o ancoraxe ou localización dun barco en augas portuarias ou na superficie en seco obstaculizara o acceso ao canle de navegación, impedira o paso da bocana do porto ou obstaculizara os labores propios da explotación, Portos de Galicia, previo requirimento ao propietario ou consignatario por calquera medio técnico que permitira acreditar a súa realización poderá adoptar as medidas provisionais

de emerxencia que sexan necesarias, entre as que se incluirá a retirada e o traslado forzoso do barco.

6. Portos de Galicia poderá así mesmo declarar en situación de abandono os vehículos, maquinaria e obxectos en xeral, no ámbito do dominio público portuario, sempre que permanezan por un período superior a un mes no mesmo lugar e presenten condicións que permitan presumir racionalmente a situación de abandono. Cara ao tratamento residual dos vehículos, Portos de Galicia actúa como Administración competente en materia de tráfico.

Artigo 128. *Medidas para garantir a seguridade nos espazos portuarios*

1. A entidade pública empresarial Portos de Galicia poderá prohibir ou limitar o tránsito de persoas e vehículos nos espazos portuarios por razóns de seguridade, ao obxecto de impedir accidentes, preservar o dominio público portuario ou as embarcacións.

2. As ditas limitacións estableceranse na Delimitación de Espazos e Usos Portuarios, nos títulos de concesións ou mediante resolución específica ao respecto da entidade pública empresarial Portos de Galicia.

3. A entidade pública empresarial Portos de Galicia, previo informe do órgano competente da Administración Xeral do Estado poderá ordenar a adopción inmediata das medidas necesarias para evitar os danos que puidera provocar un buque ou outra embarcación en perigo de afundimento ou en situación de causar danos a bens ou elementos portuarios ou a outras embarcacións.

A entidade pública empresarial Portos de Galicia, cando un buque presente perigo de afundimento no porto, requirirá ao propietario ou consignatario para que o dito buque abandone o porto, para que repare o buque ou para que adopte as medidas necesarias no prazo fixado ao efecto. Si estes non o fan, Portos de Galicia poderá trasladalo ou proceder ao seu afundimento ou varada, a costa de aqueles, nun lugar onde non se prexudique á actividade portuaria, á navegación ou a pesca, nin constitúa un risco grave para as persoas ou bens, provoque un dano ao medio ambiente ou poida converterse nun foco de contaminación.

Nos supostos de afundimento dun buque nas augas do porto, a entidade pública empresarial Portos de Galicia indicará aos seus titulares, armadores ou ás compañías aseguradoras onde deben situar os seus restos ou o buque unha vez reflotado, dentro do prazo que ao efecto determine, así como as garantías ou medidas de seguridade a tomar para evitar un novo afundimento. Se incumpriran os acordos de Portos de Galicia, esta entidade poderá utilizar para o rescate do buque afundido os medios de execución forzosa previstos no ordenamento xurídico.

4. No caso de que un buque ou embarcación impedise ou dificultase o libre tránsito dentro das augas do porto, ou obstaculizase a actividade portuaria por

atoparse ancorado sen autorización ou nun lugar distinto do autorizado, poderanse adoptar, con carácter inmediato, todas as medidas que resulten precisas para restablecer a legalidade infrinxida ou a actividade portuaria afectada, podendo en particular procederse á retirada daquel buque ou embarcación a cargo do infractor. As mesmas medidas poderán aplicarse cando se efectúen atracadas en contravención das instrucións recibidas ou sen autorización, particularmente, en superficies outorgadas en exclusiva en virtude de concesións ou autorizacións ou sen ter en conta as especializacións dos peiraos para as diferentes clases de embarcacións e cargas.

Os vehículos, efectos, mercadorías ou bens de calquera clase que se atopen depositados nas explanadas dun porto sen autorización ou nun lugar distinto do autorizado e producindo alteracións no normal funcionamento da explotación poderán tamén ser retirados a cargo do infractor, sen prexuízo das competencias doutros órganos.

5. Cando, con ocasión dun procedemento xudicial ou administrativo, se acordase a retención, conservación ou depósito dalgún buque, Portos de Galicia poderá instar da Autoridade xudicial o afundimento do buque ou o seu alleamento en pública poxa cando a estancia do buque no porto produza un perigo real ou potencial ás persoas ou aos bens ou cause grave quebranto á explotación do porto.

6. En todos os supostos de embargo ou retención xudicial ou administrativa de buques, como medida de garantía da actividade portuaria, Portos de Galicia determinará ou modificará o emprazamento do buque no porto, dando conta en todo caso disto á Autoridade xudicial ou administrativa que decrete o embargo ou retención.

7. As operacións e actividades produtivas que se desenvolvan no porto programaranse e executaranse con suxeición ao disposto na normativa en materia de prevención de riscos laborais.

CAPITULO III
Infraccións

Artigo 129. *Concepto e clasificación das infraccións*

1. Constitúen infraccións administrativas as accións e omisións tipificadas e sancionadas na presente lei.

2. As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves.

43263

Artigo 130. *Infraccións leves*

Son infraccións leves as accións ou omisións que, non tendo a consideración de graves ou moi graves, se atopen tipificadas nalgún dos supostos seguintes:

a) O incumprimento das instrucións de réxime de servizo, inspección e vixilancia e policía do porto dadas polos responsables do porto no exercicio das súas competencias, en relación co desenvolvemento das operacións ou actividades nos portos, tanto terrestres como marítimas, realizadas no ámbito do porto.

b) O atraque de embarcacións sen autorización ou en lugar distinto do autorizado.

c) A realización de operacións portuarias con perigo para as obras, instalacións, equipo portuario ou outros buques, ou sen tomar as precaucións necesarias.

d) A utilización non autorizada, inadecuada ou sen as condicións de seguridade suficientes, das instalacións ou equipos portuarios, con independencia da súa titularidade.

e) A obstrución ás actuacións de inspección ou vixilancia que non deba ser cualificada como grave.

f) A omisión ou achega defectuosa, voluntariamente ou por neglixencia inescusable, de calquera información que vinculada a actividade autorizada ao inculpado no porto, se teña que subministrar a Portos de Galicia para o desenvolvemento das competencias e potestades que ten encomendadas, xa sexa por prescrición legal ou a requirimento desta.

g) O mero retraso no cumprimento da obrigación de facilitar á Administración portuaria a información íntegra e no prazo ao que obrigue a lei, os regulamentos ou que requira a Administración, en particular a necesaria a efectos estatísticos e para liquidar tarifas e taxas, e a relativa a embarcacións de base e tránsito, cando tal información se facilitase íntegra e correctamente.

h) A información incorrecta facilitada aos responsables do porto sobre os tráficos de buques, mercadorías, pasaxeiros/as e vehículos de transporte terrestre, especialmente sobre os datos que sirvan de base para a aplicación das taxas e outros ingresos portuarios.

i) Causar directamente danos a obras, instalacións, equipos, mercadorías e medios de transporte situados na zona portuaria, nunha contía que non supere os 6.000 euros.

j) Calquera acción ou omisión que cause danos ou menoscabo aos bens do dominio público portuario, ou ao seu uso e explotación.

k) A ocupación do dominio público portuario sen o correspondente título.

l) A realización sen a debida autorización de actividades comerciais, industriais ou doutra natureza ou de prestación de servizos.

m) O incumprimento das condicións condicións esenciais de superficie de dominio ocupada autorizada, definición das obras e instalacións autorizadas, obxecto, uso e destino autorizado, de seguridade e medio ambiente, e de garantía e cobertura de servizo, establecidas nos correspondentes títulos administrativos de ocupación e das autorizacións que habiliten para a prestación de servizos ou o desenvolvemento de actividades comerciais, industriais ou doutra natureza, sen prexuízo da súa caducidade ou resolución.

n) A realización de obras ou instalacións sen o correspondente título habilitante ou o incumprimento das condicións esenciais de superficie de dominio ocupada autorizada, definición das obras e instalacións autorizadas, obxecto, uso e destino autorizado, e de seguridade e medio ambiente, establecidas no título outorgado sempre que o valor da obra executada sexa inferior a 6.000 euros, nos supostos nos que se atenda no prazo outorgado os requirimentos de paralización.

ñ) A publicidade exterior non autorizada no espazo portuario.

o) O incumprimento da normativa ou das instrucións que en materia de seguridade marítima ou de prevención e loita contra a contaminación se diten polos órganos competentes.

p) O incumprimento das normas ou a inobservancia das prohibicións contidas no regulamento de servizo e policía sobre o normal desenvolvemento das actividades portuarias e sobre o uso das obras, instalacións e servizos dos portos, sobre o mantemento da limpeza e seguridade das augas ou zonas comúns do porto.

q) A realización de reparacións, carenas e recollidas con risco de causar contaminación.

r) O vertido de lixo, escombros ou calquera clase de residuos non contaminantes en terreos, instalacións, obras ou equipos portuarios.

s) O vertido de substancias e residuos non contaminantes nas augas do porto.

t) O estacionamento de vehículos en lugares non autorizados sen que estean en todo momento xunto a eles os seus condutores.

u) Acampar, practicar xogos, probas deportivas ou exhibicións de calquera tipo en zona portuaria, cando non estivese expresamente autorizado.

v) Bañarse ou mergullarse nas augas interiores do porto, e pescar dende os peiraos ou con calquera tipo de arte nas dársenas e augas portuarias, cando non estivese expresamente autorizado.

Artigo 131. *Infraccións graves*

Son infraccións graves as accións ou omisións tipificadas no artigo anterior cando supoñan lesión a algunha persoa que motive baixa por incapacidade laboral non superior a sete días, ou danos ou perdas superiores a 6.000 euros e non superiores a 60.000 euros, as que poñan en perigo a seguridade das operacións portuarias, a comisión dunha infracción leve, cando, nun prazo dun ano, o mesmo suxeito fose sancionado por unha ou máis infraccións leves e a resolución ou resolucións sancionadoras fosen firmes na vía administrativa, as que perturben o normal funcionamento dos servizos ou actividades do porto, e, en todo caso, as seguintes:

a) As que impliquen un risco grave para a saúde ou seguridade de vidas humanas ou a integridade do medio ambiente sempre que non sexan constitutivos de infracción penal.

b) O vertido de lixo, escombros ou calquera clase de residuos contaminantes en terreos, instalacións, obras ou equipos portuarios.

c) O vertido de substancias e residuos contaminantes nas augas do porto.

d) O vertido non autorizado desde buques ou artefactos flotantes de produtos sólidos, líquidos ou gaseosos na zona II, exterior das augas portuarias.

e) A obstrución, que non deba ser cualificada como leve, ao exercicio das funcións de policía, inspección e vixiancia que corresponda a Portos de Galicia, e, en particular aos celadores/as garda peiraos.

f) O falseamento da información subministrada a Portos de Galicia, por propia iniciativa ou a requirimento desta entidade.

g) Causar directamente danos a obras, instalacións, equipos, mercadorías e medios de transporte situados na zona portuaria, nunha contía que supere os 6.000 euros.

h) A omisión polo capitán ou capitá de solicitar os servizos que resulten obrigatorios segundo as disposicións vixentes.

i) A ocupación de dominio público portuario sen o título correspondente, cando se desatendese un requirimento expreso dos responsables do porto para o cesamento da súa conduta.

j) A realización de obras ou instalacións sen o correspondente título habilitante ou o incumprimento das condicións esenciais de superficie de dominio ocupada autorizada, definición das obras e instalacións autorizadas, obxecto, uso e destino

autorizado, e de seguridade e medio ambiente, establecidas no título outorgado, sempre que o valor da obra executada sexa igual ou superior a 6.000 euros, ou con independencia do valor das obras, cando non se atenderan no prazo outorgado os requirimentos de paralización.

k) A realización sen a debida autorización de actividades comerciais, industriais ou doutra natureza ou de prestación de servizos cando se desatendese un requirimento expreso dos responsables do porto para o cesamento da súa conduta.

Artigo 132. *Infraccións moi graves*

Son infraccións moi graves as accións ou omisións recollidas nos dous artigos anteriores cando ocasionen lesión a algunha persoa que motive a súa baixa por incapacidade laboral superior a sete días, ou danos ou perdas superiores a sesenta mil euros, as que poñan en grave perigo a seguridade das operacións portuarias, comisión dunha infracción grave, cando, nun prazo dun ano, o mesmo suxeito fose sancionado por unha ou máis infraccións graves e a resolución ou resolucións sancionadoras fosen firmes na vía administrativa e, en todo caso, as seguintes:

a) As que impliquen un risco moi grave para a saúde ou seguridade de vidas humanas ou a integridade do medio ambiente sempre que non sexan constitutivos de infracción penal.

b) vertido non autorizado desde buques ou artefactos flotantes de produtos sólidos, líquidos ou gasosos na zona I, interior das augas portuarias.

c) A realización, sen o debido título administrativo conforme a esta lei, de calquera tipo de obras ou instalacións no ámbito portuario, sempre que o valor da obra executada sexa superior a 60.000 euros, así como o aumento da superficie ocupada ou do volume ou altura construídos sobre os autorizados, sempre que se desatendese o requirimento expreso de Portos de Galicia para o cesamento da conduta abusiva ou que, téndoselle notificado a incoación do expediente sancionador, se persistise en tal conduta.

d) incumprimento das normas ou instrucións dadas polas autoridades competentes por razón de seguridade, custodia, manipulación, almacenamento e prevención de riscos, en relación coas operacións portuarias que teñan por obxecto materiais explosivos ou perigosos, ou susceptibles de ocasionar danos ao medio ambiente.

Artigo 133. *Prescrición*

1. O prazo de prescrición das infraccións será de tres anos para as moi graves, de dous anos para as graves e dun ano para as leves. O prazo de prescrición comezará a contarse desde o día en que a infracción se cometese.

2. No suposto de infraccións continuadas, o prazo de prescrición empezará a contarse desde que finalizase a conduta infractora.

3. O transcurso dos prazos de prescrición establecidos no presente artigo non impedirá a esixencia da restitución das cousas ou a súa reposición ao seu estado anterior e da obriga de indemnizar os danos e perdas causados.

4. A prescrición interromperase por algunha das causas previstas na Lei 40/2015, do 2 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Artigo 134. *Responsables*

1. Son responsables das infraccións administrativas as persoas físicas ou xurídicas seguintes:

a) Os autores das accións ou omisións tipificadas como infracción na presente lei. Se a infracción se cometese no ámbito propio da actividades da empresa coa que estes teñan unha relación de dependencia, a empresa será responsable solidaria.

b) No caso de incumprimento das condicións dun contrato ou dun título administrativo, o adxudicatario do contrato ou a persoa titular do título administrativo, ou o terceiro cesionario. Nos supostos de omisións da autorización e inscrición da cesión, a responsabilidade será solidaria entre a persoa cedente e a cesionaria.

c) No caso de infraccións relacionadas coas embarcacións, os armadores/as e os consignatarios/as respectivos con carácter solidario, e, subsidiariamente, os capitáns/ás ou patróns/oas.

O anterior enténdese sen prexuízo das responsabilidades que lle poidan corresponder ao prestador do servizo de practicaxe e ao práctico ou práctica no exercicio da súa función, de acordo coa súa regulación específica.

d) No caso de obras, instalacións e actividades sen título suficiente, responderán solidariamente, o promotor da actividade, o empresario ou empresaria que a executa e o técnico ou técnica director desta.

2. Das sancións pecuniarias impostas a persoas xurídicas, serán responsables subsidiariamente os administradores que non realizasen os actos necesarios que foran da súa incumbencia para o cumprimento das obrigas infrinxidas, consentiran o incumprimento por quenes deles dependan ou adoptasen acordos que fixeran posible a comisión de tales infraccións.

3. Nos supostos de comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou patrimonio separado, serán responsables solidarias as persoas titulares ou as persoas que participen de maneira conxunta.

4. As sancións impostas a diferentes suxeitos a consecuencia dunha mesma infracción terán entre si carácter independente.

CAPITULO IV
Sancións e outras medidas

Artigo 135. *Principios xerais*

1. Toda acción ou omisión que sexa constitutiva de infracción será sancionada coa multa que proceda de acordo co establecido no artigo 136.

2. Cando da comisión dunha infracción derive necesariamente a comisión doutra ou outras, deberase impoñer unicamente a sanción correspondente á infracción máis grave cometida.

3. Cando a infracción puidera ser constitutiva de delito ou falta, se dará traslado ao Ministerio Fiscal, suspendéndose o procedemento sancionador mentres a Autoridade Xudicial non tivera ditado sentencia firme ou resolución que poña fin ao proceso. Nestes casos a continuación do expediente sancionador só será posible no caso de ausencia de sanción penal ou de inexistencia de identidade de suxeito, feito e fundamento, quedando vinculado o órgano administrativo polos feitos declarados probados por resolucións xudiciais penais firmes.

4. Sen prexuízo da sanción penal ou administrativa que se impoña, a persoa infractora estará obrigada á restitución das cousas e á súa reposición ao seu estado anterior, coa indemnización dos danos irreparables e prexuízos causados no prazo que se fixe na resolución correspondente.

5. Igualmente, a suspensión do procedemento sancionador non será óbice para que se cumpran e se executen de inmediato as medidas administrativas adoptadas para salvagardar a actividade portuaria, a seguridade e a ordenación do tráfico marítimo e a protección do medio ambiente.

6. As persoas adxudicatarias de contratos e as persoas titulares de títulos administrativos outorgados de acordo coa presente lei poderán ser sancionados polas infraccións que nela se establecen, con independencia doutras responsabilidades que, se é o caso, fosen esixibles. Asemade, iniciaranse os procedementos de suspensión dos efectos e, no seu caso, revogación ou

43271

resolución dos actos, títulos administrativos ou contratos nos que supostamente puidera amparase a actuación ilegal.

Artigo 136. *Multas*

1. As infraccións reguladas pola presente lei se sancionarán coas multas seguintes:

a) As infraccións leves, con multas de ata 60.000 euros.

b) As infraccións graves, con multas de 60.001 euros ata 300.000 euros.

c) As infraccións moi graves, con multas de 300.001 euros ata 600.000 euros.

2. Nos supostos previstos nos artigos 130.n), 131.k), e 132.c), a multa será equivalente, respectivamente, ao 15 por cento do valor das obras e instalacións para a infracción leve, ao 30 por cento do valor das obras e instalacións para a infracción grave, e ao 50 por cento do valor das obras e instalacións para a infracción moi grave.

3. No suposto de infraccións graves ou moi graves por comisión dunha infracción leve ou grave, cando, nun prazo dun ano, o mesmo suxeito fose sancionado por unha ou máis infraccións leves ou graves, e a resolución ou resolucións sancionadoras fosen firmes na vía administrativa, a multa obterase pola suma das establecidas para cada unha destas.

4. A contía da multa poderá reducirse ata un máximo do 30% mediante acordo do órgano competente para a súa imposición, sempre que a persoa infractora tivera procedido a corrixir a situación creada pola comisión da infracción no prazo que se sinale no correspondente requirimento.

5. Cando, como consecuencia da comisión da infracción, a persoa infractora obteña un beneficio cuantificable, poderá superarse o límite superior das multas previstas no número anterior ata acadar a contía do beneficio obtido.

Artigo 137. *Recoñecemento de responsabilidade*

1. Iniciado un procedemento sancionador, si o infractor recoñece a súa responsabilidade, poderase resolvelo procedemento coa imposición da sanción que proceda

2. Cando a sanción teña unicamente carácter pecuniario ou ben caiba impoñer unha sanción pecuniaria e outra de carácter non pecuniario pero xustificouse a improcedencia da segunda, o pago voluntario polo presunto responsable, en calquera momento anterior á resolución, implicará a terminación do procedemento, salvo no relativo á reposición da situación alterada ou á determinación da indemnización polos danos e prexuízos causados pola comisión da infracción.

3. En ambos os casos, cando a sanción teña unicamente carácter pecuniario, o órgano competente para resolver o procedemento aplicará reducións de, polo menos, o 30 % sobre o importe da sanción proposta, sendo estes acumulables entre si. As citadas reducións, deberán estar determinadas na notificación de iniciación do procedemento e a súa efectividade estará condicionada á desistencia ou renuncia de calquera acción ou recurso en vía administrativa contra a sanción.

Artigo 138. *Medidas adicionais*

1. As accións ou omisións que sexan constitutivas de infracción darán lugar, ademais da imposición da sanción que proceda, á adopción, de ser o caso, das seguintes medidas:

a) A imposición das obrigas de restitución, reposición e indemnización establecidas no artigo 141 desta Lei.

b) A caducidade do título administrativo, cando sexa procedente, por incumprimento das condicións.

c) A suspensión do dereito á obtención de subvencións e axudas públicas da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en materias relacionadas co obxecto da presente lei, por un prazo non superior a dous anos no caso de infraccións graves, ou non superior a tres anos no caso de infraccións moi graves.

2. No caso de infraccións graves ou moi graves, e atendendo ás circunstancias concorrentes, o órgano competente para impoñer a sanción correspondente poderá acordar tamén a inhabilitación da persoa infractora para ser titular de autorizacións ou de concesións no ámbito do porto correspondente ou para o desempeño de actividades portuarias. O prazo de inhabilitación non poderá ser superior a un ano no caso de infraccións graves, nin a tres anos no caso das infraccións moi graves.

3. Se poderá acordar a suspensión temporal da actividade autorizada, por períodos de un, seis ou doce meses, segundo se trate, respectivamente, de infraccións leves, graves ou moi graves relacionadas coa dita actividade.

4. Poderá impoñerse tamén, xunto coas sancións que procedan de conformidade cos artigos anteriores, o comiso do beneficio obtido coa infracción, grave ou moi grave.

Artigo 139. *Criterios de graduación*

1. Para determinar o importe da sanción atenderase ás circunstancias agravantes e atenuantes establecidas neste artigo.

2. Estas circunstancias, agravantes ou atenuantes, non se apreciarán naqueles supostos nos que esta lei as inclúa no tipo infractor.

3. Son circunstancias agravantes:

a) O grado de culpabilidade ou a existencia de intencionalidade.

b) A continuidade ou a persistencia na conduta infractora.

c) A natureza dos prexuízos causados.

d) A reincidencia, por comisión no termo dun ano de máis dunha infracción da mesma natureza cando así fose declarado por resolución firme en vía administrativa.

e) O emprego de violencia ou calquera outro tipo de ameaza ou coacción sobre o persoal público encargado de dar cumprimento á legalidade, agás que os feitos sexan constitutivos de ilícito penal.

f)O incumprimento de normativa en materia de seguridade e medioambiental que sexa causa de danos ou risco para bens e persoas ou para o medio ambiente.

g)) A obtención de beneficio derivado da comisión da infracción.

h) A relevancia externa da conduta infractora.

i) O incumprimento de requirimentos previos tendentes a por fin aos efectos derivados da infracción.

4. Son circunstancias atenuantes:

a) A ausencia de intención de causar un dano tan grave aos intereses públicos ou privados afectados.

b) A reparación voluntaria ou espontánea do dano causado.

c) A paralización de obras ou cese da actividade ou uso prohibidos, de modo voluntario, antes do inicio do procedemento sancionador.

Artigo 140. *Prescrición das sancións*

1. O prazo de prescrición das sancións será de tres anos para as correspondentes a infraccións moi graves, de dous anos para as impostas por infraccións graves e dun ano para as impostas por infraccións leves.

2. O prazo de prescrición dunha sanción comenzará a contarse desde o día seguinte a aquel no que sexa executable a resolución pola que se impón a sanción ou teña transcorrido o prazo para recurrila.

3. A prescrición das sancións interromperase conforme ao previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Artigo 141. *Restitución, reposición e indemnización*

1. A imposición de sancións é independente da obriga que ten o infractor de restituír os bens e de repoñer a situación alterada ao estado anterior á comisión da infracción e da obriga de indemnizar os danos e perdas causados que serán reclamados por Portos de Galicia.

2. Corresponde ao mesmo órgano competente para impor a sanción establecer a obriga de restituír e de repoñer a situación alterada ao seu estado anterior e tamén fixar o importe da indemnización previa instrución do correspondente expediente administrativo.

A indemnización dos danos irreparables será por contía igual ao valor dos bens destruídos ou ao deterioro causado, no prazo que se estableza.

3. Cando a restitución e reposición non fosen posibles e, en todo caso, cando subsistan danos e prexuízos irreparables, o responsable ou responsables da infracción deberán aboar as indemnizacións que procedan, fixadas de maneira executoria por Portos de Galicia.

4. Cando os danos fosen de difícil avaliación, teranse en conta os seguintes criterios:

a) Custo teórico da restitución e reposición
b) Valor dos bens danados
c) Custo do proxecto ou actividade causante do dano
d) Beneficio obtido coa actividade infractora

5. Se a reparación do dano é urxente para garantir o bo funcionamento do porto, bacía ou instalación, Portos de Galicia poderá levala a cabo de forma inmediata e a conta do causante do prexuízo ao que lle será reclamado posteriormente o custo da reparación.

Artigo 142. *Procedemento*

1. O procedemento administrativo sancionador tramitarase de acordo co disposto na presente lei e nas normas reguladoras do procedemento administrativo común.

2. O exercicio da potestade sancionadora no ámbito dos portos, as bacías e as instalacións portuarias corresponde aos órganos competentes de acordo co que dispoñen a presente lei e as súas normas de desenvolvemento.

3. O persoal e autoridades competentes están obrigados a formular denuncias, a tramitar as que se presenten, e a resolver os procedementos sancionadores da súa competencia, impoñendo as sancións procedentes.

4. Os feitos constatados polo persoal de Portos de Galicia con funcións inspectoras e de policía administrativa que se formalicen en documento público e nos que observándose os requisitos legais pertinentes, se recollen os feitos constatados por estes, farán proba destes, agás que se acredite o contrario.

5. Advertida a existencia dunha posible infracción, o órgano competente, logo das dilixencias oportunas, incoará ao presunto infractor expediente sancionador, sendo en calquera caso preceptiva a notificación do prego de cargos así como da proposta de resolución do expediente, para os efectos de formular alegacións e presentar os documentos e informacións que se estimen oportunos, con carácter previo a emitirse a resolución. Na tramitación de procedementos sancionadores por feitos sucedidos no ámbito das superficies suxeitas a concesión, será preceptiva a audiencia do concesionario.

43279

Artigo 143. *Competencia*

1. A competencia para a imposición das sancións previstas nesta lei corresponderá:

a) Á persoa titular da Dirección da entidade pública empresarial Portos de Galicia para os supostos de infraccións leves sancionadas con contías inferiores a 10.000 euros

b) Á persoa titular da Presidencia da entidade pública empresarial Portos de Galicia para as restantes infraccións leves

c) Á persoa titular da consellería competente en materia de portos, por proposta de Portos de Galicia no ámbito das súas competencias, nos casos de infraccións graves

d) Ao Consello da Xunta de Galicia, por proposta de Portos de Galicia no ámbito das súas competencias, nos casos de infraccións moi graves

2. Estes límites sobre atribucións de competencia así como a contía das multas, poderán ser actualizados ou modificados polo Consello da Xunta de Galicia.

3. Corresponderalle á persoa titular da Dirección da entidade pública empresarial a incoación dos expedientes sancionadores.

43280

Artigo 144. *Medidas provisorias*

1. O órgano competente para resolver poderá adoptar en calquera momento, mediante acordo motivado, as medidas de carácter provisional que resulten necesarias para asegurar a eficacia da resolución que puidera recaer, o bo fin do procedemento, evitar o mantemento dos efectos da infracción e preservar os intereses xerais, de acordo cos principios de proporcionalidade, efectividade e menor onerosidade.

Iniciado o procedemento, cando así veña esixido por razóns de urxencia inaprazable para a protección provisional dos intereses implicados, o órgano competente para acordar tal iniciación do procedemento, ou o órgano instrutor antes da iniciación do procedemento poderán adoptar de forma motivada as medidas provisionais que resulten necesarias e proporcionadas, con suxeición ao establecido en materia de medidas provisorias na lexislación reguladora do procedemento administrativo común.

2. Cando se trate de obras ilegais en curso de execución, poderase ordenar a súa paralización. Cando se trate de instalacións en explotación ou da execución de usos e actividades indebidos, poderase dispoñer a súa suspensión. Coa notificación da orde de paralización ou suspensión se lle outorgará un prazo á persoa interesada para que solicite ante a Administración portuaria o título correspondente, ou ben axuste as obras ou a actividade ao que teña concedido. Unha vez transcorrido ese prazo sen que a persoa interesada cumprise o que se lle prescribise, a Administración portuaria pode ordenar a demolición das obras ou o desmantelamento das instalacións, a costa da persoa interesada, e impedirá definitivamente os usos ou actividades non autorizadas, agás que a medida poida causar prexuízos de imposible ou difícil reparación.

3. Poderase acordar, así mesmo, o precinto das obras ou das instalacións e a retirada dos materiais, da maquinaria ou dos equipos que se utilizan nas obras ou actividades a cargo da persoa interesada, así como a suspender os fornecementos de enerxía eléctrica, auga, gas e telefonía para asegurar a efectividade da medida que se menciona no anterior número 2.

4. Portos de Galicia poderá ordenar a adopción inmediata das medidas necesarias para evitar a contaminación xerada por todo tipo de vertidos.

5. Portos de Galicia poderá ordenar a inmediata retención, por causa xustificada, dos buques e das embarcacións para garantir as posibles responsabilidades administrativas ou económicas dos seus propietarios, representantes autorizados, capitáns ou patróns, sen prexuízo de que esta medida poida ser substituída pola constitución dun aval suficiente.

6. Para a efectividade de todas as medidas previstas no presente artigo, o órgano competente interesará, cando sexa necesario, a colaboración das Forzas e Corpos de Seguridade.

Artigo 145. *Execución forzosa*

1. Para garantir o cobro do importe das multas e das indemnizacións por danos e perdas causados, así como para lograr o restablecemento da orde xurídica vulnerada, Portos de Galicia poderá acudir á vía de constrinximento e servirse dos demais medios de execución forzosa previstos na lexislación reguladora do procedemento administrativo común.

2. Para estes efectos, Portos de Galicia poderá proceder, logo do apercibimento, á execución forzosa dos actos administrativos, excepto nos supostos nos que se suspenda a súa execución, ou cando a Constitución ou a lei esixan a intervención dos tribunais.

Artigo 146. *Multas coercitivas*

1. Portos de Galicia poderá impoñer multas coercitivas para a execución dos actos administrativos que implican unha obriga dos destinatarios, de acordo co previsto na lexislación reguladora do procedemento administrativo común e cos correspondentes requirimentos e advertencias previos.

2. As multas coercitivas, que poden ser reiteradas por lapsos de tempo que sexan suficientes para cumprir o ordenado, non poderán ser de contía superior a 6.000 euros cada unha.

3. Cando as multas coercitivas se impoñan para lograr o cumprimento dunha sanción, a competencia para fixala será do mesmo órgano que ditara a resolución sancionadora, e o importe de cada unha delas non poderá ser superior ao 20 por cento da contía da sanción.

Artigo 147. *Desafiuzamento administrativo*

1. O desafiuzamento administrativo dos que ocupen de maneira indebida e sen título bastante bens de dominio público portuario acordarase logo de previo requirimento ao usurpador para que cese na súa actuación, cun prazo de 10 días para que poida presentar alegacións, e no caso de resistencia activa ou pasiva ao dito requirimento.

2. Os gastos que se causen serán de conta dos desafiuzados.

3. Corresponde á persoa titular da Presidencia de Portos de Galicia acordar o desafiuzamento, podendo solicitar da autoridade gobernativa correspondente a colaboración das Forzas e Corpos de Seguridade, cando sexa necesario.

Disposición adicional primeira. *Sociedades mercantís públicas dependentes de Portos de Galicia*

1. O Consello da Xunta de Galicia poderá autorizar a creación de sociedades mercantís públicas dependentes da entidade pública empresarial para a xestión empresarial singularizada de actividades portuarias determinadas.

2. A entidade pública empresarial terá participación maioritaria no capital das sociedades referidas no número anterior, ás que se lles aplicará o establecido na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Disposición adicional segunda. *Zona de servizo de portos xestionados en concesión*

No suposto de portos de competencia da Comunidade Autónoma que se xestionen mediante concesión, a súa zona de servizo formará parte da do porto de competencia autonómica que, polas características dos seus tráficos ou pola súa proximidade xeográfica, determine a consellería competente en materia de portos.

Disposición adicional terceira. *Relación de espazos susceptibles de segregación*

A entidade pública empresarial Portos de Galicia elaborará unha relación dos espazos pesqueiros e destinados a usos náutico deportivos dos portos de interese xeral que reúnan as características recollidas no artigo 3.6 do Texto Refundido da Lei de Portos do Estado e da Mariña Mercante, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2011, do 5 de setembro, para promover a segregación prevista na citado artigo, e nos artigos 2.1, letra e) e 3.3 desta lei.

Disposición adicional cuarta. *Lonxas xestionadas en réxime de monopolio*

Suprimido o monopolio local en materia de lonxas conforme ao previsto na normativa básica estatal. Naqueles concellos nos que o servizo de lonxa viñera prestándose en réxime de monopolio, o Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de portos, poderá acordar a explotación das lonxas de peixe situadas en zonas de servizo dos portos de acordo co réxime previsto nesta lei.

Disposición adicional quinta. *Estibadores portuarios*

1. No ámbito do servizo portuario de manipulación de mercancías rexerá o principio de liberdade de contratación.

2. Non obstante o anterior, naqueles portos onde viñera funcionando o réxime de estibadores ou estibadoras da antiga Organización de Traballos Portuarios e onde presten na actualidade os seus seus servizos estibadores "fixos de censo", co fin de protexer os seus dereitos laborais, manterase con carácter de "a extinguir" a estes traballadores ata a extinción por calquera causa da súa relación laboral especial."

Disposición adicional sexta. *Rexistro de prestadores de servizos*

A consellería competente en materia de portos, por proposta de Portos de Galicia, constituirá un rexistro de carácter administrativo onde constarán todos os prestadores de servizos dos portos e instalacións suxeitas ao ámbito de aplicación desta lei, con expresión dos datos destes que sexan de interese para a aplicación da presente lei. O rexistro será actualizado anualmente.

Disposición adicional sétima. *Perspectiva e igualdade de xénero*

No exercicio das funcións establecidas nesta lei, así como no funcionamento da entidade pública empresarial Portos de Galicia, se terá en conta a perspectiva de xénero e o principio de igualdade entre mulleres e homes, así como o cumprimento efectivo do previsto no Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, e na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

Disposición transitoria primeira. *Concesións e autorizacións vixentes á entrada en vigor da lei*

1. Sen prexuízo da súa posible modificación cando se dean os supostos legalmente previstos, as concesións e autorizacións sobre bens adscritos que supoñan ocupación do dominio público portuario vixentes á entrada en vigor da presente lei seguirán suxeitas ás mesmas condicións nas que se outorgaron, agás no que atinxe ás taxas que sexan de aplicación, que se adaptarán ao disposto na presente lei e na lexislación autonómica vixente en materia de taxas (que na actualidade vén constituída pola Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia), e ao prazo de vixencia, que conforme ao establecido nesta disposición, deberá observar en todo caso o establecido na lexislación básica estatal en materia de dominio público marítimo-terrestre.

2. Considerarase en todo caso incompatible cos criterios de ocupación do dominio público portuario establecidos nesta lei o mantemento de concesións outorgadas a perpetuidade, por tempo indefinido ou por prazo superior a trinta e cinco anos a contar desde a entrada en vigor da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de Portos do Estado e da Mariña Mercante. En todos estes casos, as concesións vixentes entenderanse outorgadas por un prazo máximo de trinta e cinco anos a contar desde a entrada en vigor desa lei. Nos demais supostos, a revisión das cláusulas das concesións requirirá a tramitación dun expediente con audiencia da persoa interesada.

3. Aínda que o título de outorgamento non prevea a posibilidade de prórroga, o prazo inicial das concesións vixentes á entrada en vigor da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de Portos do Estado e da Mariña Mercante, cando este prazo inicial sexa inferior a 35 anos, poderá ser prorrogado sen suxeitarse aos requisitos establecidos no artigo 66.2.b) desta lei, se ben, o prazo da prórroga acumulado ao inicialmente outorgado, non poderá exceder do límite de 35 anos.

4. Aínda que o título de outorgamento non prevea a posibilidade de prórroga, o prazo inicial das concesións outorgadas con posterioridade á entrada en vigor da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de Portos do Estado e da Mariña Mercante, poderá ser prorrogado por Portos de Galicia con suxeición ao réxime previsto para as prórrogas de concesións no artigo 66.2.b) desta lei.

5. As obras e instalacións construídas con anterioridade á entrada en vigor da presente lei sen a autorización ou concesión esixible de acordo coa lexislación que fora de aplicación, serán demolidas cando non proceda a súa legalización por razóns de interese público. No caso de que se opte pola súa legalización deberase outorgar unha concesión firme conforme aos criterios e ao procedemento establecidos nesta lei.

6. As persoas que estean desenvolvendo actividades industriais, comerciais ou de servizos ao público no ámbito dun porto con anterioridade á entrada en vigor da presente lei, poderán seguir desenvolvendo a súa actividade nas mesmas condicións anteriores, se ben deberán adaptarse ás disposicións que establezan os pregos xerais que regulen a súa actividade nun prazo de seis meses a partir da publicación dos devanditos pregos.

Se a adecuación non se tivese producido no prazo sinalado, Portos de Galicia declarará extinguida a autorización para o desenvolvemento de actividades no ámbito portuario.

Disposición transitoria segunda. *Ampliación do prazo das concesións portuarias outorgadas pola Comunidade Autónoma de Galicia con anterioridade á entrada en vigor do Real decreto lei 8/2014, do 4 de xullo, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia*

1. O prazo inicial das concesións outorgadas pola Comunidade Autónoma de Galicia con anterioridade á entrada en vigor do Real decreto lei 8/2014, do 4 de xullo, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, poderá ser ampliado a petición do concesionario pola administración portuaria competente, tendo en conta o disposto no artigo 49 da Lei 22/1988, do 22 de xullo, de costas, e demais normativa de aplicación, sempre que o concesionario se comprometa, polo menos, á realización de investimentos relevantes para o porto ou o sistema portuario galego.

2. O investimento mínimo que o concesionario deberá efectuar será do cinco por cento (5 %) do valor das instalacións obxecto de concesión. Enténdese este como o correspondente ao inicialmente previsto na concesión (orzamento de execución material).

Para a súa consideración como obras computables como investimentos relevantes, deberán reunir algún dos seguintes requisitos:

a) Non deben estar previstas no título concesional orixinal.

b) Aqueles investimentos realizados polo concesionario que non estean incluídos no título concesional e que non sexan computados para os efectos de prórrogas previamente adoptadas.

c) Investimentos novos que se vaian executar desde a ampliación do prazo da concesión.

Así mesmo, as obras que se vaian realizar deberán mellorar algún dos seguintes aspectos:

a) Produtividade.

b) Eficiencia enerxética.

c) Calidade ambiental.

d) Operacións portuarias.

e) Introdución de novas tecnoloxías.

f) Novos procesos que incrementen a competitividade.

g) Responsabilidade social corporativa e mellora social e da poboación.

As obras que se realicen deberán ser aprobadas expresamente por Portos de Galicia, con base na normativa vixente de aplicación, segundo as características da obra proposta.

3. A ampliación ou prórroga do prazo da concesión non poderá ser superior á metade do prazo máximo de vixencia establecido na lexislación estatal para as concesións sobre dominio público portuario nos portos de interese xeral.

A ampliación da concesión determinará a modificación das condicións desta, incluíndose os novos compromisos adquiridos e o momento da súa execución, que deberán ser aceptados polo concesionario con anterioridade á resolución sobre o seu outorgamento.

As obras deberán executarse integramente no prazo equivalente á metade do prazo de ampliación ou nos primeiros catro anos seguintes ao comezo da ampliación concedida ao concesionario. Corresponde aos servizos técnicos de Portos de Galicia verificar o cumprimento desta obriga, para o cal deberá estenderse, por solicitude do concesionario, a correspondente acta de recoñecemento final das obras que xustificasen a ampliación.

O incumprimento da obriga de executar as obras e investimentos no prazo establecido, así como a execución parcial ou defectuosa, dará lugar á caducidade do título de ampliación da concesión e de modificación da concesión, se é o caso.

4. Os concesionarios interesados en exercer a opción de prórroga ou ampliación do prazo de concesión de acordo co establecido nesta disposición poderán facelo no prazo de dous anos desde a entrada en vigor da presente disposición transitoria.

Para a ampliación do prazo, o concesionario deberá presentar unha solicitude, á que deberá achegar:

a) Identificación da concesión a que se refire a solicitude.

b) Memoria na que se expliquen detalladamente os compromisos que asume o concesionario se se lle outorga a ampliación do prazo, así como xustificación dela.

c) Proposta dos investimentos realizados ou que se van realizar, cunha memoria descritiva e os prazos previstos para a súa execución, de ser o caso.

d) Memoria económico-financeira de viabilidade da concesión ampliada, de acordo cos compromisos que se pretenden cumprir.

e) Declaración responsable de que os compromisos de investimento se executarán nos prazos fixados.

Analizada a documentación presentada, os servizos técnicos de Portos de Galicia procederán a verificar o cumprimento dos requisitos e obrigas sinalados. No caso de que non estiver completa a documentación ou for insuficiente, requiririase o concesionario para que o emende no prazo de quince días.

Completada a documentación, a Dirección de Portos de Galicia emitirá o seu informe sobre a solicitude para o seu traslado ao órgano competente para acordar o procedente sobre o outorgamento da ampliación do prazo da concesión.

A resolución de concesión e a fixación do prazo deberán motivarse tendo en conta:

a) O tempo restante de vixencia da concesión.

b) O volume de investimento realizado durante a vixencia da concesión e autorizado por Portos de Galicia, de ser o caso.

c) O volume de investimento novo comprometido.

d) A vida útil do investimento tanto realizado como novo.

e) A memoria económico-financeira da concesión no momento do seu outorgamento e no momento da solicitude de ampliación de prazo.

Así mesmo, para as concesións de portos deportivos e de instalacións en zonas portuarias de uso náutico-deportivo destinadas á prestación de servizo ás embarcacións deportivas e de lecer, a fixación do prazo da ampliación motivarase conforme os criterios anteriores, en función do investimento incluído no proxecto de investimento que sirva de base para a ampliación da concesión do prazo, considerando o orzamento, incluído o IVE, que será segundo o cadro seguinte, e considerando a coherencia do citado investimento co exposto nos apartados anteriores:

Investimento	Anos
Menos 50.000 €	5
50.001-100.000 €	10
100.001-200.000 €	15
200.001-400.000 €	20
Máis de 400.001€	25

O outorgamento ou a denegación da ampliación ten carácter discrecional, sen prexuízo da obriga de motivar as razóns de outorgamento ou denegación.

A resolución de outorgamento da ampliación de prazo da concesión será publicada no Diario Oficial de Galicia, facendo constar, cando menos, a información relativa ao obxecto, ao prazo e ao titular da concesión.

5. A ampliación do prazo da concesión non será tida en conta para os efectos da valoración do rescate, da revisión da concesión ou da indemnización por calquera causa a concesionarios e non alterará a situación xurídica existente respecto das obras e instalacións executadas polo concesionario que, á entrada en vigor do Real decreto lei 8/2014, do 4 de xullo, de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, revertesen á Autoridade Portuaria, así como da taxa de ocupación que corresponda exixir polo seu uso. Respecto das obras e instalacións que non revertesen, será de aplicación o réxime previsto legalmente.

6. Os concesionarios que con anterioridade á entrada en vigor da presente disposición presentasen unha solicitude de ampliación e se atopen en tramitación poderán optar no prazo dun ano, que se contará desde a entrada en vigor da presente disposición, entre a continuación do procedemento de acordo coa lexislación anterior ou a mellora voluntaria da solicitude, para os efectos de adaptala á nova regulación, conservándose os actos e trámites cuxo contido non se vise alterado pola nova regulación.

Disposición transitoria terceira. *Prohibicións*

O réxime de prohibicións contido nesta lei será de aplicación a partir do momento da súa entrada en vigor. Non obstante, as ocupacións e utilizacións que estean amparadas por título vixente na data da súa entrada en vigor, poderanse manter durante o período de vixencia do título, que en ningún caso poderá ser obxecto de prórroga, sen prexuízo do réxime de prohibicións derivado da normativa en materia de dominio público marítimo-terrestre.

Disposición transitoria cuarta. *Zona de servizo dos portos*

En tanto non se proceda á delimitación prevista na presente lei, considerarase zona de servizo dos portos o conxunto de espazos de terra incluídos na zona de servizo existente á entrada en vigor da presente lei, e as superficies de auga comprendidas nas zonas I e II delimitadas para cada porto para efectos de cobro de tarifas.

Disposición transitoria quinta. *Réxime transitorio aplicable a Plans de Utilización de Espazos portuarios, a Delimitacións de Espazos e Usos Portuarios e a Plans Directores de Infraestruturas*

1. Os Plans de Utilización de Espazos Portuarios e as Delimitacións de Espazos e Usos Portuarios aprobados con anterioridade á entrada en vigor da presente lei manterán a súa vixencia, se ben, cando se proceda á súa primeira modificación, estes plans deberán de adaptarse ao disposto nos artigos 51 e 52.

2. As Delimitacións de Espazos e Usos Portuarios que á entrada en vigor desta lei estiveran en tramitación, deberán de axustarse ao disposto nos artigos 51 e 52.

3. Os Plans Directores de Infraestruturas aprobados con anterioridade á entrada en vigor da presente lei manterán a súa vixencia. Así mesmo, os Plans Directores de Infraestruturas que á entrada en vigor desta lei estiveran en tramitación deberán adaptarse ao disposto nos artigos 32, 33, 34 e 35.

Disposición transitoria sexta. *Normas urbanísticas de aplicación directa*

En tanto non se proceda á aprobación dos plans especiais de ordenación portuaria, as obras promovidas por particulares que estean suxeitas a control preventivo municipal axustaranse, no que respecta a parámetros urbanísticos, ás seguintes normas de aplicación directa, que terán carácter subsidiario do plan especial de ordenación urbanística do porto, e que non vinculan nin limitan a definición da estrutura xeral e usos pormenorizados no ámbito portuario que corresponden ao plan especial:

a) Usos permitidos: os indicados nesta lei.

b) Normas de edificación:

1ª) Alturas: A altura máxima de coroación das edificacións será de 12 metros, exceptuándose desta delimitación aquelas instalacións singulares destinadas ao servizo do porto, tales como silos, guindastres, depósitos, frío, torres de alumeado e balizamento.

2ª) Superficie edificable: máximo de 1.5 m2 /m2 de edificación.

3ª) Normas estéticas: As edificacións deberanse integrar esteticamente no conxunto do porto, sen provocar rupturas co contorno por deseño, cor ou remates, debéndose cumprir a normativa de patrimonio ditada pola dirección xeral da Administración autonómica competente en materia de patrimonio na zona onde sexa de aplicación.

Disposición transitoria sétima. *Regulamento de explotación e policía*

Mentres non se aprobe o Regulamento de explotación e policía ao que se refire o artigo 125 seguirá en vigor o Regulamento de servizo e policía aprobado pola Orde ministerial do 12 de xuño de 1976 para a Comisión Administrativa de Grupos de Portos, en todo aquelo que non se opoña ao disposto na presente lei e na restante lexislación aplicable na materia.

Disposición transitoria oitava. *Persoal laboral fixo da entidade pública empresarial Portos de Galicia*

1. O persoal laboral fixo da entidade pública empresarial Portos de Galicia que, no momento da entrada en vigor da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, estea a realizar funcións de traballo de persoal funcionario en virtude de probas de selección ou promoción interna convocadas antes da data sinalada, seguirá a realizalas.

2. Para os efectos da valoración, clasificación e determinación de funcións de traballo de persoal funcionario asignadas aos postos de traballo afectados por esta disposición, o cadro de persoal actualmente vixente é o aprobado polo Consello Reitor de Portos de Galicia na súa sesión do 6 de xuño do 2013.

Disposición derrogatoria única. *Derrogación normativa*

1. Quedan derrogadas as disposicións seguintes:

a) A Lei 6/1987, do 12 de xuño, do Plan Especial de Portos da Comunidade Autónoma de Galicia.

b) A Lei 5/1994, do 29 de novembro, de creación do ente público Portos de Galicia.

2. Quedan así mesmo derrogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido na presente lei.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento regulamentario*

O Consello da Xunta de Galicia poderá ditar cantas normas regulamentarias sexan necesarias para o desenvolvemento desta lei.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

A presente lei entrará en vigor aos seis meses da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Alfonso Rueda Valenzuela

Vicepresidente e conselleiro de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza

XUNTA DE GALICIA

ANEXO

Portos e instalacións marítimas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia

Nº	Porto
	Provincia Lugo
1	Ribadeo
2	Rinlo
3	Foz
4	Nois
5	Burela
6	San Cibrao
7	Morás
8	Portocelo
9	Viveiro-Celeiro
10	O Vicedo
	Provincia A Coruña
11	O Barqueiro
12	Bares
13	Espasante
14	Ortigueira
15	Cariño
16	Cedeira
17	Maniños -Barallobre
18	O Seixo
19	Mugardos
20	Ares
21	Redes
22	Pontedeume
23	Miño
24	Perbes (embarcadoiro vinculado a Miño)
25	Betanzos

26	Sada-Fontán
27	Lorbé
28	Mera
29	Santacruz
30	San Pedro Visma
31	Suevos
32	Caión
33	Razo
34	Malpica
35	Barizo
36	Santa Mariña
37	Corme
38	Ponteceso
39	Laxe
40	Camelle
41	Arou
42	Sta. Mariña de Camariñas
43	Camariñas
44	Muxía
45	Fisterra
46	O Sardiñeiro
47	QUENXE
48	Corcubión
49	Cee
50	Ezaro
51	O Pindo
52	Portocubelo
53	Os Muiños
54	Muros
55	Esteiro
56	A Barquiña
57	O conchido
58	A Barquiña
59	O Freixo
60	Noia

61	Testal
62	Boa
63	Portosín
64	Porto Do Son
65	Corrubedo
66	Aguiño
67	Castiñeiras
68	Ameixida
69	Insuela
70	Ribeira
71	Palmeira
72	A Pobra do Caramiñal
73	Escarabote
74	Cabo de Cruz
75	Ancados
76	Bodión
77	Taragoña - O Porto
78	Rianxo
79	Rañó
	Provincia de Pontevedra
80	Pontecesures
81	Carril
82	Vilaxoán
83	As Sinas
84	Vilanova de Arousa
85	San Miguel de Deiro
86	Cabodeiro (Illa de Arousa)
87	O Xufre-A Illa
88	O Campo (Illa de Arousa)
89	Cambados -Tragove
90	A Toxa
91	O Grove
92	Meloxo
93	Pedras Negras
94	Portonovo

95	Sanxenxo
96	Raxó
97	Covelo
98	Combarro
99	Campelo
100	Pontevedra (Club Naval)
101	As Corbaceiras
102	Aguete
103	Bueu
104	Beluso
105	Aldán
106	Cangas
107	Moaña
108	Meira
109	Domaio
110	San Adrián de Cobres
111	Santa Cristina de Cobres
112	Arcade
113	Cesantes
114	Canido
115	Panxón
116	Santa Marta de Baiona
117	Baiona
118	Santa María de Oia
119	A Guarda
120	A Pasaxe
121	Goián
122	Tui

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Emendas á totalidade formuladas ao Proxecto de lei de portos de Galicia

A Mesa da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, na reunión do 20 de setembro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

Cualificación das emendas á totalidade presentadas ao Proxecto de lei de portos de Galicia (14376, 10/PL-000005)

Examinados os escritos presentados e dado que se axustan aos requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acorda a súa admisión co seguinte detalle:

Emendas á totalidade

— Do G. P. de En Marea (doc. núm. 16742)
— Do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 16844)
— Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 16843)

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2017
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16742
Data envio: 18/09/2017 14:27:48.391

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda ao Proxecto de Lei de Portos de Galicia** (PL-000005, doc. núm. 14376), con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións.

Primeira.

A importancia económica que para Galicia supón a actividade desenvolta nos máis de 120 portos de titularidade autonómica, así como a inexistencia de normativa propia e a dispersión da normativa actual, fan preciso a redacción, debate e aprobación dunha lei de portos autonómica que permita avanzar na autoxestión e na definición do modelo portuario que necesita o país.

Precisamente a necesidade de establecer unha explotación integral do conxunto de portos de titularidade autonómica, de harmonizar e distribuír os usos e actividades e de coordinar a actividade económica destes portos e os de interese xeral, é o ámbito que esquece este anteproxecto.

Anteproxecto incapaz de iniciar unha planificación conxunta e coordinada que evite as competencias desleais e permita establecer unha estratexia de país no ámbito portuario.

A norma esquece a necesidade de establecer por lei a elaboración dun plan integral de xestión portuaria que permita marcar directrices, prioridades e obxectivos de forma que establezamos certa coherencia ao noso sistema portuario.

Segunda.

O proxecto, dende o punto de vista do noso grupo parlamentar, invade competencias municipais e non facilita a cooperación Portos-Concello no tratamento de usos das fachadas marítimas, tendo en conta, ademais, que a maioría dos portos de responsabilidade galega teñen unha integración máis importante cas vilas que os acollen que os portos de interese xeral. A norma debera establecer mecanismos legais de cooperación entre administración autonómica, portos de Galicia e Concello co obxectivo de establecer estratexias coherentes e compartidas sobre os usos das fachadas marítimas da nosa costa.

Terceira

Na parte que ten a ver coa determinación dos órganos executivos encargados da toma de decisión e execución dos acordos, a determinación dos membros do Consello Reitor non parece equilibrada, esquece a presenza de organizacións relevantes, como sindicatos e organizacións de produtores, sen determinar que mecanismos permiten a súa presenza ou non, ademais de obviar a unha parte da sociedade civil organizada, ou da necesaria representación municipal, e de incrementar e dirixir gran número de competencias en órganos de carácter unipersoal que van en contra da necesidade de socializar as iniciativas en materia de política portuaria.

Cuarta.

O proxecto abusa do recurso ao posterior desenvolvemento mediante decretos, de elementos fundamentais para a política portuaria, dende as prioridades de usos portuarios, as taxas e prezos públicos, impedindo, polo tanto, unha mínima planificación ou dirección previa que comprometa unha liña de acción que poida ser compartida, ou non, polo órgano lexislativo. Debería cando menos determinar

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16742
Data envio: 18/09/2017 14:27:48.391

as liñas básicas e estratéxicas sobre as que determinar o concreto do futuro desenvolvemento en forma de decreto.

Quinta.

A Exposición de motivos do proxecto de lei establece unha subordinación da función pública dos portos á iniciativa privada, feito que se concreta en numerosos preceptos que contén o proxecto onde se antepón a iniciativa privada á ordenación pública da actividade: dende os usos, as concesións e autorizacións administrativas; supeditando, polo tanto, o interese público ao interese económico particular e establecéndose, ademais, mecanismos de autorización e concesión da lámina de auga para a iniciativa privada que poden chegar a colisionar cos usos lindeiros de explotación marisqueira e pesqueira.

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2017.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 18/09/2017 14:25:04

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2017 18:09
Nº Rexistro: 16844
Data envio: 18/09/2017 18:09:14.640

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda á totalidade, con expresa petición de devolución, ao Proxecto de lei de portos de Galicia (doc. núm. 14376), sobre a base das seguintes consideracións:

- É un proxecto de lei que aínda sendo administrativamente prolixo, terá unha incidencia pública nula ou moi limitada na realidade portuaria e económica de Galicia.

- Non reflicte cuestións fundamentais (como por exemplo as taxas portuarias), descartándose un impacto económico mesmo sobre os sectores económicos e produtivos portuarios galegos.

- Tampouco se deriva ningunha medida salientable dende os aspectos sociais ou medio ambientais, perdéndose unha importante oportunidade neste sentido.

- Non contempla a necesaria realización dalgunha planificación estratéxica xeral para o sistema portuario galego, tal e como xa puxo de manifesto o propio Consello Económico e Social de Galicia.

- Non contén a actualización necesaria, o que se contrapón co obxectivo da súa suposta necesidade e importancia.

- Reflicte un modelo organizativo problemático e ademais incompleto, cando os seus ingresos son fundamentalmente públicos, xa que, entre outros aspectos, permitirá crear un número indeterminado de empresas públicas portuarias.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2017 18:09
Nº Rexistro: 16844
Data envio: 18/09/2017 18:09:14.640

- Non prevé ningún tipo de mellora financeira ou reforma substancial que afecte ao réxime económico-financeiro dos portos, que debería constituír un factor fundamental, nin contempla ningún plan de investimento a realizar, pese ao que se manifesta respecto da súa importancia.

- Non contempla a necesaria coordinación e participación das administracións locais, ás que se lles impón unhas consideracións urbanísticas peculiares, problemáticas e non pactadas, ao tempo que podería vulnerar o principio da autonomía local en cuestións como a imposición a estas de diversos trámites fóra da normativa xeral, ou a exclusión de determinadas licenzas de obras.

- Non existe ningunha medida que articule un deseño válido cos sistemas de transporte ou co entorno urbano, nin prevé ningunha cuestión respecto da necesaria coordinación e conexión coas plataformas loxísticas.

- Non establece medidas axeitadas para a coordinación co resto das administracións, así como tampouco ningún tipo de canal participativo ca cidadanía ou consello asesor xeral especializado en cuestións portuarias.

- Non reflicte ningún prazo nin mecanismos de seguimento e control sobre aspectos fundamentais, tal e como acontece para os denominados plans directores de infraestruturas.

- Afástase da normativa europea relativa á adxudicación de contratos de concesión por parte das administracións a particulares.

- Introduce formulacións demasiado incertas e xenerosas ao respecto da participación ou da iniciativa privada, sen que se evidencie a defensa dos intereses xerais.

Pazo do Parlamento, 18 de setembro de 2018

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2017 18:09
Nº Rexistro: 16844
Data envio: 18/09/2017 18:09:14.640

Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 18/09/2017 16:54:05

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2017 17:41
Nº Rexistro: 16843
Data envio: 18/09/2017 17:41:48.911

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego(BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade**, **de devolución**, ao **Proxecto de lei de portos de Galiza [10/PL-000005** (doc. núm. **14376**)], en base ás seguintes consideracións:

Galiza conta cunha inxente cantidade de portos e instalacións portuarias, a densidade portuaria máis alta da península ibérica, e seguramente unha das máis altas de Europa, que fan que o sector portuario galego sexa un sector estratéxico cun gran potencial e que até agora, desde que en 1981 o Estatuto contemplara a competencia exclusiva no sector e deixando a un lado de maneira aberrante aos portos de interese xeral, non foi regulado por unha lei específica.

Este Proxecto de lei de portos de Galiza, despois de terse feito agardar tantos anos, resulta decepcionante, pois non responde nin as expectativas nin as necesidades deste sector estratéxico, e ademais é prexudicial para o futuro do sector portuario galego.

É un Proxecto de lei claramente privatizador dunha actividade económica e produtiva estratéxica. No mesmo chégase a afirmar literalmente, sen rubor, que a actividade pública se poría en marcha “sempre que sexa preciso para atender posíbeis deficiencias da iniciativa privada”. Non corrixe, e mesmo acentúa, as tensións privatizadoras a que está sometido o sector.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2017 17:41
Nº Rexistro: 16843
Data envio: 18/09/2017 17:41:48.911

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Fica claro cal é a auténtica prioridade e a orientación ideolóxico-política que fundamenta este Proxecto de lei. Dous claros exemplos disto son, primeiro escoller, entre todas as figuras legais existentes, a de "Entidade Pública Empresarial" para o organismo Portos de Galiza, e así ir laminando o carácter público do sector portuario, e segundo ampliar o período de concesións de 30 a 50 anos.

Este Proxecto de lei non cuestiona a distribución competencial. Porén, a xuízo do BNG, é unha oportunidade perdida para que Galiza saía beneficiada e poida deseñar a súa propia política en función dos seus intereses e potencialidades, sen inxerencias externas que couten o seu desenvolvemento.

Resulta paradoxal que o texto recoñeza na súa exposición de motivos o peso económico e demográfico no ámbito costeiro, mais logo non cuestione os inxentes beneficios económicos que obtén o Estado da xestión e explotación dos portos galegos baixo a súa competencia. Os portos galegos "de interese xeral" Vigo, Marín, Vilagarcía de Arousa, A Coruña, Ferrol e San Cibrao son un negocio moi rendíbel para o Estado e esta lei non contempla que eses recursos reverter en Galiza. Non corrixe a terríbel división do sector entre os portos da nosa competencia e os portos galegos de competencia do Estado español. No Titulo Preliminar unicamente chega a esbozar un raquítico compromiso de elaborar unha relación de espazos pesqueiros e destinados a usos náutico deportivos que reúnan as características recollidas no artigo 3.6 do Texto Refundido da Lei de Portos do Estado e da Mariña Mercante, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2011, do 5 de setembro para promover a segregación prevista no citado artigo e nos artigos 2.1, letra e) e 3.3 desta Lei.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2017 17:41
Nº Rexistro: 16843
Data envio: 18/09/2017 17:41:48.911

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A maiores, boa parte das supostas competencias do Ente Público subordínanse, aínda dentro do ámbito competencial galego, a permisos ou informes previos da denominada "autoridade marítima", que non é outra que a Dirección Xeral da Mariña Mercante, ou en casos, a propia Armada española.

Na definición realizada no Cap. II do Título Preliminar. Dos portos e instalacións portuarias, vemos como estende a súa definición en determinados conceptos como de porto deportivo non só ao conxunto de augas que abarca, senón tamén aos espazos terrestres contiguos a estas obras, infraestruturas e instalacións necesarias para desenvolver operacións propias da flota deportiva. Ou de mariña interior como o conxunto de infraestruturas, obras e instalacións necesarias para comunicar permanentemente os terreos interiores de propiedade privada ou da Administración Pública, coa lámina de auga de portos.

Prioriza o interese náutico deportivo fronte a outros do conxunto da colectividade, como pode ser o desfrute de praia, paseo ou lecer. Estas cuestións provocan claramente un permanente conflito cos criterios medio ambientais, mais tamén de ocupación, dado que moitas veces os intereses deportivas chocan cos intereses dos concellos de manter zonas de lecer ou incluso en moitos casos entra en contradición co uso de praia.

Dentro do Cap. III. Principios xerais, debería contemplarse como principio de unidade de xestión aquela levada a cabo polos portos de interese xeral, habida conta de que os presidentes son nomeados polo titular responsable de portos e dado que é de sentido común que haxa unha coordinación naquelas cuestións que lle afecten as actividades prioritarias dos portos galegas.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2017 17:41
Nº Rexistro: 16843
Data envio: 18/09/2017 17:41:48.911

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non pode ser que a planificación de instalación náutico deportivas de Portos de Galiza non estea embridada na que realizan os portos de interese xeral. Este Proxecto de lei unicamente esboza que establecerá os instrumentos axeitados para garantir unha posición estratéxica e a cooperación e colaboración na xestión entre os portos de competencia autonómica e os portos de interese do Estado pero no concreto nada de nada.

No Titulo II relativo a planificación, ordenación, obras, medio ambiente e seguridade recupera a figura dos plans Directores de Infraestruturas. A pesar do seu carácter vinculante, a realidade é que se pode modificar por obras menores, por obras de recoñecida urxencia ou de excepcional interese público, debidamente apreciado polo Consello da Xunta. Tamén poderá modificar a Delimitación dos Espazos e Usos Portuarios que moitos dos portos xa teñen aprobado co cal seguirá sendo un instrumento totalmente moldeábel polo presidente/a ou goberno de quenda.

En realidade é unha blindaxe ante a revisión ou modificacións dos instrumentos de ordenación municipal xa que os mesmos non poderán incluír determinacións que supoñan unha interferencia ou perturbación das competencias de explotación portuaria e encima dado o seu suposto carácter supramunicipal, a superficie do sistema xeral non computará aos efectos de dotacións, cesións de aproveitamentos, reservas e equipamentos de xeito que os concellos ven eliminadas as súas competencias urbanísticas para ordenar o litoral. Portos con esta lei pode construír ata 12 metros de altura. E incluso vai máis lonxe ao determinar que a aprobación dos mesmos implicará, se é o caso, a necesidade de revisión ou modificación dos instrumentos de planeamento

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2017 17:41
Nº Rexistro: 16843
Data envio: 18/09/2017 17:41:48.911

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

urbanístico municipal co fin de integrar as determinación do planeamento sectorial portuario no planeamento urbanístico municipal.

Os proxectos e obras deberán pois someterse ao Plan Director de Infraestruturas e aos concello unicamente lle solicitarán informe, nin sequera no caso de que non estivera aprobado o Plan o concello daría licenza, unicamente informe de acomodación das obras a lexislación urbanística municipal. E por suposto, as obras e instalacións portuarias non estarán aos actos de control preventivo municipal. Unicamente serán susceptibles de control e licenza municipal aqueles que non sexan acordes cos usos portuarios que realice a administración portuaria directamente, isto é ningún.

E por suposto, as obras de interese xeral portuario non poderán ser suspendidas en ningún caso pola autoridade urbanística competente. E as realizadas na lámina de auga non estarán sometidas aos actos de control preventivo municipal, obviamente.

Os criterios de libre competencia, concorrencia competitiva e a liberdade de empresa, establécense para garantir a inversión realizada e sen conexión ningunha co servizo que debe prestar, como por exemplo o modelo de transporte privado das Illas Atlánticas.

No apartado dos portos náutico deportivos séguese co modelo de crecemento infinito, sen conexión ningunha cos portos de interese xeral, con un criterio de aceso a prazas públicas unicamente pola orde de solicitude ou dándolle preferencia ao tamaño, esquecendo a racionalidade en determinadas rías e sen desenvolver medidas que poñan en valor a función social destas

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2017 17:41
Nº Rexistro: 16843
Data envio: 18/09/2017 17:41:48.911

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

instalacións e que aposte pola recuperación das embarcacións tradicionais ou por preservar o medio ambiente e os recursos mariños antes que o negocio inversor.

Resulta especialmente preocupante que este Proxecto de lei non lle dea un tratamento específico aos portos pesqueiros, cunha actividade de máis de 170.000 toneladas descargadas, nin un plan para adecuar o sector mexiloeiro a un mínimo de servizos básicos, un sector estratéxico que conta cunhas descargas próximas as 200.000 toneladas e no que nos encontramos con portos nos que teñen que fondear ou que carecen de pantaláns para realizar o atraque.

Por todas estas razóns, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego formula emenda de totalidade ao Proxecto de lei de portos de Galiza solicitando a súa devolución ao Goberno.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Deputada do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2017 17:41
Nº Rexistro: 16843
Data envio: 18/09/2017 17:41:48.911

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 18/09/2017 17:11:22

Ana Pontón Mondelo na data 18/09/2017 17:11:27

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 17.10.2017 Hora: 10:00

Orde do día

1.3 Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, sobre a Proposición de lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

13196 (10/PPL-000009)
Publicación do ditame da comisión, BOPG nº 191, do 11.10.2017
Publicación emendas e votos particulares, BOPG nº 191, do 11.10.2017

Vid. Separata núm. 2

PLENO DO PARLAMENTO

17 de outubro de 2017

1.3 Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, sobre a Proposición de lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia (doc. núm. 13196, 10/PPL-000009)

Publicación do Ditame, BOPG n.º 191, do 11.10.2017
Publicación de emendas e votos particulares, BOPG n.º 191, do 11.10.2017

Separata núm. 2

1. Procedementos parlamentarios

1. 1. Procedementos de natureza normativa

1. 1. 2. Propostas de normas

1. 1. 2. 1. Proxectos e proposicións de lei

1. 1. 2. 1. 2. Proposicións de lei

Ditame emitido pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, sobre a Proposición de lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na reunión do 9 de outubro de 2017, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación do ditame da Comisión

- 13196 (10/PPL-000009)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Proposición de lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia
BOPG nº 154, do 28.07.2017

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2017
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Ditame emitido pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo sobre a Proposición de lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na sesión do día 9 de outubro de 2017, á vista do Informe elaborado pola Ponencia sobre a Proposición de lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 116 e seguintes do Regulamento do Parlamento de Galicia, aprobou o seguinte:

DITAME

Exposición de motivos

I

A Comunidade Autónoma de Galicia ten atribuída no artigo 30 do seu Estatuto de autonomía a competencia exclusiva sobre o fomento e a planificación da actividade económica en Galicia. No exercicio desta competencia, constitúe unha importante preocupación do lexislador e da Administración autonómica o fomento da implantación no territorio da Comunidade Autónoma de iniciativas empresariais, sen as cales non é posible o desenvolvemento económico nin o crecemento da ocupación e do emprego de calidade. Nesta liña, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, coa finalidade

de fomentar o emprendemento e apoiar as persoas emprendedoras como axentes dinamizadores da economía.

Agora cómpre dar un paso máis e ocuparse de que as iniciativas empresariais do sector industrial, de servizos relacionados co anterior e do comercial por xunto dispoñan, en primeiro lugar, do solo que precisan para a súa implantación en condicións vantaxosas; en segundo lugar, dun marco normativo estable, predicible, integrado, claro e de certeza, tal como exixen os principios da boa regulación; e, en terceiro lugar, de incentivos que fomenten a súa radicación en Galicia.

Fundada nestas bases, esta lei cumpre os requisitos de boa regulación que establece a lexislación do procedemento administrativo común das administracións públicas:

— A necesidade da iniciativa lexislativa vén dada polas razóns de interese xeral que xa se teñen exposto, e que se resumen na conveniencia para o desenvolvemento económico e social de Galicia de establecer medidas que fagan atractiva a implantación de iniciativas empresariais no territorio da Comunidade Autónoma, tanto no que respecta ao acceso ao solo como á mellora da normativa aplicable e aos oportunos incentivos.

— Cúmprese tamén o principio de eficacia, porque esas medidas só poden ser introducidas a través dunha norma con rango de lei, ben por afectar materias que están reservadas a este tipo de norma, ben por requirir a modificación integrada e coordinada doutras leis.

— Respéctase o principio de proporcionalidade, xa que para conseguir os obxectivos da lei non se impoñen con carácter xeral novas obrigas ou cargas administrativas, senón que, pola contra, se realiza un decidido esforzo de simplificación da normativa que afecta a implantación e o desenvolvemento das iniciativas empresariais.

— Préstase especial atención á efectividade do principio de seguridade xurídica, de maneira que todas as medidas recollidas na lei están debidamente coordinadas coa normativa aplicable ás materias concernidas, normativa que se modifica ou se derroga expresamente cando resulta necesario.

— En canto ao principio de transparencia, no procedemento de elaboración desta lei promoveuse a máis ampla participación da cidadanía en xeral e dos operadores económicos dos sectores afectados en particular.

— Por último, en virtude do principio de eficiencia e dentro do obxectivo de simplificar a normativa aplicable á implantación e ao desenvolvemento das iniciativas empresariais, evítanse as cargas administrativas innecesarias ou accesorias, o que supón unha racionalización da xestión dos recursos públicos asociados á tramitación dos procedementos administrativos relacionados con aquelas.

Esta lei consta de corenta e un artigos, estruturados en catro títulos:

— Título preliminar, de disposicións xerais, dividido en dous capítulos, un relativo ao obxecto, ámbito de aplicación e principios e outro, ao réxime das competencias administrativas en materia de implantación de iniciativas empresariais.

— Título I, sobre o réxime do solo empresarial, dividido en catro capítulos; o primeiro regula o desenvolvemento do solo empresarial; o segundo, o acceso a este tipo de solo; o terceiro, a xestión das áreas empresariais; e o cuarto, o réxime sancionador aplicable.

— Título II, de mellora normativa para o fomento da implantación de iniciativas empresariais, con catro capítulos, dedicados á tramitación ambiental conxunta de proxectos de actividades sometidas a autorización ambiental integrada e a avaliación de impacto ambiental; á coordinación do outorgamento da autorización ambiental integrada cos procedementos de avaliación de impacto ambiental e outros medios de intervención administrativa de competencia autonómica; á regulación das competencias da Administración hidráulica de Galicia na tramitación e no seguimento da autorización ambiental integrada; e á simplificación dos procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica tramitados pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

— Título III, de incentivos para o fomento da implantación de iniciativas empresariais, con dous artigos, nos que se prevé o réxime dos devanditos incentivos e das medidas de promoción fiscal coa mesma finalidade.

A lei complétase con dúas disposicións adicionais, cinco transitorias, dúas derrogatorias e dezaseis derradeiras. Estas últimas, ademais de conteren as previsións de carácter técnico sobre o desenvolvemento regulamentario e a entrada en vigor da lei, conectan co contido do título II, ao acometeren a modificación da normativa sectorial de Galicia aplicable á implantación e ao desenvolvemento das iniciativas empresariais en sectores tan relevantes como o aproveitamento da enerxía eólica, a actividade mineira ou os aproveitamentos madeireiros, co fin de conseguir a simplificación daquela.

II

O título I da lei desenvolve os principios recollidos nas alíneas c) e d) do artigo 3, relativos á racionalización da oferta de solo empresarial e á facilidade para o acceso a este das iniciativas empresariais que o demanden, así como á calidade das infraestruturas, equipamentos, dotacións e servizos das áreas empresariais e á responsabilidade pública e privada, segundo corresponda, no mantemento e na conservación daquelas.

O capítulo I introduce unha serie de disposicións orientadas a facilitar un desenvolvemento mais áxil do solo empresarial. Entre as novidades que se incorporan destaca, como medida de simplificación e axilización procedemental que vai incidir positivamente na implantación de iniciativas empresariais, a redución dos prazos de tramitación dos proxectos sectoriais incluídos no Plan sectorial de áreas empresariais de Galicia e nas súas modificacións, naqueles supostos nos que concorran razóns de urxencia apreciadas polo Consello da Xunta de Galicia.

Ademais, e co ánimo de axustar a execución de solo empresarial á demanda real existente, permítese o desenvolvemento parcial de áreas empresariais incluídas no Plan sectorial de áreas empresariais de Galicia e a execución e utilización por fases dos proxectos sectoriais de iniciativa pública, cando non se prevexa a división do ámbito en polígonos e o sistema de actuación sexa o de expropiación. Isto fará posible adecuar os investimentos públicos ás necesidades

reais existentes en cada momento, sen ter que consumir recursos en desenvolvementos que están planificados para cubrir necesidades a longo prazo, pero que poden resultar desproporcionados para a demanda existente no momento actual. Regúlase tamén a aprobación dos proxectos de urbanización que se executen en desenvolvemento dos proxectos sectoriais.

Especial mención merece a creación do Censo de solo empresarial de Galicia, no cal se deberán inscribir todas as áreas empresariais promovidas que teñan parcelas dispoñibles para a súa comercialización, así como as áreas previstas para o seu inmediato desenvolvemento. Deste modo facilítase o coñecemento do solo realmente dispoñible e o grao de ocupación das áreas empresariais existentes, configurándose así o Censo como un instrumento de avaliación, planificación e actualización das necesidades de solo empresarial de Galicia.

Por ultimo, establécese a posibilidade de asinar convenios entre as entidades integrantes do sector público autonómico con competencias nesta materia e os concellos, para que estes poidan desenvolver áreas empresariais no suposto de que non dispoñan dos medios necesarios, aproveitándose o coñecemento técnico e a experiencia das devanditas entidades na promoción e xestión do solo empresarial.

O capítulo II inclúe medidas orientadas a facilitar o acceso ao solo empresarial, como son a aprobación de programas de incentivos, incluíndo a posibilidade de bonificacións nos prezos, adxudicación en dereito de superficie con opción de compra ou dereitos de adquisición preferente a favor das persoas titulares das parcelas estremeiras que permitan a consolidación dunha implantación empresarial xa existente; as adxudicacións directas para os denominados proxectos empresariais singulares; a flexibilización dos requisitos para a declaración de proxectos industriais estratéxicos; e o pagamento aprazado do prezo do solo sen repercusión de xuros durante os primeiros catro anos, contados desde a data de formalización da venda, cun período de carencia dun ano. Esta última posibilidade, xunto coa previsión de proxectos de actuación conxunta entre os organismos dependentes das consellarías de Infraestruturas e Vivenda e de Economía, Emprego e Industria, permitirán que iniciativas empresariais poidan acceder ao solo de titularidade autonómica sen teren que facer fronte ao pagamento íntegro do prezo das parcelas, o que reduce o esforzo económico para a súa implantación.

No capítulo III, dando resposta ás demandas do sector, disciplínase a xestión das áreas empresariais, con tres previsións: clarifícanse, consonte o establecido pola lexislación urbanística, as diversas posibilidades de atribución da responsabilidade sobre o mantemento e a conservación da urbanización nestas áreas; outórgase cobertura xurídica ás funcións que veñen desempeñando as entidades asociativas de xestión na prestación de servizos naquelas; e establécese un marco legal para a cooperación entre as administracións públicas e estas entidades na mellora das infraestruturas, equipamentos, dotacións e servizos das áreas empresariais.

Para rematar, o capítulo IV establece o réxime sancionador no caso de incumprimento por parte das persoas promotoras da obriga de inscrición no Censo de solo empresarial de Galicia das áreas empresariais que teñan parcelas dispoñibles para a súa comercialización, así como das áreas empresariais para o seu inmediato desenvolvemento.

III

En canto á tramitación ambiental, o artigo 14 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, establece que as comunidades autónomas dispoñerán o necesario para incluír as actuacións en materia de avaliación de impacto ambiental, cando así sexa exixible, no procedemento de outorgamento e modificación da autorización ambiental integrada.

O Regulamento de emisións industriais e de desenvolvemento da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, aprobado polo Real decreto 815/2013, do 18 de outubro, estableceu un procedemento de coordinación para a tramitación ambiental daquelas instalacións que precisan unha autorización substantiva da Administración xeral do Estado e ao mesmo tempo necesitan dispoñer de autorización ambiental integrada para o seu funcionamento. Con todo, este procedemento resulta dificilmente aplicable a aqueles proxectos tramitados integramente nas comunidades autónomas, debido á repartición de competencias establecida entre os distintos órganos administrativos.

Co título II desta lei preténdese solucionar este baleiro, co obxectivo de clarificar e simplificar na medida do posible a tramitación de ambas as figuras de prevención ambiental, tan vinculadas entre si. Para todas aquelas cuestións non reguladas expresamente, serán aplicables as disposicións establecidas na normativa en materia de avaliación ambiental e de prevención e control integrados da contaminación.

Na mesma liña de simplificación e fomento da implantación da actividade industrial, cómpre coordinar o outorgamento da autorización ambiental integrada cos procedementos de avaliación de impacto ambiental e outros medios de intervención administrativa de competencia autonómica.

O procedemento coordinado que se establece aplicarase ás instalacións que requiran os medios de intervención administrativa da Administración autonómica enunciados no artigo 3.3 do texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2016, do 16 de decembro, e ademais requiran unha avaliación de impacto ambiental de conformidade co establecido na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

En concreto, este procedemento será aplicable á autorización de industrias ou instalacións industriais que estean legal ou regulamentariamente sometidas a autorización administrativa previa, de conformidade coa Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria. Terán esta consideración as autorizacións establecidas na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, na Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, e no capítulo IV da Lei orgánica 4/2015, do 30 de marzo, sobre protección da seguridade cidadá, no referente ás instalacións químicas para a fabricación de explosivos.

Ademais, é preciso abordar a regulación de determinadas cuestións relativas ás funcións da Administración hidráulica de Galicia na tramitación e no seguimento das autorizacións ambientais integradas, como son o prazo de emisión dos informes e as competencias en materia de vixilancia, inspección e sanción en materia de verteduras, posto que a normativa básica estatal unicamente as ten reguladas para os organismos de bacía do Estado.

Pola súa parte, a disposición adicional segunda da lei prevé, dentro do sistema promovido pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para a xestión institucional dos residuos

domésticos, encomendado á Sociedade Galega de Medio Ambiente, S. A., a posta en marcha dunha planta de produción de compost a partir da fracción orgánica dos residuos urbanos, coa finalidade de incrementar as porcentaxes de recuperación de materiais, consonte o disposto na Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia.

Por último, para acadar o obxectivo de axilización administrativa no que respecta á colaboración técnica e financeira da Administración hidráulica de Galicia, e na mesma liña das medidas anteriores, procurando a máxima racionalización e coordinación en prol do fomento e da planificación da actividade económica, redúcese o prazo de información pública previsto no artigo 29.3 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, e no artigo 9.1 do Decreto 59/2013, do 14 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, en materia de execución e explotación de infraestruturas hidráulicas, que pasa de trinta días hábiles a vinte días hábiles.

Coa mesma vocación, derrógase o Decreto 162/2010, do 16 de setembro, polo que se regulan as entidades colaboradoras da Administración hidráulica de Galicia en materia de control de verteduras e calidade das augas, xa que supoñía unha duplicidade con respecto á normativa estatal, en vulneración da Directiva 2006/123/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, ao lle impoñer ao administrado a repetición dos mesmos trámites, cando a acreditación estatal é válida na Comunidade Autónoma.

IV

O título III da lei introduce na Comunidade Autónoma de Galicia un réxime propio de incentivos ao investimento. O obxectivo deste é favorecer a realización en Galicia de proxectos de investimento, de contía significativa, que supoñan a creación de novos proxectos empresariais, así como a ampliación ou modernización das actividades económicas xa desenvolvidas na nosa comunidade.

Na medida en que a capacidade normativa da Comunidade Autónoma é moi limitada para articular os ditos incentivos mediante exencións, bonificacións ou deducións no marco regulador das principais figuras tributarias, o réxime levarase a efecto mediante a concesión ás persoas promotoras dos novos investimentos dunha subvención cuxa fase de pagamento se materializará a medida que se afronte o aboamento polo suxeito beneficiario de figuras impositivas autonómicas.

O dito réxime complementarase co establecemento, a través dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, de mecanismos de mellora do financiamento dos concellos galegos que incorporen nas súas figuras tributarias medidas para facilitar a implantación de iniciativas empresariais.

V

No que atinxe ás modificacións da normativa sectorial que se inclúen nas disposicións derradeiras da lei, cómpre salientar, en primeiro lugar, as que afectan o aproveitamento da enerxía eólica, co fin de acadar o obxectivo da axilización administrativa e, na mesma liña das medidas anteriores, para lograr a máxima racionalización e coordinación en prol do fomento e da planificación da actividade económica.

A Comunidade Autónoma de Galicia ten regulado o aproveitamento da enerxía eólica na Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental. Nela, entre outros aspectos, prevíase o trámite de selección de anteproxectos, enmarcado nun contexto normativo previo á aprobación da lexislación actual do sector eléctrico, coa que o proceso de liberalización do sector de xeración eléctrica culmina. Isto fai necesaria a actualización da lexislación específica do sector eólico no ámbito autonómico.

A devandita liberalización enmárcase dentro dunha planificación territorial definida, recollida no vixente Plan sectorial eólico de Galicia. Con esta modificación normativa preténdese o desenvolvemento do sector dunha maneira continuada no tempo e que garanta a sustentabilidade ambiental, protexéndose o medio natural cun escrupuloso respecto á Rede Natura 2000.

Ademais, o procedemento de autorización establecido na Lei 8/2009, do 22 de decembro, non recollía determinados aspectos normativos que foron introducidos con posterioridade pola lexislación estatal, polo que resulta precisa a súa adaptación ao novo réxime xurídico.

Entre as novidades respecto da regulación actual, e co fin de simplificar os procedementos para a obtención da autorización de instalacións de enerxía eléctrica, abórdase agora a tramitación conxunta e coordinada do procedemento da autorización administrativa previa, da autorización de construción e do proxecto sectorial, establecéndose a necesidade de presentar, xunto coa solicitude da autorización, o proxecto sectorial, o que permitirá unha redución considerable dos prazos, ao se simultanearen fases procedementais como a información pública ou a solicitude do informe único aos diferentes organismos sectoriais, que deberán pronunciarse para todos os efectos nun mesmo momento.

Outra das medidas que se incorporan para simplificar a tramitación actual, sempre no eido da transparencia e sen mingua da seguridade xurídica, é a previsión de modificacións non substanciais de parques eólicos. Así, ante a complexidade derivada dos diferentes procedementos que conflúen nesta materia e a ausencia dunha regulación específica sobre o particular na normativa vixente en materia de ordenación do territorio, recóllense expresamente os supostos e os requisitos que deben concorrer para que proceda o recoñecemento dunha modificación do proxecto como non substancial, así como o procedemento específico e simplificado que debe seguirse nestes casos, sen que isto supoña redución das garantías nin vulneración dos principios que deben presidir o procedemento, nin moito menos da seguridade xurídica.

Para desenvolver os procedementos de xeito electrónico, créase o Rexistro Eólico de Galicia, que servirá de plataforma para integrar os parques eólicos en funcionamento e aqueles que estean pendentes de executar, co fin de dar transparencia e seguridade á liberalización ordenada do sector.

A modificación normativa que se introduce pretende tamén favorecer a execución de proxectos viables por empresas promotoras que realmente os executen, eliminando as barreiras administrativas na transmisión de titularidades e dereitos eólicos. Respéctanse, en todo caso, os compromisos adquiridos polas empresas promotoras coa Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia no concurso eólico do ano 2010.

Na liña marcada polo réxime retributivo actual, con exixentes prazos de execución destinados a fomentar a produción a partir de fontes de enerxías renovables, vinculados ao cumprimento dos obxectivos vinculantes establecidos na Directiva 2009/28/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2009, relativa ao fomento do uso de enerxía procedente de fontes renovables, e co obxectivo de que se desenvolvan na Comunidade Autónoma de Galicia estes proxectos, créase a declaración de proxectos de especial interese, que terá como efectos, principalmente, a redución de prazos e o despacho prioritario nas tramitacións administrativas. Búscase así facilitar o cumprimento dos prazos de execución destes proxectos e contribuír a acadar os obxectivos de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes renovables marcados pola Unión Europea.

Finalmente, outra das medidas tendentes á axilización de trámites é a declaración da incidencia supramunicipal que se inclúe *ex lege* na disposición adicional terceira que se engade á Lei 8/2009, do 22 de decembro, en relación coas infraestruturas de evacuación das instalacións de xeración eólica desenvolvidas no marco do Plan sectorial eólico de Galicia.

VI

Outra normativa sectorial que é obxecto de profunda revisión é a relativa á actividade mineira, regulada na Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia.

A minaría é o conxunto de actividades destinadas a valorizar un recurso natural de dominio público. A súa implantación require a ocupación temporal do solo, xerando instalacións e infraestruturas, en ocasións, de carácter permanente. Para o desenvolvemento desta actividade, ademais das correspondentes autorizacións, concesións ou permisos da autoridade mineira, é necesaria a autorización das demais administracións que poidan verse afectadas no seu ámbito competencial. Todo isto ocasiona dilatados períodos de tramitación tanto para a implantación como para o cesamento das actividades mineiras, o que dificulta e, ás veces, mesmo impide o normal desenvolvemento do sector e a súa integración ambiental, social e territorial.

O obxecto destas modificacións é a axilización das tramitacións tanto para a implantación das actividades mineiras como para o seu cesamento e desafección do solo ocupado. Ao mesmo tempo, adáptase a Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, á lexislación posterior en materia ambiental e mineira e garántese a compatibilización da actividade coa protección do dominio público e co desenvolvemento doutras actividades.

Establécese un procedemento integrado que incorpora as distintas autorizacións sectoriais necesarias para a implantación das actividades extractivas. Para isto, inclúese na solicitude dos dereitos mineiros a documentación requirida polas devanditas autorizacións, establecéndose as consultas aos concellos e aos organismos competentes en relación cos intereses públicos que se poidan ver afectados, e incorpóranse as correspondentes autorizacións sectoriais á resolución de outorgamento do dereito mineiro.

Para os efectos de garantir a adecuada participación pública no outorgamento de dereitos mineiros, ábrese un único período de información posterior aos informes dos organismos competentes. Deste xeito, ademais, evítase a inquedanza inxustificada das persoas interesadas producida

pola publicación de proxectos que non teñan acreditada a compatibilización do proxecto mineiro con outras utilidades públicas e usos do solo a través dos informes sectoriais.

Nesta mesma liña de integración das tramitacións necesarias para o desenvolvemento das actividades mineiras, unha das principais novidades é a regulación polo miúdo do procedemento de expropiación forzosa na tramitación do dereito mineiro que así o requira, sempre que o solicite a persoa interesada, reforzándose as garantías das terceiras persoas que se poidan ver afectadas. Así, os dereitos mineiros que levan implícita a declaración de utilidade pública, en virtude da lexislación básica, poderán incorporar á súa tramitación a declaración da necesidade de ocupación dos bens ou dereitos que sexan indispensables para o inicio do proxecto, e a información ás terceira persoas interesadas, para o exercicio dos seus dereitos, garántese a través do procedemento de información pública anteriormente sinalado.

Co obxecto de compatibilizar ambientalmente as actividades extractivas, posibilítase a solicitude do documento de alcance do estudo de impacto ambiental a través do órgano mineiro. Prevese igualmente a reiteración da solicitude dos informes sectoriais, para contar cun mecanismo que faga posible garantir a súa emisión e a continuidade do procedemento, o que evitará dilacións que aumenten os períodos de tramitación dos dereitos mineiros e permitirá a adaptación á Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

O novo procedemento integra os principios da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, coa determinación por parte da persoa solicitante dos datos que gocen de segredo profesional e de propiedade intelectual e industrial, así como os que estean suxeitos á protección dos datos de carácter persoal e a confidencialidade, de forma que se garanta un acceso máis áxil á información pública sen menoscabo das limitacións establecidas legalmente.

Co fin de garantir a rehabilitación dos espazos afectados pola actividade mineira, modifícase a constitución de garantías financeiras ou equivalentes, asegurándose a existencia de fondos facilmente executables en calquera momento por parte da Administración. Conséguese tamén así a adaptación á Directiva 2006/21/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de marzo de 2006, sobre xestión dos residuos de industrias extractivas e pola que se modifica a Directiva 2004/35/CE, e ao Real decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión de residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras, polo que se incorporou a devandita directiva ao ordenamento xurídico español.

Finalmente, simplifícase a convocatoria de concursos mineiros, para o efecto de axilizar a liberación dos terreos afectados por dereitos mineiros caducados e a desafección destes do dominio mineiro, garantíndose así as mellores condicións no impacto que poida xerarse. Con esta finalidade, establécese que coa caducidade do dereito se convoca o concurso, cun mes de prazo para a presentación de propostas, e que pode declararse deserto, o que comporta a liberación definitiva dos terreos afectados desde o punto de vista mineiro.

VII

Igualmente salientables son as modificacións do réxime administrativo dos aproveitamentos madeireiros.

A vixente Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes, plasmou a través de distintos artigos a intención do lexislador de axilizar os trámites burocráticos que a normativa vixente, non só a autonómica senón tamén a estatal, impoñía ás persoas propietarias ou ás empresas forestais cando querían realizar aproveitamentos forestais madeireiros ou leñosos. Esta situación provocaba unha importante lentitude e o encarecemento da tramitación das solicitudes de autorización de cortas.

Agora cómpre homoxeneizar estas previsións coas normas posteriores á Lei 7/2012, do 28 de xuño, para conseguir que, sen menoscabo dos intereses públicos que se pretenden protexer, se acade unha simplificación administrativa que faga menos complicada a actividade do sector forestal, de grande importancia nesta comunidade autónoma.

Cabe destacar, ademais, a adaptación da Lei autonómica de montes aos preceptos básicos da lei estatal. Con ela, sen prexuízo do réxime de autorizacións necesario para determinados supostos, consolídase tamén a declaración responsable como réxime de intervención administrativa principal, sen que iso supoña unha diminución da preservación dos valores culturais, naturais e paisaxísticos de Galicia, conseguíndose, en definitiva, a optimización de recursos humanos e a simplificación e normalización dos procedementos de autorización de aproveitamentos forestais.

VIII

Para rematar, e sempre co espírito de simplificar a lexislación aplicable á implantación e ao desenvolvemento das iniciativas empresariais, esta lei introduce modificacións puntuais no réxime das instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos, das cooperativas e do alugueiro de vivendas turísticas. Configúrase así un cadro moi completo de revisión da normativa autonómica reguladora da actividade económica privada, que avanza de xeito decidido cara ao obxectivo da boa regulación.

TÍTULO PRELIMINAR
Disposicións xerais

CAPÍTULO I
Obxecto, ámbito de aplicación e principios

Artigo 1. *Obxecto*

Constitúe o obxecto desta lei o fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia mediante a previsión de medidas que faciliten o desenvolvemento, o acceso e a xestión do solo empresarial, a mellora da normativa aplicable á devandita implantación e a previsión dos oportunos incentivos, así como a coordinación das actuacións neste eido das diferentes consellarías da Administración xeral da Comunidade Autónoma e dos concellos, no marco da competencia exclusiva daquela para o fomento e a planificación da actividade económica en Galicia.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación*

As previsións desta lei aplícanse ás iniciativas empresariais dos sectores industrial, de servizos relacionados co sector industrial e comercial que precisen para a súa implantación o uso do solo mediante establecementos ou instalacións de carácter permanente.

Artigo 3. *Principios*

O fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia réxese polos seguintes principios:

a) Liberdade de empresa e de establecemento e prestación de servizos, de acordo co establecido na Constitución española, nos tratados da Unión Europea e nas disposicións que os desenvolven.

b) Eficacia, eficiencia e coordinación das actuacións das administracións públicas dirixidas a fomentar a implantación de iniciativas empresariais, que impulsen os nosos sectores produtivos e favorezan a xeración de valor engadido e o peche dos ciclos produtivos, así como a consolidación de emprego de calidade.

c) Racionalización da oferta de solo empresarial e facilidade para o acceso a el das iniciativas empresariais que o demanden.

d) Calidade das infraestruturas, equipamentos, dotacións e servizos das áreas empresariais e responsabilidade pública e privada, segundo corresponda, no mantemento e na conservación destas.

e) Boa regulación, que inclúe a simplificación da normativa autonómica e municipal que afecta a implantación de iniciativas empresariais e a eliminación das cargas administrativas innecesarias ou accesorias vinculadas a ela.

f) Racionalización do sistema tributario autonómico e municipal e coordinación deste cos incentivos á implantación de iniciativas empresariais.

g) Respecto polo medio ambiente e aposta polo desenvolvemento sustentable para as xeracións presentes e futuras, buscando un equilibrio entre a defensa do medio e o desenvolvemento e a modernización e salvagardando a custodia do patrimonio natural e cultural.

CAPÍTULO II
Competencias administrativas

Artigo 4. *A consellaría competente en materia de economía*

Na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia correspóndelle á consellaría competente en materia de economía o exercicio das competencias para o fomento da implantación de iniciativas empresariais, en coordinación coas demais consellarías con atribucións relacionadas coa dita implantación.

Artigo 5. *A consellaría competente en materia de vivenda e solo*

Correspóndelle á consellaría competente en materia de vivenda e solo, a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo, no marco do establecido na Lei 3/1988, do 27 de abril, de creación do referido instituto, ou norma que a substitúa:

a) A proposta de disposicións para o establecemento, desenvolvemento e xestión da política en materia de solo empresarial da Comunidade Autónoma de Galicia, así como a súa execución e avaliación.

b) A planificación, desenvolvemento e xestión do solo empresarial no ámbito autonómico.

c) A elaboración, promoción e xestión de plans e programas de promoción, adquisición e posta no mercado do solo empresarial que incentiven o asentamento de empresas, a dinamización económica e o equilibrio territorial.

Artigo 6. *A consellaría competente en materia de avaliación e reforma administrativa*

Correspóndelle á consellaría competente en materia de avaliación e reforma administrativa propoñer os criterios e as medidas que permitan a simplificación e redución das cargas administrativas, así como a supresión de trámites e documentación innecesaria, nos procedementos que se regulen pola normativa da Comunidade Autónoma de Galicia aplicable á implantación de iniciativas empresariais, en coordinación coa consellaría competente en materia de economía.

Artigo 7. *Os concellos*

No exercicio das súas competencias relacionadas coa implantación de iniciativas empresariais, os concellos, en coordinación coa Administración xeral da Comunidade Autónoma:

a) No marco das previsións do Plan sectorial de áreas empresariais de Galicia, destinarán solo adecuado e suficiente para a implantación de iniciativas empresariais e favorecerán, coas infraestruturas, equipamentos, dotacións e servizos que sexan precisos, a localización de actividades económicas xeradoras de emprego estable, especialmente aquelas que faciliten o desenvolvemento da investigación científica e de novas tecnoloxías, mellorando os tecidos produtivos, por medio dunha xestión inteligente, e tendo en conta as singularidades ou especiais características singulares de cada zona.

b) Avaliarán periodicamente os efectos e os resultados obtidos pola normativa municipal aplicable á implantación de iniciativas empresariais e tramitarán, de ser o caso, propostas de simplificación e eliminación das cargas administrativas innecesarias ou accesorias vinculadas a aquela.

c) Racionalizarán o sistema tributario municipal para o fomento da implantación de iniciativas empresariais, coa previsión dos oportunos incentivos fiscais.

TÍTULO I
Réxime xurídico do solo empresarial

CAPÍTULO I
Desenvolvemento de solo empresarial

Artigo 8. *Tramitación urxente de proxectos sectoriais incluídos no Plan sectorial de áreas empresariais de Galicia*

De concorreren razóns de urxencia, que corresponderá apreciar ao Consello da Xunta de Galicia, este poderá acordar que na tramitación dos proxectos sectoriais incluídos no Plan sectorial de áreas

empresariais de Galicia e nas súas modificacións se reduzan á metade os prazos de información pública e audiencia previstos na lexislación vixente en materia de ordenación do territorio.

Artigo 9. *Desenvolvemento parcial das áreas empresariais incluídas no Plan sectorial de áreas empresariais de Galicia*

Cando a demanda real de solo dunha área empresarial delimitada no Plan sectorial de áreas empresariais de Galicia non xustifique a necesidade inmediata de desenvolvemento de toda a área, poderanse aprobar proxectos sectoriais que comprendan unicamente unha parte daquela que permita atender a demanda existente, sempre que quede garantida a viabilidade do desenvolvemento futuro do resto do ámbito, e logo da audiencia do concello ou concellos afectados.

Artigo 10. *Execución dos proxectos sectoriais de áreas empresariais*

1. A execución dos proxectos sectoriais para o desenvolvemento dunha área empresarial, cando non prevexan a división do ámbito en polígonos e o sistema de actuación previsto sexa o de expropiación, poderase desenvolver por fases de urbanización, que se executarán axustándose á demanda de solo empresarial existente.

2. A aprobación da delimitación das fases de urbanización corresponderá, logo de audiencia do concello ou concellos afectados, ao Instituto Galego da Vivenda e Solo, por petición da persoa promotora, e deberá prever a orde de execución das distintas fases en que se divida a actuación e garantir que, unha vez rematada a fase correspondente, todas as parcelas desta dispoñan dos servizos urbanísticos precisos para o pleno funcionamento do ámbito correspondente, e na urbanización da fase deberá cumprirse a reserva mínima de prazas de aparcamento que lle corresponderían por aplicación dos estándares establecidos na lexislación urbanística en función da superficie de parcelas urbanizadas na dita fase.

3. A aprobación da delimitación terá os seguintes efectos:

a) Permitirá a aprobación do proxecto de parcelamento do ámbito correspondente á fase de urbanización que se vai desenvolver, cando este non figure incluído no proxecto de expropiación, e a súa inscrición no Rexistro da Propiedade. A afección dos predios resultantes do parcelamento como garantía da execución das obras de urbanización quedará unicamente limitada á execución das obras correspondentes á fase de urbanización na que estea situado o predio.

A aprobación do proxecto de parcelamento corresponderá ao Instituto Galego de Vivenda e Solo cando o promotor sexa a Administración xeral da Comunidade Autónoma ou unha entidade pertencente ao sector público autonómico, con independencia de que actúe como promotor único ou conxuntamente con outros promotores públicos.

b) Permitirá a aprobación e execución de proxectos de urbanización independentes que prevexan a urbanización de cada unha das fases nas que se divida o ámbito.

c) Posibilitará a recepción das obras de urbanización da fase, unha vez executadas, polo concello respectivo e a súa afección ao uso público.

Artigo 11. *Aprobación dos proxectos de urbanización en desenvolvemento de proxectos sectoriais de áreas empresariais e recepción das obras*

1. Os proxectos de urbanización que desenvolvan as determinacións dos proxectos sectoriais destinados ao desenvolvemento dunha área empresarial promovidos por un promotor público que non sexa unha administración local ou unha entidade dela dependente serán aprobados, logo da audiencia do concello ou concellos afectados, por resolución da Presidencia do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

2. Os proxectos de urbanización que desenvolvan as determinacións dos proxectos sectoriais destinados ao desenvolvemento dunha área empresarial cuxo promotor sexa distinto dos indicados no punto anterior serán aprobados polo concello correspondente, seguindo o procedemento establecido na lexislación urbanística aplicable.

Neste caso, cando o proxecto sectorial afecte máis dun concello, o proxecto de urbanización deberá ser aprobado por cada un dos concellos afectados, co obxecto de dispoñer dunha aprobación conxunta del.

Para estes efectos, os concellos poderán instrumentar os mecanismos de colaboración previstos na lexislación vixente, co fin de coordinar os criterios aos que deberá axustarse o proxecto de urbanización, unificar a tramitación dos expedientes de aprobación deste e determinar o procedemento para recibir as obras de urbanización, así como establecer as bases do procedemento que hai que seguir na xestión das infraestruturas e servizos urbanísticos da área empresarial e o grao de participación de cada concello nos gastos e ingresos xerados pola dita xestión e os que se poidan xerar en función da concesión de títulos administrativos habilitantes de obra e actividade na área.

3. Unha vez rematadas as obras de urbanización conforme o proxecto aprobado e, de ser o caso, as modificacións autorizadas, as obras serán recibidas polo concello correspondente e destinadas ao uso público.

Artigo 12. *Creación do Censo de solo empresarial de Galicia*

1. Créase o Censo de solo empresarial de Galicia como rexistro público de natureza administrativa dependente da consellaría competente en materia de vivenda e solo e xestionado polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, que ten como finalidade coñecer o solo realmente dispoñible e o grao de ocupación das áreas empresariais existentes na Comunidade Autónoma, co obxecto de que sexa un instrumento de avaliación, planificación e actualización das necesidades de solo empresarial en Galicia.

2. As persoas promotoras de áreas empresariais deberán inscribir obrigatoriamente no Censo todas as áreas empresariais promovidas por elas que teñan parcelas dispoñibles para a súa comercialización, así como as áreas previstas para o seu inmediato desenvolvemento.

Para estes efectos, enténdese por persoa promotora calquera persoa física ou xurídica, pública ou privada, que, individual ou colectivamente, decide, impulsa, programa e financia, con recursos propios ou alleos, o desenvolvemento e as obras de urbanización para si ou para o seu posterior alleamento, entrega ou cesión a terceiros baixo calquera título.

3. O acceso ao Censo de solo empresarial de Galicia é público e realizarase a través dos portais da internet do Instituto Galego da Vivenda e Solo e da sociedade Xestión do Solo de Galicia, S. A. Toda a información deste rexistro será accesible de forma libre e gratuíta.

4. A estrutura, o funcionamento, a documentación necesaria e os prazos para a inscrición no Censo de solo empresarial de Galicia determinaranse por orde da consellaría competente en materia de vivenda e solo.

Artigo 13. *Apoio aos concellos para o desenvolvemento de solo empresarial*

1. O Instituto Galego da Vivenda e Solo e a sociedade Xestión do Solo de Galicia, S. A. poderán formalizar convenios cos concellos que non dispoñan dos medios necesarios para o desenvolvemento de áreas empresariais de iniciativa municipal, incluídas no Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A retribución dos traballos realizados e dos gastos nos que incorran estas entidades poderá ser efectuada mediante pagamento en especie, coa entrega de parcelas de resultado dentro do mesmo ámbito que se vai desenvolver, e sempre que exista acordo previo ao respecto.

CAPÍTULO II
Acceso ao solo empresarial

Artigo 14. *Fomento do acceso ao solo empresarial na Comunidade Autónoma de Galicia*

1. O Instituto Galego da Vivenda e Solo e a sociedade Xestión do Solo de Galicia, S. A. poderán aprobar programas de incentivos para o acceso ao solo da súa titularidade, incluíndo bonificacións no prezo de venda, adxudicación en dereito de superficie con opción de compra ou dereitos de adquisición preferente a favor das persoas titulares das parcelas estremeiras que permitan a consolidación dunha implantación empresarial xa existente.

2. No suposto da sociedade Xestión do Solo de Galicia, S. A., os programas a que se refire o punto anterior deberán respectar os límites establecidos pola lexislación mercantil e deberá quedar garantida a viabilidade económica da sociedade.

Artigo 15. *Declaración de proxectos empresariais singulares*

1. Enténdense por proxectos empresariais singulares aqueles que xustifiquen a especial importancia que a súa actividade ou localización supoñen para a política económica ou o equilibrio territorial da Comunidade Autónoma, estean vinculados a un sector de actividade de especial relevancia ou interese no ámbito da área empresarial do que se trate ou da súa área de influencia ou acrediten especiais necesidades de solo da empresa pola actividade que se vai desenvolver.

Os proxectos empresariais singulares poderán comprender ámbitos de solo empresarial urbanizado, pendente de urbanizar ou ambos os dous tipos.

2. Os proxectos empresariais singulares serán declarados polo Consello da Xunta de Galicia cando o valor dos terreos supere o importe previsto na Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para os expedientes de contratación que deban ser autorizados polo Consello da Xunta. Nos demais supostos serán declarados pola presidencia do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

3. Así mesmo, corresponde ao Consello da Xunta de Galicia autorizar a declaración e adxudicación de proxectos empresariais singulares pola sociedade Xestión do Solo de Galicia, S. A. cando o valor dos terreos supere o importe previsto na Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para os expedientes de contratación que deban ser autorizados polo Consello da Xunta.

Tanto neste caso, logo da autorización do Consello da Xunta, como no resto dos supostos de importes inferiores aos sinalados anteriormente, a declaración e adxudicación corresponde ao órgano competente da sociedade.

4. A declaración dun proxecto empresarial singular habilita para a adxudicación directa do solo de titularidade do Instituto Galego da Vivenda e Solo e da sociedade Xestión do Solo de Galicia, S. A. Esta adxudicación, así como as súas condicións, deberá ser autorizada polo Consello da Xunta de Galicia nos supostos en que lle corresponda declarar o proxecto empresarial singular.

5. A adxudicación do solo deberá de ser garantida, na forma e prazo que se indique na declaración de proxecto empresarial singular, mediante depósito de, polo menos, un 10 % do prezo estimado da parcela ou do importe do canon máximo correspondente a cinco anualidades no caso de solicitudes de adxudicación en dereito de superficie.

Non obstante, se a declaración do proxecto singular implica a modificación da ordenación urbanística ou do proxecto de urbanización do polígono, o depósito en concepto de garantía deberá ser de, polo menos, o 25% do prezo estimado da parcela ou do canon máximo correspondente a cinco anualidades no caso de adxudicación en dereito de superficie.

O importe do depósito será devolto no momento de elevación a escritura pública.

Artigo 16. *Proxectos industriais estratéxicos*

Para os efectos do previsto no texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro, ou norma que o substitúa, poderán ser considerados proxectos industriais estratéxicos aquelas propostas de investimento para a implantación ou a ampliación dunha ou de varias instalacións industriais que teñan como resultado previsible unha expansión significativa do tecido industrial galego ou a consolidación deste, sempre que supoñan un volume de investimento mínimo de vinte millóns de euros, supoñan un nivel de mantemento e creación de emprego superior a cen postos de traballo directos ou impliquen unha especial necesidade de solo pola actividade que se vai desenvolver que non poida ser atendida coa oferta existente.

Artigo 17. *Flexibilización dos medios de pagamento do solo público*

Autorízanse o Instituto Galego da Vivenda e Solo e mais a sociedade Xestión do Solo de Galicia, S. A., nos supostos de alleamento de parcelas empresariais coa forma de pagamento aprazado a favor de persoas empresarias, para que poidan efectuar o dito alleamento sen repercusión de xuros durante os primeiros catro anos, contados desde a data de formalización da venda, cun período de carencia dun ano.

Artigo 18. *Programas de actuación conxunta*

Para os proxectos empresariais singulares e para os proxectos industriais estratéxicos, e ao amparo de acordos específicos de actuación conxunta entre o Instituto Galego de Promoción Económica e o Instituto Galego da Vivenda e Solo ou a sociedade Xestión do Solo de Galicia, S. A., poderanse articular as medidas oportunas para que, ao abeiro do plan de viabilidade do proxecto empresarial aprobado polo Instituto Galego de Promoción Económica, e sempre que quede garantido o retorno do prezo do solo, se poida ampliar o período de carencia sinalado no artigo anterior ata un máximo de tres anos e aprazar o pagamento sen xuros ata cinco anos.

CAPÍTULO III
Xestión das áreas empresariais

Artigo 19. *Mantemento e conservación das áreas empresariais*

1. O mantemento e a conservación das infraestruturas, equipamentos e dotacións das áreas empresariais que deban ser entregadas á Administración municipal para a súa incorporación ao dominio público corresponden a aquela desde a recepción expresa ou tácita das obras de urbanización.

No caso de que a Administración municipal non resolva expresamente sobre a recepción das obras de urbanización no prazo de tres meses desde que se inste á tal recepción acompañada de certificación expedida pola dirección técnica das obras, estas entenderanse recibidas.

Con anterioridade á dita recepción, a responsabilidade do mantemento e da conservación recae na entidade promotora da actuación urbanizadora.

2. O mantemento e a conservación das infraestruturas, equipamentos e dotacións de titularidade privada común corresponden aos propietarios das parcelas da área empresarial, constituídos na correspondente comunidade de propietarios.

3. Malia o indicado no punto 1 deste artigo, os concellos que carezan de recursos para o mantemento da urbanización poderán solicitar, durante o procedemento de tramitación do correspondente proxecto sectorial, que se inclúa nel a obriga de que os propietarios do solo urbanizado constitúan unha entidade de conservación que se fará cargo do mantemento e conservación da urbanización e asumirá os gastos correspondentes durante un período que non poderá ser superior a cinco anos desde a recepción das obras polo concello.

A solicitude deberá dirixirse ao Instituto Galego de Vivenda e Solo, antes do remate do trámite de información pública do proxecto sectorial, e achegarase a aquela a certificación xustificativa da carencia de medios para asumir os gastos da urbanización, que deberá vir asinada polo alcalde e polo funcionario que teña as funcións de tesouraría da Administración municipal.

O Instituto Galego de Vivenda e Solo resolverá sobre a dita solicitude e, no caso de considerala xustificada, ordenará que se recolla no proxecto sectorial a obriga da constitución dunha entidade urbanística de conservación, á que lle corresponderán as obrigas de mantemento e conservación da urbanización do parque durante o período que se estableza, en función das previsións do concello, e que non poderá ser superior a catro anos.

4. Rematado o período de vixencia da entidade urbanística de conservación establecido no proxecto sectorial, as obrigas de conservación e mantemento da urbanización pasarán a ser asumidas polo concello.

5. Con independencia do indicado no punto 3, os concellos, mediante acordo do pleno da corporación, logo da solicitude dos propietarios de, polo menos, o 50 % da superficie da área de solo, poden trasladar por un tempo determinado, non superior a cinco anos, aos propietarios, constituídos para o efecto en entidade urbanística de conservación, o deber de mantemento e conservación das infraestruturas, equipamentos e dotacións das áreas empresariais que se entregasen á Administración para a súa incorporación ao dominio público. O concello poderá prorrogar a duración desta obriga por períodos de dous anos por petición dos propietarios de, polo menos, o 50 % da superficie da área de solo.

Artigo 20. *Prestación de servizos nas áreas empresariais*

1. A prestación nas áreas empresariais de servizos comúns pode ser asumida polas persoas propietarias de maneira colectiva mediante a súa constitución nunha entidade asociativa de xestión da área de solo.

2. Todas as persoas propietarias de parcelas nunha área empresarial que desexen beneficiarse dos servizos comúns prestados pola entidade de xestión teñen o dereito a formar parte desta como membros con plenitude de facultades e a obriga de contribuíren ao sostemento económico da entidade e dos servizos que preste. O incumprimento desta obriga supoñerá a suspensión dos dereitos inherentes á condición de membro da entidade de xestión e da prestación dos servizos dos que o suxeito incumpridor ou a parcela de que é propietario se beneficie de maneira individualizada, sen prexuízo das accións civís que correspondan á entidade de xestión para reclamar as cantidades debidas.

Artigo 21. *Convenios para a mellora das infraestruturas, equipamentos, dotacións e servizos das áreas empresariais*

1. As administracións públicas competentes poderán subscribir convenios coas entidades de xestión das áreas empresariais, nos termos establecidos pola lexislación de réxime xurídico do sector público, coa finalidade de conservar ou mellorar as infraestruturas, os equipamentos, as dotacións e os servizos dos que dispoñan aquelas.

2. Estes convenios poderán, así mesmo, determinar as modalidades e condicións financeiras de participación das administracións que os subscriban e da correspondente entidade de xestión na prestación de todo tipo de servizos nas áreas empresariais.

CAPÍTULO IV
Réxime sancionador

Artigo 22. *Infraccións*

Terá a consideración de infracción administrativa leve a falta de inscrición no Censo de solo empresarial de Galicia das áreas empresariais que teñan parcelas dispoñibles para a súa comercialización, así como das áreas empresariais para o seu inmediato desenvolvemento.

Artigo 23. *Responsabilidade*

1. Serán sancionadas polos feitos constitutivos da infracción prevista no artigo anterior as persoas promotoras de áreas empresariais, segundo o establecido no punto 2 do artigo 12, que resulten responsables dela.

2. Cando a responsabilidade dos feitos constitutivos da infracción corresponda a unha persoa xurídica, poderán considerarse responsables, ademais, as persoas físicas integrantes dos seus órganos de dirección que autorizasen ou consentisen a comisión da infracción. As devanditas persoas físicas serán consideradas responsables, en todo caso, se a persoa xurídica se extinguiu antes de se ditar a resolución sancionadora.

Artigo 24. *Sancións*

A infracción prevista no artigo 22 será sancionada con multa de 1.000 a 10.000 euros.

Artigo 25. *Ordes de execución*

1. Se a resolución recaída no procedemento sancionador a que se refire este capítulo constata a existencia da infracción tipificada no artigo 22, incluirá, ademais da correspondente sanción, unha orde de execución para que a persoa sancionada emende, dentro do prazo que se fixe para o efecto, o incumprimento que motivou aquela.

2. Para compeler ao cumprimento da orde de execución por parte da persoa obrigada, a Administración, a partir do momento da notificación daquela e logo de constatado o seu incumprimento, poderá impoñer multas coercitivas de entre 300 e 6.000 euros, con periodicidade mínima mensual.

Artigo 26. *Competencia sancionadora*

Os órganos competentes para a imposición das sancións pola infracción prevista no artigo 22 serán as persoas titulares das xefaturas territoriais ou o órgano equivalente nas súas funcións da consellaría competente en materia de vivenda e solo.

TÍTULO II
Mellora normativa para o fomento da implantación de iniciativas empresariais

CAPÍTULO I
Tramitación ambiental conxunta de proxectos de actividades sometidas a autorización ambiental integrada e a avaliación de impacto ambiental

Artigo 27. *Proxectos sometidos a tramitación ambiental conxunta*

1. Poderán solicitar a tramitación ambiental conxunta as persoas promotoras de proxectos de actividades que se atopan sometidos simultaneamente aos procedementos de autorización ambiental integrada ou, de ser o caso, modificación substancial da devandita autorización e de avaliación de impacto ambiental ordinaria.

Se o proxecto de actividade estiver sometido aos procedementos de autorización ambiental integrada e avaliación de impacto ambiental simplificada, a persoa promotora poderá solicitar a tramitación da avaliación de impacto ambiental ordinaria, co obxecto de se acoller ao procedemento de tramitación conxunta, ou ben tramitar ambos os procedementos de xeito sucesivo.

2. Con carácter previo ao comezo do procedemento de tramitación conxunta, a persoa promotora poderá, con carácter potestativo, solicitar ao órgano ambiental que elabore un documento de alcance do estudo de impacto ambiental, seguindo o procedemento establecido na normativa en materia de avaliación de impacto ambiental de proxectos.

Artigo 28. *Presentación de solicitudes e inicio da tramitación*

1. A persoa solicitante presentará ante o órgano competente para outorgar a autorización ambiental integrada a solicitude de autorización ambiental integrada, á que xuntará o estudo de impacto ambiental, co contido legalmente establecido para ambos os procedementos, e mais o xustificante do aboamento das taxas correspondentes. Para iso utilizará os modelos oficiais establecidos.

2. Cando o funcionamento da instalación implique a realización de verteduras ás augas continentais, a solicitude á que se refire o punto anterior incluirá a documentación exixida pola lexislación de augas para a autorización de verteduras ás augas continentais.

O órgano competente para outorgar a autorización ambiental integrada, logo de recibir a documentación mencionada no parágrafo anterior, remitiraa ao organismo de bacía no prazo de cinco días, para que, no prazo de dez días desde a entrada da documentación no seu rexistro, emita informe sobre se esta debe completarse; no caso contrario, continuaranse as actuacións.

3. O órgano competente para outorgar a autorización ambiental integrada, logo de examinar o resto da documentación presentada pola persoa titular e recibido o informe previsto no punto anterior, no prazo de cinco días requirirá a persoa promotora da instalación para que, de ser o caso, emende as deficiencias ou achegue a documentación preceptiva no prazo de dez días, coa indica-

ción de que, se así non o fixer, se terá por desistida da súa solicitude, de conformidade co previsto na lexislación do procedemento administrativo común das administracións públicas. Este requirimento supoñerá a suspensión do prazo de tramitación.

4. Para os efectos deste título, entenderase por «órgano substantivo» e «órgano ambiental» os definidos como tales no artigo 5 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, ou norma que a substitúa.

Artigo 29. *Trámite de información pública e consulta ás administracións públicas*

1. O órgano competente para outorgar a autorización ambiental integrada realizará o trámite de información pública. Este trámite será único para os procedementos de avaliación de impacto ambiental e para o outorgamento da autorización ambiental integrada ou modificación substancial desta, e terá unha duración non inferior a trinta días.

2. Simultaneamente ao trámite de información pública, o órgano competente para outorgar a autorización ambiental integrada consultará en relación co procedemento de avaliación ambiental as administracións públicas afectadas e as persoas interesadas, por un prazo non inferior a trinta días.

Solicitarase con carácter preceptivo o informe do concello en cuxo termo municipal se sitúe a instalación e, ademais, cando procedan, os seguintes informes:

a) O informe do órgano con competencias en materia de conservación da natureza.

b) O informe sobre o patrimonio cultural.

c) O informe do órgano con competencias en materia de planificación hidrolóxica e de dominio público hidráulico.

d) O informe sobre a planificación da demarcación mariña e de dominio público marítimo-terrestre.

e) O informe do órgano competente en materia de paisaxe.

f) Un informe preliminar do órgano con competencias en materia de saúde pública.

g) O informe dos órganos con competencias en materia de prevención e xestión de riscos derivados de accidentes graves ou catástrofes.

3. As consultas previstas no punto anterior conterán, como mínimo, a seguinte información:

a) O proxecto básico e o estudo de impacto ambiental, ou o portal da internet en que poden ser consultados.

b) O órgano ao que se deben remitir os informes e as alegacións.

Artigo 30. *Resolución*

1. No prazo máximo de trinta días desde a finalización dos trámites de información pública e de consulta ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas previstas no artigo anterior, o órgano encargado de outorgar a autorización ambiental integrada remitirá á persoa promotora os informes e as alegacións recibidas para a súa consideración na redacción, de ser o caso, da nova versión do proxecto e do estudo de impacto ambiental. Este requirimento supoñerá a suspensión do prazo de tramitación da autorización ambiental integrada.

No caso de non se recibir a documentación requirida á persoa promotora no prazo de tres meses, declararase a caducidade do procedemento nos termos establecidos pola lexislación do procedemento administrativo común e procederase ao arquivamento das actuacións.

2. Finalizado o trámite de información pública, e, de ser o caso, logo de recibir a nova versión do documento, o órgano encargado de tramitar a autorización ambiental integrada remitiralles, para os efectos do devandito procedemento administrativo, o expediente completo, incluídas as alegacións e observacións recibidas, aos seguintes órganos e organismos:

a) Ao departamento encargado da avaliación ambiental de proxectos, unha copia completa do expediente, co fin de que no prazo máximo de dous meses elabore a declaración de impacto ambiental.

Se no expediente de impacto ambiental non consta algún dos informes preceptivos e o órgano encargado da súa tramitación non dispón de elementos de xuízo suficientes para realizar a avaliación de impacto ambiental, requirirá directamente ao órgano competente que corresponda a emisión do informe que precise nun prazo máximo de dez días. O requirimento efectuado comunicarase ao órgano encargado do outorgamento da autorización ambiental integrada e á persoa promotora e suspende o prazo para a formulación da declaración de impacto ambiental.

b) Ao organismo de bacía, para que elabore o informe mencionado no artigo 19 do texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2016, do 16 de decembro, ou norma que o substitúa, nos supostos nos que a actividade precise, de acordo coa lexislación de augas, autorización de vertedura ao dominio público hidráulico. Este organismo deberá emitir un informe que determine as características da vertedura e as medidas correctoras que se deben adoptar a fin de preservar o bo estado ecolóxico das augas.

Este informe terá carácter preceptivo e vinculante. No caso de que a súa emisión corresponda ao órgano autonómico competente en materia de augas, deberá emitirse no prazo máximo de dous meses desde a recepción do expediente que conteña a documentación preceptiva sobre verteduras.

c) Ao concello en cuxo termo municipal se sitúe a instalación, para que elabore, no prazo de trinta días desde a recepción do expediente, o informe mencionado no artigo 18 do texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2016, do 16 de decembro, ou norma que o substitúa, sobre a adecuación da instalación a todos os aspectos que sexan da súa competencia.

d) De ser o caso, ao resto de órganos ou organismos que deban emitir informe sobre as materias da súa competencia, unha copia do expediente completo xunto coas alegacións e observacións recibidas.

3. Recibidos os informes previstos no punto anterior, o órgano encargado de tramitar a autorización ambiental integrada, logo de realizar unha avaliación ambiental do proxecto no seu conxunto, dará audiencia á persoa solicitante da autorización.

De se formularen alegacións, darase traslado destas xunto coa proposta de resolución aos órganos informantes, para que no prazo máximo de quince días manifesten o que consideren conveniente.

4. Finalizado o trámite de audiencia, o órgano ambiental redactará unha proposta de resolución. A dita proposta incorporará a declaración de impacto ambiental.

A declaración de impacto ambiental terá a natureza de informe preceptivo e determinante e determinará se procede ou non, para os efectos ambientais, a realización do proxecto e, de ser o caso, as medidas correctoras e as medidas compensatorias.

Se a declaración de impacto ambiental for desfavorable á execución do proxecto ou o informe vinculante do organismo de bacía considera que é inadmisible a vertedura e, consecuentemente, se impide o outorgamento da autorización ambiental integrada, o órgano competente para outorgala ditará resolución motivada denegatoria.

5. O órgano competente para tramitar a autorización ambiental integrada ditará a resolución que poña fin ao procedemento no prazo máximo de nove meses. Esta resolución determinará se procede ou non, para os efectos ambientais, a realización do proxecto e, de ser o caso, as condicións en que pode desenvolverse, as medidas correctoras e as medidas compensatorias. Ademais, deberá recoller, como mínimo, o contido establecido no artigo 10 do Regulamento de emisións industriais e de desenvolvemento da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, aprobado polo Real decreto 815/2013, do 18 de outubro, ou norma que o substitúa.

CAPÍTULO II

Coordinación do outorgamento da autorización ambiental integrada cos procedementos de avaliación de impacto ambiental e outros medios de intervención administrativa de competencia autonómica

Artigo 31. *Ámbito de aplicación do procedemento de coordinación*

1. O procedemento de coordinación regulado neste capítulo aplicarase ás instalacións que requiran os medios de intervención administrativa da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia enunciados no punto 3 do artigo 3 do texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2016, do 16 de decembro, ou norma que o substitúa, e ademais requiran dunha avaliación de impacto ambiental de conformi-

dade co establecido na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, ou norma que a substitúa.

2. En concreto, este procedemento aplicarase á autorización de industrias ou instalacións industriais que estean legal ou regulamentariamente sometidas a autorización administrativa previa, de conformidade coa Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, ou norma que a substitúa. En particular, terán esta consideración as autorizacións establecidas na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, na Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, e no capítulo IV da Lei orgánica 4/2015, do 30 de marzo, sobre protección da seguridade cidadá, no referente ás instalacións químicas para a fabricación de explosivos, ou normas que as substitúan.

3. Os documentos que sexan comúns para varios dos procedementos regulados neste capítulo presentaranse só unha vez, sempre que inclúan todos os requisitos previstos nas distintas normas aplicables.

Artigo 32. *Presentación de solicitudes e inicio da tramitación*

1. A persoa promotora do proxecto presentará ante o órgano substantivo:

a) A solicitude da autorización substantiva, a declaración responsable ou a comunicación previa, segundo proceda, xunto en cada caso coa documentación exixida conforme a normativa sectorial.

b) Cando o proxecto estea encadrado nalgún dos supostos recollidos no punto 2 do artigo 7 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, ou norma que a substitúa, a solicitude de inicio da avaliación de impacto ambiental simplificada, xunto co documento ambiental do proxecto mencionado no artigo 45 da devandita lei, ou norma que a substitúa.

c) Cando o proxecto estea encadrado no punto 1 do artigo 7 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, ou norma que a substitúa, a persoa promotora do proxecto poderá presentar con carácter potestativo unha solicitude de determinación do alcance do estudo de impacto ambiental, xunto co documento inicial do proxecto e mais coa documentación mencionada no punto 2 do artigo 34 da devandita lei, ou norma que a substitúa.

O órgano substantivo remitirá, segundo corresponda, a documentación mencionada nas alíneas b) ou c) ao órgano ambiental para que proceda á tramitación establecida na sección 2ª do capítulo I do título II da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, ou norma que a substitúa, ou ben proceda a determinar o alcance do estudo de impacto ambiental, de acordo co artigo 34 da devandita lei, ou norma que a substitúa.

2. A persoa titular da instalación presentará ante o órgano competente da Administración xeral da Comunidade Autónoma a solicitude de autorización ambiental integrada, incluído o estudo de impacto ambiental, de ser o caso.

Artigo 33. *Trámite conxunto de información pública e consulta ás administracións públicas*

1. O órgano competente para outorgar a autorización ambiental integrada remitirá copia do expediente de solicitude da autorización ambiental integrada ao órgano substantivo para que, no

prazo de dez días, realice o trámite de información pública e de consulta ás administracións públicas e ás persoas interesadas. Este trámite será único para os procedementos de avaliación de impacto ambiental e para o outorgamento de autorización ambiental integrada, así como para o procedemento de autorización substantiva, e terá unha duración non inferior a trinta días.

En tanto non se reciba o devandito expediente, o órgano substantivo suspenderá o cómputo do prazo para o outorgamento da autorización substantiva.

2. Finalizado o trámite de información pública e de consulta, o órgano substantivo, no prazo de cinco días, remitirá o expediente, xunto coas alegacións e observacións recibidas, ao órgano competente para outorgar a autorización ambiental integrada.

3. Logo da realización das actuacións reguladas nos puntos anteriores, o órgano competente para outorgar a autorización ambiental integrada, o órgano substantivo e o órgano ambiental continuarán os trámites establecidos na lexislación que resulte, respectivamente, aplicable en materia de autorización ambiental integrada, de autorización substantiva ou de avaliación de impacto ambiental.

O órgano competente para outorgar a autorización ambiental integrada suspenderá o cómputo do prazo para o outorgamento da devandita autorización en tanto non reciba a declaración de impacto ambiental.

Artigo 34. *Formulación da declaración de impacto ambiental*

O órgano ambiental formulará a declaración de impacto ambiental e remitiraa, no prazo máximo de dez días, ao órgano substantivo e ao competente para outorgar a autorización ambiental integrada, para que continúen, respectivamente, coa tramitación do procedemento de autorización substantiva e de autorización ambiental integrada.

A declaración de impacto ambiental terá a natureza de informe preceptivo e determinante, e determinará se procede ou non, para os efectos ambientais, a realización do proxecto e, se for o caso, as condicións en que pode desenvolverse, as medidas correctoras e as medidas compensatorias.

CAPÍTULO III
Regulación das competencias do organismo autonómico de bacía na tramitación e no seguimento da autorización ambiental integrada

Artigo 35. *Informe do órgano autonómico competente en materia de augas*

1. Nos supostos nos que a actividade sometida a autorización ambiental integrada precise, de acordo coa lexislación de augas, autorización de vertedura ao dominio público hidráulico de bacías xestionadas pola Comunidade Autónoma de Galicia, o órgano autonómico competente en materia de bacías deberá emitir un informe que determine as características da vertedura e as medidas correctoras que se deben adoptar a fin de preservar o bo estado ecolóxico das augas.

2. O informe regulado no punto anterior terá carácter preceptivo e vinculante. Este informe deberá emitirse no prazo máximo de dous meses desde a data de entrada no rexistro do órgano autonómico competente en materia de bacías da documentación preceptiva sobre verteduras ou, de ser o caso, desde a reparación que for necesaria.

3. Transcorrido o prazo previsto no punto anterior sen que o órgano autonómico competente en materia de bacías emitise o informe, poderase outorgar a autorización ambiental integrada, prevendo nela as características da vertedura e as medidas correctoras requiridas, que se establecerán de conformidade coa lexislación sectorial aplicable.

Malia o anterior, o informe recibido fóra do prazo sinalado e antes do outorgamento da autorización ambiental integrada deberá ser tido en consideración polo órgano competente da Administración xeral da Comunidade Autónoma.

4. Se o informe vinculante regulado neste artigo considera que é inadmisible a vertedura e, consecuentemente, impide o outorgamento da autorización ambiental integrada, o órgano competente para outorgala ditará resolución motivada denegatoria.

Artigo 36. *Competencias relativas á vixilancia e inspección e potestade sancionadora en materia de verteduras a bacías xestionadas pola Comunidade Autónoma de Galicia*

No ámbito das bacías xestionadas pola Comunidade Autónoma de Galicia, as competencias relativas a vixilancia e inspección, así como a potestade sancionadora en materia de verteduras das instalacións que conten con autorización ambiental integrada, corresponden ao órgano autonómico competente en materia de augas, que remitirá periodicamente ao órgano competente para o outorgamento da autorización ambiental integrada a información derivada das inspeccións e sancións que sexan impostas a estas instalacións.

CAPÍTULO IV
Simplificación dos procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica tramitados pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia

Artigo 37. *Procedemento de tramitación conxunta das autorizacións de instalacións de enerxía eléctrica de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia*

1. As persoas promotoras de proxectos de instalacións eléctricas reguladas no artigo 53 da Lei 24/2013, do sector eléctrico, ou norma que a substitúa, poderán solicitar a tramitación conxunta das autorizacións de instalacións de enerxía eléctrica, así como, de ser preciso, o proxecto sectorial, e a solicitude de declaración de utilidade pública. Exceptúanse os proxectos de xeración eléctrica a partir de enerxía eólica, que se rexerán pola súa lexislación específica.

2. A unidade tramitadora que instrúa o procedemento para as autorizacións reguladas nas alíneas a) e b) do punto 1 do artigo 53 da Lei 24/2013, do sector eléctrico, ou norma que a substitúa, será o órgano territorial da consellaría competente en materia de enerxía correspondente á provincia onde radique a instalación.

Os órganos competentes para resolver serán os indicados no Decreto 9/2017, do 12 de xaneiro, polo que se establecen os órganos competentes para a resolución dos procedementos de autorización de instalacións eléctricas que sexan competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, ou norma que o substitúa.

3. No caso de que se opte pola tramitación conxunta regulada neste artigo, a persoa solicitante deberá presentar:

a) A documentación necesaria para a obtención da autorización administrativa previa e/ou de construción.

b) O documento ambiental necesario para a avaliación ambiental do proxecto, segundo o establecido na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, ou norma que a substitúa.

c) De ser o caso, a documentación necesaria para a aprobación do proxecto sectorial, indicada no Decreto 80/2000, de 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, ou norma que o substitúa.

d) A relación de bens e dereitos afectados, no caso de se solicitar a declaración de utilidade pública da instalación.

4. A unidade tramitadora enviará copia do proxecto sectorial ao órgano competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo para o efecto de que este indique, no prazo máximo de vinte días, os informes que deberán solicitarse en función das afeccións derivadas da normativa sectorial aplicable.

5. Do mesmo xeito, enviarase copia do documento ambiental que proceda ao órgano ambiental para que este indique, no prazo máximo de vinte días, a relación de organismos que deben ser consultados para os efectos da avaliación ambiental do proxecto.

6. A unidade tramitadora someterá a información pública durante un prazo de trinta días, de forma simultánea, o proxecto de execución, o estudo de impacto ambiental no caso de avaliación ambiental ordinaria e o proxecto sectorial, mediante a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e, de ser o caso, no portal da internet da Xunta de Galicia.

No caso de que se solicite a declaración de utilidade pública, realizarase de forma simultánea o trámite de información pública mediante a publicación nun dos diarios de maior circulación de cada unha das provincias afectadas.

7. A unidade tramitadora enviará unha separata do proxecto de execución aos organismos indicados no artigo 131 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, ou norma que o substitúa.

8. Así mesmo, e de xeito simultáneo, realizarase o trámite de consultas indicado no artigo 37 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, ou norma que a substitúa, aos organismos indicados polo órgano ambiental, no caso de avaliación ambiental ordinaria.

No caso de avaliación ambiental simplificada, realizaranse os trámites indicados na sección 2ª do capítulo II da devandita lei, ou norma que a substitúa.

9. Igualmente, e de xeito simultáneo, solicitaranse os informes necesarios que indique o órgano competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo, e darase audiencia aos concellos afectados, consonte o establecido no punto 3 do artigo 13 do Decreto 80/2000, de 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, ou norma que o substitúa.

10. Nos casos de organismos que deban emitir informe para os efectos indicados nos puntos 7, 8 e 9, solicitarase un único informe. O prazo para a remisión destes informes será dun mes desde a recepción da solicitude. De non se recibir o informe en prazo, entenderase a conformidade coa documentación presentada e continuarase a tramitación do procedemento, agás que se trate de informes preceptivos e se decida a suspensión daquel durante o prazo máximo previsto pola lexislación do procedemento administrativo común das administracións públicas.

11. A unidade tramitadora enviará á persoa promotora os informes e as alegacións recibidas para a súa conformidade e/ou consideración na redacción do proxecto de execución, do estudo de impacto ambiental e do proxecto sectorial, co fin de que realice as modificacións e adaptacións de cada un destes documentos.

12. Realizados os cambios e adaptacións mencionados no punto anterior, a persoa promotora presentará á unidade tramitadora o proxecto de execución modificado da instalación, o estudo de impacto ambiental definitivo e o proxecto sectorial, para a obtención da declaración de impacto ambiental, a autorización administrativa previa e de construción e a aprobación do proxecto sectorial.

13. En todo o non previsto neste artigo haberá que aterse ao disposto no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, e, no que corresponda, ao regulado na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e no Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, ou normas que os substitúan.

Artigo 38. *Exención do trámite de información pública*

1. Non será necesario o trámite de información pública, sempre que non se solicite a declaración de utilidade pública nin sexa preceptiva a avaliación ambiental ordinaria, segundo a Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, ou norma que a substitúa, nos seguintes casos:

a) Solicitudes de autorización administrativa previa de novas instalacións de distribución ou conexión de xeradores á rede de distribución de enerxía eléctrica cunha tensión igual ou inferior a 30 kV.

b) Solicitudes de autorización administrativa previa de modificacións de instalacións de distribución ou conexión de xeradores á rede de distribución e/ou transporte de enerxía eléctrica, calquera que sexa a súa tensión.

c) Modificacións de instalacións de produción de enerxía eléctrica que non supoñan un incremento ou redución dun 10 % da potencia nominal autorizada, agás proxectos de xeración de enerxía eléctrica a partir de enerxía eólica.

d) Instalacións de autoconsumo de potencia superior a 100 kW.

2. Nos casos en que proceda, será necesario achegar, xunto á solicitude de autorización administrativa, unha declaración responsable da persoa solicitante na que esta faga constar que dispón de acordos previos con todas as persoas titulares dos bens e dereitos afectados.

Artigo 39. *Autorizacións provisionais*

1. De forma excepcional, e co obxecto de garantir a subministración eléctrica, poderán autorizarse instalacións eléctricas de xeito provisional e para un período de tempo determinado, para a realización de obras de interese xeral ou para reforzar a subministración eléctrica en determinadas zonas, así como naqueles supostos singulares que determine a consellaría competente en materia de enerxía.

2. Á solicitude de autorización administrativa dunha instalación eléctrica provisional deberá achegarse un informe xustificativo do interese, necesidade e urxencia dela e non requirirá de información pública.

3. A resolución de autorización administrativa dunha instalación eléctrica provisional deberá sinalar o prazo máximo polo que se autoriza, que, con carácter xeral, non excederá un ano.

TÍTULO III
Réxime de incentivos para o fomento da implantación de iniciativas empresariais

Artigo 40. *Réxime de incentivos ao investimento*

1. A Comunidade Autónoma de Galicia aprobará un réxime de incentivos ao investimento, de natureza subvencional ou de bonificacións impositivas autonómicas, coa finalidade de fomentar o desenvolvemento de proxectos de investimento (...) con creación de emprego e que supoñan a creación de novos proxectos empresariais, así como a ampliación ou a modernización dos xa existentes.

A través dunha norma regulamentaria estableceranse os requisitos das persoas beneficiarias e os sectores económicos e as liñas estratéxicas onde se aplicarán os criterios para a determinación da contía da subvención, o mecanismo de pagamento aprazado e os órganos competentes para a ordenación e resolución dela. Calquera liña de incentivos irá asociada a plans de desenvolvemento dos sectores que se determinen e incentivarán proxectos que se encadren nas liñas definidas nos plans.

2. O réxime de incentivos ao investimento previsto neste artigo configúrase mediante a concesión dunha subvención cuxa fase de pagamento poderá materializarse a medida que se afronte o aboamento pola persoa beneficiaria de figuras tributarias autonómicas ou ben tendo en conta estas na configuración do incentivo.

Artigo 41. *Medidas de promoción para facilitar a implantación de iniciativas empresariais*

A Xunta de Galicia, a través dos seus orzamentos, establecerá mecanismos de mellora do financiamento dos concellos galegos que incorporen nas súas figuras tributarias medidas para facilitar a implantación de iniciativas empresariais.

Disposición adicional primeira. *Normas complementarias do Decreto 45/2015, do 26 de marzo, polo que se regula o procedemento integrado para a implantación de instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos, a súa posta en funcionamento e se determinan os órganos competentes para o exercicio da potestade sancionadora en materia de hidrocarburos*

1. O procedemento integrado para a implantación de instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos, regulado no Decreto 45/2015, do 26 de marzo, será obrigatorio se a vía afectada polo acceso á instalación é de titularidade da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou dalgunha das entidades locais galegas.

2. O prazo máximo para a emisión dos informes, autorizacións ou licenzas necesarios para a tramitación do procedemento integrado regulado no Decreto 45/2015, do 26 de marzo, será de dous meses e o sentido do silencio, negativo, se o órgano competente para a súa emisión pertence á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou é algunha das entidades locais galegas.

Este prazo e o sentido do silencio non serán aplicables para o outorgamento da licenza municipal de obra.

3. No procedemento integrado regulado no Decreto 45/2015, do 26 de marzo, será preceptiva a emisión dun informe en materia de seguridade industrial, asinado por técnico ou técnica competente, que faga referencia á adecuación das instalacións proxectadas á normativa de seguridade industrial vixente, que será emitido no prazo recollido no punto anterior e, en todo caso, antes do outorgamento da licenza municipal de obra.

Disposición adicional segunda. *Programa específico de promoción da reciclaxe mediante a posta en marcha e a xestión dunha planta de compostaxe promovido pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a través da Sociedade Galega do Medio Ambiente, S. A.*

1. Dentro do sistema promovido pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para a xestión institucional dos residuos domésticos, xestionado pola Sociedade Galega do Medio Ambiente, S. A., de acordo co disposto na Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia, poñerase en marcha unha planta de produción de compost a partir da fracción orgánica dos residuos urbanos, coa finalidade de incrementar as porcentaxes de recuperación de materiais.

2. A devandita planta dará servizo a aqueles concellos máis próximos a ela que voluntariamente decidan adherirse, ata esgotar a súa capacidade de tratamento.

3. A adhesión dos concellos interesados para a entrega e o tratamento na nova planta da fracción orgánica dos residuos urbanos recollida de forma separada efectuarase mediante convenio, que

terá natureza administrativa e será formalizado entre a entidade local e a Sociedade Galega do Medio Ambiente, S. A., como xestora institucional da instalación. A consellaría competente en materia de residuos fixará as condicións de adhesión dos concellos e aprobará o modelo de convenio para a formalización da adhesión.

4. En garantía da sustentabilidade financeira da nova instalación de xestión, fíxase un canon específico de 45 euros por tonelada de residuos entregados que cumpran os requisitos mínimos que fixará a consellaría competente en materia de residuos nas condicións de adhesión, máis o correspondente IVE. O devandito canon específico actualizarase a partir do exercicio 2018 no mes de xaneiro de cada ano, consonte a evolución do índice de prezos de consumo galego, e a súa contía actualizada publicarase no *Diario Oficial de Galicia*.

5. A xestión, a liquidación e o cobramento do canon específico establecido no punto anterior estarán suxeitos ao establecido na disposición adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014.

Disposición transitoria primeira. *Procedementos integrados en tramitación para a implantación de instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos e a súa posta en funcionamento*

Os procedementos integrados regulados no Decreto 45/2015, do 26 de marzo, polo que se regula o procedemento integrado para a implantación de instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos, a súa posta en funcionamento e se determinan os órganos competentes para o exercicio da potestade sancionadora en materia de hidrocarburos, que se atopen en tramitación á entrada en vigor desta lei substanciaranse polas normas vixentes no momento de presentación da solicitude. Non obstante, os interesados poderán, a través do órgano competente para a instrución e resolución do procedemento único integrado, no prazo dun mes desde a aprobación desta lei, solicitar tramitalos de acordo coa nova normativa establecida nela.

Disposición transitoria segunda. *Convocatoria de concursos de dereitos mineiros caducados*

O órgano mineiro competente dispoñerá do prazo dun ano, a partir da entrada en vigor desta lei, para convocar os correspondentes concursos dos dereitos mineiros caducados con anterioridade (...).

Disposición transitoria terceira. *Procedementos en tramitación de solicitude de calquera tipo de autorización administrativa de parques eólicos, así como das súas infraestruturas de evacuación*

1. As persoas promotoras dos expedientes de solicitude de calquera tipo de autorización administrativa de parques eólicos, así como das súas infraestruturas de evacuación, que na data de entrada en vigor desta lei se encontren en tramitación poderán optar por seguir tramitándoos de acordo coa normativa vixente na data de presentación da solicitude ou por tramitalos, a partir da fase na que se atopen, de acordo co procedemento establecido por esta lei.

2. Para os efectos indicados no punto anterior, as persoas promotoras dos expedientes sinalados comunicarán á dirección xeral competente en materia de enerxía, no prazo dun mes desde a entrada en vigor desta lei, se optan por tramitalos de acordo co procedemento establecido por esta

lei. De non efectuar a devandita comunicación no prazo expresado, entenderase que optan por seguir tramitando os expedientes de acordo coa normativa vixente na data de presentación da solicitude.

3. No caso de que a persoa promotora opte por tramitar o expediente de acordo co procedemento establecido por esta lei, para unha maior celeridade e eficacia na tramitación, conservaranse, por requirimento da persoa solicitante e para os efectos da autorización administrativa previa e de construción:

a) Os actos e as resolucións administrativas xa ditados.

b) Os trámites administrativos efectuados.

c) Os documentos previamente presentados.

Disposición transitoria cuarta. *Prazos para solicitar autorizacións de explotación ou de construción de parques eólicos*

1. As persoas titulares de autorizacións administrativas, previas e de construción, ou, de ser o caso, aprobación de proxecto, de parques eólicos obtidas con anterioridade á entrada en vigor desta lei dispoñerán dun prazo de catro anos, contados desde a data de entrada en vigor dela, para solicitar a correspondente autorización de explotación. Superado o prazo indicado sen solicitar a autorización de explotación, a dirección xeral competente en materia de enerxía poderá iniciar os correspondentes procedementos de revogación das autorizacións administrativa previa e de construción, ou, de ser o caso, aprobación de proxecto, coa audiencia das persoas titulares.

2. O prazo para obter a autorización de construción para as persoas promotoras con solicitudes de autorización administrativa previa e/ou de construción en tramitación con anterioridade á entrada en vigor desta lei será de tres anos, contado desde ese momento. A superación deste prazo sen que se obteña a autorización de construción facultará a dirección xeral competente en materia de enerxía para instar ao procedemento de caducidade do expediente e ao arquivamento das actuacións, coa condición de que as causas que orixinaron a falta de obtención das citadas autorizacións sexan directamente imputables á persoa solicitante.

3. Así mesmo, para os casos indicados no punto anterior, o prazo máximo para solicitar a autorización de explotación será de tres anos, contados a partir da data de notificación da autorización de construción. Superado este prazo sen que se solicite a autorización de explotación, a dirección xeral competente en materia de enerxía poderá iniciar os correspondentes procedementos de revogación das autorizacións administrativa previa e de construción, ou, de ser o caso, aprobación de proxecto, coa audiencia das persoas titulares.

Disposición transitoria quinta. *Compromisos industriais e demais compromisos das persoas titulares de parques eólicos*

1. As persoas titulares dos parques eólicos autorizados ou en tramitación á entrada en vigor desta lei manterán os compromisos industriais e os demais compromisos asociados aos devanditos

parques, aínda que a persoa promotora opte por tramitar o expediente de acordo co procedemento establecido por esta lei.

2. No caso de que a persoa promotora solicite a desistencia de parques eólicos en tramitación ou renuncie á autorización administrativa de parques eólicos vinculados a calquera dos compromisos sinalados no punto anterior, aceptarase a renuncia ou a desistencia, así como a redución dos compromisos, proporcional á potencia do parque eólico do que se renuncia ou desiste, aplicándoselle os rateos de investimento por MW e emprego por MW, ou, no caso de supostos de monetarización, de euros por MW, correspondentes ao devandito plan. A aceptación da renuncia ou desistencia levará asociada a imposibilidade, tanto para a persoa titular como para sociedades nas que participe como accionista, de presentar novas solicitudes de autorización administrativa de parques eólicos por un período de dous anos desde esta aceptación, nas mesmas áreas de desenvolvemento eólico nas que se sitúen os proxectos en tramitación ou autorizados dos que se desistiu ou renunciou.

3. Só se poderá solicitar a renuncia ou a desistencia parcial da potencia admitida a trámite dun parque eólico se existen informes sectoriais preceptivos que o motiven.

Disposición derrogatoria primeira. *Derrogacións expresas*

Quedan expresamente derrogados:

a) O artigo 25 bis da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia.

b) O punto 7 do artigo 2 e a disposición adicional da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

c) O Decreto 138/2010, do 5 de agosto, polo que se establece o procedemento e as condicións técnico-administrativas para a obtención das autorizacións de proxectos de repotenciación de parques eólicos existentes na Comunidade Autónoma de Galicia.

d) O Decreto 162/2010, do 16 de setembro, polo que se regulan as entidades colaboradoras da Administración hidráulica de Galicia en materia de control de verteduras e calidade das augas.

e) A Orde da Consellaría de Innovación e Industria do 7 de setembro de 2007 sobre avais de acceso á rede de distribución de enerxía eléctrica.

Disposición derrogatoria segunda. *Cláusula xeral derrogatoria*

Quedan derrogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan, contradigan ou resulten incompatibles co disposto nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Modificacións da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia*

Un. Modifícase o punto 1 do artigo 7 da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, que queda redactado como segue:

«1. As sociedades cooperativas de primeiro grao deberán estar integradas, polo menos, por dúas persoas socias.

Para estes efectos non se computarán as persoas socias a proba, excedentes e colaboradoras.»

Dous. Engádese un novo artigo 7 bis á Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, coa seguinte redacción:

«Artigo 7 bis. *Especialidades das cooperativas de dúas persoas socias*

Ás cooperativas que unicamente conten con dúas persoas socias seranlles especialmente aplicables, mentres permanezan nesa situación e aínda que os seus estatutos establezan outra cousa, as disposicións seguintes:

a) Todos os acordos sociais que requiran maioría de persoas socias ou de votos deberán adoptarse co voto favorable das dúas únicas persoas socias.

b) Poderán constituír o seu consello reitor con só dous membros, que, necesariamente, se distribuirán os cargos de presidente ou presidenta e secretario ou secretaria.

c) Non precisarán constituír ningún outro órgano.

d) Poderá encomendarse a liquidación destas cooperativas a unha ou dúas persoas socias liquidadoras.

e) O importe total das achegas de cada persoa socia ao capital social non poderá superar o 50 % deste.

f) No trámite de audiencia ao que se refire a alínea b) do punto 2 do artigo 141, na falta de órgano de administración, comparecerán as dúas persoas socias.

g) A cooperativa que permaneza máis de cinco anos con só dúas persoas socias virá obrigada, a partir do seguinte exercicio, a realizar unha dotación adicional á reserva obrigatoria do 2,5 ‰ da súa cifra de negocios anual.»

Tres. Modifícase o punto 3 do artigo 10 da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, que queda redactado como segue:

«3. A creación da sección de crédito recollerase nos estatutos e será aprobada pola asemblea xeral. O devandito acordo, elevado a escritura pública, así como o regulamento de réxime interno da sección, tamén aprobado pola asemblea xeral, deberán presentarse no Rexistro de Cooperativas de Galicia para o seu depósito e posterior inscrición do acordo, momento no que adquirirá eficacia xurídica.»

Catro. Modifícase o artigo 97 da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, que queda redactado como segue:

«Artigo 97. *Características e competencia*

1. O Rexistro de Cooperativas de Galicia é un rexistro xurídico dependente da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, adscrito á consellaría competente en materia de emprego.

2. O Rexistro de Cooperativas de Galicia é público.

3. Presúmese que o contido dos libros do rexistro é exacto e válido, e coñecido de todos, non podendo alegarse a súa ignorancia.»

Cinco. Modifícase o artigo 98 da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, que queda redactado como segue:

«Artigo 98. *Funcións do Rexistro de Cooperativas de Galicia*

1. O Rexistro de Cooperativas de Galicia asumirá as seguintes funcións:

a) Cualificar, inscribir e certificar os actos aos que se refire esta lei.

b) Habilitar e legalizar os libros obrigatorios das entidades cooperativas.

c) Recibir o depósito das contas anuais, así como a certificación acreditativa do número de persoas socias ao pechamento do exercicio económico.

d) Nomear auditores ou auditoras e outros expertos ou expertas independentes, por solicitude das entidades cooperativas e por conta destas.

e) Calquera outra atribuída por esta lei ou polas súas normas de desenvolvemento.»

Seis. Modifícase o punto 1 do artigo 104 da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, que queda redactado como segue:

«1. As cooperativas de traballo asociado están formadas por persoas naturais con capacidade legal e física para desenvolver a actividade cooperativizada.

A capacidade legal para ser socio ou socia rexerase pola lexislación civil e laboral. As persoas estranxeiras poderán ser socias de acordo co disposto na lexislación específica sobre a prestación do seu traballo en España.

A perda da condición de persoa socia dá lugar ao cesamento definitivo da prestación de traballo na cooperativa.»

Sete. Modifícase o punto 2 do artigo 134 da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, que queda redactado como segue:

«2. As unións, federacións e confederacións constituídas ao amparo desta lei, para adquirir a personalidade xurídica e plena capacidade de obrar, deberán depositar por medio das súas persoas promotoras no Rexistro de Cooperativas de Galicia escritura pública que deberá conter:

a) A relación das entidades promotoras, cos seus datos identificativos.

b) A certificación do acordo de asociación de, polo menos, o órgano de administración de cada unha delas.

c) A composición dos órganos de representación e goberno da entidade.

d) O certificado da Sección Central do Rexistro de Cooperativas da Administración xeral do Estado de que non existe outra entidade con idéntica denominación.

e) Os estatutos, que conterán como mínimo:

1º. A denominación, que deberá incluír, segundo proceda, os termos «unión de cooperativas», «federación de cooperativas» ou «confederación de cooperativas», ou as súas abreviaturas «u. de coop.», «f. de coop.» ou «c. de coop.».

2º. O domicilio e o ámbito territorial e funcional de actuación da entidade.

3º. Os órganos sociais, que serán como mínimo a asemblea xeral e os de representación, goberno e administración, coa regulación do seu funcionamento e do réxime de provisión electiva dos seus cargos.

4º. Os requisitos e procedementos para a adquisición e perda da condición de persoa asociada, así como o réxime de modificación de estatutos e de fusión e disolución da entidade.

5º. O réxime económico da entidade, co establecemento do carácter, da procedencia e do destino dos recursos.

6º. A regulación do dereito de voto, co establecemento de limitacións ao voto plural.

O Rexistro de Cooperativas de Galicia dispoñerá, no prazo de trinta días, a publicidade do depósito ou o requirimento ás súas persoas promotoras, por unha soa vez, para que no prazo doutros trinta días emenden os defectos observados. Transcorrido este prazo, o Rexistro dispoñerá a publicidade ou rexeitará o depósito mediante resolución exclusivamente fundada na carencia dalgún dos requisitos mínimos a que se refire este capítulo.

A publicidade do depósito realizarase no *Diario Oficial de Galicia*.

A entidade adquirirá personalidade xurídica e plena capacidade de obrar transcorridos trinta días hábiles desde que solicitou o depósito sen que o Rexistro de Cooperativas de Galicia formulase reparos ou rexeitase o depósito.

A modificación dos estatutos das asociacións cooperativas xa constituídas axustarase ao mesmo procedemento regulado neste número.»

Oito. Modifícase o punto 3 do artigo 134 da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, que queda redactado como segue:

«3. As unións, federacións e confederacións de cooperativas deberán comunicarlle ao Rexistro de Cooperativas de Galicia, no prazo dun mes desde que se produza o feito, as altas e baixas das súas persoas socias directas, xuntando, nos casos de alta, certificación do acordo de asociarse.»

Nove. Modifícase o punto 2 do artigo 136, que queda redactado como segue:

«2. A representación das cooperativas realizarase a través das unións, federacións ou confederacións nas que aquelas se integren, en función da representación que teñan segundo os datos que consten no Rexistro de Cooperativas de Galicia.

Malia o previsto no parágrafo anterior, as cooperativas de crédito que non acaden o número suficiente para a constitución dunha unión das reguladas nesta lei, dado o seu especial obxecto e finalidade así como a súa suxeición á normativa específica, poderán contar cunha persoa que as represente no Consello.

Unha destas persoas representantes exercerá o cargo de vicepresidente ou vicepresidenta.»

Dez. Modifícase a alínea a) do punto 5 do artigo 139 da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, que queda redactada como segue:

«a) Persoas titulares das xefaturas territoriais da consellaría competente en materia de traballo, ata 6.000 euros.»

Once. Modifícase a alínea b) do punto 2 do artigo 141 da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, que queda redactada como segue:

«b) No trámite de audiencia comparecerá o órgano de administración ou, na súa falta, as persoas socias, en número non inferior a dúas. Cando non se produza a devandita comparecencia, o trámite cumprirase mediante a correspondente publicación no *Diario Oficial de Galicia*.»

Doce. Modifícase a alínea c) do punto 2 da disposición adicional novena da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, que queda redactada como segue:

«c) A inscrición dos actos de constitución, modificación de estatutos, disolución, reactivación, liquidación e extinción das sociedades cooperativas xuvenís poderá realizarse en virtude de documentos de carácter privado cos mesmos requisitos que os previstos para as escrituras públicas nesta lei, no que resulte procedente. As sinaturas que consten nos documentos deberán estar lexitimadas notarialmente ou autenticadas polo rexistro de cooperativas que resulte competente para a inscrición dos referidos actos. Cando a publicación dos acordos referidos aos devanditos actos resulte preceptiva, realizarase no *Diario Oficial de Galicia* e será tramitada polo rexistro de co-

operativas competente con carácter gratuíto, sen que resulte obrigatoria a publicación nun dos diarios de maior circulación da provincia do domicilio social da cooperativa.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común*

Modifícase o anexo II, «Relación de procedementos nos que o silencio administrativo produce efectos desestimatorios», da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na epígrafe correspondente á Consellería de Medio Ambiente, na que o procedemento que se menciona a seguir queda redactado como segue:

«Tipo de procedemento: Autorización de actividades, obras, instalacións e usos permitidos na zona de servidume de protección do dominio marítimo-terrestre.

Sentido do silencio: Negativo, por razóns de protección do medio ambiente, consonte o establecido no artigo 24 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, agás nos casos de solicitude de autorización de aproveitamentos de masas forestais poboadas das especies que non estean incluídas no anexo I da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, en cuxo caso o sentido do silencio será positivo, sempre que non consten no procedemento informes emitidos polos órganos competentes en materia de protección do litoral que sexan contrarios ao aproveitamento forestal pretendido, e sen prexuízo da obriga de reforestación eficaz de acordo co establecido na normativa básica estatal en materia de costas.

Normativa reguladora: Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, e Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza*

Modifícase o punto 2 do artigo 16 da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, que queda redactado como segue:

«2. Nestas áreas poderanse seguir levando a cabo de maneira ordenada os usos e as actividades tradicionais que non vulneren os valores protexidos. Para o resto das actuacións, incluíndo a realización de edificacións, será precisa a autorización da consellaría competente en materia de medio ambiente, agás no caso dos aproveitamentos madeireiros, que se rexerán polo establecido na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, ou norma que a substitúa.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificacións da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia*

Un. Modifícanse as epígrafes 01, 03, 05 e 07 do apartado 37 do anexo III da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, que quedan redactadas como segue:

«01 Verificación de capacidades da persoa solicitante e requisitos técnicos do proxecto: 2.525 €.»

«03. Autorización administrativa de transmisión de parques eólicos e infraestruturas de evacuación: 505 €.»

«05. Solicitude de modificacións substanciais de parques eólicos: 3.030 €.»

«07. Solicitude de modificación de plans industriais: 1.515 €.»

Dous. Engádese unha nova epígrafe 08 no apartado 37 do anexo III da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, coa seguinte redacción:

«08. Solicitude modificacións non substanciais de parques eólicos: 1.515 €.»

Tres. Engádese unha nova epígrafe 09 no apartado 37 do anexo III da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, coa seguinte redacción:

«09. Solicitude administrativa de pechamento de parques eólicos e infraestruturas de evacuación: 1.515 €.»

Disposición derradeira cuarta bis. *Modificación da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega*

Modifícase o número 3 do artigo 23 da Lei 2/2005, de 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, que queda redactado como segue:

«3. Empresas artesanais alimentarias son aquelas que realizan unha actividade artesanal alimentaria, a través de procesos de elaboración que dean lugar a un produto final individualizado, respectuoso co medio ambiente e con características diferenciais, nas que a intervención persoal do artesán constitúe un factor predominante.

As condicións técnicas específicas necesarias para a produción artesanal dos produtos alimentarios referidos nesta lei, así como as especialidades nos devanditos produtos en función do proceso de elaboración, determinaranse regulamentariamente.»

Disposición derradeira quinta. *Modificacións da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia*

Un. Modifícase o artigo 17 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, que queda redactado como segue:

«Artigo 17. *Actuacións previas*

Con carácter previo ao comezo do procedemento para o outorgamento de dereitos mineiros sometidos a avaliación ambiental, a persoa promotora poderá solicitar, a través do órgano mineiro,

a elaboración do documento de alcance do estudo de impacto ambiental, para o que deberá presentar o documento inicial do proxecto de conformidade coa lexislación de avaliación ambiental vixente.»

Dous. Modifícase o artigo 18 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, que queda redactado como segue:

«Artigo 18. *Solicitudes de dereitos mineiros*

1. Toda solicitude de dereitos mineiros incluirá, polo menos, a seguinte documentación:

a) Un modelo normalizado de solicitude.

b) Unha memoria, que comprenderá o proxecto de exploración, investigación ou explotación e os proxectos de instalacións mineiras e procesos produtivos, cuxo contido se establecerá regulamentariamente.

c) Un informe de viabilidade e solvencia, que acredite que a persoa solicitante reúne os requisitos exixidos na lexislación mineira para poder ser titular de dereitos mineiros, especialmente a súa solvencia económica e técnica.

A xustificación da solvencia económica da persoa solicitante poderá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

— (...)

— Tratándose de persoas xurídicas, a presentación das contas anuais ou extracto delas.

— Unha declaración relativa á cifra de negocios global e dos traballos mineiros realizados pola persoa solicitante no curso dos cinco últimos anos.

— Calquera outra documentación considerada como suficiente polo órgano mineiro competente.

A solvencia técnica da persoa solicitante poderá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

— Titulacións académicas e profesionais e experiencia dos efectivos persoais da empresa.

— Unha declaración dos medios materiais e equipo técnico dos que dispoñerá a persoa solicitante para a execución do seu programa mineiro.

— Unha declaración sobre os efectivos persoais da empresa, indicando, de ser o caso, o grao de estabilidade no emprego deles e a importancia dos seus equipos directivos durante os últimos cinco anos.

— Calquera outra documentación establecida regulamentariamente.

d) No caso dos dereitos mineiros sometidos á avaliación ambiental, o correspondente documento ambiental de conformidade co establecido na lexislación vixente.

e) Un plan de seguridade e saúde laboral.

f) Un plan de restauración do espazo afectado polas actividades mineiras.

g) Un calendario de execución e orzamento.

h) Planos.

i) Anexos.

j) De ser o caso, a documentación exixida pola normativa sectorial correspondente a eventuais autorizacións necesarias doutras administracións públicas.

k) Certificado municipal sobre a situación urbanística do lugar onde se pretende levar a cabo a explotación.

l) Calquera outra documentación e información acreditativa do cumprimento de requisitos establecidos na lexislación sectorial aplicable.

2. Á solicitude dos dereitos mineiros achegarase un resumo non técnico de todas as indicacións especificadas no punto anterior, para facilitar a súa comprensión para efectos do trámite de información pública.

3. A determinación dos datos que, a xuízo da persoa solicitante, gocen de segredo profesional e de propiedade intelectual e industrial, así como os que estean suxeitos a protección de carácter persoal e a confidencialidade de acordo coas disposicións vixentes.»

Tres. Modifícase o artigo 19 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, que queda redactado como segue:

«Artigo 19. *Condicións especiais da solicitude de dereitos mineiros da sección A)*

Ademais da documentación exixida no artigo 18, á solicitude de dereitos mineiros da sección A) achegarase a documentación que acredite o dereito ao aproveitamento cando o xacemento se atope en terreos de propiedade privada, de conformidade coa lexislación específica de minas. Cando o xacemento se atope en terreos de propiedade pública, será necesario o oportuno título habilitante da administración titular.»

Catro. Modifícase o artigo 20 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, que queda redactado como segue:

«Artigo 20. *Condicións especiais da solicitude de dereitos mineiros da sección B)*

Ademais da documentación exixida no artigo 18, a solicitude de dereitos mineiros sobre xacementos de orixe non natural, estruturas subterráneas e ocos resultantes de canteiras exixirá a declaración previa da súa cualificación como recursos da sección B), realizada polo órgano mineiro competente.»

Cinco. Modifícase o artigo 21 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, que queda redactado como segue:

«Artigo 21. *Condicións especiais para a declaración da utilidade pública ou interese social, en concreto, e a necesidade de ocupación*

1. Naqueles casos en que a Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas, ou norma que a substitúa, declara implícita a utilidade pública no outorgamento do dereito mineiro, a persoa promotora deste poderá solicitar a declaración da necesidade de ocupación dos bens ou dereitos que sexan indispensables para o inicio do proxecto, sen prexuízo da posibilidade de futuros expedientes expropiatorios para o desenvolvemento da totalidade do proxecto.

Para o anterior deberase presentar, xunto coa documentación recollida no artigo 18, unha relación concreta e individualizada, na que se describan, en todos os aspectos, material e xurídico, os bens ou dereitos que considere de necesaria ocupación.

2. Naqueles casos en que a Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas, ou norma que a substitúa, prevexa a posibilidade da declaración da utilidade pública, a persoa promotora do dereito mineiro poderá solicitar a declaración de utilidade pública ou interese social, en concreto, e da necesidade de ocupación dos bens ou dereitos que sexan indispensables para o inicio do proxecto ou a construción da instalación, sen prexuízo da posibilidade de futuros expedientes expropiatorios para o desenvolvemento da totalidade do proxecto.

Para o anterior deberase presentar, xunto coa documentación recollida no artigo 18, unha xustificación da importancia e das razóns para a declaración da utilidade pública, en concreto, incluíndo unha relación concreta e individualizada dos bens e dereitos que a persoa solicitante considere de necesaria expropiación, na que se xustificarán os motivos polos que non foi posible chegar a un acordo que a evite.

3. O órgano mineiro realizará a publicación da relación de bens e dereitos no *Boletín Oficial del Estado*, no da provincia respectiva e nun dos diarios de maior circulación da provincia, se o houber, e comunicarállela ademais aos concellos en cuxo termo municipal radique o ben ou dereito que se vai ocupar para a súa exposición no taboleiro de anuncios, para que dentro dun prazo de quince días, contados a partir da última publicación, as persoas interesadas poidan formular alegacións sobre a procedencia da ocupación ou disposición dos bens e o seu estado material ou legal.

Notificarase individualmente a cada persoa titular de dereitos ou bens afectados, que poderán, durante o transcurso do prazo fixado no parágrafo anterior, achegar cantos datos permitan a rectificación dos posibles erros que se consideren cometidos na relación que se fixese pública.

4. A resolución que outorgue o dereito mineiro así tramitado declarará, de ser o caso, a utilidade pública ou interese social, en concreto, e a necesidade de ocupación dos terreos para os efectos da Lei do 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa, ou norma que a substitúa, e iniciará o expediente expropiatorio, sen prexuízo da posibilidade de convir a adquisición dos bens ou dereitos que son obxecto daquela libremente e por mutuo acordo. Neste último caso, logo de convidos os termos da adquisición amigable, darase por concluído o expediente expropiatorio.»

Seis. Modifícase o artigo 22 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, que queda redactado como segue:

«Artigo 22. *Emenda das solicitudes*

Se a solicitude de iniciación non reúne os requisitos sinalados nesta lei, requiririase a persoa interesada para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa indicación de que, se así non o fixer, se terá por desistida da súa petición, logo de resolución motivada.»

Sete. Modifícase o artigo 23 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, que queda redactado como segue:

«Artigo 23. *Consulta ás administracións públicas e información pública*

1. Logo de completada a documentación, de acordo co establecido nos artigos anteriores, para os dereitos mineiros de aproveitamento ou explotación solicitaranse os seguintes informes preceptivos:

a) O informe do concello ou concellos que teñan o dereito mineiro dentro do seu termo municipal.

b) O informe do órgano con competencias en materia de medio ambiente.

c) O informe sobre o patrimonio cultural, cando proceda.

d) O informe do órgano con competencias en materia de dominio público hidráulico, cando proceda.

e) O informe sobre dominio público marítimo-terrestre, cando proceda.

f) Os demais informes que sexan preceptivos segundo as disposicións legais aplicables e os que se xulguen necesarios para resolver, citándose o precepto que os exixa ou fundamentando, de ser o caso, a conveniencia de reclamalos.

g) O informe do órgano con competencias en materia de ordenación agraria.

2. Os informes sinalados no punto anterior deberán pronunciarse sobre a existencia de usos de interese público da competencia dos órganos que os emitan, para os efectos da tramitación da co-

rrespondente peza separada de compatibilidade e, de ser o caso, prevalencia, segundo o establecido no artigo seguinte.

3. Os informes deberán emitirse no prazo dun mes desde a recepción do expediente completo. Transcorrido o prazo sen que se recibisen, o procedemento continuará se o órgano mineiro conta con elementos de xuízo suficientes para determinar a compatibilidade do dereito mineiro con outros usos de interese público. Neste caso, non se terán en conta os pronunciamentos antes referidos que se reciban posteriormente.

Se o órgano mineiro non tiver os elementos de xuízo suficientes, ben porque non se recibiron os informes das administracións públicas competentes que resulten relevantes ou ben porque, téndose recibido, estes resultan insuficientes para decidir, requirirá a persoa titular do órgano xerarquicamente superior daquel que tería que emitir o informe para que, no prazo de dez días hábiles, contados a partir da recepción do requirimento, ordene ao órgano competente a entrega do correspondente informe no prazo de dez días hábiles, sen prexuízo das responsabilidades en que puider incorrer o responsable de demora. No caso de que non se recibise o informe transcorrido o prazo anterior, o órgano mineiro continuará coa tramitación do procedemento.

4. Posteriormente, abrirase un período de información pública que non será inferior a trinta días.»

Oito. Modifícase o artigo 25 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, que queda redactado como segue:

«Artigo 25. *Formas de finalización dos procedementos de outorgamento de autorizacións, permisos ou concesións mineiras*

1. Os expedientes sobre os dereitos mineiros regulados nesta lei que se tramiten para o outorgamento de autorizacións, permisos ou concesións finalizarán polas causas previstas neste artigo e polas previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou norma que a substitúa.

2. Poñerán fin ao procedemento a resolución, a desistencia e a renuncia ao dereito en que se fundamente a solicitude, cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, e a súa caducidade.

3. Finalizado o expediente por calquera das causas previstas neste artigo, así o fará constar de oficio a consellaría competente en materia de minas no correspondente Rexistro Mineiro de Galicia.»

Nove. Modifícase o punto 1 do artigo 26 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, que queda redactado como segue:

«1. O órgano mineiro competente ditará a resolución que poña fin ao procedemento no prazo máximo de doce meses, e incorporará, se é o caso, os condicionamentos que resulten dos informes preceptivos.

A emisión do correspondente informe polo órgano sectorial competente substituirá, para todos os efectos, as correspondentes autorizacións que, consonte a lexislación sectorial aplicable, a persoa solicitante estea obrigada a solicitar deses órganos consultados no exercicio das súas competencias, debendo adecuarse o contido do informe a aquel previsto na normativa sectorial para a correspondente autorización.»

Dez. Engádese unha nova alínea e) ao punto 2 do artigo 28 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, coa seguinte redacción:

«e) As correspondentes autorizacións sectoriais, (...).»

Once. Modifícase o artigo 32 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, que queda redactado como segue:

«Artigo 32. *Garantías financeiras*

1. A persoa titular dun dereito mineiro deberá constituír unha garantía financeira ou equivalente suficiente antes da perceptiva comunicación do comezo dos traballos, sendo responsable do seu mantemento nos termos sinalados neste artigo.

2. As formas de constitución de garantías financeiras ou equivalentes poderán ser, entre outras, fondos de provisión internos constituídos por depósito en entidades financeiras e garantías financeiras en custodia dun terceiro, tales como bonos e avais emitidos por entidades bancarias, así como contratos de seguros que cubran a responsabilidade civil da entidade explotadora derivada do incumprimento do disposto no plan de restauración autorizado.

3. A contía da garantía corresponderá á suma de dous conceptos: un responderá do cumprimento das obrigas de financiamento e viabilidade dos traballos mineiros e outro responderá do cumprimento do plan de restauración ambiental.

Respecto da garantía que responde do cumprimento das obrigas de financiamento e viabilidade dos traballos mineiros, o seu importe será do 4 % do orzamento de investimento, no caso dunha autorización de aproveitamento ou dunha concesión de explotación, e dun 20 % para os permisos de exploración ou investigación.

Esta garantía deberá ser revisada por petición do titular mineiro cando este xustifique a execución total ou parcial do proxecto de explotación aprobado.

4. Respecto da garantía que responderá do cumprimento do plan de restauración ambiental, determinarase a súa contía de acordo cos seguintes criterios:

a) Custo real de todos os traballos de restauración conforme o proxecto de restauración aprobado.

b) Área afectada en cada ano de investigación ou de explotación.

c) Calendario e programa de execución.

d) Uso actual e previsto do solo.

A garantía revisarase anualmente tendo en conta os traballos de rehabilitación xa realizados e das superficies novas afectadas conforme o disposto no plan anual de labores.

5. A garantía financeira ou equivalente constituirase de forma que se asegure a existencia de fondos facilmente dispoñibles en calquera momento por parte da autoridade competente para a rehabilitación dos terreos afectados.

6. Unha vez finalizada a execución do plan de restauración, a entidade explotadora solicitara á autoridade competente, por escrito, a liberación da garantía financeira correspondente. Está emitirá informe motivado no prazo de dous meses.»

Doce. Modifícase o capítulo III do título IV da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, que queda redactado como segue:

«CAPÍTULO III
Concursos de dereitos mineiros

Artigo 35. *Convocatoria de concursos de dereitos mineiros*

1. O outorgamento de dereitos mineiros sobre os terreos francos resultantes do levantamento dunha zona de reserva ou a declaración de caducidade dun permiso de exploración, un permiso de investigación ou unha concesión mineira resolverase polo correspondente concurso público regulado neste artigo e demais normativa aplicable.

Para estes efectos, a declaración de caducidade dun dereito mineiro comportará a declaración do terreo como franco e a inmediata publicación dela no *Boletín Oficial del Estado* e no *Diario Oficial de Galicia*. No prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da última publicación, quen estea interesado naquel dereito caducado poderá presentar solicitudes sobre el.

2. Na solicitude indicarase claramente o tipo de dereito que se solicita e sobre que dereito mineiro caducado se solicita, achegando o seguinte contido mínimo que se presentará en dous sobres pechados:

a) No primeiro sobre incluirase a documentación acreditativa da capacidade xurídica e de obrar da persoa solicitante e da representación, así como o resgardo da fianza provisional, que consistirá no 10 % da taxa correspondente ás solicitudes de dereitos mineiros establecida na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, ou norma que a substitúa.

b) O segundo sobre conterá a designación do terreo que se pretende, os documentos requiridos para as solicitudes de dereitos mineiros e unha declaración responsable dos documentos presentados.

Artigo 36. *Resolución de concursos de dereitos mineiros*

1. No caso de que non se formulen solicitudes, o órgano mineiro competente declarará de oficio o terreo como rexistrable, e publicarao no *Diario Oficial de Galicia* e no *Boletín Oficial del Estado*.

2. No caso de que se presenten varias solicitudes sobre o mesmo dereito mineiro caducado, abrirase unha fase de concorrencia competitiva, na que se establecerá a orde de prelación para a tramitación delas, de acordo coa valoración obtida por aplicación dos criterios de selección das propostas máis vantaxosas.

Entenderase por propostas máis vantaxosas as que ofrezan as mellores condicións científicas e técnicas e as maiores vantaxes económicas e sociais, atendendo, como mínimo, os seguintes criterios:

a) A calidade técnica do proxecto e as garantías que se ofrezan da súa viabilidade.

b) O impacto do proxecto no desenvolvemento e mellora das condicións económicas e sociais da zona de implantación.

A valoración dos criterios de selección deberá quedar establecida na resolución de declaración de caducidade.

3. A apertura das ofertas será verificada por unha mesa constituída por:

a) A persoa titular da dirección xeral competente en materia de minas ou persoa en quen delegue, que actuará como presidente ou presidenta.

b) A persoa titular da xefatura do Servizo de Xestión Mineira ou un enxeñeiro ou enxeñeira de minas designado pola persoa titular da dirección xeral, que actuará como secretario ou secretaria da mesa.

c) Un membro do corpo de letrados da Xunta de Galicia.

d) A persoa titular da intervención delegada da consellaría competente en materia de minas ou persoa en quen delegue.

e) Unha persoa representante da correspondente xefatura territorial da consellaría competente en materia de minas.

Constituída a mesa, no prazo de dez días desde a finalización do prazo para a presentación de solicitudes, procederase á apertura de sobres na orde habitual para eliminar, de ser o caso, as solicitudes inadmisibles por causa da persoa solicitante ou do resgardo da fianza. Ao acto de constitución da mesa poderán asistir as persoas que presentasen as solicitudes.

4. O concurso resolverao o órgano mineiro competente no prazo máximo de tres meses, contados desde o día seguinte á última publicación da convocatoria. Transcorrido o prazo sen que recaese resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

5. De non se aceptar ningunha das solicitudes presentadas, o concurso poderá declararse deserto e os terreos non adxudicados poderán ser declarados rexistrables pola Administración mineira. Esa declaración deberase publicar no *Diario Oficial de Galicia* e no *Boletín Oficial del Estado*, coa indicación de que poderán ser solicitados logo de transcorridos oito días desde a súa última publicación.»

Trece. Modifícase o capítulo IV do título IV da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, que queda redactado como segue:

«CAPÍTULO IV
Coordinación con outras lexislacións sectoriais

Artigo 37. *Coordinación co procedemento de avaliación ambiental*

1. Non poderán outorgarse dereitos mineiros sen que previamente se ditase a declaración ambiental, cando sexa necesaria consonte a lexislación vixente.

2. Para estes efectos, o órgano ambiental competente, en canto formule a declaración ambiental, remitirá unha copia dela ao órgano mineiro, que incorporará o seu condicionado ao contido dos dereitos mineiros.

Artigo 38. *Coordinación co réxime urbanístico aplicable*

O exercicio dos dereitos mineiros estará condicionado á obtención do correspondente título habilitante municipal de natureza urbanística, consonte a normativa aplicable.»

Catorce. Modifícase a disposición adicional segunda da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, que queda redactada como segue:

«Disposición adicional segunda. *Normas de procedemento*

En todos aqueles aspectos non regulados nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento, os procedementos en materia mineira rexeranse polas normas contidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou norma que a substitúa.»

Quince. Engádese unha nova disposición adicional sexta á Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, co seguinte contido:

«Disposición adicional sexta. *Actuacións no caso de incautación da garantía financeira*

No caso de que o órgano competente en materia de minas ordene a incautación da garantía financeira ou equivalente para a rehabilitación do espazo natural afectado pola explotación, preparación, concentración e beneficio de recursos minerais, deberá tramitarse o procedemento, que se definirá regulamentariamente, para a execución da posta en seguridade e restauración do espazo natural.»

Dezaseis. Engádese unha nova disposición adicional sétima á Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, co seguinte contido:

«Disposición adicional sétima. *Actuacións no caso de renuncia voluntaria ou incumprimento dun dereito mineiro*

No caso de renuncia voluntaria da persoa titular ou incumprimento por parte desta da normativa mineira que motive a caducidade dun dereito mineiro das seccións C) e D), poderá caducarse o dereito sen a restauración do espazo natural afectado, cando así o considere o órgano mineiro tendo en conta as reservas existentes e a importancia do recurso, para os efectos de convocar un concurso do dereito para continuar co seu aproveitamento. A devolución da garantía depositada para a restauración quedará condicionada ao depósito da correspondente garantía pola nova persoa titular do dereito. No caso de non se outorgar o dereito no concurso indicado, requiriráselle á persoa titular anterior a restauración do espazo natural afectado coa advertencia da execución do aval depositado no caso de non realizala.»

Disposición derradeira sexta. *Modificacións da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental*

Un. Modifícase a alínea c) do artigo 1 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, que queda redactada como segue:

«c) O establecemento dun procedemento para a autorización administrativa das instalacións de parques eólicos, baseado nos principios de libre competencia, transparencia, simplicidade, publicidade e axilización administrativa, que garanta o pleno respecto á seguridade xurídica.»

Dous. Modifícanse os puntos 5 e 6 do artigo 2 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, que quedan redactados como segue:

«5. Instalacións de conexión: segundo se define no artigo 30 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, enténdese por instalacións de conexión de centrais de xeración aquelas que sirvan de enlace entre unha ou varias centrais de xeración de enerxía eléctrica e a correspondente instalación de transporte ou distribución, incluíndo liñas e subestacións.

6. Poligonal de delimitación dun parque eólico: área efectivamente afectada pola instalación dun parque eólico determinada no seu proxecto de execución.»

Tres. Modifícase o punto 2 do artigo 3 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, que queda redactado como segue:

«2. Quedan excluídos do ámbito de aplicación desta lei:

a) As instalacións eólicas de potencia menor ou igual a 100 kW.

b) Os parques eólicos experimentais que leven asociado un alto compoñente de investigación en I+D+i, definidos no artigo 3 do Decreto 30/2011, do 17 de febreiro, polo que se establece o procedemento para a autorización de parques eólicos experimentais con alto compoñente de I+D+i na Comunidade Autónoma de Galicia, ou norma que o substitúa.

c) As instalacións de xeración eólica para o autoconsumo asociadas a unha instalación de potencia eléctrica contratada superior á potencia eólica que se pretenda instalar.»

Catro. Modifícase o punto 2 do artigo 12 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, que queda redactado como segue:

«2. A devindicación producirase na data de outorgamento da autorización de explotación do parque eólico e o primeiro día do ano natural nos sucesivos anos nos que a autorización administrativa estea vixente, ata o seu desmantelamento e restitución ambiental dos terreos afectos pola instalación.»

Cinco. Modifícase o artigo 16 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, que queda redactado como segue:

«Artigo 16. *Bonificacións na cota*

1. Cando como consecuencia dun proxecto de modificación de parques eólicos preexistentes en funcionamento que supoña unha substitución total ou parcial dos aeroxeradores por outros de maior potencia, e que dean lugar a unha redución efectiva das unidades de aeroxeradores que non supoña tramo diferente de base, a contía da cota que debe satisfacerse, no período correspondente á dita redución, bonificarase nunha porcentaxe resultante de multiplicar por 10 o número de unidades de aeroxeradores reducidas.

2. Esta bonificación terá carácter rogado e o seu recoñecemento estará condicionado á comunicación do proxecto de modificación de parques eólicos á dirección xeral competente en materia de enerxía e á acreditación efectiva polo devandito órgano do cumprimento das condicións sinaladas no punto anterior.»

Seis. Modifícase o título IV da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, que queda redactado como segue:

«TÍTULO IV
Procedemento de autorización administrativa das instalacións de parques eólicos

Artigo 27. *Réxime de autorizacións administrativas*

1. A posta en funcionamento, a modificación substancial, o pechamento temporal, a transmisión e o pechamento definitivo de parques eólicos estarán sometidos, con carácter previo, ao réxime

de autorizacións establecidas no artigo 53 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, e á súa normativa de desenvolvemento, ou normas que as substitúan.

2. O procedemento administrativo de autorizacións para a instalación de parques eólicos iniciarase por solicitude da persoa interesada e tramitarase de acordo co especificado nesta lei.

3. Segundo o establecido no punto 5 do artigo 21 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, ou norma que a substitúa, e por petición da persoa promotora, poderase solicitar a tramitación das autorizacións administrativas necesarias das infraestruturas de evacuación conxuntamente coa solicitude de autorización administrativa previa e de construción do parque eólico.

Artigo 28. *Avais*

1. Antes de iniciar os trámites de solicitude da autorización administrativa previa e de construción, as persoas promotoras depositarán na Caixa Xeral de Depósitos da Xunta de Galicia a garantía económica á que fan referencia os artigos 59 bis e 66 bis do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, ou norma que o substitúa, segundo corresponda coa rede de transporte ou coa rede de distribución.

2. Quedan eximidas do depósito da devandita garantía aquelas modificacións de instalacións en explotación que non supoñan incrementos sobre a capacidade de acceso previamente concedida.

3. A garantía económica será cancelada cando a persoa solicitante obteña a autorización de explotación definitiva da instalación.

4. A desistencia na construción da instalación, a caducidade dos procedementos de autorización administrativa da instalación ou o incumprimento dos prazos previstos nas autorizacións preceptivas supoñerán a execución da garantía. Porén, o órgano competente poderá exceptuar a execución da garantía depositada polo titular dunha instalación se a desistencia na construción desta vén dada por circunstancias impeditivas que non sexan nin directa nin indirectamente imputables á persoa interesada e así fose solicitado por esta ao devandito órgano.

5. A garantía constituída será devolta á persoa promotora no caso de inadmisión da solicitude á que se fai referencia no artigo 33.3.

Artigo 29. *Presentación de solicitudes de autorización administrativa previa e de construción*

1. O procedemento administrativo de autorizacións para a instalación de parques eólicos iniciarase por solicitude da persoa interesada e tramitarase de acordo co especificado neste título.

2. Só se poderá solicitar o inicio dun procedemento de autorización administrativa previa e de construción dun parque eólico se a persoa solicitante e o parque eólico cumpren cos requisitos que se establecen nos artigos 30 e 31. Non serán admitidas aquelas solicitudes que incumpran estes requisitos.

3. As solicitudes presentaranse exclusivamente a través de medios electrónicos que se habilitarán para o efecto regulamentariamente e dirixiranse á dirección xeral competente en materia de enerxía, de acordo co establecido no punto 5 do artigo 16 e no artigo 66 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou norma que a substitúa.

4. O modelo normalizado de solicitude de autorización aprobarase por orde da consellaría competente en materia de enerxía, así como a documentación necesaria que se achegará a aquela, que se presentará en formato electrónico e, cando menos, conterá:

a) Documentación xustificativa da capacidade legal, técnica e económica da persoa solicitante, segundo o establecido no artigo 30.

b) Copia do resgardo da presentación na Caixa Xeral de Depósitos da garantía económica á que se fai referencia no artigo 59 bis ou 66 bis do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, ou norma que o substitúa.

c) Proxecto de execución subscrito por técnico ou técnica competente, con separatas para os organismos ou empresas de servizo público ou de servizos de interese xeral afectados. O contido mínimo do proxecto de execución será establecido regulamentariamente.

d) Documento ambiental que proceda segundo o establecido na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, ou norma que a substitúa, para a avaliación do impacto ambiental do proxecto.

e) Proxecto sectorial, xunto coa documentación exixida polo artigo 10 do Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, ou norma que o substitúa.

f) Para aqueles casos nos que a persoa promotora solicite a declaración de utilidade pública de acordo co artigo 44, relación concreta e individualizada de bens e dereitos afectados.

g) Xustificante de pagamento da taxa de verificación de requisitos e capacidades recollida co código 01 no apartado 37 do anexo III da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, ou norma que a substitúa.

h) Para aqueles casos nos que se produza solapamento nos termos establecidos no artigo 31, escritura pública do acordo entre as partes ao que fai mención o devandito artigo.

5. Se a solicitude presentada non reúne os requisitos exixidos no punto anterior, requirirase a persoa interesada para a súa reparación, concedéndolle un prazo de dez días, coa indicación de que, se así non o fixer, se terá por desistida dela.

Artigo 30. *Requisitos da capacidade das persoas solicitantes*

1. As persoas promotoras que presenten as solicitudes de autorización administrativa ás que se refire esta lei deberán acreditar capacidade legal, técnica e económica para a realización do proxecto, a través dos medios seguintes:

a) Capacidade legal. A persoa solicitante deberá ter personalidade física ou xurídica propia, excluíndose as unións temporais de empresas.

b) Capacidade técnica. A capacidade técnica cumprirase mediante a acreditación de, cando menos, un dos seguintes requisitos:

— Ter exercido a actividade de produción de enerxía eléctrica durante, polo menos, os últimos tres anos.

— Contar entre os seus accionistas cunha persoa socia que participe no capital social cunha porcentaxe igual ou superior ao 25 % e que poida acreditar a súa experiencia durante os últimos tres anos na actividade de produción de enerxía eléctrica.

— Subscribir un contrato de asistencia técnica por un período de tres anos cunha empresa que acredite experiencia na actividade de produción de enerxía eléctrica e que cumpra, á súa vez, con algún dos requisitos que se describen nos parágrafos anteriores.

c) Capacidade económica. Entenderase cumprida cando se achegue documentación suficiente que garanta a viabilidade económico-financeira do proxecto. Esta documentación deberá incluír, polo menos, unha declaración responsable e un estudo económico-financeiro que xustifique a viabilidade do proxecto.

2. A documentación xustificativa para a acreditación das capacidades poderá ser desenvolvida por orde da consellaría competente en materia de enerxía.

Artigo 31. *Requisitos das solicitudes de autorización previa e de construción de parques eólicos*

1. As solicitudes ás que se refire o artigo 29 non poderán solaparse, no momento da solicitude, con ningún parque eólico en explotación, autorizado pendente de construción ou en fase de tramitación administrativa, agás que exista un acordo entre os titulares dos parques eólicos afectados.

2. Para estes efectos, estableceranse regulamentariamente os criterios que determinen a existencia de solapamento entre parques eólicos.

3. Considerarase que un parque eólico se atopa en fase de tramitación administrativa desde o momento no que a persoa solicitante presente a correspondente solicitude, sempre que na data de presentación dela cumpra cos requisitos necesarios para a súa admisión a trámite.

Artigo 32. *Rede Natura*

Quedan excluídos da implantación de novos aeroxeradores aqueles espazos naturais declarados como zonas de especial protección dos valores naturais por formaren parte da Rede Natura 2000, consonte a normativa vixente en cada momento. Exceptúanse do anterior as modificacións de parques eólicos en explotación cando a dita modificación supoña unha redución de, polo menos, o 50 % dos aeroxeradores previamente instalados na dita zona de Rede Natura.

Artigo 33. *Instrución do procedemento*

1. As solicitudes de autorización administrativa previa e de construción de parques eólicos estudaranse e tramitaranse na estrita orde temporal da súa data de presentación.

2. A dirección xeral competente en materia de enerxía verificará o cumprimento dos requisitos de capacidade das persoas solicitantes e das solicitudes establecidos nos artigos 30 e 31.

3. No caso de incumprimento dos devanditos requisitos, a dirección xeral competente emitirá resolución na que declarará a inadmisión da solicitude.

No caso de cumprimento, a dirección xeral competente notificarallo á persoa solicitante, para que esta proceda ao pagamento da taxa de autorización administrativa recollida no código 02 do apartado 37 do anexo III da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, ou norma que a substitúa. A persoa solicitante dispoñerá dun prazo máximo de dous meses para a presentación do xustificante de pagamento da devandita taxa. A non presentación do xustificante no prazo indicado implicará a desistencia da solicitude. A presentación do xustificante de pagamento da taxa será requisito necesario para que prosiga a tramitación.

4. No suposto de proxectos que deban ser obxecto dunha avaliación de impacto ambiental ordinaria, a dirección xeral competente en materia de enerxía enviará copia do proxecto e do estudo de impacto ambiental ao órgano ambiental, co obxecto de obter, no prazo máximo de vinte días, a relación de organismos e persoas interesadas, para cumprir co procedemento de consulta recollido no artigo 37 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, ou norma que a substitúa.

Previamente, a persoa promotora poderá solicitar ao órgano ambiental que elabore un documento de alcance do estudo de impacto ambiental, segundo o procedemento establecido no artigo 34 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, ou norma que a substitúa. Para isto, a persoa promotora presentará ante o órgano substantivo unha solicitude de determinación do alcance do estudo de impacto ambiental, á que se achegará o documento inicial do proxecto.

No caso de proxectos que deban ser obxecto dunha avaliación ambiental simplificada, a dirección xeral competente en materia de enerxía remitirá ao órgano ambiental o documento ambiental do proxecto, para que realice o procedemento de consulta recollido no artigo 46 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, ou norma que a substitúa.

5. A dirección xeral competente en materia de enerxía enviará copia do proxecto sectorial do parque eólico ao órgano autonómico competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo, para o efecto de obter, no prazo máximo de vinte días, informe sobre o cumprimento dos requisitos de distancias ás delimitacións do solo de núcleo rural, urbano ou urbanizable delimitado, establecidos no Plan sectorial eólico de Galicia. Así mesmo, o devandito órgano indicará, no mesmo prazo máximo de vinte días, os informes que deberán solicitarse en función das afeccións derivadas da normativa sectorial aplicable.

6. Obtida a relación dos organismos e persoas interesadas, así como o informe de cumprimento de distancias, a dirección xeral competente en materia de enerxía enviará o expediente ao órgano territorial correspondente da consellaría competente en materia de enerxía, que será a unidade tramitadora. Nos supostos de proxectos cuxa implantación afecte máis dunha provincia, a unidade tramitadora será a dirección xeral competente en materia de enerxía.

7. O proxecto de execución presentado, así como, de ser o caso, e atendendo o resultado da avaliación ambiental que corresponda de conformidade co establecido na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, ou norma que a substitúa, o estudo de impacto ambiental, someteranse conxuntamente a información pública para todos os efectos e durante un prazo de trinta días mediante a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e, de ser o caso, no portal da internet da Xunta de Galicia.

8. No caso de que se solicitase o recoñecemento, en concreto, da utilidade pública do proxecto, a dita solicitude tamén se someterá a información pública de forma simultánea coa documentación indicada no punto anterior, xunto coa relación concreta e individualizada dos bens e dereitos de necesaria expropiación. De igual modo, o proxecto sectorial tamén se someterá a información pública de forma simultánea coa documentación antes referida. Nestes supostos, ademais de no *Diario Oficial de Galicia*, publicarase o anuncio nun dos diarios de maior circulación de cada unha das provincias afectadas.

9. Durante o prazo indicado no punto 7 deste artigo, calquera persoa, entidade ou organismo interesado poderá presentar cantas alegacións considere oportunas ou solicitar o exame do expediente e da documentación técnica, ou a parte desta que se acorde. Das alegacións presentadas darase traslado á persoa solicitante, para que esta formule a contestación ao contido daquelas e lla comunique á unidade tramitadora no prazo máximo de quince días.

10. A certificación acreditativa da exposición ao público do proxecto sectorial conterá unha referencia expresa á realización do trámite de audiencia previsto no punto 2 do artigo 13 do Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.

11. De conformidade cos artigos 127 e 131 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, ou norma que o substitúa, a unidade tramitadora realizará os trámites necesarios para a obtención dos condicionados técnicos e das autorizacións ou informes procedentes doutras administracións, organismos e empresas de servizo público e revisará a documentación presentada pola persoa promotora.

12. Atendendo a relación de organismos indicados polo órgano ambiental e polo órgano competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo, de acordo co previsto nos puntos 4 e 5 deste artigo, así como os indicados no punto anterior, solicitarase de xeito simultáneo un informe para todos os efectos solicitados. Transcorridos trinta días desde a solicitude destes informes sen que se obtivese resposta, entenderanse favorables, agás os informes preceptivos necesarios para a avaliación ambiental do proxecto polo órgano ambiental e os informes preceptivos indicados polo órgano competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo, no que se refire á trami-

tación do proxecto sectorial, nos que o sentido do silencio se rexerá polo disposto na normativa sectorial específica.

13. Concluídos os trámites de información pública e de información a outras administracións, organismos ou empresas de servizo público ou de servizos de interese xeral, a unidade tramitadora emitirá ou solicitará, de ser o caso, ao órgano territorial o informe relativo á normativa de instalacións industriais e eléctricas. Cando lle corresponda a tramitación do procedemento, o órgano territorial, logo de emitido o devandito informe, remitirá o expediente completo á dirección xeral competente en materia de enerxía para a súa autorización.

14. A valoración positiva ambiental exixible ao proxecto de acordo co resultado da avaliación realizada de conformidade co establecido na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, así como o informe favorable da consellaría competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo ao que se fai referencia no punto 5 deste artigo, serán requisitos indispensables para o outorgamento da autorización administrativa e a autorización de construción do parque eólico.

Artigo 34. *Resolución da autorización administrativa previa e de construción e finalización do procedemento*

1. Logo de realizada a instrución do procedemento administrativo de autorización e acreditado por parte da persoa solicitante o acceso e a obtención do punto de conexión á rede de transporte ou á rede de distribución, segundo corresponda, a dirección xeral competente en materia de enerxía ditará resolución respecto do outorgamento da autorización administrativa previa e da autorización administrativa de construción do parque eólico no prazo máximo de dous meses, contado desde a recepción da documentación completa no órgano competente para resolver o procedemento.

2. O prazo máximo para obter a autorización administrativa previa e de construción será de tres anos, contados desde a data de presentación da documentación completa á que fai referencia o punto 4 do artigo 29. Superado este prazo sen que se obtivesen as devanditas autorizacións, a persoa titular da dirección xeral competente en materia de enerxía quedará facultada para instar ao procedemento de caducidade do expediente e ao arquivamento das actuacións, sempre e cando as causas que orixinaron a falta de obtención das citadas autorizacións sexan directamente imputables á persoa solicitante.

3. A resolución de autorización administrativa previa e de construción expresará que a persoa promotora dispoñerá dun prazo de tres anos, contado a partir do seu outorgamento, para solicitar a correspondente autorización de explotación, indicando que, no caso de incumprimento, poderá producirse a súa revogación nos termos establecidos no punto 10 do artigo 53 da Lei 24/3013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, ou norma que a substitúa.

4. A resolución publicarase integramente no *Diario Oficial de Galicia* e notificarase a todas as terceiras persoas que formulasen alegacións e teñan carácter de interesadas no expediente.

A falta de resolución expresa no prazo indicado terá efectos desestimatorios e habilitará a persoa solicitante para interpoñer os recursos que procedan.

5. De conformidade co previsto no artigo 84 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou norma que a substitúa, xunto coa resolución, poñerán fin ao procedemento a desistencia das persoas interesadas, a renuncia ao dereito en que se funde a solicitude cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, a declaración de caducidade e a imposibilidade material de continualo por causas sobrevidas. A declaración de caducidade do procedemento, cando se produza a súa paralización por causa imputable á persoa interesada, acordarase de conformidade co establecido no artigo 95 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou norma que a substitúa.

Artigo 35. *Autorización de explotación*

1. Logo de executado o proxecto, presentarase a correspondente solicitude de autorización de explotación no órgano territorial da consellaría competente en materia de enerxía que tramitase o expediente.

2. Á devandita solicitude achegarase un certificado de final de obra subscrito por técnica ou técnico facultativo competente, no que conste que a instalación se realizou de acordo coas especificacións contidas na autorización de construción, así como coas prescricións da regulamentación técnica aplicable á materia.

3. A autorización de explotación será outorgada polo órgano territorial da consellaría competente en materia de enerxía que tramitase o expediente, no prazo dun mes, logo das comprobacións técnicas que se consideren oportunas.

4. No caso de que a unidade tramitadora for a dirección xeral competente en materia de enerxía, solicitarase unha autorización de explotación en cada unha das provincias onde estea situada a instalación.

Artigo 36. *Transmisión da titularidade de parques eólicos*

1. As transmisións de titularidade dun parque eólico en explotación, dun parque eólico autorizado pendente de construír e dun expediente administrativo no que se tramita a autorización dun parque eólico requiren autorización administrativa previa da consellaría competente en materia de enerxía.

2. A solicitude de autorización administrativa de transmisión deberá ser dirixida á dirección xeral competente en materia de enerxía por quen pretenda adquirir a titularidade. Á solicitude deberá achegarse a documentación necesaria que permita acreditar a capacidade legal, técnica e económica da persoa solicitante, así como unha declaración da actual persoa titular na que manifeste a súa vontade de transmitir a dita titularidade.

3. A dirección xeral competente en materia de enerxía resolverá sobre a solicitude da autorización de transmisión no prazo de tres meses, desde a recepción da documentación completa da solicitude. A falta de resolución expresa no prazo indicado terá efectos desestimatorios, e poderán interpoñerse os recursos que procedan.

A resolución será notificada á persoa solicitante e á transmitente. A partir desta notificación, a persoa solicitante contará cun prazo de seis meses para adquirir a titularidade. Producirase a caducidade da autorización se, transcorrido o devandito prazo, a adquisición non se fai efectiva.

Producida a transmisión, a persoa solicitante deberá comunicala á dirección xeral competente en materia de enerxía, no prazo dun mes desde que se faga efectiva.

4. A autorización administrativa de transmisión de titularidade terá validez ante as entidades locais e calquera outro organismo desde o mesmo momento en que se lles notifique de maneira que faga fe. A transmisión de titularidade autorizada entenderase extensiva á declaración de utilidade pública da instalación en cuestión e comportará a necesidade do cambio da titularidade do aval de acceso e conexión.

Artigo 37. *Modificacións non substanciais de parques eólicos*

1. As modificacións dun parque eólico terán o carácter de non substanciais cando cumpran a totalidade dos seguintes requisitos:

a) Os aeroxeradores mantéñense dentro da poligonal definida no proxecto inicial.

b) A potencia total do parque eólico non experimenta un incremento ou redución de máis do 10 % da potencia autorizada no proxecto orixinal.

c) Cúmprense os requisitos e criterios de non solapamento establecidos no artigo 31.

d) Disponse de informe favorable do órgano ambiental respecto da proposta de modificación.

e) Disponse de informe favorable do órgano competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo sobre a adecuación da modificación aos preceptos urbanísticos aplicables establecidos no Plan sectorial eólico de Galicia, especialmente no relativo á nova ordenación urbanística proposta e aos requisitos de distancias ás delimitacións de solo de núcleo rural, urbano ou urbanizable delimitado.

2. Así mesmo, para os efectos do previsto neste artigo, tamén terán a consideración de modificacións non substanciais aquelas modificacións consistentes no incremento da potencia nominal dos aeroxeradores, sempre que non supoñan un incremento ou redución de máis do 10 % da potencia autorizada no proxecto orixinal, manténdose inalteradas todas as demais características técnicas do parque eólico.

3. As solicitudes de modificacións non substanciais deberán cumprir os requisitos establecidos no artigo 31.

Artigo 38. *Procedemento de autorización de modificacións non substanciais*

1. As modificacións non substanciais de parques eólicos non requirirán o outorgamento dunha nova autorización administrativa previa e de construción.

2. As autorizacións administrativas previas e de construción de parques eólicos seguirán a ser eficaces respecto das modificacións non substanciais dos proxectos iniciais, sempre que, antes do inicio da execución do proxecto modificado, así o soliciten as persoas titulares delas ante a dirección xeral competente en materia de enerxía e lles sexan recoñecidas estas modificacións como non substanciais en virtude do disposto nesta lei.

3. As solicitudes de recoñecemento dunha modificación como non substancial presentaranse dirixidas ao órgano competente en materia de enerxía, de acordo co establecido no artigo 66 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou norma que a substitúa, e conterán, cando menos:

a) Para aqueles casos nos que se modifique a potencia da instalación, documentación acreditativa de dispoñer de acceso e punto de conexión á rede de transporte ou á rede de distribución, segundo corresponda, para a potencia adicional.

b) Nos supostos de modificación non substancial recollida no punto 1 do artigo 37:

— A documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos establecidos nas alíneas a), b) e c) do punto 1 do artigo 37.

— A documentación necesaria para solicitar os informes aos que fan mención as alíneas d) e e) do punto 1 do artigo 37.

c) Para aqueles supostos establecidos no punto 2 do artigo 37:

— Declaración responsable da persoa promotora de que se manteñen inalterables todas as características do parque eólico, agás a potencia nominal dos aeroxeradores.

— A documentación xustificativa do incremento de potencia do aeroxerador.

4. Nos supostos de modificacións non substanciais recollidos no punto 1 do artigo 37, a dirección xeral competente en materia de enerxía enviará ao órgano ambiental a documentación necesaria para solicitar o informe ao que fai mención a alínea d) do punto 1 do artigo 37, para o efecto de que este emita no prazo de vinte días o devandito informe. No caso de que o órgano ambiental o considere preciso, indicará a relación de organismos que considera necesario que se consulte con respecto á validación ambiental do proxecto modificado.

5. Igualmente, enviarase ao órgano competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo a documentación necesaria, para o efecto de que emita nun prazo máximo de vinte días o informe ao que se refire a alínea e) do punto 1 do artigo 37.

6. A dirección xeral competente en materia de enerxía dispoñerá dun prazo dun mes para emitir o recoñecemento dunha modificación como non substancial, contado desde o momento no que dispoña de toda a información e documentación necesaria. A dirección xeral competente só poderá emitir o devandito recoñecemento logo de verificar o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 31. A falta de recoñecemento expreso terá efectos desestimatorios, e poderanse interpoñer

os recursos que procedan. Este recoñecemento será expresamente comunicado ás consellarías con competencias en materia de ordenación do territorio, urbanismo e medio ambiente.

7. As autorizacións de explotación recollerán expresamente aquelas modificacións non substanciais expresamente recoñecidas.

8. A eficacia das modificacións non substanciais recoñecidas como tales de acordo co establecido nos puntos anteriores enténdese sen prexuízo de cantos permisos, licenzas e autorizacións ou outros requisitos precisen con carácter previo a solicitar a autorización de explotación.

Artigo 39. *Modificacións substanciais*

1. Terán a consideración de modificacións substanciais as modificacións que non poidan incluírse na definición de modificación non substancial recollida no artigo anterior.

2. As modificacións substanciais tramitaranse e, de ser o caso, autorizaranse de acordo co procedemento e condicionantes establecidos neste título.

Artigo 40. *O proxecto sectorial*

1. Realizados os trámites previstos nesta lei e no Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, ou norma que o substitúa, o Consello da Xunta, por proposta da persoa titular da consellaría competente en materia de enerxía, aprobará definitivamente, se procede, o proxecto sectorial coas modificacións ou correccións que considere convenientes.

2. Quedan exceptuados de avaliación ambiental estratéxica os proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal dos parques eólicos, así como os das súas infraestruturas de evacuación, cando o proxecto de execución da infraestrutura concreta estea sendo ou sexa sometido a avaliación ambiental, de acordo coa Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, ou norma que a substitúa.

3. Nos casos en que o proxecto sectorial do parque eólico autorizado estea aprobado polo Consello da Xunta de Galicia e a persoa promotora presente unha modificación non substancial das recollidas no punto 1 do artigo 37 recoñecida como tal, enviarase ao órgano competente en ordenación do territorio e urbanismo o recoñecemento desta modificación non substancial, así como o informe favorable do órgano ambiental indicado na alínea d) do punto 1 do artigo 37 e a addenda do proxecto sectorial no que se recollan estas modificacións, para os efectos de que o Consello da Xunta emita o informe preceptivo previo á aprobación da modificación do proxecto sectorial.

Artigo 41. *Pechamento*

1. A persoa titular da instalación que pretenda o pechamento desta deberá presentar unha solicitude de autorización administrativa de pechamento, a través dos medios electrónicos que se habilitarán regulamentariamente, dirixida ao órgano competente en materia de enerxía, de acordo co establecido no punto 5 do artigo 16 e no artigo 66 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procede-

mento administrativo común das administracións públicas, ou norma que a substitúa.

2. A persoa titular da instalación achegará á solicitude un proxecto de pechamento, que deberá conter como mínimo unha memoria na que se detallen as circunstancias técnicas, económicas, ambientais ou de calquera outra orde polas que se pretende o pechamento, así como os planos actualizados da instalación a escala adecuada.

3. A unidade tramitadora será o órgano territorial correspondente da consellaría competente en materia de enerxía que tramitase a autorización de explotación, agás que a solicitude de pechamento se refira a un parque eólico situado en máis dunha provincia, para o que a unidade tramitadora será a dirección xeral competente en materia de enerxía.

4. Logo de tramitado o expediente, o órgano territorial da consellaría competente en materia de enerxía elevará o expediente de solicitude de pechamento, xunto co seu informe, á dirección xeral competente en materia de enerxía, que deberá resolver, logo do informe favorable do operador do sistema e xestor da rede de transporte, nun prazo de tres meses desde a recepción do expediente completo na dirección xeral competente. En todo caso, a autorización de pechamento da instalación impoñerá á persoa titular desta a obriga de proceder ao seu desmantelamento nos termos que resulten da tramitación do expediente de pechamento e á restitución ambiental dos terreos afectos pola instalación.

A falta de resolución expresa terá efectos desestimatorios, e poderán interpoñerse os recursos procedentes.

A resolución notificarase á persoa solicitante e publicarase, en todo caso, no *Diario Oficial de Galicia*.

5. A autorización expresará o período de tempo, contado a partir da notificación do seu outorgamento, dentro do cal deberá procederse ao pechamento e ao desmantelamento da instalación.

6. Concedida a autorización de pechamento, o órgano territorial da consellaría competente en materia de enerxía, logo das comprobacións técnicas que se consideren oportunas, redactará acta de pechamento cando este se faga efectivo e o parque eólico cursará baixa no Rexistro Eólico de Galicia.»

Sete. Modifícase o título V da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, que queda redactado como segue:

«TÍTULO V
Rexistro Eólico de Galicia

Artigo 42. *Rexistro Eólico de Galicia*

1. Créase o Rexistro Eólico de Galicia, no que se recollerá dun xeito electrónico a localización cartográfica de todos os parques eólicos en funcionamento, autorizados ou en tramitación admi-

nistrativa no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, os cales, á súa vez, deberán ser obxecto de inscrición no Rexistro de Cartografía de Galicia, nos termos e de conformidade co previsto no Regulamento de ordenación da información xeográfica e da actividade cartográfica de Galicia, aprobado polo Decreto 14/2017, do 26 de xaneiro.

2. Aos datos sinalados no punto anterior incorporaranse no Rexistro Eólico de Galicia todas as solicitudes de modificación de proxectos, que constituirán información de apoio para a xestión de solapamentos de parques eólicos.

Artigo 43. *Funcionamento e xestión do Rexistro*

1. O Rexistro Eólico de Galicia constitúese coa finalidade de ser unha ferramenta electrónica de acceso e consulta pública.

2. O funcionamento, a xestión e o desenvolvemento do Rexistro estableceranse por orde da consellaría competente en materia de enerxía.»

Oito. Modifícase o título VI da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, que queda redactado como segue:

«TÍTULO VI
Expropiación e servidumes

Artigo 44. *Declaración de utilidade pública*

1. Para os efectos previstos no título IX da Lei 24/2013, do 27 de novembro, do sector eléctrico, e na normativa que o desenvolve, ou normas que as substitúan, o recoñecemento da utilidade pública das instalacións incluídas no ámbito desta lei será acordado pola dirección xeral competente en materia de enerxía, sen prexuízo da competencia do Consello da Xunta de Galicia no caso de oposición de organismos ou outras entidades de dereito público.

2. A solicitude de declaración, en concreto, de utilidade pública poderá efectuarse de xeito simultáneo á solicitude de autorización administrativa previa e/ou de construción, durante a tramitación destas autorizacións ou con posterioridade á obtención de calquera das devanditas autorizacións administrativas.

3. Para o devandito recoñecemento será necesario que a empresa interesada o solicite, incluíndo unha relación concreta e individualizada dos bens e dereitos sobre os que non se obtivo un acordo cos seus titulares e sobre os que se considera necesaria a expropiación.

4. A solicitude mencionada no punto anterior someterase a información pública. Igualmente, solicitarase o informe dos organismos afectados.

5. A declaración de utilidade pública levará implícita en todo caso a necesidade de ocupación dos bens e a adquisición dos dereitos afectados e implicará a urxente ocupación para os efectos

do artigo 52 da Lei do 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa e concordantes da Lei 24/2013, do 27 de novembro, do sector eléctrico, ou normas que as substitúan.

Artigo 45. *Concorrencia de utilidades ou interese público e trámite e declaración de compatibilidade ou prevalencia*

1. Se, solicitado o recoñecemento de utilidade pública pola persoa promotora do parque eólico, se opuxer á declaración deste a persoa titular doutro interese público radicado no mesmo espazo territorial, por entender que a autorización e a subseguinte instalación do parque eólico prexudicarían a este, procederase a determinar a compatibilidade ou incompatibilidade dos aproveitamentos enfrontados e, no caso de incompatibilidade, declararase a prevalencia dun deles.

2. O procedemento de declaración de compatibilidade ou prevalencia de utilidades públicas será iniciado pola dirección xeral competente en materia de enerxía logo de solicitado o recoñecemento de utilidade pública pola persoa promotora e en canto teña coñecemento da existencia de aproveitamentos que poidan resultar incompatibles.

3. Ao devandito coñecemento poderá chegarse de oficio ou por solicitude de parte interesada presentada en calquera momento anterior á resolución na que se declare a utilidade pública. O órgano tramitador dará audiencia ás persoas titulares dos dereitos que poidan estar afectadas, e concederalles un prazo de quince días para presentar alegacións, que se remitirán á persoa promotora para o seu coñecemento e contestación.

4. Finalizado o trámite de audiencia, remitirase copia completa do resultado del ao órgano competente para a autorización ou título habilitante do aproveitamento, que deberá remitir, nun prazo de vinte días hábiles, informe sobre a compatibilidade ou incompatibilidade do aproveitamento afectado.

5. Cando a compatibilidade ou prevalencia se suscite entre aproveitamentos nos que sexa competente para a súa autorización a consellaría competente en materia de enerxía, a declaración de utilidade pública e, de ser o caso, a declaración de compatibilidade ou prevalencia serán realizadas pola persoa titular da consellaría en materia de enerxía no prazo máximo de dous meses, contado desde a recepción da documentación completa. A falta de resolución expresa no prazo indicado terá efectos desestimatorios, e poderanse interpoñer os recursos que procedan.

6. No caso de que as autorizacións ou títulos habilitantes para os aproveitamentos sexan competencia de máis dunha consellaría, a declaración de utilidade pública do parque eólico e, de ser o caso, a declaración de compatibilidade ou prevalencia serán realizadas polo Consello da Xunta de Galicia, ao que se remitirá o expediente co informe das consellarías afectadas, no prazo máximo de dous meses, contado desde a recepción da documentación completa. A falta de resolución expresa no prazo indicado terá efectos desestimatorios, e poderanse interpoñer os recursos que procedan.

7. Se a instalación afecta montes veciñais en man común, os trámites previstos no artigo 6 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, ou norma que o substitúa, entende-

ranse cumpridos co procedemento regulado neste artigo. Nestes casos, a declaración de utilidade pública da instalación levará implícito o recoñecemento de prevalencia para os efectos establecidos no punto 1 do artigo 6 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.»

Nove. Engádese unha nova disposición adicional primeira á Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional primeira. *Proxectos declarados de interese especial*

1. Poderán ser declarados de interese especial polo Consello da Xunta os proxectos de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes renovables e as súas infraestruturas de evacuación asociadas que se desenvolvan no marco de poxas para a asignación de réxime retributivo específico a instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de tecnoloxías renovables, impulsadas ao amparo do disposto no Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos, ou norma que o substitúa, coa finalidade de que sexan despachados prioritariamente polos distintos órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia que interveñen no procedemento administrativo da súa autorización e con carácter de urxencia.

2. A solicitude de declaración de interese especial destes proxectos deberase realizar á consellaría competente en materia de enerxía, presentando unha memoria que conteña a súa especial incidencia e beneficios no ámbito industrial, social e territorial, entre outros, así como unha declaración responsable de que o proxecto se desenvolverá no marco das poxas indicadas anteriormente, debendo determinar o prazo previsto para a súa execución.

Para realizar esta solicitude, a persoa promotora do proxecto deberá presentar previamente, tanto para a instalación de produción de enerxía como para as infraestruturas de evacuación asociadas, a solicitude de autorización de construción, así como, se é preciso, a solicitude de declaración de utilidade pública e a de aprobación do proxecto sectorial.

3. A declaración de proxecto de interese especial será acordada polo Consello da Xunta de Galicia, por proposta da persoa titular da consellaría competente en materia de enerxía, e abarcará conxuntamente o proxecto de produción de enerxía e as infraestruturas de evacuación asociadas.

4. A declaración de interese especial dun proxecto terá como efectos a tramitación de forma prioritaria e con carácter de urxencia e a redución á metade dos prazos necesarios na instrución do procedemento da autorización administrativa previa e/ou de construción, así como dos prazos na instrución do procedemento de avaliación ambiental que sexa necesario. Así mesmo, reduciranse á metade os prazos necesarios na tramitación do proxecto sectorial.

5. Os proxectos declarados de interese especial deberán executarse e solicitar a autorización de explotación con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2020. No caso contrario, quedará sen efecto a declaración de interese especial do proxecto e serán incautados os correspondentes avais e garantías depositadas.»

Dez. Engádese unha nova disposición adicional terceira á Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional terceira. *Infraestruturas de evacuación*

1. As novas solicitudes de autorización ás que se refire o artigo 53 da Lei 24/2013, do sector eléctrico, ou norma que a substitúa, correspondentes a infraestruturas de evacuación dos parques eólicos tramitaranse e autorizaranse segundo as disposicións establecidas nesta lei, no que sexa aplicable.

2. Decláranse de incidencia supramunicipal, para os efectos previstos no Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, ou norma que o substitúa, os proxectos sectoriais das infraestruturas de evacuación das instalacións de xeración eólica desenvolvidas no marco do Plan sectorial eólico de Galicia.»

Once. Modifícase a disposición transitoria segunda da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, que queda redactada como segue:

«Disposición transitoria segunda. *Áreas de desenvolvemento eólico*

1. En tanto non se modifique o Plan sectorial eólico de Galicia, considéranse áreas de desenvolvemento eólico as áreas de reserva e áreas de investigación, así como a franxa paralela a estas, previstas no Plan sectorial eólico de Galicia vixente.

2. No caso das áreas de desenvolvemento eólico nas que se produza superposición coa Rede Natura, a zona de superposición que afecte a aquela non se considerará apta para implantar novos parques eólicos, agás proxectos de modificación de parques eólicos nos termos indicados no artigo 32 desta lei. Esta limitación farase extensiva á totalidade das instalacións do parque eólico recollidas na poligonal establecida no seu proxecto de execución.»

Doce. Engádese unha nova disposición transitoria sexta á Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria sexta. *Normas transitorias mentres non se leve a cabo o desenvolvemento regulamentario previsto nesta lei*

1. O necesario desenvolvemento regulamentario ao que se fai referencia nesta lei non impedirá a admisión a trámite de novas solicitudes de autorización de parques eólicos mentres aquel non se leve a cabo.

Para estes efectos, en tanto non se realice o desenvolvemento regulamentario previsto nos puntos 3 e 4 do artigo 29 respecto do modelo normalizado de solicitude, as solicitudes presentaranse mediante instancia por escrito dirixida á persoa titular da dirección xeral competente en materia de enerxía.

Do mesmo xeito, ata que se proceda ao desenvolvemento regulamentario indicado, o contido do proxecto de execución será o indicado para este tipo de instalacións no Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas Instrucións técnicas complementarias ITC-RAT 01 a 23, aprobado polo Real decreto 337/2014, do 9 de maio, ou norma que o substitúa.

2. En tanto non se diten as normas de desenvolvemento regulamentario ás que se fai referencia no punto 4 do artigo 31, entenderase que existe solapamento da nova solicitude cando a distancia proxectada horizontalmente entre os aeroxeradores da nova solicitude e os aeroxeradores dun parque eólico en funcionamento, autorizado ou en fase de tramitación administrativa sexa inferior a 10 diámetros do parque eólico autorizado ou en fase de tramitación administrativa nas direccións correspondentes ao 1º (+,+) e 3º (-,-) cuadrante, e a 4 diámetros nas direccións correspondentes ao 2º (-,+) e 4º (+,-) cuadrante. Para estes efectos, tomarase o maior dos diámetros dos aeroxeradores afectados. Para a determinación da dirección, terase en conta a liña recta que una o aeroxerador solicitado co aeroxerador do parque que xa se atopa en funcionamento, autorizado ou en fase de tramitación administrativa, utilizando un sistema de coordenadas cartesianas co norte orientado no eixe +y.»

Trece. Engádese unha nova disposición derradeira cuarta á Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, coa seguinte redacción:

«Disposición derradeira cuarta. *Normativa supletoria*

En todo aquilo non disposto por esta lei aplicarase con carácter supletorio a Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, e a súa normativa de desenvolvemento, ou normas que as substitúan.»

Disposición derradeira sétima. *Modificación da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia*

Modifícase o punto 3 do artigo 29 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, que queda redactado como segue:

«3. Para a aprobación técnica do proxecto, anteproxecto ou documento técnico similar dunha obra hidráulica de interese da Comunidade Autónoma deberase contar cun informe preceptivo acerca da compatibilidade da actuación co planeamento urbanístico vixente, que será emitido pola Administración urbanística competente no prazo máximo dun mes desde a súa solicitude.

No caso de que se determine a súa incompatibilidade, Augas de Galicia aprobará tecnicamente o correspondente proxecto, anteproxecto ou documento técnico similar, e deberao someter ao trámite de información pública durante un prazo de vinte días hábiles, na forma prevista na lexislación do procedemento administrativo común das administracións públicas. Simultaneamente, remitiralles o proxecto, o anteproxecto ou o documento técnico correspondente ás administracións públicas afectadas, para que no prazo dun mes emitan informe. Logo de transcorrer o devandito prazo e un mes máis sen a súa emisión, entenderase que están conformes co proxecto, anteproxecto ou documento técnico similar que corresponda. No caso de desconformidade, que necesariamente

deberá ser motivada, o expediente seralle elevado ao Consello da Xunta de Galicia, que, de proceder, o aprobará.

Así que remate este procedemento, a aprobación definitiva do correspondente proxecto, anteproxecto ou documento similar levará aparellada a adaptación do planeamento urbanístico.»

Disposición derradeira oitava. *Modificación da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia*

Modifícase o punto 3 do artigo 65 bis da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, que queda redactado como segue:

«3. As persoas propietarias e/ou comercializadoras quedarán obrigadas fronte á Administración turística ao cumprimento das obrigas impostas nesta lei e nas normas que a desenvolvan e responderán de maneira solidaria fronte a aquela, incluída a obriga de subscribir e manter vixentes os seguros de responsabilidade civil para estas vivendas.»

Disposición derradeira novena. *Modificacións da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia*

Un. Modifícase o punto 3 do artigo 81 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, que queda redactado como segue:

«3. A aprobación do instrumento de ordenación ou de xestión forestal, logo de obter os preceptivos informes favorables dos órganos ou organismos sectoriais competentes, comportará a autorización das actuacións previstas nel cun grao de detalle suficiente. As ditas actuacións só requirirán de declaración responsable ao órgano inferior competente en materia forestal por razón do territorio previa ao inicio delas, para que este poida comprobar a súa conformidade co previsto no instrumento de ordenación ou xestión forestal.

Nos supostos de aparición de achados arqueolóxicos ou de bens de interese cultural ou naqueles casos nos que se detecte un incumprimento das condicións e previsións en materia de protección do patrimonio cultural que figuren no expediente de aprobación do instrumento de ordenación ou xestión, paralizaranse con carácter inmediato as actuacións e darase conta ao órgano competente en materia de protección do patrimonio cultural.»

Dous. Modifícase o punto 2 do artigo 83 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, que queda redactado como segue:

«2. O incumprimento das prescricións dun instrumento de ordenación ou de xestión forestal considerarase grave nos seguintes supostos:

a) Cando afecte o normal desenvolvemento do monte, sempre que non se xustificase e comunicase previamente á Administración forestal, para a súa aprobación.

b) Cando supoña un aproveitamento abusivo ou sobreexplotación que degrade o solo ou produza perdas deste ou poña en perigo a viabilidade do monte, incluíndo a non rexeneración tras o aproveitamento.

c) Cando implique incumprir os plans de aproveitamento ou a posterior rexeneración tras a súa realización.

d) Cando supoña o incumprimento das condicións impostas ás actuacións previstas no instrumento de ordenación ou de xestión forestal de conformidade cos informes emitidos con carácter previo á súa aprobación polo órganos ou organismos sectoriais competentes.»

Tres. Modifícase o punto 3 do artigo 84 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, que queda redactado como segue:

«3. Os aproveitamentos dos recursos forestais, os servizos e as actividades previstos nun instrumento de ordenación ou de xestión aprobado pola Administración forestal non necesitan de autorización para a súa execución, polo que será suficiente unha declaración responsable previa ao seu inicio, consonte o disposto polo artigo 81.3.»

Catro. Modifícase o artigo 92 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, que queda redactado como segue:

«Artigo 92. *Dos aproveitamentos madeireiros suxeitos a autorización administrativa*

1. As persoas propietarias de montes ou terreos forestais privados que desexen realizar neles aproveitamentos de madeira ou leña terán que solicitar autorización do órgano inferior competente en materia forestal por razón do territorio nos seguintes casos:

a) Cando os montes ou terreos forestais estean poboados con especies do anexo I.

b) Cando os montes ou terreos forestais formen parte de espazos suxeitos a algún réxime de protección.

c) Cando os montes ou terreos forestais estean afectados por algunha lexislación de protección do dominio público.

d) Cando se trate de aproveitamentos de madeira ou leña queimada susceptible de uso comercial.

Exceptúanse da necesidade de autorización os aproveitamentos en montes ordenados, consonte o establecido no punto 3 do artigo 81, e os supostos recollidos no punto 3 do artigo 92 bis.

2. Se os aproveitamentos aos que se refire este artigo exixen, en virtude da lexislación sectorial aplicable, autorización administrativa de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, a autorización será única e o seu outorgamento corresponderá, en todo caso, ao órgano forestal competente segundo o punto anterior, que valorará tanto os aspectos de carácter forestal como os derivados da devandita lexislación sectorial. A distribución competencial en materia sancionadora e de control establecida pola lexislación sectorial non se verá afectada pola competencia para o outorgamento da autorización única polo órgano forestal.

3. Para a valoración dos aspectos derivados da lexislación sectorial, o órgano forestal solicitará de maneira preceptiva informe dos órganos ou organismos competentes.

4. Se a lexislación sectorial non establece outro réxime, de non se recibir o informe ao que se refire o punto anterior no prazo dun mes desde a súa solicitude, entenderase favorable, e proseguirá a tramitación do procedemento, sen prexuízo da posibilidade de suspender a tramitación daquel para agardar a emisión do informe polo prazo máximo establecido na lexislación do procedemento administrativo común das administracións públicas.

5. Os informes sectoriais conterán, de ser o caso, as condicións ás que deberá suxeitarse o aproveitamento para a protección dos intereses públicos cuxa tutela teña encomendada o órgano ou organismo responsable de emitir o informe. A autorización que outorgue o órgano forestal incorporará expresamente esas condicións.

6. O prazo máximo para resolver o procedemento de outorgamento das autorizacións reguladas neste artigo e notificar a resolución á persoa solicitante é de dous meses. Transcorrido ese prazo sen que se notificase a resolución, a autorización entenderase concedida, agás nos supostos nos que a lexislación básica que resulte aplicable estableza de maneira expresa o contrario.

Se se emitisen os informes sectoriais aos que se refiren os puntos anteriores e conteñen condicións para a autorización do aproveitamento, estas consideraranse incorporadas por ministerio da lei á autorización obtida por silencio administrativo e vincularán o suxeito que a solicitase desde que tiver coñecemento delas por calquera medio, incluída a certificación do silencio administrativo.

6 bis. Por orde das consellarías competentes poderán aprobarse pregos coas condicións sectoriais ás que deberán suxeitarse os aproveitamentos madeireiros das especies contidas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, nos terreos afectados polas normativas a que fan referencia as alíneas b) e c) do número 1 deste artigo. Unha vez aprobados estes pregos, cos condicionantes concretos aos que terán que someterse os referidos aproveitamentos, a declaración responsable do cumprimento dos requisitos contidos nos anteditos pregos substituirá a solicitude de autorización de aproveitamento e non será necesario recadar o informe dos órganos sectoriais competentes, sen prexuízo das responsabilidades a que houber lugar como consecuencia da inexactitude, falsidade ou omisión dos datos contidos na referida declaración.

7. A Administración forestal impulsará as relacións de colaboración con outras administracións públicas para acadar o mesmo réxime de autorización administrativa única previsto neste artigo nos supostos de concorrencia da competencia forestal da Comunidade Autónoma de Galicia coas competencias daquelas. Do mesmo xeito, impulsará as relacións de colaboración cos demais departamentos da Xunta de Galicia, en particular con aquel que teña as competencias en materia de protección do patrimonio cultural, para a identificación daquelas áreas e localizacións nas que exista concorrencia de intereses que hai que protexer, co fin de axilizar a tramitación da autorización administrativa única prevista neste artigo.»

Cinco. Engádese un novo artigo 92 bis á Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, coa seguinte redacción:

«Artigo 92 bis. *Aproveitamentos madeireiros suxeitos a declaración responsable*

1. Consonte o previsto no punto 3 do artigo 81, nos montes ordenados, cando os aproveitamentos se fagan de acordo co instrumento de ordenación ou de xestión aprobado, non se precisará autorización, e abondará a presentación dunha declaración responsable ao órgano inferior competente en materia forestal por razón do territorio con carácter previo ao inicio dos traballos.

Cando os aproveitamentos non se axusten ao previsto no instrumento de ordenación ou de xestión, aplicarase o réxime xeral previsto nesta lei, e a Administración forestal poderá exixir a modificación do instrumento de ordenación ou de xestión con posterioridade ao aproveitamento.

2. Fóra dos casos previstos no punto anterior, os donos de predios poderán realizar aproveitamentos de masas forestais poboadas das especies que non estean incluídas no anexo I desta lei e que non estean nos supostos enunciados nas alíneas b) e c) do punto 1 do artigo 92, así como executar cortas a feito, rareos ou entresacas, presentándolle ao órgano inferior competente en materia forestal por razón do territorio con carácter previo ao seu inicio unha declaración responsable de que non concorren as circunstancias que fan precisa autorización administrativa de acordo co establecido nesta lei.

En masas forestais que cumpran os requirimentos descritos no parágrafo anterior e inclúan pés nunha proporción reducida de especies incluídas no anexo I, poderase admitir o seu aproveitamento cunha declaración responsable, segundo as condicións que se determinen mediante orde da consellaría competente en materia de montes.

3. Quedan de igual forma suxeitos unicamente á obriga de declaración responsable ao órgano inferior competente en materia forestal por razón do territorio previa ao seu inicio:

a) Os aproveitamentos para uso doméstico, nos termos que se determinen mediante orde da consellaría competente en materia de montes.

b) Os aproveitamentos en zonas afectadas por unha expropiación, correspondéndolle ao órgano expropiante a obriga de presentar a declaración responsable. A zona expropiada deberá ser sinalizada polo órgano expropiante ou polo afectado, por instancia deste órgano.

c) As cortas de arboredo que sexan de obrigada execución de acordo co establecido na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, e as que se realicen para a obrigada adaptación ás distancias mínimas sinaladas no anexo II desta lei.

e) As cortas de arboredo que sexan obrigatorias cando a consellaría competente en materia de montes declare a existencia dunha praga ou enfermidade forestal, delimite a zona afectada e dite as medidas e tratamentos fitosanitarios para o control e a loita contra a praga.

4. Cando os aproveitamentos requiran unicamente a presentación de declaración responsable segundo o establecido nesta lei, non se requirirá a solicitude de informes previos sectoriais, sen prexuízo das responsabilidades en que incorra a persoa declarante polo incumprimento das condicións contidas na declaración.

5. Cando a realización do aproveitamento requira dunha avaliación de impacto ambiental, a declaración responsable prevista neste artigo non se poderá presentar ata que non rematase a dita

avaliación o órgano ambiental e estea publicada no *Boletín Oficial del Estado* e no *Diario Oficial de Galicia*.»

Seis. Modifícase o artigo 94 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, que queda redactado como segue:

«Artigo 94. *Disposicións comúns ao réxime administrativo dos aproveitamentos madeireiros*

1. As cortas de policía, os rareos e os demais tratamentos silvícolas sen aproveitamento comercial non se considerarán aproveitamentos madeireiros para efectos do previsto polos artigos anteriores e, xa que logo, non requirirán de autorización administrativa nin de declaración responsable.

Tampouco requirirán de autorización da Administración forestal nin de declaración responsable ante esta as cortas que se realicen na zona de servidume do dominio público hidráulico, sen prexuízo dos medios de intervención administrativa que poidan establecer outras normativas que resulten aplicables.

2. As persoas físicas ou xurídicas que, en lugar do seu titular, realicen a xestión ou o aproveitamento dos montes ou dos terreos forestais poderán solicitar as autorizacións ou presentar as declaracións responsables previstas nos artigos anteriores, cando xustifiquen debidamente a súa representación.

3. O prazo máximo para a realización dun aproveitamento será de doce meses, contados desde a data da notificación da autorización ou desde a data en que se considere outorgada esta por silencio administrativo, ou ben desde a data da presentación da declaración responsable, segundo o caso.

4. Cando se demore a execución dun aproveitamento por causas non imputables á persoa titular ou á empresa que o leve a cabo, o prazo para a realización del poderá ser prorrogado polo órgano inferior competente en materia forestal por razón do territorio, logo da solicitude xustificada, por un único prazo, que en ningún caso poderá superar o inicialmente concedido.

5. A persoa titular dun aproveitamento madeirable ou leñoso cuxos produtos sexan obxecto de comercialización deberá comunicar ao órgano inferior competente en materia forestal por razón do territorio a contía realmente obtida no prazo máximo dun mes desde a súa finalización, de acordo cos procedementos que se establezan para o efecto, consonte o disposto no artigo 104.

6. A Administración forestal simplificará os procedementos administrativos de autorización e a presentación de declaracións responsables, regulando mediante orde da consellaría competente en materia de montes a presentación compartida para diferentes persoas propietarias de montes particulares de solicitudes de autorización e declaracións responsables, e impulsará o emprego dos servizos de atención telemáticos e a administración electrónica.»

Sete. Modifícase o punto 3 do artigo 95 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, que queda redactado como segue:

«3. O aproveitamento de biomasa forestal procedente de superficies declaradas como cultivo enerxético forestal requirirá de declaración responsable ao órgano inferior competente en materia forestal por razón do territorio con carácter previo ao seu inicio.»

Oito. Modifícase o punto 3 do artigo 104 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, que queda redactado como segue:

«3. Para tal fin, a Administración forestal manterá un sistema de supervisión baseado no control e no seguimento da orixe dos aproveitamentos madeireiros que se realicen en Galicia, mediante a información subministrada polas autorizacións e as declaracións responsables previstas nos artigos 92 e 92 bis. Así mesmo, mediante o Rexistro de Empresas do Sector Forestal, a Administración forestal poderá realizar os controis oficiais pertinentes ás empresas de aproveitamento e comercialización da madeira e dos produtos da madeira, avaliando os riscos e propoñendo accións correctivas cando sexa necesario.»

Nove. Modifícase o punto 2 da alínea ñ) do artigo 128 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, que queda redactado como segue:

«2. A realización de aproveitamentos madeireiros ou de biomasa en montes de xestión privada sen cumprir o requisito da declaración responsable preceptiva nos casos establecidos nesta lei ou incumprindo os prazos para a súa execución.»

Dez. Engádese unha nova disposición adicional sexta á Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional sexta. *Convenios coas asociacións do sector forestal*

Co obxecto de acadar unha completa racionalización administrativa na tramitación das solicitudes de aproveitamentos forestais, formalizaranse convenios tanto coas asociacións de profesionais do sector como coas de persoas propietarias forestais, co fin de conseguir unha maior axilidade na consecución das autorizacións e que se minoren o máximo posible as cargas, tanto as administrativas como as de carácter económico.»

Once. Engádese unha nova disposición adicional sétima á Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional sétima. *Información xeolocalizada de espazos suxeitos a algún réxime de protección e de ámbitos de protección do dominio público*

Os distintos departamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia colaborarán para que se publique no portal para solicitudes de cortas privadas da consellaría competente en materia de montes a información xeolocalizada debidamente actualizada que permita coñecer cando os montes ou terreos forestais forman parte de espazos suxeitos a algún réxime de protección ou cando están afectados por algunha lexislación de protección do dominio público, de xeito que permita aos operadores económicos unha planificación da xestión forestal respectuosa cos ditos espazos.»

Disposición derradeira décima. *Modificacións da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia*

Un. Modifícase o punto 2 do artigo 47 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que queda redactado como segue:

«2. A competencia para autorizar a execución de obras e instalacións ou a realización de calquera outra actividade na zona de dominio público da estrada ou nas súas zonas de protección correspóndelle á Administración titular da estrada, agás na corta de arboredo, que terá que ser autorizada unicamente polo órgano competente en materia forestal, de acordo co disposto na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, ou norma que a substitúa, logo do informe preceptivo e vinculante do órgano competente da Administración titular da estrada.»

Dous. Modifícase o punto 3 do artigo 66 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que queda redactado como segue:

«3. A sanción correspondente á infracción cometida poderá reducirse ata nun 90 % do seu valor, en función dos danos ao dominio público viario e da diminución da seguridade viaria producida, se a persoa responsable acata, de ser o caso, a resolución de paralización ou suspensión e procede á demolición das obras, á suspensión definitiva dos usos e ao restablecemento da realidade física alterada antes da resolución do expediente de sanción.»

Tres. Modifícase a alínea g) do punto 1 do artigo 43 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que queda redactada como segue:

«g) As instalacións provisionais, cun prazo fixado, asociadas a actividades de interese ou uso público ou para a realización de actividades relacionadas coa conservación ou construción de instalacións industriais ou de edificacións.»

Disposición derradeira décimo primeira

(*Sen contido*)

Disposición derradeira décimo segunda. *Modificacións da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia*

Un. Modifícase o punto 2 do artigo 39 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, que queda redactado como segue:

«2. Estas autorizacións teñen carácter independente de calquera outra autorización, licenza ou trámite previo á execución das intervencións. Exceptúanse os supostos nos que a lexislación forestal integra no procedemento de outorgamento da correspondente autorización a tutela dos valores obxecto de protección por esta lei, a través dun informe preceptivo da consellaría competente en materia de patrimonio cultural, que establecerá, de ser o caso, as condicións ás que deberá suxeitarse a actuación e substituirá as autorizacións previstas por esta lei.»

Dous. Modifícase a alínea a) do punto 2 do artigo 78 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, que queda redactada como segue:

«a) A corta xeneralizada de arboredo frondoso autóctono, excepto nos supostos permitidos pola lexislación forestal para a presentación de declaracións responsables. O órgano competente en materia forestal, ademais, poderá autorizar a corta illada de frondosas autóctonas coa obriga, de ser o caso, de compensar a corta coa replantación inmediata de exemplares similares.»

Tres. Engádese unha nova disposición adicional décimo terceira á Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo terceira. *Información xeolocalizada dos xacementos arqueolóxicos*

Os distintos departamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia colaborarán coa dirección xeral competente en materia de protección do patrimonio cultural para que, no prazo dun ano, se publique na ferramenta xeográfica corporativa unha información xeolocalizada dos xacementos arqueolóxicos identificados ata o momento, que permita ás administracións públicas e aos operadores económicos unha planificación respectuosa co patrimonio cultural de Galicia.»

Disposición derradeira décimo terceira. *Modificación do Decreto 59/2013, do 14 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, en materia de execución e explotación de infraestruturas hidráulicas*

Modifícase o punto 1 do artigo 9 do Decreto 59/2013, do 14 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, en materia de execución e explotación de infraestruturas hidráulicas, que queda redactado como segue:

«1. Logo de supervisado o documento técnico por parte da Administración hidráulica de Galicia, a entidade local abrirá un trámite de información pública mediante publicación do correspondente anuncio no *Boletín Oficial* da provincia de que se trate e no taboleiro de anuncios do concello correspondente polo prazo de vinte días hábiles.»

Disposición derradeira décimo cuarta. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario*

1. Habilítase o Consello da Xunta de Galicia para ditar as normas regulamentarias necesarias para o desenvolvemento e a aplicación desta lei.

2. No prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei aprobaranse as normas regulamentarias necesarias para facer efectivo o réxime de incentivos ao investimento previsto no artigo 40.

3. As modificacións de normas de rango regulamentario introducidas por esta lei poderán ser obxecto de ulterior modificación ou derrogación por norma dese mesmo rango.

Disposición derradeira décimo quinta. *Autorización para refundir textos*

1. No prazo dun ano desde a entrada en vigor desta lei, o Consello da Xunta de Galicia, por proposta da persoa titular da consellaría competente en materia de emprego, aprobará o correspondente decreto lexislativo que refunda a Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, e as súas modificacións, incluíndo os preceptos contidos nesta lei.

2. A autorización á que se refire esta disposición inclúe a facultade de regularizar, aclarar e harmonizar os textos legais que teñan que refundirse.

Disposición derradeira décimo sexta. *Entrada en vigor*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, coa excepción das medidas de racionalización dos aproveitamentos madeireiros de carácter comercial, que producirán efectos no prazo de seis meses desde a entrada en vigor dela.

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2017
Cristina Isabel Romero Fernández
Presidenta da Comisión
Noa Presa Bergantiños
Secretaria da Comisión

Mantemento de emendas e formulación de votos particulares en relación coa Proposición de lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia

- 13196 (10/PPL-000009)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Proposición de lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia
BOPG n.º 154, do 28.07.2017

Ordénase a publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* das emendas mantidas e dos votos particulares formulados ao Ditame emitido pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

— G. P. de En Marea (Doc. núm. 18493).
— G. P. dos Socialistas de Galicia (Doc. núm. 18457).
— G. P. do Bloque Nacionalista Galego (Doc. núm. 18472).

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2017
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2017 13:52
Nº Rexistro: 18493
Data envio: 09/10/2017 13:52:58.288

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, mantén para a súa defensa en Pleno, todas as emendas presentadas á **Proposición de lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia [13196 (10/PPL-000009)] ,** que non foron incorporadas ao Ditame da Comisión.

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2017.

Asdo.: Antón Sánchez García

Voceiro S. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 09/10/2017 13:51:58

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2017 12:21
Nº Rexistro: 18457
Data envio: 09/10/2017 12:21:54.655

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 119 do Regulamento da Cámara, comunícalle a esa Presidencia que **mantén**, **para a súa defensa en Pleno**, todas as emendas, presentadas á Proposición de lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, agás as aprobadas ou transaccionadas.
(10/PPL-000009, documento número 13196).

Pazo do Parlamento, 9 de outubro de 2017

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 09/10/2017 12:21:14

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2017 12:57
Nº Rexistro: 18472
Data envio: 09/10/2017 12:57:48.318

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, **MANTÉN**, para a súa defensa en Pleno, todas as emendas presentadas á **Proposición de lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia [10/PPL-000009** (doc. núm. **13196**)], do Grupo Parlamentar Popular de Galicia, que non foron incorporadas ao ditame da Comisión.

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2017

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 09/10/2017 12:57:25

PARLAMENTO DE GALICIA

Texto para Pleno

PROPOSICIÓN DE LEI DE FOMENTO DA IMPLANTACIÓN DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS EN GALICIA

Proposición de lei: BOPG núm. 154, do 28.07.2017
Emendas: BOPG núm. 184, do 29.09.2017
Informe da Ponencia: BOPG núm. 188, do 06.10.2017
Ditame da Comisión: BOPG núm. 191, do 11.10.2017

DITAME DA COMISIÓN:

Título da Proposición

Proposición de lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

CAPÍTULO I

Obxecto, ámbito de aplicación e principios

Artigo 1. Obxecto

Constitúe o obxecto desta lei o fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia mediante a previsión de medidas que faciliten o desenvolvemento, o acceso e a xestión do solo empresarial, a mellora da normativa aplicable á devandita implantación e a previsión dos oportunos incentivos, así como a coordinación das actuacións neste eido das diferentes consellarías da Administración xeral da Comunidade Autónoma e dos concellos, no marco da competencia exclusiva daquela para o fomento e a planificación da actividade económica en Galicia.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº1, de Supresión.

Débese suprimir do artigo 1 o seguinte contido:
Suprimir: "así como a coordinación das actuacións neste eido das diferentes consellarías da Administración xeral da Comunidade Autónoma e dos concellos,"

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº1, de Substitución.

Débese substituír o texto polo seguinte:

"Constitúe o obxecto desta lei o fomento da actividade económica compatible co respecto ao medio ambiente e á conservación dos valores propios do país, co obxectivo de que a utilización dos seus recursos naturais, ademais de ser sustentable, teña como obxectivo o retorno social da riqueza xerada."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº2, de Adición.

Débese engadir un novo parágrafo no artigo 1, que quedará redactado co seguinte contido:
"A Xunta de Galicia promoverá a coordinación das actuacións neste eido co resto das administracións públicas."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 2. Ámbito de aplicación

As previsións desta lei aplícanse ás iniciativas empresariais dos sectores industrial, de servizos relacionados co sector industrial e comercial que precisen para a súa implantación o uso do solo mediante establecementos ou instalacións de carácter permanente.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº2, de Substitución.

Débese substituír o texto do artigo polo seguinte:
"As previsións desta lei aplícanse ás iniciativas económicas sustentables."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 3. Principios

O fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia réxese polos seguintes principios:
a) Liberdade de empresa e de establecemento e prestación de servizos, de acordo co establecido na Constitución española, nos tratados da Unión Europea e nas disposicións que os desenvolven.
b) Eficacia, eficiencia e coordinación das actuacións das administracións públicas dirixidas a fomentar a implantación de iniciativas empresariais, que impulsen os nosos sectores produtivos e favorezan a xeración de valor engadido e o peche dos ciclos produtivos, así como a consolidación de emprego de calidade.
c) Racionalización da oferta de solo empresarial e facilidade para o acceso a el das iniciativas empresariais que o demanden.
d) Calidade das infraestruturas, equipamentos, dotacións e servizos das áreas empresariais e responsabilidade pública e privada, segundo corresponda, no mantemento e na conservación destas.
e) Boa regulación, que inclúe a simplificación da normativa autonómica e municipal que afecta a implantación de iniciativas empresariais e a eliminación das cargas administrativas innecesarias ou accesorias vinculadas a ela.
f) Racionalización do sistema tributario autonómico e municipal e coordinación deste cos incentivos á implantación de iniciativas empresariais.
g) Respecto polo medio ambiente e aposta polo desenvolvemento sustentable para as xeracións presentes e futuras, buscando un equilibrio entre a defensa do medio e o desenvolvemento e a modernización e salvagardando a custodia do patrimonio natural e cultural.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº3, ao apartado a), de Supresión.

Débese substituír o texto do apartado a) polo seguinte:

"a) Sustentabilidade, racionalidade na utilización dos recursos naturais e priorización do interese xeral."

_____

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº1, ao apartado a), de Supresión.

Emenda de supresión, artigo 3 punto a)

Suprimir “nos Tratados da Unión Europea”.

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº4, ao apartado b), de Supresión.

Débese suprimir no apartado b) a seguinte expresión:
"dirixidas a fomentar a implantación de iniciativas empresariais."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº5, ao apartado c), de Supresión.

Débese suprimir no apartado c) a seguinte expresión:
"e facilidade para o acceso ao mesmo das iniciativas empresariais que o demanden."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº6, ao apartado e), de Supresión.

Débese suprimir o texto do apartado e)

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº7, ao apartado f), de Supresión.

Débese suprimir o texto do apartado f)

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº4, ao apartado f), de Supresión.

Débese suprimir na letra f do artigo 3 a seguinte expresión:
Suprimir: "autonómico e municipal"

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº5, ao apartado f), de Adición.

Débese engadir ao final da letra f do artigo 3 o seguinte contido:
Engadir in fine: "...por parte da Administración autonómica."

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº4, de Adición.

Emenda de adición. Novo artigo 3 bis.

Engadir un novo artigo 3 bis co seguinte texto:

"Artigo 3 *bis*. *Criterios aplicables*
As accións de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia focalizaranse preferentemente en proxectos de investimento que cumpran, cando menos, tres das seguintes características:
- Impulso dun desenvolvemento endóxeno e autocentrado de Galicia.
- Aposta polo reequilibrio territorial na distribución dos recursos, o desenvolvemento sustentable e a economía circular.
- Realización dun considerable esforzo en I+D+i, para o que o organismo competente en materia de innovación estabelecerá unhas marxes mínimas para o investimento, que se determinarán en función do seu tamaño.
- Fomento do emprego estable.
- Contribución á cohesión territorial galega.
- Fomento da propiedade cooperativa e popular.
- Asunción do principio de transparencia informativa."

_____

DITAME DA COMISIÓN:

CAPÍTULO II

Competencias administrativas

Artigo 4. A consellaría competente en materia de economía

Na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia correspóndelle á consellaría competente en materia de economía o exercicio das competencias para o fomento da implantación de iniciativas empresariais, en coordinación coas demais consellarías con atribucións relacionadas coa dita implantación.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº6, de Adición.

Débese engadir ao final do artigo 4 o seguinte contido:
"...,especialmente coa competente en materia industrial e co Instituto Galego de Promoción Económica."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº7, de Adición.

Débese engadir un novo parágrafo no artigo 4, que quedará redactado co seguinte contido:
"Igualmente, compételle a esta consellaría, en coordinación coa consellaría encargada da materia de avaliación e reforma administrativa, a promoción de cantas accións considere necesarias para a simplificación e redución de cargas administrativas, así como a supresión de trámites e documentación innecesaria."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 5. A consellaría competente en materia de vivenda e solo

Correspóndelle á consellaría competente en materia de vivenda e solo, a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo, no marco do establecido na Lei 3/1988, do 27 de abril, de creación do referido instituto, ou norma que a substitúa:

a) A proposta de disposicións para o establecemento, desenvolvemento e xestión da política en materia de solo empresarial da Comunidade Autónoma de Galicia, así como a súa execución e avaliación.

b) A planificación, desenvolvemento e xestión do solo empresarial no ámbito autonómico.

c) A elaboración, promoción e xestión de plans e programas de promoción, adquisición e posta no mercado do solo empresarial que incentiven o asentamento de empresas, a dinamización económica e o equilibrio territorial.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº8, de Adición.

Débese engadir ao final do artigo 5 un novo parágrafo que quedará redactado co seguinte contido:
"Igualmente, a realización de actividades dirixidas á promoción e xestión de solo empresarial poderá ser realizada a través da Sociedade Pública Xestión de Solo de Galicia - Xestur, S.A."

_____

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 6. A consellaría competente en materia de avaliación e reforma administrativa

Correspóndelle á consellaría competente en materia de avaliación e reforma administrativa propoñer os criterios e as medidas que permitan a simplificación e redución das cargas administrativas, así como a supresión de trámites e documentación innecesaria, nos procedementos que se regulen pola normativa da Comunidade Autónoma de Galicia aplicable á implantación de iniciativas empresariais, en coordinación coa consellaría competente en materia de economía.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº9, de Supresión.

Débese suprimir todo o artigo 6.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº5, de Adición.

Emenda de adición, artigo 6 bis.

Engadir un novo artigo 6 bis co seguinte texto:

"Artigo 6 *bis*. *A consellaría competente en materia de protección ambiental*
Correspóndelle á consellaría competente en materia de protección ambiental propoñer, en diálogo co sector e cos axentes sociais, os criterios e as medidas que permitan avanzar na aposta por un modelo económico que teña en conta os límites do sistema ecolóxico, avanzar na adaptación do modelo económico a un futuro sen enerxías fósiles e favorecer, en colaboración coas outras consellarías competentes, a adopción do modelo de fiscalidade ecolóxica."

_____

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 7. Os concellos

No exercicio das súas competencias relacionadas coa implantación de iniciativas empresariais, os concellos, en coordinación coa Administración xeral da Comunidade Autónoma:
a) No marco das previsións do Plan sectorial de áreas empresariais de Galicia, destinarán solo adecuado e suficiente para a implantación de iniciativas empresariais e favorecerán, coas infraestruturas, equipamentos, dotacións e servizos que sexan precisos, a localización de actividades económicas xeradoras de emprego estable, especialmente aquelas que faciliten o desenvolvemento da investigación científica e de novas tecnoloxías, mellorando os tecidos produtivos, por medio dunha xestión intelixente, e tendo en conta as singularidades ou especiais características singulares de cada zona.
b) Avaliarán periodicamente os efectos e os resultados obtidos pola normativa municipal aplicable á implantación de iniciativas empresariais e tramitarán, de ser o caso, propostas de simplificación e eliminación das cargas administrativas innecesarias ou accesorias vinculadas a aquela.
c) Racionalizarán o sistema tributario municipal para o fomento da implantación de iniciativas empresariais, coa previsión dos oportunos incentivos fiscais.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº10, de Supresión.

Débese suprimir todo o artigo 7.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº11, de Modificación.

No caso de non ser aceptada a emenda anterior, emenda número 10 de supresión do artigo 7, débese modificar o artigo 7 que quedará redactado co seguinte contido:
""Artigo 7. *Coordinación e avaliación*
1. A Xunta de Galicia coordinará o exercicio das súas competencias relacionadas coa implantación de iniciativas empresariais co resto de administracións, para o cal se levará a cabo periodicamente unha avaliación dos efectos e resultados obtidos, coa elaboración de propostas e valoración da

adecuación de solo asignado, así como situación do estado dos seus equipamentos e daqueloutras cuestións con incidencia na materia, tales como:
a) A súa situación exacta, a través das correspondentes coordenadas.
b) A súa denominación, se a ten.
c) A descrición de todos os seus servizos dispoñibles.
d) A existencia, ou non, de entidade propia de xestión.
e) Se a súa promoción é pública ou privada e, se é o caso, a existencia concreta do seu solo dispoñible.
f) O sector ou a actividade das empresas instaladas.
2. Calquera actuación para a implantación de iniciativas empresariais deberá ser incluída, se é o caso e logo dos trámites legais procedentes, no Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia, para os efectos do establecido pola Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.
3. O Instituto Galego da Vivenda e Solo realizará unha memoria anual para os efectos de control e valoración da execución pormenorizada do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia, que será aprobado polo Consello da Xunta de Galicia, terá carácter público e se remitirá para a súa valoración ao Parlamento de Galicia.
4. Dentro dela incluirase unha valoración específica sobre cada unha das actuacións levadas a cabo por cada un dos diversos promotores de solo empresarial, nos que se incluirá especificamente a empresa pública Suelo Empresarial del Atlántico, S.A.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº6, ao apartado a), de Substitución.

Emenda de substitución, Artigo 7 punto a).

Substitución de: “por medio dunha xestión intelixente” por:
"No prazo máximo de seis meses tras a aprobación desta lei, consensuarase cos concellos galegos e a Fegamp un protocolo de xestión e control baseado nos principios de transparencia e respecto á autonomía municipal para dar cumprimento ao recollido neste e nos sucesivos puntos que competen ás entidades locais."

DITAME DA COMISIÓN:

TÍTULO I

Réxime xurídico do solo empresarial

CAPÍTULO I

Desenvolvemento de solo empresarial

Artigo 8. Tramitación urxente de proxectos sectoriais incluídos no Plan sectorial de áreas empresariais de Galicia

De concorreren razóns de urxencia, que corresponderá apreciar ao Consello da Xunta de Galicia, este poderá acordar que na tramitación dos proxectos sectoriais incluídos no Plan sectorial de áreas empresariais de Galicia e nas súas modificacións se reduzan á metade os prazos de información pública e audiencia previstos na lexislación vixente en materia de ordenación do territorio.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº8, de Supresión.

Débese suprimir este artigo.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº13, de Supresión.

Débese suprimir todo o artigo 8.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº7, de Supresión.

Emenda de supresión, artigo 8.

Suprimir o artigo 8.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº14, de Adición.

No caso de non ser aceptada a emenda anterior, a emenda número 13 de supresión do artigo 8, débese engadir no artigo 8 o seguinte contido:
Despois de: "...apreciar o Consello da Xunta de Galicia," engadir: "...logo do informe do Instituto Galego da Vivenda e Solo e do concello ou concellos afectados..."

_____

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 9. Desenvolvemento parcial das áreas empresariais incluídas no Plan sectorial de áreas empresariais de Galicia
Cando a demanda real de solo dunha área empresarial delimitada no Plan sectorial de áreas empresariais de Galicia non xustifique a necesidade inmediata de desenvolvemento de toda a área, poderanse aprobar proxectos sectoriais que comprendan unicamente unha parte daquela que permita atender a demanda existente, sempre que quede garantida a viabilidade do desenvolvemento futuro do resto do ámbito, e logo da audiencia do concello ou concellos afectados.

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 10. Execución dos proxectos sectoriais de áreas empresariais

1. A execución dos proxectos sectoriais para o desenvolvemento dunha área empresarial, cando non prevexan a división do ámbito en polígonos e o sistema de actuación previsto sexa o de expropiación, poderase desenvolver por fases de urbanización, que se executarán axustándose á demanda de solo empresarial existente.

2. A aprobación da delimitación das fases de urbanización corresponderá, logo de audiencia do concello ou concellos afectados, ao Instituto Galego da Vivenda e Solo, por petición da persoa promotora, e deberá prever a orde de execución das distintas fases en que se divida a actuación e garantir que, unha vez rematada a fase correspondente, todas as parcelas desta dispoñan dos servizos urbanísticos precisos para o pleno funcionamento do ámbito correspondente, e na urbanización da fase deberá cumprirse a reserva mínima de prazas de aparcamento que lle corresponderían por aplicación dos estándares establecidos na lexislación urbanística en función da superficie de parcelas urbanizadas na dita fase.

3. A aprobación da delimitación terá os seguintes efectos:

a) Permitirá a aprobación do proxecto de parcelamento do ámbito correspondente á fase de urbanización que se vai desenvolver, cando este non figure incluído no proxecto de expropiación, e a súa inscrición no Rexistro da Propiedade. A afección dos predios resultantes do parcelamento como garantía da execución das obras de urbanización quedará unicamente limitada á execución das obras correspondentes á fase de urbanización na que estea situado o predio.

A aprobación do proxecto de parcelamento corresponderá ao Instituto Galego de Vivenda e Solo cando o promotor sexa a Administración xeral da Comunidade Autónoma ou unha entidade pertencente ao sector publico autonómico, con independencia de que actúe como promotor único ou conxuntamente con outros promotores públicos.

b) Permitirá a aprobación e execución de proxectos de urbanización independentes que prevexan a urbanización de cada unha das fases nas que se divida o ámbito.

c) Posibilitará a recepción das obras de urbanización da fase, unha vez executadas, polo concello respectivo e a súa afección ao uso público.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº18, ao apartado 3.c, de Modificación.

Débese modificar na alínea c) do punto 3 do artigo 10 o seguinte contido:
Onde di: "...concello respectivo e a súa afección ao uso público." debe dicir: "...concello respectivo e a súa posible afección ao uso público."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº19, ao apartado 3.c, de Adición.

Débese engadir ao final da alínea c) do punto 3 do artigo 10 o seguinte contido:
Engadir in fine: "...e sempre que o seu informe, de acordo co establecido no punto 2 anterior, fose de conformidade."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 11. Aprobación dos proxectos de urbanización en desenvolvemento de proxectos sectoriais de áreas empresariais e recepción das obras

1. Os proxectos de urbanización que desenvolvan as determinacións dos proxectos sectoriais destinados ao desenvolvemento dunha área empresarial promovidos por un promotor publico que non sexa unha administración local ou unha entidade dela dependente serán aprobados, logo da audiencia do concello ou concellos afectados, por resolución da Presidencia do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

2. Os proxectos de urbanización que desenvolvan as determinacións dos proxectos sectoriais destinados ao desenvolvemento dunha área empresarial cuxo promotor sexa distinto dos indicados no punto anterior serán aprobados polo concello correspondente, seguindo o procedemento establecido na lexislación urbanística aplicable.

Neste caso, cando o proxecto sectorial afecte máis dun concello, o proxecto de urbanización deberá ser aprobado por cada un dos concellos afectados, co obxecto de dispoñer dunha aprobación conxunta del.
Para estes efectos, os concellos poderán instrumentar os mecanismos de colaboración previstos na lexislación vixente, co fin de coordinar os criterios aos que deberá axustarse o proxecto de urbanización, unificar a tramitación dos expedientes de aprobación deste e determinar o procedemento para recibir as obras de urbanización, así como establecer as bases do procedemento que hai que seguir na xestión das infraestruturas e servizos urbanísticos da área empresarial e o grao de participación de cada concello nos gastos e ingresos xerados pola dita xestión e os que se poidan xerar en función da concesión de títulos administrativos habilitantes de obra e actividade na área.

3. Unha vez rematadas as obras de urbanización conforme o proxecto aprobado e, de ser o caso, as modificacións autorizadas, as obras serán recibidas polo concello correspondente e destinadas ao uso público.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº21, ao apartado 4, de Modificación.

Débese modificar o punto 4 do artigo 11 que quedará redactado co seguinte contido:
"4. Logo de rematadas as obras de urbanización conforme o proxecto aprobado e, de ser o caso, as modificacións autorizadas, as obras serán recibidas polo concello ou, se é o caso, concellos correspondentes e destinadas, de ser o caso, a uso público e sempre que o seu informe, de acordo co establecido no punto 1 anterior, fose de conformidade."

_____

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 12. Creación do Censo de solo empresarial de Galicia

1. Créase o Censo de solo empresarial de Galicia como rexistro público de natureza administrativa dependente da consellaría competente en materia de vivenda e solo e xestionado polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, que ten como finalidade coñecer o solo realmente dispoñible e o grao de ocupación das áreas empresariais existentes na Comunidade Autónoma, co obxecto de que sexa un instrumento de avaliación, planificación e actualización das necesidades de solo empresarial en Galicia.

2. As persoas promotoras de áreas empresariais deberán inscribir obrigatoriamente no Censo todas as áreas empresariais promovidas por elas que teñan parcelas dispoñibles para a súa comercialización, así como as áreas previstas para o seu inmediato desenvolvemento.

Para estes efectos, enténdese por persoa promotora calquera persoa física ou xurídica, pública ou privada, que, individual ou colectivamente, decide, impulsa, programa e financia, con recursos propios ou alleos, o desenvolvemento e as obras de urbanización para si ou para o seu posterior alleamento, entrega ou cesión a terceiros baixo calquera título.

3. O acceso ao Censo de solo empresarial de Galicia é público e realizarase a través dos portais da internet do Instituto Galego da Vivenda e Solo e da sociedade Xestión do Solo de Galicia, S. A. Toda a información deste rexistro será accesible de forma libre e gratuíta.

4. A estrutura, o funcionamento, a documentación necesaria e os prazos para a inscrición no Censo de solo empresarial de Galicia determinaranse por orde da consellaría competente en materia de vivenda e solo.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº22, de Modificación.

Débese modificar o artigo 20, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo. 12. *Información actualizada do Plan sectorial de ordenación das áreas empresariais*

As determinacións contidas no Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia teñen forza vinculante para os promotores de solo empresarial e coordinaranse coas determinacións do planeamento urbanístico vixente dos concellos en que se asenten as súas actuacións.

Para tal efecto, desde o Instituto Galego da Vivenda e Solo manterase actualizada a información para coñecer en cada momento o solo realmente dispoñible e o seu grao de ocupación, así como o desenvolvemento previsto para cada unha das súas actuacións e as características principais do solo ofertado.

A dita información será pública e terá carácter accesible e de forma gratuíta a través dos portais da internet do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Para o cumprimento da dita finalidade, o Instituto Galego da Vivenda e Solo poderá demandar dos promotores de solo empresarial a información necesaria."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 13. Apoio aos concellos para o desenvolvemento de solo empresarial
1. O Instituto Galego da Vivenda e Solo e a sociedade Xestión do Solo de Galicia, S. A. poderán formalizar convenios cos concellos que non dispoñan dos medios necesarios para o desenvolvemento de áreas empresariais de iniciativa municipal, incluídas no Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia.
2. A retribución dos traballos realizados e dos gastos nos que incorran estas entidades poderá ser efectuada mediante pagamento en especie, coa entrega de parcelas de resultado dentro do mesmo ámbito que se vai desenvolver, e sempre que exista acordo previo ao respecto.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº8, de Modificación.

Emenda de modificación, artigo 13.

Substitúese: “que non dispoñan dos medios necesarios para o desenvolvemento de áreas empresariais de iniciativa municipal” por: “con base en criterios obxectivos”.

_____

DITAME DA COMISIÓN:

CAPÍTULO II

Acceso ao solo empresarial

Artigo 14. Fomento do acceso ao solo empresarial na Comunidade Autónoma de Galicia

1. O Instituto Galego da Vivenda e Solo e a sociedade Xestión do Solo de Galicia, S. A. poderán aprobar programas de incentivos para o acceso ao solo da súa titularidade, incluíndo bonificacións no prezo de venda, adxudicación en dereito de superficie con opción de compra ou dereitos de adquisición preferente a favor das persoas titulares das parcelas estremeiras que permitan a consolidación dunha implantación empresarial xa existente.

2. No suposto da sociedade Xestión do Solo de Galicia, S. A., os programas a que se refire o punto anterior deberán respectar os límites establecidos pola lexislación mercantil e deberá quedar garantida a viabilidade económica da sociedade.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº25, ao apartado 1, de Modificación.

Débese modificar opunto 1 do artigo 14, que quedará redactado co seguinte contido:
"1. O Instituto Galego da Vivenda e Solo e a sociedade Xestión do Solo de Galicia, S. A. aprobarán anualmente programas de incentivos para o acceso ao solo da súa titularidade, incluíndo bonificacións no prezo de venda, adxudicación en dereito de superficie con opción de compra ou dereitos de adquisición preferente a favor das persoas titulares das parcelas."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº9, ao apartado 1, de Adición.

Débese engadir ao remate do punto 1 a seguinte expresión:

"Definiranse regulamentariamente os criterios para a escolla das iniciativas empresariais e os incentivos que se aplicarán."

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº9, ao apartado 1, de Adición.

Emenda de adición, artigo 14.1.

Engadir ao final do apartado 1 do artigo 14: “condicionada polos criterios de desenvolvemento de valor engadido, fomento da calidade do emprego xerado e melloras na redución da pegada ecolóxica do proxecto.”

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº26, ao apartado 2, de Supresión.

Débese suprimir todo o punto 2 do artigo 14.

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 15. Declaración de proxectos empresariais singulares

1. Enténdense por proxectos empresariais singulares aqueles que xustifiquen a especial importancia que a súa actividade ou localización supoñen para a política económica ou o equilibrio territorial da Comunidade Autónoma, estean vinculados a un sector de actividade de especial relevancia ou interese no ámbito da área empresarial do que se trate ou da súa área de influencia ou acrediten especiais necesidades de solo da empresa pola actividade que se vai desenvolver.
Os proxectos empresariais singulares poderán comprender ámbitos de solo empresarial urbanizado, pendente de urbanizar ou ambos os dous tipos.
2. Os proxectos empresariais singulares serán declarados polo Consello da Xunta de Galicia cando o valor dos terreos supere o importe previsto na Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para os expedientes de contratación que deban ser autorizados polo Consello da Xunta. Nos demais supostos serán declarados pola presidencia do Instituto Galego da Vivenda e Solo.
3. Así mesmo, corresponde ao Consello da Xunta de Galicia autorizar a declaración e adxudicación de proxectos empresariais singulares pola sociedade Xestión do Solo de Galicia, S. A. cando o valor dos terreos supere o importe previsto na Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para os expedientes de contratación que deban ser autorizados polo Consello da Xunta.
Tanto neste caso, logo da autorización do Consello da Xunta, como no resto dos supostos de importes inferiores aos sinalados anteriormente, a declaración e adxudicación corresponde ao órgano competente da sociedade.
4. A declaración dun proxecto empresarial singular habilita para a adxudicación directa do solo de titularidade do Instituto Galego da Vivenda e Solo e da sociedade Xestión do Solo de Galicia, S. A. Esta adxudicación, así como as súas condicións, deberá ser autorizada polo Consello da Xunta de Galicia nos supostos en que lle corresponda declarar o proxecto empresarial singular.

5. A adxudicación do solo deberá de ser garantida, na forma e prazo que se indique na declaración de proxecto empresarial singular, mediante depósito de, polo menos, un 10 % do prezo estimado da parcela ou do importe do canon máximo

correspondente a cinco anualidades no caso de solicitudes de adxudicación en dereito de superficie.
Non obstante, se a declaración do proxecto singular implica a modificación da ordenación urbanística ou do proxecto de urbanización do polígono, o depósito en concepto de garantía deberá ser de, polo menos, o 25% do prezo estimado da parcela ou do canon máximo correspondente a cinco anualidades no caso de adxudicación en dereito de superficie.
O importe do depósito será devolto no momento de elevación a escritura pública.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº10, de Supresión.

Emenda de supresión, artigo 15.

Suprimir o artigo 15.

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº10, ao apartado 1, de Substitución.

Débese substituír o texto do punto 1 polo seguinte:

"1. Definiranse regulamentariamente os sectores e as actividades susceptibles de ser declarados proxectos industriais estratéxicos, priorizando sectores que xeren máis emprego local e que sexan máis sustentables a nivel ambiental e paisaxístico e xeren un beneficio xeral á poboación local.
Publicarase anualmente unha orde para a declaración de proxectos empresariais singulares en concorrencia competitiva."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº27, ao apartado 1 bis), de Adición.

Débese engadir un novo punto no artigo 15 que quedará redactado co seguinte contido:
"1 *bis*. As determinacións dos proxectos empresariais singulares deberán formar parte e estar contidas no Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, logo, se é o caso, das modificacións legais previas e oportunas."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº28, ao apartado 1 ter), de Adición.

Débese engadir un novo punto no artigo 15 que quedará redactado co seguinte contido:
"1 *ter*. As declaracións de proxectos empresariais singulares deberán ser acordes e posibles en relación coas disposicións de carácter xeral en materia de planificación e de execución da política industrial da Comunidade Autónoma de Galicia, tal e como se definen no artigo 50 do Decreto lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº11, ao apartado 2, de Supresión.

Débese suprimir o texto do punto 2.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº29, ao apartado 2, de Adición.

Engadir ao final do punto 2 do artigo 15 o seguinte contido:
Engadir in fine: "...En todo caso, previamente, a persoa titular da consellería competente en materia de industria, por proposta da dirección xeral, remitiralle ao concello correspondente o proxecto de que se trate, para que notifique a súa conformidade ou desconformidade e a súa aceptación co planeamento urbanístico en vigor. No caso de desconformidade urbanística, o expediente seralle remitido á consellaría competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio para a emisión de informe da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº12, ao apartado 3, de Supresión.

Débese suprimir o segundo parágrafo do punto 3.

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº13, ao apartado 3, de Adición.

Débese engadir ao remate do primeiro parágrafo do punto 3 a seguinte expresión:

"previa definición no correspondente regulamento e a previa adxudicación a través dunha orde específica e anual."

-Do G.P. En Marea.

Emenda nº14, ao apartado 4, de Supresión.

Non sei que facerlle a esta emenda no punto 4...

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 16. Proxectos industriais estratéxicos

Para os efectos do previsto no texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro, ou norma que o substitúa, poderán ser considerados proxectos industriais estratéxicos aquelas propostas de investimento para a implantación ou a ampliación dunha ou de varias instalacións industriais que teñan como resultado previsible unha expansión significativa do tecido industrial galego ou a consolidación deste, sempre que supoñan un volume de investimento mínimo de vinte millóns de euros, supoñan un nivel de mantemento e creación de emprego superior a cen postos de traballo directos ou impliquen unha especial necesidade de solo pola actividade que se vai desenvolver que non poida ser atendida coa oferta existente.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº15, de Supresión.

Débese suprimir o artigo.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº11, de Supresión.

Emenda de supresión, artigo 16.

Suprimir o artigo 16. Proxectos industriais estratéxicos.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº31, de Adición.

Débese engadir un novo parágrafo no artigo 16, que quedará redactado co seguinte contido:
"A consideración de proxectos industriais estratéxicos deberán ser previamente obxecto de informe polo Consello Galego de Industria, de acordo co artigo 10 e seguintes da Lei 13/2011, do 16 de decembro, reguladora da política industrial de Galicia."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 17. Flexibilización dos medios de pagamento do solo público

Autorízanse o Instituto Galego da Vivenda e Solo e mais a sociedade Xestión do Solo de Galicia, S. A., nos supostos de alleamento de parcelas empresariais coa forma de pagamento aprazado a favor de persoas empresarias, para que poidan efectuar o dito alleamento sen repercusión de xuros durante os primeiros catro anos, contados desde a data de formalización da venda, cun período de carencia dun ano.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº32, de Modificación.

Débese modificar o artigo 17 que quedará redactado co seguinte contido:
"Artigo 17. *Flexibilización dos medios de pagamento do solo público*
O Consello da Xunta de Galicia poderá acordar a flexibilización dos medios de pagamento do seu solo público, mediante o establecemento de períodos de carencia ou de non repercusión de xuros durante un período de tempo que, en todo caso, non poderá ser superior a cinco anos."

_____

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 18. Programas de actuación conxunta

Para os proxectos empresariais singulares e para os proxectos industriais estratéxicos, e ao amparo de acordos específicos de actuación conxunta entre o Instituto Galego de Promoción Económica e o Instituto Galego da Vivenda e Solo ou a sociedade Xestión do Solo de Galicia, S. A., poderanse articular as medidas oportunas para que, ao abeiro do plan de viabilidade do proxecto empresarial aprobado polo Instituto Galego de Promoción Económica, e sempre que quede garantido o retorno do prezo do solo, se poida ampliar o período de carencia sinalado no artigo anterior ata un máximo de tres anos e aprazar o pagamento sen xuros ata cinco anos.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº33, de Supresión.

Débese suprimir todo o artigo 18.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº12, de Supresión.

Emenda supresión, artigo 18.

Suprimir o artigo 18.

DITAME DA COMISIÓN:

CAPÍTULO III

Xestión das áreas empresariais

Artigo 19. Mantemento e conservación das áreas empresariais

1. O mantemento e a conservación das infraestruturas, equipamentos e dotacións das áreas empresariais que deban ser entregadas á Administración municipal para a súa incorporación ao dominio público corresponden a aquela desde a recepción expresa ou tácita das obras de urbanización.

No caso de que a Administración municipal non resolva expresamente sobre a recepción das obras de urbanización no prazo de tres meses desde que se inste á tal recepción acompañada de certificación expedida pola dirección técnica das obras, estas entenderanse recibidas. Con anterioridade á dita recepción, a responsabilidade do mantemento e da conservación recae na entidade promotora da actuación urbanizadora.

2. O mantemento e a conservación das infraestruturas, equipamentos e dotacións de titularidade privada común corresponden aos propietarios das parcelas da área empresarial, constituídos na correspondente comunidade de propietarios.

3. Malia o indicado no punto 1 deste artigo, os concellos que carezan de recursos para o mantemento da urbanización poderán solicitar, durante o procedemento de tramitación do correspondente proxecto sectorial, que se inclúa nel a obriga de que os propietarios do solo urbanizado constitúan unha entidade de conservación que se fará cargo do mantemento e conservación da urbanización e asumirá os gastos correspondentes durante un período que non poderá ser superior a cinco anos desde a recepción das obras polo concello.

A solicitude deberá dirixirse ao Instituto Galego de Vivenda e Solo, antes do remate do trámite de información pública do proxecto sectorial, e achegarase a aquela a certificación xustificativa da carencia de medios para asumir os gastos

da urbanización, que deberá vir asinada polo alcalde e polo funcionario que teña as funcións de tesouraría da Administración municipal.

O Instituto Galego de Vivenda e Solo resolverá sobre a dita solicitude e, no caso de considerala xustificada, ordenará que se recolla no proxecto sectorial a obriga da constitución dunha entidade urbanística de conservación, á que lle corresponderán as obrigas de mantemento e conservación da urbanización do parque durante o período que se estableza, en función das previsións do concello, e que non poderá ser superior a catro anos.

4. Rematado o período de vixencia da entidade urbanística de conservación establecido no proxecto sectorial, as obrigas de conservación e mantemento da urbanización pasarán a ser asumidas polo concello.

5. Con independencia do indicado no punto 3, os concellos, mediante acordo do pleno da corporación, logo da solicitude dos propietarios de, polo menos, o 50 % da superficie da área de solo, poden trasladar por un tempo determinado, non superior a cinco anos, aos propietarios, constituídos para o efecto en entidade urbanística de conservación, o deber de mantemento e conservación das infraestruturas, equipamentos e dotacións das áreas empresariais que se entregasen á Administración para a súa incorporación ao dominio público. O concello poderá prorrogar a duración desta obriga por períodos de dous anos por petición dos propietarios de, polo menos, o 50 % da superficie da área de solo.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº16, de Supresión.

Débese suprimir este artigo.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº34, ao apartado 3, de Modificación.

Débese modificar o punto 3 do artigo 19 o seguinte contido:
Onde di: "...pola normativa urbanística, os concellos, a través do planeamento..." debe dicir: "...pola normativa urbanística, a Administración, a través do planeamento..."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº35, ao apartado 3, de Modificación.

Débese modificar no punto 3 do artigo 19 o seguinte contido:
Onde di: "...trasladar por tempo determinado ás persoas propietarias,..." debe dicir: "...trasladar polo tempo acordado ás persoas propietarias,..."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 20. Prestación de servizos nas áreas empresariais

1. A prestación nas áreas empresariais de servizos comúns pode ser asumida polas persoas propietarias de maneira colectiva mediante a súa constitución nunha entidade asociativa de xestión da área de solo.
2. Todas as persoas propietarias de parcelas nunha área empresarial que desexen beneficiarse dos servizos comúns prestados pola entidade de xestión teñen o dereito a formar parte desta como membros con plenitude de facultades e a obriga de contribuíren ao sostemento económico da entidade e dos servizos que preste. O incumprimento desta obriga supoñerá a suspensión dos dereitos inherentes á condición de membro da entidade de xestión e da prestación dos servizos dos que o suxeito incumpridor ou a parcela de que é propietario se beneficie de maneira individualizada, sen prexuízo das accións civís que correspondan á entidade de xestión para reclamar as cantidades debidas.

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 21. Convenios para a mellora das infraestruturas, equipamentos, dotacións e servizos das áreas empresariais

1. As administracións públicas competentes poderán subscribir convenios coas entidades de xestión das áreas empresariais, nos termos establecidos pola lexislación de réxime xurídico do sector público, coa finalidade de conservar ou mellorar as infraestruturas, os equipamentos, as dotacións e os servizos dos que dispoñan aquelas.
2. Estes convenios poderán, así mesmo, determinar as modalidades e condicións financeiras de participación das administracións que os subscriban e da correspondente entidade de xestión na prestación de todo tipo de servizos nas áreas empresariais.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº17, de Adición.

Débese engadir ao final do punto 1. o seguinte texto:
"sen prexuízo das obrigas urbanísticas que lles correspondan ás ditas entidades, de acordo coa lexislación e co planeamento urbanístico."

_____

DITAME DA COMISIÓN:

CAPÍTULO IV

Réxime sancionador

Artigo 22. Infraccións

Terá a consideración de infracción administrativa leve a falta de inscrición no Censo de solo empresarial de Galicia das áreas empresariais que teñan parcelas dispoñibles para a súa comercialización, así como das áreas empresariais para o seu inmediato desenvolvemento.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº38, de Supresión.

Débese suprimir todo o artigo 22.

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 23. Responsabilidade

1. Serán sancionadas polos feitos constitutivos da infracción prevista no artigo anterior as persoas promotoras de áreas empresariais, segundo o establecido no punto 2 do artigo 12, que resulten responsables dela.

2. Cando a responsabilidade dos feitos constitutivos da infracción corresponda a unha persoa xurídica, poderán considerarse responsables, ademais, as persoas físicas integrantes dos seus órganos de dirección que autorizasen ou consentisen a comisión da infracción. As devanditas persoas físicas serán consideradas responsables, en todo caso, se a persoa xurídica se extinguiu antes de se ditar a resolución sancionadora.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº39, de Supresión.

Débese suprimir todo o artigo 23.

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 24. Sancións

A infracción prevista no artigo 22 será sancionada con multa de 1.000 a 10.000 euros.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº40, de Supresión.

Débese suprimir todo o artigo 24.

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 25. Ordes de execución

1. Se a resolución recaída no procedemento sancionador a que se refire este capítulo constata a existencia da infracción tipificada no artigo 22, incluirá, ademais da correspondente sanción, unha orde de execución para que a persoa sancionada emende, dentro do prazo que se fixe para o efecto, o incumprimento que motivou aquela.

2. Para compeler ao cumprimento da orde de execución por parte da persoa obrigada, a Administración, a partir do momento da notificación daquela e logo de constatado o seu incumprimento, poderá impoñer multas coercitivas de entre 300 e 6.000 euros, con periodicidade mínima mensual.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº41, de Supresión.

Débese suprimir todo o artigo 25.

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 26. Competencia sancionadora

Os órganos competentes para a imposición das sancións pola infracción prevista no artigo 22 serán as persoas titulares das xefaturas territoriais ou o órgano equivalente nas súas funcións da consellaría competente en materia de vivenda e solo.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº42, de Supresión.

Débese suprimir todo o artigo 26.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº13, de Adición.

Emenda de adición dun novo artigo 26 bis.

Adición dun novo artigo 26 bis, co seguinte contido:

"Artigo 26 *bis*. *Creación do portelo único administrativo*
1. Créase o portelo único administrativo para racionalizar e simplificar a realización dos trámites relativos á implantación de iniciativas empresariais no noso país.
2. O portelo único administrativo coordinará con todas as administracións e organismos implicados a xestión dos trámites necesarios para a implantación da iniciativa empresarial, prestando servizos integrados de tramitación e asesoramento empresarial.
3. Correspóndelle á consellaría competente en orzamentos e facenda elaborar, nos seis meses posteriores á entrada en vigor da lei, unha planificación bianual de postos de emprego que se crearán para dar cobertura ás necesidades de axilización e coordinación administrativa prevista nesta lei."

_____

DITAME DA COMISIÓN:

TÍTULO II

Mellora normativa para o fomento da implantación de iniciativas empresariais

CAPÍTULO I

Tramitación ambiental conxunta de proxectos de actividades sometidas a autorización ambiental integrada e a avaliación de impacto ambiental

Artigo 27. Proxectos sometidos a tramitación ambiental conxunta

1. Poderán solicitar a tramitación ambiental conxunta as persoas promotoras de proxectos de actividades que se atopan sometidos simultaneamente aos procedementos de autorización ambiental integrada ou, de ser o caso, modificación substancial da devandita autorización e de avaliación de impacto ambiental ordinaria.

Se o proxecto de actividade estiver sometido aos procedementos de autorización ambiental integrada e avaliación de impacto ambiental simplificada, a persoa promotora poderá solicitar a tramitación da avaliación de impacto ambiental ordinaria, co obxecto de se acoller ao procedemento de tramitación conxunta, ou ben tramitar ambos os procedementos de xeito sucesivo.

2. Con carácter previo ao comezo do procedemento de tramitación conxunta, a persoa promotora poderá, con carácter potestativo, solicitar ao órgano ambiental que elabore un documento de alcance do estudo de impacto ambiental, seguindo o procedemento establecido na normativa en materia de avaliación de impacto ambiental de proxectos.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº18, de Adición.

Débese engadir ao final do artigo o seguinte texto:
"Á dita solicitude deberá achegarse un documento ambiental no que se xustifique debidamente a opción elixida, debendo acreditarse que a dita opción non supón menoscabo do cumprimento dos obxectivos da avaliación ambiental."

_____

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 28. Presentación de solicitudes e inicio da tramitación

1. A persoa solicitante presentará ante o órgano competente para outorgar a autorización ambiental integrada a solicitude de autorización ambiental integrada, á que xuntará o estudo de impacto ambiental, co contido legalmente establecido para ambos os procedementos, e mais o xustificante do aboamento das taxas correspondentes. Para iso utilizará os modelos oficiais establecidos.

2. Cando o funcionamento da instalación implique a realización de verteduras ás augas continentais, a solicitude á que se refire o punto anterior incluirá a documentación exixida pola lexislación de augas para a autorización de verteduras ás augas continentais.

O órgano competente para outorgar a autorización ambiental integrada, logo de recibir a documentación mencionada no parágrafo anterior, remitiraa ao organismo de bacía no prazo de cinco días, para que, no prazo de dez días desde a entrada da documentación no seu rexistro, emita informe sobre se esta debe completarse; no caso contrario, continuaranse as actuacións.

3. O órgano competente para outorgar a autorización ambiental integrada, logo de examinar o resto da documentación presentada pola persoa titular e recibido o informe previsto no punto anterior, no prazo de cinco días requirirá a persoa promotora da instalación para que, de ser o caso, emende as deficiencias ou achegue a documentación preceptiva no prazo de dez días, coa indicación de que, se así non o fixer, se terá por desistida da súa solicitude, de conformidade co previsto na lexislación do procedemento administrativo común das administracións públicas. Este requirimento supoñerá a suspensión do prazo de tramitación.

4. Para os efectos deste título, entenderase por «órgano substantivo» e «órgano ambiental» os definidos como tales no artigo 5 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, ou norma que a substitúa.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº19, ao apartado 2, de Substitución.

Débese substituír o texto do segundo parágrafo do punto 2 polo seguinte:

"O órgano competente para outorgar a autorización ambiental integrada, logo de recibir a documentación mencionada no parágrafo anterior, remitiraa ao organismo de bacía no prazo de dez días, para que, no prazo de vinte días desde a entrada da documentación no seu rexistro, emita informe sobre se esta debe completarse; no caso contrario, continuaranse as actuacións."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº20, ao apartado 3, de Substitución.

Débese substituír o texto do punto 3 polo seguinte:

"3. O órgano competente para outorgar a autorización ambiental integrada, logo de examinar o resto da documentación presentada pola persoa titular e recibido o informe previsto no punto anterior, no prazo de dez días requirirá a persoa promotora da instalación para que, de ser o caso, emende as deficiencias ou achegue a documentación preceptiva no prazo de vinte días, coa indicación de que, se así non o fixer, se terá por desistida da súa solicitude, de conformidade co previsto na lexislación do procedemento administrativo común das administracións públicas. Este requirimento supoñerá a suspensión do prazo de tramitación."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 29. Trámite de información pública e consulta ás administracións públicas

1. O órgano competente para outorgar a autorización ambiental integrada realizará o trámite de información pública. Este trámite será único para os procedementos de avaliación de impacto ambiental e para o outorgamento da autorización ambiental integrada ou modificación substancial desta, e terá unha duración non inferior a trinta días.

2. Simultaneamente ao trámite de información pública, o órgano competente para outorgar a autorización ambiental integrada consultará en relación co procedemento de avaliación ambiental as administracións públicas afectadas e as persoas interesadas, por un prazo non inferior a trinta días.

Solicitarase con carácter preceptivo o informe do concello en cuxo termo municipal se sitúe a instalación e, ademais, cando procedan, os seguintes informes:

a) O informe do órgano con competencias en materia de conservación da natureza.

b) O informe sobre o patrimonio cultural.

c) O informe do órgano con competencias en materia de planificación hidrolóxica e de dominio público hidráulico.

d) O informe sobre a planificación da demarcación mariña e de dominio público marítimo-terrestre.

e) O informe do órgano competente en materia de paisaxe.

f) Un informe preliminar do órgano con competencias en materia de saúde pública.

g) O informe dos órganos con competencias en materia de prevención e xestión de riscos derivados de accidentes graves ou catástrofes.

3. As consultas previstas no punto anterior conterán, como mínimo, a seguinte información:

a) O proxecto básico e o estudo de impacto ambiental, ou o portal da internet en que poden ser consultados.

b) O órgano ao que se deben remitir os informes e as alegacións.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº43, de Modificación.

Débese modificar ao final do punto 1 do artigo 29 a seguinte expresión:
Onde di: "...terá unha duración non inferior a trinta días." debe dicir: "...terá unha duración non inferior a corenta e cinco días."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº21, ao apartado 1, de Substitución.

Débese substituír ao remate do punto 1 a seguinte expresión:
Onde di: "...non inferior a trinta días." debe dicir: "...non inferior a corenta e cinco días."

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº14, ao apartado 1, de Modificación.

Emenda de modificación, artigo 29.1.

Modificar “trinta días” por “sesenta días”.

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº22, ao apartado 2, de Substitución.

Débese substituír ao inicio do punto 2 a seguinte expresión:

"Simultaneamente ao trámite..." por "Previamente ao trámite..."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº23, ao apartado 2.2, de Adición.

Débese engadir no segundo parágrafo do punto 2 o seguinte texto:
Despois de: "...instalación e,..." engadir: "se é o caso, o da área metropolitana e o dos concellos limítrofes cando os efectos ambientais poidan afectalos."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 30. Resolución

1. No prazo máximo de trinta días desde a finalización dos trámites de información pública e de consulta ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas previstas no artigo anterior, o órgano encargado de outorgar a autorización ambiental integrada remitirá á persoa promotora os informes e as alegacións recibidas para a súa consideración na redacción, de ser o caso, da nova versión do proxecto e do estudo de impacto ambiental. Este requirimento supoñerá a suspensión do prazo de tramitación da autorización ambiental integrada.

No caso de non se recibir a documentación requirida á persoa promotora no prazo de tres meses, declararase a caducidade do procedemento nos termos establecidos pola lexislación do procedemento administrativo común e procederase ao arquivamento das actuacións.

2. Finalizado o trámite de información pública, e, de ser o caso, logo de recibir a nova versión do documento, o órgano encargado de tramitar a autorización ambiental integrada remitiralles, para os efectos do devandito procedemento administrativo, o expediente completo, incluídas as alegacións e observacións recibidas, aos seguintes órganos e organismos:

a) Ao departamento encargado da avaliación ambiental de proxectos, unha copia completa do expediente, co fin de que no prazo máximo de dous meses elabore a declaración de impacto ambiental.

Se no expediente de impacto ambiental non consta algún dos informes preceptivos e o órgano encargado da súa tramitación non dispón de elementos de xuízo suficientes para realizar a avaliación de impacto ambiental, requirirá directamente ao órgano competente que corresponda a emisión do informe que precise nun prazo máximo de dez días. O requirimento efectuado comunicarase ao órgano encargado do outorgamento da autorización ambiental integrada e á persoa promotora e suspende o prazo para a formulación da declaración de impacto ambiental.

b) Ao organismo de bacía, para que elabore o informe mencionado no artigo 19 do texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2016, do 16 de decembro, ou norma que o substitúa, nos supostos nos que a actividade precise, de acordo coa lexislación de augas, autorización de vertedura ao dominio público hidráulico. Este organismo deberá

emitir un informe que determine as características da vertedura e as medidas correctoras que se deben adoptar a fin de preservar o bo estado ecolóxico das augas.
Este informe terá carácter preceptivo e vinculante. No caso de que a súa emisión corresponda ao órgano autonómico competente en materia de augas, deberá emitirse no prazo máximo de dous meses desde a recepción do expediente que conteña a documentación preceptiva sobre verteduras.
c) Ao concello en cuxo termo municipal se sitúe a instalación, para que elabore, no prazo de trinta días desde a recepción do expediente, o informe mencionado no artigo 18 do texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2016, do 16 de decembro, ou norma que o substitúa, sobre a adecuación da instalación a todos os aspectos que sexan da súa competencia.
d) De ser o caso, ao resto de órganos ou organismos que deban emitir informe sobre as materias da súa competencia, unha copia do expediente completo xunto coas alegacións e observacións recibidas.
3. Recibidos os informes previstos no punto anterior, o órgano encargado de tramitar a autorización ambiental integrada, logo de realizar unha avaliación ambiental do proxecto no seu conxunto, dará audiencia á persoa solicitante da autorización.
De se formularen alegacións, darase traslado destas xunto coa proposta de resolución aos órganos informantes, para que no prazo máximo de quince días manifesten o que consideren conveniente.
4. Finalizado o trámite de audiencia, o órgano ambiental redactará unha proposta de resolución. A dita proposta incorporará a declaración de impacto ambiental.
A declaración de impacto ambiental terá a natureza de informe preceptivo e determinante e determinará se procede ou non, para os efectos ambientais, a realización do proxecto e, de ser o caso, as medidas correctoras e as medidas compensatorias.

Se a declaración de impacto ambiental for desfavorable á execución do proxecto ou o informe vinculante do organismo de bacía considera que é inadmisible a vertedura e, consecuentemente, se impide o outorgamento da autorización ambiental integrada, o órgano competente para outorgala ditará resolución motivada denegatoria.
5. O órgano competente para tramitar a autorización ambiental integrada ditará a resolución que poña fin ao procedemento no prazo máximo de nove meses. Esta resolución determinará se procede ou non, para os efectos ambientais, a realización do proxecto e, de ser o caso, as condicións en que pode

desenvolverse, as medidas correctoras e as medidas compensatorias. Ademais, deberá recoller, como mínimo, o contido establecido no artigo 10 do Regulamento de emisións industriais e de desenvolvemento da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, aprobado polo Real decreto 815/2013, do 18 de outubro, ou norma que o substitúa.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº24, ao apartado 3, de Substitución.

Débese substituír o texto do segundo parágrafo polo seguinte:

"De se formularen alegacións, darase traslado destas, xunto coa proposta de resolución, aos órganos informantes, para que no prazo máximo de trinta días manifesten o que consideren conveniente."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº25, ao apartado 4, de Adición.

Débese engadir ao remate do punto 4 o seguinte texto:

"Tamén será denegatoria cando o informe municipal ao que se refire o punto 2.c) deste artigo for desfavorable por razóns de inadecuación ao planeamento urbanístico."

DITAME DA COMISIÓN:

CAPÍTULO II

Coordinación do outorgamento da autorización ambiental integrada cos procedementos de avaliación de impacto ambiental e outros medios de intervención administrativa de competencia autonómica

Artigo 31. Ámbito de aplicación do procedemento de coordinación

1. O procedemento de coordinación regulado neste capítulo aplicarase ás instalacións que requiran os medios de intervención administrativa da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia enunciados no punto 3 do artigo 3 do texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2016, do 16 de decembro, ou norma que o substitúa, e ademais requiran dunha avaliación de impacto ambiental de conformidade co establecido na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, ou norma que a substitúa.

2. En concreto, este procedemento aplicarase á autorización de industrias ou instalacións industriais que estean legal ou regulamentariamente sometidas a autorización administrativa previa, de conformidade coa Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, ou norma que a substitúa. En particular, terán esta consideración as autorizacións establecidas na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, na Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, e no capítulo IV da Lei orgánica 4/2015, do 30 de marzo, sobre protección da seguridade cidadá, no referente ás instalacións químicas para a fabricación de explosivos, ou normas que as substitúan.

3. Os documentos que sexan comúns para varios dos procedementos regulados neste capítulo presentaranse só unha vez, sempre que inclúan todos os requisitos previstos nas distintas normas aplicables.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.

Emenda nº26, ao apartado 2, de Supresión.

Débese suprimir o texto do punto 2.

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 32. Presentación de solicitudes e inicio da tramitación

1. A persoa promotora do proxecto presentará ante o órgano substantivo:

a) A solicitude da autorización substantiva, a declaración responsable ou a comunicación previa, segundo proceda, xunto en cada caso coa documentación exixida conforme a normativa sectorial.

b) Cando o proxecto estea encadrado nalgún dos supostos recollidos no punto 2 do artigo 7 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, ou norma que a substitúa, a solicitude de inicio da avaliación de impacto ambiental simplificada, xunto co documento ambiental do proxecto mencionado no artigo 45 da devandita lei, ou norma que a substitúa.

c) Cando o proxecto estea encadrado no punto 1 do artigo 7 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, ou norma que a substitúa, a persoa promotora do proxecto poderá presentar con carácter potestativo unha solicitude de determinación do alcance do estudo de impacto ambiental, xunto co documento inicial do proxecto e mais coa documentación mencionada no punto 2 do artigo 34 da devandita lei, ou norma que a substitúa.

O órgano substantivo remitirá, segundo corresponda, a documentación mencionada nas alíneas b) ou c) ao órgano ambiental para que proceda á tramitación establecida na sección 2ª do capítulo I do título II da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, ou norma que a substitúa, ou ben proceda a determinar o alcance do estudo de impacto ambiental, de acordo co artigo 34 da devandita lei, ou norma que a substitúa.

2. A persoa titular da instalación presentará ante o órgano competente da Administración xeral da Comunidade Autónoma a solicitude de autorización ambiental integrada, incluído o estudo de impacto ambiental, de ser o caso.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 33. Trámite conxunto de información pública e consulta ás administracións públicas

1. O órgano competente para outorgar a autorización ambiental integrada remitirá copia do expediente de solicitude da autorización ambiental integrada ao órgano substantivo para que, no prazo de dez días, realice o trámite de información pública e de consulta ás administracións públicas e ás persoas interesadas. Este trámite será único para os procedementos de avaliación de impacto ambiental e para o outorgamento de autorización ambiental integrada, así como para o procedemento de autorización substantiva, e terá unha duración non inferior a trinta días.

En tanto non se reciba o devandito expediente, o órgano substantivo suspenderá o cómputo do prazo para o outorgamento da autorización substantiva.

2. Finalizado o trámite de información pública e de consulta, o órgano substantivo, no prazo de cinco días, remitirá o expediente, xunto coas alegacións e observacións recibidas, ao órgano competente para outorgar a autorización ambiental integrada.

3. Logo da realización das actuacións reguladas nos puntos anteriores, o órgano competente para outorgar a autorización ambiental integrada, o órgano substantivo e o órgano ambiental continuarán os trámites establecidos na lexislación que resulte, respectivamente, aplicable en materia de autorización ambiental integrada, de autorización substantiva ou de avaliación de impacto ambiental.

O órgano competente para outorgar a autorización ambiental integrada suspenderá o cómputo do prazo para o outorgamento da devandita autorización en tanto non reciba a declaración de impacto ambiental.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº27, ao apartado 1, de Substitución.

Débese substituír o texto do punto 1 polo seguinte:

"1. O órgano competente para outorgar a autorización ambiental integrada remitirá copia do expediente de solicitude da autorización ambiental integrada ao órgano substantivo para que, no prazo mínimo de trinta días, realice o trámite de información pública e de consulta ás administracións públicas e ás persoas interesadas. Este trámite será único para os procedementos de avaliación de impacto ambiental e para o outorgamento de autorización ambiental integrada, así como para o procedemento de autorización substantiva, e terá unha duración non inferior a corenta e cinco días."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº44, ao apartado 1, de Modificación.

Débese modificar no punto 1 do artigo 33 a seguinte expresión:
Onde di: "...terá unha duración non inferior a trinta días." debe dicir: "...terá unha duración non superior a corenta e cinco días."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 34. Formulación da declaración de impacto ambiental

O órgano ambiental formulará a declaración de impacto ambiental e remitiraa, no prazo máximo de dez días, ao órgano substantivo e ao competente para outorgar a autorización ambiental integrada, para que continúen, respectivamente, coa tramitación do procedemento de autorización substantiva e de autorización ambiental integrada.
A declaración de impacto ambiental terá a natureza de informe preceptivo e determinante, e determinará se procede ou non, para os efectos ambientais, a realización do proxecto e, se for o caso, as condicións en que pode desenvolverse, as medidas correctoras e as medidas compensatorias.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº28, de Substitución.

Débese substituír a seguinte expresión:
Onde di: "..., no prazo máximo de dez días,..." debe dicir: "..., no prazo máximo de trinta días,..."

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº15, de Adición.

Emenda de adición, artigo 34.

Engadir ao final do punto o seguinte texto: “No caso de resultar negativa a formulación de declaración ambiental, o procedemento quedará paralizado.”

DITAME DA COMISIÓN:

CAPÍTULO III.

Regulación das competencias do organismo autonómico de bacía na tramitación e no seguimento da autorización ambiental integrada

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 35. Informe do órgano autonómico competente en materia de augas

1. Nos supostos nos que a actividade sometida a autorización ambiental integrada precise, de acordo coa lexislación de augas, autorización de vertedura ao dominio público hidráulico de bacías xestionadas pola Comunidade Autónoma de Galicia, o órgano autonómico competente en materia de bacías deberá emitir un informe que determine as características da vertedura e as medidas correctoras que se deben adoptar a fin de preservar o bo estado ecolóxico das augas.
2. O informe regulado no punto anterior terá carácter preceptivo e vinculante. Este informe deberá emitirse no prazo máximo de dous meses desde a data de entrada no rexistro do órgano autonómico competente en materia de bacías da documentación preceptiva sobre verteduras ou, de ser o caso, desde a reparación que for necesaria.
3. Transcorrido o prazo previsto no punto anterior sen que o órgano autonómico competente en materia de bacías emitise o informe, poderase outorgar a autorización ambiental integrada, prevendo nela as características da vertedura e as medidas correctoras requiridas, que se establecerán de conformidade coa lexislación sectorial aplicable.
Malia o anterior, o informe recibido fóra do prazo sinalado e antes do outorgamento da autorización ambiental integrada deberá ser tido en consideración polo órgano competente da Administración xeral da Comunidade Autónoma.
4. Se o informe vinculante regulado neste artigo considera que é inadmisible a vertedura e, consecuentemente, impide o outorgamento da autorización ambiental integrada, o órgano competente para outorgala ditará resolución motivada denegatoria.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº46, de Supresión.

Débese suprimir todo o artigo 35.

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº29, ao apartado 1, de Adición.

Débese engadir ao remate do punto 1 o seguinte texto:

"ou ben emitir un informe denegatorio, coa xustificación para tal denegación."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº47, ao apartado 2, de Modificación.

No caso de non ser aceptada a emenda anterior, emenda número 46 de supresión do artigo 35, débese modificar no punto 2 do artigo 35 a seguinte expresión:
Onde di: "...no prazo máximo de dous meses desde a data de entrada no rexistro..." debe dicir: "...no prazo máximo de catro meses desde a data de entrada no rexistro..."

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº16, ao apartado 2, de Modificación.

Emenda de modificación, apartado 2 do artigo 35.

Débese modificar “dous meses” por “seis meses”.

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº30, ao apartado 3, de Supresión.

Débese suprimir a totalidade do punto 3.

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 36. Competencias relativas á vixilancia e inspección e potestade sancionadora en materia de verteduras a bacías xestionadas pola Comunidade Autónoma de Galicia

No ámbito das bacías xestionadas pola Comunidade Autónoma de Galicia, as competencias relativas a vixilancia e inspección, así como a potestade sancionadora en materia de verteduras das instalacións que conten con autorización ambiental integrada, corresponden ao órgano autonómico competente en materia de augas, que remitirá periodicamente ao órgano competente para o outorgamento da autorización ambiental integrada a información derivada das inspeccións e sancións que sexan impostas a estas instalacións.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº48, de Supresión.

Débese suprimir todo o artigo 36.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº49, de Adición.

En caso de non aceptar a emenda anterior, emenda número 48 de supresión do artigo 36, débese engadir ao final do artigo 36 o seguinte contido:
Engadir in fine: "Esta información será realizada a través do Sistema de Información Ambiental de Galicia."

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº17, de Adición.

Emenda de adición, artigo 36.

Engadir ao final: “Esta información será feita pública a través do Sistema de Información Ambiental de Galicia”.

DITAME DA COMISIÓN:

CAPÍTULO IV.

Simplificación dos procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica tramitados pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº31, de Supresión.

Débese suprimir o Capítulo IV

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 37. Procedemento de tramitación conxunta das autorizacións de instalacións de enerxía eléctrica de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia

1. As persoas promotoras de proxectos de instalacións eléctricas reguladas no artigo 53 da Lei 24/2013, do sector eléctrico, ou norma que a substitúa, poderán solicitar a tramitación conxunta das autorizacións de instalacións de enerxía eléctrica, así como, de ser preciso, o proxecto sectorial, e a solicitude de declaración de utilidade pública. Exceptúanse os proxectos de xeración eléctrica a partir de enerxía eólica, que se rexerán pola súa lexislación específica.

2. A unidade tramitadora que instrúa o procedemento para as autorizacións reguladas nas alíneas a) e b) do punto 1 do artigo 53 da Lei 24/2013, do sector eléctrico, ou norma que a substitúa, será o órgano territorial da consellaría competente en materia de enerxía correspondente á provincia onde radique a instalación.

Os órganos competentes para resolver serán os indicados no Decreto 9/2017, do 12 de xaneiro, polo que se establecen os órganos competentes para a resolución dos procedementos de autorización de instalacións eléctricas que sexan competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, ou norma que o substitúa.

3. No caso de que se opte pola tramitación conxunta regulada neste artigo, a persoa solicitante deberá presentar:

a) A documentación necesaria para a obtención da autorización administrativa previa e/ou de construción.

b) O documento ambiental necesario para a avaliación ambiental do proxecto, segundo o establecido na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, ou norma que a substitúa.

c) De ser o caso, a documentación necesaria para a aprobación do proxecto sectorial, indicada no Decreto 80/2000, de 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, ou norma que o substitúa.

d) A relación de bens e dereitos afectados, no caso de se solicitar a declaración de utilidade pública da instalación.

4. A unidade tramitadora enviará copia do proxecto sectorial ao órgano competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo para o efecto de que este indique, no prazo máximo de vinte días, os informes que deberán solicitarse en función das afeccións derivadas da normativa sectorial aplicable.

5. Do mesmo xeito, enviarase copia do documento ambiental que proceda ao órgano ambiental para que este indique, no prazo máximo de vinte días, a relación de organismos que deben ser consultados para os efectos da avaliación ambiental do proxecto.

6. A unidade tramitadora someterá a información pública durante un prazo de trinta días, de forma simultánea, o proxecto de execución, o estudo de impacto ambiental no caso de avaliación ambiental ordinaria e o proxecto sectorial, mediante a súa publicación no Diario Oficial de Galicia e, de ser o caso, no portal da internet da Xunta de Galicia.

No caso de que se solicite a declaración de utilidade pública, realizarase de forma simultánea o trámite de información pública mediante a publicación nun dos diarios de maior circulación de cada unha das provincias afectadas.

7. A unidade tramitadora enviará unha separata do proxecto de execución aos organismos indicados no artigo 131 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, ou norma que o substitúa.

8. Así mesmo, e de xeito simultáneo, realizarase o trámite de consultas indicado no artigo 37 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, ou norma que a substitúa, aos organismos indicados polo órgano ambiental, no caso de avaliación ambiental ordinaria.

No caso de avaliación ambiental simplificada, realizaranse os trámites indicados na sección 2ª do capítulo II da devandita lei, ou norma que a substitúa.

9. Igualmente, e de xeito simultáneo, solicitaranse os informes necesarios que indique o órgano competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo, e darase audiencia aos

concellos afectados, consonte o establecido no punto 3 do artigo 13 do Decreto 80/2000, de 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, ou norma que o substitúa.

10. Nos casos de organismos que deban emitir informe para os efectos indicados nos puntos 7, 8 e 9, solicitarase un único informe. O prazo para a remisión destes informes será dun mes desde a recepción da solicitude. De non se recibir o informe en prazo, entenderase a conformidade coa documentación presentada e continuarase a tramitación do procedemento, agás que se trate de informes preceptivos e se decida a suspensión daquel durante o prazo máximo previsto pola lexislación do procedemento administrativo común das administracións públicas.

11. A unidade tramitadora enviará á persoa promotora os informes e as alegacións recibidas para a súa conformidade e/ou consideración na redacción do proxecto de execución, do estudo de impacto ambiental e do proxecto sectorial, co fin de que realice as modificacións e adaptacións de cada un destes documentos.

12. Realizados os cambios e adaptacións mencionados no punto anterior, a persoa promotora presentará á unidade tramitadora o proxecto de execución modificado da instalación, o estudo de impacto ambiental definitivo e o proxecto sectorial, para a obtención da declaración de impacto ambiental, a autorización administrativa previa e de construción e a aprobación do proxecto sectorial.

13. En todo o non previsto neste artigo haberá que aterse ao disposto no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, e, no que corresponda, ao regulado na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e no Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, ou normas que os substitúan.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº18, ao apartado 10, de Supresión.

Emenda de supresión, apartado 10 do artigo 37.

Suprimir “Se non se recibise o informe (...)” até “(...) Administracións públicas.”

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº50, ao apartado 10, de Modificación.

Débese modificar no punto 10 do artigo 37 a seguinte expresión:
Onde di: "...remisión destes informes será dun mes desde a recepción..." debe dicir: "...remisión destes informes será de corenta e cinco días desde a recepción..."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 38. Exención do trámite de información pública

1. Non será necesario o trámite de información pública, sempre que non se solicite a declaración de utilidade pública nin sexa preceptiva a avaliación ambiental ordinaria, segundo a Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, ou norma que a substitúa, nos seguintes casos:
a) Solicitudes de autorización administrativa previa de novas instalacións de distribución ou conexión de xeradores á rede de distribución de enerxía eléctrica cunha tensión igual ou inferior a 30 kV.
b) Solicitudes de autorización administrativa previa de modificacións de instalacións de distribución ou conexión de xeradores á rede de distribución e/ou transporte de enerxía eléctrica, calquera que sexa a súa tensión.
c) Modificacións de instalacións de produción de enerxía eléctrica que non supoñan un incremento ou redución dun 10 % da potencia nominal autorizada, agás proxectos de xeración de enerxía eléctrica a partir de enerxía eólica.
d) Instalacións de autoconsumo de potencia superior a 100 kW.
2. Nos casos en que proceda, será necesario achegar, xunto á solicitude de autorización administrativa, unha declaración responsable da persoa solicitante na que esta faga constar que dispón de acordos previos con todas as persoas titulares dos bens e dereitos afectados.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº51, de Supresión.

Débese suprimir todo o artigo 38.

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 39. Autorizacións provisionais

1. De forma excepcional, e co obxecto de garantir a subministración eléctrica, poderán autorizarse instalacións eléctricas de xeito provisional e para un período de tempo determinado, para a realización de obras de interese xeral ou para reforzar a subministración eléctrica en determinadas zonas, así como naqueles supostos singulares que determine a consellaría competente en materia de enerxía.

2. Á solicitude de autorización administrativa dunha instalación eléctrica provisional deberá achegarse un informe xustificativo do interese, necesidade e urxencia dela e non requirirá de información pública.

3. A resolución de autorización administrativa dunha instalación eléctrica provisional deberá sinalar o prazo máximo polo que se autoriza, que, con carácter xeral, non excederá un ano.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

TÍTULO III

Réxime de incentivos para o fomento da implantación de iniciativas empresariais

Artigo 40. Réxime de incentivos ao investimento

1. A Comunidade Autónoma de Galicia aprobará un réxime de incentivos ao investimento, de natureza subvencional ou de bonificacións impositivas autonómicas, coa finalidade de fomentar o desenvolvemento de proxectos de investimento (...) con creación de emprego e que supoñan a creación de novos proxectos empresariais, así como a ampliación ou a modernización dos xa existentes.
A través dunha norma regulamentaria estableceranse os requisitos das persoas beneficiarias e os sectores económicos e as liñas estratéxicas onde se aplicarán os criterios para a determinación da contía da subvención, o mecanismo de pagamento aprazado e os órganos competentes para a ordenación e resolución dela. Calquera liña de incentivos irá asociada a plans de desenvolvemento dos sectores que se determinen e incentivarán proxectos que se encadren nas liñas definidas nos plans.
2. O réxime de incentivos ao investimento previsto neste artigo configúrase mediante a concesión dunha subvención cuxa fase de pagamento poderá materializarse a medida que se afronte o aboamento pola persoa beneficiaria de figuras tributarias autonómicas ou ben tendo en conta estas na configuración do incentivo.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº19, de Substitución.

Emenda de substitución, artigo 40.

Substitución de todo o texto do artigo polo seguinte:

"Artigo 40. *Estratexia galega de participación pública e impulso ao investimento*
1. A Comunidade Autónoma de Galicia aprobará no Parlamento galego unha estratexia de fomento da participación

pública para o impulso dos sectores estratéxicos coa finalidade de apoiar un desenvolvemento autocentrado de aproveitamento das potencialidades do país baixo criterios de sustentabilidade e retorno social.
2. A través dunha nova lei desenvolveranse novas formas de participación pública e reformularanse os instrumentos de crédito da Comunidade Autónoma para dinamizar o crédito e axilizar o seu transvasamento para o tecido empresarial e produtivo.
3. No período de posta en funcionamento do recollido nos puntos anteriores, establecerase un réxime de incentivos ao investimento con base en criterios de obxectividade e condicionados ao cumprimento de obxectivos en materia de calidade do emprego xerado, sustentabilidade e xeración de valor engadido e compromiso do desenvolvemento das fases dos proxectos en territorio galego."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº53, ao apartado 1, de Adición.

Débese engadir ao final do punto 1 (no primeiro parágrafo) do artigo 40 o seguinte contido:
Engadir in fine: "...dirixidos a acadar unha maior equidade e benestar social e económico, favorecendo os intereses xerais."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº54, ao apartado 2, de Supresión.

Débese suprimir todo o punto 2 do artigo 40.

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 41. **Medidas de promoción para facilitar a implantación de iniciativas empresariais**

A Xunta de Galicia, a través dos seus orzamentos, establecerá mecanismos de mellora do financiamento dos concellos galegos que incorporen nas súas figuras tributarias medidas para facilitar a implantación de iniciativas empresariais.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº20, de Supresión.

Emenda de supresión, artigo 41.

Suprimir desde “A Xunta...” até “empresariais”.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº55, de Modificación.

Débese modificar o artigo 41, que quedará redactado co seguinte contido:
"Artigo 41. *Medidas de promoción fiscal para facilitar a implantación de iniciativas empresariais*
A Xunta de Galicia, a través dos seus orzamentos anuais, establecerá mecanismos de mellora do financiamento dos concellos galegos para facilitar a implantación de iniciativas empresariais. A cuantificación do seu importe será, polo menos, do 50 % do total existente para o importe que quede establecido segundo o artigo anterior e será outorgado en función de criterios obxectivos e públicos previamente publicados."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº34, de Adición.

Débese engadir no primeiro parágrafo o seguinte texto:

"a través dos seus orzamentos e das iniciativas políticas pertinentes, incluída a negociación dun novo modelo de financiamento local co Estado,establecerá mecanismos de mellora do financiamento dos concellos galegos."

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición adicional primeira. Normas complementarias do Decreto 45/2015, do 26 de marzo, polo que se regula o procedemento integrado para a implantación de instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos, a súa posta en funcionamento e se determinan os órganos competentes para o exercicio da potestade sancionadora en materia de hidrocarburos

1. O procedemento integrado para a implantación de instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos, regulado no Decreto 45/2015, do 26 de marzo, será obrigatorio se a vía afectada polo acceso á instalación é de titularidade da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou dalgunha das entidades locais galegas.
2. O prazo máximo para a emisión dos informes, autorizacións ou licenzas necesarios para a tramitación do procedemento integrado regulado no Decreto 45/2015, do 26 de marzo, será de dous meses e o sentido do silencio, negativo, se o órgano competente para a súa emisión pertence á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou é algunha das entidades locais galegas.
Este prazo e o sentido do silencio non serán aplicables para o outorgamento da licenza municipal de obra.
3. No procedemento integrado regulado no Decreto 45/2015, do 26 de marzo, será preceptiva a emisión dun informe en materia de seguridade industrial, asinado por técnico ou técnica competente, que faga referencia á adecuación das instalacións proxectadas á normativa de seguridade industrial vixente, que será emitido no prazo recollido no punto anterior e, en todo caso, antes do outorgamento da licenza municipal de obra.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº56, ao apartado 1, de Adición.

Débese engadir ao final do punto 1 da disposición adicional primeira a seguinte expresión:
Engadir in fine: "...cando así o acordasen."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº57, ao apartado 2, de Supresión.

Débese suprimir no punto 2 da disposición adicional primeira a seguinte expresión:
"ou é algunha das entidades locais galegas."

-Do G.P. Popular de Galicia.
Emenda nº10, ao apartado 3, de Adición.

No punto 3 debe engadirse, despois de “a emisión dun informe en materia de seguridade industrial” o seguinte: “asinado por técnico ou técnica competente”.

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición adicional segunda. Programa específico de promoción da reciclaxe mediante a posta en marcha e a xestión dunha planta de compostaxe promovido pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a través da Sociedade Galega do Medio Ambiente, S A

1. Dentro do sistema promovido pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para a xestión institucional dos residuos domésticos, xestionado pola Sociedade Galega do Medio Ambiente, S. A., de acordo co disposto na Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia, poñerase en marcha unha planta de produción de compost a partir da fracción orgánica dos residuos urbanos, coa finalidade de incrementar as porcentaxes de recuperación de materiais.

2. A devandita planta dará servizo a aqueles concellos máis próximos a ela que voluntariamente decidan adherirse, ata esgotar a súa capacidade de tratamento.

3. A adhesión dos concellos interesados para a entrega e o tratamento na nova planta da fracción orgánica dos residuos urbanos recollida de forma separada efectuarase mediante convenio, que terá natureza administrativa e será formalizado entre a entidade local e a Sociedade Galega do Medio Ambiente, S. A., como xestora institucional da instalación. A consellaría competente en materia de residuos fixará as condicións de adhesión dos concellos e aprobará o modelo de convenio para a formalización da adhesión.

4. En garantía da sustentabilidade financeira da nova instalación de xestión, fíxase un canon específico de 45 euros por tonelada de residuos entregados que cumpran os requisitos mínimos que fixará a consellaría competente en materia de residuos nas condicións de adhesión, máis o correspondente IVE. O devandito canon específico actualizarase a partir do exercicio 2018 no mes de xaneiro de cada ano, consonte a evolución do índice de prezos de consumo galego, e a súa contía actualizada publicarase no Diario Oficial de Galicia.

5. A xestión, a liquidación e o cobramento do canon específico establecido no punto anterior estarán suxeitos ao establecido na disposición adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº58, de Supresión.

Débese suprimir toda a disposición adicional segunda.

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº36, ao apartado 1, de Adición.

Débese engadir a continuación de:
", porase en marcha unha planta..." o seguinte texto:
"e planificaranse en colaboración coa Fegamp e cos concellos as plantas de compostaxe previstas no Plan galego de residuos 2010-2020 para a súa implantación antes ou durante o exercicio 2020."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº37, ao apartado 2, de Substitución.

Débese substituír a seguinte expresión:
Onde dí: "2. A devandita planta..." debe dicir: "2. As devanditas plantas..."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº38, ao apartado 3, de Substitución.

Débese substituír a seguinte expresión:
Onde dí: ...na nova planta da fracción orgánica dos residuos urbanos recollida de forma separada efectuarase..."
Debe dicir: "nas novas plantas de fracción orgánica dos residuos urbanos recollida de forma separada efectuarase"

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº39, ao apartado 4, de Adición.

Débese engadir ao remate do punto 4 a seguinte expresión:

"e en función dos estudos de custos que Sogama realizará durante o primeiro ano de actividade das plantas."

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº41, de Adición.

Débese engadir unha nova Disposición Adicional Terceira co seguinte texto:

"Disposición adicional terceira. *Moratoria para permisos de investigación e explotación para a redacción do Plan sectorial de actividades extractivas de Galicia baixo os principios da sustentabilidade*

Establecerase unha moratoria na concesión de permisos de investigación e explotación mineiros ata a redacción e aprobación do Plan sectorial de actividades extractivas de Galicia, despois dun amplo proceso de participación social, que non conte só co sector empresarial mineiro, senón coas organizacións agrarias, ecoloxistas, concellos e Parlamento de Galicia."

_____

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº21, de Adición.

Emenda de adición, Disposición adicional terceira.

Engadir una nova disposición adicional terceira:

"Disposición adicional terceira
O programa específico de promoción da reciclaxe enmárcase na Estratexia galega de redución da incineración e fomento da compostaxe:
1. Desbotaranse novos proxectos de incineración de cara a reducir ao mínimo a incineración dos residuos. A consellaría competente en xestión de residuos elaborará, en colaboración cos concellos galegos e coas entidades sociais, un plan de redución da incineración con impulsos económicos á súa superación e a aplicación dun réxime sancionador. Así mesmo, fomentarase a realización da compostaxe, favorecendo a compostaxe *in situ* que se complementará con centros localizados para as áreas nas que sexa preciso.
2. Desenvolveranse plans específicos para a xestión de residuos industriais e serán impulsadas medidas para mellorar a selección en orixe, así como programas para o aproveitamento dos residuos industriais."

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº40, de Adición.

Débese engadir unha nova Disposición Adicional Cuarta co seguinte texto:

"Nun prazo de seis meses, a Xunta de Galicia presentará un plan de fomento das iniciativas empresariais nos sectores das renovables, agroindustria, I+D+i,transformación dos produtos do mar, industria auxiliar do motor, industria auxiliar naval e outros sectores que teñan como característica principal a sustentabilidade e a creación de emprego de calidade, que inclúa incentivos fiscais e extrafiscais."

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº87, de Adición.

"Disposición adicional cuarta, sobre a elaboración dun novo Plan sectorial eólico de Galicia baixo os principios da sustentabilidade e dun modelo social de explotación dos recursos naturais.
1) Nun prazo de doce meses a Xunta de Galicia elaborará, a través dun procedemento amplo de participación social, un novo Plan sectorial eólico de Galicia.
2) Namentres non se aprobe o Plan sectorial eólico de Galicia, estableceranse nun prazo de dous meses:
a) Zonas de exclusión ambientais en zonas con probabilidade de formar parte da proposta de ampliación da Rede Natura, que serán cando menos a franxa paralela de dous quilómetros á liña que delimita a superficie de Rede Natura 2000. A responsable da proposta destas zonas de exclusión de parques eólicos será a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e será aprobada no Parlamento de Galicia.
3) A Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe fará unha proposta de zonas de exclusión por motivos paisaxísticos, nun prazo de dous meses, que deberá ser aprobada no Parlamento de Galicia."

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº86, de Adición.

Débese enadir unha nova Disposición Adicional Quinta co seguinte texto:

"Disposición adicional quinta. Plan sectorial de actividades extractivas de Galicia
Establecerase unha moratoria na concesión de permisos de investigación e explotación mineiros ata a redacción e aprobación do Plan sectorial de actividades extractivas de Galicia, despois dun amplo proceso de participación social, que non conte só co sector empresarial mineiro, senón coas organizacións agrarias, ecoloxistas, concellos e Parlamento de Galicia."

_____

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición transitoria primeira. Procedementos integrados en tramitación para a implantación de instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos e a súa posta en funcionamento

Os procedementos integrados regulados no Decreto 45/2015, do 26 de marzo, polo que se regula o procedemento integrado para a implantación de instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos, a súa posta en funcionamento e se determinan os órganos competentes para o exercicio da potestade sancionadora en materia de hidrocarburos, que se atopen en tramitación á entrada en vigor desta lei substanciaranse polas normas vixentes no momento de presentación da solicitude**. Non obstante, os interesados poderán, a través do órgano competente para a instrución e resolución do procedemento único integrado, no prazo dun mes desde a aprobación desta lei, solicitar tramitalos de acordo coa nova normativa establecida nela.**

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición transitoria segunda. Convocatoria de concursos de dereitos mineiros caducados

O órgano mineiro competente dispoñerá do prazo dun ano, a partir da entrada en vigor desta lei, para convocar os correspondentes concursos dos dereitos mineiros caducados con anterioridade (...).

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición transitoria terceira. Procedementos en tramitación de solicitude de calquera tipo de autorización administrativa de parques eólicos, así como das súas infraestruturas de evacuación

1. As persoas promotoras dos expedientes de solicitude de calquera tipo de autorización administrativa de parques eólicos, así como das súas infraestruturas de evacuación, que na data de entrada en vigor desta lei se encontren en tramitación poderán optar por seguir tramitándoos de acordo coa normativa vixente na data de presentación da solicitude ou por tramitalos, a partir da fase na que se atopen, de acordo co procedemento establecido por esta lei.

2. Para os efectos indicados no punto anterior, as persoas promotoras dos expedientes sinalados comunicarán á dirección xeral competente en materia de enerxía, no prazo dun mes desde a entrada en vigor desta lei, se optan por tramitalos de acordo co procedemento establecido por esta lei. De non efectuar a devandita comunicación no prazo expresado, entenderase que optan por seguir tramitando os expedientes de acordo coa normativa vixente na data de presentación da solicitude.

3. No caso de que a persoa promotora opte por tramitar o expediente de acordo co procedemento establecido por esta lei, para unha maior celeridade e eficacia na tramitación, conservaranse, por requirimento da persoa solicitante e para os efectos da autorización administrativa previa e de construción:

a) Os actos e as resolucións administrativas xa ditados.

b) Os trámites administrativos efectuados.

c) Os documentos previamente presentados.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº42, de Supresión.

Débese suprimir a totalidade da Disposición Transitoria Terceira.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº61, de Supresión.

Débese suprimir toda a disposición transitoria terceira.

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición transitoria cuarta. Prazos para solicitar autorizacións de explotación ou de construción de parques eólicos

1. As persoas titulares de autorizacións administrativas, previas e de construción, ou, de ser o caso, aprobación de proxecto, de parques eólicos obtidas con anterioridade á entrada en vigor desta lei dispoñerán dun prazo de catro anos, contados desde a data de entrada en vigor dela, para solicitar a correspondente autorización de explotación. Superado o prazo indicado sen solicitar a autorización de explotación, a dirección xeral competente en materia de enerxía poderá iniciar os correspondentes procedementos de revogación das autorizacións administrativa previa e de construción, ou, de ser o caso, aprobación de proxecto, coa audiencia das persoas titulares.

2. O prazo para obter a autorización de construción para as persoas promotoras con solicitudes de autorización administrativa previa e/ou de construción en tramitación con anterioridade á entrada en vigor desta lei será de tres anos, contado desde ese momento. A superación deste prazo sen que se obteña a autorización de construción facultará a dirección xeral competente en materia de enerxía para instar ao procedemento de caducidade do expediente e ao arquivamento das actuacións, coa condición de que as causas que orixinaron a falta de obtención das citadas autorizacións sexan directamente imputables á persoa solicitante.

3. Así mesmo, para os casos indicados no punto anterior, o prazo máximo para solicitar a autorización de explotación será de tres anos, contados a partir da data de notificación da autorización de construción. Superado este prazo sen que se solicite a autorización de explotación, a dirección xeral competente en materia de enerxía poderá iniciar os correspondentes procedementos de revogación das autorizacións administrativa previa e de construción, ou, de ser o caso, aprobación de proxecto, coa audiencia das persoas titulares.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.

Emenda nº62, de Supresión.

Débese suprimir toda a disposición transitoria cuarta.

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición transitoria quinta. Compromisos industriais e demais compromisos das persoas titulares de parques eólicos

1. As persoas titulares dos parques eólicos autorizados ou en tramitación á entrada en vigor desta lei manterán os compromisos industriais e os demais compromisos asociados aos devanditos parques, aínda que a persoa promotora opte por tramitar o expediente de acordo co procedemento establecido por esta lei.

2. No caso de que a persoa promotora solicite a desistencia de parques eólicos en tramitación ou renuncie á autorización administrativa de parques eólicos vinculados a calquera dos compromisos sinalados no punto anterior, aceptarase a renuncia ou a desistencia, así como a redución dos compromisos, proporcional á potencia do parque eólico do que se renuncia ou desiste, aplicándoselle os rateos de investimento por MW e emprego por MW, ou, no caso de supostos de monetarización, de euros por MW, correspondentes ao devandito plan. A aceptación da renuncia ou desistencia levará asociada a imposibilidade, tanto para a persoa titular como para sociedades nas que participe como accionista, de presentar novas solicitudes de autorización administrativa de parques eólicos por un período de dous anos desde esta aceptación, nas mesmas áreas de desenvolvemento eólico nas que se sitúen os proxectos en tramitación ou autorizados dos que se desistiu ou renunciou.

3. Só se poderá solicitar a renuncia ou a desistencia parcial da potencia admitida a trámite dun parque eólico se existen informes sectoriais preceptivos que o motiven.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº63, de Supresión.

Débese suprimir toda a disposición transitoria quinta.

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº43, ao apartado 1, de Supresión.

Débese suprimir no punto 1 a seguinte expresión:

", aínda que a persoa promotora opte por tramitar o expediente de acordo co procedemento establecido por esta lei."

_____

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derrogatoria primeira. Derrogacións expresas

Quedan expresamente derrogados:

a) O artigo 25 bis da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia.

b) O punto 7 do artigo 2 e a disposición adicional da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

c) O Decreto 138/2010, do 5 de agosto, polo que se establece o procedemento e as condicións técnico-administrativas para a obtención das autorizacións de proxectos de repotenciación de parques eólicos existentes na Comunidade Autónoma de Galicia.

d) O Decreto 162/2010, do 16 de setembro, polo que se regulan as entidades colaboradoras da Administración hidráulica de Galicia en materia de control de verteduras e calidade das augas.

e) A Orde da Consellaría de Innovación e Industria do 7 de setembro de 2007 sobre avais de acceso á rede de distribución de enerxía eléctrica.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº44, de Supresión.

Débese suprimir a totalidade da Disposición Derrogatoria Primeira.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº64, de Supresión.

Débese suprimir toda a disposición derrogatoria primeira.

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derrogatoria segunda. Cláusula xeral derrogatoria

Quedan derrogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan, contradigan ou resulten incompatibles co disposto nesta lei.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derradeira primeira. Modificacións da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia

Un. Modifícase o punto 1 do artigo 7 da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, que queda redactado como segue:

«1. As sociedades cooperativas de primeiro grao deberán estar integradas, polo menos, por dúas persoas socias.

Para estes efectos non se computarán as persoas socias a proba, excedentes e colaboradoras.»

Dous. Engádese un novo artigo 7 bis á Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, coa seguinte redacción:

«Artigo 7 bis. Especialidades das cooperativas de dúas persoas socias

Ás cooperativas que unicamente conten con dúas persoas socias seranlles especialmente aplicables, mentres permanezan nesa situación e aínda que os seus estatutos establezan outra cousa, as disposicións seguintes:

a) Todos os acordos sociais que requiran maioría de persoas socias ou de votos deberán adoptarse co voto favorable das dúas únicas persoas socias.

b) Poderán constituír o seu consello reitor con só dous membros, que, necesariamente, se distribuirán os cargos de presidente ou presidenta e secretario ou secretaria.

c) Non precisarán constituír ningún outro órgano.

d) Poderá encomendarse a liquidación destas cooperativas a unha ou dúas persoas socias liquidadoras.

e) O importe total das achegas de cada persoa socia ao capital social non poderá superar o 50 % deste.

f) No trámite de audiencia ao que se refire a alínea b) do punto 2 do artigo 141, na falta de órgano de administración, comparecerán as dúas persoas socias.

g) A cooperativa que permaneza máis de cinco anos con só dúas persoas socias virá obrigada, a partir do seguinte exercicio, a realizar unha dotación adicional á reserva obrigatoria do 2,5 ‰ da súa cifra de negocios anual.»

Tres. Modifícase o punto 3 do artigo 10 da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, que queda redactado como segue:

«3. A creación da sección de crédito recollerase nos estatutos e será aprobada pola asemblea xeral. O devandito acordo, elevado a escritura pública, así como o regulamento de réxime interno da sección, tamén aprobado pola asemblea xeral, deberán presentarse no Rexistro de Cooperativas de Galicia para o seu depósito e posterior inscrición do acordo, momento no que adquirirá eficacia xurídica.»

Catro. Modifícase o artigo 97 da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, que queda redactado como segue:

«Artigo 97. Características e competencia

1. O Rexistro de Cooperativas de Galicia é un rexistro xurídico dependente da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, adscrito á consellaría competente en materia de emprego.

2. O Rexistro de Cooperativas de Galicia é público.

3. Presúmese que o contido dos libros do rexistro é exacto e válido, e coñecido de todos, non podendo alegarse a súa ignorancia.»

Cinco. Modifícase o artigo 98 da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, que queda redactado como segue:

«Artigo 98. Funcións do Rexistro de Cooperativas de Galicia

1. O Rexistro de Cooperativas de Galicia asumirá as seguintes funcións:

a) Cualificar, inscribir e certificar os actos aos que se refire esta lei.

b) Habilitar e legalizar os libros obrigatorios das entidades cooperativas.

c) Recibir o depósito das contas anuais, así como a certificación acreditativa do número de persoas socias ao pechamento do exercicio económico.

d) Nomear auditores ou auditoras e outros expertos ou expertas independentes, por solicitude das entidades cooperativas e por conta destas.

e) Calquera outra atribuída por esta lei ou polas súas normas de desenvolvemento.»

Seis. Modifícase o punto 1 do artigo 104 da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, que queda redactado como segue:

«1. As cooperativas de traballo asociado están formadas por persoas naturais con capacidade legal e física para desenvolver a actividade cooperativizada.

A capacidade legal para ser socio ou socia rexerase pola lexislación civil e laboral. As persoas estranxeiras poderán ser socias de acordo co disposto na lexislación específica sobre a prestación do seu traballo en España.

A perda da condición de persoa socia dá lugar ao cesamento definitivo da prestación de traballo na cooperativa.»

Sete. Modifícase o punto 2 do artigo 134 da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, que queda redactado como segue:

«2. As unións, federacións e confederacións constituídas ao amparo desta lei, para adquirir a personalidade xurídica e plena capacidade de obrar, deberán depositar por medio das súas persoas promotoras no Rexistro de Cooperativas de Galicia escritura pública que deberá conter:

a) A relación das entidades promotoras, cos seus datos identificativos.

b) A certificación do acordo de asociación de, polo menos, o órgano de administración de cada unha delas.

c) A composición dos órganos de representación e goberno da entidade.

d) O certificado da Sección Central do Rexistro de Cooperativas da Administración xeral do Estado de que non existe outra entidade con idéntica denominación.

e) Os estatutos, que conterán como mínimo:

1º. A denominación, que deberá incluír, segundo proceda, os termos «unión de cooperativas», «federación de cooperativas» ou «confederación de cooperativas», ou as súas abreviaturas «u. de coop.», «f. de coop.» ou «c. de coop.».

2º. O domicilio e o ámbito territorial e funcional de actuación da entidade.

3º. Os órganos sociais, que serán como mínimo a asemblea xeral e os de representación, goberno e administración, coa regulación do seu funcionamento e do réxime de provisión electiva dos seus cargos.

4º. Os requisitos e procedementos para a adquisición e perda da condición de persoa asociada, así como o réxime de modificación de estatutos e de fusión e disolución da entidade.

5º. O réxime económico da entidade, co establecemento do carácter, da procedencia e do destino dos recursos.

6º. A regulación do dereito de voto, co establecemento de limitacións ao voto plural.

O Rexistro de Cooperativas de Galicia dispoñerá, no prazo de trinta días, a publicidade do depósito ou o requirimento ás súas persoas promotoras, por unha soa vez, para que no prazo doutros trinta días emenden os defectos observados. Transcorrido este prazo, o Rexistro dispoñerá a publicidade ou rexeitará o depósito mediante resolución exclusivamente fundada na carencia dalgún dos requisitos mínimos a que se refire este capítulo.

A publicidade do depósito realizarase no Diario Oficial de Galicia.

A entidade adquirirá personalidade xurídica e plena capacidade de obrar transcorridos trinta días hábiles desde que solicitou o

depósito sen que o Rexistro de Cooperativas de Galicia formulase reparos ou rexeitase o depósito.

A modificación dos estatutos das asociacións cooperativas xa constituídas axustarase ao mesmo procedemento regulado neste número.»

Oito. Modifícase o punto 3 do artigo 134 da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, que queda redactado como segue:

«3. As unións, federacións e confederacións de cooperativas deberán comunicarlle ao Rexistro de Cooperativas de Galicia, no prazo dun mes desde que se produza o feito, as altas e baixas das súas persoas socias directas, xuntando, nos casos de alta, certificación do acordo de asociarse.»

Nove. Modifícase o punto 2 do artigo 136, que queda redactado como segue:

«2. A representación das cooperativas realizarase a través das unións, federacións ou confederacións nas que aquelas se integren, en función da representación que teñan segundo os datos que consten no Rexistro de Cooperativas de Galicia.

Malia o previsto no parágrafo anterior, as cooperativas de crédito que non acaden o número suficiente para a constitución dunha unión das reguladas nesta lei, dado o seu especial obxecto e finalidade así como a súa suxeición á normativa específica, poderán contar cunha persoa que as represente no Consello.

Unha destas persoas representantes exercerá o cargo de vicepresidente ou vicepresidenta.»

Dez. Modifícase a alínea a) do punto 5 do artigo 139 da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, que queda redactada como segue:

«a) Persoas titulares das xefaturas territoriais da consellaría competente en materia de traballo, ata 6.000 euros.»

Once. Modifícase a alínea b) do punto 2 do artigo 141 da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, que queda redactada como segue:

«b) No trámite de audiencia comparecerá o órgano de administración ou, na súa falta, as persoas socias, en número non inferior a dúas. Cando non se produza a devandita comparecencia, o trámite cumprirase mediante a correspondente publicación no Diario Oficial de Galicia.»

Doce. Modifícase a alínea c) do punto 2 da disposición adicional novena da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, que queda redactada como segue:

«c) A inscrición dos actos de constitución, modificación de estatutos, disolución, reactivación, liquidación e extinción das sociedades cooperativas xuvenís poderá realizarse en virtude de documentos de carácter privado cos mesmos requisitos que os previstos para as escrituras públicas nesta lei, no que resulte procedente. As sinaturas que consten nos documentos deberán estar lexitimadas notarialmente ou autenticadas polo rexistro de cooperativas que resulte competente para a inscrición dos referidos actos. Cando a publicación dos acordos referidos aos devanditos actos resulte preceptiva, realizarase no Diario Oficial de Galicia e será tramitada polo rexistro de cooperativas competente con carácter gratuíto, sen que resulte obrigatoria a publicación nun dos diarios de maior circulación da provincia do domicilio social da cooperativa.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº65, de Supresión.

Débese suprimir toda a disposición derradeira primeira.

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derradeira segunda. Modificación da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común

Modifícase o anexo II, «Relación de procedementos nos que o silencio administrativo produce efectos desestimatorios», da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na epígrafe correspondente á Consellería de Medio Ambiente, na que o procedemento que se menciona a seguir queda redactado como segue:

«Tipo de procedemento: Autorización de actividades, obras, instalacións e usos permitidos na zona de servidume de protección do dominio marítimo-terrestre.

Sentido do silencio: Negativo, por razóns de protección do medio ambiente, consonte o establecido no artigo 24 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, agás nos casos de solicitude de autorización de aproveitamentos de masas forestais poboadas das especies que non estean incluídas no anexo I da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, en cuxo caso o sentido do silencio será positivo, sempre que non consten no procedemento informes emitidos polos órganos competentes en materia de protección do litoral que sexan contrarios ao aproveitamento forestal pretendido, e sen prexuízo da obriga de reforestación eficaz de acordo co establecido na normativa básica estatal en materia de costas.

Normativa reguladora: Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, e Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº66, de Supresión.

Débese suprimir toda a disposición derradeira segunda.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº22, de Supresión.

Emenda de supresión Disposición derradeira segunda.

Suprimir a Disposición derradeira segunda.

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derradeira terceira. Modificación da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza

Modifícase o punto 2 do artigo 16 da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, que queda redactado como segue:

«2. Nestas áreas poderanse seguir levando a cabo de maneira ordenada os usos e as actividades tradicionais que non vulneren os valores protexidos. Para o resto das actuacións, incluíndo a realización de edificacións, será precisa a autorización da consellaría competente en materia de medio ambiente, agás no caso dos aproveitamentos madeireiros, que se rexerán polo establecido na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, ou norma que a substitúa.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº45, de Supresión.

Débese suprimir ao remate do punto 2. a seguinte expresión: "agás no caso dos aproveitamentos madeireiros, que se rexerán polo establecido na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, ou norma que a substitúa."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº67, de Supresión.

Débese suprimir toda a disposición derradeira terceira

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº23, de Supresión.

Emenda de supresión, Disposición derradeira terceira.

Suprimir a Disposición derradeira terceira.

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derradeira cuarta. Modificacións da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia

Un. Modifícanse as epígrafes 01, 03, 05 e 07 do apartado 37 do anexo III da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, que quedan redactadas como segue:

«01 Verificación de capacidades da persoa solicitante e requisitos técnicos do proxecto: 2.525 €.»

«03. Autorización administrativa de transmisión de parques eólicos e infraestruturas de evacuación: 505 €.»

«05. Solicitude de modificacións substanciais de parques eólicos: 3.030 €.»

«07. Solicitude de modificación de plans industriais: 1.515 €.»

Dous. Engádese unha nova epígrafe 08 no apartado 37 do anexo III da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, coa seguinte redacción:

«08. Solicitude modificacións non substanciais de parques eólicos: 1.515 €.»

Tres. Engádese unha nova epígrafe 09 no apartado 37 do anexo III da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, coa seguinte redacción:

«09. Solicitude administrativa de pechamento de parques eólicos e infraestruturas de evacuación: 1.515 €.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº68, de Supresión.

Débese suprimir toda a disposición derradeira cuarta.

_____

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derradeira cuarta bis). **Modificación da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega**

Modifícase o número 3 do artigo 23 da Lei 2/2005, de 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, que queda redactado como segue:
"3. Empresas artesanais alimentarias son aquelas que realizan unha actividade artesanal alimentaria, a través de procesos de elaboración que dean lugar a un produto final individualizado, respectuoso co medio ambiente e con características diferenciais, nas que a intervención persoal do artesán constitúe un factor predominante.
As condicións técnicas específicas necesarias para a produción artesanal dos produtos alimentarios referidos nesta lei, así como as especialidades nos devanditos produtos en función do proceso de elaboración, determinaranse regulamentariamente."

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derradeira quinta. Modificacións da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia

Un. Modifícase o artigo 17 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, que queda redactado como segue:
«Artigo 17. Actuacións previas
Con carácter previo ao comezo do procedemento para o outorgamento de dereitos mineiros sometidos a avaliación ambiental, a persoa promotora poderá solicitar, a través do órgano mineiro, a elaboración do documento de alcance do estudo de impacto ambiental, para o que deberá presentar o documento inicial do proxecto de conformidade coa lexislación de avaliación ambiental vixente.»
Dous. Modifícase o artigo 18 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, que queda redactado como segue:
«Artigo 18. Solicitudes de dereitos mineiros
1. Toda solicitude de dereitos mineiros incluirá, polo menos, a seguinte documentación:
a) Un modelo normalizado de solicitude.
b) Unha memoria, que comprenderá o proxecto de exploración, investigación ou explotación e os proxectos de instalacións mineiras e procesos produtivos, cuxo contido se establecerá regulamentariamente.
c) Un informe de viabilidade e solvencia, que acredite que a persoa solicitante reúne os requisitos exixidos na lexislación mineira para poder ser titular de dereitos mineiros, especialmente a súa solvencia económica e técnica.
A xustificación da solvencia económica da persoa solicitante poderá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:
— (...)
— Tratándose de persoas xurídicas, a presentación das contas anuais ou extracto delas.
— Unha declaración relativa á cifra de negocios global e dos traballos mineiros realizados pola persoa solicitante no curso dos cinco últimos anos.
— Calquera outra documentación considerada como suficiente polo órgano mineiro competente.
A solvencia técnica da persoa solicitante poderá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:
— Titulacións académicas e profesionais e experiencia dos efectivos persoais da empresa.

— Unha declaración dos medios materiais e equipo técnico dos que dispoñerá a persoa solicitante para a execución do seu programa mineiro.
— Unha declaración sobre os efectivos persoais da empresa, indicando, de ser o caso, o grao de estabilidade no emprego deles e a importancia dos seus equipos directivos durante os últimos cinco anos.
— Calquera outra documentación establecida regulamentariamente.
d) No caso dos dereitos mineiros sometidos á avaliación ambiental, o correspondente documento ambiental de conformidade co establecido na lexislación vixente.
e) Un plan de seguridade e saúde laboral.
f) Un plan de restauración do espazo afectado polas actividades mineiras.
g) Un calendario de execución e orzamento.
h) Planos.
i) Anexos.
j) De ser o caso, a documentación exixida pola normativa sectorial correspondente a eventuais autorizacións necesarias doutras administracións públicas.
k) Certificado municipal sobre a situación urbanística do lugar onde se pretende levar a cabo a explotación.
l) Calquera outra documentación e información acreditativa do cumprimento de requisitos establecidos na lexislación sectorial aplicable.
2. Á solicitude dos dereitos mineiros achegarase un resumo non técnico de todas as indicacións especificadas no punto anterior, para facilitar a súa comprensión para efectos do trámite de información pública.
3. A determinación dos datos que, a xuízo da persoa solicitante, gocen de segredo profesional e de propiedade intelectual e industrial, así como os que estean suxeitos a protección de carácter persoal e a confidencialidade de acordo coas disposicións vixentes.»
Tres. Modifícase o artigo 19 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, que queda redactado como segue:
«Artigo 19. Condicións especiais da solicitude de dereitos mineiros da sección A)
Ademais da documentación exixida no artigo 18, á solicitude de dereitos mineiros da sección A) achegarase a documentación que acredite o dereito ao aproveitamento cando o xacemento se atope en terreos de propiedade privada, de conformidade coa lexislación específica de minas. Cando o xacemento se atope en terreos de propiedade pública, será necesario o oportuno título habilitante da administración titular.»

Catro. Modifícase o artigo 20 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, que queda redactado como segue:

«Artigo 20. Condicións especiais da solicitude de dereitos mineiros da sección B)

Ademais da documentación exixida no artigo 18, a solicitude de dereitos mineiros sobre xacementos de orixe non natural, estruturas subterráneas e ocos resultantes de canteiras exixirá a declaración previa da súa cualificación como recursos da sección B), realizada polo órgano mineiro competente.»

Cinco. Modifícase o artigo 21 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, que queda redactado como segue:

«Artigo 21. Condicións especiais para a declaración da utilidade pública ou interese social, en concreto, e a necesidade de ocupación

1. Naqueles casos en que a Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas, ou norma que a substitúa, declara implícita a utilidade pública no outorgamento do dereito mineiro, a persoa promotora deste poderá solicitar a declaración da necesidade de ocupación dos bens ou dereitos que sexan indispensables para o inicio do proxecto, sen prexuízo da posibilidade de futuros expedientes expropiatorios para o desenvolvemento da totalidade do proxecto.

Para o anterior deberase presentar, xunto coa documentación recollida no artigo 18, unha relación concreta e individualizada, na que se describan, en todos os aspectos, material e xurídico, os bens ou dereitos que considere de necesaria ocupación.

2. Naqueles casos en que a Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas, ou norma que a substitúa, prevexa a posibilidade da declaración da utilidade pública, a persoa promotora do dereito mineiro poderá solicitar a declaración de utilidade pública ou interese social, en concreto, e da necesidade de ocupación dos bens ou dereitos que sexan indispensables para o inicio do proxecto ou a construción da instalación, sen prexuízo da posibilidade de futuros expedientes expropiatorios para o desenvolvemento da totalidade do proxecto.

Para o anterior deberase presentar, xunto coa documentación recollida no artigo 18, unha xustificación da importancia e das razóns para a declaración da utilidade pública, en concreto, incluíndo unha relación concreta e individualizada dos bens e dereitos que a persoa solicitante considere de necesaria expropiación, na que se xustificarán os motivos polos que non foi posible chegar a un acordo que a evite.

3. O órgano mineiro realizará a publicación da relación de bens e dereitos no Boletín Oficial del Estado, no da provincia respectiva e nun dos diarios de maior circulación da provincia,

se o houber, e comunicarállela ademais aos concellos en cuxo termo municipal radique o ben ou dereito que se vai ocupar para a súa exposición no taboleiro de anuncios, para que dentro dun prazo de quince días, contados a partir da última publicación, as persoas interesadas poidan formular alegacións sobre a procedencia da ocupación ou disposición dos bens e o seu estado material ou legal.

Notificarase individualmente a cada persoa titular de dereitos ou bens afectados, que poderán, durante o transcurso do prazo fixado no parágrafo anterior, achegar cantos datos permitan a rectificación dos posibles erros que se consideren cometidos na relación que se fixese pública.

4. A resolución que outorgue o dereito mineiro así tramitado declarará, de ser o caso, a utilidade pública ou interese social, en concreto, e a necesidade de ocupación dos terreos para os efectos da Lei do 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa, ou norma que a substitúa, e iniciará o expediente expropiatorio, sen prexuízo da posibilidade de convir a adquisición dos bens ou dereitos que son obxecto daquela libremente e por mutuo acordo. Neste último caso, logo de convidos os termos da adquisición amigable, darase por concluído o expediente expropiatorio.»

Seis. Modifícase o artigo 22 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, que queda redactado como segue:

«Artigo 22. Emenda das solicitudes

Se a solicitude de iniciación non reúne os requisitos sinalados nesta lei, requirirase a persoa interesada para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa indicación de que, se así non o fixer, se terá por desistida da súa petición, logo de resolución motivada.»

Sete. Modifícase o artigo 23 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, que queda redactado como segue:

«Artigo 23. Consulta ás administracións públicas e información pública

1. Logo de completada a documentación, de acordo co establecido nos artigos anteriores, para os dereitos mineiros de aproveitamento ou explotación solicitaranse os seguintes informes preceptivos:

a) O informe do concello ou concellos que teñan o dereito mineiro dentro do seu termo municipal.

b) O informe do órgano con competencias en materia de medio ambiente.

c) O informe sobre o patrimonio cultural, cando proceda.

d) O informe do órgano con competencias en materia de dominio público hidráulico, cando proceda.

e) O informe sobre dominio público marítimo-terrestre, cando proceda.
f) Os demais informes que sexan preceptivos segundo as disposicións legais aplicables e os que se xulguen necesarios para resolver, citándose o precepto que os exixa ou fundamentando, de ser o caso, a conveniencia de reclamalos.

g) O informe do órgano con competencias en materia de ordenación agraria.
2. Os informes sinalados no punto anterior deberán pronunciarse sobre a existencia de usos de interese público da competencia dos órganos que os emitan, para os efectos da tramitación da correspondente peza separada de compatibilidade e, de ser o caso, prevalencia, segundo o establecido no artigo seguinte.
3. Os informes deberán emitirse no prazo dun mes desde a recepción do expediente completo. Transcorrido o prazo sen que se recibisen, o procedemento continuará se o órgano mineiro conta con elementos de xuízo suficientes para determinar a compatibilidade do dereito mineiro con outros usos de interese público. Neste caso, non se terán en conta os pronunciamentos antes referidos que se reciban posteriormente.
Se o órgano mineiro non tiver os elementos de xuízo suficientes, ben porque non se recibiron os informes das administracións públicas competentes que resulten relevantes ou ben porque, téndose recibido, estes resultan insuficientes para decidir, requirirá a persoa titular do órgano xerarquicamente superior daquel que tería que emitir o informe para que, no prazo de dez días hábiles, contados a partir da recepción do requirimento, ordene ao órgano competente a entrega do correspondente informe no prazo de dez días hábiles, sen prexuízo das responsabilidades en que puider incorrer o responsable de demora. No caso de que non se recibise o informe transcorrido o prazo anterior, o órgano mineiro continuará coa tramitación do procedemento.
4. Posteriormente, abrirase un período de información pública que non será inferior a trinta días.»
Oito. Modifícase o artigo 25 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, que queda redactado como segue:
«Artigo 25. Formas de finalización dos procedementos de outorgamento de autorizacións, permisos ou concesións mineiras
1. Os expedientes sobre os dereitos mineiros regulados nesta lei que se tramiten para o outorgamento de autorizacións, permisos ou concesións finalizarán polas causas previstas

neste artigo e polas previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou norma que a substitúa.
2. Poñerán fin ao procedemento a resolución, a desistencia e a renuncia ao dereito en que se fundamente a solicitude, cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, e a súa caducidade.
3. Finalizado o expediente por calquera das causas previstas neste artigo, así o fará constar de oficio a consellaría competente en materia de minas no correspondente Rexistro Mineiro de Galicia.»
Nove. Modifícase o punto 1 do artigo 26 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, que queda redactado como segue:
«1. O órgano mineiro competente ditará a resolución que poña fin ao procedemento no prazo máximo de doce meses, e incorporará, se é o caso, os condicionamentos que resulten dos informes preceptivos.
A emisión do correspondente informe polo órgano sectorial competente substituirá, para todos os efectos, as correspondentes autorizacións que, consonte a lexislación sectorial aplicable, a persoa solicitante estea obrigada a solicitar deses órganos consultados no exercicio das súas competencias, debendo adecuarse o contido do informe a aquel previsto na normativa sectorial para a correspondente autorización.»
Dez. Engádese unha nova alínea e) ao punto 2 do artigo 28 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, coa seguinte redacción:
«e) As correspondentes autorizacións sectoriais, (...).»
Once. Modifícase o artigo 32 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, que queda redactado como segue:
«Artigo 32. Garantías financeiras
1. A persoa titular dun dereito mineiro deberá constituír unha garantía financeira ou equivalente suficiente antes da perceptiva comunicación do comezo dos traballos, sendo responsable do seu mantemento nos termos sinalados neste artigo.
2. As formas de constitución de garantías financeiras ou equivalentes poderán ser, entre outras, fondos de provisión internos constituídos por depósito en entidades financeiras e garantías financeiras en custodia dun terceiro, tales como bonos e avais emitidos por entidades bancarias, así como contratos de seguros que cubran a responsabilidade civil da entidade explotadora derivada do incumprimento do disposto no plan de restauración autorizado.

3. A contía da garantía corresponderá á suma de dous conceptos: un responderá do cumprimento das obrigas de financiamento e viabilidade dos traballos mineiros e outro responderá do cumprimento do plan de restauración ambiental.
Respecto da garantía que responde do cumprimento das obrigas de financiamento e viabilidade dos traballos mineiros, o seu importe será do 4 % do orzamento de investimento, no caso dunha autorización de aproveitamento ou dunha concesión de explotación, e dun 20 % para os permisos de exploración ou investigación.
Esta garantía deberá ser revisada por petición do titular mineiro cando este xustifique a execución total ou parcial do proxecto de explotación aprobado.
4. Respecto da garantía que responderá do cumprimento do plan de restauración ambiental, determinarase a súa contía de acordo cos seguintes criterios:
a) Custo real de todos os traballos de restauración conforme o proxecto de restauración aprobado.
b) Área afectada en cada ano de investigación ou de explotación.
c) Calendario e programa de execución.
d) Uso actual e previsto do solo.
A garantía revisarase anualmente tendo en conta os traballos de rehabilitación xa realizados e das superficies novas afectadas conforme o disposto no plan anual de labores.
5. A garantía financeira ou equivalente constituirase de forma que se asegure a existencia de fondos facilmente dispoñibles en calquera momento por parte da autoridade competente para a rehabilitación dos terreos afectados.
6. Unha vez finalizada a execución do plan de restauración, a entidade explotadora solicitara á autoridade competente, por escrito, a liberación da garantía financeira correspondente. Está emitirá informe motivado no prazo de dous meses."
Doce. Modifícase o capítulo III do título IV da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, que queda redactado como segue:
«CAPÍTULO III
Concursos de dereitos mineiros

Artigo 35. Convocatoria de concursos de dereitos mineiros

1. O outorgamento de dereitos mineiros sobre os terreos francos resultantes do levantamento dunha zona de reserva ou a declaración de caducidade dun permiso de exploración, un permiso de investigación ou unha concesión mineira resolverase polo correspondente concurso público regulado neste artigo e demais normativa aplicable.

Para estes efectos, a declaración de caducidade dun dereito mineiro comportará a declaración do terreo como franco e a inmediata publicación dela no Boletín Oficial del Estado e no Diario Oficial de Galicia. No prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da última publicación, quen estea interesado naquel dereito caducado poderá presentar solicitudes sobre el.

2. Na solicitude indicarase claramente o tipo de dereito que se solicita e sobre que dereito mineiro caducado se solicita, achegando o seguinte contido mínimo que se presentará en dous sobres pechados:

a) No primeiro sobre incluirase a documentación acreditativa da capacidade xurídica e de obrar da persoa solicitante e da representación, así como o resgardo da fianza provisional, que consistirá no 10 % da taxa correspondente ás solicitudes de dereitos mineiros establecida na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, ou norma que a substitúa.

b) O segundo sobre conterá a designación do terreo que se pretende, os documentos requiridos para as solicitudes de dereitos mineiros e unha declaración responsable dos documentos presentados.

Artigo 36. Resolución de concursos de dereitos mineiros

1. No caso de que non se formulen solicitudes, o órgano mineiro competente declarará de oficio o terreo como rexistrable, e publicarao no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial del Estado.

2. No caso de que se presenten varias solicitudes sobre o mesmo dereito mineiro caducado, abrirase unha fase de concorrencia competitiva, na que se establecerá a orde de prelación para a tramitación delas, de acordo coa valoración obtida por aplicación dos criterios de selección das propostas máis vantaxosas.

Entenderase por propostas máis vantaxosas as que ofrezan as mellores condicións científicas e técnicas e as maiores vantaxes económicas e sociais, atendendo, como mínimo, os seguintes criterios:

a) A calidade técnica do proxecto e as garantías que se ofrezan da súa viabilidade.

b) O impacto do proxecto no desenvolvemento e mellora das condicións económicas e sociais da zona de implantación.

A valoración dos criterios de selección deberá quedar establecida na resolución de declaración de caducidade.

3. A apertura das ofertas será verificada por unha mesa constituída por:

a) A persoa titular da dirección xeral competente en materia de minas ou persoa en quen delegue, que actuará como presidente ou presidenta.

b) A persoa titular da xefatura do Servizo de Xestión Mineira ou un enxeñeiro ou enxeñeira de minas designado pola persoa titular da dirección xeral, que actuará como secretario ou secretaria da mesa.

c) Un membro do corpo de letrados da Xunta de Galicia.

d) A persoa titular da intervención delegada da consellaría competente en materia de minas ou persoa en quen delegue.

e) Unha persoa representante da correspondente xefatura territorial da consellaría competente en materia de minas.

Constituída a mesa, no prazo de dez días desde a finalización do prazo para a presentación de solicitudes, procederase á apertura de sobres na orde habitual para eliminar, de ser o caso, as solicitudes inadmisibles por causa da persoa solicitante ou do resgardo da fianza. Ao acto de constitución da mesa poderán asistir as persoas que presentasen as solicitudes.

4. O concurso resolverao o órgano mineiro competente no prazo máximo de tres meses, contados desde o día seguinte á última publicación da convocatoria. Transcorrido o prazo sen que recaese resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

5. De non se aceptar ningunha das solicitudes presentadas, o concurso poderá declararse deserto e os terreos non adxudicados poderán ser declarados rexistrables pola Administración mineira. Esa declaración deberase publicar no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial del Estado, coa

indicación de que poderán ser solicitados logo de transcorridos oito días desde a súa última publicación.»

Trece. Modifícase o capítulo IV do título IV da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, que queda redactado como segue:

«CAPÍTULO IV
Coordinación con outras lexislacións sectoriais

Artigo 37. Coordinación co procedemento de avaliación ambiental

1. Non poderán outorgarse dereitos mineiros sen que previamente se ditase a declaración ambiental, cando sexa necesaria consonte a lexislación vixente.

2. Para estes efectos, o órgano ambiental competente, en canto formule a declaración ambiental, remitirá unha copia dela ao órgano mineiro, que incorporará o seu condicionado ao contido dos dereitos mineiros.

Artigo 38. Coordinación co réxime urbanístico aplicable

O exercicio dos dereitos mineiros estará condicionado á obtención do correspondente título habilitante municipal de natureza urbanística, consonte a normativa aplicable.»

Catorce. Modifícase a disposición adicional segunda da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, que queda redactada como segue:

«Disposición adicional segunda. Normas de procedemento

En todos aqueles aspectos non regulados nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento, os procedementos en materia mineira rexeranse polas normas contidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou norma que a substitúa.»

Quince. Engádese unha nova disposición adicional sexta á Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, co seguinte contido:

"Disposición adicional sexta. Actuacións no caso de incautación da garantía financeira

No caso de que o órgano competente en materia de minas ordene a incautación da garantía financeira ou equivalente para a rehabilitación do espazo natural afectado pola explotación, preparación, concentración e beneficio de recursos minerais, deberá tramitarse o procedemento, que se definirá regulamentariamente, para a execución da posta en seguridade e restauración do espazo natural."

Dezaseis. Engádese unha nova disposición adicional sétima á Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, co seguinte contido:

"Disposición adicional sétima. Actuacións no caso de renuncia voluntaria ou incumprimento dun dereito mineiro

No caso de renuncia voluntaria da persoa titular ou incumprimento por parte desta da normativa mineira que motive a caducidade dun dereito mineiro das seccións C) e D), poderá caducarse o dereito sen a restauración do espazo natural afectado, cando así o considere o órgano mineiro tendo en conta as reservas existentes e a importancia do recurso, para os efectos de convocar un concurso do dereito para continuar co seu aproveitamento. A devolución da garantía depositada para a restauración quedará condicionada ao depósito da correspondente garantía pola nova persoa titular do dereito. No caso de non se outorgar o dereito no concurso indicado, requiriráselle á persoa titular anterior a restauración do espazo natural afectado coa advertencia da execución do aval depositado no caso de non realizala."

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº69, de Supresión.

Débese suprimir toda a disposición derradeira quinta.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº24, de Supresión.

Emenda de supresión, Disposición derradeira quinta.

Suprimir a Disposición derradeira quinta.

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº58, ao apartado Un bis), de Adición.

Débese engadir un punto "Un.bis) co seguinte texto:

"Un bis) Modifícase o artigo 12 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, que queda redactado como segue:
Artigo 12. Criterios orientadores
Os criterios que inspirarán o Plan sectorial de actividades extractivas de Galicia serán os seguintes:
a) Os recursos xeolóxicos deben ser usados de forma eficiente para satisfacer as necesidades da poboación e non os intereses das empresas, sendo a prevención, o control da demanda e o principio de precaución,prioritarios sobre a produción.
b) A participación da sociedade na elaboración, deseño e execución da política mineira debe garantirse plenamente. Os recursos minerais son limitados e son patrimonio natural dos galegos e galegas, e calqueia decisión estratéxica sobre eles debe de ser posterior a un profundo exercicio de participación democrática, nomeadamente das comunidades locais.
c) Debe establecer zonas de exclusión para as actividades mineiras declarándoas como áreas "non rexistrables".
d) En calquera caso, a extracción de minerais debe ser compatible co respecto escrupuloso ao medio ambiente e ao noso patrimonio cultural e etnográfico e cos usos actuais do solo que se dan actualmente na economía local.
e) Prohibir a extracción de minerais metálicos e outros elementos tecnolóxicos polo sistema de ceo aberto. O uso do cianuro debe prohibirse en todo caso, así como o emprego de substancias perigosas ou metodoloxías que poidan poñer en risco a saúde ambiental e cidadá se non existen alternativas. A este respecto, as técnicas de fracking non deben estar permitidas en todo o territorio galego, incluída a plataforma continental.
f) A racionalización do emprego de recursos naturais.
g) La promoción de la investigación, el desarrollo y la innovación en las propiedades y aplicaciones de los materiales, así como en los procesos de producción, tratamiento y aprovechamiento de subproductos.
h) La búsqueda de una mayor vinculación de la minería con la mejora de la economía de las zonas en que se sitúen las explotaciones y el fomento de la creación de empleo.
i) Todos os xacementos de minerais tecnolóxicos existentes no subsolo de Galicia, incluída a plataforma continental, deben considerarse estratéxicos para o país. Polo tanto, a Xunta debería declarar ou instar á declarar estes xacementos como zonas de reserva, impedindo o seu aproveitamento

especulativo por empresas privadas, incorporando sempre que en caso execepcional se opte pola extracción porque beneficie o interese xeral, a participación pública.
j) Apoio á implantación de industrias que permitan o peche de todos os ciclos de transformación para a producción existente.
k) O obxectivo prioritario é a contención da expansión en ocupación de superficie e o aumento do valor engadido dos sectores existentes na actualidade.
l) El carácter temporal de la explotación minera respecto a la ordenación del territorio y los usos del suelo.
m) La identificación de zonas con potencial minero.
n) La mejora de la seguridad de las explotaciones mineras y de sus establecimientos de beneficio."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº57, ao apartado Cinco, de Supresión.

Débese suprimir no punto "Cinco" a totalidade do artigo 21 da Lei 3/2008, do 23 de maio.

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº52, ao apartado Sete.23.1, de Supresión.

Débese suprimir no apartado Sete, artigo 23.1.f) a seguinte expresión:

"citándose o precepto que os esixa ou fundamentando, de ser o caso, a conveniencia de reclamalos. "

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº53, ao apartado Sete.23.2, de Supresión.

Débese suprimir no apartado Sete, artigo 23.2., a seguinte expresión:
", segundo o establecido no artigo seguinte."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº54, ao apartado Sete.23.3, de Supresión.

Débese suprimir no artigo 23, segundo parágrafo do punto 3 a seguinte expresión:

"No caso de non terse recibido o informe transcorrido o prazo anterior, o órgano mineiro continuará coa tramitación do procedemento."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº55, ao apartado Sete.23.3, de Substitución.

Débese substituír no artigo 23., o texto do primeiro parágrafo do punto 3 polo seguinte:

"3. Os informes deberán emitirse no prazo de dous meses desde a recepción do expediente completo."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº56, ao apartado Sete.23.4, de Substitución.

Débese substituir no artigo 23, punto 4 a seguinte expresión:
Onde di: "trinta días" debe dicir: "sesenta días"

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº50, ao apartado Nove.1, de Supresión.

Débese suprimir no artigo 26 o texto do segundo parágrafo do punto 1 que dí así:

"A emisión do correspondente informe polo órgano sectorial competente substituirá, para todos os efectos, as correspondentes autorizacións que, consonte a lexislación sectorial aplicable, a persoa solicitante estea obrigada a solicitar deses órganos consultados no exercicio das súas competencias, debendo adecuarse o contido do informe a aquel previsto na normativa sectorial para a correspondente autorización."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº46, ao apartado Doce.35.1, de Substitución.

Débese substituír o texto do punto 1 do artigo 35 polo seguinte:

"1. O outorgamento de dereitos mineiros sobre os terreos francos resultantes do levantamento dunha zona de reserva, un permiso de investigación ou unha concesión mineira resolverase polo correspondente concurso público regulado neste artigo e demais normativa aplicable."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº47, ao apartado Doce.36.1, de Supresión.

Débese suprimir o texto do apartado 1 do artigo 36 no Punto Doce.

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº48, ao apartado Doce.36.2, de Substitución.

Débese substituír o texto do apartado 2.b) do artigo 36 no Punto Doce, polo seguinte:

"b) O impacto do proxecto na zona de implantación."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº51, ao apartado Once.32, de Substitución.

Débese substituír o texto do punto 3 do artigo 32 polo seguinte:

"3. A garantía fixa responderá do cumprimento das obrigas de financiamento e viabilidade dos traballos mineiros. O seu importe será do 15 % do orzamento de financiamento, no caso dunha autorización de aproveitamento ou dunha concesión de explotación, e dun 30 % para os permisos de exploración ou investigación."

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derradeira sexta. Modificacións da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental

Un. Modifícase a alínea c) do artigo 1 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, que queda redactada como segue:
«c) O establecemento dun procedemento para a autorización administrativa das instalacións de parques eólicos, baseado nos principios de libre competencia, transparencia, simplicidade, publicidade e axilización administrativa, que garanta o pleno respecto á seguridade xurídica.»
Dous. Modifícanse os puntos 5 e 6 do artigo 2 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, que quedan redactados como segue:
«5. Instalacións de conexión: segundo se define no artigo 30 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, enténdese por instalacións de conexión de centrais de xeración aquelas que sirvan de enlace entre unha ou varias centrais de xeración de enerxía eléctrica e a correspondente instalación de transporte ou distribución, incluíndo liñas e subestacións.
6. Poligonal de delimitación dun parque eólico: área efectivamente afectada pola instalación dun parque eólico determinada no seu proxecto de execución.»
Tres. Modifícase o punto 2 do artigo 3 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, que queda redactado como segue:
«2. Quedan excluídos do ámbito de aplicación desta lei:
a) As instalacións eólicas de potencia menor ou igual a 100 kW.
b) Os parques eólicos experimentais que leven asociado un alto compoñente de investigación en I+D+i, definidos no artigo 3 do Decreto 30/2011, do 17 de febreiro, polo que se establece o procedemento para a autorización de parques eólicos experimentais con alto compoñente de I+D+i na Comunidade Autónoma de Galicia, ou norma que o substitúa.

c) As instalacións de xeración eólica para o autoconsumo asociadas a unha instalación de potencia eléctrica contratada superior á potencia eólica que se pretenda instalar.»

Catro. Modifícase o punto 2 do artigo 12 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, que queda redactado como segue:

«2. A devindicación producirase na data de outorgamento da autorización de explotación do parque eólico e o primeiro día do ano natural nos sucesivos anos nos que a autorización administrativa estea vixente, ata o seu desmantelamento e restitución ambiental dos terreos afectos pola instalación.»

Cinco. Modifícase o artigo 16 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, que queda redactado como segue:

"Artigo 16. Bonificacións na cota

1. Cando como consecuencia dun proxecto de modificación de parques eólicos preexistentes en funcionamento que supoña unha substitución total ou parcial dos aeroxeradores por outros de maior potencia, e que dean lugar a unha redución efectiva das unidades de aeroxeradores que non supoña tramo diferente de base, a contía da cota que debe satisfacerse, no período correspondente á dita redución, bonificarase nunha porcentaxe resultante de multiplicar por 10 o número de unidades de aeroxeradores reducidas.

2. Esta bonificación terá carácter rogado e o seu recoñecemento estará condicionado á comunicación do proxecto de modificación de parques eólicos á dirección xeral competente en materia de enerxía e á acreditación efectiva polo devandito órgano do cumprimento das condicións sinaladas no punto anterior".

Seis. Modifícase o título IV da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, que queda redactado como segue:

«TÍTULO IV

Procedemento de autorización administrativa das instalacións de parques eólicos

Artigo 27. Réxime de autorizacións administrativas

1. A posta en funcionamento, a modificación substancial, o pechamento temporal, a transmisión e o pechamento definitivo

de parques eólicos estarán sometidos, con carácter previo, ao réxime de autorizacións establecidas no artigo 53 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, e á súa normativa de desenvolvemento, ou normas que as substitúan.

2. O procedemento administrativo de autorizacións para a instalación de parques eólicos iniciarase por solicitude da persoa interesada e tramitarase de acordo co especificado nesta lei.

3. Segundo o establecido no punto 5 do artigo 21 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, ou norma que a substitúa, e por petición da persoa promotora, poderase solicitar a tramitación das autorizacións administrativas necesarias das infraestruturas de evacuación conxuntamente coa solicitude de autorización administrativa previa e de construción do parque eólico.

Artigo 28. Avais

1. Antes de iniciar os trámites de solicitude da autorización administrativa previa e de construción, as persoas promotoras depositarán na Caixa Xeral de Depósitos da Xunta de Galicia a garantía económica á que fan referencia os artigos 59 bis e 66 bis do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, ou norma que o substitúa, segundo corresponda coa rede de transporte ou coa rede de distribución.

2. Quedan eximidas do depósito da devandita garantía aquelas modificacións de instalacións en explotación que non supoñan incrementos sobre a capacidade de acceso previamente concedida.

3. A garantía económica será cancelada cando a persoa solicitante obteña a autorización de explotación definitiva da instalación.

4. A desistencia na construción da instalación, a caducidade dos procedementos de autorización administrativa da instalación ou o incumprimento dos prazos previstos nas autorizacións preceptivas supoñerán a execución da garantía. Porén, o órgano competente poderá exceptuar a execución da garantía depositada polo titular dunha instalación se a desistencia na construción desta vén dada por circunstancias

impeditivas que non sexan nin directa nin indirectamente imputables á persoa interesada e así fose solicitado por esta ao devandito órgano.

5. A garantía constituída será devolta á persoa promotora no caso de inadmisión da solicitude á que se fai referencia no artigo 33.3.

Artigo 29. Presentación de solicitudes de autorización administrativa previa e de construción

1. O procedemento administrativo de autorizacións para a instalación de parques eólicos iniciarase por solicitude da persoa interesada e tramitarase de acordo co especificado neste título.

2. Só se poderá solicitar o inicio dun procedemento de autorización administrativa previa e de construción dun parque eólico se a persoa solicitante e o parque eólico cumpren cos requisitos que se establecen nos artigos 30 e 31. Non serán admitidas aquelas solicitudes que incumpran estes requisitos.

3. As solicitudes presentaranse exclusivamente a través de medios electrónicos que se habilitarán para o efecto regulamentariamente e dirixiranse á dirección xeral competente en materia de enerxía, de acordo co establecido no punto 5 do artigo 16 e no artigo 66 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou norma que a substitúa.

4. O modelo normalizado de solicitude de autorización aprobarase por orde da consellaría competente en materia de enerxía, así como a documentación necesaria que se achegará a aquela, que se presentará en formato electrónico e, cando menos, conterá:

a) Documentación xustificativa da capacidade legal, técnica e económica da persoa solicitante, segundo o establecido no artigo 30.

b) Copia do resgardo da presentación na Caixa Xeral de Depósitos da garantía económica á que se fai referencia no artigo 59 bis ou 66 bis do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, ou norma que o substitúa.

c) Proxecto de execución subscrito por técnico ou técnica competente, con separatas para os organismos ou empresas de servizo público ou de servizos de interese xeral afectados. O contido mínimo do proxecto de execución será establecido regulamentariamente.

d) Documento ambiental que proceda segundo o establecido na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, ou norma que a substitúa, para a avaliación do impacto ambiental do proxecto.

e) Proxecto sectorial, xunto coa documentación exixida polo artigo 10 do Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, ou norma que o substitúa.

f) Para aqueles casos nos que a persoa promotora solicite a declaración de utilidade pública de acordo co artigo 44, relación concreta e individualizada de bens e dereitos afectados.

g) Xustificante de pagamento da taxa de verificación de requisitos e capacidades recollida co código 01 no apartado 37 do anexo III da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, ou norma que a substitúa.

h) Para aqueles casos nos que se produza solapamento nos termos establecidos no artigo 31, escritura pública do acordo entre as partes ao que fai mención o devandito artigo.

5. Se a solicitude presentada non reúne os requisitos exixidos no punto anterior, requirirase a persoa interesada para a súa reparación, concedéndolle un prazo de dez días, coa indicación de que, se así non o fixer, se terá por desistida dela.

Artigo 30. Requisitos da capacidade das persoas solicitantes

1. As persoas promotoras que presenten as solicitudes de autorización administrativa ás que se refire esta lei deberán acreditar capacidade legal, técnica e económica para a realización do proxecto, a través dos medios seguintes:

a) Capacidade legal. A persoa solicitante deberá ter personalidade física ou xurídica propia, excluíndose as unións temporais de empresas.

b) Capacidade técnica. A capacidade técnica cumprirase mediante a acreditación de, cando menos, un dos seguintes requisitos:

— Ter exercido a actividade de produción de enerxía eléctrica durante, polo menos, os últimos tres anos.
— Contar entre os seus accionistas cunha persoa socia que participe no capital social cunha porcentaxe igual ou superior ao 25 % e que poida acreditar a súa experiencia durante os últimos tres anos na actividade de produción de enerxía eléctrica.
— Subscribir un contrato de asistencia técnica por un período de tres anos cunha empresa que acredite experiencia na actividade de produción de enerxía eléctrica e que cumpra, á súa vez, con algún dos requisitos que se describen nos parágrafos anteriores.

c) Capacidade económica. Entenderase cumprida cando se achegue documentación suficiente que garanta a viabilidade económico-financeira do proxecto. Esta documentación deberá incluír, polo menos, unha declaración responsable e un estudo económico-financeiro que xustifique a viabilidade do proxecto.

2. A documentación xustificativa para a acreditación das capacidades poderá ser desenvolvida por orde da consellaría competente en materia de enerxía.

Artigo 31. Requisitos das solicitudes de autorización previa e de construción de parques eólicos

1. As solicitudes ás que se refire o artigo 29 non poderán solaparse, no momento da solicitude, con ningún parque eólico en explotación, autorizado pendente de construción ou en fase de tramitación administrativa, agás que exista un acordo entre os titulares dos parques eólicos afectados.

2. Para estes efectos, estableceranse regulamentariamente os criterios que determinen a existencia de solapamento entre parques eólicos.

3. Considerarase que un parque eólico se atopa en fase de tramitación administrativa desde o momento no que a persoa solicitante presente a correspondente solicitude, sempre que na data de presentación dela cumpra cos requisitos necesarios para a súa admisión a trámite.

Artigo 32. Rede Natura

Quedan excluídos da implantación de novos aeroxeradores aqueles espazos naturais declarados como zonas de especial protección dos valores naturais por formaren parte da Rede Natura 2000, consonte a normativa vixente en cada momento. Exceptúanse do anterior as modificacións de parques eólicos en explotación cando a dita modificación supoña unha redución de, polo menos, o 50 % dos aeroxeradores previamente instalados na dita zona de Rede Natura.

Artigo 33. Instrución do procedemento

1. As solicitudes de autorización administrativa previa e de construción de parques eólicos estudaranse e tramitaranse na estrita orde temporal da súa data de presentación.

2. A dirección xeral competente en materia de enerxía verificará o cumprimento dos requisitos de capacidade das persoas solicitantes e das solicitudes establecidos nos artigos 30 e 31.

3. No caso de incumprimento dos devanditos requisitos, a dirección xeral competente emitirá resolución na que declarará a inadmisión da solicitude.

No caso de cumprimento, a dirección xeral competente notificarallo á persoa solicitante, para que esta proceda ao pagamento da taxa de autorización administrativa recollida no código 02 do apartado 37 do anexo III da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, ou norma que a substitúa. A persoa solicitante dispoñerá dun prazo máximo de dous meses para a presentación do xustificante de pagamento da devandita taxa. A non presentación do xustificante no prazo indicado implicará a desistencia da solicitude. A presentación do xustificante de pagamento da taxa será requisito necesario para que prosiga a tramitación.

4. No suposto de proxectos que deban ser obxecto dunha avaliación de impacto ambiental ordinaria, a dirección xeral competente en materia de enerxía enviará copia do proxecto e do estudo de impacto ambiental ao órgano ambiental, co obxecto de obter, no prazo máximo de vinte días, a relación de organismos e persoas interesadas, para cumprir co procedemento de consulta recollido no artigo 37 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, ou norma que a substitúa.

Previamente, a persoa promotora poderá solicitar ao órgano ambiental que elabore un documento de alcance do estudo de impacto ambiental, segundo o procedemento establecido no artigo 34 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, ou norma que a substitúa. Para isto, a persoa promotora presentará ante o órgano substantivo unha solicitude de determinación do alcance do estudo de impacto ambiental, á que se achegará o documento inicial do proxecto.

No caso de proxectos que deban ser obxecto dunha avaliación ambiental simplificada, a dirección xeral competente en materia de enerxía remitirá ao órgano ambiental o documento ambiental do proxecto, para que realice o procedemento de consulta recollido no artigo 46 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, ou norma que a substitúa.

5. A dirección xeral competente en materia de enerxía enviará copia do proxecto sectorial do parque eólico ao órgano autonómico competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo, para o efecto de obter, no prazo máximo de vinte días, informe sobre o cumprimento dos requisitos de distancias ás delimitacións do solo de núcleo rural, urbano ou urbanizable delimitado, establecidos no Plan sectorial eólico de Galicia. Así mesmo, o devandito órgano indicará, no mesmo prazo máximo de vinte días, os informes que deberán solicitarse en función das afeccións derivadas da normativa sectorial aplicable.

6. Obtida a relación dos organismos e persoas interesadas, así como o informe de cumprimento de distancias, a dirección xeral competente en materia de enerxía enviará o expediente ao órgano territorial correspondente da consellaría competente en materia de enerxía, que será a unidade tramitadora. Nos supostos de proxectos cuxa implantación afecte máis dunha provincia, a unidade tramitadora será a dirección xeral competente en materia de enerxía.

7. O proxecto de execución presentado, así como, de ser o caso, e atendendo o resultado da avaliación ambiental que corresponda de conformidade co establecido na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, ou norma que a substitúa, o estudo de impacto ambiental, someteranse conxuntamente a información pública para todos os efectos e durante un prazo de trinta días mediante a súa publicación no Diario Oficial de Galicia e, de ser o caso, no portal da internet da Xunta de Galicia.

8. No caso de que se solicitase o recoñecemento, en concreto, da utilidade pública do proxecto, a dita solicitude tamén se someterá a información pública de forma simultánea coa documentación indicada no punto anterior, xunto coa relación concreta e individualizada dos bens e dereitos de necesaria expropiación. De igual modo, o proxecto sectorial tamén se someterá a información pública de forma simultánea coa documentación antes referida. Nestes supostos, ademais de no Diario Oficial de Galicia, publicarase o anuncio nun dos diarios de maior circulación de cada unha das provincias afectadas.

9. Durante o prazo indicado no punto 7 deste artigo, calquera persoa, entidade ou organismo interesado poderá presentar cantas alegacións considere oportunas ou solicitar o exame do expediente e da documentación técnica, ou a parte desta que se acorde. Das alegacións presentadas darase traslado á persoa solicitante, para que esta formule a contestación ao contido daquelas e lla comunique á unidade tramitadora no prazo máximo de quince días.

10. A certificación acreditativa da exposición ao público do proxecto sectorial conterá unha referencia expresa á realización do trámite de audiencia previsto no punto 2 do artigo 13 do Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.

11. De conformidade cos artigos 127 e 131 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, ou norma que o substitúa, a unidade tramitadora realizará os trámites necesarios para a obtención dos condicionados técnicos e das autorizacións ou informes procedentes doutras administracións, organismos e empresas de servizo público e revisará a documentación presentada pola persoa promotora.

12. Atendendo a relación de organismos indicados polo órgano ambiental e polo órgano competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo, de acordo co previsto nos puntos 4 e 5 deste artigo, así como os indicados no punto anterior, solicitarase de xeito simultáneo un informe para todos os efectos solicitados. Transcorridos trinta días desde a solicitude destes informes sen que se obtivese resposta, entenderanse favorables, agás os informes preceptivos necesarios para a avaliación ambiental do proxecto polo órgano ambiental e os

informes preceptivos indicados polo órgano competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo, no que se refire á tramitación do proxecto sectorial, nos que o sentido do silencio se rexerá polo disposto na normativa sectorial específica.

13. Concluídos os trámites de información pública e de información a outras administracións, organismos ou empresas de servizo público ou de servizos de interese xeral, a unidade tramitadora emitirá ou solicitará, de ser o caso, ao órgano territorial o informe relativo á normativa de instalacións industriais e eléctricas. Cando lle corresponda a tramitación do procedemento, o órgano territorial, logo de emitido o devandito informe, remitirá o expediente completo á dirección xeral competente en materia de enerxía para a súa autorización.

14. A valoración positiva ambiental exixible ao proxecto de acordo co resultado da avaliación realizada de conformidade co establecido na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, así como o informe favorable da consellaría competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo ao que se fai referencia no punto 5 deste artigo, serán requisitos indispensables para o outorgamento da autorización administrativa e a autorización de construción do parque eólico.

Artigo 34. Resolución da autorización administrativa previa e de construción e finalización do procedemento

1. Logo de realizada a instrución do procedemento administrativo de autorización e acreditado por parte da persoa solicitante o acceso e a obtención do punto de conexión á rede de transporte ou á rede de distribución, segundo corresponda, a dirección xeral competente en materia de enerxía ditará resolución respecto do outorgamento da autorización administrativa previa e da autorización administrativa de construción do parque eólico no prazo máximo de dous meses, contado desde a recepción da documentación completa no órgano competente para resolver o procedemento.

2. O prazo máximo para obter a autorización administrativa previa e de construción será de tres anos, contados desde a data de presentación da documentación completa á que fai referencia o punto 4 do artigo 29. Superado este prazo sen que se obtivesen as devanditas autorizacións, a persoa titular da dirección xeral competente en materia de enerxía quedará facultada para instar ao procedemento de caducidade do expediente e ao arquivamento das actuacións, sempre e cando as causas que orixinaron a falta de obtención das citadas

autorizacións sexan directamente imputables á persoa solicitante.

3. A resolución de autorización administrativa previa e de construción expresará que a persoa promotora dispoñerá dun prazo de tres anos, contado a partir do seu outorgamento, para solicitar a correspondente autorización de explotación, indicando que, no caso de incumprimento, poderá producirse a súa revogación nos termos establecidos no punto 10 do artigo 53 da Lei 24/3013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, ou norma que a substitúa.

4. A resolución publicarase integramente no Diario Oficial de Galicia e notificarase a todas as terceiras persoas que formulasen alegacións e teñan carácter de interesadas no expediente.

A falta de resolución expresa no prazo indicado terá efectos desestimatorios e habilitará a persoa solicitante para interpoñer os recursos que procedan.

5. De conformidade co previsto no artigo 84 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou norma que a substitúa, xunto coa resolución, poñerán fin ao procedemento a desistencia das persoas interesadas, a renuncia ao dereito en que se funde a solicitude cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, a declaración de caducidade e a imposibilidade material de continualo por causas sobrevidas. A declaración de caducidade do procedemento, cando se produza a súa paralización por causa imputable á persoa interesada, acordarase de conformidade co establecido no artigo 95 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou norma que a substitúa.

Artigo 35. Autorización de explotación

1. Logo de executado o proxecto, presentarase a correspondente solicitude de autorización de explotación no órgano territorial da consellaría competente en materia de enerxía que tramitase o expediente.

2. Á devandita solicitude achegarase un certificado de final de obra subscrito por técnica ou técnico facultativo competente, no que conste que a instalación se realizou de acordo coas especificacións contidas na autorización de construción, así

como coas prescricións da regulamentación técnica aplicable á materia.

3. A autorización de explotación será outorgada polo órgano territorial da consellaría competente en materia de enerxía que tramitase o expediente, no prazo dun mes, logo das comprobacións técnicas que se consideren oportunas.

4. No caso de que a unidade tramitadora for a dirección xeral competente en materia de enerxía, solicitarase unha autorización de explotación en cada unha das provincias onde estea situada a instalación.

Artigo 36. Transmisión da titularidade de parques eólicos

1. As transmisións de titularidade dun parque eólico en explotación, dun parque eólico autorizado pendente de construír e dun expediente administrativo no que se tramita a autorización dun parque eólico requiren autorización administrativa previa da consellaría competente en materia de enerxía.

2. A solicitude de autorización administrativa de transmisión deberá ser dirixida á dirección xeral competente en materia de enerxía por quen pretenda adquirir a titularidade. Á solicitude deberá achegarse a documentación necesaria que permita acreditar a capacidade legal, técnica e económica da persoa solicitante, así como unha declaración da actual persoa titular na que manifeste a súa vontade de transmitir a dita titularidade.

3. A dirección xeral competente en materia de enerxía resolverá sobre a solicitude da autorización de transmisión no prazo de tres meses, desde a recepción da documentación completa da solicitude. A falta de resolución expresa no prazo indicado terá efectos desestimatorios, e poderán interpoñerse os recursos que procedan.

A resolución será notificada á persoa solicitante e á transmitente. A partir desta notificación, a persoa solicitante contará cun prazo de seis meses para adquirir a titularidade. Producirase a caducidade da autorización se, transcorrido o devandito prazo, a adquisición non se fai efectiva.

Producida a transmisión, a persoa solicitante deberá comunicala á dirección xeral competente en materia de enerxía, no prazo dun mes desde que se faga efectiva.

4. A autorización administrativa de transmisión de titularidade terá validez ante as entidades locais e calquera outro organismo desde o mesmo momento en que se lles notifique de maneira que faga fe. A transmisión de titularidade autorizada entenderase extensiva á declaración de utilidade pública da instalación en cuestión e comportará a necesidade do cambio da titularidade do aval de acceso e conexión.

Artigo 37. Modificacións non substanciais de parques eólicos

1. As modificacións dun parque eólico terán o carácter de non substanciais cando cumpran a totalidade dos seguintes requisitos:

a) Os aeroxeradores mantéñense dentro da poligonal definida no proxecto inicial.

b) A potencia total do parque eólico non experimenta un incremento ou redución de máis do 10 % da potencia autorizada no proxecto orixinal.

c) Cúmprense os requisitos e criterios de non solapamento establecidos no artigo 31.

d) Disponse de informe favorable do órgano ambiental respecto da proposta de modificación.

e) Disponse de informe favorable do órgano competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo sobre a adecuación da modificación aos preceptos urbanísticos aplicables establecidos no Plan sectorial eólico de Galicia, especialmente no relativo á nova ordenación urbanística proposta e aos requisitos de distancias ás delimitacións de solo de núcleo rural, urbano ou urbanizable delimitado.

2. Así mesmo, para os efectos do previsto neste artigo, tamén terán a consideración de modificacións non substanciais aquelas modificacións consistentes no incremento da potencia nominal dos aeroxeradores, sempre que non supoñan un incremento ou redución de máis do 10 % da potencia autorizada no proxecto orixinal, manténdose inalteradas todas as demais características técnicas do parque eólico.

3. As solicitudes de modificacións non substanciais deberán cumprir os requisitos establecidos no artigo 31.

Artigo 38. Procedemento de autorización de modificacións non substanciais

1. As modificacións non substanciais de parques eólicos non requirirán o outorgamento dunha nova autorización administrativa previa e de construción.

2. As autorizacións administrativas previas e de construción de parques eólicos seguirán a ser eficaces respecto das modificacións non substanciais dos proxectos iniciais, sempre que, antes do inicio da execución do proxecto modificado, así o soliciten as persoas titulares delas ante a dirección xeral competente en materia de enerxía e lles sexan recoñecidas estas modificacións como non substanciais en virtude do disposto nesta lei.

3. As solicitudes de recoñecemento dunha modificación como non substancial presentaranse dirixidas ao órgano competente en materia de enerxía, de acordo co establecido no artigo 66 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou norma que a substitúa, e conterán, cando menos:

a) Para aqueles casos nos que se modifique a potencia da instalación, documentación acreditativa de dispoñer de acceso e punto de conexión á rede de transporte ou á rede de distribución, segundo corresponda, para a potencia adicional.

b) Nos supostos de modificación non substancial recollida no punto 1 do artigo 37:
— A documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos establecidos nas alíneas a), b) e c) do punto 1 do artigo 37.
— A documentación necesaria para solicitar os informes aos que fan mención as alíneas d) e e) do punto 1 do artigo 37.
c) Para aqueles supostos establecidos no punto 2 do artigo 37:

— Declaración responsable da persoa promotora de que se manteñen inalterables todas as características do parque eólico, agás a potencia nominal dos aeroxeradores.
— A documentación xustificativa do incremento de potencia do aeroxerador.

4. Nos supostos de modificacións non substanciais recollidos no punto 1 do artigo 37, a dirección xeral competente en materia de enerxía enviará ao órgano ambiental a documentación necesaria para solicitar o informe ao que fai

mención a alínea d) do punto 1 do artigo 37, para o efecto de que este emita no prazo de vinte días o devandito informe. No caso de que o órgano ambiental o considere preciso, indicará a relación de organismos que considera necesario que se consulte con respecto á validación ambiental do proxecto modificado.

5. Igualmente, enviarase ao órgano competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo a documentación necesaria, para o efecto de que emita nun prazo máximo de vinte días o informe ao que se refire a alínea e) do punto 1 do artigo 37.

6. A dirección xeral competente en materia de enerxía dispoñerá dun prazo dun mes para emitir o recoñecemento dunha modificación como non substancial, contado desde o momento no que dispoña de toda a información e documentación necesaria. A dirección xeral competente só poderá emitir o devandito recoñecemento logo de verificar o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 31. A falta de recoñecemento expreso terá efectos desestimatorios, e poderanse interpoñer os recursos que procedan. Este recoñecemento será expresamente comunicado ás consellarías con competencias en materia de ordenación do territorio, urbanismo e medio ambiente.

7. As autorizacións de explotación recollerán expresamente aquelas modificacións non substanciais expresamente recoñecidas.

8. A eficacia das modificacións non substanciais recoñecidas como tales de acordo co establecido nos puntos anteriores enténdese sen prexuízo de cantos permisos, licenzas e autorizacións ou outros requisitos precisen con carácter previo a solicitar a autorización de explotación.

Artigo 39. Modificacións substanciais

1. Terán a consideración de modificacións substanciais as modificacións que non poidan incluírse na definición de modificación non substancial recollida no artigo anterior.

2. As modificacións substanciais tramitaranse e, de ser o caso, autorizaranse de acordo co procedemento e condicionantes establecidos neste título.

Artigo 40. O proxecto sectorial

1. Realizados os trámites previstos nesta lei e no Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, ou norma que o substitúa, o Consello da Xunta, por proposta da persoa titular da consellaría competente en materia de enerxía, aprobará definitivamente, se procede, o proxecto sectorial coas modificacións ou correccións que considere convenientes.

2. Quedan exceptuados de avaliación ambiental estratéxica os proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal dos parques eólicos, así como os das súas infraestruturas de evacuación, cando o proxecto de execución da infraestrutura concreta estea sendo ou sexa sometido a avaliación ambiental, de acordo coa Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, ou norma que a substitúa.

3. Nos casos en que o proxecto sectorial do parque eólico autorizado estea aprobado polo Consello da Xunta de Galicia e a persoa promotora presente unha modificación non substancial das recollidas no punto 1 do artigo 37 recoñecida como tal, enviarase ao órgano competente en ordenación do territorio e urbanismo o recoñecemento desta modificación non substancial, así como o informe favorable do órgano ambiental indicado na alínea d) do punto 1 do artigo 37 e a addenda do proxecto sectorial no que se recollan estas modificacións, para os efectos de que o Consello da Xunta emita o informe preceptivo previo á aprobación da modificación do proxecto sectorial.

Artigo 41. Pechamento

1. A persoa titular da instalación que pretenda o pechamento desta deberá presentar unha solicitude de autorización administrativa de pechamento, a través dos medios electrónicos que se habilitarán regulamentariamente, dirixida ao órgano competente en materia de enerxía, de acordo co establecido no punto 5 do artigo 16 e no artigo 66 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou norma que a substitúa.

2. A persoa titular da instalación achegará á solicitude un proxecto de pechamento, que deberá conter como mínimo unha memoria na que se detallen as circunstancias técnicas, económicas, ambientais ou de calquera outra orde polas que se pretende o pechamento, así como os planos actualizados da instalación a escala adecuada.

3. A unidade tramitadora será o órgano territorial correspondente da consellaría competente en materia de enerxía que tramitase a autorización de explotación, agás que a solicitude de pechamento se refira a un parque eólico situado en máis dunha provincia, para o que a unidade tramitadora será a dirección xeral competente en materia de enerxía.

4. Logo de tramitado o expediente, o órgano territorial da consellaría competente en materia de enerxía elevará o expediente de solicitude de pechamento, xunto co seu informe, á dirección xeral competente en materia de enerxía, que deberá resolver, logo do informe favorable do operador do sistema e xestor da rede de transporte, nun prazo de tres meses desde a recepción do expediente completo na dirección xeral competente. En todo caso, a autorización de pechamento da instalación impoñerá á persoa titular desta a obriga de proceder ao seu desmantelamento nos termos que resulten da tramitación do expediente de pechamento e á restitución ambiental dos terreos afectos pola instalación.

A falta de resolución expresa terá efectos desestimatorios, e poderán interpoñerse os recursos procedentes.
A resolución notificarase á persoa solicitante e publicarase, en todo caso, no Diario Oficial de Galicia.

5. A autorización expresará o período de tempo, contado a partir da notificación do seu outorgamento, dentro do cal deberá procederse ao pechamento e ao desmantelamento da instalación.

6. Concedida a autorización de pechamento, o órgano territorial da consellaría competente en materia de enerxía, logo das comprobacións técnicas que se consideren oportunas, redactará acta de pechamento cando este se faga efectivo e o parque eólico cursará baixa no Rexistro Eólico de Galicia.»

Sete. Modifícase o título V da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, que queda redactado como segue:

«TÍTULO V
Rexistro Eólico de Galicia

Artigo 42. Rexistro Eólico de Galicia

1. Créase o Rexistro Eólico de Galicia, no que se recollerá dun xeito electrónico a localización cartográfica de todos os parques eólicos en funcionamento, autorizados ou en tramitación administrativa no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, os cales, á súa vez, deberán ser obxecto de inscrición no Rexistro de Cartografía de Galicia, nos termos e de conformidade co previsto no Regulamento de ordenación da información xeográfica e da actividade cartográfica de Galicia, aprobado polo Decreto 14/2017, do 26 de xaneiro.

2. Aos datos sinalados no punto anterior incorporaranse no Rexistro Eólico de Galicia todas as solicitudes de modificación de proxectos, que constituirán información de apoio para a xestión de solapamentos de parques eólicos.

Artigo 43. Funcionamento e xestión do Rexistro

1. O Rexistro Eólico de Galicia constitúese coa finalidade de ser unha ferramenta electrónica de acceso e consulta pública.

2. O funcionamento, a xestión e o desenvolvemento do Rexistro estableceranse por orde da consellaría competente en materia de enerxía.»

Oito. Modifícase o título VI da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, que queda redactado como segue:

«TÍTULO VI
Expropiación e servidumes

Artigo 44. Declaración de utilidade pública

1. Para os efectos previstos no título IX da Lei 24/2013, do 27 de novembro, do sector eléctrico, e na normativa que o desenvolve, ou normas que as substitúan, o recoñecemento da utilidade pública das instalacións incluídas no ámbito desta lei será acordado pola dirección xeral competente en materia de enerxía, sen prexuízo da competencia do Consello da Xunta de Galicia no caso de oposición de organismos ou outras entidades de dereito público.

2. A solicitude de declaración, en concreto, de utilidade pública poderá efectuarse de xeito simultáneo á solicitude de autorización administrativa previa e/ou de construción, durante a tramitación destas autorizacións ou con posterioridade á

obtención de calquera das devanditas autorizacións administrativas.

3. Para o devandito recoñecemento será necesario que a empresa interesada o solicite, incluíndo unha relación concreta e individualizada dos bens e dereitos sobre os que non se obtivo un acordo cos seus titulares e sobre os que se considera necesaria a expropiación.

4. A solicitude mencionada no punto anterior someterase a información pública. Igualmente, solicitarase o informe dos organismos afectados.

5. A declaración de utilidade pública levará implícita en todo caso a necesidade de ocupación dos bens e a adquisición dos dereitos afectados e implicará a urxente ocupación para os efectos do artigo 52 da Lei do 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa e concordantes da Lei 24/2013, do 27 de novembro, do sector eléctrico, ou normas que as substitúan.

Artigo 45. Concorrencia de utilidades ou interese público e trámite e declaración de compatibilidade ou prevalencia

1. Se, solicitado o recoñecemento de utilidade pública pola persoa promotora do parque eólico, se opuxer á declaración deste a persoa titular doutro interese público radicado no mesmo espazo territorial, por entender que a autorización e a subseguinte instalación do parque eólico prexudicarían a este, procederase a determinar a compatibilidade ou incompatibilidade dos aproveitamentos enfrontados e, no caso de incompatibilidade, declararase a prevalencia dun deles.

2. O procedemento de declaración de compatibilidade ou prevalencia de utilidades públicas será iniciado pola dirección xeral competente en materia de enerxía logo de solicitado o recoñecemento de utilidade pública pola persoa promotora e en canto teña coñecemento da existencia de aproveitamentos que poidan resultar incompatibles.

3. Ao devandito coñecemento poderá chegarse de oficio ou por solicitude de parte interesada presentada en calquera momento anterior á resolución na que se declare a utilidade pública. O órgano tramitador dará audiencia ás persoas titulares dos dereitos que poidan estar afectadas, e concederalles un prazo de quince días para presentar alegacións, que se remitirán á persoa promotora para o seu coñecemento e contestación.

4. Finalizado o trámite de audiencia, remitirase copia completa do resultado del ao órgano competente para a autorización ou título habilitante do aproveitamento, que deberá remitir, nun prazo de vinte días hábiles, informe sobre a compatibilidade ou incompatibilidade do aproveitamento afectado.

5. Cando a compatibilidade ou prevalencia se suscite entre aproveitamentos nos que sexa competente para a súa autorización a consellaría competente en materia de enerxía, a declaración de utilidade pública e, de ser o caso, a declaración de compatibilidade ou prevalencia serán realizadas pola persoa titular da consellaría en materia de enerxía no prazo máximo de dous meses, contado desde a recepción da documentación completa. A falta de resolución expresa no prazo indicado terá efectos desestimatorios, e poderanse interpoñer os recursos que procedan.

6. No caso de que as autorizacións ou títulos habilitantes para os aproveitamentos sexan competencia de máis dunha consellaría, a declaración de utilidade pública do parque eólico e, de ser o caso, a declaración de compatibilidade ou prevalencia serán realizadas polo Consello da Xunta de Galicia, ao que se remitirá o expediente co informe das consellarías afectadas, no prazo máximo de dous meses, contado desde a recepción da documentación completa. A falta de resolución expresa no prazo indicado terá efectos desestimatorios, e poderanse interpoñer os recursos que procedan.

7. Se a instalación afecta montes veciñais en man común, os trámites previstos no artigo 6 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, ou norma que o substitúa, entenderanse cumpridos co procedemento regulado neste artigo. Nestes casos, a declaración de utilidade pública da instalación levará implícito o recoñecemento de prevalencia para os efectos establecidos no punto 1 do artigo 6 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.»

Nove. Engádese unha nova disposición adicional primeira á Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, coa seguinte redacción:
“Disposición adicional primeira. Proxectos declarados de interese especial

1. Poderán ser declarados de interese especial polo Consello da Xunta os proxectos de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes renovables e as súas infraestruturas de evacuación asociadas que se desenvolvan no marco de poxas para a asignación de réxime retributivo específico a instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de tecnoloxías renovables, impulsadas ao amparo do disposto no Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos, ou norma que o substitúa, coa finalidade de que sexan despachados prioritariamente polos distintos órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia que interveñen no procedemento administrativo da súa autorización e con carácter de urxencia.

2. A solicitude de declaración de interese especial destes proxectos deberase realizar á consellaría competente en materia de enerxía, presentando unha memoria que conteña a súa especial incidencia e beneficios no ámbito industrial, social e territorial, entre outros, así como unha declaración responsable de que o proxecto se desenvolverá no marco das poxas indicadas anteriormente, debendo determinar o prazo previsto para a súa execución.

Para realizar esta solicitude, a persoa promotora do proxecto deberá presentar previamente, tanto para a instalación de produción de enerxía como para as infraestruturas de evacuación asociadas, a solicitude de autorización de construción, así como, se é preciso, a solicitude de declaración de utilidade pública e a de aprobación do proxecto sectorial.

3. A declaración de proxecto de interese especial será acordada polo Consello da Xunta de Galicia, por proposta da persoa titular da consellaría competente en materia de enerxía, e abarcará conxuntamente o proxecto de produción de enerxía e as infraestruturas de evacuación asociadas.

4. A declaración de interese especial dun proxecto terá como efectos a tramitación de forma prioritaria e con carácter de urxencia e a redución á metade dos prazos necesarios na instrución do procedemento da autorización administrativa previa e/ou de construción, así como dos prazos na instrución do procedemento de avaliación ambiental que sexa necesario. Así mesmo, reduciranse á metade os prazos necesarios na tramitación do proxecto sectorial.

5. Os proxectos declarados de interese especial deberán executarse e solicitar a autorización de explotación con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2020. No caso contrario, quedará sen efecto a declaración de interese especial do

proxecto e serán incautados os correspondentes avais e garantías depositadas".

Dez. Engádese unha nova disposición adicional terceira á Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional terceira. Infraestruturas de evacuación

1. As novas solicitudes de autorización ás que se refire o artigo 53 da Lei 24/2013, do sector eléctrico, ou norma que a substitúa, correspondentes a infraestruturas de evacuación dos parques eólicos tramitaranse e autorizaranse segundo as disposicións establecidas nesta lei, no que sexa aplicable.

2. Decláranse de incidencia supramunicipal, para os efectos previstos no Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, ou norma que o substitúa, os proxectos sectoriais das infraestruturas de evacuación das instalacións de xeración eólica desenvolvidas no marco do Plan sectorial eólico de Galicia.»

Once. Modifícase a disposición transitoria segunda da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, que queda redactada como segue:

«Disposición transitoria segunda. Áreas de desenvolvemento eólico

1. En tanto non se modifique o Plan sectorial eólico de Galicia, considéranse áreas de desenvolvemento eólico as áreas de reserva e áreas de investigación, así como a franxa paralela a estas, previstas no Plan sectorial eólico de Galicia vixente.

2. No caso das áreas de desenvolvemento eólico nas que se produza superposición coa Rede Natura, a zona de superposición que afecte a aquela non se considerará apta para implantar novos parques eólicos, agás proxectos de modificación de parques eólicos nos termos indicados no artigo 32 desta lei. Esta limitación farase extensiva á totalidade das instalacións do parque eólico recollidas na poligonal establecida no seu proxecto de execución.»

Doce. Engádese unha nova disposición transitoria sexta á Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria sexta. Normas transitorias mentres non se leve a cabo o desenvolvemento regulamentario previsto nesta lei

1. O necesario desenvolvemento regulamentario ao que se fai referencia nesta lei non impedirá a admisión a trámite de novas solicitudes de autorización de parques eólicos mentres aquel non se leve a cabo.

Para estes efectos, en tanto non se realice o desenvolvemento regulamentario previsto nos puntos 3 e 4 do artigo 29 respecto do modelo normalizado de solicitude, as solicitudes presentaranse mediante instancia por escrito dirixida á persoa titular da dirección xeral competente en materia de enerxía.

Do mesmo xeito, ata que se proceda ao desenvolvemento regulamentario indicado, o contido do proxecto de execución será o indicado para este tipo de instalacións no Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas Instrucións técnicas complementarias ITC-RAT 01 a 23, aprobado polo Real decreto 337/2014, do 9 de maio, ou norma que o substitúa.

2. En tanto non se diten as normas de desenvolvemento regulamentario ás que se fai referencia no punto 4 do artigo 31, entenderase que existe solapamento da nova solicitude cando a distancia proxectada horizontalmente entre os aeroxeradores da nova solicitude e os aeroxeradores dun parque eólico en funcionamento, autorizado ou en fase de tramitación administrativa sexa inferior a 10 diámetros do parque eólico autorizado ou en fase de tramitación administrativa nas direccións correspondentes ao 1º (+,+) e 3º (-,-) cuadrante, e a 4 diámetros nas direccións correspondentes ao 2º (-,+) e 4º (+,-) cuadrante. Para estes efectos, tomarase o maior dos diámetros dos aeroxeradores afectados. Para a determinación da dirección, terase en conta a liña recta que una o aeroxerador solicitado co aeroxerador do parque que xa se atopa en funcionamento, autorizado ou en fase de tramitación administrativa, utilizando un sistema de coordenadas cartesianas co norte orientado no eixe +y.»

Trece. Engádese unha nova disposición derradeira cuarta á Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, coa seguinte redacción:

«Disposición derradeira cuarta. Normativa supletoria

En todo aquilo non disposto por esta lei aplicarase con carácter supletorio a Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, e a súa normativa de desenvolvemento, ou normas que as substitúan.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº70, de Supresión.

Débese suprimir toda a disposición derradeira sexta.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº26, ao apartado Un, de Modificación.

Emenda de modificación, Disposición derradeira sexta.

Substituír no punto c) do apartado Un: “libre competencia”, por: “concorrencia competitiva”.

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº76, ao apartado Un, de Substitución.

Débese substituir no apartado UN. o texto da alínea c) do artigo 1 polo seguinte:

"c) O establecemento dun procedemento para a autorización administrativa das instalacións de parques eólicos, baseado nos principios de cautela, transparencia, simplicidade e publicidade, que garanta o pleno respecto á seguridade xurídica."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº83, ao apartado Tres.c), de Supresión.

Débese suprimir na alínea c) no punto 2 do artigo 3, a seguintes expresión:

"asociadas a unha instalación de potencia eléctrica contratada superior á potencia eólica que se pretende instalar."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº84, ao apartado Tres bis), de Adición.

Débese engadir un novo apartado "Tres.bis) polo que se modifica o artigo 5 da Lei 8/2009, co seguinte texto:

Artigo 5. *Criterios de planificación*
1. A planificación do aproveitamento da enerxía eólica en Galicia realizarase atendendo os seguintes criterios:
a) Estimación do potencial eólico do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia sobre a base dos estudios xa realizados, o Atlas eólico realizado polo IDAE, Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, e os datos obtidos pola Administración autonómica a través do Instituto Enerxético de Galicia.
b) Infraestrutura eléctrica necesaria para absorber a enerxía producida, planificada de xeito que incida favorablemente na estrutura de distribución eléctrica das áreas afectadas pola explotación dos recursos eólicos.
c) Integración con todos os ámbitos sectoriais afectados pola implantación de parques eólicos, con especial referencia á inserción no territorio das instalacións eólicas.
d) Impacto medioambiental.
e) Repercusión sobre o tecido industrial de Galicia e o desenvolvemento socioeconómico e tecnolóxico.
f) Desenvolvemento harmónico dos proxectos de implantación de parques eólicos que permita una implantación das infraestruturas eléctricas e industriais.
g) Ampliación da superficie declarada actualmente como Rede Natura.
h) Zonas de exclusión paisaxísticas determinadas nas directrices da paisaxe e os catálogos da paisaxe.
i) Instrumentos de planificación e desenvolvemento económico e urbanístico locais e comarcais.
2. O resultado desta planificación plasmarase no Plan sectorial eólico de Galicia.
Modifícase o punto 2 do artigo 6 da Lei 8/2009 de 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico e se crea o Canon Eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, que queda como segue:
2. O Plan sectorial eólico elaborarase de acordo aos seguintes criterios:
a) Abrirase un procedemento de participación social para a elaboración do plan. Durante un período non inferior a seis meses, a Xunta de Galicia establecerá formas de consulta aberta con asociacións e colectivos ecoloxistas, culturais,

sociais, propietarios de montes, concellos, etc., para obter propostas conducentes á elaboración dun borrador de plan.
b) Unha vez elaborado o dito borrador, abrirase un novo prazo non inferior a seis meses para que todos os colectivos consultados e a cidadanía en xeral poidan presentar alegacións.
c) O Plan sectorial eólico de Galicia fundamentarase nos seguintes principios e obxectivos:
i. Conseguir un modelo respectuoso coa conservación dos valores ambientais, paisaxísticos e patrimoniais e que procure o máximo retorno social da explotación dos recursos, dando prioridade a proxectos de explotación públicos e cooperativas.
ii. Fomentar a xeración distribuída e o autoconsumo, evitando os grandes parques en lugares que supoñen graves impactos ambientais e paisaxísticos, ou a concentración de múltiples pequenos parques nela.
iii. Nos novos proxectos de iniciativa privada e non dedicados ao autoconsumo, dar prioridade a aqueles que prevexan e faciliten a participación pública do Inega no capital dos novos parques.
iv. Establecer novas medidas fiscais e extrafiscais que faciliten o retorno social de parte dos beneficios producidos pola actividade, modificando o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.
d) Mentres non se aprobe o Plan sectorial eólico de Galicia, estableceranse nun prazo de dous meses:
i. Zonas de exclusión ambiental naqueles lugares con probabilidade de formar parte da proposta de ampliación da Rede Natura necesaria para achegar a porcentaxe de superficie con esta cualificación ás medias europeas. A responsable da proposta destas zonas de exclusión de parques eólicos será a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e será aprobada no Parlamento de Galicia.
ii. Zonas de exclusión paisaxística. En previsión da aprobación das directrices da paisaxe, a Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe fará unha proposta de zonas de exclusión por motivos paisaxísticos, nun prazo de dous meses, que deberá de ser aprobada no Parlamento de Galicia."

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº27, ao apartado Cinco, de Supresión.

Emenda de Supresión, Disposición derradeira sexta.

Suprimir o apartado Cinco.

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº85, ao apartado Cinco, de Supresión.

Débese suprimir o apartado Cinco.

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº82, ao apartado Seis, de Supresión.

Débese suprimir o apartado Seis.

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº59, ao apartado Seis.27, de Supresión.

Débese suprimir o artigo 27 do Título IV.

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº60, ao apartado Seis.30, de Supresión.

Débese suprimir no Titulo IV, artigo 30, punto 1.b) o seguinte texto:

"- Ter exercido a actividade de produción de enerxía eléctrica durante, polo menos, os últimos tres anos.
- Contar entre os seus accionistas cunha persoa socia que participe no capital social cunha porcentaxe igual ou superior ao 25 % e que poida acreditar a súa experiencia durante os últimos tres anos na actividade de produción de enerxía eléctrica.
- Subscribir un contrato de asistencia técnica por un período de tres anos cunha empresa que acredite experiencia na actividade de produción de enerxía eléctrica e que cumpra, á súa vez, con algún dos requisitos que se describen nos parágrafos anteriores."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº61, ao apartado Seis.31.1, de Supresión.

Débese suprimir no Titulo IV, artigo 31, punto 1. o seguinte texto:
"salvo que existe un acordo entre os titulares dos parques eólicos afectados."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº62, ao apartado Seis.32, de Supresión.

Débese suprimir no Titulo IV, artigo 32, o seguinte texto:

"Exceptúanse do anterior as modificacións de parques eólicos en explotación cando dita modificación supoña unha redución de, polo menos, o cincuenta por cento dos aeroxeradores previamente instalados en dita zona de Rede Natura."

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº29, ao apartado Seis.32, de Supresión.

Emenda de supresión. Disposición derradeira sexta.

Suprímese o artigo 32 que figura no apartado Seis da Disposición.

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº63, ao apartado Seis.33.5, de Modificación.

Débese substituír no Titulo IV, punto 5 do artigo 33, o seguinte texto:

Onde di: "vinte días" debe dicir: "sesenta días"

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº64, ao apartado Seis.33.7, de Modificación.

Débese substituír no Título IV do artigo 33, no punto 7 a seguinte expresión:

Onde di: "trinta días" debe dicir: "sesenta días"

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº65, ao apartado Seis.33.8, de Supresión.

Débese suprimir no Título IV o apartado 8 do artigo 33

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº66, ao apartado Seis.33.12, de Substitución.

Débese substituír no Titulo IV, artigo 33, punto 12 a seguinte expresión:
Onde di: "Transcorridos trinta días..." debe dicir: "Transcorridos sesenta días"

-Do G.P. En Marea.

Emenda nº67, ao apartado Seis.33.12, de Modificación.

Débese substituír no Titulo IV, artigo 33, punto 12 a seguinte expresión:

Onde di: "...entenderanse favorables,..." debe dicir: "entenderanse desfavorables"

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº28, ao apartado Seis.34 bis), de Adición.

Emenda de adición. Disposición derradeira sexta.

No punto Seis da disposición derradeira sexta engádese un artigo, o 34 *bis*, coa seguinte redacción:
"Artigo 34 *bis*. *Criterios de valoración*
1. No suposto de selección en competencia, tal selección atenderá criterios obxectivos, transparentes e non discriminatorios. Teranse en conta os seguintes:
a) Nivel tecnolóxico e eficiencia enerxética das instalacións que conforman os parques eólicos.
b) Menores afeccións ambientais.
c) Influencia no desenvolvemento da rede eléctrica de distribución ou transporte.
d) Compromiso firme e periodificado dun proxecto de desenvolvemento de natureza industrial na Comunidade Autónoma de Galicia.
e) Presentación de plan de restauración en fase de obra e desmantelamento.
f) Compromiso firme de repotenciación de parques eólicos xa existentes que supoña a redución do número de aeroxeradores instalados neles.
g) Outros factores que, axustándose ao disposto pola lexislación do sector eléctrico, se establezan de maneira particular en cada orde.
2. A concreción e o valor de cada un destes criterios efectuaranse nas ordes de convocatoria."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº68, ao apartado Seis.37, de Supresión.

Débese suprimir no Título IV o artigo 37.

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº69, ao apartado Seis.40..2, de Supresión.

Débese suprimir no Título IV o texto do punto 2 do artigo 40

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº30, ao apartado Oito, de Supresión.

Emenda de supresión. Disposición derradeira sexta.

Suprimir o apartado Oito da Disposición derradeira sexta.

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº70, ao apartado Oito.44.1, de Supresión.

Débese suprimir no Título VI o seguinte texto do punto 1 do artigo 44:

"dirección xeral competente en materia de enerxía, sen prexuízo da competencia do Consello da Xunta de Galicia en caso de oposición de organismos ou outras entidades de dereito público."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº71, ao apartado Oito.44.2, de Supresión.

Débese suprimir no Título VI o texto do punto 2 do artigo 44.

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº72, ao apartado Oito.44.3, de Supresión.

Débese suprimir no Título VI o texto do punto 3 do artigo 44.

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº73, ao apartado Oito.44.5, de Supresión.

Débese suprimir no Título VI o texto do punto 5 do artigo 44.

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº74, ao apartado Oito.45.3, de Substitución.

Débese substituir no Título VI o texto do punto 3 do artigo 45.
Onde di: "quince días" debe dicir: "trinta días"

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº75, ao apartado Oito.45.5, de Supresión.

Débese suprimir no Título VI o texto do punto 5 do artigo 45.

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº79, ao apartado Nove, de Supresión.

Débese suprimir no Título VI (Nove) o texto da Disposición adicional primeira

---

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº31, ao apartado Nove, de Supresión.

Emenda de supresión. Disposición derradeira sexta.

Suprimir o apartado Nove.

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº77, ao apartado Dez, de Supresión.

Débese suprimir no Título VI (Dez) o texto da Disposición adicional terceira

---

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº32, ao apartado Dez.2, de Supresión.

Emenda de supresión. Disposición derradeira sexta.

Suprímese o punto 2 do apartado Dez da Disposición derradeira sexta.

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº80, ao apartado Once.1, de Substitución.

Débese substituír o punto 1 da Disposición transitoria segunda, polo seguinte texto:

"1. Mentres non se modifique o Plan sectorial eólico de Galicia, considéranse áreas de desenvolvemento as actuais ,agás as propostas de exclusión ambientais e paisaxísticas incorporadas na disposición adicional cuarta desta lei."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº81, ao apartado Once.2, de Supresión.

Débese suprimir no punto 2 da Disposición transitoria segunda, o seguinte texto:
"..., salvo proxectos de modificación de parques eólicos nos termos indicados no artigo 32 desta Lei."

-Do G.P. En Marea.

Emenda nº78, ao apartado Doce, de Supresión.

Débese suprimir a totalidade da Disposición transitoria sexta.

_____

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derradeira sétima. Modificación da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia

Modifícase o punto 3 do artigo 29 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, que queda redactado como segue:
«3. Para a aprobación técnica do proxecto, anteproxecto ou documento técnico similar dunha obra hidráulica de interese da Comunidade Autónoma deberase contar cun informe preceptivo acerca da compatibilidade da actuación co planeamento urbanístico vixente, que será emitido pola Administración urbanística competente no prazo máximo dun mes desde a súa solicitude.
No caso de que se determine a súa incompatibilidade, Augas de Galicia aprobará tecnicamente o correspondente proxecto, anteproxecto ou documento técnico similar, e deberao someter ao trámite de información pública durante un prazo de vinte días hábiles, na forma prevista na lexislación do procedemento administrativo común das administracións públicas. Simultaneamente, remitiralles o proxecto, o anteproxecto ou o documento técnico correspondente ás administracións públicas afectadas, para que no prazo dun mes emitan informe. Logo de transcorrer o devandito prazo e un mes máis sen a súa emisión, entenderase que están conformes co proxecto, anteproxecto ou documento técnico similar que corresponda. No caso de desconformidade, que necesariamente deberá ser motivada, o expediente seralle elevado ao Consello da Xunta de Galicia, que, de proceder, o aprobará.
Así que remate este procedemento, a aprobación definitiva do correspondente proxecto, anteproxecto ou documento similar levará aparellada a adaptación do planeamento urbanístico.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº88, de Supresión.

Débese suprimir esta Disposición derradeira sétima.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº71, de Supresión.

Débese suprimir toda a disposición derradeira sétima.

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derradeira oitava. Modificación da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia

Modifícase o punto 3 do artigo 65 bis da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, que queda redactado como segue:

«3. As persoas propietarias e/ou comercializadoras quedarán obrigadas fronte á Administración turística ao cumprimento das obrigas impostas nesta lei e nas normas que a desenvolvan e responderán de maneira solidaria fronte a aquela, incluída a obriga de subscribir e manter vixentes os seguros de responsabilidade civil para estas vivendas.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº72, de Supresión.

Débese suprimir toda a disposición derradeira oitava.

_____

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derradeira novena. Modificacións da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia

Un. Modifícase o punto 3 do artigo 81 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, que queda redactado como segue:
«3. A aprobación do instrumento de ordenación ou de xestión forestal, logo de obter os preceptivos informes favorables dos órganos ou organismos sectoriais competentes, comportará a autorización das actuacións previstas nel cun grao de detalle suficiente. As ditas actuacións só requirirán de declaración responsable ao órgano inferior competente en materia forestal por razón do territorio previa ao inicio delas, para que este poida comprobar a súa conformidade co previsto no instrumento de ordenación ou xestión forestal.
Nos supostos de aparición de achados arqueolóxicos ou de bens de interese cultural ou naqueles casos nos que se detecte un incumprimento das condicións e previsións en materia de protección do patrimonio cultural que figuren no expediente de aprobación do instrumento de ordenación ou xestión, paralizaranse con carácter inmediato as actuacións e darase conta ao órgano competente en materia de protección do patrimonio cultural.»
Dous. Modifícase o punto 2 do artigo 83 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, que queda redactado como segue:
«2. O incumprimento das prescricións dun instrumento de ordenación ou de xestión forestal considerarase grave nos seguintes supostos:
a) Cando afecte o normal desenvolvemento do monte, sempre que non se xustificase e comunicase previamente á Administración forestal, para a súa aprobación.
b) Cando supoña un aproveitamento abusivo ou sobreexplotación que degrade o solo ou produza perdas deste ou poña en perigo a viabilidade do monte, incluíndo a non rexeneración tras o aproveitamento.
c) Cando implique incumprir os plans de aproveitamento ou a posterior rexeneración tras a súa realización.
d) Cando supoña o incumprimento das condicións impostas ás actuacións previstas no instrumento de ordenación ou de xestión forestal de conformidade cos informes emitidos con carácter previo á súa aprobación polo órganos ou organismos sectoriais competentes.»
Tres. Modifícase o punto 3 do artigo 84 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, que queda redactado como segue:

«3. Os aproveitamentos dos recursos forestais, os servizos e as actividades previstos nun instrumento de ordenación ou de xestión aprobado pola Administración forestal non necesitan de autorización para a súa execución, polo que será suficiente unha declaración responsable previa ao seu inicio, consonte o disposto polo artigo 81.3.»

Catro. Modifícase o artigo 92 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, que queda redactado como segue:

«Artigo 92. Dos aproveitamentos madeireiros suxeitos a autorización administrativa

1. As persoas propietarias de montes ou terreos forestais privados que desexen realizar neles aproveitamentos de madeira ou leña terán que solicitar autorización do órgano inferior competente en materia forestal por razón do territorio nos seguintes casos:

a) Cando os montes ou terreos forestais estean poboados con especies do anexo I.

b) Cando os montes ou terreos forestais formen parte de espazos suxeitos a algún réxime de protección.

c) Cando os montes ou terreos forestais estean afectados por algunha lexislación de protección do dominio público.

d) Cando se trate de aproveitamentos de madeira ou leña queimada susceptible de uso comercial.

Exceptúanse da necesidade de autorización os aproveitamentos en montes ordenados, consonte o establecido no punto 3 do artigo 81, e os supostos recollidos no punto 3 do artigo 92 bis.

2. Se os aproveitamentos aos que se refire este artigo exixen, en virtude da lexislación sectorial aplicable, autorización administrativa de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, a autorización será única e o seu outorgamento corresponderá, en todo caso, ao órgano forestal competente segundo o punto anterior, que valorará tanto os aspectos de carácter forestal como os derivados da devandita lexislación sectorial. A distribución competencial en materia sancionadora e de control establecida pola lexislación sectorial non se verá afectada pola competencia para o outorgamento da autorización única polo órgano forestal.

3. Para a valoración dos aspectos derivados da lexislación sectorial, o órgano forestal solicitará de maneira preceptiva informe dos órganos ou organismos competentes.

4. Se a lexislación sectorial non establece outro réxime, de non se recibir o informe ao que se refire o punto anterior no prazo dun mes desde a súa solicitude, entenderase favorable, e proseguirá a tramitación do procedemento, sen prexuízo da posibilidade de suspender a tramitación daquel para agardar a emisión do informe polo prazo máximo establecido na

lexislación do procedemento administrativo común das administracións públicas.
5. Os informes sectoriais conterán, de ser o caso, as condicións ás que deberá suxeitarse o aproveitamento para a protección dos intereses públicos cuxa tutela teña encomendada o órgano ou organismo responsable de emitir o informe. A autorización que outorgue o órgano forestal incorporará expresamente esas condicións.
6. O prazo máximo para resolver o procedemento de outorgamento das autorizacións reguladas neste artigo e notificar a resolución á persoa solicitante é de dous meses. Transcorrido ese prazo sen que se notificase a resolución, a autorización entenderase concedida, agás nos supostos nos que a lexislación básica que resulte aplicable estableza de maneira expresa o contrario.
Se se emitisen os informes sectoriais aos que se refiren os puntos anteriores e conteñen condicións para a autorización do aproveitamento, estas consideraranse incorporadas por ministerio da lei á autorización obtida por silencio administrativo e vincularán o suxeito que a solicitase desde que tiver coñecemento delas por calquera medio, incluída a certificación do silencio administrativo.
6 bis. Por orde das consellarías competentes poderán aprobarse pregos coas condicións sectoriais ás que deberán suxeitarse os aproveitamentos madeireiros das especies contidas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, nos terreos afectados polas normativas a que fan referencia as alíneas b) e c) do número 1 deste artigo. Unha vez aprobados estes pregos, cos condicionantes concretos aos que terán que someterse os referidos aproveitamentos, a declaración responsable do cumprimento dos requisitos contidos nos anteditos pregos substituirá a solicitude de autorización de aproveitamento e non será necesario recadar o informe dos órganos sectoriais competentes, sen prexuízo das responsabilidades a que houber lugar como consecuencia da inexactitude, falsidade ou omisión dos datos contidos na referida declaración.
7. A Administración forestal impulsará as relacións de colaboración con outras administracións públicas para acadar o mesmo réxime de autorización administrativa única previsto neste artigo nos supostos de concorrencia da competencia forestal da Comunidade Autónoma de Galicia coas competencias daquelas. Do mesmo xeito, impulsará as relacións de colaboración cos demais departamentos da Xunta de Galicia, en particular con aquel que teña as competencias en materia de protección do patrimonio cultural, para a

identificación daquelas áreas e localizacións nas que exista concorrencia de intereses que hai que protexer, co fin de axilizar a tramitación da autorización administrativa única prevista neste artigo.»

Cinco. Engádese un novo artigo 92 bis á Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, coa seguinte redacción:

«Artigo 92 bis. Aproveitamentos madeireiros suxeitos a declaración responsable

1. Consonte o previsto no punto 3 do artigo 81, nos montes ordenados, cando os aproveitamentos se fagan de acordo co instrumento de ordenación ou de xestión aprobado, non se precisará autorización, e abondará a presentación dunha declaración responsable ao órgano inferior competente en materia forestal por razón do territorio con carácter previo ao inicio dos traballos.

Cando os aproveitamentos non se axusten ao previsto no instrumento de ordenación ou de xestión, aplicarase o réxime xeral previsto nesta lei, e a Administración forestal poderá exixir a modificación do instrumento de ordenación ou de xestión con posterioridade ao aproveitamento.

2. Fóra dos casos previstos no punto anterior, os donos de predios poderán realizar aproveitamentos de masas forestais poboadas das especies que non estean incluídas no anexo I desta lei e que non estean nos supostos enunciados nas alíneas b) e c) do punto 1 do artigo 92, así como executar cortas a feito, rareos ou entresacas, presentándolle ao órgano inferior competente en materia forestal por razón do territorio con carácter previo ao seu inicio unha declaración responsable de que non concorren as circunstancias que fan precisa autorización administrativa de acordo co establecido nesta lei.

En masas forestais que cumpran os requirimentos descritos no parágrafo anterior e inclúan pés nunha proporción reducida de especies incluídas no anexo I, poderase admitir o seu aproveitamento cunha declaración responsable, segundo as condicións que se determinen mediante orde da consellaría competente en materia de montes.

3. Quedan de igual forma suxeitos unicamente á obriga de declaración responsable ao órgano inferior competente en materia forestal por razón do territorio previa ao seu inicio:

a) Os aproveitamentos para uso doméstico, nos termos que se determinen mediante orde da consellaría competente en materia de montes.

b) Os aproveitamentos en zonas afectadas por unha expropiación, correspondéndolle ao órgano expropiante a obriga de presentar a declaración responsable. A zona expropiada deberá ser sinalizada polo órgano expropiante ou polo afectado, por instancia deste órgano.

c) As cortas de arboredo que sexan de obrigada execución de acordo co establecido na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, e as que se realicen para a obrigada adaptación ás distancias mínimas sinaladas no anexo II desta lei.
e) As cortas de arboredo que sexan obrigatorias cando a consellaría competente en materia de montes declare a existencia dunha praga ou enfermidade forestal, delimite a zona afectada e dite as medidas e tratamentos fitosanitarios para o control e a loita contra a praga.
4. Cando os aproveitamentos requiran unicamente a presentación de declaración responsable segundo o establecido nesta lei, non se requirirá a solicitude de informes previos sectoriais, sen prexuízo das responsabilidades en que incorra a persoa declarante polo incumprimento das condicións contidas na declaración.
5. Cando a realización do aproveitamento requira dunha avaliación de impacto ambiental, a declaración responsable prevista neste artigo non se poderá presentar ata que non rematase a dita avaliación o órgano ambiental e estea publicada no Boletín Oficial del Estado e no Diario Oficial de Galicia.»
Seis. Modifícase o artigo 94 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, que queda redactado como segue:
«Artigo 94. Disposicións comúns ao réxime administrativo dos aproveitamentos madeireiros
1. As cortas de policía, os rareos e os demais tratamentos silvícolas sen aproveitamento comercial non se considerarán aproveitamentos madeireiros para efectos do previsto polos artigos anteriores e, xa que logo, non requirirán de autorización administrativa nin de declaración responsable.
Tampouco requirirán de autorización da Administración forestal nin de declaración responsable ante esta as cortas que se realicen na zona de servidume do dominio público hidráulico, sen prexuízo dos medios de intervención administrativa que poidan establecer outras normativas que resulten aplicables.
2. As persoas físicas ou xurídicas que, en lugar do seu titular, realicen a xestión ou o aproveitamento dos montes ou dos terreos forestais poderán solicitar as autorizacións ou presentar as declaracións responsables previstas nos artigos anteriores, cando xustifiquen debidamente a súa representación.
3. O prazo máximo para a realización dun aproveitamento será de doce meses, contados desde a data da notificación da autorización ou desde a data en que se considere outorgada esta por silencio administrativo, ou ben desde a data da presentación da declaración responsable, segundo o caso.

4. Cando se demore a execución dun aproveitamento por causas non imputables á persoa titular ou á empresa que o leve a cabo, o prazo para a realización del poderá ser prorrogado polo órgano inferior competente en materia forestal por razón do territorio, logo da solicitude xustificada, por un único prazo, que en ningún caso poderá superar o inicialmente concedido.
5. A persoa titular dun aproveitamento madeirable ou leñoso cuxos produtos sexan obxecto de comercialización deberá comunicar ao órgano inferior competente en materia forestal por razón do territorio a contía realmente obtida no prazo máximo dun mes desde a súa finalización, de acordo cos procedementos que se establezan para o efecto, consonte o disposto no artigo 104.
6. A Administración forestal simplificará os procedementos administrativos de autorización e a presentación de declaracións responsables, regulando mediante orde da consellaría competente en materia de montes a presentación compartida para diferentes persoas propietarias de montes particulares de solicitudes de autorización e declaracións responsables, e impulsará o emprego dos servizos de atención telemáticos e a administración electrónica.»
Sete. Modifícase o punto 3 do artigo 95 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, que queda redactado como segue:
«3. O aproveitamento de biomasa forestal procedente de superficies declaradas como cultivo enerxético forestal requirirá de declaración responsable ao órgano inferior competente en materia forestal por razón do territorio con carácter previo ao seu inicio.»
Oito. Modifícase o punto 3 do artigo 104 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, que queda redactado como segue:
«3. Para tal fin, a Administración forestal manterá un sistema de supervisión baseado no control e no seguimento da orixe dos aproveitamentos madeireiros que se realicen en Galicia, mediante a información subministrada polas autorizacións e as declaracións responsables previstas nos artigos 92 e 92 bis. Así mesmo, mediante o Rexistro de Empresas do Sector Forestal, a Administración forestal poderá realizar os controis oficiais pertinentes ás empresas de aproveitamento e comercialización da madeira e dos produtos da madeira, avaliando os riscos e propoñendo accións correctivas cando sexa necesario.»
Nove. Modifícase o punto 2 da alínea ñ) do artigo 128 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, que queda redactado como segue:

«2. A realización de aproveitamentos madeireiros ou de biomasa en montes de xestión privada sen cumprir o requisito da declaración responsable preceptiva nos casos establecidos nesta lei ou incumprindo os prazos para a súa execución.»
Dez. Engádese unha nova disposición adicional sexta á Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, coa seguinte redacción:
«Disposición adicional sexta. Convenios coas asociacións do sector forestal
Co obxecto de acadar unha completa racionalización administrativa na tramitación das solicitudes de aproveitamentos forestais, formalizaranse convenios tanto coas asociacións de profesionais do sector como coas de persoas propietarias forestais, co fin de conseguir unha maior axilidade na consecución das autorizacións e que se minoren o máximo posible as cargas, tanto as administrativas como as de carácter económico.»
Once. Engádese unha nova disposición adicional sétima á Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, coa seguinte redacción:
“Disposición adicional sétima. Información xeolocalizada de espazos suxeitos a algún réxime de protección e de ámbitos de protección do dominio público

Os distintos departamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia colaborarán para que se publique no portal para solicitudes de cortas privadas da consellaría competente en materia de montes a información xeolocalizada debidamente actualizada que permita coñecer cando os montes ou terreos forestais forman parte de espazos suxeitos a algún réxime de protección ou cando están afectados por algunha lexislación de protección do dominio público, de xeito que permita aos operadores económicos unha planificación da xestión forestal respectuosa cos ditos espazos.”

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº73, de Supresión.

Débese suprimir toda a disposición derradeira novena.

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº90, ao apartado Un, de Supresión.

Débese suprimir o apartado Un da Disposición Derradeira Novena

_____

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº92, ao apartado Dous, de Supresión.

Débese suprimir o apartado Dous da Disposición Derradeira Novena.

_____

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº33, ao apartado Catro, de Supresión.

Emenda de supresión. Disposición derradeira novena.

Suprimir o apartado Catro da Disposición derrradeira novena.

_____

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº89, ao apartado Catro.92.1d), de Supresión.

Débese suprimir o apartado Catro, polo que se modifica o artigo 92 da Disposición Derradeira Novena.

_____

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº97, ao apartado Cinco, de Supresión.

Débese suprimir o apartado Cinco, polo que se engade o artigo 92 bis) da Disposición Derradeira Novena.

_____

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº34, ao apartado Cinco, de Supresión.

Emenda de supresión. Disposición derradeira novena.

Suprimir o punto Cinco.

_____

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº95, ao apartado Seis, de Supresión.

Débese suprimir o apartado Seis, polo que se modifica o artigo 94 da Disposición Derradeira Novena.

_____

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº96, ao apartado Sete, de Supresión.

Débese suprimir o apartado Sete, polo que se modifica o artigo 95 da Disposición Derradeira Novena.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº35, ao apartado Sete, de Supresión.

Emenda de supresión. Disposición derradeira novena.

Suprimir o apartado Sete da Disposición derrradeira novena.

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº94, ao apartado Oito, de Supresión.

Débese suprimir o Apartado Oito, que modifica o punto 3 do artigo 104 da Disposición Derradeira Novena.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº36, ao apartado Oito, de Supresión.

Emenda de supresión. Disposición derradeira novena.

Suprimir o apartado Oito da Disposición derrradeira novena.

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº93, ao apartado Nove, de Supresión.

Débese suprimir o Apartado Nove que modifica o punto 2.ñ) do artigo 128da Disposición Derradeira Novena.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº37, ao apartado Nove, de Supresión.

Emenda de supresión. Disposición derradeira novena.

Suprimir o apartado Nove da Disposición derrradeira novena.

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº91, ao apartado Dez, de Adición.

Débese engadir ao remate do texto da Disposición Adicional Sexta, o seguinte:

"A Xunta de Galicia comprométese, así mesmo, a incrementar os recursos económicos e de persoal precisos."

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº38, ao apartado Dez, de Adición.

Emenda de adición. Disposición derradeira novena.

Engadir no apartado Dez o seguinte texto: "A axilización de trámites non supoñerá en ningún caso a redución ou o detrimento dos dereitos de información pública, transparencia e participación."

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derradeira décima. Modificacións da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia

Un. Modifícase o punto 2 do artigo 47 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que queda redactado como segue:

“2. A competencia para autorizar a execución de obras e instalacións ou a realización de calquera outra actividade na zona de dominio público da estrada ou nas súas zonas de protección correspóndelle á Administración titular da estrada, agás na corta de arboredo, que terá que ser autorizada unicamente polo órgano competente en materia forestal, de acordo co disposto na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, ou norma que a substitúa, logo do informe preceptivo e vinculante do órgano competente da Administración titular da estrada.”
Dous. Modifícase o punto 3 do artigo 66 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que queda redactado como segue:
«3. A sanción correspondente á infracción cometida poderá reducirse ata nun 90 % do seu valor, en función dos danos ao dominio público viario e da diminución da seguridade viaria producida, se a persoa responsable acata, de ser o caso, a resolución de paralización ou suspensión e procede á demolición das obras, á suspensión definitiva dos usos e ao restablecemento da realidade física alterada antes da resolución do expediente de sanción.»
Tres. Modifícase a alínea g) do punto 1 do artigo 43 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que queda redactada como segue:
"g) As instalacións provisionais, cun prazo fixado, asociadas a actividades de interese ou uso público ou para a realización de actividades relacionadas coa conservación ou construción de instalacións industriais ou de edificacións.”

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº98, de Supresión.

Débese suprimir a totalidade da Disposición derradeira décima.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº74, de Supresión.

Débese suprimir toda a disposición derradeira décima.

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derradeira décimo primeira. **supresión**

(sen contido)

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derradeira décimo segunda. Modificacións da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia

Un. Modifícase o punto 2 do artigo 39 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, que queda redactado como segue:

«2. Estas autorizacións teñen carácter independente de calquera outra autorización, licenza ou trámite previo á execución das intervencións. Exceptúanse os supostos nos que a lexislación forestal integra no procedemento de outorgamento da correspondente autorización a tutela dos valores obxecto de protección por esta lei, a través dun informe preceptivo da consellaría competente en materia de patrimonio cultural, que establecerá, de ser o caso, as condicións ás que deberá suxeitarse a actuación e substituirá as autorizacións previstas por esta lei.»

Dous. Modifícase a alínea a) do punto 2 do artigo 78 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, que queda redactada como segue:

«a) A corta xeneralizada de arboredo frondoso autóctono, excepto nos supostos permitidos pola lexislación forestal para a presentación de declaracións responsables. O órgano competente en materia forestal, ademais, poderá autorizar a corta illada de frondosas autóctonas coa obriga, de ser o caso, de compensar a corta coa replantación inmediata de exemplares similares.»

Tres. Engádese unha nova disposición adicional décimo terceira á Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo terceira. Información xeolocalizada dos xacementos arqueolóxicos

Os distintos departamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia colaborarán coa dirección xeral competente en materia de protección do patrimonio cultural para que, no prazo dun ano, se publique na ferramenta xeográfica corporativa unha información xeolocalizada dos xacementos arqueolóxicos identificados ata o momento, que permita ás administracións públicas e aos operadores económicos unha planificación respectuosa co patrimonio cultural de Galicia.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº76, de Supresión.

Débese suprimir toda a disposición derradeira décimo segunda.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº39, ao apartado Un e Dous, de Supresión.

Emenda de supresión, Disposición derradeira décimo segunda.

Suprimir os apartados Un e Dous da Disposición derradeira décimo segunda, polos que se modifican o punto 2 do artigo 39 e a alínea a) do punto 2 do artigo 78 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galiza.

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº100, ao apartado Un.2, de Substitución.

Débese substituír o texto do apartado Un. punto 2. da Disposición Derradeira Décimo segunda, polo seguinte:

"2. Estas autorizacións teñen carácter independente de calquera outra autorización, licenza ou trámite previo á execución das intervencións."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº101, ao apartado Dous, de Substitución.

Débese substituír o texto do apartado Dous. alínea a) do punto 2. da Disposición Derradeira Décimo segunda, polo seguinte:

"a) A corta xeneralizada de arboredo frondoso autóctono. O órgano competente en materia forestal, ademais, poderá autorizar a corta illada de frondosas autóctonas, coa obriga, de ser o caso, de compensar a corta coa replantación inmediata de exemplares similares."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº77, ao apartado Tres, de Modificación.

No caso de non ser aceptada a emenda número 76, de supresión da disposición derradeira décimo segunda, débese modificar no punto tres da disposición derradeira décimo segunda o seguinte contido:
Onde di: "...patrimonio cultural para que, no prazo dun ano, se publique na ferramenta xeográfica..." debe dicir: "...patrimonio

cultural para que, no prazo de seis meses, se publique na ferramenta xeográfica..."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº78, ao apartado Tres, de Adición.

No caso de non ser aceptada a emenda anterior, a emenda número 76 de supresión da disposición derradeira décimo segunda, débese engadir ao final do punto tres da disposición adiconal décimo segunda o seguinte contido:
Engadir in fine: "...A dita información deberá ser publicada na páxina web da consellaría ou entidade competente da Xunta de Galicia en materia de patrimonio cultural."

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº40, ao apartado Tres, de Adición.

Emenda de adición, Disposición derradeira décimo segunda.

Engadir ao final do apartado Tres o seguinte texto:

"Habilitaranse os medios humanos e materiais precisos que permitan a actualización periódica destes datos. A información terá como obxecto a mellora da difusión do seu coñecemento e da planificación, sen substituír en ningún caso os informes e estudos pertinentes para a posta en marcha dos obxectivos da dita planificación."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº102, ao apartado Tres bis), de Adición.

Débese engadir no Apartado Tres, ao remate do texto da Disposición adicional décimo terceira, o seguinte:
"Incorporarase nos orzamentos de 2018 a previsión da convocatoria de oposicións para arqueólogos e a incorporación do persoal preciso á Dirección Xeral de Patrimonio, así como os recursos materiais necesarios para axilizar as autorizacións e para garantir unha óptima protección do patrimonio."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº79, ao apartado Tres bis), de Adición.

No caso de non ser aceptada a emenda número 76, de supresión da disposición derradeira décimo segunda, débese engadir un novo punto, que quedará redactado co seguinte contido:

"Tres *bis*. Engádese unha nova disposición transitoria novena *bis* á Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria novena *bis*. *Aumento de medios para a elaboración dos informes patrimoniais*

“1. Co obxecto de dar cumprimento aos prazos establecidos para a elaboración dos informes preceptivos en materia de patrimonio cultural, a Xunta de Galicia procederá a un aumento do persoal e dos medios materiais dedicados a tal fin.

2. A consellería competente en materia de patrimonio cultural, no prazo dun ano, remitirá ao Parlamento de Galicia un informe respecto do establecido no punto anterior.»"

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derradeira décimo terceira. Modificación do Decreto 59/2013, do 14 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, en materia de execución e explotación de infraestruturas hidráulicas

Modifícase o punto 1 do artigo 9 do Decreto 59/2013, do 14 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, en materia de execución e explotación de infraestruturas hidráulicas, que queda redactado como segue:

«1. Logo de supervisado o documento técnico por parte da Administración hidráulica de Galicia, a entidade local abrirá un trámite de información pública mediante publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da provincia de que se trate e no taboleiro de anuncios do concello correspondente **polo prazo de vinte días hábiles**.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº80, de Supresión.

Débese suprimir toda a disposición derradeira décimo terceira.

_____

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº41, de Adición.

Emenda de adición. Disposición derradeira décimo terceira bis.

Engadir unha nova disposición derradeira décimo terceira *bis,* co seguinte texto:

"Disposición derradeira décimo terceira *bis*. Modificación do Decreto lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial.
Un. Engádese un ordinal 3º á letra c) do apartado 1 do artigo 79, coa seguinte redacción
3º. Xustificación do cumprimento do artigo 3 *bis* da Lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.
Dous. Modifícase o apartado 7 do artigo 79, coa seguinte redacción:
7. Logo do informe do CES, a persoa titular da consellaría competente en materia de industria elevará o expediente ao Consello da Xunta, que decidirá se procede a declaración da proposta como proxecto industrial estratéxico.
Tres. Modifícase o apartado 1 do artigo 80, suprimindo os puntos b) e d)."

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derradeira décimo cuarta. Habilitación para o desenvolvemento regulamentario

1. Habilítase o Consello da Xunta de Galicia para ditar as normas regulamentarias necesarias para o desenvolvemento e a aplicación desta lei.

2. No prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei aprobaranse as normas regulamentarias necesarias para facer efectivo o réxime de incentivos ao investimento previsto no artigo 40.

3. As modificacións de normas de rango regulamentario introducidas por esta lei poderán ser obxecto de ulterior modificación ou derrogación por norma dese mesmo rango.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº81, ao apartado 2, de Modificación.

Débese modificar no punto 2 da disposición derradeira décimo cuarta a seguinte expresión:
Onde di: "...investimento previsto no artigo 30." debe dicir: "...investimento previsto no artigo 40 e anualmente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, dun xeito singularizado."

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº42, ao apartado 2, de Modificación.

Emenda de modificación. Disposición derradeira décimo cuarta.

Modifícase o texto do apartado 2 da Disposición derradeira décimo cuarta, quedando do seguinte modo:

"2. No prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei aprobaranse as normas regulamentarias necesarias para levar a cabo as políticas económicas recollidas no artigo 40. Estratexia galega de participación pública e impulso ao investimento."

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derradeira décimo quinta. Autorización para refundir textos

1. No prazo dun ano desde a entrada en vigor desta lei, o Consello da Xunta de Galicia, por proposta da persoa titular da consellaría competente en materia de emprego, aprobará o correspondente decreto lexislativo que refunda a Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, e as súas modificacións, incluíndo os preceptos contidos nesta lei.

2. A autorización á que se refire esta disposición inclúe a facultade de regularizar, aclarar e harmonizar os textos legais que teñan que refundirse.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº82, de Modificación.

Débese modificar a disposición derradeira décimo quinta, que quedará redactada co seguinte contido:
"No prazo dun ano desde a entrada en vigor desta lei, o Consello da Xunta de Galicia, por proposta das persoas titulares competentes en cada unha das materias indicadas, logo dos trámites oportunos e de acordo co Regulamento de Parlamento de Galicia, aprobará os correspondentes decretos lexislativos que refundan a Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia; a Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia; a Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental; e a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia."

_____

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derradeira décimo sexta. Entrada en vigor

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, coa excepción das medidas de racionalización dos aproveitamentos madeireiros de carácter comercial, que producirán efectos no prazo de seis meses desde a entrada en vigor dela.

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Exposición de motivos.

I

A Comunidade Autónoma de Galicia ten atribuída no artigo 30 do seu Estatuto de autonomía a competencia exclusiva sobre o fomento e a planificación da actividade económica en Galicia. No exercicio desta competencia, constitúe unha importante preocupación do lexislador e da Administración autonómica o fomento da implantación no territorio da Comunidade Autónoma de iniciativas empresariais, sen as cales non é posible o desenvolvemento económico nin o crecemento da ocupación e do emprego de calidade. Nesta liña, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, coa finalidade de fomentar o emprendemento e apoiar as persoas emprendedoras como axentes dinamizadores da economía.

Agora cómpre dar un paso máis e ocuparse de que as iniciativas empresariais do sector industrial, de servizos relacionados co anterior e do comercial por xunto dispoñan, en primeiro lugar, do solo que precisan para a súa implantación en condicións vantaxosas; en segundo lugar, dun marco normativo estable, predicible, integrado, claro e de certeza, tal como exixen os principios da boa regulación; e, en terceiro lugar, de incentivos que fomenten a súa radicación en Galicia.

Fundada nestas bases, esta lei cumpre os requisitos de boa regulación que establece a lexislación do procedemento administrativo común das administracións públicas:

— A necesidade da iniciativa lexislativa vén dada polas razóns de interese xeral que xa se teñen exposto, e que se resumen na conveniencia para o desenvolvemento económico e social de Galicia de establecer medidas que fagan atractiva a implantación de iniciativas empresariais no territorio da Comunidade Autónoma, tanto no que respecta ao acceso ao solo como á mellora da normativa aplicable e aos oportunos incentivos.

— Cúmprese tamén o principio de eficacia, porque esas medidas só poden ser introducidas a través dunha norma con rango de lei, ben por afectar materias que están reservadas a

este tipo de norma, ben por requirir a modificación integrada e coordinada doutras leis.

— Respéctase o principio de proporcionalidade, xa que para conseguir os obxectivos da lei non se impoñen con carácter xeral novas obrigas ou cargas administrativas, senón que, pola contra, se realiza un decidido esforzo de simplificación da normativa que afecta a implantación e o desenvolvemento das iniciativas empresariais.

— Préstase especial atención á efectividade do principio de seguridade xurídica, de maneira que todas as medidas recollidas na lei están debidamente coordinadas coa normativa aplicable ás materias concernidas, normativa que se modifica ou se derroga expresamente cando resulta necesario.

— En canto ao principio de transparencia, no procedemento de elaboración desta lei promoveuse a máis ampla participación da cidadanía en xeral e dos operadores económicos dos sectores afectados en particular.

— Por último, en virtude do principio de eficiencia e dentro do obxectivo de simplificar a normativa aplicable á implantación e ao desenvolvemento das iniciativas empresariais, evítanse as cargas administrativas innecesarias ou accesorias, o que supón unha racionalización da xestión dos recursos públicos asociados á tramitación dos procedementos administrativos relacionados con aquelas.

Esta lei consta de corenta e un artigos, estruturados en catro títulos:

— Título preliminar, de disposicións xerais, dividido en dous capítulos, un relativo ao obxecto, ámbito de aplicación e principios e outro, ao réxime das competencias administrativas en materia de implantación de iniciativas empresariais.

— Título I, sobre o réxime do solo empresarial, dividido en catro capítulos; o primeiro regula o desenvolvemento do solo empresarial; o segundo, o acceso a este tipo de solo; o terceiro, a xestión das áreas empresariais; e o cuarto, o réxime sancionador aplicable.

— Título II, de mellora normativa para o fomento da implantación de iniciativas empresariais, con catro capítulos, dedicados á tramitación ambiental conxunta de proxectos de actividades sometidas a autorización ambiental integrada e a

avaliación de impacto ambiental; á coordinación do outorgamento da autorización ambiental integrada cos procedementos de avaliación de impacto ambiental e outros medios de intervención administrativa de competencia autonómica; á regulación das competencias da Administración hidráulica de Galicia na tramitación e no seguimento da autorización ambiental integrada; e á simplificación dos procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica tramitados pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

— Título III, de incentivos para o fomento da implantación de iniciativas empresariais, con dous artigos, nos que se prevé o réxime dos devanditos incentivos e das medidas de promoción fiscal coa mesma finalidade.

A lei complétase con dúas disposicións adicionais, cinco transitorias, dúas derrogatorias e dezaseis derradeiras. Estas últimas, ademais de conteren as previsións de carácter técnico sobre o desenvolvemento regulamentario e a entrada en vigor da lei, conectan co contido do título II, ao acometeren a modificación da normativa sectorial de Galicia aplicable á implantación e ao desenvolvemento das iniciativas empresariais en sectores tan relevantes como o aproveitamento da enerxía eólica, a actividade mineira ou os aproveitamentos madeireiros, co fin de conseguir a simplificación daquela.

II

O título I da lei desenvolve os principios recollidos nas alíneas c) e d) do artigo 3, relativos á racionalización da oferta de solo empresarial e á facilidade para o acceso a este das iniciativas empresariais que o demanden, así como á calidade das infraestruturas, equipamentos, dotacións e servizos das áreas empresariais e á responsabilidade pública e privada, segundo corresponda, no mantemento e na conservación daquelas.

O capítulo I introduce unha serie de disposicións orientadas a facilitar un desenvolvemento mais áxil do solo empresarial. Entre as novidades que se incorporan destaca, como medida de simplificación e axilización procedemental que vai incidir positivamente na implantación de iniciativas empresariais, a redución dos prazos de tramitación dos proxectos sectoriais incluídos no Plan sectorial de áreas empresariais de Galicia e nas súas modificacións, naqueles supostos nos que concorran

razóns de urxencia apreciadas polo Consello da Xunta de Galicia.

Ademais, e co ánimo de axustar a execución de solo empresarial á demanda real existente, permítese o desenvolvemento parcial de áreas empresariais incluídas no Plan sectorial de áreas empresariais de Galicia e a execución e utilización por fases dos proxectos sectoriais de iniciativa pública, cando non se prevexa a división do ámbito en polígonos e o sistema de actuación sexa o de expropiación. Isto fará posible adecuar os investimentos públicos ás necesidades reais existentes en cada momento, sen ter que consumir recursos en desenvolvementos que están planificados para cubrir necesidades a longo prazo, pero que poden resultar desproporcionados para a demanda existente no momento actual. Regúlase tamén a aprobación dos proxectos de urbanización que se executen en desenvolvemento dos proxectos sectoriais.

Especial mención merece a creación do Censo de solo empresarial de Galicia, no cal se deberán inscribir todas as áreas empresariais promovidas que teñan parcelas dispoñibles para a súa comercialización, así como as áreas previstas para o seu inmediato desenvolvemento. Deste modo facilítase o coñecemento do solo realmente dispoñible e o grao de ocupación das áreas empresariais existentes, configurándose así o Censo como un instrumento de avaliación, planificación e actualización das necesidades de solo empresarial de Galicia.

Por ultimo, establécese a posibilidade de asinar convenios entre as entidades integrantes do sector publico autonómico con competencias nesta materia e os concellos, para que estes poidan desenvolver áreas empresariais no suposto de que non dispoñan dos medios necesarios, aproveitándose o coñecemento técnico e a experiencia das devanditas entidades na promoción e xestión do solo empresarial.

O capítulo II inclúe medidas orientadas a facilitar o acceso ao solo empresarial, como son a aprobación de programas de incentivos, incluíndo a posibilidade de bonificacións nos prezos, adxudicación en dereito de superficie con opción de compra ou dereitos de adquisición preferente a favor das persoas titulares das parcelas estremeiras que permitan a consolidación dunha implantación empresarial xa existente; as adxudicacións directas para os denominados proxectos empresariais singulares; a flexibilización dos requisitos para a declaración de proxectos industriais estratéxicos; e o pagamento aprazado do

prezo do solo sen repercusión de xuros durante os primeiros catro anos, contados desde a data de formalización da venda, cun período de carencia dun ano. Esta última posibilidade, xunto coa previsión de proxectos de actuación conxunta entre os organismos dependentes das consellarías de Infraestruturas e Vivenda e de Economía, Emprego e Industria, permitirán que iniciativas empresariais poidan acceder ao solo de titularidade autonómica sen teren que facer fronte ao pagamento íntegro do prezo das parcelas, o que reduce o esforzo económico para a súa implantación.

No capítulo III, dando resposta ás demandas do sector, disciplínase a xestión das áreas empresariais, con tres previsións: clarifícanse, consonte o establecido pola lexislación urbanística, as diversas posibilidades de atribución da responsabilidade sobre o mantemento e a conservación da urbanización nestas áreas; outórgase cobertura xurídica ás funcións que veñen desempeñando as entidades asociativas de xestión na prestación de servizos naquelas; e establécese un marco legal para a cooperación entre as administracións públicas e estas entidades na mellora das infraestruturas, equipamentos, dotacións e servizos das áreas empresariais.

Para rematar, o capítulo IV establece o réxime sancionador no caso de incumprimento por parte das persoas promotoras da obriga de inscrición no Censo de solo empresarial de Galicia das áreas empresariais que teñan parcelas dispoñibles para a súa comercialización, así como das áreas empresariais para o seu inmediato desenvolvemento.

III

En canto á tramitación ambiental, o artigo 14 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, establece que as comunidades autónomas dispoñerán o necesario para incluír as actuacións en materia de avaliación de impacto ambiental, cando así sexa exixible, no procedemento de outorgamento e modificación da autorización ambiental integrada.

O Regulamento de emisións industriais e de desenvolvemento da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, aprobado polo Real decreto 815/2013, do 18 de outubro, estableceu un procedemento de coordinación para a tramitación ambiental daquelas instalacións que precisan unha autorización substantiva da Administración xeral do Estado e ao mesmo tempo necesitan dispoñer de autorización ambiental integrada para o seu

funcionamento. Con todo, este procedemento resulta dificilmente aplicable a aqueles proxectos tramitados integramente nas comunidades autónomas, debido á repartición de competencias establecida entre os distintos órganos administrativos.

Co título II desta lei preténdese solucionar este baleiro, co obxectivo de clarificar e simplificar na medida do posible a tramitación de ambas as figuras de prevención ambiental, tan vinculadas entre si. Para todas aquelas cuestións non reguladas expresamente, serán aplicables as disposicións establecidas na normativa en materia de avaliación ambiental e de prevención e control integrados da contaminación.

Na mesma liña de simplificación e fomento da implantación da actividade industrial, cómpre coordinar o outorgamento da autorización ambiental integrada cos procedementos de avaliación de impacto ambiental e outros medios de intervención administrativa de competencia autonómica.

O procedemento coordinado que se establece aplicarase ás instalacións que requiran os medios de intervención administrativa da Administración autonómica enunciados no artigo 3.3 do texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2016, do 16 de decembro, e ademais requiran unha avaliación de impacto ambiental de conformidade co establecido na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

En concreto, este procedemento será aplicable á autorización de industrias ou instalacións industriais que estean legal ou regulamentariamente sometidas a autorización administrativa previa, de conformidade coa Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria. Terán esta consideración as autorizacións establecidas na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, na Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, e no capítulo IV da Lei orgánica 4/2015, do 30 de marzo, sobre protección da seguridade cidadá, no referente ás instalacións químicas para a fabricación de explosivos.

Ademais, é preciso abordar a regulación de determinadas cuestións relativas ás funcións da Administración hidráulica de Galicia na tramitación e no seguimento das autorizacións ambientais integradas, como son o prazo de emisión dos informes e as competencias en materia de vixilancia, inspección e sanción en materia de verteduras, posto que a

normativa básica estatal unicamente as ten reguladas para os organismos de bacía do Estado.

Pola súa parte, a disposición adicional segunda da lei prevé, dentro do sistema promovido pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para a xestión institucional dos residuos domésticos, encomendado á Sociedade Galega de Medio Ambiente, S. A., a posta en marcha dunha planta de produción de compost a partir da fracción orgánica dos residuos urbanos, coa finalidade de incrementar as porcentaxes de recuperación de materiais, consonte o disposto na Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia.

Por último, para acadar o obxectivo de axilización administrativa no que respecta á colaboración técnica e financeira da Administración hidráulica de Galicia, e na mesma liña das medidas anteriores, procurando a máxima racionalización e coordinación en prol do fomento e da planificación da actividade económica, redúcese o prazo de información pública previsto no artigo 29.3 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, e no artigo 9.1 do Decreto 59/2013, do 14 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, en materia de execución e explotación de infraestruturas hidráulicas, que pasa de trinta días hábiles a vinte días hábiles.

Coa mesma vocación, derrógase o Decreto 162/2010, do 16 de setembro, polo que se regulan as entidades colaboradoras da Administración hidráulica de Galicia en materia de control de verteduras e calidade das augas, xa que supoñía unha duplicidade con respecto á normativa estatal, en vulneración da Directiva 2006/123/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, ao lle impoñer ao administrado a repetición dos mesmos trámites, cando a acreditación estatal é válida na Comunidade Autónoma.

IV

O título III da lei introduce na Comunidade Autónoma de Galicia un réxime propio de incentivos ao investimento. O obxectivo deste é favorecer a realización en Galicia de proxectos de investimento, de contía significativa, que supoñan a creación de novos proxectos empresariais, así como a ampliación ou modernización das actividades económicas xa desenvolvidas na nosa comunidade.

Na medida en que a capacidade normativa da Comunidade Autónoma é moi limitada para articular os ditos incentivos mediante exencións, bonificacións ou deducións no marco regulador das principais figuras tributarias, o réxime levarase a efecto mediante a concesión ás persoas promotoras dos novos investimentos dunha subvención cuxa fase de pagamento se materializará a medida que se afronte o aboamento polo suxeito beneficiario de figuras impositivas autonómicas.

O dito réxime complementarase co establecemento, a través dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, de mecanismos de mellora do financiamento dos concellos galegos que incorporen nas súas figuras tributarias medidas para facilitar a implantación de iniciativas empresariais.

V

No que atinxe ás modificacións da normativa sectorial que se inclúen nas disposicións derradeiras da lei, cómpre salientar, en primeiro lugar, as que afectan o aproveitamento da enerxía eólica, co fin de acadar o obxectivo da axilización administrativa e, na mesma liña das medidas anteriores, para lograr a máxima racionalización e coordinación en prol do fomento e da planificación da actividade económica.

A Comunidade Autónoma de Galicia ten regulado o aproveitamento da enerxía eólica na Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental. Nela, entre outros aspectos, prevíase o trámite de selección de anteproxectos, enmarcado nun contexto normativo previo á aprobación da lexislación actual do sector eléctrico, coa que o proceso de liberalización do sector de xeración eléctrica culmina. Isto fai necesaria a actualización da lexislación específica do sector eólico no ámbito autonómico.

A devandita liberalización enmárcase dentro dunha planificación territorial definida, recollida no vixente Plan sectorial eólico de Galicia. Con esta modificación normativa preténdese o desenvolvemento do sector dunha maneira continuada no tempo e que garanta a sustentabilidade ambiental, protexéndose o medio natural cun escrupuloso respecto á Rede Natura 2000.

Ademais, o procedemento de autorización establecido na Lei 8/2009, do 22 de decembro, non recollía determinados aspectos normativos que foron introducidos con posterioridade

pola lexislación estatal, polo que resulta precisa a súa adaptación ao novo réxime xurídico.

Entre as novidades respecto da regulación actual, e co fin de simplificar os procedementos para a obtención da autorización de instalacións de enerxía eléctrica, abórdase agora a tramitación conxunta e coordinada do procedemento da autorización administrativa previa, da autorización de construción e do proxecto sectorial, establecéndose a necesidade de presentar, xunto coa solicitude da autorización, o proxecto sectorial, o que permitirá unha redución considerable dos prazos, ao se simultanearen fases procedementais como a información pública ou a solicitude do informe único aos diferentes organismos sectoriais, que deberán pronunciarse para todos os efectos nun mesmo momento.

Outra das medidas que se incorporan para simplificar a tramitación actual, sempre no eido da transparencia e sen mingua da seguridade xurídica, é a previsión de modificacións non substanciais de parques eólicos. Así, ante a complexidade derivada dos diferentes procedementos que conflúen nesta materia e a ausencia dunha regulación específica sobre o particular na normativa vixente en materia de ordenación do territorio, recóllense expresamente os supostos e os requisitos que deben concorrer para que proceda o recoñecemento dunha modificación do proxecto como non substancial, así como o procedemento específico e simplificado que debe seguirse nestes casos, sen que isto supoña redución das garantías nin vulneración dos principios que deben presidir o procedemento, nin moito menos da seguridade xurídica.

Para desenvolver os procedementos de xeito electrónico, créase o Rexistro Eólico de Galicia, que servirá de plataforma para integrar os parques eólicos en funcionamento e aqueles que estean pendentes de executar, co fin de dar transparencia e seguridade á liberalización ordenada do sector.

A modificación normativa que se introduce pretende tamén favorecer a execución de proxectos viables por empresas promotoras que realmente os executen, eliminando as barreiras administrativas na transmisión de titularidades e dereitos eólicos. Respéctanse, en todo caso, os compromisos adquiridos polas empresas promotoras coa Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia no concurso eólico do ano 2010.

Na liña marcada polo réxime retributivo actual, con exixentes prazos de execución destinados a fomentar a produción a partir de fontes de enerxías renovables, vinculados ao cumprimento dos obxectivos vinculantes establecidos na Directiva 2009/28/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2009, relativa ao fomento do uso de enerxía procedente de fontes renovables, e co obxectivo de que se desenvolvan na Comunidade Autónoma de Galicia estes proxectos, créase a declaración de proxectos de especial interese, que terá como efectos, principalmente, a redución de prazos e o despacho prioritario nas tramitacións administrativas. Búscase así facilitar o cumprimento dos prazos de execución destes proxectos e contribuír a acadar os obxectivos de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes renovables marcados pola Unión Europea.

Finalmente, outra das medidas tendentes á axilización de trámites é a declaración da incidencia supramunicipal que se inclúe ex lege na disposición adicional terceira que se engade á Lei 8/2009, do 22 de decembro, en relación coas infraestruturas de evacuación das instalacións de xeración eólica desenvolvidas no marco do Plan sectorial eólico de Galicia.

VI

Outra normativa sectorial que é obxecto de profunda revisión é a relativa á actividade mineira, regulada na Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia.

A minaría é o conxunto de actividades destinadas a valorizar un recurso natural de dominio publico. A súa implantación require a ocupación temporal do solo, xerando instalacións e infraestruturas, en ocasións, de carácter permanente. Para o desenvolvemento desta actividade, ademais das correspondentes autorizacións, concesións ou permisos da autoridade mineira, é necesaria a autorización das demais administracións que poidan verse afectadas no seu ámbito competencial. Todo isto ocasiona dilatados períodos de tramitación tanto para a implantación como para o cesamento das actividades mineiras, o que dificulta e, ás veces, mesmo impide o normal desenvolvemento do sector e a súa integración ambiental, social e territorial.

O obxecto destas modificacións é a axilización das tramitacións tanto para a implantación das actividades mineiras como para o seu cesamento e desafección do solo ocupado. Ao mesmo

tempo, adáptase a Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, á lexislación posterior en materia ambiental e mineira e garántese a compatibilización da actividade coa protección do dominio público e co desenvolvemento doutras actividades.

Establécese un procedemento integrado que incorpora as distintas autorizacións sectoriais necesarias para a implantación das actividades extractivas. Para isto, inclúese na solicitude dos dereitos mineiros a documentación requirida polas devanditas autorizacións, establecéndose as consultas aos concellos e aos organismos competentes en relación cos intereses públicos que se poidan ver afectados, e incorpóranse as correspondentes autorizacións sectoriais á resolución de outorgamento do dereito mineiro.

Para os efectos de garantir a adecuada participación pública no outorgamento de dereitos mineiros, ábrese un único período de información posterior aos informes dos organismos competentes. Deste xeito, ademais, evítase a inquedanza inxustificada das persoas interesadas producida pola publicación de proxectos que non teñan acreditada a compatibilización do proxecto mineiro con outras utilidades públicas e usos do solo a través dos informes sectoriais.

Nesta mesma liña de integración das tramitacións necesarias para o desenvolvemento das actividades mineiras, unha das principais novidades é a regulación polo miúdo do procedemento de expropiación forzosa na tramitación do dereito mineiro que así o requira, sempre que o solicite a persoa interesada, reforzándose as garantías das terceiras persoas que se poidan ver afectadas. Así, os dereitos mineiros que levan implícita a declaración de utilidade pública, en virtude da lexislación básica, poderán incorporar á súa tramitación a declaración da necesidade de ocupación dos bens ou dereitos que sexan indispensables para o inicio do proxecto, e a información ás terceira persoas interesadas, para o exercicio dos seus dereitos, garántese a través do procedemento de información pública anteriormente sinalado.

Co obxecto de compatibilizar ambientalmente as actividades extractivas, posibilítase a solicitude do documento de alcance do estudo de impacto ambiental a través do órgano mineiro. Prevese igualmente a reiteración da solicitude dos informes sectoriais, para contar cun mecanismo que faga posible garantir a súa emisión e a continuidade do procedemento, o que evitará dilacións que aumenten os períodos de tramitación

dos dereitos mineiros e permitirá a adaptación á Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

O novo procedemento integra os principios da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, coa determinación por parte da persoa solicitante dos datos que gocen de segredo profesional e de propiedade intelectual e industrial, así como os que estean suxeitos á protección dos datos de carácter persoal e a confidencialidade, de forma que se garanta un acceso máis áxil á información pública sen menoscabo das limitacións establecidas legalmente.

Co fin de garantir a rehabilitación dos espazos afectados pola actividade mineira, modifícase a constitución de garantías financeiras ou equivalentes, asegurándose a existencia de fondos facilmente executables en calquera momento por parte da Administración. Conséguese tamén así a adaptación á Directiva 2006/21/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de marzo de 2006, sobre xestión dos residuos de industrias extractivas e pola que se modifica a Directiva 2004/35/CE, e ao Real decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión de residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras, polo que se incorporou a devandita directiva ao ordenamento xurídico español.

Finalmente, simplifícase a convocatoria de concursos mineiros, para o efecto de axilizar a liberación dos terreos afectados por dereitos mineiros caducados e a desafección destes do dominio mineiro, garantíndose así as mellores condicións no impacto que poida xerarse. Con esta finalidade, establécese que coa caducidade do dereito se convoca o concurso, cun mes de prazo para a presentación de propostas, e que pode declararse deserto, o que comporta a liberación definitiva dos terreos afectados desde o punto de vista mineiro.

VII

Igualmente salientables son as modificacións do réxime administrativo dos aproveitamentos madeireiros.

A vixente Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes, plasmou a través de distintos artigos a intención do lexislador de axilizar os trámites burocráticos que a normativa vixente, non só a autonómica senón tamén a estatal, impoñía ás persoas

propietarias ou ás empresas forestais cando querían realizar aproveitamentos forestais madeireiros ou leñosos. Esta situación provocaba unha importante lentitude e o encarecemento da tramitación das solicitudes de autorización de cortas.

Agora cómpre homoxeneizar estas previsións coas normas posteriores á Lei 7/2012, do 28 de xuño, para conseguir que, sen menoscabo dos intereses públicos que se pretenden protexer, se acade unha simplificación administrativa que faga menos complicada a actividade do sector forestal, de grande importancia nesta comunidade autónoma.

Cabe destacar, ademais, a adaptación da Lei autonómica de montes aos preceptos básicos da lei estatal. Con ela, sen prexuízo do réxime de autorizacións necesario para determinados supostos, consolídase tamén a declaración responsable como réxime de intervención administrativa principal, sen que iso supoña unha diminución da preservación dos valores culturais, naturais e paisaxísticos de Galicia, conseguíndose, en definitiva, a optimización de recursos humanos e a simplificación e normalización dos procedementos de autorización de aproveitamentos forestais.

VIII

Para rematar, e sempre co espírito de simplificar a lexislación aplicable á implantación e ao desenvolvemento das iniciativas empresariais, esta lei introduce modificacións puntuais no réxime das instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos, das cooperativas e do alugueiro de vivendas turísticas. Configúrase así un cadro moi completo de revisión da normativa autonómica reguladora da actividade económica privada, que avanza de xeito decidido cara ao obxectivo da boa regulación.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº83, de Supresión.

Débese suprimir na epígrafe I da exposición de motivos, o terceiro parágrafo, todos os seus puntos.
Suprimir dende: "Fundada nestas bases..." ata: "...procedementos administrativos relacionados con aquelas."

_____

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº84, de Supresión.

No caso de non ser aceptada a emenda número 83, de supresión do terceiro parágrafo da epígrafe I da exposición de motivos, débese suprimir no parágrafo terceiro o seguinte punto:
Suprimir: "— En canto ao principio de transparencia, no procedemento de elaboración desta lei promoveuse a máis ampla participación da cidadanía en xeral e dos operadores económicos dos sectores afectados en particular."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº85, de Supresión.

Débese suprimir o parágrafo quinto da epígrafe I da exposición de motivos.
Suprimir: "A lei complétase con dúas disposicións adicionais, cinco transitorias, dúas derrogatorias e dezaseis derradeiras. Estas últimas, ademais de conteren as previsións de carácter técnico sobre o desenvolvemento regulamentario e a entrada en vigor da lei, conectan co contido do título II, ao acometeren a modificación da normativa sectorial de Galicia aplicable á implantación e ao desenvolvemento das iniciativas empresariais en sectores tan relevantes como o aproveitamento da enerxía eólica, a actividade mineira ou os aproveitamentos madeireiros, co fin de conseguir a simplificación daquela."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº86, de Supresión.

Débese suprimir no último parágrafo da epígrafe IV da exposición de motivos a seguinte expresión.
Suprimir: "que incorporen nas súas figuras tributarias medidas para facilitar a implantación de iniciativas empresariais."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº87, de Supresión.

Débese suprimir a epígrafe V da exposición de motivos.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº88, de Supresión.

Débese suprimir a epígrafe VI da exposición de motivos.

_____

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº89, de Supresión.

Débese suprimir a epígrafe VII da exposición de motivos.

_____

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº90, de Supresión.

Débese suprimir a epígrafe VIII da exposición de motivos.

_____

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº103, ao apartado I.2, de Substitución.

Débese substituír o texto do segundo parágrafo polo seguinte:

"Cómpre xerar as condicións para desenvolver os sectores económicos endóxenos con maior potencial para crear riqueza e emprego e que beneficien a maioría social. Ese desenvolvemento debe ser con base nun modelo diversificado e respectuoso cos valores ambientais, paisaxísticos e patrimoniais do noso país."

_____

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº104, ao apartado I.3, de Supresión.

Débese suprimir o texto do terceiro parágrafo
"Fundada nestas bases..." até o final do mesmo.

_____

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº105, ao apartado I.4, de Supresión.

Débese suprimir o texto do cuarto parágrafo
"- A necesidade da inicaitiva lexislativa vén..." até o final do mesmo.

_____

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº106, ao apartado I.5, de Supresión.

Débese suprimir o texto do quinto parágrafo
"- Cúmprese tamén o principio..." até o final do mesmo.

_____

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº107, ao apartado I.6, de Supresión.

Débese suprimir o texto do sexto parágrafo
"- Respéctase o principio de..." até o final do mesmo.

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº108, ao apartado I.7, de Supresión.

Débese suprimir o texto do sétimo parágrafo
"- Préstase especial atención..." até o final do mesmo.

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº109, ao apartado I.8, de Supresión.

Débese suprimir o texto do octavo parágrafo
"- En canto ao principio..." até o final do mesmo.

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº110, ao apartado I.9, de Substitución.

Débese substituír o texto do noveno parágrafo polo seguinte:

"- A ineficacia da Xunta de Galicia na xestión da Administración e o seu continuado recorte de recursos fai que sexan necesarias medidas que eviten atrasos excesivos nos procedementos pero que non reduzan, senón que incrementen, as garantías de participación pública e transparencia e mais ambientais e paisaxísticas.
Iso conseguirase con máis recursos económicos e humanos e cunha mellor organización e racionalización dos recursos."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº111, ao apartado I.13, de Supresión.

Débese suprimir no décimo terceiro parágrafo o seguinte texto:

"...e á simplificación dos procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica tramitados pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº112, ao apartado I.15, de Substitución.

Débese substituír no parágrafo décimo quinto a seguinte expresión:
Onde di: "dúas" debe dicir: "catro"

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº113, ao apartado II, de Supresión.

Débese suprimir no parágrafo segundo o seguinte texto:

"Entre as novidades que se incorporan, destaca como medida de simplificación e axilización procedemental que vai incidir positivamente na implantación de iniciativas empresariais e a redución dos prazos de tramitación dos proxectos sectoriais incluídos no Plan sectorial de áreas empresariais de Galicia e nas súas modificacións, naqueles supostos nos que concorran razóns de urxencia apreciadas polo Consello da Xunta de Galicia."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº114, ao apartado IV.1, de Supresión.

Débese suprimir no parágrafo primeiro o seguinte texto:

"O obxectivo deste é favorecer a realización en Galicia de proxectos de investimento, de contía significativa, que supoñan a creación de novos proxectos empresariais, así como a ampliación ou modernización das actividades económicas xa desenvolvidas na nosa comunidade."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº115, ao apartado IV.2, de Adición.

Débese engadir no parágrafo segundo a seguinte expresión:
Despois de "...dunha subvención..." engadir:
"definida regulamentariamente e concedida por concorrencia competitiva mediante orde"

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº116, ao apartado VI.2, de Substitución.

Débese substituír no parágrafo segundo o seguinte texto:
Onde di: "Para o desenvolvemento desta ... integración ambiental, social e territorial."
Debe dicir:
"As modificacións estarán destinadas a racionalizar a explotación de recursos naturais non renovables, nunha actividade que xera importante impactos ambientais e paisaxísticos, e a garantir polo tanto a conservación destes valores.
Apostarase pola planificación, control e mellora dos procesos e polo incremento do valor engadido das producións existentes, incorporando á planificación o principio de cautela."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº117, ao apartado VI.3, de Supresión.

Débese suprimir no parágrafo terceiro a seguinte expresión:

"e garántese a compatibilización da actividade coa protección do dominio público e co desenvolvemento doutras actividades."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº118, ao apartado VI.4, de Supresión.

Débese suprimir o texto do parágrafo cuarto:
"Establécese un procedemento..." ata o final.

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº119, ao apartado VI.5, de Supresión.

Débese suprimir o texto do parágrafo quinto:
"Para os efectos de garantir..." ata o final.

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº120, ao apartado VI.6, de Supresión.

Débese suprimir o texto do parágrafo sexto:
"Nesta mesma liña de integración..." ata o final.

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº121, ao apartado VI.10, de Supresión.

Débese suprimir o texto do décimo parágrafo
"Finalmente, simplifícase a convocatoria..." até o final do mesmo.

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº123, ao apartado VII.2, de Supresión.

Débese suprimir o texto do segundo parágrafo
"A vixente Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes,..." até o final do mesmo.

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº122, ao apartado VIII, de Substitución.

Débese substituir no parágrafo octavo a seguinte expresión:
Onde di: "...dunha planta..." debe dicir:
"das plantas comprometidas no Plan de residuos urbanos de Galicia 2010-2020"

_____

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 17.10.2017 Hora: 10:00

Orde do día

2. Comparecencias en pleno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 17.10.2017 Hora: 10:00
Orde do día

2.1 18547(10/CPP-000036)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Da Sra. Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, por petición propia, para dar conta da súa política en materia de paisaxe e ordenación do territorio

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
10 OUT. 2017
Núm. 18547

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno- da conselleira de Medio Ambiente e Ordneación do Territoria para **"dar conta da súa política en materia de paisaxe e ordenación do territorio"**

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 17.10.2017 Hora: 10:00

Orde do día

3. Mocións

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 17.10.2017 Hora: 10:00
Orde do día

3.1 17886(10/MOC-000049)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de atención ás persoas en situación de dependencia. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 15654, publicada no BOPG nº 174, do 13.09.2017, e debatida na sesión plenaria do 26.09.2017)

Publicación da iniciativa, 187, 05.10.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2017 13:26
Nº Rexistro: 17886
Data envio: 29/09/2017 13:26:21.835

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o 26 de setembro, sobre a política do Goberno galego en materia de atención ás persoas en situación de dependencia (doc. núm **15654**, [**10/INT-000549**]).

Moción

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

- Poñer en marcha de xeito inmediato un plan de atención as persoas en listas de espera tanto para unha avaliación como para que se materialicen as axudas que teñen recoñecidas a través da Lei de Dependencia, coa dotación orzamentaria e de recursos materiais e humanos preciso, que contemple:

- Dimensionar o cadro de persoal da Consellaría de Política Social co número preciso de profesionais para eliminar a demora que existe no rexistro de solicitudes de dependencia, na realización das avaliacións e da PIA.

- Realizar todas as accións precisas para garantir unha rede pública cos recursos que as persoas en situación de dependencia precisan, e garantir a equidade no acceso, nomeadamente residencias, axuda no fogar e centros de día.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2017 13:26
Nº Rexistro: 17886
Data envio: 29/09/2017 13:26:21.835

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Incrementar o gasto público en dependencia ata chegar como mínimo ao gasto medio por persoa do Estado.

O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a dirixirse ao Goberno español e demandarlle:

- O pago dos máis de 150 millóns de euros correspondentes aos recortes acumulados con Galiza, derivado da aplicación do RD-L 20/2012 de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade.

- O financiamento acordado do 50% dos gastos de atención á dependencia.."

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Deputada do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2017 13:26
Nº Rexistro: 17886
Data envio: 29/09/2017 13:26:21.835

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 29/09/2017 13:24:49

Ana Pontón Mondelo na data 29/09/2017 13:24:54

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 17.10.2017 Hora: 10:00
Orde do día

3.2 17887(10/MOC-000050)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas perdas ocasionadas polas extremas condicións climatolóxicas no sector agrario. (Moción, a consecuencia da Interpelación n. 15083, publicada no BOPG nº 174, do 13.09.2017, e debatida na sesión plenaria do 26.09.2017)

Publicación da iniciativa, 187, 05.10.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2017 13:33
Nº Rexistro: 17887
Data envio: 29/09/2017 13:33:12.007

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa da súa deputada, **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada os días 26 e 27 de setembro de 2017, sobre a política do Goberno galego en relación coas perdas ocasionadas polas extremas condicións climatolóxicas no sector agrario (10/INT-000545, doc. núm. 15083)

Moción

A) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Poñer en marcha axudas directas por superficie para os viticultores afectados polas xeadas e pola sarabia, que inclúan tanto a compensación polas perdas da produción prevista para este ano, como as medidas precisas que permitan a súa plena recuperación no seguinte ciclo produtivo.

2. Establecer liñas de crédito do Igape para que as explotacións gandeiras e vitícolas poidan facer fronte aos gastos.

3. Poñer en marcha un plan urxente consensuado coa Fegamp, organizacións ecoloxistas e agrarias, con medidas concretas para loitar contra a seca.

4. Buscar fórmulas que permitan a adaptación dos seguros agrarios á realidade da estrutura produtiva e da propiedade do sector primario de Galicia.

B) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dirixirse o Goberno de España para que lle solicite:

1. A bonificación por parte do Ministerio de Traballo do 90 % das cotas á Seguridade Social dos viticultores e gandeiros afectados polas xeadas e a sarabia.

2. A redución por parte do Ministerio de Facenda dos módulos para os sectores afectados.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2017 13:33
Nº Rexistro: 17887
Data envio: 29/09/2017 13:33:12.007

3. A declaración de zona de emerxencia nas zonas nas que se dean as condicións requiridas para elo.

Pazo do Parlamento, 29 de setembro de 2017

Partido dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 29/09/2017 13:32:19

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 29/09/2017 13:32:25

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 17.10.2017 Hora: 10:00
Orde do día

3.3 17888(10/MOC-000051)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre a elaboración polo Goberno galego dun novo plan sectorial eólico de Galicia, así como as actuacións que debe levar a cabo mentres non se aprobe. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 15065, publicada no BOPG nº 174, do 13.09.2017, e debatida na sesión plenaria do 26.09.2017)

Publicación da iniciativa, 187, 05.10.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2017 13:47
Nº Rexistro: 17888
Data envio: 29/09/2017 13:47:44.126

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea** por iniciativa do seu deputado e voceiro suplente **Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación **núm. 15065 (10/INT-000543)** debatida na sesión plenaria do 26 de setembro de 2017, sobre a política do Goberno alego en relación coa regulación do sector eólico.

MOCIÓN:

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

1) Elaborar un novo Plan Sectorial Eólico de Galiza baixo as seguintes premisas:

a) Abrirase un procedemento de participación social para a elaboración do Plan. Durante un período non inferior a 6 meses, a Xunta de Galiza establecerá formas de consulta aberta con asociacións e colectivos ecoloxistas, culturais, sociais, propietarios de montes, concellos, etc. para obter propostas conducentes á elaboración dun borrador de Plan.
b) Unha vez elaborado dito borrador, abrirase un novo prazo non inferior a 6 meses para que todos os colectivos consultados e a cidadanía en xeral poida presentar alegacións.

c) O Plan Sectorial Eólico de Galiza elaborarase en base aos seguintes principios:

i. Conseguir un modelo respectuoso coa conservación dos valores ambientais, paisaxísticos e patrimoniais e que procure o máximo

retorno social da explotación dos recursos, dando prioridade a proxectos de explotación públicos e cooperativas.

ii. Fomentar a xeración distribuída e o autoconsumo evitando os grandes parques en lugares que supoñen graves impactos ambientais e paisaxísticos, ou a concentración de múltiples pequenos parques na mesma.

iii. Nos novos proxectos de iniciativa privada e non dedicados ao autoconsumo, dar prioridade a aqueles que contemplen e faciliten a participación pública do INEGA no capital dos novos parques.

iv. Establecer novas medidas fiscais e extra fiscais que faciliten o retorno social de parte dos beneficios producidos pola actividade modificando o Canon Eólico e o Fondo de Compensación Ambiental

v. Desenvolvemento harmónico dos proxectos de implantación de parques eólicos que permita una implantación das infraestruturas eléctricas e industriais.

vi. Ampliación da superficie declarada actualmente como Rede Natura.

vii. Zonas de exclusión paisaxísticas determinadas nas Directrices da Paisaxe e os Catálogos da Paisaxe.

2) Mentres non se aprobe o Plan Sectorial Eólico de Galiza estableceranse nun prazo de 2 meses:

i. Zonas de exclusión ambiental naqueles lugares con probabilidade de formar parte da proposta de ampliación da Rede Natura necesaria para achegar a porcentaxe de superficie con esta cualificación ás medias europeas. A responsable da proposta destas

zonas de exclusión de parques eólicos será a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e será aprobada no Parlamento de Galiza.

ii. Zonas de exclusión paisaxística. En previsión da aprobación das Directrices da Paisaxe, a Dirección Xeral de Sostenibilidade e Paisaxe fará unha proposta de zonas de exclusión por motivos paisaxísticos, nun prazo de 2 meses que deberá de ser aprobada no Parlamento de Galiza.

3) En tanto non se modifique o Plan Sectorial Eólico de Galiza considéranse Áreas de Desenvolvemento as actuais agás as áreas de exclusión propostas no punto 2).

4) Modificar o Artigo 15 da Lei 8/2009, de 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico e se crean o canon ambiental e o Fondo de Compensación Ambiental, que quedará redactado como segue:

Artigo 15 Tipo de gravame e cuota tributaria

1. A cota tributaria ven determinada pola aplicación á base impoñible dos seguintes tipos de gravame anuais:

• - En parques eólicos que dispoñan de entre 1 e 3 aeroxeneradores: 2.300 euros por cada unidade de aeroxenerador.

• - En parques eólicos que dispongan de entre 4 e 7 aeroxeneradores: 4.100 euros por cada unidade de aeroxenerador.

• - En parques eólicos que dispongan de entre 8 e 15 aeroxeneradores: 5.900 euros por cada unidade de aeroxenerador.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2017 13:47
Nº Rexistro: 17888
Data envio: 29/09/2017 13:47:44.126

GRUPO PARLAMENTAR en marea

.- En parques eólicos que dispoñan de máis de 15 aeroxeneradores: 7.900 euros por unidade de aeroxenerador.

Independentemente do número de aeroxeneradores e tendo en conta o impacto paixasistico e medioambiental aplicarase un coeficiente corrector destas cotas tributarias en función do diámetro do rotor.

- Ata 50 m de diámetro de rotor as cotas serán as anteriormente descritas

-Entre 50 e 100 m de diámetro de rotor as cotas multiplicaránse por un coeficiente de 1,5.

- Para rotores de máis de 100 m de diámetro as cotas multiplicaránse por un coeficiente de 2."

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2017.

Asdo.: Antón Sánchez García

Deputado e Voceiro S. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 29/09/2017 13:47:10

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 17.10.2017 Hora: 10:00

Orde do día

4. Proposicións non de lei en Pleno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 17.10.2017 Hora: 10:00
Orde do día

4.1 1042(10/PNP-000096)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Fernández, Raúl e 2 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa execución da liña e das infraestruturas de alta velocidade ferroviaria en Galicia

Publicación da iniciativa, 18, 23.11.2016

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2016 13:01
Nº Rexistro: 1042
Data envio: 11/11/2016 13:01:43.701

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas**, Raúl Fernández Fernández, Noela Blanco Rodríguez e María Luisa Pierres López,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

Exposición de motivos

A chegada da liña de alta velocidade ferroviaria a Galicia resulta ser de importancia capital para os intereses do noso país.

Coa liña do AVE plenamente operativa gañaremos en competitividade en todos os niveis: social, empresarial, produtiva, económica, ...

Gañaremos no ámbito material, máis tamén gañaremos no ámbito de equilibrio territorial e, sobre todo, no recoñecemento de Galicia como terra de oportunidades.

Non resulta, polo tanto, estraño que o conxunto da sociedade galega anhele e desexe que esta hipótese sexa unha realidade.

A situación actual de aproveitamento parcial do AVE é cualificado pola sociedade galega como un agravio a unha afrenta histórica con Galicia.

Todos/as preocupados/as, excepto o presidente do Goberno galego.

O Sr. Feijoo acomoda as súas esixencias ao Goberno de España en función da cor política do Goberno de España.

Máxima esixencia cando gobernaron os socialistas, e máxima permisividade cando gobernan os populares.

A situación actual das obras do AVE, entre Lubián e Ourense, non invitan ao optimismo.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2016 13:01
Nº Rexistro: 1042
Data envio: 11/11/2016 13:01:43.701

Neste tramo so hai incumprimento orzamentario e parálise de actuacións polo Goberno do Sr. Rjoy.

A marchas das obras é preocupante e parece rachar, unha vez máis, o compromiso do presidente da Xunta de Galicia para o ano 2018.

Por iso nos preocupan as últimas manifestacións do presidente da Xunta de Galicia facendo táboa rasa sobre algunhas condicións que garanten que o acceso do AVE a Galicia poda denominarse como tal.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a esixir do Goberno central a que:

1. No ano 2018 estean rematadas as infraestruturas de entrada do AVE a Galicia, dando solución definitiva ao tramo Taboadela-Ourense.
2. No ano 2018 estea construída a necesaria estación intermodal de Ourense, Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña.
3. No ano 2018 a liña de alta velocidade ferroviaria en Galicia sexa unha realidade sen renuncias que permitan a catalogación de alta velocidade.
4. Se recuperen, para acadar estes obxectivos, os fondos non executados en exercicios anteriores e presentes e se contemplen nos orzamentos de 2017 as inversións necesarias.

Pazo do Parlamento, 11 de novembro de 2016

Asdo.: Raúl Fernández Fernández
Noela Blanco Rodríguez
María Luisa Pierres López
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2016 13:01
Nº Rexistro: 1042
Data envio: 11/11/2016 13:01:43.701

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Raúl Fernández Fernández na data 11/11/2016 12:57:02

Noela Blanco Rodríguez na data 11/11/2016 12:57:09

María Luisa Pierres López na data 11/11/2016 12:57:14

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 11/11/2016 12:57:20

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 17.10.2017 Hora: 10:00
Orde do día

4.2 5776(10/PNP-000492)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

González Vázquez, José e 5 máis

Sobre a solicitude polo Goberno galego ao Goberno central da cesión ás comunidades autónomas do rendemento do imposto sobre sucesións e doazóns derivado da obriga real de contribuír, da obriga persoal do causante non residente, así como da adquisición de bens inmobles situados fóra de España, xunto coa delegación das competencias de xestión, recadación, inspección e revisión correspondentes

Publicación da iniciativa, 79, 08.03.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2017 09:30
Nº Rexistro: 5776
Data envio: 27/02/2017 19:19:00.746

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** a través do seu **Portavoz,** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **José González Vázquez, Guadalupe Murillo Solis, Paula Prado del Río, Gonzalo Trenor López, Cristina Romero Fernández** e **Sandra Vázquez Domínguez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

O imposto sobre sucesións e doazóns non é un imposto totalmente cedido á Comunidade Autónoma de Galicia. Como sinala o artigo 32 da Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das Comunidades Autónomas de réxime común e Cidades con Estatuto de Autonomía e se modifican determinadas normas tributarias, a cesión queda condicionada a que os suxeitos pasivos, causantes ou bens, segundo os casos, estean situados en territorio español. Polo tanto non están cedidos os seguintes supostos:

- Imposto sobre sucesións:

- Causante non residente

- Suxeito pasivo non residente

- Imposto sobre doazóns:

- Ben inmoble situado fóra do territorio español

- Suxeito pasivo non residente

Con anterioridade a 1 de xaneiro de 2015, nestes supostos, o rendemento correspondía ao Estado, así como a xestión, inspección e recadación destes, desenvolvida totalmente pola AEAT, aplicándose para iso a normativa estatal. É dicir, non era aplicable a normativa das CCAA.

A Sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, do 3 de setembro de 2014 (asunto C-127/12), declarou que o Reino de España incumpriu as obrigas que lle incumben en virtude dos artigos 63 TFUE e 40 do Acordo sobre o Espazo Económico

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2017 09:30
Nº Rexistro: 5776
Data envio: 27/02/2017 19:19:00.746

Europeo do 2 de maio de 1992, ao permitir que se establecesen diferenzas no trato fiscal das doazóns e as sucesións entre os causahabentes e os donatarios residentes e non residentes en España, entre os causantes residentes e non residentes en España e entre as doazóns e as disposicións similares de bens inmobles situados en territorio español e fóra deste, como consecuencia da aplicación a estes supostos da normativa estatal fronte á normativa das CCAA que era máis beneficiosa.

Para solucionar a situación derivada da devandita sentenza, o Estado optou por aplicar a estes supostos a normativa das CCAA, pero sen cedelos.

É dicir, o Estado continúa percibindo o rendemento e xestionando o tributo pero aplicando a normativa das CCAA. Para estes efectos introduciu unha disposición adicional segunda na Lei 29/1987, do 18 de decembro, do Imposto sobre Sucesións e Doazóns, con efectos dende 1/1/2015, redactada pola disposición final terceira da Lei 26/2014, do 27 de novembro, pola que se modifican a Lei 35/2006, do 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, o texto refundido da Lei do Imposto sobre a Renda de non Residentes, aprobado polo R.D. Lexislativo 5/2004, do 5 de marzo, e outras normas tributarias.

Esta solución non parece a máis conveniente, xa que pode ser a orixe de múltiples problemas á hora de aplicar o tributo.

Por todo o anterior, a solución máis conveniente tería sido a cesión completa deste imposto ás CCAA, incorporando os non residentes de acordo cos puntos de conexión establecidos na nova disposición adicional. Desta forma produciríase unha aplicación homoxénea e igualitaria da norma a todos os contribuíntes por administracións tributarias especializadas neste tributo, lográndose maior eficiencia na xestión e ao mesmo tempo facilitaríanse as obrigas aos contribuíntes diminuíndo de forma significativa a presión fiscal indirecta, ademais de aumentar os ingresos das Comunidades Autónomas e polo tanto a súa autonomía financeira.

Estas circunstancias descritas, que en teoría afectan a todas as CCAA, produciranse con moita máis frecuencia na CA de Galicia, dada a importancia que o fenómeno migratorio tivo nesta comunidade. Así é moi usual nesta comunidade a presentación do imposto sobre sucesións de herdanzas nas que existen residentes e non residentes.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2017 09:30
Nº Rexistro: 5776
Data envio: 27/02/2017 19:19:00.746

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar do Goberno central que se ceda ás Comunidades Autónomas o rendemento do imposto sobre sucesións e doazóns derivado da obriga real de contribuír, da obriga persoal do causante non residente así como da adquisición de bens inmobles situados fóra de España. Está cesión comprenderá tamén a delegación das competencias de xestión, recadación, inspección e revisión correspondentes."

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 27/02/2017 19:16:31

José González Vázquez na data 27/02/2017 19:16:41

María Guadalupe Murillo Solís na data 27/02/2017 19:16:52

Paula Prado Del Río na data 27/02/2017 19:17:06

Gonzalo Trenor López na data 27/02/2017 19:17:21

Cristina Isabel Romero Fernández na data 27/02/2017 19:17:34

Sandra Vázquez Dominguez na data 27/02/2017 19:17:43

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 17.10.2017 Hora: 10:00
Orde do día

4.3 8124(10/PNP-001368)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Grupo Parlamentario de En Marea

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

De iniciativa popular, sobre a realización por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria das adaptacións necesarias para incluír a obrigatoriedade da materia de Historia da Filosofía como troncal na oferta de bacharelato, así como a demanda ao Goberno do Estado para que propicie nos traballos para o denominado "Pacto educativo" un debate en profundidade sobre a situación da fisolofía no sistema educativo e a necesidade da súa pervivencia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
20 ABR. 2017
Núm. 8124

Á Mesa do Parlamento

A Comisión Promotora formada por Jorge Álvarez, Carme Adán, Ramón Soler, Pilar Fariñas, Mercedes Oliveira, Alberto Mariño, Inés Fernández Buján, Bieito Sousa, Manuel Anxo Fortes Torres, Eva Garea dacordo coa Lei 7/2015 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia presenta a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno:

Existe un acordo unánime en que a filosofía é unha das dimensións máis profundas na formación, na constitución intelectual, e non só intelectual, dunha persoa; en que a filosofía, antes que unha determinada especialidade dun conxunto de profesionais, é algo ao que todo o mundo está chamado, pois dalgún modo todo o mundo, segundo os momentos, faise preguntas filosóficas, medita, pensa filosóficamente, fai verdade o *dictum* de que "todo ser humano é filósofo". Non existe menor unanimidade en considerar a filosofía, e así o foi tradicionalmente, como un certo culmen na formación, sen o cal todo o construído ata aí parecería quedar inacabado, incompleto, sen que se puidese reafirmar, ao tempo que redimensionar , todo o aprendido.

E, certamente, a filosofía como unha reflexión de segundo grao, que se fai cargo das ciencias, dos saberes e das accións, e, en definitiva, da experiencia humana, para preguntarse acerca de todo iso, para os contemplar nas súas articulacións, na súa posible totalización, representa un nivel de integración dos saberes e prácticas, de conciencia sobre o admitido e feito, sobre o dado e o posible, que cando falta non é tan só unha mera lagoa de saber o que se produce, senón que á falla de consolidación do

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL DE ENTRADA
28 ABR. 2017
Núm. 8124

aprendido se lle une unha especie de incompletitude formativa, humana que podería recollerse sinxelamente como un estado de desorientación, de quebra de conciencia, de certa vulnerabilidade intelectual.

Toda a tradición europea - desa Europa da que non ten sentido falar sen os nomes de Heráclito, Platón, Aristóteles, Descartes, Espinosa, Hume, Kant, Hegel, Marx, Nietzsche, Beauvoir, Arendt..., da que non pode falarse sen a filosofía mesma- foi moi consciente deste lugar da reflexión filosófica, e por iso, de maneiras diversas, procurou dotar aos seus cidadáns cun ensino da filosofía o máis sistemático posible. En certo sentido, a democracia exixía que a formación na filosofía non fora reservada a unhas elites egrexias, as únicas, como o que sucedía coa teoloxía noutro tempo, que podían ter acceso ao que denominaban as grandes cuestións, as últimas preguntas, ao sentido ou o sen sentido de todo. A igualdade nos dereitos, o fin das barreiras sociais, demandaba, ao mesmo tempo, a eliminación das barreiras de acceso a esa dimensión intelectual de auténtica plenificación humana. Do contrario, intelectual e culturalmente falando, o Antigo Réxime manteríase en pé, a lacerante división entre as cultivadas elites e as xentes necesitadas da guía doutro, dunha autoridade ou dun pastor, constantemente mantidos na heteronomía, sen ser capaces de pensar por si mesmos. Cidadanía plena é isto; por iso nos atrevemos a afirmar que non hai cidadanía, no senso máis fondo do termo, sen filosofía. Ese sería o modo cabal en que a democracia viña a cumprir o fondo nexo que Aristóteles formulara entre o home como *ser de lógos*, de razón e palabra, e como *ser de pólis*.

E, con todo, énos aquí hoxe na triste situación de ter que reivindicar para as nosas escolas que esta ensinanza non desapareza. Por se mesmo isto

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
20 ABR. 2017
Núm. 3124

representa xa o síntoma dunha grave crise no noso sistema educativo, que é máis preocupante nun contexto nada pasaxeiro de fondos cambios de todo tipo (tecnolóxicos, sociais, económicos, políticos, comportamentais, de valores) que afectan fondamente ás nosas vidas, que teñen como un dos seus efectos máis relevantes a perda de sentido, de orientación no mundo, de seguridade nas pautas e formas conductuais que gobernan a nosa existencia, un xeral non saber a que aterse. Denominacións diversas, que circulan en todos os medios, nos falan disto (anomia, crise de civilización, posverdade, poshumanidade, posdemocracia, sociedades líquidas...). Esta é a situación paradóxica, que cando as circunstancias do noso entorno nos demandan máis apremiantemente instrumentos conceptuais para saber confrontarnos a elas, aqueles se nos subtraen, deixan de ofrecerse nos nosos programas educativos. Unha orientación pragmatista, de adaptación inmediatista ás demandas de certo mercado, lamina progresivamente o equipamento teórico dos nosos e das nosas escolares, quedando exposto/ass, inermes para enfrontarse autónomamente ao seu mundo. E non cabe dúbida que unha boa parte do arsenal que nos arma ante iso atópase no pensamento dos mais grandes, niso que se chama Historia da Filosofía.

Nos últimos tempos, no estado español, se veñen producindo distintas modificacións no sistema educativo que na súa diversidade conflúen nunha progresiva retirada da educación en filosofía. A última é a representada pola chamada lei Wert, que comporta a supresión da Historia da Filosofía como materia común para o alumnado que culminan o seu bacharelato. Por primeira vez vaise dar a situación de alguén que obtendo o título dun ensino ao que se aspira podan acceder toda a cidadanía, aos seus dezaoito anos, capaz de elixir e ser elixido/a na area pública, que se incorpora ao mundo do traballo ou continúa estudos superiores xa especializados, non vai saber sequera quen era Aristóteles ou Kant, o que non sería máis que

unha deficiencia, por clamorosa que fora, na súa preparación, se non comportara unha demediación intelectual e humana na súa equipaxe para confrontarse o seu mundo como individuo e suxeito cidadá pleno.

E por todo iso que:

"O Parlamento de Galicia insta á Consellaría de Educación a:

1. No marco das súas competencias realizar as adaptacións necesarias para incluir na oferta educativa do Bacharelato a obligatorieadade da Historia da Filosofía como materia troncal.

2. Instar ao Ministerio de Educación do Goberno do Estado a propiciar nos traballos para o denominado Pacto educativo un debate en profundidade sobre a situación da Filosofía no sistema educativo e a necesidade da súa pervivencia ."

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
20 ABR. 2017
Núm. 8124

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
20 ABR. 2017
Núm. 8124

Razóns da Proposición non de lei.

1. É acordo compartido universalmente o relativo a importancia da *Filosofía* na formación de toda persoa pola dimensión que representa en canto disciplina que, ~~de forma especial, atinxe~~ a todo ser humano, pois todos dalgún modo, non metódico, non sistemático, son filósofos polas preguntas que se fan, pola natureza das súas reflexións ao longo de momentos distintos das súas vidas.

2. A filosofía afecta transversalmente a todo o aprendido polo alumno, tanto no seus contidos científicos como sociais e éticos en xeral. Ten unha función de reflexión integradora, que asume tanto os contidos das diversas ciencias nos que alumno foi iniciado, como os demais aspectos, teóricos e prácticos, da súa formación; reflexiónaos nun nivel superior, establece nexos e preguntas sobre eles, reorientaos con actitude crítica. Deste modo proporciona un efecto de asentamento consciente do aprendido, á vez que lle proporciona unha nova dimensión. A formación queda nun nivel de incompletitude, de *curriculum* non culminado, se falta, pois, esa reflexión de segundo grao que é a filosofía.

3. A constatación recoñecida de certa desorientación, desubicación vital, vulnerabilidade intelectual do suxeito ante un manexo cada vez máis grande de información, transmitida polas máis diversas fontes e formatos, ante a exposición a unha diversidade maior de experiencias e acontecementos, ante unha diversidade de modos de captación de conciencias e vontades, require do individuo unha ferramenta teórica adecuada, unha capacidade reflexiva que a formación filosófica, como é recoñecido, proporciona especialmente. Parámetros elementais como verdade/falsidade, xusto/inxusto, realidade/virtualidade, ciencia/ideoloxía, moral/amoral/inmoral, universal/particular, etc non son hoxe xa algo medianamente claro na conciencia de cada un, medios de orientación na sociedade e no noso mundo.

4. Un contexto, nada coxuntural, de aceleración de cambios, laborais, sociais, tecnolóxicos, culturais que afectan a todas as dimensións da existencia, intensificando a situación de certa precariedade por parte dos individuos de medios intelectuais para orientarse e dotar de fundamentos a súas decisións persoais e públicas, sendo a formación filosófica un elemento esencial nesa equipaxe teórica.

5. Encontrámonos, con todo, nunha situación paradoxal: mentres todos os factores, como moitos dos sinalados, acentúan a necesidade da formación filosófica, esta, nos programas de estudios, non deixan de minguar, e coa última lei de educación (LOMCE) se pon ao borde da súa desaparición. Por vez primeira nos atoparemos con estudantes que non saberán nada de Aristóteles ou Kant, o que non é soamente unha grave cuestión de preparación, senón algo máis importante: un síntoma claro da falla no equipamento intelectual do individuo para confrontarse conscientemente aos retos do mundo actual.

6. Unha certa conciencia desta situación da formación filosófica levou xa a nove Comunidades Autónomas (Asturias, Cataluña, Extremadura, Andalucía, Aragón, Murcia, Cantabria, Baleares e La Rioja) a adoptar medidas de distinto tipo para, cando menos, paliar o seu dano, facendo que a filosofía conservara a sua presenza, e, en particular, unha materia da relevancia da Historia da Filosofía nos estudos de Bacharelato, ata o de agora común a todas as modalidades do mesmo, puidera conservar dalgún modo o seu lugar.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
20 ABR. 2017
Núm. 8124

As e os abaixo asinantes forman parte da Comisión Promotora para a incorporación da Filosofía no sistema educativo galego:

Jorge Álvarez 34608880 K CHAÍN-LOUREIRO, 5B, 36389- BONDOMAR (Pontevedra)

Carme Adán 52482330 X RÚA ROMIL 32 3 H 36202 VIGO 618415719

Ramón Soler 36.031.647 P

Pilar Fariñas 32442131 X

Mercedes Oliveira 35545768 G

Alberto Mariño 34248753 M

Inés Fernández Buján 34948228-G

Bieito Sousa 36071565 P

Manuel Anxo Fortes Torres 36019679 T

Eva Garea 33255314 M

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 17.10.2017 Hora: 10:00
Orde do día

4.4 14901(10/PNP-001193)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Villares Naveira, Luis

Sobre o establecemento pola Xunta de Galicia, en colaboración cos concellos e a Fegamp, dun plan de mellora da rede de distribución de auga no conxunto do territorio galego

Publicación da iniciativa, 170, 06.09.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2017 11:28
Nº Rexistro: 14901
Data envio: 31/08/2017 11:28:16.933

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa dos seus deputados **Marcos Cal Ogando** e **Luís Villares Naveira,** ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un informe da Axencia Europea do Medio Ambiente alertaba sobre as consecuencias e riscos que o cambio climático tiñan para Galicia, dende o incremento do nivel do mar á elevación da temperatura media pero, sobre todo, pola diminución de precipitacións que podería chegar en pouco tempo ao 30% en moitos meses. A pesar diso, hoxe Galicia continúa tendo os maiores focos de CO2 do Estado e a nosa emisión de gases de efecto invernadoiro supón un 0,12% do total mundial, cando apenas chegamos ao 0,045 da poboación total.

A Xunta de Galicia non ten feito nada para evitar esta situación, en moitos casos aprobando normativas que van no senso contrario, en consecuencia, as súas políticas teñen contribuído á escaseza de auga dos últimos días que afectan á correcta extinción dos lumes forestais pero tamén, de forma moi significativa, ao subministro de auga potable en numerosos concellos de Galicia. A Xunta simplemente mira ao ceo a ver que pasa. O seguinte paso: a danza da choiva.

A antiga concepción do noso país como excedente en reservas de auga, onde era inimaxinable períodos de seca como os que estamos a sufrir nos últimos anos, ten actuado sobre as políticas públicas, de forma que non se fomenta nin a súa conservación, nin un correcto uso da auga, ocupándose unicamente a Xunta de plans de emerxencia e actuacións ante a concorrencia desta situación,

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2017 11:28
Nº Rexistro: 14901
Data envio: 31/08/2017 11:28:16.933

esquecendo, unha vez máis, as necesarias políticas de prevención.

Dende o noso grupo queremos poñer o foco sobre unha situación concreta, que é preocupante e absolutamente desatendida polo Goberno galego: Galicia con Asturias presenta as peores taxas de eficiencia da rede de subministro de Auga do conxunto do Estado, con taxas inferiores ao 60% e moi próximas ao 50% na maioría dos casos. Isto quere dicir que o 50% das nosas reservas de auga pérdense durante o transporte dende a captación ata os fogares ou industrias, porcentaxe moi lonxe dos óptimos acadables do 80%. Durante anos, isto non era un problema xa que, salvo cuestións excepcionais, o subministro está garantido polas condicións do noso país, hoxe fanse necesarias medidas correctoras que melloren estes índices.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a establecer un plan de mellora da rede de distribución de auga no conxunto do país, en colaboración cos concellos e a FEGAMP, que contemple, entre outras, as seguintes accións.

a. Renovación de redes e contadores, uso de aplicacións de xestión de caudal en tempo real.
b. Elaboración de mecanismos e equipos de control de fugas.
c. Redución do consumo non rexistrado.
d. Implantación de sistemas de vixilancia da rede de distribución con prelocalización.
e. Establecemento de plans periódicos de inspección e control das redes de distribución.
f. Campañas de comunicación antifraude e de uso correcto da rede.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2017 11:28
Nº Rexistro: 14901
Data envio: 31/08/2017 11:28:16.933

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

g. Plans de revisións de consumos sospeitosos.
h. Avaliacións periódicas do resultado do plan.

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2017.

Asdo.: Marcos Cal Ogando, Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputado do G.P. de En Marea. Voceiro do G.P de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 31/08/2017 11:26:29

Luis Villares Naveira na data 31/08/2017 11:26:37

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 17.10.2017 Hora: 10:00
Orde do día

4.5 16414(10/PNP-001257)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 10 máis

Sobre o requirimento polo Goberno galego ao Concello de Vigo do remate da urbanización do contorno do hospital público Álvaro Cunqueiro habilitando, en condicións de igualdade, as prazas de aparcamento en superficie necesarias para o normal funcionamento do centro

Publicación da iniciativa, 178, 20.09.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 17:38
Nº Rexistro: 16414
Data envio: 13/09/2017 17:38:25.893

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz,** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Alberto Pazos Couñago, Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez, Sandra Vázquez Domínguez** e **Teresa Egerique Mosquera,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

A posta en funcionamento do Hospital Alvaro Cunqueiro supuxo un avance sen precedentes para o sistema sanitario público galego, e moi especialmente para os usuarios da sanidade pública na Área sanitaria de Vigo.

A pesares da inxusta campaña de desprestixio á que foi sometido antes da súa apertura, transcorridos pouco mais de dous anos dende a mesma, usuarios e profesionais teñen acreditado a calidade, tanto das instalacións como dos servizos sanitarios que desfrutan os pacientes do Hospital Alvaro Cunqueiro.

Os esforzos realizados polo goberno galego agromaron nunha instalación sanitaria que xa alcanzou a máxima cualificación entre os hospitais galegos, converténdose así no buque insignia da sanidade do noso país. Sen embargo, ese esforzo da Administración autonómica non foi correspondido coa mesma intensidade por parte doutras administracións públicas.

O Concello de Vigo se ten destacado como un dos principais actores nos intentos de dificultar a construción e posta en funcionamento do Hospital Alvaro Cunqueiro, e aínda hoxe, non asumiu na súa totalidade o cumprimento integro das súas obrigas en relación ao mesmo.

Concretamente, aínda non se teñen materializado as actuacións de urbanización da contorna do Hospital Alvaro Cunqueiro, e especialmente, os compromisos adquiridos polo Concello de Vigo en materia de estacionamento de superficie.
Pero sendo grave que os usuarios do Alvaro Cunqueiro aínda non dispoñan das prazas de aparcamento comprometidas polo Concello de Vigo, aínda resulta mais grave que en distintas declaracións o rexedor da cidade, D. Abel Caballero, manifeste a súa vontade de establecer na contorna da principal instalación sanitaria de Galicia, un sistema de aparcamento público discriminatorio, establecendo dúas tarifas diferentes:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 17:38
Nº Rexistro: 16414
Data envio: 13/09/2017 17:38:25.893

unha gratuíta para os cidadáns de Vigo, e outra onerosa para os demais usuarios da sanidade pública.

Este prantexamento se nos antolla inxusto, arbitrario e aínda mais grave, ilegal, ao establecer condicións de acceso mais ou menos gravosas para os cidadáns, en función da súa orixe.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

"O Parlamento da Galicia insta á Xunta de Galicia a requerir ao Concello de Vigo a completar a urbanización da contorna do Hospital público Alvaro Cunqueiro habilitando, en condicións de igualdade, as prazas de aparcamento en superficie necesarias para o normal funcionamento da principal instalación sanitaria da cidade".

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 13/09/2017 17:35:38

Alberto Pazos Couñago na data 13/09/2017 17:35:46

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 13/09/2017 17:36:07

María Encarnación Amigo Díaz na data 13/09/2017 17:36:14

María Ángeles Garcia Míguez na data 13/09/2017 17:36:22

Marta Rodriguez Arias na data 13/09/2017 17:36:28

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 13/09/2017 17:36:37

María Soraya Salorio Porral na data 13/09/2017 17:36:46

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 13/09/2017 17:36:53

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 17:38
Nº Rexistro: 16414
Data envio: 13/09/2017 17:38:25.893

Raquel Arias Rodríguez na data 13/09/2017 17:37:00

Sandra Vázquez Dominguez na data 13/09/2017 17:37:08

Teresa Egerique Mosquera na data 13/09/2017 17:37:19

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 17.10.2017 Hora: 10:00
Orde do día

4.6 17226(10/PNP-001299)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da introdución de modificacións en diversos artigos da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa

Publicación da iniciativa, 182, 27.09.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 17:53
Nº Rexistro: 17226
Data envio: 21/09/2017 17:53:35.070

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Un principio para que o sistema educativo goce de eficacia basease en que a comunidade educativa teña un papel activo na concreción de propostas para mellorar a nosa educación e tamén na posta en práctica das medidas. Do mesmo xeito, a dita eficacia tamén depende da actitude e a disposición dos distintos axentes dos que se compón o sistema educativo, non só das administracións competentes, dos centros escolares e o seu profesorado, que teñen unha responsabilidade colectiva, senón que ademais depende de establecer un marco xeral e de propiciar un clima idóneo para que todos e cada un dos actores involucrados asuman e exerzan a súa responsabilidade específica.

Desde 1965 houbo moitos avatares nos distintos tipos de Consello Escolar, consellos de centro, os municipais os de comunidade autónoma e no Consello Escolar do Estado.

Todas as leis educativas, dun ou doutro xeito, tratan a participación e a autonomía nos centros educativos, pero o certo é que a participación é efectiva cando se cre nela, cando en realidade pensamos que a achega de todos beneficia ao alumnado, e a autonomía é real cando os centros dispoñen de recursos (económicos, materiais e humanos) para desenvolver os seus proxectos.

A participación aparece no artigo 27.7 da Constitución de 1978, no que se establece que "os profesores, os pais e, no seu caso, os alumnos intervirán no control e na xestión de todos os centros sostidos pola Administración con fondos públicos, nos termos que estableza a lei.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 17:53
Nº Rexistro: 17226
Data envio: 21/09/2017 17:53:35.070

Non obstante, a participación escolar sufriu un duro pau, pasou de ser concibida como un valor básico para a formación de cidadáns autónomos, libres, responsables e comprometidos, garantíndose a participación da comunidade educativa na xestión dos centros educativos, tal e como se recollía na LOE, a unha participación tutelada na LOMCE, que aínda que recoñece a necesidade de buscar un equilibrio e fortaleza na relación alumno, familia e escola, faino de tal xeito que extirpa toda posibilidade de calquera toma de decisión da comunidade educativa cuxa representación encontrase no Consello Escolar.

A LOMCE transfire todas as decisións do Consello Escolar á figura do director do centro, de xeito que o Consello Escolar pasa de ser un órgano de goberno, de decisión, a un órgano meramente consultivo, e os seus conselleiros pasan de decidir a ser exclusivamente consultados segundo recolle a LOMCE no seu artigo 127, e entre algunha das competencias que tiña asignadas na LOE, como "aprobar, decidir ou fixar", se transforman na LOMCE en "avaliar ou informar".

Máis alá de cuestionar se este cambio se axusta ao principio constitucional de 1978, o que si se debe cuestionar é que é un duro golpe que quebra e contradí un principio educativo e formativo. Pais, nais e docentes introducen ao longo da educación e formación dos nenos e nenas as bases para que progresivamente vaian asumindo e adoptando decisións nas súas vidas e que o fagan de xeito responsable. Todo iso é parte do proceso da aprendizaxe e da madureza na vida, e resulta nocivo que un principio tan evidente que se debe fomentar nos nenos e nenas sexa furtado na escola, e que a comunidade educativa sexa privada da "confianza" para que participe nas decisións do centro.

É lóxico e desexable que a comunidade educativa teña capacidade de decisión. Non é cuestión *baladí* cando se trata de poder opinar e decidir sobre aspectos que inflúen na educación integral dun fillo ou filla, do proxecto educativo dun centro, de decisións que afectan ao ambiente de conveniencia e incluso ao cambio de libros de texto sobre o que xa só se poida opinar, pero non decidir, como sucedeu coa LOMCE, lei que mutila o modelo de escola democrática, un exemplo real que nenos e nenas vivían a diario e que queda afectado tamén pola ola de recortes, neste caso democráticos.

As medidas educativas dos centros escolares reducen o seu valor se non contan co apoio e o compromiso das familias, precisamente educar ten sentido se se fai conxuntamente, xa que un valor non se pode instaurar se unha parte actúa dunha forma e a outra diametralmente oposta, por iso, non se debe delegar o papel educativo exclusivamente nos docentes e nos centros educativos.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 17:53
Nº Rexistro: 17226
Data envio: 21/09/2017 17:53:35.070

Outros dos cambios que introduciu a LOMCE modifican de xeito substancial a figura de director ou directora de centro, as súas funcións e os criterios para a súa selección. A responsabilidade e as funcións asignadas á dirección dun centro non poden ir en detrimento das funcións e a capacidade de decisión dos consellos escolares.

Por iso, hai que seguir avanzando en dotar aos centros de maior autonomía para dar unha mellor atención educativa ao alumnado que teñen escolarizado, Autonomía na organización e funcionamento, na xestión de persoal podendo definir o perfil dunha parte do profesorado así como autonomía na xestión económica. Agora ben, ese incremento da autonomía na toma de determinadas decisións non pode recaer exclusivamente na figura do director, senón que ten que estar baseada nun modelo de escola participativa e democrática na que deben representar un papel relevante todos os órganos de coordinación e participación dos centros, especialmente do consello escolar no que están representados todos os sectores da comunidade educativa.

A LOMCE tamén cambia criterios para a elección do director, eliminando as referencias á súa elección democrática pola comunidade educativa e a elección en función da idoneidade que aparecían na LOE. A selección realizase segundo a LOMCE por unha comisión na que a Administración conta con máis do 50 % de representación (a súa regulación queda nas máns das CC.AA), e entre o 30 % e menos do 50 % para a representación do centro educativo. Estas porcentaxes indican que a dirección do centro pasa a ser elixida pola Administración, quedando excesivamente limitada a representación da Comunidade educativa e perdéndose ademais a posibilidade que contemplaba a LOE (apartado 2 do artigo 133) de seleccionar aos candidatos máis idóneos para o cargo.

A LOE fixaba a selección do director nas mans dunha comisión con membros da Administración educativa e do centro educativo, e asegurábase que dous terzos pertencesen á comunidade educativa do centro.

Este novo proceso de selección pode converter o director nunha persoa que se limita a cumprir as instrucións dos responsables da Administración educativa, en lugar de fomentar o seu liderado pedagóxico e impulsor da innovación educativa, para que os centros, no marco da súa autonomía, poidan organizar a mellor atención educativa ao alumnado.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 17:53
Nº Rexistro: 17226
Data envio: 21/09/2017 17:53:35.070

Por estas razóns é fundamental rivalizar a participación educativa, certamente vida a menos e recuperar a sociabilidade da comunidade educativa, en definitiva, débese recuperar o concepto de comunidade educativa, docentes, pais e nais e alumnado.

Para que haxa participación, en principio, esta débese xerar e regular, e como comprobamos a LOMCE supón un claro retroceso a serios avances xa levados a cabo nalgunhas comunidades autónomas que xa hai anos regularon e fomentaron a participación. É difícil xerar unha cultura de participación escolar, cando a propia lexislación non a xera ou facilita. É difícil instaurar valores democráticos cando á comunidade educativa se lle substitúe o dereito a "decidir" polo dereito a "opinar" e é difícil manter o principio da participación, cando nin sequera nun cambio lexislativo como o que se viviu coa LOMCE que xerou un intenso debate, amplo e plural, que sería o desexable para levar adiante unha lei educativa.

En definitiva, a participación débese xerar e cultivar, porque se se desexa implicación débense poñer as bases para a colaboración entre a comunidade educativa. Por iso, o Grupo Parlamentario socialista considera que é urxente proporcionar unha solución inmediata para a recuperación do principio da participación nos centros educativos mentres se tramita unha nova lei básica de educación.

Proponse, en consecuencia, recuperar a garantía da participación da comunidade educativa na Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa na organización, o goberno, o funcionamento e a avaliación dos centros educativos, para asegurar unha educación de calidade con equidade.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, propón a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a dirixirse ao Goberno do Estado e lle solicite que proceda á reforma da Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, para a modificación da participación da comunidade educativa mediante a modificación dos seguintes artigos:

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 17:53
Nº Rexistro: 17226
Data envio: 21/09/2017 17:53:35.070

1. Modificar o artigo 109 da Lei orgánica 872013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, referido á Programación da rede de centros, que terá a seguinte redacción:

"Na programación da oferta de prazas, as administracións educativas harmonizarán as esixencias derivadas da obriga que teñen os poderes públicos de garantir o dereito de todos á educación e os dereitos individuais de alumnos e alumnas, pais, nais e titores legais.

As administracións educativas programarán a oferta educativa das ensinanzas que nesta lei se declaran gratuítas tendo en conta a programación xeral do ensino, as consignacións orzamentarias existentes e o principio de economía e eficiencia no uso dos recursos públicos e, como garantía da calidade do ensino, unha adecuada e equilibrada escolarización dos alumnos e alumnas con necesidade específica de apoio educativo. Para iso terán en conta, en primeiro termo, a rede existente de centros públicos no territorio no que exercen as súas competencias e, en segundo termo, a rede existente de centros privados concertados para completar as necesidades de escolarización. Así mesmo, as administracións educativas garantirán a existencia de prazas públicas suficientes, especialmente nas zonas de nova poboación".

2. Modificar o apartado 3 do artigo 122 da Lei orgánica 872013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, que terá a seguinte redacción:

"3. Os centros docentes públicos poderán obter recursos complementarios, previa aprobación do Consello Escolar, nos termos que establezan as administracións educativas, dentro dos límites que a normativa vixente establece. Estes recursos non poderán provir das actividades levadas a cabo polas asociacións de país e nais e do alumnado en cumprimento dos seus fins e deberán ser aplicados aos seus gastos, de acordo co que as administracións educativas establezan".

3. Modificar o artigo 122 bis da Lei orgánica 872013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, coa seguinte proposta de redacción:

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 17:53
Nº Rexistro: 17226
Data envio: 21/09/2017 17:53:35.070

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Artigo 122 bis. Accións destinadas a fomentar a calidade dos centros docentes.

1. Promoveranse acción destinadas a fomentar a calidade dos centros docentes, mediante o reforzo da súa autonomía, segundo establezan o Goberno e as administracións educativas.

2. As ditas accións comprenderán o impulso, recoñecemento e difusión de boas prácticas que terán como obxectivo fundamental incrementar o éxito escolar e reducir o abandono escolar temperá, desde os principios que supón a educación inclusiva co fin de dar resposta tanto ao alumnado con maiores dificultades de aprendizaxe como ao alumnado con maior capacidade e motivación para aprender.

3. A realización das accións de calidade educativa estará sometida á rendición de contas polo centro docente e os seus resultados valoraranse, no marco do que regulen as administracións educativas, polas melloras obtidas por cada centro en relación coa súa situación de partida.

4. Para a realización das accións de calidade, os centros, no marco da regulación que establezan as administracións educativas, disporán de autonomía para adaptar os recursos humanos ás necesidades derivadas da súa aplicación e desenvolvemento. Para iso, previa aprobación do consello escolar, os centros poderán:

a. Propoñer o perfil específico do profesorado complementario que se require para aplicar e desenvolver o seu plan de actuación para a mellora da calidade educativa.

b. Propor, de forma motivada, a prórroga na Comisión de Servizos do funcionario de carreira docente que ocupara un dos postos citados no apartado anterior ou, no seu caso, o nomeamento do novo no mesmo posto do funcionario interino docente que o viña desempeñando, cando, en ambos supostos, sexan necesarios para a continuidade do Plan de actuación para a mellora da calidade educativa.

4. Modificar o artigo 127 da Lei orgánica 872013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, que terá a seguinte redacción:

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 17:53
Nº Rexistro: 17226
Data envio: 21/09/2017 17:53:35.070

"Artigo 127. Competencias do Consello Escolar.

O Consello Escolar do centro terá as seguintes competencias:

a) Aprobar e avaliar os proxectos e as normas aos que se refire o capítulo II do título V desta lei.

b) Aprobar e avaliar a programación xeral anual do centro sen prexuízo das competencias do Claustro de profesores, en relación coa planificación e organización docente.

c) Coñecer as candidaturas á dirección e os proxectos de dirección presentados polos candidatos.

d) Participar na selección do director do centro nos termos que a presente lei establece. Ser informado do nomeamento e cese dos demais membros do equipo directivo. No seu caso, previo acordo dos seus membros, adoptado por maioría de dous terzos, propor a revogación do nomeamento do director.

e) Decidir sobre a admisión de alumnos e alumnas con suxeición ao establecido nesta Lei e disposicións que a desenvolvan.

f) Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e velar porque se ateñan á normativa vixente. Cando as medidas disciplinarias adoptadas polo director correspondan a conductas do alumnado que prexudiquen gravemente a convivencia no centro, o Consello Escolar, a instancia de país, nais ou titores legais, poderá revisar a decisión adoptada e propor, no seu caso, as medidas oportunas.

g) Propor medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade entre homes e mulleres, a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, e a prevención da violencia de xénero.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 17:53
Nº Rexistro: 17226
Data envio: 21/09/2017 17:53:35.070

h) Promover a conservación e renovación das instalación e equipo escolar e aprobar a obtención de recursos complementarios de acordo co establecido no artigo 122.3.

i) Fixar as directrices para a colaboración, con fins educativos e culturais, coas Administracións locais, con outros centros, entidades e organismos.

j) Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados das avaliacións internas e externas nas que participe o centro.

k) Elaborar propostas e informes, a iniciativa propia ou a petición da Administración competente, sobre o funcionamento do centro e a mellora da calidade da xestión, así como sobre aqueles outros aspectos relacionados coa calidade da mesma.

l) Calquera outras que lle sexan atribuídas pola Administración educativa."

5. Suprimir as letras l), m), n, ñ) o) do artigo 132 da Lei orgánica 872013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

6. Modificar o artigo 135 da Lei orgánica 872013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, que terá a seguinte redacción:

"1. Para a selección dos directores nos centros públicos, as administracións educativas convocarán concurso de méritos e establecerán os criterios obxectivos e o procedemento de valoración dos méritos do candidato e do proxecto presentado.

2. A selección será realizada no centro por unha comisión constituída por representantes da Administración educativa e do centro correspondente.

3. Corresponde ás administracións educativas determinar o número total de vocais das comisións. Polo menos un terzo dos membros da comisión será

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 17:53
Nº Rexistro: 17226
Data envio: 21/09/2017 17:53:35.070

profesorado elixido polo Claustro e outro terzo será elixido por e entre os membros do Consello Escolar que non son profesores.

4. A selección do director, que terá en conta a valoración obxectiva dos méritos académicos e profesionais acreditados polos aspirantes e a valoración do proxecto de dirección, será decidida democraticamente polos membros da Comisión, de acordo cos criterios establecidos polas administracións educativas.

5. A selección realizarase considerando, primeiro, as candidaturas de profesores do centro, que terán preferencia. En ausencia de candidatos do centro ou cando estes non foran seleccionados, a Comisión valorará as candidaturas de profesores doutros centros.

6. O dito proceso debe permitir seleccionar os candidatos máis idóneos profesionalmente e que obteñan o maior apoio da comunidade educativa".

Pazo do Parlamento, 21 de setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 21/09/2017 17:45:34

Maria de la Concepción Burgo López na data 21/09/2017 17:45:47

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 21/09/2017 17:46:03

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 17.10.2017 Hora: 10:00
Orde do día

4.7 17349(10/PNP-001306)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos danos ocasionados pola seca nas producións agrarias e gandeiras do sur da provincia de Ourense, en particular na produción de castaña, mel e forraxes para o gando

Publicación da iniciativa, 187, 05.10.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2017 12:15
Nº Rexistro: 17349
Data envio: 25/09/2017 12:15:02.544

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

O presente ano 2017 trouxo canda si importantes imprevistos que afectaron ao rural galego, especialmente ao interior de Ourense e aos concellos limítrofes de Lugo. Desde importantes danos coa xeada da primavera até a saraibada de finais de agosto. A estes fenómenos súmase unha importante seca que está a ter consecuencias no abastecemento de auga para moitas poboacións, como tamén importantes consecuencias sobre a produción agrogandeira.

Desde hai semanas, numerosas persoas que viven do sector levan desenvolvendo concentracións no concello de Viana do Bolo ás que acoden gandeiros e gandeiras dos concellos de arredor, como A Gudiña, A Mezquita ou Chandrexa de Queixa. Desenvolven este tipo de actuacións desde comezos de setembro diante da absoluta inacción por parte da Xunta de Galiza e máis concretamente da Consellaría de Medio Rural.

Nesta zona as perdas afectan de múltiples formas, fundamentalmente minorando a cantidade e variedade de alimento para o gando, mais afectando tamén de forma considerábel á produción de castaña e tamén á produción de mel, dous sectores que arrastran as perdas tamén derivadas dos lumes e mais da perda de masa vexetal por mor das xeadas, especialmente a do mes de abril.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2017 12:15
Nº Rexistro: 17349
Data envio: 25/09/2017 12:15:02.544

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para alén destas cuestións, cómpre engadir a falta de chuvia e unha longa seca que deixou baixadas históricas dos caudais da zona. Ata tal punto, que desde hai meses pode volver verse á entrada do concello de Viana do Bolo a antiga fábrica da luz polo baixo que corre o caudal do río. Este estado de seca ten consecuencias negativas ao ter almacenado moito menos alimento para o gando do habitual, estando as e os gandeiros a usar xa a reserva de inverno. Ademais, en moitos casos denuncian dificultades enormes para localizar auga para dar de beber aos animais, o que ten derivado en situacións de extremo risco. Neste contexto, a Consellaría de Medio Rural permitiu utilizar as balsas e puntos de carga para os dispositivos de extinción de incendios. Porén, segundo denuncian, na súa maioría están tamén secos e non se cumpre co seu recheo.

As consecuencias poden verse no curto prazo, no extremo destas situacións e en perdas de até o 80% na produción de mel e castaña. Mais tamén se verán a medio prazo, xa que as xeadas acaecidas tamén provocaron danos na propias árbores ou plantacións, co que alén de minguar a produción neste ciclo produtivo, tamén pode minguala ao longo dos vindeiros anos até a recuperación completa.

A perda de ingresos que supoñen estes danos poden poñer en risco a viabilidade e supervivencia de moitas explotacións. Uns ingreso que tamén implican rendas complementarias moi importantes para soster a economía das veciñas e veciños de Viana dos concellos (caso por exemplo, da castaña, que é un complemento para moitos fogares). Ademais, tamén poden ter repercusións negativas no tecido laboral dunha zona xa moi castigada polas dificultades para a fixación de poboación.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2017 12:15
Nº Rexistro: 17349
Data envio: 25/09/2017 12:15:02.544

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Estabelecer con carácter urxente contactos co sector agrario do territorio afectado polos danos ocasionados pola seca nas producións agrarias e gandeiras dos oriente sur de Ourense, principalmente que atinxe á produción de castaña, mel e forraxes para o gando.

2. Estabelecer mecanismos de axuda para apoiar as explotacións afectadas, que permitan manter as explotacións, evitar a perda ou venda de animais e compensar as perdas da produción previstas para este ano.

3. Realizar un estudo das actuacións que pode desenvolver a medio prazo, en colaboración cos concellos afectados, en materia de captación de augas e novos pozos para este tipo de situacións."

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Xosé Luis Rivas Cruz

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2017 12:15
Nº Rexistro: 17349
Data envio: 25/09/2017 12:15:02.544

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 25/09/2017 12:14:18

Xosé Luis Bará Torres na data 25/09/2017 12:14:22

Olalla Rodil Fernández na data 25/09/2017 12:14:25

María Montserrat Prado Cores na data 25/09/2017 12:14:30

Xose Luis Rivas Cruz na data 25/09/2017 12:14:31

Ana Pontón Mondelo na data 25/09/2017 12:14:34

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 17.10.2017 Hora: 10:00
Orde do día

4.8 17987(10/PNP-001338)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a realización de xestións polo Goberno galego para frear a destrución de emprego, garantir os dereitos laborais e procurar a viabilidade e continuidade da empresa Maderas Iglesias, S.A. nos seus centros de produción do Porriño e Mos

Publicación da iniciativa, 187, 05.10.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2017 11:35
Nº Rexistro: 17987
Data envio: 02/10/2017 11:35:04.492

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa "Maderas Iglesias S.A. que conta con centros de produción no Porriño e Mos. Foi unha das maiores produtoras de tarima flotante do mercado internacional e chegou a contar cun cadro de persoal na comarca de mais de 800 traballadoras/es, sendo a porcentaxe do cadro de persoal do 80% de mulleres. Mais na actualidade o seu cadro de persoal é de 253 traballadoras/es fixos sendo a súa maioría emprego feminino.

Nos últimos anos o persoal da compañía tivo que soportar ata dous procesos concursais, (o primeiro resolto na fase de Preconcurso e o segundo resolto con acordo en setembro de 2013). Tamén tiveron que pasar por sete EREs (Expedientes de Regulación de Emprego) suspensivos, dos cales soamente en catro houbo acordo entre traballadores/as e a empresa. A suma dos procesos provoca que, nalgúns casos, certas traballadoras/es xa teñan chegado a máis de 400 días de consumo da súa prestación por desemprego, o que lles repercutirá negativamente se a empresa non sae adiante e son despedidos. E aínda que o comité intercentros sempre pelexou para que o ERE fose o máis equitativo posíbel e se cumprise coa Lei, os xerentes fixeron oídos xordos aos seus

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2017 11:35
Nº Rexistro: 17987
Data envio: 02/10/2017 11:35:04.492

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

consellos, derivando nunha diferencia abismal na súa aplicación: mentres que hai empregadas e empregados que perden 400 días de traballo, outras persoas non chegan a perder ningún.

Houbo reclamacións ante as autoridades denunciando que non se respectan as condición dos EREs nin o seu calendario pactado, por non ser recoñecidas as vacacións e todos os días festivos; non se recoñecen os meses de 31 días como recoñece a Lei e non se pagan os días efectivos de traballo, mesmo chegando a non recoñecerlle as horas sindicais algúns membros do comité, etc.

Con respecto ao salario, en oito anos a subida salarial total foi do 0,75%. Actualmente aínda se debe parte da paga de nadal de 2016, a de marzo e a de Xullo do 2017, así como as irregularidades no pagamento das nóminas, que un mes tras outro se ingresan con retraso. Sempre se abonan os salarios a partir do día 15, chegando en algún caso a pagar as nóminas o día 28. Para os que están de baixa e un verdadeiro suplicio, porque sempre o retraso é aínda moito maior. Tendo que escoitar despropósitos do xerente como, "que pagaría cando el o estimase oportuno". Esta situación de vulneración dos dereitos dos traballadores/as non é nova, pois xa que nos meses de xuño e xullo do 2015, o persoal xa fixo unha folga de varios días alternos para reclamar a débeda dos seus salarios.

Até o día de hoxe as traballadoras e traballadores puxeron da súa parte todo o que puideron para a continuidade da empresa, pero a situación neste momento é insostibel, temendo o conxunto dos traballadores/as que a empresa está chegando ao fin da súa actividade, polo que se decidiu iniciar unha campaña de mobilizacións.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2017 11:35
Nº Rexistro: 17987
Data envio: 02/10/2017 11:35:04.492

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ante esta continuidade de vulneración dos dereitos dos traballadores/as, da destrución de emprego, basicamente emprego feminino, e procurando a viabilidade e permanencia da empresa, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Pleno do Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a facer xestións ante a propiedade de "Maderas Iglesias S.A" coa finalidade de frear a destrución de emprego, garantir os dereitos laborais e procurar a viabilidade e continuidade da empresa."

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2017 11:35
Nº Rexistro: 17987
Data envio: 02/10/2017 11:35:04.492

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 02/10/2017 11:26:11

María Montserrat Prado Cores na data 02/10/2017 11:26:16

Xose Luis Rivas Cruz na data 02/10/2017 11:26:19

Olalla Rodil Fernández na data 02/10/2017 11:26:20

Noa Presas Bergantiños na data 02/10/2017 11:26:22

Ana Pontón Mondelo na data 02/10/2017 11:26:28

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 17.10.2017 Hora: 10:00
Orde do día

4.9 17997(10/PNP-001339)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos labores que están a desenvolver os axentes medioambientais

Publicación da iniciativa, 187, 05.10.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2017 12:47
Nº Rexistro: 17997
Data envio: 02/10/2017 12:47:36.668

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa do seu deputado**Davide Rodríguez Estévez,** e a través do voceiro **Luís Villares Naveira,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei,** para o seu debate en **Pleno,** sobre as funcións que os Axentes Medioambientais deberían exercer e non poden por culpa de directrices da propia Consellería de Medio Ambiente.

Os e as Axentes Medioambientais ou Axentes Forestais son funcionarios e funcionarias que ostentan a condición de axentes da autoridade pertencente á Administración Pública galega e que, de acordo coa súa propia normativa ten encomendadas, entre outras funcións, as de vixilancia, policía e custodia dos bens xurídicos que conforman o patrimonio natural, e a de policía xudicial en sentido xenérico tal como establece o apartado 6 do artigo 283 da Lei de Axuizamento Criminal, actuando de forma auxiliar dos xuíces, tribunais e do Ministerio Fiscal.

Procedentes do Cuerpo Especial de Guardería Forestal del Estado e do Servicio Nacional de Caza, Pesca y Parques Nacionales dependentes no seu día do Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación.

Coa creación das Comunidades Autónomas, e como consecuencia da transferencia das competencias de Medio Ambiente ás mesmas, ditos Corpos Estatais disgréganse en 17 Copos distintos, quedando na actualidade, un reducido grupo de Axentes Ambientais no Organismo Autónomo de Parques Nacionales

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2017 12:47
Nº Rexistro: 17997
Data envio: 02/10/2017 12:47:36.668

así como nas distintas Confederacións Hidrográficas dependentes ambos Estamentos do Ministerio de Medio Ambiente.

Na actualidade o Corpo de Axentes Medioambientais está formado por uns 540 Axentes, dos cales uns +/- 380 están adscritos á Dirección Xeral de Ordenación e Produción Forestal, dependente da Consellería de Medio Rural. O resto, uns +/- 160 axentes, atópanse adscritos á Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Distribuídos por todo o territorio galego a través de Unidades Territoriais denominadas Distritos Forestais existindo 19. As e os axentes adscritos á Consellería de Medio Rural dependen do Xefe de Distrito. As e os axentes de Medio Ambiente dependen das e dos xefes dos Servizos Provinciais de Conservación da Natureza.

Dentro do seu marco competencial vense totalmente apagados ao restarlle, a propia Consellería de Medio Ambiente, moitas das funcións atribuídas.

Polo exposto anteriormente o Grupo Parlamentar de En Marea formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Facer unha campaña institucional divulgativa sobre a labor que realizan os e as Axentes Medioambientais.
2. Facer públicas as estadísticas de infraccións e dilixencias xudiciais que realiza o Corpo de Axentes Medioambientais.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2017 12:47
Nº Rexistro: 17997
Data envio: 02/10/2017 12:47:36.668

GRUPO PARLAMENTAR en marea

3. Habilitar un perfil oficial nas redes sociais como teñen outros corpos adscritos a Consellería de Medio Ambiente.

4. Habilitar un teléfono de atención o cidadán para denuncias medioambientais.

5. Integrar as e os axentes medioambientais no 112 de Galicia, xa que agora mesmo estase incumprindo por parte da Administración galega da Ley 17/2015 del Sistema Nacional de Protección Civil onde no seu artigo 17 o cita expresamente.

6. Habilitar os e as axentes forestais de medios de defensa personal para o o exercicio das nosas tarefas policiais.

7. Facilitarnos formación técnica e policial para o desenrolo das citadas funcións na Escola Galega de Administración Pública (EGAP) pero principalmente na Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP).

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2017.

Asdo.: Davide Estévez Rodríguez

Deputado do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2017 12:47
Nº Rexistro: 17997
Data envio: 02/10/2017 12:47:36.668

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 02/10/2017 12:45:45

Luis Villares Naveira na data 02/10/2017 12:45:49

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 17.10.2017 Hora: 10:00

Orde do día

5. Interpelacións

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 17.10.2017 Hora: 10:00
Orde do día

5.1 10194(10/INT-000431)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel

Sobre o proceso de elaboración do novo Plan forestal de Galicia

Publicación da iniciativa, 128, 14.06.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/06/2017 09:30
Nº Rexistro: 10194
Data envio: 07/06/2017 18:47:21.689

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

José Antonio Quiroga Díaz e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

Das 2.100.000 ha. de superficie forestal total, aproximadamente 1,5 millóns de ha. están ocupadas polos bosques e distintos cultivos silvícolas, sendo Galicia a comunidade que ten máis recursos silvícolas, de feito máis do 50 % da madeira con destino á transformación en España, procede da nosa comunidade.

O Plan forestal que rexe os destinos dos bosques e cultivos silvícolas data de 1992 e tiña previsto estar operativo ata 2032, pero todos os axentes socioeconómicos relacionados ou con interese no bosque, árbores e madeira están de acordo en que o devandito plan forestal non dá resposta adecuada aos retos e problemas que se suscitan entorno á superficie forestada e as súas finalidades.

No ano 2012 aprobouse a Lei de montes que supuxo un avance en canto á definición de propiedade, obrigas dos propietarios, sancións . . . e un longo etc.

En 2015 aprobouse a proposta de directrices para a revisión do Plan forestal de Galicia que segundo a Consellería pretende sentar as bases para o novo Plan forestal galego que dea resposta aos novos retos do sector galego.

Ao longo destes anos foron saíndo decretos para regular diversos aspectos relacionados coa ordenación forestal e mesmo outros decretos e normativas que non pasaron do estadio de borrador.

Segundo se afirmou en sede parlamentaria o novo Plan forestal galego está neste intre en proceso de elaboración co compromiso por parte da Consellería de telo "listo" no verán do presente ano.

A ninguén se lle escapa a importancia e a necesidade que ten a posta en marcha do Plan forestal galego e a relevancia da participación dos sectores e colectivos implicados e ou interesados na súa elaboración. Segundo as noticias que se transmiten sobre a elaboración do Plan, é unha empresa pública a que esta redactando o documento clave para o futuro do país, contravindo as recomendacións das asociacións, entidades,

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/06/2017 09:30
Nº Rexistro: 10194
Data envio: 07/06/2017 18:47:21.689

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

profesionais e en xeral de todos aqueles que teñen interese no futuro forestal e na saúde medioambiental do territorio.

Ante esta situación os deputados que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Considera o Goberno galego que na redacción do novo Plan forestal participan todos os sectores e colectivos afectados para que dea resposta aos novos retos do sector?

2ª) En que fase de redacción está o dito plan, e en que data teñen previsto rematalo?

Pazo do Parlamento, 6 de xuño de 2017

Asinado dixitalmente por:

José Antonio Quiroga Díaz na data 07/06/2017 18:45:26

Jóse Manuel Pérez Seco na data 07/06/2017 18:45:36

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 17.10.2017 Hora: 10:00
Orde do día

5.2 10583(10/INT-000456)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 6 máis

Sobre a diminución da contía orzamentaria dedicada ás axudas ao Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018

Publicación da iniciativa, 136, 28.06.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/06/2017 10:48
Nº Rexistro: 10583
Data envio: 16/06/2017 10:48:49.560

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, José Manuel Pérez Seco, José Antonio Quiroga Díaz, Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, María Concepción Burgo López e Abel Losada Álvarez, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) é un ente público da Xunta de Galicia, creado no ano 2000, que promove e coordina o desenvolvemento rural en Galicia. Este desenvolvemento ten como finalidade mellorar a calidade e as condicións de vida dos habitantes do medio rural ao mesmo tempo que contribúe á cohesión do territorio galego.

A dita axencia publicou o 31 de maio de 2017 a Resolución do 18 de maio de 2017 para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018, destinadas a todos os concellos galegos, e que se financiarán con cargo á partida orzamentaria 2017-13-A1-712A-760.0 dos orzamentos da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, coa seguinte distribución por anualidades:

2017: 7.999.343,50 €.
2018: 7.999.343,50 €

Na exposición de motivos da resolución establécese que: "As infraestruturas rurais xeran cohesión social e territorial e melloran as condicións de vida e traballo no medio rural; en particular, os camiños rurais facilitan a accesibilidade e a vertebración do territorio e, por outra banda, contribúen ao aumento da competitividade agraria e forestal, xa que facilitan o tránsito de maquinaria ás explotacións agrarias, o que redunda nunha maior axilidade das operacións agrarias e nunha redución de custos e dos tempos necesarios para poñer os produtos no mercado. E, como toda infraestrutura, precisan dun mantemento e acondicionamento para poderen seguir cumprindo coas súas funcións"

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/06/2017 10:48
Nº Rexistro: 10583
Data envio: 16/06/2017 10:48:49.560

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Aínda que o Goberno galego anunciou que esta ía ser a *Lexislatura do rural*, a realidade é que a contía orzamentaria dedicada a estas axudas diminuíu dos 20.000.000€ do exercicio 2016 aos 7.999.343,50€ para este exercicio 2017.

Ante esta situación as deputadas e os deputados que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Considera o Goberno galego que coa diminución en 4.001.313€ na partida dedicada ao Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018 respecto dos 20.000.000€ do 2016 se está a cumprir o obxectivo anunciado da "lexislatura do rural"?

2ª) Considera o Goberno galego que na actualidade os camiños rurais cumpren xa cos requisitos de xerar cohesión social e territorial e mellorar as condicións de vida e traballo no medio rural; en particular, facilitando a accesibilidade e a vertebración do territorio?

3ª) Considera o Goberno galego axeitado publicar a convocatoria o 31 de maio de 2017 tendo como prazo límite para executar e xustificar os investimentos correspondentes á anualidade 2017 o 16 de outubro de 2017?

Pazo do Parlamento, 13 de xuño de 2017

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/06/2017 10:36:18

Jóse Manuel Pérez Seco na data 16/06/2017 10:36:26

José Antonio Quiroga Díaz na data 16/06/2017 10:36:36

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 16/06/2017 10:36:49

Patricia Vilán Lorenzo na data 16/06/2017 10:37:02

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/06/2017 10:48
Nº Rexistro: 10583
Data envio: 16/06/2017 10:48:49.560

Grupo Parlamentario

Maria de la Concepción Burgo López na data 16/06/2017 10:37:10

Abel Fermín Losada Álvarez na data 16/06/2017 10:37:20

Partido dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 17.10.2017 Hora: 10:00
Orde do día

5.3 16633(10/INT-000565)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as incidencias detectadas no inicio do curso escolar 2017-2018

Publicación da iniciativa, 182, 27.09.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2017 09:30
Nº Rexistro: 16633
Data envio: 14/09/2017 19:22:55.000

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación,** relativa ás incidencias detectadas no inicio do curso escolar.

Nun sistema educativo verdadeiramente universal e gratuíto comezar o curso non debería ser motivo de preocupación para as familias. Sen embargo, os recortes en bolsas escolares, así como os copagos educativos en servizos de comedor e libros de texto supoñen que o inicio do curso supoña uns 800€ de media por fillo ou filla a cada familia. Unha cifra elevadísima a que moitas familias non poden facer fronte.

Por outra banda, comezamos un curso coa desaparición de nove unitarias no medio rural galego ao que se suman a supresión de 42 unidades, así como 47 docentes de primaria e infantil menos. Contando, ademais, cun incremento importante de profesorado que se ve na obriga de impartir aulas en asignaturas chamadas afíns, accede a unha praza itinerante ou se atopa nunha situación de interinidade. Exemplos, todos eles, da precarización das condicións laborais do profesorado do ensino público galego.

En terceiro lugar cómpre destacar que se empeza o curso con obras sen rematar en máis de cen escolas que a Xunta de Galicia foi incapaz de rematar en prazo e forma.

A isto debemos sumar problemas no transporte escolar en diferentes puntos do país con empresas que incumpren a normativa vixente.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2017 09:30
Nº Rexistro: 16633
Data envio: 14/09/2017 19:22:55.000

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Sen embargo, non todo son recortes porque co ensino concertado o Goberno galego segue a ser tremendamente xeneroso, toda vez que aumenta a súa financiación e a compromete ata 2023. Mesmo incluíndo a cinco centros educativos con prácticas claramente machistas como a segregación do alumnado.

Sobre todo isto atopámonos cunha LOMCE parcheada unha e outra vez, que se supón vive os seus últimos meses antes da que debería ser a octava lei educativa da democracia e que implica unha incerteza e inestabilidade enorme, toda vez que o alumnado comeza sen saber como serán as portas de fin de etapa nin os efectos académicos das mesmas.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte INTERPELACIÓN:

- Á luz dos datos comentados, considera o Goberno galego que o inicio do presente curso escolar transcorre dentro dos parámetros que deben caracterizar a un ensino público de calidade?

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2017 09:30
Nº Rexistro: 16633
Data envio: 14/09/2017 19:22:55.000

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 14/09/2017 19:21:40

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 14/09/2017 19:21:48

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 17.10.2017 Hora: 10:00

Orde do día

6. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 17.10.2017 Hora: 10:00
Orde do día

6.1 18475(10/POPX-000052)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a valoración do Goberno galego en relación co número de empresas deslocalizadas de Galicia nos últimos anos

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2017 13:00
Nº Rexistro: 18475
Data envio: 09/10/2017 13:00:32.864

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

PREGUNTA AO PRESIDENTE:

Que valoración lle merece o importante número de empresas deslocalizadas de Galiza nos últimos anos?

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2017

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 09/10/2017 12:58:56

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 17.10.2017 Hora: 10:00
Orde do día

6.2 18494(10/POPX-000053)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre a avaliación do Goberno galego en relación cos efectos da situación das rías na produción marisqueira

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2017 13:59
Nº Rexistro: 18494
Data envio: 09/10/2017 13:59:59.748

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Xoaquín Fernández Leiceaga, portavoz do **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia.**

Sr. presidente, como avalía os efectos da situación das rías sobre a produción marisqueira?

Pazo do Parlamento, 9 de outubro de 2017

Asdo.: **Xoaquín Fernández Leiceaga**
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 09/10/2017 13:12:31

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 17.10.2017 Hora: 10:00
Orde do día

6.3 18514(10/POPX-000054)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a retirada do Anteproxecto de lei polo que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2017 17:57
Nº Rexistro: 18514
Data envio: 09/10/2017 17:57:13.215

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Voceiro do **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA,** para a súa resposta **oral en Pleno,** dirixida ao **Presidente da Xunta de Galicia.**

A que espera o Goberno para retirar o Anteproxecto de lei polo que se modifica a Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia?

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2017.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 09/10/2017 17:52:04

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 17.10.2017 Hora: 10:00

Orde do día

7. Preguntas ao Goberno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 17.10.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.1 14105(10/POP-001842)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 5 máis

Sobre os cambios políticos que se teñen producido na provincia de Pontevedra nos últimos dous anos

Publicación da iniciativa, 165, 30.08.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2017 09:30
Nº Rexistro: 14105
Data envio: 09/08/2017 15:54:07.734

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela, Abel Losada Alvarez, Juan Manuel Díaz Villoslada, María Luisa Pierres López e **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo,** deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

En 2016 e previamente ás eleccións autonómicas do pasado ano, o presidente da Xunta de Galicia anunciaba a bombo e pratiño a fusión voluntaria dos concellos de Cerdedo e Cotobade, na provincia de Pontevedra, fusión que ía provocar alteración dos partidos xudiciais.

Por outro lado, o 13 de novembro de 2015 e o 10 de maio de 2016, nos concellos de Oia e Pontecesures o PP presentaba sendas mocións de censura, coas que recuperaban as dúas alcaldías. E a última nova que temos sobre cambios nos concellos tivo lugar hai escasamente un mes, cando o PP, a través dunha moción de censura encuberta, volveu á Alcaldía de Sanxenxo tras firmar un pacto de goberno coa formación Sanxenxo Agrupación Liberal (SAL) que encabezaba o que ata entón era alcalde.

Semellan demasiados cambios en concellos da provincia de Pontevedra en menos de dous anos.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Está a comprometer o Goberno fondos públicos para provocar cambios políticos na provincia de Pontevedra?

Pazo do Parlamento, 9 de agosto de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Julio Torrado Quintela
Abel Losada Alvarez
Juan Manuel Díaz Villoslada
María Luisa Pierres López
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2017 09:30
Nº Rexistro: 14105
Data envio: 09/08/2017 15:54:07.734

Grupo Parlamentario
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 09/08/2017 13:45:55

Julio Torrado Quintela na data 09/08/2017 13:46:01

Abel Fermín Losada Álvarez na data 09/08/2017 13:46:05

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 09/08/2017 13:46:09

María Luisa Pierres López na data 09/08/2017 13:46:14

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 09/08/2017 13:46:18

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 17.10.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.2 15290(10/POP-002030)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Romero Fernández, Cristina Isabel e 6 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto dos efectos do constante incremento da chegada de turistas a Galicia

Publicación da iniciativa, 174, 13.09.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2017 09:30
Nº Rexistro: 15290
Data envio: 04/09/2017 18:33:28.266

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

Cristina Romero Fernández, María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Isabel Novo Fariña, Marta Nóvoa Iglesias, Miguel Tellado Filgueira e **Sandra Vázquez Domínguez,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

Os últimos datos turísticos, avanzan que Galicia baterá novamente outro récord de visitantes. Ata xullo chegaron 2,7 millóns de viaxeiros, o equivalente a nosa poboación.

Ante estes datos, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Como valora o Goberno galego os efectos deste constante incremento de turistas que se están a achegar a Galicia?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Cristina Isabel Romero Fernández na data 04/09/2017 18:30:05

Maria Antón Vilasánchez na data 04/09/2017 18:30:15

Moisés Blanco Paradelo na data 04/09/2017 18:30:23

María Isabel Novo Fariña na data 04/09/2017 18:30:29

Marta Novoa Iglesias na data 04/09/2017 18:30:42

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 04/09/2017 18:30:49

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2017 09:30
Nº Rexistro: 15290
Data envio: 04/09/2017 18:33:28.266

Sandra Vázquez Dominguez na data 04/09/2017 18:30:59

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 17.10.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.3 18512(10/PUP-000110)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 5 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da responsabilidade de dotar suficientemente as partidas orzamentarias destinadas á igualdade, así como á violencia de xénero

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2017 17:14
Nº Rexistro: 18512
Data envio: 09/10/2017 17:14:39.371

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, María Dolores Toja Suárez, Abel Losada Alvarez, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Vilán Lorenzo e **Juan Manuel Díaz Villoslada**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta urxente** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola dificultade manifesta de concretar as partidas destinadas ás materias de igualdade e loita contra a violencia de xénero dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018.

O orzamento do Estado dirixido ao programa específico de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes mantense en 19,7 millóns de euros, a mesma cantidade que no 2016.

Para 2017 se suprimiron as transferencias específicas a entidades locais para desenrolar programas de formación e fomento do emprego feminino e aumenta o diñeiro destinado aos programas para incentivar os plans de igualdade nas pequenas e medianas empresas ata situarse en 1,2 millóns de euros. En 2016 se presupostaron 900.000 euros, pero a partida foi suspendida como consecuencia dos recortes de Facenda, que provocaron tamén a cancelación doutras dúas liñas de financiamento para igualdade.

O Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, está altamente preocupado pola falla de coherencia que amosa o Goberno central, entre as declaracións públicas en pro da loita pola igualdade e a realidade do presupostado para poñer en marcha as políticas que presume defender. Preocupación que se traslada á realidade galega.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2017 17:14
Nº Rexistro: 18512
Data envio: 09/10/2017 17:14:39.371

Nun momento no que a crise azotou de forma irremediable aos pasos dados en anos anteriores en pro dos dereitos laborais das mulleres, da conciliación familiar, da corresponsabilidade, vénse a constatar que non só non se consegue avanzar, senón que se está a retrasar de xeito consciente a posta en marcha de todas estas medidas.

De nada serven as ponencias de igualdade, de violencia de xénero, se todas as medidas que se formulan levar a cabo acaban soamente reflectidas en papeis. Sen orzamentos que as acompañen, son palabras, nada máis.

Seguen a ser as mulleres as que gozan maioritariamente dos permisos de maternidade. Elas as que seguen a pór en perigo as súas carreiras profesionais facendo uso (nun 92 %) das excedencias laborais por coidado de menores. Elas as que son preguntadas no traballo polas súas expectativas maternais. Elas as que son gravadas con salarios inferiores aos dos homes no desenrolo de traballos de igual categoría profesional.

Non existe, probablemente, un feito de discriminación de carácter global e mundial que afecte a máis persoas como é o colectivo das mulleres, o 50 % da poboación mundial. Neste senso a Comisión sobre a condición xurídica e social da muller lembraba que as "barreiras estruturais" seguen lastrando a metade do planeta, con as consecuencias que elo conleva para o desenrolo persoal das mulleres e da sociedade no seu conxunto.

Ao ritmo actual, levaría 170 anos lograr a igualdade económica entre homes e mulleres, segundo o último informe do Foro Económico Mundial sobre brechas entre os dous sexos.

Este dato tan demoledor ponnos ante un problema cun carácter de extrema urxencia. E o coñecemento do estancamento no apoio orzamentario do Estado para este ano 2017 á Igualdade constata que o noso país non contribuirá ao rebaixe deses 170 anos nin á posta en práctica de moitas das medidas de apoio anunciadas. E menos aínda se a nivel autonómico non se apoian e dotan debidamente as partidas destinada á igualdade e a loita contra a violencia de xénero.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2017 17:14
Nº Rexistro: 18512
Data envio: 09/10/2017 17:14:39.371

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

A gravidade deste feito leva a que estas deputadas e estes deputados formulen a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera este Goberno que a urxencia de dotar suficientemente as partidas destinadas tanto a igualdade como violencia de xénero son única e exclusivamente responsabilidade deste Goberno?

Pazo do Parlamento, 9 de outubro de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López
María Dolores Toja Suárez
Abel Losada Alvarez
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 09/10/2017 17:04:22

María Dolores Toja Suárez na data 09/10/2017 17:04:28

Abel Fermín Losada Álvarez na data 09/10/2017 17:04:36

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 09/10/2017 17:04:41

Patricia Vilán Lorenzo na data 09/10/2017 17:04:44

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 09/10/2017 17:04:50

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 17.10.2017 Hora: 10:00

Orde do día

7.4 18515(10/PUP-000111)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 13 máis

Sobre a campaña publicitaria da Xunta de Galicia #DameGalicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2017 18:04
Nº Rexistro: 18515
Data envio: 09/10/2017 18:04:00.071

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Antón Sánchez García, Carmen Santos Queiruga, Magdalena Barahona Martín, Marcos Cal Ogando, Francisco Casal Vidal, Luca Chao Pérez, Paula Vázquez Verao, Ánxeles Cuña Bóveda, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Quinteiro Araujo, Davide Rodríguez Estévez, Eva Solla Fernández e Manuel Lago Peñas, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno,** relativa á campaña publicitaria da Xunta de Galicia #DameGalicia.

Xustificación da Urxencia.

Coincidindo coa aprobación do ditame da lei de iniciativas empresarias de Galicia na comisión de industria, o Goberno ven de publicitar en varios xornais Galegos a súa campaña de promoción turística #DameGalicia mediante unha foto dunhas balsas tóxicas no monte Neme, esta desgraciada iniciativa parecería vencellada a intención da norma en converter Galicia nunha enorme mina a ceo aberto coa diminución das garantías medioambientais que pretende esa lei, tan desafortunada e a lei como a campaña, ambas deberan ser retiradas de inmediato. Nomeadamente a campaña publicitaria xa ten utilizado outras imaxes desafortunadas con evidente contido machista.

Por todo o anteriormente sinalado, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral no Pleno, con carácter urxente:**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2017 18:04
Nº Rexistro: 18515
Data envio: 09/10/2017 18:04:00.071

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

É unha das imaxes escollidas para a campaña #DameGalicia (balsas tóxicas Monte Neme) un exemplo da Galicia que pretende o Goberno coa aprobación da lei de fomento de iniciativas empresarias de Galicia?

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 09/10/2017 18:02:10

Antón Sánchez García na data 09/10/2017 18:02:19

Carmen Santos Queiruga na data 09/10/2017 18:02:27

Paula Vázquez Verao na data 09/10/2017 18:02:35

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 09/10/2017 18:02:38

Juan José Merlo Lorenzo na data 09/10/2017 18:02:44

Eva Solla Fernández na data 09/10/2017 18:02:48

Luca Chao Pérez na data 09/10/2017 18:02:52

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2017 18:04
Nº Rexistro: 18515
Data envio: 09/10/2017 18:04:00.071

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Paula Quinteiro Araújo na data 09/10/2017 18:02:56

Magdalena Barahona Martín na data 09/10/2017 18:03:00

José Manuel Lago Peñas na data 09/10/2017 18:03:03

Francisco Casal Vidal na data 09/10/2017 18:03:06

David Rodríguez Estévez na data 09/10/2017 18:03:10

Marcos Cal Ogando na data 09/10/2017 18:03:13

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 17.10.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.5 16652(10/POP-002105)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do impacto social, ambiental e paisaxístico que tería a execución do proxecto de creación da área deportiva das Costeiras, no concello de Baiona

Publicación da iniciativa, 182, 27.09.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2017 12:57
Nº Rexistro: 16652
Data envio: 15/09/2017 12:57:41.307

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa reposta oral en Pleno.**

O alcalde popular de Baiona, sen falar coa veciñanza, plantexa executar unha área deportiva nos montes comunais da contorna en contra do criterio maioritario dos veciños da parroquia de Baredo, que serían os máis afectados polas obras.

Os veciños advirten de que hai indicios razoables de que o complexo deportivo afectaría a súa rede de subministro de auga, que depende de vinte mananciais, xa que Baredo non está conectado á traída municipal. Sinalan, así mesmo, que a flora e fauna do lugar veríase moi afectada, especialmente o gando, co claro prexuízo que iso suporía para eles e, tamén, os riscos que existen de que os agroquímicos empregados neste tipo de instalacións poidan provocar danos á saúde ao contaminar as augas superficiais e ao filtrarse na terra.

De seguir adiante con este plan a Comunidade de Montes afectada enfrontaríase a unha expropiación sen posibilidade de oposición, pasando estes terreos de mans da cidadanía a mans privadas para realizar operacións especulativas.

Nun contexto no que a crise medioambiental constitúe un dos principais problemas ao que se enfronta a nosa sociedade, parece que a construción dun campo de golf, nunha provincia na que xa existen oito, non é o máis racional.

Danar a biodiversidade, tanto na flora como na fauna, realización de desmontes, alteración de concas e cursos dos mananciais, altísimos consumos de recursos

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2017 12:57
Nº Rexistro: 16652
Data envio: 15/09/2017 12:57:41.307

hídricos ou contaminación dos mananciais pola utilización de agroquímicos son algunhas das consecuencias directas que tería no ecosistema do lugar esta construción.

A asociación veciñal da parroquia de Baredo, onde se pretende instalar o complexo, xa se manifestou en contra deste proxecto, expresando a súa especial preocupación polo abastecemento de auga, xa que nesta zoa atópanse os mananciais que abastecen a esta parroquia.

Dende En Marea entendemos que unha obra semellante non pode levarse a cabo en contra do criterio das persoas afectadas do lugar e sen unha análise rigorosa dos posibles riscos ambientais e paisaxísticos.

Polo exposto, os deputados asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Como valora o Goberno da Xunta o impacto social, ambiental e paisaxístico que tería a área deportiva das Costeiras no caso de levarse a cabo?

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2017.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2017 12:57
Nº Rexistro: 16652
Data envio: 15/09/2017 12:57:41.307

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 15/09/2017 12:48:37

Antón Sánchez García na data 15/09/2017 12:48:47

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 17.10.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.6 12962(10/POP-001581)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Castiñeira Broz, Jaime e 6 máis

Sobre as medidas de bonificación do prezo de venda e da adxudicación en dereito de superficie nos concursos de solo empresarial

Publicación da iniciativa, 158, 04.08.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/07/2017 10:28
Nº Rexistro: 12962
Data envio: 21/07/2017 10:28:55.092

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernandez Prado, Jacobo Moreira Ferro, Marta Novoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López, Daniel Varela Suanzes-Carpegna deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta oral en Pleno.**

A Xunta de Galicia, a través da empresa pública XESTUR, ven de convocar un novo concurso de Solo Empresarial con bonificacións de entre o 30 % e o 50% do precio de venda cun total de 441 parcelas e máis de 1,4 millóns de metros de superficie.

Por outra banda, ademáis da compravenda das parcelas, a Xunta de Galicia, a través do IGVS e XESTUR adxudican solo empresarial en dereito de superficie en donde as empresas adxudicatarias pagan un canon anual moi reducido.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta Oral en Pleno:

-Que balance fai a Xunta de Galicia das medidas de bonificación do prezo de venda e da adxudicación en dereito de superficie nos concursos de solo empresarial?

Santiago de Compostela, 21 de Xullo de 2.017

Asinado dixitalmente por:

Jaime Castiñeira Broz na data 21/07/2017 10:26:20

Martín Fernández Prado na data 21/07/2017 10:26:31

Jacobo Moreira Ferro na data 21/07/2017 10:26:45

Marta Novoa Iglesias na data 21/07/2017 10:27:00

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/07/2017 10:28
Nº Rexistro: 12962
Data envio: 21/07/2017 10:28:55.092

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

María Julia Rodriguez Barreira na data 21/07/2017 10:27:23

Gonzalo Trenor López na data 21/07/2017 10:27:39

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 21/07/2017 10:27:54

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 17.10.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.7 16734(10/POP-002117)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre o grao de execución orzamentaria actual no referido ao número de solicitudes aprobadas, así como ao importe total adxudicado, das partidas correspondentes ao tícket eléctrico, destinado a axudar as familias ao pagamento das facturas da luz, así como no referido ás axudas urxentes de tipo social para evitar cortes na subministración de luz e gas a consecuencia do non pagamento de recibos

Publicación da iniciativa, 182, 27.09.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2017 13:23
Nº Rexistro: 16734
Data envio: 18/09/2017 13:23:17.878

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Francisco Casal Vidal, deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta,** para o súa resposta oral en Pleno, **relativa ao grado de execución orzamentaria das partidas correspondentes ao tícket eléctrico e as axudas urxentes para evitar os cortes de luz e gas.**

No exercicio 2016 os orzamentos da Xunta de Galicia incluían dous epígrafes para tratar de paliar os efectos da Pobreza Enerxética: O tícket eléctrico, destinado a axudar ás familias ao pago das facturas de luz, e as axudas urxentes de tipo social para evitar cortes de luz e gas como consecuencia de recibos impagados. Dotándoos respectivamente con 2,1 M€ e 600.000 €.

As ordes respectivas estimaban en 40.000 os fogares afectados por pobreza enerxética severa en Galicia, cando varios observatorios sobre pobreza enerxética situábanos en máis de 80.000.
Pero, sorprendentemente, as solicitudes só foron 2.200 para o tícket eléctrico e 1.000 para as axudas urxentes.
Nun Pleno do Parlamento o Conselleiro de Economía e Industria alegou que se concederon todas, pero que lamentablemente non se solicitaron máis polo que sobraron en total 2,2 M€ que foron destinados entre outras cousas a iluminar a Cidade da Cultura.
Recoñeceu que o problema podería estar na xestión e as condicións das axudas que serían revisadas para ampliar substancialmente a cobertura.

Unha vez revisadas as convocatorias para 2017 obsérvase que non se cambiaron

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2017 13:23
Nº Rexistro: 16734
Data envio: 18/09/2017 13:23:17.878

en absoluto as condicións nin o sistema de xestión e de presentación das mesmas, limitándose a un corta e pega das convocatorias de 2016, iso si cunha redución do importe total previsto para os dous programas do 56%.

En resumo, ante un problema tan grave e intolerable, a Consellería de Industria non dedicou nin un minuto a analizar os problemas que impedían o acceso maioritario dos fogares en risco severo de pobreza ás axudas e limitouse a recortar o orzamento co que estaban dotadas.

Os problemas de tramitación son moi elocuentes e empezan pola obrigatoriedade de presentación electrónica, a fogares que non teñen luz ou que non poden pagala, ou a condición de ter todos os recibos anteriores pagos para poder acceder ao tícket eléctrico.

Ademais destes hai moitos outros impedimentos e erros tanto de condicións como de tramitación. Dado que a Consellería de Industria non ten a motivación nin a sensibilidade para dedicar tempo a solucionalo, En Marea presentará en breve unha proposta completa para modificar as dúas convocatorias de axudas para que poidan ser aplicadas en 2018.

Consideramos que isto é unha mero parche e que habería que dispor en Galicia dunha completa Lei contra a pobreza enerxética que definise claramente o que é un consumidor vulnerable e as accións necesarias para erradicar esta secuela inaceptable.

Dado que o prazo para solicitar o tícket eléctrico en 2017 rematou o pasado 17 de xullo e que as axudas urxentes para evitar os cortes xa levan 9 meses en vigor, **En Marea presenta a seguinte Pregunta ao Goberno para a súa resposta en Pleno:**

- Cal é o grao de execución actual de ambos tipos de axudas, tanto no número de solicitudes aprobadas como no importe total adxudicado?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2017 13:23
Nº Rexistro: 16734
Data envio: 18/09/2017 13:23:17.878

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2017.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 18/09/2017 13:20:22

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 17.10.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.8 18482(10/PUP-000109)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a posición da Xunta de Galicia en relación co proxecto de reapertura da mina de cobre a ceo aberto de Touro

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2017 13:24
Nº Rexistro: 18482
Data envio: 09/10/2017 13:24:25.978

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite **de urxencia**, sobre a reapertura da mina de Touro.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola alarma social xerada en toda a cunca do río Ulla diante da información coñecida sobre a reapertura da mina.

Exposición de motivos

En 1973 iníciase a explotación do xacemento de cobre a ceo aberto nunha extensión de 600Has. nos concellos de Touro e O Pino. A actividade mineira produciu a degradación ambiental da zona posta de manifesto na contaminación por metais pesados e pola acidez das augas dos ríos Pucheiras e Brandelos e do entorno mineiro pola apertura das cortas e a creación de entulleiras de gran tamaño.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2017 13:24
Nº Rexistro: 18482
Data envio: 09/10/2017 13:24:25.978

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En 1986 a empresa propietaria da explotación (daquela Rio Tinto) abandona a extracción de cobre sen realizar ningunha restauración ambiental dos terreos e as augas.

O problema xerado pola mina queda sen resolver e vese incrementado por unha actuación posterior ao eliminarse, polo novo propietario dos terreos, unha balsa de decantación e unha estación de bombeo que limitaba a contaminación na zona leste da mina. Esta actuación provocou a contaminación por metais pesados e por unha gran acidez do rego Portapego, afluente do Lañas, á súa vez afluente do Ulla.

Así as cousas, este mes de agosto o actual propietario dos terreos e da concesión mineira solicita a a reapertura, argumentando que a concesión inicial permanece en vigor, para reiniciar a extracción de cobre. Este novo proxecto pretende seguir explotando os mesmos xacementos abandonados do ano 1986 (nas mesmas cortas) máis novos xacemento colindantes con estes.

Trátase dun proxecto de megaminería a ceo aberto que ocupará unha extensión de 689 Ha. Dos cales só o 30% son terreos xa afectados pola explotación anterior. Aínda que o proxecto se presenta como minería de transferencia, non o é en realidade. Vai a afectar a case 500 Has. de terreos agrícolas e forestais que son a base produtiva de moitas explotacións agrarias dos núcleos máis próximos á explotación mineira.

Xunto as catro cortas existentes vanse a escavar 6 novas cortas que dará lugar a outras tantas zonas mineiras coa eliminación definitiva do uso destes solos para as actuais actividades agrícolas ou forestais.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2017 13:24
Nº Rexistro: 18482
Data envio: 09/10/2017 13:24:25.978

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Contémplase a creación dun depósito de estériles de planta altamente contaminantes e outra escombreira con material xerador de acidez. O primeiro cunha superficie de 126Has e a escombreira cunha afectación de 46.

Así mesmo o proxecto vai afectar, por non dicir eliminar, unha gran cantidade de mananciais que subministran auga a diferentes núcleos de poboación e á propia traída de auga municipal.

O proxecto non contempla a restauración dunha parte dos terreos e augas contaminados na anterior explotación en concreto o rio Portapego e a balsa hiperácida de Angumil, pese a que é a reanudación dese mesmo proxecto.

Pese as enormes esixencias de auga que son necesarias para o proceso de extracción do mineral, no proxecto non se contempla de onde se vai a obter o subministro da mesma. Tampouco se garante que a capacidade da planta de tratamento poida tratar todas as augas antes de ser verquidas nin que o proceso de tratamento (con encalantes) sexa capaz de eliminar todos os metais pesados, como o arsénico.

A todos estes impactos hai que engadir que se contempla a creación dunha nova liña de alta tensión de 14Km. de lonxitude, que non se prevé a restauración dos posíbeis danos as vías públicas, nin ningunha compensación económica que palíe minimamente os impactos negativos que se van producir tanto na fase de explotación polos propios efectos dun proxecto mineiro como na fase posterior derivado da eliminación de 500 Ha. de solo fértil e da depreciación económica que sufrirán todos os inmobles, (construcións e terreos) adxacentes.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2017 13:24
Nº Rexistro: 18482
Data envio: 09/10/2017 13:24:25.978

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través do deputado asinante, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Cal é a actitude do Goberno da Xunta diante deste proxecto esquilmador que xera mínimos beneficios para a comarca e que arrastra, e deixará, un impacto medioambiental fóra do común?

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**
Noa Presas Bergantiños
Ana Belén Pontón Mondelo
Olalla Rodil Fernández
Montserrat Prado Cores
Luis Bará Torres
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2017 13:24
Nº Rexistro: 18482
Data envio: 09/10/2017 13:24:25.978

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 09/10/2017 13:23:56

María Montserrat Prado Cores na data 09/10/2017 13:24:01

Ana Pontón Mondelo na data 09/10/2017 13:24:02

Olalla Rodil Fernández na data 09/10/2017 13:24:03

Noa Presas Bergantiños na data 09/10/2017 13:24:05

Xosé Luis Bará Torres na data 09/10/2017 13:24:06

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 17.10.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.9 13753(10/POP-001708)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a calidade asistencial en atención primaria e nos hospitais comarcais despois da modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia

Publicación da iniciativa, 165, 30.08.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2017 13:42
Nº Rexistro: 13753
Data envio: 07/08/2017 13:42:58.326

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Noa Presas Bergantiños** e **Xosé Luis Rivas Cruz**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno,** relativa á retirada do Anteproxecto de lei polo que modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Galiza.

A Consellaría de Sanidade ven de presentar o Anteproxecto de Lei polo que modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Galiza. Presentación feita con nocturnidade e aleivosía, proba dilo é telo feito en pleno mes de agosto con moitos profesionais de vacacións, sen diálogo previo nin na mesa sectorial, nin cos colectivos sociais, con un prazo de presentación de alegacións de apenas 15 días, en pleno período vacacional.

Esta modificación vai provocar máis deterioro na sanidade pública, consolida a liña de recortes, prioriza o criterio económico en detrimento das necesidades dos usuarios e usuarias e afecta negativamente á calidade asistencial.

A Lei Galega de Sanidade en vigor establece que a prestación de servizos sanitarios e a delimitación das áreas farase *"tendo en conta, en todo caso, as necesidades sanitarias da poboación*", no anteproxecto establece que se fará *"tendo en conta os recursos sanitarios existentes"*. Esta modificación é inaceptábel, xa que non prioriza as necesidades sanitarias d@s galeg@s, senón que será en función dos recursos que o Partido Popular decida destinar á sanidade pública, que como é unha evidencia, non deixou de recortar desde que volveu ao Goberno da Xunta.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2017 13:42
Nº Rexistro: 13753
Data envio: 07/08/2017 13:42:58.326

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Suprímense as actuais áreas sanitarias para crear unhas áreas maiores na súa extensión territorial, afastando deste xeito a resolución dos problemas da cidadanía e d@s traballadoras/es.

Estas sete áreas son coincidentes coas EOXIS que o Goberno do PP creou no ano 2010, cando iniciou a súa folla de ruta de desmantelamento das áreas sanitarias existentes. Naquela altura, as mobilizacións e a forte oposición da cidadanía e profesionais, conseguiu que o primeiro intento de desmantelamento non fora tan lonxe como pretendían, aínda que coa posta en marcha das estruturas organizativas de xestión integrada conseguiron unha boa parte dos seus obxectivos, e a sanidade nas áreas con Hospitais comarcais como O Barco, Monforte, Burela ou O Salnés quedou seriamente comprometida e a perda das xerencias nos hospitais comarcais significou a perda de capacidade organizativa e resolutiva

A creación das EOXIs condicionou tamén de xeito negativo o desenvolvemento da Atención Primaria. Desapareceron as xerencias e perdeu autonomía no desenvolvemento dos seus proxectos, quedando funcionalmente subordinada ás estratexias de xestión do centro hospitalario de referencia. A Atención Primaria precisa de maior impulso para mellorar a súa calidade, a dotación de persoal e recursos, e acadar un correcto funcionamento da súa carteira de servizos, actualmente subdesenvolvida.

Coa modificación que pretende aprobar o Partido Popular, esta situación vai agravarse aínda máis, de xeito que os Hospitais Comarcais e Atención Primaria pasan a ser meros apéndices dos grandes hospitais, con unha máis que evidente perda de autonomía, capacidade de decisión e dirección. Os grandes hospitais absorberán a maior parte dos recursos sanitarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2017 13:42
Nº Rexistro: 13753
Data envio: 07/08/2017 13:42:58.326

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os mecanismos de participación social recórtanse dun xeito alarmante, quedan totalmente amordazados. A composición tanto do Consello Galego de Saúde como dos Consellos de Saúde de Área deixan de estar recollida na Lei, e determinarase por decreto da Xunta. Retíraselle capacidade de control, emisión de informes e avaliación da execución política sanitaria, e só manteñen capacidade de asesoramento e consultivo. Incluso suprime a procura dunha composición paritaria dos mesmos.

O Partido Popular pretende levar a cabo esta modificación da Lei de Sanidade de Galiza, sen ter levado a cabo ningunha avaliación de cales foron as consecuencias para a sanidade pública galega da creación das EOXIS.

O BNG manifesta a súa oposición a esta modificación, que significa confirmar o afastamento dun modelo sanitario de calidade, cercano á poboación, comunitario, participativo e orientado á prevención, e consideramos que hai que ir xusto na dirección contraria, e por iso presenta a seguinte pregunta para a súa contestación oral en Pleno:

Considera o Goberno Galego que Atención Primaria e os Hospitais Comarcais poden prestar unha boa calidade asistencial coa perda de autonomía, capacidade de decisión e dirección que consolidan nesta modificación?

Santiago de Compostela, 7 de agosto de 2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2017 13:42
Nº Rexistro: 13753
Data envio: 07/08/2017 13:42:58.326

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 07/08/2017 13:41:21

Ana Pontón Mondelo na data 07/08/2017 13:41:26

Xose Luis Rivas Cruz na data 07/08/2017 13:41:28

Olalla Rodil Fernández na data 07/08/2017 13:41:30

Noa Presas Bergantiños na data 07/08/2017 13:41:32

Xosé Luis Bará Torres na data 07/08/2017 13:41:35

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 17.10.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.10 15404(10/POP-002048)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique e 7 máis

Sobre o número de novos permisos de explotación marisqueira convocados para o ano 2017

Publicación da iniciativa, 174, 13.09.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2017 13:16
Nº Rexistro: 15404
Data envio: 05/09/2017 13:16:08.539

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Carlos E. López Crespo, Teresa Egerique Mosquera, Marian García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Diego Calvo Pouso, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esta Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Pleno.**

O sector marisqueiro ten un peso socioeconómico moi importante en moitas zonas do noso litoral xa que é unha actividade que da emprego a moitos homes e especialmente a moitas mulleres da nosa costa.

O permiso de explotación é requisito fundamental para poder exercer esta actividade con todas as garantías. Sabemos que as prazas sempre se convocan despois de comprobar a súa viabilidade nos informes técnicos e sempre tendo en conta a compatibilidade e sustentabilidade dos recursos e os criterios socieconómicos.

Por todo isto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes cuestións:

-Cantos novos PERMEX foron convocados para este 2017?

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Carlos Enrique López Crespo na data 05/09/2017 13:11:39

Teresa Egerique Mosquera na data 05/09/2017 13:11:53

María Ángeles Garcia Míguez na data 05/09/2017 13:13:12

Alberto Pazos Couñago na data 05/09/2017 13:13:21

Diego Calvo Pouso na data 05/09/2017 13:13:37

Marta Rodriguez Arias na data 05/09/2017 13:14:05

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2017 13:16
Nº Rexistro: 15404
Data envio: 05/09/2017 13:16:08.539

María Soraya Salorio Porral na data 05/09/2017 13:14:21

Daniel Vega Pérez na data 05/09/2017 13:14:32

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com